simposio

Regnum totius Gallaeciae

O REINO MEDIEVAL DE GALICIA

ed. Anselmo López Carreira

X. M. Andrade Cernadas
Carlos Baliñas Pérez
Mariña Bermúdez Beloso
Mercedes Brea
Alexandra Cabana Outeiro
Pablo C. Díaz
Simon R. Doubleday
Martín Fernández Calo
Carlos Andrés González Paz
Alberto Lago Villaverde
Xosé Carlos López Bernárdez
Anselmo López Carreira
Antón Xosé Meilán García
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Xosé Ramón Pena
Héitor Picallo
Pegerto Saavedra
Jaume Sobrequés i Callicó
Ramón Yzquierdo Peiró

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

«REGNUM TOTIUS GALLAECIAE»
O REINO MEDIEVAL DE GALICIA

Simposio

«REGNUM TOTIUS GALLAECIAE» O REINO MEDIEVAL DE GALICIA

Relatorios

X. M. Andrade Cernadas
Carlos Baliñas Pérez
Mariña Bermúdez Beloso
Mercedes Brea
Alexandra Cabana Outeiro
Pablo C. Díaz
Simon R. Doubleday
Martín Fernández Calo
Carlos Andrés González Paz
Alberto Lago Villaverde
Xosé Carlos López Bernárdez
Anselmo López Carreira
Antón Xosé Meilán García
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Xosé Ramón Pena
Héitor Picallo
Pegerto Saavedra
Jaume Sobrequés i Callicó
Ramón Yzquierdo Peiró

SIMPOSIO

Regnum totius Gallaeciae

O REINO MEDIEVAL DE GALICIA

Deputación DA CORUÑA

19, 20, 21 e 22 de setembro de 2022
Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela

Curador científico
Anselmo López Carreira

Dirección de produción
Xosé Lois Vázquez Pérez

Relatorios
X. M. Andrade Cernadas
Carlos Baliñas Pérez
Mariña Bermúdez Beloso
Mercedes Brea
Alexandra Cabana Outeiro
Pablo C. Díaz
Simon R. Doubleday
Martín Fernández Calo
Carlos Andrés González Paz
Alberto Lago Villaverde
Xosé Carlos López Bernárdez
Anselmo López Carreira
Antón Xosé Meilán García
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Xosé Ramón Pena
Héitor Picallo
Pegerto Saavedra
Jaume Sobrequés i Callicó
Ramón Yzquierdo Peiró

Moderadora
Charo López

Concerto
Resonet
«Gallecianis resplendet. A música da Galicia medieval»
21 de setembro de 2022
Igrexa de San Domingos de Bonaval,
Santiago de Compostela

Realización da web
redeiras.net

Recepción e acreditación
Ledicia Álvarez, Tegra Vázquez
e Tesouros Novos / Xesús Borraxeiros

Redes, vídeo asistentes e coordinación en sala
Vítor Nieves

Fotografía congreso
Vítor Nieves, X. L. Vázquez

Imaxe corporativa
disigna edenia buldin

Imprenta Offset
Imprenta Provincial. Deputación da Coruña

Imprenta dixital e impresión da sinaléctica
ACero Plus, Ourense

Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, lingua de signos
FAXPG

Vídeo filmación e vídeo retransmisión ao vivo
J. Aragunde

Outra loxística
Viaxes El Corte Inglés
Hotel Compostela
Catering Albarín
Parking Caracas

Agradecementos
Estela Fernández e Alba Quintana, tradutoras de lingua de signos
Concha Losada, presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego
Manuel Vilar, director do Museo do Pobo Galego
M. Villar, xefe de mantemento do Museo do Pobo Galego

LIBRO

Edita
Deputación da Coruña

Responsable editorial
Anselmo López Carreira

Produción editorial
Xosé Lois Vázquez | **di**signa **edenia** & Difusora de Letras, Artes e Ideas

Deseño e maqueta
disigna **edenia** buldin

Tradución ao inglés
Clara Dacosta

© polos textos
X. M. Andrade Cernadas
Carlos Baliñas Pérez
Mariña Bermúdez Beloso
Mercedes Brea
Alexandra Cabana Outeiro
Xurxo Couto Rodríguez
Pablo C. Díaz
Simon R. Doubleday
Martín Fernández Calo
Carlos Andrés González Paz
Alberto Lago Villaverde
Xosé Carlos López Bernárdez
Anselmo López Carreira
Concha Losada Vázquez
Antón Xosé Meilán García
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Xosé Ramón Pena
Héitor Picallo
Pegerto Saavedra
Jaume Sobrequés i Callicó
Ramón Yzquierdo Peiró

© polas fotografías e outras imaxes de arquivo, as súas respectivas autorías e institucións [ver agradecementos]. Expresamente
Denís E. F.
Adolfo Enríquez
Margen, X. Muras
Martiño Picallo
Ficción Producións
E. Silva Moruja
Enrique Touriño
Xosé Lois Vázquez
Alba Vázquez Carpentier
Ramón Yzquierdo Peiró

© polos mapas e xenealoxías
Mariña Bermúdez Beloso
Martín Fernández Calo
Anselmo López Carreira

Agradecementos
Museo do Pobo Galego
Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Arquivo da Catedral de Santiago
Fundación Catedral de Santiago
Museo das Peregrinacións e de Santiago
Fundación Barrié
Consorcio de Santiago
Museu Nacional de Soares dos Reis, Porto
Mosteiro de Alcobaça
Archivo de la Catedral de Oviedo
Archivo Histórico Nacional, Madrid
Biblioteca Nacional de España, Madrid
Archivo Ducal de la Casa de Alba, Madrid
Bibliothèque Nationale de France, París
British Library, Londres

Imprime
Imprenta Provincial. Deputación da Coruña

ISBN 978-84-9812-416-3
Depósito legal: C 165-2024

Indice

Apertura

Xurxo Couto Rodríguez *p. 13*
Deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero
e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña

Concha Losada Vázquez *p. 15*
Presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego

Introdución

Anselmo López Carreira *p. 17*
Curador científico do simposio

Relatorios

1. Historiografía *p. 25*

Dúas historiografías contrapostas: España e Cataluña
Jaume Sobrequés i Callicó *p. 27*

O Reino de Galicia na heráldica europea
Héitor Picallo *p. 41*

Caderniño de imaxes a cor *p. 65*

2. Tardorromana e sueva *p. 79*

Reis antes do reino: arredor da entidade e pervivencia das xefaturas tribais galaicas ata o albor da idade media
Martín Fernández Calo *p. 81*

O Reino suevo de Gallaecia. Unha relectura das fontes
Pablo C. Díaz *p. 113*

3. Alta idade media p. 135

O reino de Gallaecia no contexto europeo
Alberto Lago Villaverde p. 137

Caderniño de imaxes a cor p. 163

Terras, condados, territorios:
recompoñendo un crebacabezas
Mariña Bermúdez Beloso p. 177

A arte na Galicia tardorromana e medieval,
desde a creación do reino ao ano 1000
Xosé Carlos López Bernárdez p. 201

4. Plena idade media p. 225

Unha historia de dúas fronteiras: as relacións
do reino de Galicia-León con Portugal e al-Ándalus
baixo a raíña Sancha e o rei Fernando [r. 1038-1065]
Simon R. Doubleday p. 227

A Gran Fenda. A desagregación do vello
«Regnum Gallaeciae» altomedieval e as orixes
da monarquía nacional feudal de Galicia
[1037-1139 e.c.]
Carlos Baliñas Pérez p. 249

En permanente reforma:
o monacato na Galicia medieval
X. M. Andrade Cernadas p. 269

A arte na era compostelá:
unha catedral para os reis de Galicia.
A alianza do *Regnum* e o *Sacerdotium*
para a configuración dun templo nacional
Ramón Yzquierdo Peiró p. 291

Caderniño de imaxes a cor p. 321

Galicia e a lírica trobadoresca
Mercedes Brea p. 365

Breve crónica da prosa medieval galega
Xosé Ramón Pena p. 389

5. Baixa idade media p. 403

Contribución á socioeconomía agraria da Galicia medieval: a viticultura heroica nas terras de Mondoñedo
Carlos Andrés González Paz p. 405

Vellas e novas liñaxes no Reino de Galicia [Séculos XIII-XV]
Eduardo Pardo de Guevara y Valdés p. 429

O lexitimismo galego entre Portugal e Inglaterra [Século XIV]
Anselmo López Carreira p. 453

Caderniño de imaxes a cor p. 481

Pardo de Cela e o Estado Moderno
Antón Xosé Meilán García p. 497

6. Fin do Reino p. 519

As Xuntas de Galicia e o final do Reino. Do século XVI á década de 1830
Pegerto Saavedra p. 521

7. Unha reflexión final p. 553

Unha modesta proposición: transcribir mil documentos medievais galegos
Alexandra Cabana Outeiro p. 555

Curricula Vitae p. 565

APERTURA DO SIMPOSIO

Museo do Pobo Galego. 19 de setembro de 2022

Xurxo Couto Rodríguez
Deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero
e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña

Concha Losada Vázquez
Presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego

Bo día a todas e a todos.

Hoxe é un día transcendental para a nosa historia. Este 19 de setembro de 2022 damos inicio ao primeiro Congreso sobre o Reino de Galicia que se celebra, no que levamos traballando todo o ano e sobre o que levamos dicindo, tamén todo o ano, que nos fai sentir especialmente orgullosos.

En primeiro lugar, polo motivo que acabo de mencionar: por ser o primeiro que se celebra sobre a nosa época medieval enfocada no seu conxunto; esa realidade que a pesar do seu esplendor e das evidencias históricas de todo tipo, foi relegada pola historiografía oficial e pasada por alto nos materiais educativos e divulgativos.

En segundo lugar, porque este Congreso é un paso máis na liña de traballo que desde a Área de Cultura da Deputación da Coruña puxemos en marcha en relación á historia medieval do noso país e á divulgación social do Reino de Galicia. Neste sentido, non podo deixar de facer referencia, unha vez máis, á convocatoria de proxectos culturais centrados nesta temática, unha convocatoria exitosísima, á que se presentaron máis de cen proxectos, o que evidencia que existe unha gran demanda social, cultural e académica para participar en iniciativas deste tipo.

E en terceiro lugar, porque este primeiro congreso nace xa con vocación internacional, para difundir a nosa historia medieval e achegar visións cun enfoque moi amplo e abordando unha gran diversidade de disciplinas. Durante catro xornadas este Museo do Pobo Galego acollerá a relatores e relatoras de prestixio que chegan desde universidades de diferentes lugares como Nova York, Salamanca, Oviedo, Barcelona ou Santiago de Compostela.

Desde a área de Cultura da Deputación da Coruña estamos firmemente convencidos da necesidade de que todas as sociedades deben coñecer o seu pasado para poder recoñecerse no presente. Se non sabemos de onde vimos, temos amputada unha parte do que somos. E nós queremos contribuír, con humildade pero con determinación, a que a sociedade galega coñeza mellor o pasado do país e a historia social e política do que foi Galicia ao longo dos séculos.

Chegou o momento de poñer fin á ignorancia da existencia do Reino de Galicia. Non se trata de reconstruír a historia, nin moito menos. Trátase de exercer o dereito a saber de nós, de poder estudar e investigar, desde o rigor e o compromiso científico, a historia dun período absolutamente central para o noso país, como é a época medieval. A época da lírica galego-portuguesa; a época da construción da catedral de Santiago; a época dos reis e raíñas enterradas no Panteón Real Galego, que agarda aínda hoxe dentro da Catedral de Santiago de Compostela a ser musealizado como corresponde; a época de Xelmírez; a época do esplendor cultural e artístico da Gallaecia medieval.

A min non me queda máis que desexar que estas catro xornadas que temos por diante sexan frutíferas e cumpran con todas as expectativas e, por suposto, agradecer ao Museo do Pobo Galego que nos dea acubillo durante esta semana e aos comisarios e a todo o seu equipo que levan moitos meses traballando arreo para que este Congreso sexa, por fin, unha realidade.

Moitas grazas.

Xurxo Couto Rodríguez

Deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

Foi unha honra acoller na nosa casa a realización do congreso «Regnum Totius Gallaeciae. O Reino medieval de Galicia» e a todos e todas as participantes. Un congreso cun amplo programa de traballo sobre aspectos dun tempo histórico tan importante como foron os séculos medievais en Galicia. Estamos ben orgullosos e agradecidos de que nos tivesen elixido como lugar para se reunir, porque atende tamén aos nosos obxectivos e expectativas.

Nos últimos anos o Museo do Pobo Galego apostou decididamente por mostrar entre as súas paredes, nunha serie de salas específicas, a Historia de Galicia. Esta aposta dos nosos predecesores está agora en pleno proceso de desenvolvemento.

Buscar espazos, recursos, equipamento, darlles vida e programar actividades ao redor delas non é tarefa doada e require dun esforzo inxente de parte do noso persoal que, ás veces, pode sentir que non o lograremos. Pero habémolo facer. Estámolo facendo. Cada vez que temos ocasión, agradecemos as achegas das entidades, organismos e institucións que nos dan apoio económico; do profesorado, investigadoras e investigadores que nos asesoran, así como das visitas que nos inspiran.

A celebración do congreso no Museo do Pobo Galego foi unha magnífica oportunidade para contactar con especialistas do mundo medieval, porque do seu traballo, independente e fondo, recibiremos os resultados que irán conformando o que sabemos do noso pasado e o que expoñeremos como museo para dalo a coñecer á cidadanía.

Porque este Museo, igual que posúe unha colección, ten detrás de todas as súas actividades, permanentes ou temporais, un ideario coñecido para

toda persoa que entra, e non oculta de quen vén, nin de que tipo é a información que recibe a persoa visitante. Desde sempre, tratamos de levar ao público as achegas mais solventes.

A publicación destas Actas cumpre coa obriga de divulgar os resultados científicos alcanzando a chegar ao maior número posible de persoas da sociedade que somos e que nos sostén.

Concha Losada Vázquez

Presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego

INTRODUCIÓN

Anselmo López Carreira
Curador científico do simposio

Hai novecentos once anos [e dous días] –conforme a cronoloxía máis aceptada– celebrábase preto de aquí, na catedral [aínda inacabada] e no pazo episcopal, a coroación solemne como rei de Galicia do infante Afonso Raimúndez, un neno de apenas seis anos. O acto era resultado da confluencia de obxectivos das máis altas instancias do poder en Galicia: o episcopado e a alta nobreza condal. A cerimonia, narrada na *Historia Compostelá*, aparece ostentosamente dirixida polo bispo Xelmírez [non era aínda arcebispo] e o conde de Traba, Pedro Froilaz, cuxos fillos ocupan postos de relevo. O documento reporta información moi valiosa sobre os sucesivos momentos do *ordo* de coroación, desde a recepción, pasando pola unción e a coroación, ata o banquete final:

Historia Compostelá

> *«levaron a Santiago con grande e nobre cortexo e en medio da alegría de todos ao infante que ía reinar. E o bispo, vestido de pontifical, e os outros clérigos convenientemente revestidos cos ornamentos eclesiásticos, recibírono en gloriosa procesión. Tomándoo o pontífice, conduciuno con ánimo gozoso ante o altar de Santiago apóstolo e alí, conforme as normas dos cánones, unxiuno como rei, entregoulle a espada e o cetro e, coroado coa diadema de ouro, fixo sentar ao xa proclamado rei na sede pontifical. Logo, unha vez celebrada a misa solemnemente conforme o acostumado, levando o novo rei ao seu pazo, o bispo invitou a todos os próceres de Galicia ao convite rexio, no que o clarísimo conde Pedro foi dapífero rexio e o seu fillo Rodrigo, como alférez, sostivo a espada do rei, o escudo e a lanza, Munio Páez presentaba ao rei os manxares e Bermudo Pérez mandaba servir en todas as mesas viño e sidra en abundancia, E así, saciados todos, pasou aquel día entre himnos e cánticos de alegría».*
>
> [*HC*, Lib. I, Cap. LXVI]

1. [Ver p. 65] «Ermericus rex» [Corpus Pelagianum [s. XII], BNE, ms. 1513, f. 26v]

Non faltan documentos que mencionen a coroación, a elevación ao trono ou a unción de reis en Galicia; non é tampouco, nin moito menos, a primeira vez que se fale dos reis ou do reino de Galicia, mais non posuímos ningunha outra descrición tan detallada. Por iso pareceu oportuno facer coincidir a convocatoria deste evento con esa efeméride.

A primeira mención a reis remonta ao momento mesmo en que en Galicia, na aínda *provincia* romana de *Gallaecia* [quedábanlle ao Imperio máis de sesenta anos de existencia], se funda un reino, no ano 410, baixo o goberno do *rei Hermerico*. [IMAXE 1]

2. [Ver p. 66] Moeda de Requiario «ivssv richiari reges» «por orde do rei Requiario» [BnF, mon. E.2770]

Había rei en Galicia e había, por tanto, reino; mais non era en puridade *reino de Galicia*, senón máis ben un reino dos suevos en Galicia. A situación é xa distinta tan só unhas décadas despois, desde que ascende ao trono o seu neto Requiario, no ano 448, e asume competencias de poder público, como a de emitir moeda no seu propio nome, coa lenda explícita «IVSSV RICHIARI REGES» [«POR ORDE DO REI REQUIARIO»]. [IMAXE 2]

Cen anos despois, cando as referencias documentais a Galicia reaparecen tras un longo silencio, o panorama que poñen ante os nosos ollos xa é, certamente, o dun reino galego, e así o manifestan os que o contemplan desde fóra. Quen o fai de maneira máis explícita é o franco Gregorio de Tours, que percibe a fusión entre suevos e galaicos con tal perspicacia que chega a falar da comunidade dos *gali-suevos* [«DE GALLIS SUABIS»], sobre a que goberna un rei de Galicia, «Chararici cuiusdam regis Gallaeciae»,

> «DE GALLIS SUABIS
> ... Chararici cuiusdam regis Gallaeciae»
> «Sobre os gali-suevos
> ... un tal rei Carriarico de Galicia»
> [Gregorio de Tours, *De virtutibus Sancti Martini episcopi*, Lib. I, cap. 11, «De Gallis Suabis». BnF, NAL 1712, ff. 61-62]



3. [Ver p. 66] «Mirus rex galliciensis legatos ad gunthramnum regem direxit» «Miro, rei galego, envía legados ao rei Gontrán» [Gregorio de Tours, Historia Francorum, Lib. V. BnF, Lat. 17655, f. 76v (perg. dos sécs. VIII-IX)]

e máis tarde o seu neto, Miro, *rei galego*. [IMAXE 3]

A desaparición do reino galego dos suevos no ano 585 e as sucesivas continxencias que supoñen a fase visigoda e a irrupción do Islam [e sobre todo a falta de fontes escritas], non por iso interrompen a consideración de Galicia como reino. Unha oportuna mostra diso ofrécenola precisamen-

4. [Ver p. 66] ano 832 «Ego ... Adefonsus rex ... postquam auxiliante deo regni tocius Gallecie ... suscepit culmen ... placuit animo meo ut solium regni Oveto firmarem...»[Tombo Vello de Lugo, AHN, Cód. L. 1043, f. 7r]

te un dos primeiros documentos altomedievais, unha das denominadas *Crónicas Asturianas*, de finais do s. IX, que retrotrae referencias ata os momentos finais do reino visigodo, segundo a cal, no ano 687 o rei «Exica fixo partícipe do goberno ao seu fillo Vitiza, e mandoulle que tivese o reino dos suevos».

> «ERA DCC XX Vª [ano 687]
>
> Egica ... filium adolescentem nomine Uitizanem ... in uita sua in regno participem fecit, et eum in Tudensem ciuitatem abitare precepit, ut pater teneret regnum gotorum et filius sueuorum».
>
> [*Crónica de Afonso III*, códice Rotense [fins do século IX]. BNE, ms 8831, f. 158r (códice do século XII)]

5. [Ver p. 67] s. X «Veremudus regnans Gallecie. signvm veremvdi regis gallecie» [Cartulario de Caaveiro. AHN, Cód. L. 1439, f. 9]

En efecto, desde os máis antigos textos altomedievais que conservamos [e non ven agora ao caso discutir a súa autenticidade] ata o remate da Idade Media, un considerable volume documental é unánime na referencia a Galicia como reino. Por poñer algúns exemplos, desde as discutidas doazóns ás igrexas de Lugo e Oviedo no ano 832 realizadas polo «rei Afonso, despois de acceder coa axuda de Deus ao cumio do reino de toda Galicia» dispoñendo que «o solio do reino se asegurase en Oviedo», [IMAXE 4] ou a carta na que o papa Xoán VIII, no ano 876, responde a Afonso III, *glorioso rei das Galicias*, solicitándolle de paso o envío de cabalos,

6. [ver p. 67] ano 1025 «Imperator domnus Bermundus in Gallicia» [Cartulario de San Juan de la Peña. AHN, C. 696, f. 7]

> ca. 876
>
> «Iohannes episcopus servus servorum dei dilecto filio Adefonso glorioso regi Gallitiarum»
>
> [ACOv, 11. *Liber Testamentorum*]

pasando por un documento do *Cartulario de Caaveiro*, do século X, subscrito por *Bermudo* [II]*, rei de Galicia* [IMAXE 5] ou unha doazón que concede, xa no século seguinte e ben lonxe de Galicia, o rei Sancho *o Maior* de Navarra, cando era *emperador don Bermudo* [III] *en Galicia*, [IMAXE 6] ou a de Urraca á catedral de Lugo en 1109, nada menos que en calidade de *emperatriz de toda Galicia* [IMAXE 7] así como as subscripcións dos monarcas Fernando II e Afonso VIII, entre os séculos XII e XIII, titulándose reis de

7. [ver p. 68] «Ego infanta Urracha ...tocius Gallecie imperatrix» [Tombo Vello de Lugo. AHN, Cód. L. 1043, f. 16v]

8. [Ver p. 69] ano 1214 [era 1252] «Data in Crunia» «SIGNUM ADEFONSVS REGIS LEGIONENSIUM ET GALLECIE» [Cartulario de Caaveiro. AHN, Cod. L. 1439, f. 4] ano 1232 [era 1270] «SIGNUM ADEFONSVS REGIS LEGIONENSIUM ET GALLECIE» «SIGNUM FERRANDI DEI GRA[TIA] REGIS CASTELLE ET TOLLETI, LEGIONENSIVM ET GALLECIE»

9. [Ver p. 70] «... o reyno de Gallisia he hun dos quatro reynos prinçipaas contenidos enna dita coroa ... et devía [o rei] mandar chamar aos procuradores da çidade de Santiago, como cabeça do dito reyno de Gallisia, et outrosy os procuradores das ditas çíbdades do dito reyno de Gallisia para ... faser repartimento dos ditos pedidos e asy por elles fosen outorgados» [AHPOu, Concello, IV, 24129/01, f. 188r]

Galicia e de León, e as posteriores á unión de 1230, nas que se engaden os reinos de Castela e Toledo, como lemos nun diploma procedente tamén de Caaveiro no que se reproducen os selos de Afonso VIII e de Fernando III, [IMAXE 8] ata o final da Idade Media, no s. XV, como aquel documento, do ano 1456, no que se reivindica a importancia do reino de Galicia dentro do conxunto da coroa de Castela e se protesta pola ausencia de representantes da cidades galegas para tratar os temas tributarios [*pedidos*] que lle competen: [IMAXE 9]. En realidade, e como xa se ten repetido, Galicia mantivo a condición de reino, por máis baleira de contido que estivese desde os inicios do Antigo Réxime, ata a reforma da administración territorial de 1833, en que se dilúe en catro provincias.

Malia tan delongada e suficientemente documentada historia, a existencia do reino galego medieval foi esvaecendo paulatinamente conforme o país ficaba máis integrado [ou absorbido] nas estruturas da Monarquía Hispánica, ata o punto de chegar un momento en que os historiadores non atinaban a poñerlle nome exacto ao conxunto do reino medieval cristián. Así, desde o nacemento da moderna historiografía, no século XIX, foise impoñendo unha narración na que o reino de Galicia só aparecía de maneira efémera, gobernado por uns reis que se daban en denominar *privativos de Galicia*, como un fenómeno excepcional e un tanto anormal, unha paréntese na dominante secuencia de reis *leoneses*.

Non por iso a memoria se extinguiu por completo en ningún momento. Sobreviviu na *Relación* de Vasco d'A Ponte, de principios do s. XVI, na *Descripción del Reyno de Galizia* do Licenciado Molina, de 1550, ou nas *Armas y triunfos*, de Felipe de la Gándara, de 1662, entre outros, ata que no século XIX, cando nace a historiografía contemporánea, Vicetto, Murguía e López Ferreiro dan os primeiros pasos na recuperación, mesmo na reivindicación, da nosa historia medieval, un proceso que, infelizmente, non experimentou unha evolución progresiva, senón con continuas interrupcións e retrocesos para, como o manto de Penélope, voltar a comezar.

Por fortuna, a renovación experimentada a partir dos anos setenta do pasado século no campo dos estudos históricos foi proporcionando os especialistas e o material precisos para profundizar e afinar a historia de Galicia en xeral, dentro da cal vai emerxendo a dimensión do reino medieval. Recentemente diversas obras de investigación e ensaio suscitaron un crecente interese polo tema, tanto no ámbito académico como na súa proxec-

ción social, entre as que é obrigado citar as de Xosé Antonio López Teixeira, Camilo Nogueira e Francisco Rodríguez, así como na que eu mesmo colaborei, xunto co prof. Xosé Miguel Andrade, cuxa favorable acollida por parte do público denota a xeneralizada ansia que todos temos por coñecer o noso pasado colectivo. [imaxe 10]

Velaquí o obxectivo deste encontro: lonxe de presentar un memorial de agravios ou de lamentar o pasado, quixéramos que os enfoques acometidos desde posicións diversas e a base de observacións monográficas servisen para deseñar unha panorámica global capaz de aproximar a imaxe máis fiel posible do que foi aquel reino.



10. [ver p. 74] Cartel do simposio. 50 x 70 cm, Disigna Edenia SL

Un reino, por descontado, que non se axustaba ao territorio da Galicia actual. Por iso escollemos a textual cita documental de *Regnum totius Gallaeciae*: non para imaxinar improbables grandezas pasadas, senón para lembrar que a Galicia de hoxe procede daquela outra Galicia ou Gallaecia, e sabendo que toda pretensión de reverter o curso da historia é un anacronismo imposible.

Ao ser esta unha iniciativa novedosa, pareceu conveniente adoptar un marco cronolóxico moi dilatado [desde a baixa romanidade ata o século XIX] e dar cabida a temáticas variadas. Polo imperativo categórico dos medios e do tempo [e tamén polas propias limitacións da persoa a quen foi encomendada a organización deste Congreso], fican fóra múltiples aspectos e tamén especialistas cos que non se puido contar.

É de agradecer e celebrar que unha institución pública, neste caso a Deputación da Coruña, e as persoas da mesma, particularmente Xurxo Couto, Manuel L. Foxo e Xavier Campos, así como os funcionarios das áreas de Cultura e Facenda implicados, tivesen a feliz iniciativa de idearen, patrocinaren e faceren posible a celebración deste 'Congreso *Regnum totius Gallaeciae*. O reino medieval de Galicia', e que o Museo do Pobo Galego tivese a ben acollelo.

Se o evento contribúe a chamar a atención dos estudosos e a satisfacer a necesidade que todos temos de coñecer o noso pasado colectivo, o balance será positivo.

1

Historiografía

Dúas historiografías contrapostas: España e Cataluña

Jaume Sobrequés i Callicó

RESUMO. Existe un divorcio, aínda hoxe irreconciliable, entre unha historiografía española na que o pasado catalán ocupa case sempre un carácter marxinal e unha historiografía catalá que non logra inserir o seu relato dentro do ámbito peninsular.

O presente relatorio tenta mostrar as causas e o proceso evolutivo desta situación, mostrando os exemplos máis significativos do centralismo españolista e a comprensible actitude defensiva da parte catalá, mais tamén resaltando as escasas excepcións e os esforzos recentes para superar o divorcio.

RESUMEN. Existe un divorcio, aún hoy irreconciliable, entre una historiografía española en la que el pasado catalán ocupa casi siempre un carácter marginal y una historiografía catalana que no logra introducir su relato en el ámbito peninsular.

Esta ponencia intenta mostrar las causas y el proceso evolutivo de esta situación, mostrando los ejemplos más significativos del centralismo españolista y la comprensible actitud defensiva de la parte catalana, pero también resaltando las escasas excepciones y los esfuerzos recientes para superar el divorcio.

ABSTRACT. There is a divorce, yet today irreconcilable, between a Spanish historiography in which the Catalan past almost always occupies a marginal character and a Catalan historiography that does not manage to introduce its story in the peninsular sphere.

This lecture tries to show the causes and the evolutionary process of this situation, showing the most significant examples of Spanish centralism and the understandable defensive attitude of the Catalan side, but also highlighting the few exceptions and the recent efforts to overcome the divorce.

Dúas frontes dun secular combate historiográfico

Secular, porque é difícil precisar o momento no que comezou. Os campos, porén, están ben delimitados dende case sempre. O divorcio foi e é aínda hoxe irreconciliable. Os esforzos por reencontrarse foron inútiles e case sempre fracasaron. A boa disposición da historiografía castelán-española foi inexistente. Por parte catalá, moi esporádica.

Cal é o problema? Pódese resumir en dúas preguntas. Cando os historiadores españois incorporaron de forma ponderada e harmónica nos seus relatos históricos o contido dos traballos eruditos producidos en Cataluña e nos países cataláns polos historiadores destes ámbitos? E, cando e con que quixeron os historiadores cataláns inserir o seu relato do pasado dentro do ámbito peninsular, co que se relacionaron ao longo dos séculos?

Tendo en conta que, neste asunto, as forzas do «combate» foron bastante desiguais, a posición catalá é máis comprensible, porque sempre tivo que xogar en inferioridade. Enténdese, polo tanto, a «queixa» catalá ao constatar que o relato dos profesionais españois no que afecta ao pasado catalán tivese case sempre un carácter marxinal e residual, fóra de algunha excepción á que me referirei.

Os exemplos concretos de cada unha das partes son, no caso español, tan infinitamente numerosos, que renuncio a ofrecer unha referencia moito máis explícita.

Farei algunhas excepcións aclaratorias. Un dos exemplos máis significativos do centralismo españolista da análise histórica peninsular, aquel que revela a versión contemporánea máis agresiva do propósito de facer unha historia de España de costas, menosprezándoo, ao pasado catalán, tan de-

cisivo en moitos momentos dos séculos anteriores, é a colección de artigos publicados na revista *Arbor* a comezos da década dos cincuenta do século XX. A obra apareceu en Madrid en 1953 baixo o título de *Historia de España*. Para os autores do volume, unha mestura de falanxistas e opus deístas, moitos deles historiadores notables, non se mencionan case nunca nin Castela [só nun artigo] nin Cataluña, nin Valencia, nin Navarra. Só existe *España*. Fálase das «lendas gregas sobre España», do «imperio medieval español», do «humanismo español», da «decadencia española», do «pensamento español do Despotismo Ilustrado», da «revolución burguesa do século XVIII español», da «teoría política do Estado español nas Indias», de «España e a caída de Napoleón». [Publícase aquí un artigo dun extremeño catalanizado, Olivar Bertrand, sobre Prat de la Riba]. A apoteose españolista aparece na sección *Valoraciones actuales de la historia de España*. Trátase de capítulos reservados maioritariamente aos historiadores do Opus Dei: «El concepto contemporáneo de España», «Sobre el ser de España», «Razón de España en el mundo moderno», «Nuevas cuestiones científicas sobre la unidad de España» [«obra mestra» do falanxista Martín Almagro], «Sobre lo castellano y España», e «España sin problema». Todo un tratado de historiografía caduca, mesmo no contexto no que foi elaborado.

Mención especial merece o pensamento historiográfico non menos españolista do eminente historiador e lingüista Ramón Menéndez Pidal [1869-1969]. Dous dos seus traballos son testemuño diso, a monumental *Historia de España* [desde 1947], que dirixiu e en parte escribiu, e o ensaio *Los españoles en la historia* [1947, reeditado en numerosas ocasións; a de 1982, de Espasa-Calpe, leva un estudo introdutorio de Diego Catalán].

Estas obras respiran unha concepción historiográfica castelán-centrista, herdada e compartida polos grandes historiadores Américo Castro e Claudio Sánchez Albornoz. Menéndez Pidal defendeu sen ningunha limitación nin matiz a existencia da unidade de España desde a época visigoda. Arremeteu sen piedade contra os historiadores cataláns, aos que acusou de tentar descastelanizar a historia de España, o que deu lugar ás respostas críticas de eminentes historiadores cataláns, como Pere Bosch i Gimpera, Vicens Vives ou Ferran Soldevila.

Menéndez Pidal acusou á historiografía catalá de utilizar «unha terminoloxía anacrónica e enfática». Negou que coa unión dinástica de Aragón e Cataluña existise un Estado catalán independente, e criticou a termino-

loxía Confederación Catalano-Aragonesa, «ao que sempre se chamou simplemente reino de Aragón», e engadiu «non se pode pensar que o a historia de Cataluña ven equivocada e mal feita desde hai séculos, senón que son os nacionalistas os que a escriben equivocadamente desde hai corenta anos; son eles os que entenden mal a Cataluña; [...] son os separatistas os que loitan contra a historia querendo vivir sós, «Nosaltres sols!», cando Cataluña nunca quixo vivir soa, senón sempre unida en comunidade bilingüe con Aragón ou con Castela». Este discurso tiña un toque bensoante na España franquista dos anos 40.

Referinme antes á existencia de precedentes excepcionais desta forma de explicar a historia peninsular que, por distantes, non deixan de ser significativos. O castelán Henrique Flórez de Setien, na súa monumental *España Sagrada* [1747-1775], incluíu a historia de Cataluña en varios volumes da obra. Por proximidade persoal, e como exemplo, debo citar o volume XLIII, tomo LXXXI [Madrid, 1819], dedicado a *La Santa Iglesia de Gerona en su estado antiguo* [Este volume foi realizado polo sucesor da obra de Flórez, Antolín Merino].

Con moita xenerosidade e a risco de equivocarme, atreveríame a mencionar o caso de Joan Francesc de Masdeu i de Montero [1744-1817], quen na súa extensa *Historia crítica de España y de la cultura española* [desde 1781], malia a súa españolidade doente, dignouse a aceptar a diferenza lingüística entre unha Iberia inexistente [a provincia Tarraconense] e unha tal Bética-Lusitania, para referirse a España.

Outra excepción de moito maior relevo é a obra do valenciano Jaume Villanueva i Astengo [1765-1824], que dedicou a Cataluña varios volumes do seu excepcional *Viaje literario a las Iglesias de España* [Madrid, entre 1902 e 1951], a Cataluña [XI -XI. Urgell [1821-1850], XIII-XIV Girona [1850], XV Girona e Roda [1851], XVI Lleida [1851], XVII Lleida e Barcelona [1851], XVIII Barcelona [1851], XIX Barcelona e Tarragona [1851], XX Tarragona [1851] e XXI-XXII Mallorca (1851-1852)].

No mesmo sentido, chamoume poderosamente a atención, cando investigaba unha presenza de peso do pasado catalán en obras profundamente españolas, o caso do *Compendio de Historia de España* do que é autor o membro da Real Academia Española, Ricardo Beltrán y Rózpide. Publicouse en Madrid en 1911, na Imprenta del Patronato de Huérfanos de la Admi-

nistración Militar. Axudaría a poñer en valor a extensa dedicación do autor ao pasado catalán e á permanente individualización que fai da historia de Cataluña en relación coa de Castela, Navarra ou Aragón, amosar algúns trazos da personalidade do autor e o obxectivo que tiña o seu traballo. Tratábase dun manual, presentado en forma de sucesivas leccións, premiada nun concurso público pola Dirección General de Instrucción Militar, e, en consecuencia, declarada como texto para o ingreso na Academia General Militar ao abeiro das Reais Ordes de 28 de xuño de 1884 e 12 de febreiro de 1891. Poucos anos despois, a Real Orde do 18 de xaneiro de 1899 estableceuna como texto das academias rexionais preparatorias para o ingreso nas Academias Militares.

Polas páxinas do libro de Beltrán transitan todos os acontecementos clave da historia de Cataluña, dende a época condal –non falta a puntual relación de todos os Berenguers e Borrells–, nin ningún dos episodios máis significativos, como o as guerras dos Segadores e de Sucesión. Constátase a exasperación dos cataláns pola política de Olivares ou a represión de Felipe V contra Cataluña tras a derrota de 1714. Por outra banda, a entrada das tropas castelás no Toledo islámico [1085] non foi unha «reconquista», senón unha «conquista», como defende boa parte da máis esixente historiografía catalá contemporánea. [Isto, fóra do ámbito catalán]. Beltrán, porén, como toda a historiografía española de sempre –tamén da actual; neste aspecto non hai diferenza– «o Reino de Aragón» designa a realidade histórica do Principado, do Reino de Valencia e dos demais estados da confederación.

Influíu nesta posición o feito de Beltrán ter nacido en Barcelona en 1852? A súa madrileñización, porén, foi intensa ata o punto de que hoxe conta cunha rúa dedicada na capital de España. Como mérito engadido, non podemos esquecer que Beltrán, en desacordo coa historiografía oficial española, puxo en dúbida a orixe xenovesa de Colón, inclinándose por manter que procedía de Galicia.

Outra posición excepcional da historiografía española en relación co pasado catalán é o que cómpre atribuír ao catalán de orixe –naceu en Santpedor, na comarca do Bages– Bernardo Espinal y García, que despois de exercer un alto cargo en Madrid sería nomeado Administrador de Correos de Valencia. Espinal era funcionario Correos de Madrid e socio de número da Sociedad Económica Matritense de Amigos del País. Foi autor, a finais

do século XVIII, dunha obra impoñente, en varios volumes, na que dedica especial atención ao pasado catalán. O seu título é altamente significativo: *Atlante Español, o descripción general geográfica, cronológica e historica de España, por Reynos y Provincias: de sus ciudades, villas y lugares más famosos: de su población, ríos, montes, etc. Adorna con estampas finas, que demuestran las vistas, perspectivas de todas as cidades: trages propios de cada Reyno: blasones que les son particulares*. A obra, publicada en Madrid en 1781, dedica o tomo VI a El Principado de Cataluña.

Malia o valor histórico de obras como estas, debemos consideralas unha excepción dentro do panorama historiográfico español contemporáneo.

Entre as grandes obras eruditas producidas en Cataluña, pero que non poden virar as costas á realidade española, cumpriría mencionar a excepcional *Historia del derecho de Cataluña, especialmente civil, y exposición de las Instituciones del derecho civil del mismo territorio en relación con el Código Civil de España y la jurisprudencia*, publicada en 1918, da que foi autor o eminente xurista Guillem Maria de Brocà i de Montagut [1850-1918].

Máis aló destas mostras, nas que as grandes obras referidas, [todas elas publicadas en Madrid e o *Viaje* pola Real Academia de la Historia], fan referencia ao pasado catalán –estamos no século da Ilustración–, o groso da historiografía catalá do século XIX –aquilo que frecuentemente se cualificou como historia romántica, menosprezando os seus méritos políticos, culturais e, tamén, historiográficos–, viviu de costas ás correntes eruditas españolas, ata o punto de que as referencias aos eventos españois –grandes e pequenos– destacan pola súa ausencia. Vou dar algunhas mostras significativas; a modo de exemplo.

Comecemos por Pròsper de Bofarull i Mascaró [1777-1859] e as súas obras *Los condes de Barcelona vindicados y cronología y genealogía de los reyes de España considerados como soberanos independientes de su marca* [1836] e o inicio da súa moi utilísima *Colección de documentos inédios del Archivo General de la Corona de Aragón* [1847-1859], continuada por Manuel de Bofarull [1859] e por Francesc de Bofarull [1910].

A primeira historia cualificada de maneira unánime como «romántica» foi a publicada por Víctor Balaguer [1824-1901] co título *Historia de Cataluña*

y de la Corona de Aragón [1860-1863], en realidade só unha historia de Cataluña, obra á que, malia a falta de rigor do relato de varios acontecementos do pasado catalán, é preciso outorgarlle un alto valor simbólico, pois foi a primeira historia xeral de Cataluña do século XIX. O subtítulo da obra é dabondo explícito da finalidade que levou a Balaguer a redactala: «[...] escrita para dar a coñecer ao pobo, lembrándolle os grandes feitos dos seus devanceiros en Virtude, Patriotismo e Armas, e para difundir entre todas as clases o amor ao país e a memoria das súas glorias pasadas». En relación co tema que nos ocupa, é preciso ter presente que Balaguer se mantivo afastado da historia española.

Denunciaba, por primeira vez de forma explícita, que se fixese sinónima a historia de Castela coa de toda España, porque España era, para Balaguer, «un conxunto de diversas nacionalidades». Por iso, «a historia particular, especial, das diferentes nacionalidades que hoxe conforman o núcleo da patria común, merece ser estudada moi demoradamente». Balaguer censuraba o centralismo, que era «a morte política de España».

A defensa das «provincias» como sinónimo e substituto da existencia das diversas nacionalidades queda patente na introdución da súa obra cando escribe: «Este carácter especial, esta marcada fisionomía das provincias, que non esqueceron aínda nin poden esquecer que foron nacións, este por algúns chamado provincialismo ou de patria, de nación, de historia, isto, digo, bótase en falta a cada paso nas relacións políticas das actuais provincias co poder de Madrid».

Insistindo no feito diferencial entre Cataluña e España, Balaguer sinalaba os factores que hai que ter en conta no relato histórico: «ademais das [crónicas] xerais de España, un sistema de goberno peculiar, unha constitución axeitada aos seus costumes, usos e industria, un idioma con todas as condicións de tal... e unha historia ininterrompida durante seis séculos, de liberdade constitucional, como non a ten mellor nin Inglaterra».

Esta vontade de Balaguer de «comprometer» a historia de Cataluña coa de España levouno a publicar, en 1885, unha versión castelá ampliada e corrixida da súa obra de 1860. Foi un xesto significativo, que respondía ao desexo de que a historia de Cataluña se coñecese en España. Intento sen resultados tanxibles.

Tamén en castelán, en 1876-1878, o historiador, arquiveiro e literato Antoni de Bofarull i de Brocà [1821-1872] publicou os nove tomos da súa *Historia crítica [civil e eclesiástica] de Cataluña*. Aínda que referida case unicamente ao pasado catalán, Bofarull fai ampla referencia ás historias de España que ata entón se publicaran, como a *Historia de España* do padre Juan de Mariana [1780], ou a máis afastada *Crónica universal de Cataluña*, de Jeroni Pujades [1609].

Dezaseis anos despois da aparición da citada obra de Balaguer, entre 1876 e 1878, Antoni Aulèstia i Pijoan [1849-1908] publicou, agora xa en catalán, a súa *Història de Catalunya*. A denuncia de Aulèstia en relación co contido das historias de España exprésase con contundencia cando «fai referencia» [xa o escribín noutro lugar] «á suposta unidade de España baixo os Reis Católicos, que as historias daqueles anos daban como feito incuestionable». No capítulo «Idea errònia sobre a unitat espanyola. Continua la separació d'Aragó y Castella», escribe, cando fala das consecuencias da voda de Isabel e Fernando, que «non se verifica, a pesar do dito e repetido polos modernos ['modernidade' que chegou en plena forma deica hoxe], a unidade española. Non hai ningunha lei, ningunha disposición común a ambos os reinos [...], os pobos de Castela son tan independentes dos de Aragón [Coroa de Aragón] como antes. [...] Cómpre, pois, facerse cargo, para xulgar en xeral o carácter desta época, de que a división entre o reino de Castela e o de Aragón continúa do mesmo xeito que durante os séculos anteriores». O erro histórico tivo longa vida e chegou con gran vitalidade ata a historiografía actual, incluso a máis solvente.

De costas tamén á realidade histórica peninsular temos que situar o breve *Compendi de la història de Catalunya*, publicado en 1898 polo político e pensador Enric Prat de la Riba [1870-1917], destinado a «dar a coñecer Cataluña e querela, e ensinar coa sinxela relación dos feitos onde está a fonte dos males que a aflixen».

Cara á ruptura do divorcio

Unha importancia fundamental para o propósito da miña exposición foi a rica e complexa personalidade do historiador, avogado e novelista Joan Cortada i Sala [1805-1868], un dos primeiros pensadores e estudosos cataláns que inseriu nun conxunto bastante equilibrado a historia de Catalu-

ña dentro do conxunto do pasado español. A esta intención responde a súa obra *Cataluña y los catalanes*, publicada en 1860, recollendo artigos anteriores aparecidos en *El Telégrafo*.

Cortada foi tamén autor de obras que revelaron o seu interese máis universal, como *El Mundo. Historia de todos los pueblos* [1840], o *Compendio de historia universal* [1852] e o *Compendio de historia universal y particular de España* [1864]. Tamén lle debemos dous libros salientables sobre o pasado español: *Historia de España, desde los tiempos más remotos hasta 1839* [1841-1842], e o manual escolar *Lecciones de historia de España* [1845]. Como escribiu Antoni Gavaldà Torrents en 2003, a *Historia de España* de Cortada «ofreceu unha visión heteroxénea de España, plural, construída desde unha perspectiva iberista, nada uniforme. Non identificou Castela con España, xa que entendía a historia de España como un conxunto que se foi construíndo ao longo dos séculos». Neste sentido, Cortada «incorporou a historia da Coroa de Aragón, especialmente de Cataluña, á historia xeral de España e non aceptou unha historia de Cataluña fóra da de España despois do matrimonio dos Reis Católicos». Que estas obras tivesen a súa xénese en Cataluña e fosen fillas dun autor catalán –aínda que escritas en castelán– tense que valorar de maneira diferente a aquelas que se producían en España máis ou menos polos mesmos anos.

El liderado compartido á hora de sacar ao mercado bibliográfico unha historia peninsular que integrase, nun plano de igualdade, o pasado español e o catalán corresponde, por orde cronolóxica, a Ferran Soldevila [1894-1971] e a Jaume Vicens i Vives [1910-1960].

Soldevila escribira en catalán, xa en 1943, de volta do exilio, unha *Història d'Espanya*, que debido á censura franquista non se puido publicar en castelán ata 1952-1959. Tal e como escribiu o biógrafo de Soldevila, o profesor Enric Pujol, «Con esta obra, Soldevila quixo impugnar a versión uniformizadora e de matriz castelanista que asumira como propia a historiografía española dominante desde finais do século XIX [...] e que co franquismo se converteu en versión oficial e case única». Esta excepcional síntese histórica de Soldevila acadou gran éxito –en 1960 xa se venderan 3.000 exemplares–, mais tamén provocou críticas españolas, mesmo en sectores historiográficos antifranquistas. Resulta aínda hoxe, tantos anos despois da súa publicación por Ariel, un pracer indescriptible ler esta versión castelá, traducida do catalán polo mesmo Soldevila.

Foi uns meses despois cando Vicens i Vives entrou en escena ofrecendo á comunidade científica hispana –catalá e española– un libro-ensaio sobre a maridaxe historiográfica entre historiadores procedentes de toda a Península. A súa *Aproximación a la Historia de España*, pequena e suxestiva síntese sobre o diálogo implícito entre estudosos de toda España, mereceu numerosas reedicións e converteuse en símbolo e referente dunha nova forma de dar a coñecer unha versión integradora e sen exclusións dun pasado común máis ou menos desexado.

A partir da queixa de Vicens sobre a «decadencia» dos estudos de historia de España despois da Guerra Civil, «cheguei a pensar», escribe, «que quizais sería interesante estruturar nunhas poucas páxinas as liñas esenciais da historia española» e, tamén, quixo «penetrar no ser hispano». Respondendo ao «silencio» cómplice da historiografía española en relación aos estudos xerados en Cataluña, Vicens escribiu: «[...] a escola barcelonesa ocupou durante os últimos sete anos unha posición de vangarda».

O propósito de Vicens de poñer no seu lugar a todas as comunidades hispanas e de combater o castelanismo que reinara durante anos na historiografía peninsular, Vicens non dubida, na mencionada introdución da *Aproximación*, cando escribe: «Castela, en efecto, encóntrase enfrontada desde 1898 a unha grave crise de conciencia. Esta crise, que a desacouga, quixo facela derivar das actitudes negativas doutros pobos hispanos, como o catalán. Reacción moi comprensible e mesmo eficaz para a psicoloxía colectiva castelá, tendo en conta o xogo de contradicións internas entre Castela e Cataluña que, dende o século XVIII, mantén o estímulo vital e a cohesión do Estado español».

A culminación máis perfecta, innovadora e historiograficamente revolucionaria de Vicens, no tema que nos ocupa –a incardinación da realidade histórica de todos os reinos e rexións históricas nun conxunto harmónico e equilibrado– foi o libro *Historia económica de España*, froito dos *Apuntes del Curso de Historia Económica de España*, dos anos 1955 e 1956. A historia de Cataluña, dende a Antigüidade ata ben entrado o século XX, ocupa un lugar importante a carón da castelá. Esta *Historia* de Vicens foi durante décadas o maná que alimentou a moitas xeracións de estudantes universitarios.

Detrás e xunto a Vicens floreceu unha numerosa xeración de historiadores, que, como entre moitos outros Jordi Nadal, Emili Giralt, Josep Fontana,

Joan Reglà, Joan Mercader, Ramon Garrabon, Casimir Martí, Pere Pascual, Carles Sudrià e un longo etcétera, compilaron o libro *Catalunya i Espanya al segle XIX* [Barcelona, 1987], que recolleu estudos de homenaxe no 25 aniversario da publicación de *Industrials i polítics del segle XIX*, outro dos monumentos historiográficos erixidos por Jaume Vicens.

Seria un erro imperdoable non facer subir ao podio dos vencedores a quen, tamén a principios dos anos 60, fixo unha das máis relevantes achegas ao tema que nos ocupa, o do diálogo entre a historiografía española e a catalá, aínda que a producise un occitano. É o caso de Pierre Vilar, quen, no ano 62 do pasado século, publicou en París *La Catalogne dans l'Espagne moderne. Recherches sur les fondements économiques des structures nationales*. Foi e é o breviario histórico de incontables xeracións de historiadores contemporáneos. Abonda con ler o título do libro para decatarse de que é un dos expoñentes máis emblemáticos do que tratei de explicar nestas notas de aproximación ao tema que tratei.

O Reino de Galicia na heráldica europea

Héitor Picallo

RESUMO. Entre os símbolos que identifican un país figuran as bandeiras e os escudos de armas, sendo estes últimos os que máis representacións teñen ofrecido aos distintos países europeos. Galicia conta a partir do s. XIII cun brasón propio. Será no *Segar's roll* [ca. 1282] onde se certifique o seu primeiro testemuño heráldico. Por mor da homografía e homofonía entre os termos Galicia [*Galice*, en versións lingüísticas «oilitanas»] e cáliz [*galice*, nas mesmas correntes], tal obxecto da vaixela dos nobres e dos reis serve de emblema falante do noso reino. Primeiro foron tres os cálices representados e logo un só.

Porén, será a partir da primeira metade do s. XV cando se lle incorporen outros elementos, concretamente trevos trilobulados.

Alén desta liña de emblemas falantes, no século XV testemúñanse dúas tendencias máis: unha, de escudos con barras de azur e ouro, ou de azur e prata; outra, a que presenta o Faro Brigantino.

No que atinxe ás cruces, será no tapiz de Franz von Tassis [consevado en Bruxelas, rematado non antes de 1519] onde quizais localicemos o primeiro exemplo.

RESUMEN. Entre los símbolos que identifican a un país figuran las banderas y los escudos de armas, siendo estos últimos los que más representación han ofrecido a los distintos países europeos. Galicia cuenta a partir del S. XIII con un blasón propio. Será en el *Segar's roll* [ca. 1282] donde se certifique su primer testigo heráldico. Dada la homografía y homofonía entre los términos Galicia [*Galice*, en versiones lingüísticas «oilitanas»] y cáliz [*galice*, en las mismas corrientes], este objeto de la vajilla de los nobles y de los reyes sirve de emblema parlante de nuestro reino. Primero fueron tres los cálices representados y después solo uno.

Sin embargo, será a partir de la primera mitad del S. XV cuando le empiecen a acompañar otros elementos, concretamente tréboles trilobulados.

Más allá de esta línea de emblemas parlantes, en el siglo XV se presencian dos tendencias más: una, de escudos con barras de azur y oro, o de azur y plata; otra, la que presenta el Faro Brigantino.

En lo que respecta a las cruces, será en el tapiz de Franz von Tassis [conservado en Bruselas, terminado no antes de 1519] donde quizás localicemos el primer ejemplo.

ABSTRACT. Among the symbols that identify a country we can find flags and coats of arms, the latter being the ones that have offered the most representation to the different European countries. Galicia has had its own coat of arms since the 13th century. It will be in the *Segar's roll* [ca. 1282] where its first heraldic witness is certified. Given the homography and

homophony between the terms Galicia [*Galice*, in "oilitan" linguistic versions] and chalice [*galice*, in the same currents], this object of the tableware of the nobles and kings serves as a speaking emblem of our kingdom. At first, three chalices were represented, then only one.

However, it was not until the first half of the 15th century that other elements started to be added, namely trefoil clovers.

Beyond this line of speaking emblems, the 15th century witnessed two other trends: one, shields with bars of azure and gold, or azure and silver; the other, that of the Faro Brigantino.

As far as the crosses are concerned, it is perhaps in the tapestry of Franz von Tassis [preserved in Brussels, completed not before 1519] that we find the first example.

Sobre a orixe e evolución do emblema de Galicia, propósito que tentamos desenvolver ao longo destas liñas achegando novas pescudas, ten tratado outrora con gran profundidade o investigador e membro da *Académie Internationale d'Héraldique* Jaime Bugallal y Vela [1981]. A el débense as primeiras monografías sobre este tema e non por iso son menos importantes, senón xusto o contrario. Del bebemos moitas persoas que gustamos de mergullar nesta ciencia, como así tamén o facemos nos imprescindibles estudos que ao longo de décadas foi elaborando Eduardo Pardo de Guevara [2007]. Porén, dende o tempo das Irmandades da Fala algo xa se aventurara César Vaamonde Lores [1918], de aí que cumpriría consideralo como un pioneiro nesta materia dentro do contexto galego.

Debemos advertir, logo desta aclaración, que se adoita indicar que entre finais do século XI e mediados do XII agroman os primeiros indicios heráldicos, condicionados polas necesidades militares que acontecen no campo de batalla: os cabaleiros de ambas as frontes debían ser diferenciados con facilidade. Este feito castrense e político amais de sociocultural, que coincide coas décadas posteriores á Primeira Cruzada, formalízase entre 1120 e 1160 [Marí, 2006, pp. 131-132] e queda circunscrito ao occidente europeo. Para maior precisión,o epicentro sitúase entre o Rin e o Loira, no que hoxe son as terras de Normandía, Bretaña, Maine, Países Baixos e incluso se estende cara ao sur de Inglaterra [Domínguez, 2001, p. 229]. A realidade que está a xurdir, de profundos cambios sociais, axuda a que esta creación simbólica –ou semiótica– se forxe con maior ímpeto. Por conseguinte, son as guerras, pero tamén os torneos, a emerxente literatura cabaleiresca, as artes plásticas e a nova concepción sociocultural, os substratos que alimentan esta ciencia que avanza a cabalo da historia, a arte e a antropoloxía.

1. OS ALBORES DUN SÍMBOLO: O SÉCULO XIII

Mais esa función castrense do emblema que ten como obxectivo a identificación do seu posuidor, coas décadas ampliarase a diversos sectores sociais, entre outros: institucións eclesiásticas, ordes militares, gremios... Deste xeito tamén muda o soporte físico do símbolo que, de se empregar tan só no escudo do *homo milites*, comeza a verse na indumentaria, a aplicarse a ámbitos cotiáns como a ornamentación, a plasmarse en documentos ou na identificación propietaria de inmobles... Esa debe ser a causa pola que reis e aristócratas que decidiron facer propias determinadas armerías –deixándose levar polo seu gusto, a sonoridade da onomástica familiar, a lenda e a literatura– as vinculasen aos seus propios señoríos. Ademais de terras e dereitos tamén se herda unha simboloxía concreta. É por iso polo que moitos rolos de armas ou libros de escudos baixomedievais teñen grafados ao carón dos emblemas o título do seu posuidor: *rey de Espaygne*, *rey de Nauvarre*, *rey de Portugal*, *rey de Aragonue, rey de Galyce*...



[Ver p. 71] Armas de Santo Eduardo e dos reis de España, de Galicia e de Navarra no Segar's Roll [BL]

a] Da orixe inglesa do emblema galego á súa presenza en Francia

Consonte a isto aparece o rótulo da primeira representación heráldica vinculada ao noso país e que data de finais do reinado de Afonso IX «O Sabio», concretamente de 1282. O *Segar's roll*, pergamiño no que se plasmaba tal distintivo, tiña 297 centímetros de longo por 15 de largo e nel pintáronse en catro fileiras 212 escudos de reis e outras persoas principais. O de Galicia ten asignadas as seguintes armas: «de azur, tres copas de ouro». Mágoa que o rolo orixinal se perdese a mediados do s. XVII, aínda que se conservan varias copias modernas –de distinta calidade– custodiadas en catro institucións británicas, nomeadamente no *College of Arms*[1], na *British Library*[2], na *Stratford Shakespeare Trust*[3] e na *Society of Antiquaries of London*[4]. Esta versión primitiva do escudo galego, latente ata os albores do século XV, non foi quen de se configurar como unha verdadeira corrente iconográfica no que atinxe ao número de mobles heráldicos; porén, si no uso do cáliz de ouro.

Por outra banda, verbo do que insinúan as «cartelas» dese documento e os seus escudos, existe unha diferenciación evidente entre España e Galicia, tal e como se manifesta en numerosos armoriais que iremos describindo ao longo destas liñas. Isto, secasí, non responde a un capricho dun determina-

1 College of Arms, L.14/1.
2 British Library [dende agora BL], Harl. 6137.
3 Stratford Shakespeare Trust, Archer 44.
4 Society of Antiquaries of London, ms. 664/8/r22.

do deseñador heráldico, senón a unha realidade xeopolítica obvia, reinase quen reinar en Galicia e/ou en España-Castela. Alén do que se albisca nesta ciencia do brasón, tamén se comproba tal feito no plano da literatura, pois obras de importancia europea, sobre todo de temática cabaleiresca, volven subliñar esta dicotomía. Ducias e ducias de textos medievais, narrativos ou poéticos, contemplan Galicia como un territorio [e reino] distinto do de España-Castela, extrapolable, outrosí, a Portugal, Navarra e Aragón. Exemplifican esta afirmación, entre outras obras, o *Roman de Flore et Blancheflour*, que por volta de 1160 redacta Robert d'Orbigny[5], e o *Charroi de Nîmes*, onde se lembran as terras de Francia, Lombardía, Calabria, Alemaña, Romanía, A Toscana, España e Galicia [Jeay, 2006, pp. 51-52].

Retomando o estudo dos libros de emblemas, convén sinalar que cunha única copa o *Armorial dit du héraut Vermandois* describe o escudo de Galicia. O manuscrito orixinal, que Emmanuel de Boos data entre 1290 e 1294 [Clemmensen, 2017, pp. 266-268], foi vertido ao picardo cara a 1390 segundo Steen Clemmensen e, antes da súa perda, elaboráronse varias copias, todas incompletas agás a do século XV que se custodia na BnF[6]. Nela descríbese deste xeito o escudo galego: «O rei de Galicia porta, de azur, un cáliz de ouro cuberto, a xeito dunha copa»[7]. Que o emblema sexa un cáliz desprovisto de ornatos relixiosos fai fincapé –consonte a tese que outrora formulara Pepe Barro [2018, p. 122]– no carácter laico da peza representada, polo que, *stricto sensu*, conecta coas copas do enxoval da realeza e dos nobres. Porén, tampouco queremos excluír a súa posible vinculación simbólica coa literatura cabaleiresca e a familiaridade cos vasos eucarísticos.



[Ver p. 71] Descrición do escudo de Galicia segundo o *Armorial dit du héraut Vermandois* [BnF]

b] Tradición oral, lingüística, literatura e heráldica

Este recipiente, abofé, resulta ser non só un obxecto destinado ao culto da fe cristiá [Lucas 22:20], senón tamén un símbolo recorrente na literatura de Chrétien de Troyes. De feito, a vasilla citada en *Perceval ou le Conte du Graal* [c. 1181-1190] identifícase cun «prato ancho e pouco profundo», mais a partir da obra de Robert de Boron muda a súa fisionomía en vaso sagrado, polo que pasa a ser a copa que contén o sangue de Cristo, tal e como se desprende de *Li livres dou Graal* e máis concretamente do *Joseph d'Arimathie* ou *Roman de l'Estoire dou Graal* [c. 1190]. Neste senso avanza tamén a *Vulgata artúrica* [c. 1215-1230], facéndose explícita esa vinculación en dúas das súas partes: a primeira, que non deixa de ser unha ver-

5 Bibliothèque nationale de France [dende agora BnF], Département des Manuscrits, Français [ms. fr.] 1447.
6 http://www.armorial.dk/editing_armorials/EA-u7_VER_survey.pdf. Clemmensen, S., «Survey of the Armorial dit du heraut Vermandois».
7 BnF, ms. fr. 2249, f. 86r: «Le Roy de Galice porte d'asur a ung galice d'or couvert en magniere dune couppe».

sión da citada obra de Boron; e aqueloutra titulada *La Queste du Saint Graal* [Ibáñez, 2016, pp. 41-43 e 47-50]. Incluso en textos como *Le Haut Livre du Graal*, escrito en picardo [ou *chtimi*] na primeira metade do século XIII e no cal a lenda de cabalaría se transforma en alegoría cristiá, o concepto cáliz posúe ademais a grafía *galice*: «L'estoire nos tesmoigne qu'en cel tans n'avoit en la terre lo roi Artu nul galice. Li Graaux s'aparut eu secré de la messe en V manieres que l'on ne doit mie dire [...]. La desraainne fu eu galice [...]» [Kelly, 1974, p. 163].

Por mor disto, debemos afondar no aspecto simbólico dos primeiros emblemas asignados a Galicia, pois talvez subxaza certo nexo coa máis popular literatura atlántica, a artúrica, fornecendo esta idea o feito de que o brasón galego conte cunha orixe inglesa [Menéndez, 1989]. Dentro deste contexto xeo-cultural habería que advertir que no mundo céltico unha copa chea de cervexa ou hidromel que se lle entrega a un candidato a rei é símbolo da soberanía, do xeito que se percibe na escolla do rei supremo de Irlanda, citada n'*A cidade do Adalid*[8]. Por outra banda, o caldeiro de Dagda terá por herdeiro na súa tradición mítica o propio Graal, como copa da soberanía, e este transmitirá o seu simbolismo ao cáliz cristián [Chevalier / Gheerbrant, 1999, pp. 338-341].

[Ver p. 71] Alexandre Magno, co escudo do rei Artur, e o rei Porrus, co de Galicia, no *Talbot Shrewsbury book* [BL]

De volta co escudo galego, indicaremos que diversos autores gustaron de afirmar que quizais esa vasilla fose elixida polo deseñador heráldico mercé ao seu carácter falante [Pardo, 2007, p. 38 e Bugallal, 1981, p. 7], xa que pouco difiren na fonética os substantivos *Galice* e *calice*. Malia iso, hai que lembrar que en *Le Haut Livre du Graal*, escrito en *chtimi* aínda que composto en Inglaterra [Marx, 1996, pp. 14 e 371], o substantivo *galice* co concepto de cáliz está totalmente documentado, como tamén sucede no *patois de Paris*[9] e na lingua normanda, estendéndose incluso ata tempos ben serodios [Stratford, 1993, p. 366]. Así as cousas, deberiamos entender que o cáliz representado nas primeiras versións do escudo galego non ten que ver cunha semellanza fonética ligada a certas pólas da *langue d'Oïl*, senón cunha coincidencia plena coas formas rexistradas en anglo normando[10], en picardo ou noutras correntes lingüísticas.

Que prestemos certa atención á literatura europea non resulta para nada irrelevante. Na relación da heráldica co ciclo artúrico xa se introducira no seu día Faustino Menéndez Pidal [1978, pp. 9-22], aínda que enfocadas as súas investigacións cara a emblemática familiar. Quen sabe logo se o dese-

8 *Revue Celtique*, t. XXIII [París 1902], p. 220.
9 Nisard, 1872, p. 199: «par euphonie encore, *c* dur initial change en *g* dans calice, canif, galice, ganif. Le premier est du français du XII[e] siècle».
10 Passy, 1879, p. 202: *Galice*.

ñador heráldico lle adxudicou o cáliz a Galicia non só pola sonoridade senón, ademais, pola relación coa *matière de Bretagne*. De ser así, este non constituiría un caso excepcional, pois o medievalista Jean-Bernard de Vaivre considera que as tres coroas asignadas ao emblema do rei Artur foron escollidas por Albrecht de Mecklembourg [1363-1412] para representar o reino de Suecia influenciado, talvez, por textos desta corrente temática [Vaivre, 1972]. Os mesmos, non sobra indicar, inspirarían emblemas, divisas, protocolos de ordes militares e torneos, armerías de nobres, burgueses [Hablot, 2010], personaxes históricos e tamén literarios... Ilustra este último caso o brasón que lle atribuíron ao emperador Alexandre Magno, tal e como se percibe no *Talbot Shrewsbury book*[11], regalo de arras que Marguerite d'Anjou lle ofrece ao seu prometido Henrique VI de Inglaterra, co que casa en 1445. Nel o emperador usa por brasón unha coroa de ouro en campo de goles, o que nos lembra as armas do rei Artur, mais curiosamente o seu análogo Porrus, soberano da India e que é combatido entre os anos 327 e 325 a.C., gasta as mesmas do rei de Galicia [«en campo de azur, un cáliz cuberto de ouro»].

[Ver p. 72] Alexandre Magno, co escudo do rei Artur, e o rei Porrus, co de Galicia, no *Talbot Shrewsbury book* [BL]

Ademais do sinalado, o noso país está presente na literatura artúrica cando menos dende a época da redacción do *Parzival* de Wolfram von Eschenbach. Neste poema épico xermánico rematado cara a 1210 existen alusións directas a Galicia, aos galegos e á cidade de Pontevedra[12], tal e como en numerosas copias manuscritas de *L'Histoire de Merlin* –inspirada por Robert de Boron– aparecen referencias a España, Galicia e Compostela. Estes dous primeiros territorios, xa que logo, maniféstanse como entidades xeográficas, culturais e políticas diferentes[13]. Non sobra engadir, por outra banda, que en *Les Prophéties de Merlin*, escritas en *langue d'oïl* a finais do século XIII polo mestre Richard d'Irlande, o apóstolo Santiago [«Monseigneur Sant Iasque de Galice»][14] figure nalgunha pasaxe así como apareza certo personaxe galego noutro capítulo concreto. Nel, segundo se entende, mentres o rei Artur fica en *Carmelyde*, o Papa envía a *Britania*, na calidade de emisarios, o príncipe Ricardo de Xerusalén e o bispo de Galicia co gallo de buscaren axuda para ir a Terra Santa. Un fragmento do episodio reza como aquí se reproduce: «li evesques de Galice et Richarz de Iherusalem s'en furent retournez a Roume et aporterent avec euls un si grant tresor qui donnez leur fu en Engleterre»[15].

Tamén desta centuria, aínda que talvez de finais dos sesenta, é a obra anónima –en verso e de corte artúrica– titulada *Le Roumanz de Claris et Laris*, que conta entre outros personaxes co propio Artur, os cabaleiros da mesa redon-

11 BL, Royal MS 15 E VI, *Talbot Shrewsbury-book*, f. 16v.
12 Versos 310, 367 e 368, respectivamente. Vid. Eschenbach, W. von, *Parzival*, ed. Regales, A., Madrid: Siruela, 1999, pp. 206 e 208.
13 BnF, ms. fr. 95, f. 345v.
14 BL, Add. ms. 25464, f. 62v.
15 Ibid., f. 151v.

da, o rei de Galicia –chamado Xonás– e os seus análogos de Francia, España, Rusia, Exipto, Galilea, Irlanda, Cornualla, Turquía... [Alton, 1884]. Dentro desta temática non podemos esquecer a versión islandesa do Tristán e Isolda, coñecida como *Saga af Tristram ok* Ísodd [Almazán, 1982 e González, 2010, p. 4 e outras] datada no século XIV, pois a teor do que se narra no capítulo 13, o mítico rei Tristán axuda ao seu análogo e homónimo galego, Tristán «O Estraño» ou «Estranxeiro», a que recupere o reino de *Jakobsland*, do que fora deposto por sete irmáns sarracenos [Barnes, 2011, pp. 72-73]. Cremos evidenciar aquí certo paralelismo co relato que no *Codex Calixtinus* describe a petición do apóstolo Santiago [Tristán «O Estranxeiro»] a Carlomagno [o rei Tristán] para que libere as súas terras dos árabes [Herbers / Santos, 2001, pp. 13-14 e 68-69]. O capítulo seguinte da referida saga iníciase con esta frase: ambos «saíron a cabalo de España e non pararon hastra chegar ao país de Santiago» [Almazán, 1982, p. 16]. Non esquezamos, noutra orde de asuntos, aquel relevo de Tristán que, curado por Isolda, se esculpiu nunha columna entorchada que outrora se localizou na Porta Francíxena e que hoxe fica no Museo da Catedral de Compostela [Moralejo, 1993, pp. 382-384].

Continuando por un intre nesta liña, resulta polo menos interesante saber que, cando se elabora o *Segar's roll*, o trobador Adenet le Roi dá a coñecer a súa obra *Cléomadès*, concluída cara a 1285. Nesta peza cabaleiresca, escrita en verso e da que se conservan varios manuscritos, son protagonistas –entre outros– os reis de España, Galicia, Portugal, Aragón e Gascuña, así como o señor de Tolosa. O galego, *Sormans le Roux*, usa por brasón unha serpe alada que o autor describe así:

[Ver p. 72] Escudo de Sormans le Roux na obra *Cléomadès* [1285] de Adenet le Roi [recreación de Martiño Picallo]

«Leva armas moi adornadas
Sormans 'o Roxo', mais teriádelas
suficientemente descritas en poucas palabras:
o escudo de ouro unha serpe verde
levaba, e coas ás vermellas
a serpe, e azuis as orellas,
e tamén coa testa azul,
cos brancos pés e a cola negra
eran estas as súas armas, verdadeiras»[16].

Este dragón verde en campo de ouro recórdanos en certa medida o que de xeito lendario se lle atribuíu ao reino suevo [Picallo, 2021b]. Alén de advertirmos que non existía a heráldica no tempo da colonización ibérica polos

16 BnF, ms. fr. 1456, ff. 6v-7r.

pobos xermánicos, isto non exclúe a posibilidade de que tal atribución fantasiosa fose condicionada por tradicións orais ou relatos coma este de Adenet le Roi, un dos máis importantes trobadores do seu tempo [Hasselt, 1865]. Non esquezamos que o dragón no medievo se vincula ao pecado, o diaño e o paganismo, tal e como así se desprende do libro III do Códice Calixtino [Moralejo / Torres / Feo, 1951, p. 390].

2. OS CINCUENTA PRIMEIROS ANOS DO SÉCULO XV

Deixando atrás por un intre os temas literarios, non sobra sinalar que carecemos de testemuños documentais e artísticos que acrediten se as versións primixenias e foráneas do escudo galego chegaron a ser coñecidas aquén dos Pireneos e, de ser así, se unha ou outra foi asimilada como símbolo propio de Galicia. Por outra banda, o século XIV constitúe neste plano un importante baleiro informativo para o noso país, velaí que dos rolos de armas e libros de escudos que coñecemos non conseguísemos ningún outro rastro ata iniciada a centuria seguinte. Ora ben, nesta última continúa a presenza do cáliz, aínda que logo da celebración do Concilio de Constanza se abre unha nova corrente heráldica para identificar o rei [e o reino] de Galicia. Disto trataremos en liñas vindeiras, pois cómpre avanzar primeiro coa tendencia primitiva dos cálices.

a] Cálices con e sen tapa, cálices con e sen cruces

Datado entre 1399 e 1407, o *Sherborne Missal* supón para Inglaterra un dos libros máis fermosos elaborados nesa época, e para Galicia a presenza doutro escudo que segue a liña iniciada polo *Segar's Roll*, a dos tres cálices. Que isto sexa así implica que o responsable da iluminación do códice, o dominico John Siferwas, tivo que beber desoutra fonte iconográfica. O emblema galego aparece representado no interior oco dunha letra capitular, concretamente dun 'n', de modo semellante ao doutros países, entre eles, Inglaterra, España, Aragón, Navarra, Dinamarca e Portugal. A atribución a Galicia ratifícase coa presenza dunha lenda no lateral esquerdo da letra historiada, na que se le «Rex Galacie»[17].



[Ver p. 73] Armas de Galicia no *Sherborne Missal* [BL]

Volvendo de novo ao norte de Francia, pois desa área é o seguinte manuscrito, mergullaremos por un intre no *Egerton Tract*. A súa elaboración ao redor de 1436 atribúeselle ao heraldo Francquevie, da cidade de Valen-

17 BL, Add. Ms. 74236, p. 107.

ciennes, e foi adquirido pola British Library en 1920. Na sección que o códice contén sobre os reis cristiáns achamos as armas do escudo galego [Goodall, 1990], cuxo brasoamento [«de azur, un cáliz de ouro con tapa, timbrado con coroa real aberta»[18]] non difire ren con aquel que aparecera case 150 anos antes no Armorial do *héraut Vermandois*. Alén disto, en terras xermánicas tamén se custodia –concretamente na BSB de Múnic– outro manuscrito interesante, o *Redinghoven Wappenbuch*, confeccionado por volta de 1440[19]. Xunto co emblema galego, que nesta ocasión carece de tapa, fican os de Aragón, España, Navarra e Portugal, entre outros. Contemporáneo a el é o *Armorial Lyncenich*, tamén denominado *Gymnich* e que se debeu concluír non máis aló de 1442. Custodiado na *Bibliothèque royale Albert I* de Bruxelas, cada brasón vai provisto da respectiva lenda que o identifica. No que atinxe ao galego, desta vez, non foi asignado a un rei, senón a unha raíña, a única de todo o manuscrito, de aí que na parte superior do mesmo se lea «Dronicrike van Galissien»[20]. Os restantes reinos peninsulares teñen símbolos atribuídos aos seus respectivos monarcas [*coninc van Castillien en van Lioen*, *coninc van Poertingale*, *coninc van Navarren*, *coninc van Arragonen*...] [Clemmensen, 2016]. No que afecta ao noso símbolo cómpre observar unha notoria diferenza no que atende á estética do cáliz, pois este, alén de levar tapa, vai rematado por unha cruz. Tal característica adxudícalle ao moble heráldico unha vinculación relixiosa tanto no aspecto formal ou estético como no semiótico.

[Ver p. 74] Representacións do escudo de Galicia nos armoriais *Egerton Tract* [BL], *Redinghoven* [BSB], *Lyncenich* [KBR] e *Bergshammar* [RA]

Ao fío disto, tamén se certifica a mesma tendencia nun outro libro de armas, o denominado *Bergshammar vapenboken*, que adoita ser datado no ecuador do século XV. Segundo se cre, debeuse elaborar en Bruxelas e, logo de discorrer por varias mans, pasa en 1933 aos fondos do Arquivo Nacional de Suecia. Dúas son as representacións asignadas a Galicia: a primeira –rotulada como *Galiscien*– está provista dun cáliz pechado de prata, mais da súa cimeira nace outro de ouro; a segunda –coa lenda *Coninc van Galissien*– leva un moble idéntico de ouro, tanto no campo do escudo como na cimeira. Ambas versións, inclusive, teñen os cálices culminados con remates crucíferos, sendo o da cimeira da primeira versión un de tipo recrucetado[21]. Non resulta nada novo indicar que tales elementos, desta volta xa ligados cos vasos da consagración eucarística, asumen a estética propia dos cálices daquel entón, semellantes aos grafados en miniaturas baixomedievais. Dá luz a esta afirmación a copia manuscrita do século XIV, que se conserva na BnF, do *Roman de Perceval le Gallois*, escrito por Chrétien de Troyes[22].

18 BL, *Egerton Tract*, Egerton 3030.
19 Bayerische Staatsbibliothek [BSB], Cgm. 2213 [38], f. 312v.
20 Koninklijke Bibliotheek van België, FH. II. 6567, f. 24v
21 Riksarkivet, SE / RA / 720085 / Z, pp. 6 e 467.
22 BnF, ms. fr. 12577, ff. 18v e 213v.

b] Paus de ouro e azur para o escudo de Galicia

Deixando en suspense por un intre a evolución do escudo do cáliz, aproximámonos agora a aquela versión que xorde canda o Concilio de Constanza. Convocado en outubro de 1413 polo emperador xermánico Sexismundo e o antipapa Xoán XXIII, nel son condenados os teólogos John Wycliffe, Jan Hus e Jeroným Prazský. A asemblea, que ten lugar entre 1414 e 1418, conta entre os asistentes co escritor Ulrich von Richenthal, que na *Chronik des Konzilszu Konstanz* recompila os feitos acaecidos. Desta obra consérvanse numerosas copias manuscritas e edicións impresas esparexidas por todo o mundo, nalgunha das cales aparece un «catálogo de brasóns» de numerosos reis[23], prelados e outras persoas insignes. Steen Clemmensen, un dos maiores especialistas na heráldica europea, considera que as armas aí contidas se deberon recompilar na súa maioría polo propio Ulrich, aínda que ao falecer en 1437 talvez as revisase o editor Gebhard Dacher [Clemmensen, 2011]. O escudo que identifica a Galicia non garda, desta volta, ningunha semellanza con outros que teñamos visto, pois encerra bastante similitude coas armas de Aragón, o que coadxuvou a que algún heraldista do s. XVII realizase versións totalmente erradas[24]. O seu brasoamento varía un pouco segundo o exemplar que consultemos, alternando paus de azur e prata[25] ou azur e ouro[26]. Porén, inclinámonos a describilo como un «verxeteado de azur e ouro». Un dos testemuños iconográficos máis antigos desta versión, datado entre 1445 e 1449, consérvase na *Lambeth Palace Library* de Londres, concretamente nun códice catalogado baixo o título de *German Armorial*[27]. Por outra banda, certos códices e edicións impresas engaden o seguinte comentario ao carón do escudo galego: «Canda a Súa Alteza, o ilustre príncipe, rei de Galicia, viña unha poderosa e grande embaixada»[28].

[Ver p. 75] Escudo de Galicia no *German Armorial* [Lambet Palace Library]

Aínda que este deseño debe comezar a propagarse logo do pasamento do cronista, o certo é que haberá copias e edicións dos séculos XVI e XVII[29], chegando a popularizarse tanto que se reproducirá en publicacións de uso cotián como almanaques[30]. No que atangue ao seu significado, Sánchez Badiola explica que malia non poder aseguralo é posible que tales armas «quisieran recordar las de Borgoña, en referencia al conde don Raimundo» [Sánchez, 2010, p. 276], aquel membro da aristocracia borgoñoa, marido de Urraca I de León, proxenitor do rei galego Afonso Raimúndez e irmán do papa Calixto II.

23 Národníknihovna Českérepubliky, XVI.A.17, f. 243v.
24 Bibliothèque de l'Arsenal [dende agora BA], ms. 4150, ff. 79r e 118r.
25 BSB, Cgm. 145, p. 39.
26 Badische Landesbibliothek, Chronik, Cod. St. Georgen 63, f. 69v.
27 Lambet Palace Library, MS774, f. 79v.
28 Na súa literalidade lese: «von dem durchleuchtigen hoch gebornen fürstenkönig von Galitzia eynmächtige große bottschaft».
29 BSB, Cgm. 9210, f. 47r.
30 DSB, Einbl.Kal. 1571.

[Ver p. 73] Armas de Arvin le Felource [BnF]

Apetécenos indicar aquí que nos libros de armas de *Les chevaliers de la Table ronde*, vinculados coa literatura e os torneos medievais, existe un personaxe denominado Arvin le Felource que participa na busca do Graal. Este, irmán do rei Armant da cidade Vermella, aparece tanto no *Tristán en prosa* como n'*A Demanda* e n'*A morte de Artur* [de Thomas Malory], mais no que afecta aos libros de armerías dise que procede do reino galego, que usa por divisa «Galice, Galice» e que ten por brasón un «burelado de azur e ouro»[31]. Causa asombro, por conseguinte, que este deseño heráldico resulte case idéntico ao da versión xermánica que vimos de describir. Da caracterización física e indumentaria do cabaleiro dáse detalle, entre outros códices, nun volume que foi propiedade da María Antonieta, raíña de Francia[32].

3. A SEGUNDA METADE DO SÉCULO XV

Do xeito que aconteceu en décadas anteriores, os cincuenta últimos anos do século XV tamén achegan novidades evolutivas no escudo galego, alén de se facer visible unha outra variante ben curiosa. Referímonos á presenza da torre de Hércules para identificar o noso país. Emporiso, resulta tanto ou máis relevante a aparición de trevos na «metamorfose» do emblema caliciforme, polo que cumpriría preguntarse a que responde ese feito. De principio abordaremos a variante coruñesa.

a] O faro brigantino identifica Galicia

Para poder entender por que a construción máis emblemática da Coruña e, por extensión, unha das máis senlleiras de Galicia pasa a simbolizar o noso país temos que nos retrotraer ao crime de Montiel, cando Pedro I perde a vida a mans do seu irmán Henrique II de Trastámara. Ese suceso, acaecido en marzo de 1369, provoca que o rei lusitano Fernando I, apoiado pola nobreza de Galicia, chegue a este país e pretenda conseguir o control do Atlántico peninsular, polo que Henrique lle declara a guerra e aquel foxe cara a Portugal. Quedan á salvagarda dos seus intereses os cabaleiros Nuño Freire de Andrade, mestre da orde do Cristo, e Xoán Fernández de Andeiro.

Así e todo, o conflito bélico non queda resolto coas *Paces de Alcoutim* [1371], no que o rei luso acorda nupcias cunha das fillas do seu análogo castelán, senón co *Tratado de Tui* [1372], no que se dispensa o matrimonio coa infanta Leonor. Entrementres, Fernando I cuña moeda tanto en Tui como na Coru-

31 BnF, ms. fr. 1437, f. 126v.
32 BA, ms. 4976, ff. 138v-139r.

ña [Lopes, 1895, v. I, pp. 92-93 e 178], e no que afecta a esta cidade, temos constancia de que nela se fabrican pezas monetarias como o medio tornés, en cuxo reverso figura a mesma torre de Hércules. Todo isto vén ao caso porque non é a primeira vez no que a numismática inflúe na elaboración de emblemas heráldicos. No caso que nos ocupa, debeu ser así, pois a finais do século XV o rei de armas dos reis católicos, Pedro de Gracia Dei, betanceiro de nacenza, lanza un libro dende a cidade de Coria en 1489 onde se intúe esta circunstancia. Titulado *Blasón General de todas las insignias del Universo*, gustou de dedicarllo ao rei de Portugal, que non era outro que João II, e nun dos seus folios describe e documenta de xeito gráfico diversos escudos, entre os que están os de Navarra, Castela, «Barçelona con su Cataloña», Aragón, León, Andalucía, Portugal e Galicia. Este emprega «la torre blanca del espejo que Hércules hizo sobre su sangre», que dito de xeito máis prosaico sería «en campo de goles, unha torre de prata» [Gracia, 1882].

[ver p. 75] Galicia no *Blasón General de todas las insignias del Universo* [BNE]

Malia que esta nova corrente da emblemática galega pode constituír, de momento, o primeiro escudo que identifica a Galicia na Península Ibérica, o mesmo non gozará dunha implantación e repercusión significativas. Resulta visible nalgún libro de escudos español, noutros lusitanos e no mapa que, sobre Portugal, elabora Fernando Álvares entre 1559 e 1561[33]. Por outra banda, o *Libro de Armería de Diego Hernández de Mendoza* –manuscrito de 1497 que se conserva na biblioteca do Escorial[34]– amosa de xeito gráfico que o escudo de Galicia é un cáliz con tapa e sen de remate crucífero [Pardo, 2007, pp. 39-40], aínda que difire na descrición ao sinalar que este reino usa «una custodia de oro en campo colorado» [Bugallal, 1981, pp. 12-13]. Máis aló da presenza ibérica de ambos emblemas [o cáliz, a custodia e a torre de Hércules], non podemos acreditar que en décadas anteriores non se asignase ningún brasón ao noso país. Lembremos que na orde de cabalaría da Vera Cruz, fundada por Pedro Fernández de Velasco, ingresaran os reis de armas Galicia e «Halcón» que estaban ao servizo de Henrique IV [Ceballos-Escalera / Agudo, 2013, pp. 25-49], de aí que o primeiro puidese portar algún distintivo vinculado coa súa denominación.

[Ver p. 75] Brasón de Galicia no *Libro de Armería* de Diego Hernández de Mendoza [Biblioteca de El Escorial]

b] Trevos para acompañar o cáliz

Se proseguimos co devir do escudo do cáliz, que a partir da segunda metade do século XV se acompaña de trevos, cumpriría somerxer o noso interese nunha aplaudida obra con evidentes vinculacións artúricas. Remata-

33 Biblioteca Nacional de Portugal, CC-950-V.
34 Real Biblioteca del Monasterio del Escorial, Armorial de Diego Hernández de Mendoza, C-IV-9.

da entre finais do XIV e as primeiras décadas da centuria seguinte, desta peza cabaleiresca consérvanse numerosas copias manuscritas e edicións impresas vertidas do «francés» a outras linguas, feito que testemuña a importante repercusión que gozou tanto no país galo como en terras británicas e xermanas. Como o título ben indica, narra a historia amorosa de *Ponthus, fils du roy de Galice, et de la belle Sydoine, fille du roy de Bretaigne*. O protagonista, galego de nacenza, tiña por pai o rei Thibour, que foi asasinado na Coruña polos sarracenos e aquel retido por esas persoas. Porén, un cabaleiro da mesma orixe, cuxo nome recorda ao patrón de Irlanda, libérao xunto a outros meniños para que tomen un barco que os ha levar á Pequena Bretaña, iso si, tras proclamaren con fervor a fe cristiá [Harguindey, 2015]. Que este episodio coincida en certos trazos coa haxiografía de San Patricio non debe ser casual. Canda mozo, o evanxelizador de Irlanda fica prisioneiro duns piratas escotos [Le Goff, 2002, p. 106], mais ao conseguir a liberdade foxe nun barco ateigado de pagáns cara ás costas francesas que, segundo algúns autores, fondea na Bretaña continental [Thomas, 1981, pp. 320-321].

[Ver p. 76] Miniatura coas armas de Galicia no *Livre du Cœur d'Amour épris* [BnF]

Esta coincidencia entre as «biografías» de ambos personaxes lévanos a cavilar na posibilidade de que Irlanda, en cuxa numismática pleno e baixo medieval usa trevos trilobulados, «cedese» tales vexetais á nova versión do escudo galego. Lembremos, por outra banda, que aínda que San Patricio tivese por atributos as serpes vincularase posteriormente co trevo pois, verbo da tradición, serviuse del para explicar o dogma trinitario. Apóiase esta tese, ademais, nunha outra obra literaria que cara a 1457 conclúe Renéd'Anjou, rei de Xerusalén. Titulada *Livre du Cœur d'Amour épris*, consérvanse dela varias copias manuscritas na BA [París][35], na BnF[36], na ONB[37] e na BAV[38]. Malia posuíren todas o seu interese, prestamos maior atención ao manuscrito 24.399 da BnF non só polo que nel se narra, senón incluso polas súas miniaturas. No contexto do amor, o autor relata en verso a vida de distintos personaxes históricos, literarios, fantásticos e reais. Velaí fican emperadores, heroes clásicos, monarcas, duques e condes, amais dos cabaleiros Lanzarote do Lago, Tristán e o lendario Ponthus, rei de Galicia.

Cando René bosquexa a biografía deste último describe previamente as súas armas, que non deixan de ser bágoas brancas [armiños] en campo de sabre, creando certa analoxía co escudo da Bretaña, terra natal da namorada do rei Ponthus. Este emblema acompáñase dos cálices e trevos de

35 BA, ms. 2984.
36 BnF, ms. fr. 1425, 1509, 11679 e 24399.
37 Österreichische Nationalbibliothek [ONB], Cod. Vindobonensis 2597.
38 Biblioteca Apostolica Vaticana [BAV], Reginensi Latini 1629.

Galicia, cuxo brasoamento sería o seguinte: «en campo de goles, sementado de cálices e trevos de ouro». O escritor, con ascendencia en terras bretoas, deixa constancia das proezas do rei galego do xeito que, vertido ao noso idioma, aquí se reproduce:

> «Aquí fala o autor e di que:
>
> Outra novidade, alén dos dous escudos anteriores, ficaba un escudo pendurado, que era negro, goteado con bágoas brancas, sen outra diferenza agás que *o devandito cadro, sobre o que estaba pousado este escudo, ficaba pintado coas armas de Galicia que son, a saber, de goles con copas de ouro e o campo sementado de trevos tamén de ouro*, debaixo de cuxa pintura figuraban escritos os versos que veñen a continuación:
>
> Aquí fican as palabras que estaban escritas debaixo das armas de Ponthus e dicían así:
>
> Chámome Ponthus, do que cadaquén falou
> no tempo no que que fun considerado forte e me temían,
> en moitos pazos recoñecidos comentouse a miña valentía.
> Varias cousas emprendidas fóronme atribuídas,
> grandes feitos de armas que realicei na fraga que
> Brocelianda se dicía, a miña forza probouse,
> mais de ren me valeu, pois o meu corazón entregouse
> ao servizo de Amor, de quen o deus pediu
> que cara a el fose e advertiume
> que puxese o meu brasón onde o portal. Ordenoumo
> por medio de Sidoine, filla do rei que gobernou
> a Pequena Bretaña durante o tempo que el reinou»[39].

No que atinxe ás miniaturas, elaboradas con posterioridade e fieis á descrición do autor, son dúas as que recollen o emblema galego. Este, case idéntico en ambas imaxes, distínguese pola feitura dos cálices, pois ben aparecen abertos ben provistos de tapa[40].

Este testemuño de 1457, o primeiro fornecido de trevos agás que se descubra algún anterior, espallarase con certas variantes en non menos de seis manuscritos. «De azur, sementado de trevos de ouro, un cáliz do mesmo»

39 BnF, ms. fr. 24399, f. 80r-v.
40 Ibid., ff. 80v e 91r.

[ver p. 77] Galicia nos *armoriais de André Rineck* [ONB], de *Jean V de Bueil* [BnF], *Nancy* [BmN] e *Coislin-Séguier* [BnF]

será a lectura que documentemos no *Armorial de Jean V de Bueil*[41], datado nos anos setenta do s. XV [Clemmensen, 2017, pp. 205-206]. Xunto ao brasón galego aparecen os de Portugal, Sardeña, Xerusalén, India, Cracovia, Irlanda, Hungría e Mallorca.

Desa mesma época, e mercé das investigacións de Jean-Christophe Blanchard [2003], houbo outro códice denominado *Armorial du duc de Savelli* do que hoxe se conserva unha copia do século XVII[42]. O orixinal, que se puido confeccionar cara a 1473, fica desaparecido e nel dábase conta dos escudos de distintos reis, emperadores, personaxes do ciclo artúrico e heroes. Os do rei de Galicia corresponderíanse cos números 28 e 825 [Blanchard, 2003, pp. 121-144].

Ademais destes manuscritos, nos libros de armas de *André Rineck*[43], *Nancy*[44] e *Coislin-Séguier*[45], todos dos anos oitenta agás o primeiro que Steen Clemmensen considera de 1473 [Clemmenssen, 2017, p. 220], catro trevos figuran colocados en pau, dous a cada flanco dun cáliz cuberto. Incluso, no *Armorial général dit Coislin-Séguier* percíbese un remate crucífero na tapa.

[ver p. 76] Brasón de Galicia do *armorial de Jean Faucquet* [YUL]

Por outra banda, no que atingue ao metal dos trevos cómpre advertir que todos son de prata, agás os da obra de *Jean V de Bueil* que se plasmaron en ouro. Incluso desta materia tamén son os representados no derradeiro dos códices que queremos traer ata este apartado: *o Armorial de Jean Faucket*. Débese o seu nome a aquel cabaleiro que asiste á batalla de Saint-Omer e desempeña o oficio de rei de armas de Filipe «O Fermoso», duque de Borgoña e daquela monarca consorte de Castela [Shailor, 1991, p. 100]. Datado ao redor de 1497 e redactado en *chtimi*, plasma a versión máis semellante a aquelas que aparecen na devandita obra de René d'Anjou, polo que de novo o brasón galego posúe un esmalte vermello para o seu campo. Velaquí a descrición que aparece no manuscrito: «O rei de Galicia porta, de goles sementado de trevos de ouro, un cáliz do mesmo»[46].

4. NO SÉCULO XVI, REIS DE ARMAS CO ESCUDO DE GALICIA

Retomando de novo a literatura, e máis concretamente a historia do rei Ponthus, parécenos oportuno advertir que entre 1449 e 1450 o destacado cabaleiro Jacques de Lalaing, señor de Bugnicourt, organiza na Île

41 Id., ms. fr. 24381, f. 147r.
42 Archives nationales de France, M 609, n. 2, f. 1v.
43 ONB, mss. 3336, f. 2r.
44 Bibliothèque Municipale de Nancy, ms. 980.
45 BnF, ms. fr. 18651, f. 2v.
46 Yale University Library, *Beinecke*, Ms. 648, f. 47v: «Le roy de Galice porte de geulle, semé de trèffles d'or a ung galice de même».

Saint-Lauren [Chalon-Sur-Saône] e coa axuda de Pedro Vázquez Saavedra, un *pas d'armes* que gozará dunha enorme repercusión. Celébrase ao longo de 369 días e, alén da práctica de torneos e actividades lúdicas, establécense contactos diplomáticos [Nadot, 2012, pp. 136-137 e ss.]. Este tipo de eventos adoitaban teatralizar, por outra banda, unha historia literaria ou fantástica, e Jacques de Lalaing, que no seu día peregrinara a Compostela, escolle –a saber por que razón– *Le roman de Ponthus et Sidoine*. Coñecido co nome de *Pas de la Fontaine aux Pleurs*, remata cunha multitude de asistentes proclamando a ese cabaleiro como gañador, ao que asignan o cualificativo do «novo rei Ponthus» [Haverkamp, 2020, pp. 5-9].

a] O escudo galego nas exequias fúnebres de reis e emperadores

Certo é que na familia de Jacques de Lalaing non houbo ninguén ata ese momento que se chamase Ponthus, mais a partir de entón si aparecen, cando menos, dúas persoas así denominadas: un sobriño e un sobriño neto daquel. Este último, Ponthus [II] de Lalaing, canda as exequias de Fernando de Aragón celebradas, o 14 e 15 de marzo de 1516, na igrexa de Santa Gúdula de Bruxelas montará un cabalo engalanado para tal efecto que, curiosamente, porta as armas de Galicia. Incluso, o xinete, un mozo de non máis 8 anos, ergue o estandarte deste reino. Anos atrás, nas honras fúnebres de Isabel de Castela que teñen lugar o 14 e 15 de xaneiro de 1505, xa acontecera algo semellante na mesma basílica, aínda que desta volta un cabalo engalanado, ou palafrén, acompañábase de catro reis de armas. Estes levaban os emblemas de catro reinos peninsulares: Galicia e Granada, diante de todo á dereita e á esquerda, respectivamente; e León e Castela, na mesma orde e na zona traseira[47].



[Ver p. 78] Descrición do palafrén Galicia nas exequias de Fernando de Aragón [BnF]

Ignoramos o que acontecería canda os pasamentos de Filipe «O Fermoso» e a súa muller Xoana, mais nas exequias ofrecidas no mesmo templo pola memoria de Carlos V e de Filipe II Galicia volve estar presente na emblemática protocolaria [Le Pie, 1622, pp. 41, 52, 82 e 130]. Porén, xorde neste momento unha importante cuestión: cando se fan visibles as cruces no brasón galego?

b] Murchan os trevos e xermolan as cruces

Ata que non contemos cun testemuño anterior, debemos considerar que as cruces aparecen sementadas no campo do escudo galego ao redor do ano

47 BnF, ms. fr. 5229, ff. 32r-33r.

[ver p. 78] Armas de Galicia no tapiz de Franz von Tassis [Musée de la Ville de Bruxelles]

1519, canda o nomeamento de Carlos V como sucesor do Imperio Romano Xermánico. Por ese tempo remátanse os tapices que Franz von Tassis encargara para a súa capela funeraria, localizada en *Notre Dame du Sablon* [Bruxelas], e nun deles identificamos o escudo galego, xunto cos de Nápoles, Granada e Navarra. Porén, é ben certo que as cruces que grelean no escudo que nos identifica non son do tipo máis estendido [patadas ou incluso recrucetadas e fixadas ao pé], senón que se confeccionaron na forma patriarcal. A obra de arte que contén este emblema pódese admirar na actualidade no *Musée de la Ville de Bruxelles* [Picallo, 2021, pp. 112-119].

CONCLUSIÓNS

Quizais a literatura tivo algo que ver, xunto cos acontecementos históricos, na orixe e evolución do escudo galego. Quizais para a súa difusión se valeu non só do comercio, as migracións e as batallas, senón tamén desa grande autovía cultural e espiritual chamada Camiño de Santiago. Porén, que Galicia fose un reino recoñecido e importante para Europa dende época antiga axudou en alto grao a este aspecto. Velaí que esa realidade se testemuñe en multitude de libros de cabalaría, obras nas que de cando en vez asexa o Graal por entre reis literarios galegos e doutras «cortes». Ese *galice* que lembra a copa dun rei e recorda tanto o cáliz eucarístico como o vaso sagrado que buscaron os cabaleiros da Mesa Redonda, sexa como for, vaise grafando en multitude de documentos, pinturas e obxectos ornamentais que se distribuíron por toda Europa e que, co tempo, chegarían tamén ao novo continente. Dese moble espido de elementos decorativos cristiáns, agromarían remates cruciformes na súa tapa e logo, na segunda metade do século XV, un campo ateigado de trevos [símbolo de Irlanda e da Trindade] que se han transformar en cruces na época moderna. Iso sen ter en contra outras correntes heráldicas, como o faro brigantino ou os paus de azur e ouro que non acadaron triunfar. Emporiso, contamos hoxe cun emblema que naceu hai cando menos 840 anos e que identifica este país atlántico, ligado con Europa e respectado abofé por ela.

Bibliografía

Almazán, V. [1982], «Galiza nas sagas nórdicas». *Grial*, 75 [xaneiro-marzo 1982], 1-17.

Alton, J. [ed.] [1884], *Li romans de Claris et Laris*, Tübingen: Asoc. Literaria de Stuttgar.

Barnes, G. [2011], «The Tristan Legend», in Kalinke, M. E. [ed.], *The Arthur of the North*, Cardiff: University of Wales Press.

Barro, P. [2018], *Máis que ver. Cen historias do deseño na Galiza*, Vigo: Xerais.

Blanchard, J.-C. [2003], *L'armorial d'André de Rineck : un manuscrit messin du XV*e *siècle [Vienne,* Österreichische *Nationalbibliothek, Cod. 3336]*, Nancy: Université Nancy 2.

Bugallal y Vela, J. [1981], *Origen y evolución de las armas de Galicia. La bandera de Galicia*, Madrid: *Hidalguía*.

Ceballos-Escalera, A. de, e Agudo Sánchez, J. F. [2013], «Farautes y persevantes al servicio de los grandes de Castilla a fines de la Edad Media», *La heráldica en los descubrimientos y Cristóbal Colón*, Sevilla.

Chevalier, J. e Gheerbrant, A. [1999], *Diccionario de los Símbolos*, Barcelona: Herder.

Clemmensen, S. [2011], *Arms and people in Ulrich Richental's Chronik des Konzils zu Konstanz 1414-1418*, Denmark.

Clemmensen, S. [2016], *The Lyncenich armorial*, Denmark.

Clemmensen, S. [2017], *Armorials – Listed by Sigla*, Denmark.

Domínguez Casas, R. [2001], «La heráldica en el arte medieval: Burgos y Aranda del Duero», *Arte Antiguo y Medieval en la Rivera del Duero*, Aranda del Duero: Biblioteca 16.

González Campo, M. [2010], «Bibliographia normanno-arturica. Textos y estudios sobre la traducción y adaptación de la literatura artúrica en la Escandinavia medieval», *Hermeneus*, 12.

Goodall, J. A. [1990], «A fifteenth-Century Anglo-French-Burgundian Heraldic Collection». *Antiquaries Journal*, vol. 70, 424-438.

Gracia Dei, P. [1882], *Blasón General y Nobleza del Universo*, Madrid: Lib. M. Murillo.

Hablot, L. [2010], «Modes et pratiques héraldiques dans le sillage de la légende arthurienne», *Revue 303*, 114/10: *Le roi Arthur*, 132-141.

Harguindey Banet, H. [ed. e trad.] [2015], *Ponto que foi rei de Galiza e de Bretaña*, Pontevedra: Rinoceronte.

Hasselt, A. van [1865], *Li roumans de Cléomadès par Adenès li Rois*, Bruxelles: Comptoir Universel.

Haverkamp, C.-P. [2020], «Ponthus, Sidoine et la Fontaine de Plours [Chalon-sur-Saône 1449-1450]», *Images de Saône-et-Loire*, 201 [marzo 2020].

Herbers, K. e Santos Noia, M. [ed.] [2001], *Liber Sancti Jacobi 'Codex Calixtinus': Libro IV*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Ibáñez Palomo, T. [2016], «El mundo artúrico y el Ciclo del Grial», *Revista Digital de Iconografía Medieval*, vol. VIII, n. 16.

Jeay, M. [2006], *Le commerce des mots. L'usage des listes dans la littérature médiévale [XII^e^-XV^e^ siècle]*, Genève: Droz.

Kelly, T. E. [1974], *Le Haut Livre du Graal: Perlesvaus*, Genève: Droz.

Le Goff, J. [2002], *La civilización del occidente medieval*, Barcelona: Paidós.

Le Pie, A. [1622], *Théatre funèbre*, Bruxelles: Chez Ferdinand de Hoy-maecker.

Lopes, F. [1895], *Chronica de El-Rei D. Fernando*, Lisboa: Escriptorio.

Marí i Brull, G. [2006], «Heráldica medieval: una creación cultural para una sociedad laica», *Mirabilia Journal*, 6.

Marx, J. [1996], *La Légende Arthurienne et Le Graal*, Genève: Slatkine Reprints.

Menéndez Pidal de Navascués, F. [1978], «Posibles vestigios en España de la heráldica artúrica», *Estudios genealógicos, heráldicos y nobiliarios en honor de Vicente de Cadenas y Vicent*, t. II. ??

Menéndez Pidal de Navascués, F. [1989], «El origen inglés de las armas de Galicia», *Museo de Pontevedra*, t. 48, 15-24.

Moralejo, S. [1993], «Fuste historiado con lenda épica [Tristán?]. Portada norte da Catedral de Santiago, 1105-1110», in Moralejo Álvarez, S. e López Alsina, F. [ed.], *Santiago, Camiño de Europa. Culto e Cultura na Peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Moralejo, A., Torres, C. e Feo, J. [ed.] [1951], *Liber Sancti Jacobi: Codex Calixtinus*, Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.

Nadot, S. [2012], *Le Spectacle des joutes. Sport et courtoisie à la fin du MoyenÂge*, Rennes: Presses Universitaires de Rennes.

Nisard, C. [1872], Étude *sur le Langage Populaire ou Patois de Paris et de sa Banlieue*, Paris: Librairie A. Franck.

Pardo de Guevara, E. [2007], «O escudo de Galicia. Orixe, significacións e evolución», in Barreiro Fernández, X. R. e Villares Paz, R. [eds.], *Os símbolos de Galicia*, A Coruña: Consello da Cultura Galega e Real Academia Galega.

Passy, A. [1879], *Dictionnaire du patois normand en usage dans le département de l'Eure*, Évreux: Impr. de C. Hérissey.

Picallo, H. [2021a], *O escudo do reino da Galiza: unha [re]visión [inter]nacional*, Santiago de Compostela: Sermos Galiza.

Picallo, H. [2021b], «Sormáns O Roxo. A Galiza literaria revela a real», *Sermos Galiza* [31-12-2021], 4-9.

Sánchez Badiola, J. J. [2010], *Símbolos de España y de sus regiones y autonomías. Emblemática territorial española*, Madrid: Visión Libros.

Shailor, B. A. [1991], *The medieval book: Ilustrated from the Beinecke Rare Book and Manuscript Library*, Toronto: University of Toronto Press.

Stratford, J. [1993], *The Bedford inventories: The Worldly Goods of John, Duke of Bedford, Regent of France 1389-1435*; London: Society of Antiquaries of London.

Thomas, C. [1981], *Christianity in Roman Britain to AD 500*, Berkeley: University of California Press.

Vaamonde Lores, C. [1918], «Un notable escudo de La Coruña», *Boletín da Real Academia Galega*, 126, 158-168.

Vaivre, J.-B. de [1972], «Les trois corounnes des hérauts», *Archivum Heraldicum: Internationales Bulletin*, ano 86, n. 1, 30-35.

affines occidit. Deleslan aut
gulmerii tyranni capit.
eumq; cū ducatis ex api
nis punctar. ex affrice cam
q̄situs. costātinopoli. uni
mano impatori ducat. sic
regnū uandalor cū pp̄o suo
atq; stirpe deler. ēm. d. lxx
p̄mānit. c. viii. ānis. agi
tenco rege. usq; ad gilbi
mir interitum. Eryh
at istoria uandalor regū.

ERMERICVS REX

Incipit.
Sueuor
omica.
ēm. cccc.
x. vi.

Sue
ui pn
cipe erme
nico. cum
alanis uandalis. simul
spanias ingressi sunt. atq;
omem galleciā cum uan
dalis occupāt. vandali aut
affricam transeūtib⁹. galle
ciam soli sueni sortti sunt.
Ub⁹ pfiunt in spanijs. erme
nicus annis xxx. ii. b⁹. Gal
leci aut in parte pruncie.
regno suo intrabant. quos
ermericꝰ assidua uastacio
ne dep̄dans. tandē morbo
oppilꝰ. pacē cum eis fecit.
Deelanē filiū suum. in re
gnum substituit. q̄ cum
magna parte exercitus
mittit. ad delendum roma
ne militis ducē. cum mꝫ
tis copijs. Asimgilui uerice
pruncie fluuiū. intro ue
nit. pstruunt magnis eis.
ann argentiq; copijs ac
cipatis. inde ementā ob
sessam ingredit. atq; ob
tentā pp̄o regno ad sociat.
Ermericꝰ aut pat eis. per
annos. viii. diuturno lan
gore effectꝰ interijt. ēm.
cccc. lxx. viii. Erme
nico defuncto. recilla filius
eius. regnat annos. viii.
q̄ post mortē patris. yspa
li obtenta. uerticam. tar
taginensē pruncias. in
suam potestatē reducit.
atq; inde ementā subactu

«Ermericus rex»
[*Corpus Pelagianum* [s. XII], BNE,
ms. 1513, f. 26v]

Biblioteca Nacional de España

Moeda de Requiario
«ivssv richiari reges»
«por orde do rei Requiario»
[BnF, mon. E.2770]



«Mirus rex galliciensis legatos ad gunthramnum regem direxit»
«Miro, rei galego, envía legados ao rei Gontrán»
[Gregorio de Tours, *Historia Francorum*,
Lib. V. BnF, Lat. 17655, f. 76v (perg. dos sécs. VIII-IX)]



Ano 832
«Ego ... Adefonsus rex ... postquam auxiliante deo regni tocius Gallecie ... suscepit culmen
... placuit animo meo ut solium regni Oveto firmarem...»
[*Tombo Vello de Lugo*, AHN, Cód. L. 1043, f. 7r]

ano 1025
«Imperator domnus Bermundus in Gallicia»
[*Cartulario de San Juan de la Peña.* AHN, C. 696, f. 7]



s. X
«Veremudus regnans Gallecie. signvm veremvdi regis gallecie»
[*Cartulario de Caaveiro.* AHN, Cód. L. 1439, f. 9]



Páxina 68
«Ego infanta Urracha ...tocius Gallecie imperatrix»
[*Tombo Vello de Lugo.* AHN, Cód. L. 1043, f. 16v]

Páxina 69
Ano 1214 [era 1252]
«Data in Crunia»
«SIGNUM ADEFONSVS REGIS LEGIONENSIUM ET GALLECIE»
[*Cartulario de Caaveiro.* AHN, Cod. L. 1439, f. 4] ano 1232 [era 1270]
«SIGNUM ADEFONSVS REGIS LEGIONENSIUM ET GALLECIE»
«SIGNUM FERRANDI DEI GRA[TIA] REGIS CASTELLE ET TOLLETI, LEGIONENSIVM ET GALLECIE»

ut in libr plagtis eoꝝ mcam pape remissione p̄cep. t cum uenim ante
tribunal iudicis tpi cum dono anglo nos poscere dignet ad clantate lum
inis am. Sigs p̄ncipium ut in futuro hec facta uota deo dispta roborata
in tempe ut ausserte conatu fiant piculum sui corpis incurrat. t in fuco ip
tuum aie detrimtu pactat. q dignu est ut qui talia disrupisse dignoscat
li undicta phenne puniat. p sctarū ū dampnis sit institutū. t q̄d in
cōmuni sa stabilitate pmaneat. nec ultra reuoluat. facta testamti seue. is.
nis octbs. Era. i. c. x. Ego comes Raimundus hunc sēptum testamti mi roborans
signū impono. Ego Urraca affonsi regis filia similem roborē oscio. Vecte
Era. ch. c. x. iij. v. id aplis. Decretum est q̄dem tum comitis dñi Raimūdi
comite Raimūdo nec nō et glōso p̄sule lucen petro atq; de cauto kalendas
agūm plurimis toto gallecie oscultis videlicet petro tuila. Suario. t onego. seu di
uisis nobilibus in lucen luco. ob honorē et laudē glōse uirginis quante et incre
mtū tocius patet. q̄m stabilitas habeat phennis tpis. Idest ut siquis ad temp
oris institutis celebritatem uni cuiusq; mensis kalendas negociatoribus p̄stitet
te pignus abstulerit. ut ausserte p̄cepit siue mā duentū quē admodum ad
rem̄sionē dñi uniusq; ad domū suam remisse sit. uniusq; hoc manifeste patu
erit. luceat dñō in cui rectitudine hoc scelus patuit ab ipō p̄sumptore. c. sōl
sine dubio s̄ p lucrū accipe. et q̄d inuaserit dño rei in duplo ersolu
erit. Qd si infra cīm mensē ipse cui tas hoc fm̄ fuit. et q̄sis hoc fecerit ni
sit indigena iusta institutā p̄decessorum regum ep̄o auctate ob noxā
maneat. et q̄d inuaserit in duplo restituat. Quod si colonus hoc fecit
ad supiorem satisfactione teneat. filiū. t de cēsu negociatoribus p una
quāq; patam eunubus ac forma decimā custodire. q̄ in usum ē ut his
qui pomium utilitate laborant p̄alienis inuidie mētem. t qui de
negotio uiuunt negociandi uia no inueniat. Ego comes Raimundus
in hac sene sēptum q̄ fieri p̄cepi manu mā ofr. Urraca Regis adefonsi
filia ofr. Testamti dñe Urrace infantis de eccā de Cauleo. t. Coeu

Sub nōie et impio patris et filij seu sps scī cui potestas phennis
p̄manet. Ego infanta Urraca adefonsi magni toletani imperatoris
filia tocī gallecie imperatrix et uxor comitis dñi Raimūdi magnifici duc
status p̄sp bone nobilitatis una cū assensu notarii patris mei toletani p̄nā
p̄sul lucen nobiliū uirorū gallecie p̄cerum. t done dñi mi ihu xpi
mat̄ gl̄ossime cui reliqas decus in lucen urbe uenerabile cauitate
magna celebratione diuinitatis ibidem diuinitus inspirata. facio
certum sēptum stabilitate firmissima de hereditate mā et familia q̄m

Nº 25

Nº de Era 1144. anno 1106. Petrus II. Lucensis episcopus

Nundinæ quibus fiebant apud Lucam septimo quoque mense.

Kalendis, id est, primo die cuiusque mensis.

Notabilia sunt hæc verba de celebratione divinitatis divinitus in ecclesia Lucensi inspirata. Reliqua indicio sunt antiquioris manus in margine annotata.

ODICES.L.1043

a malum aliqđ nec tortum nec forciam
millis. ⁊ mando ⁊ defendo qđ nullus nđ
homo. nec prestameiro non mittet mlt
Cautus nec ecclis. Et qui inde aliud fe
cerit. ⁊ iram mam habebit. ⁊ qntū pren
didit duplabit. ⁊ m. c. morabitanos
pectabit. Data in Cruma. vi. die mai.
Era. cc. xl.

Tlegion.

Testamtū fernādi rex castelle

Ego Fernand⁹ dī grā Rex Castelle.
et Tolleti. Legionen ⁊ Gallecie. Tous
qui hās ītas uiderint. Salutem et
grām. Sapiatis qđ mando sic mandau
pr mis p cartam suam qđ monastīum
scī Johānis de Caaueiro habeat libere et
quiete suos Cautos ⁊ suas Ecclias ⁊
suos seruiciales. sic eos habuit a tpre
Imperatoris usq; nunc. Et defendo fir
mit qđ nullus faciat ei malum aliqđ.
nec tortum. nec tortum. nec forciam
millis. ⁊ qđ nūc⁹ homo nec p stameiro n
mittet insūs Cautus. nec ecclis. Et q



Testamtū fernādi rex castelle. ⁊ le
gione de s. stphi de hereci.

Tam psentib⁹ qm futuris notum
sit ac manifestam quod ego
FERRANDVS dei grā Rex Castel
le et Tolleti Legion ⁊ Gallecie ⁊ Cordo
be. ex assensu ⁊ beneplacito Regine
dne Berengarie genitricis mee. una
cum vxore mā Regina Johanna ⁊ cū
filiis mis. Alfonso. Frederico ⁊ Ber
rando. Facio Cartam donationis. cō
cessionis. confirmationis ⁊ stabilita
tis deo ⁊ Monastīo scī Johannis de
Calauano ⁊ vob dnarino ruderici
eidem instanti pōri ⁊ successorib⁹ uris
tortq; canonicor. Comentū psentib⁹



«... o reyno de Gallisia he hun dos quatro reynos prinçipaas contenidos enna dita coroa ... et devía [o rei] mandar chamar aos procuradores da çidade de Santiago, como cabeça do dito reyno de Gallisia, et outrosy os procuradores das ditas çíbdades do dito reyno de Gallisia para ... faser repartimento dos ditos pedidos e asy por elles fosen outorgados»
[AHPOu, *Concello*, IV, 24129/01, f. 188r]

Armas de Santo Eduardo e dos reis de España, de Galicia e de Navarra no *Segar's Roll* [BL]



Descrición do escudo de Galicia segundo o *Armorial dit du héraut Vermandois* [BnF]

Alexandre Magno, co escudo do rei Artur, e o rei Porrus, co de Galicia, no *Talbot Shrewsbury book* [BL]

Alexandre Magno, co escudo do rei Artur, e o rei Porrus, co de Galicia, no *Talbot Shrewsbury book* [BL]

Escudo de Sormans le Roux na obra *Cléomadès* [1285] de Adenet le Roi [recreación de Martiño Picallo]

Armas de Arvin le Felource [BnF]

Armas de Galicia
no *Sherborne Missal* [BL]

Cartel do simposio. 50 x 70 cm
Deseño, Disigna Edenia SL

Representacións do escudo de Galicia nos *armoriais Egerton Tract* [BL], *Redinghoven* [BSB], *Lyncenich* [KBR] e *Bergshammar* [RA]

Escudo de Galicia no *German Armorial* [Lambet Palace Library]

Galicia no *Blasón General de todas las insignias del Universo* [BNE]

Brasón de Galicia no *Libro de Armería de Diego Hernández de Mendoza* [Biblioteca de El Escorial]

Miniatura coas armas de Galicia no *Livre du Cœur d'Amour épris* [BnF]

Brasón de Galicia do *armorial de Jean Faucquet* [YUL]

Galicia nos *armoriais de André Rineck* [ONB], *de Jean V de Bueil* [BnF], *Nancy* [BmN] e *Coislin-Séguier* [BnF]





Descrición do palafrén Galicia nas exequias de Fernando de Aragón [BnF]

Armas de Galicia no tapiz de Franz von Tassis [*Musée de la Ville de Bruxelles*]

2

Tardorromana

e sueva

Reis antes do reino:

arredor da entidade e pervivencia das xefaturas tribais galaicas ata o albor da Idade Media

Martín Fernández Calo

RESUMO. Na antiga *Gallaecia*, moito antes do Reino medieval, documéntase unha institución que compartiu trazos do que podemos dar en chamar «realeza», o *principatus* galaico, cuxo nome figura en varias inscricións de época romana, remitindo a un fondo cultural indíxena, castrexo. O *principatus* afástase do universo institucional da realeza medieval cristiá arredor da que versa este Congreso, contrapondo en troques un fondo pagán, indoeuropeo, que remitiría a unha xefatura tribal estadialmente anterior á conformación do Estado, da que son numerosos os paralelos antigos, e da que o *principatus* constituiría un exemplo de plasmación rexional.

Neste relatorio preséntase un resumo dos coñecementos actuais arredor da devandita institución, que xunguen os datos das inscricións romanas que o documentan canda indicativos da cultura material e inmaterial da Prehistoria galaica.

A xefatura que agocha o *principatus* é sen dúbida moi anterior á súa plasmación epigráfica, pero tamén poida que acadase unha ampla supervivencia posterior, non documentada de maneira directa. Malia que a evolución política da *Gallaecia* romana foi lesiva para as estruturas tribais anteriores e as súas xefaturas, numerosos indicativos literarios e arqueolóxicos de época tardo-antiga e medieval suxírennos a súa supervivencia marxinal en certas áreas. Así pois, explóranse algúns destes indicativos, que poden enriquecer a perspectiva das orixes do Reino medieval galego: un Estado de dereito propio construído sobre un poder local xurídica e organizativamente máis rico e diverso do que se adoita concibir, no que houberon de figurar aínda as vellas estruturas tribais galaicas e as súas xefaturas.

RESUMEN. En la antigua *Gallaecia*, mucho antes del Reino medieval, se documenta una institución que compartió rasgos de lo podría denominarse «realeza»: el *principatus* galaico, cuyo nombre figura en varias inscripciones de época romana, remitiendo a un fondo cultural indígena, castrexo. El *principatus* se aleja del universo institucional de la realeza medieval cristiana sobre la que versa este Congreso, contraponiendo a ello un fondo pagano, indoeuropeo, que remitiría a una jefatura tribal estadialmente anterior a la conformación del Estado, de la que son numerosos los paralelos antiguos, y de la que el *principatus* constituiría un ejemplo de plasmación regional.

En este relatorio se presenta un resumen de los conocimientos actuales sobre dicha institución, conjugando los datos de las inscripciones romanas que la documentan con indicativos de la cultura material e inmaterial de la Prehistoria galaica.

La jefatura que esconde el *principatus* es sin duda muy anterior a su plasmación epigráfica, pero también puede que alcanzase una amplia supervivencia posterior, no documentada de forma directa. Pese a

que la evolución política de la *Gallaecia* romana fue lesiva para las estructuras tribales anteriores y sus jefaturas, numerosos indicativos literarios y arqueológicos de época tardo-antigua y medieval nos sugieren su pervivencia marginal en ciertas áreas. Así pues, se exploran algunos de estos indicativos, que pueden enriquecer la perspectiva de los orígenes del Reino medieval gallego: un Estado de derecho propio construido sobre un poder local jurídica y organizativamente más rico y diverso de que se suele concebir, en el que debieron figurar todavía las viejas estructuras tribales galaicas y sus jefaturas.

ABSTRACT. In ancient Gallaecia, long before the medieval Galician kingdom, there was an institution that shared features of what can be called «kingship»: the Gallaecian *principatus*, whose name appears in a couple of inscriptions from Roman times, linked to the indigenous Castro culture. The *principatus* is way different from the institutional universe of the medieval Christian kingship that is the subject of this Congress, recalling instead a pagan, Indo-European background, which would refer to a tribal chieftainship in a stage preceding the creation of the state. There are numerous ancient parallels of this, and the Gallaecian *principatus* is one regional example.

This lecture presents a summary of current knowledge about this institution, combining data from Roman inscriptions that document it with evidence of the material and immaterial culture of Gallaecian Prehistory.

The chieftainship behind the *principatus* existed undoubtedly long before than its epigraphic embodiment, but it may also have achieved a later, yet not directly documented, widespread survival. Although the political evolution of Roman Gallaecia was detrimental to the earlier tribal structures and their chiefdoms, a huge literary and archaeological evidence from the late antique and medieval periods suggest their marginal survival in certain areas. Thus, some of these indications are explored, which may enrich the perspective of the origins of the medieval Galician kingdom: a state in its own right built on a framework of local polities that were juridically and organizationally richer and more diverse than the usual perception, in which the old Gallaecian tribal structures and their chiefdoms must still have been present.

Introdución

Permítanseme antes de entrarmos en materia unhas palabras de xustificación conceptual. Alguén poderá advertir que o título deste Relatorio incorre nalgún oxímoro: como pode haber reis «antes» dun reino, cando semellan termos mutuamente contidos? E se conforme a certa teoría antropolóxica asumimos que a tribo e a xefatura son estadios organizativos distintos e sucesivos, que conxuntamente anteceden ao Estado[1], non resultará contraditorio iso de «xefatura tribal»? Non é lugar o presente Relatorio para enfrascármonos con tales pormenores conceptuais. Cada concepto das ciencias sociais foi definido tantas veces que case non se pode dar un paso sen ofender a susceptibilidade dalgunha corrente. E agora mesmo non quero tomar partido; só xustificar un título, tendo deixado canda menos constancia de estar ao tanto dos problemas nos que, para moitos, incorrerán os termos escolleitos.

Decidín plasmar tales termos, en efecto, sen máis intención ca condensar e ilustrar de maneira se cadra pedestre, pero clara e vívida, a materia que imos tratar. Se falamos de «Reino», e Reino con maiúscula, resultará obvio que nos estamos a referir a ese reino, a ese Estado, que en Galicia se foi configurando dende o século V. Imos tratar, precisamente, entidades que non poden ser equiparadas a ese Estado, de feito sociedades sen Estado, tribos, que tiveron á súa cabeza xefaturas, autoridades soberanas, poida que rexias, antecedendo e –veremos– convivindo co Reino medieval galego.

Estas xefaturas galaicas tiveron unha vivencia histórica particular. Un ciclo antigo, que transita do seu auxe á súa decadencia; e un ciclo medieval, que de feito arrinca na Tardoantigüidade, cando esta decadencia se viu freada e mesmo deu paso a un certo rexurdimento ao abeiro de diversos avatares históricos, no medio do devalo, máis xeral, da civilización clásica. É isto que abre un período de contacto, de dialéctica e de influencia

1 Estou a pensar no popularísimo esquema de E. R. Service [1984, pp. 170 ss.].

mutua, entre as tribos e o nacente Reino medieval. Tal é a materia e os eixos nos que artellamos o relatorio que expomos a continuación.

1. O ciclo antigo

Asumir a existencia de xefaturas tribais na Galicia pre-histórica, antiga e medieval podería incitar outros tantos debates, ferir outras tantas susceptibilidades, coma as que deixabamos aparcadas antes. Tampouco agora podemos estendernos: abonde con sinalarmos que as posturas ao respecto foron diversas e contraditorias. Así, as obras históricas –ou neste caso, máis ben mitográficas– medievais e renacentistas, das que veremos algún exemplo, situaban con naturalidade reis na nosa Antigüidade; dende o Romanticismo, os estudos comparativos engadiron a extrapolación ao pasado galaico das realidades sociais suxeridas polas literaturas chamadas celtas, entre as que por suposto se atoparía sobranceiramente a realeza[2]. Porén, este optimismo foi en grande medida contido pola arqueoloxía do último terzo do século XX. En efecto, dende entón moitos estudosos dubidaron da presenza de xefaturas na Idade do Ferro galaica por mor da opacidade que ao respecto amosaba, e amosa, o rexistro material castrexo. Algúns mesmo as rexeitaron con rotundidade; os máis contentáronse con sortearen unha cuestión, coma esta, alegadamente allea á súa disciplina. Pode haber base, entón, para desenvolvermos o asunto que temos entre mans?

Mais a constatación na Antigüidade dunha xefatura tribal galaica é en realidade firme ao abeiro da documentación dispoñible. Dúas coñecidas inscricións funerarias, o sepulcro dos príncipes de Lugo e mais a estela da Veiga, datadas sen moita precisión por volta do século I inicial –nos comezos do dominio romano, ben antes do Reino–, renden memoria a tres defuntos homenaxeados co sobranceiro título de *principes*: Vecio e o seu fillo anónimo en Lugo, e Nícer ou Clutoso na Veiga; os cales estarían asemade á cabeza das tribos dos cóporos e dos albións, respectivamente[3]. [Fig. 1]

O valor destes excepcionais documentos nunca se puxo en dúbida, chamando os enigmáticos *principes* que mencionan a atención dos investigadores dende que foron descubertos. Si se puxo en dúbida o valor, semántico, do *principatus* por eles documentado. A opción maioritaria, cómpre dicilo, foi sempre a dunha xefatura tribal pre-romana que subsistía a ini-

2 Extrapola unha presunta xefatura gala, por exemplo, o patriarca da historiografía galega, M. Murguía [1865, p. 439].

3 Respectivamente Arias, Le Roux, Tranoy, 1979, nº 34; Diego, 1985.

cios do dominio romano en Galicia; pero ata isto, que debuxou o máis parecido ao consenso ao que se chegou na cuestión, foi acollido con escepticismo ou mesmo rexeitamento por non poucos investigadores, que opuxeron moi distintas interpretacións.

Fig. 1. Epigrafía principesca galaico-romana.
Sepulcro dos príncipes de Lugo [esquerda] e estela da Veiga [dereita]. A partires dos traballos do autor citados no texto.

1.1. O principatus galaico: características e atributos

Fronte ao dito, ao meu xuízo non hai base firme para afastarmos moito a interpretación do *principatus* galaico desa xenérica imaxe que vimos de presentar. Hai base, de feito, para a concretarmos ben máis. Veño de publicar hai un par de anos *Callaici principes* [Fernández Calo, 2020a], resultado das miñas pescudas arredor desta institución e de todas as demais da Galicia antiga; e causa, non o dubido, do meu convite para lles ofrecer o presente Relatorio. Nese libro encetei unha análise interna exhaustiva das inscricións en cuestión, acotío a través de detalles que se tiñan pasado por alto; e o resultado foi o recoñecemento dunha serie de trazos definidores para o *principatus* galaico, os cales me permito resumir de seguido.

En primeiro lugar, o contexto funerario e múltiples paralelos epigráficos sobre os que non podo estenderme aquí evidencian que o título *princeps* se refire a unha verdadeira institución política, non un mero eloxio que se quixese dar aos defuntos lembrados nas inscricións. A onomástica total ou maioritariamente non latina e o contexto xurídico «peregrino» –isto é, alleo ao dereito romano– no que con certeza situamos as inscricións evidencian, pola súa banda, a impronta indíxena dos *principes*, que nada teñen que ver cos usos e costumes romanos, senón cos autóctonos. A estimación cronolóxica do desempeño dos *principes* documentados, que polo tema funerario e as concrecións etarias dos individuos mencionados nas estelas non se limita á data de erección destas senón a varias décadas –e xeracións– atrás, redunda neste contexto indíxena,

que podería ser mesmo anterior á conquista romana. O engadido ao título principesco dun xenitivo plural de certas tribos, concretamente *Albionum* e *Copororum*, delimita a proxección territorial do mesmo, precisamente, a nin máis nin menos do que unha tribo. E tal emprego de xenitivos de plural no canto de adxectivacións, e o feito de na epígrafe de Lugo se especificar repetidamente o título principesco para os dous defuntos nela honrados, apunta necesariamente a que o *principatus* era exercido de maneira exclusiva por unha soa persoa, tratándose pois dunha dignidade unipersoal e non compartida ou colexiada. Do mesmo xeito, a temática funeraria das inscricións apunta a que os príncipes finaron en cargo do seu *principatus*, de maneira que este se exercía de maneira vitalicia. Finalmente, o feito de que os *principes* da inscrición de Lugo fosen a todas luces pai e fillo –honrándose, podemos engadir, nunha especie de panteón familiar por iniciativa explícita dos seus herdeiros– suxire que o mecanismo de reprodución social da institución fose a herdanza familiar; ou dito doutro xeito: a sucesión dinástica.

Da conxunción de todas estas características impostas pola análise atenta da documentación dedúcese un corolario ineludible: o *principatus* era unha xefatura propia das tribos galaicas que sobrevivía despois da conquista romana; e dado o exercicio unipersoal e a dinámica de sucesión dinástica e vitalicia á que estaba suxeito, pode facerse equivaler a unha sorte de realeza tribal.

Mais tamén o propio rexistro material da época contén suxestións arredor do desempeño social destas xefaturas. A epigrafía principesca sitúase nun contexto nos que está a chegar a influencia cultural romana, pero no que permanece con forza a cultura castrexa autóctona. E as últimas fases desta, aquelas que precisamente mellor asociamos á cronoloxía das inscricións, arroxan algúns dos seus materiais máis ricos e característicos, que de seu evocan senlleiras relacións co *principatus*. Os torques, os colares de ouro castrexos, figuran como o signo material por antonomasia da soberanía entre os antigos galaicos. A escultura e a metalurxia castrexas conteñen representacións artísticas de tronos e de cerimonias sacrificiais que probablemente cumpra pór en relación tamén coas funcións das xefaturas étnicas da época, que son as mesmas ás que se refiren os *principes* das inscricións romanas. Os *principes* galaicos, cuxa memoria se conservou en lápidas romanas, foron partícipes dun cerimonial, dunha ideoloxía, duns usos e

costumes autóctonos que podemos explorar, de maneira frutífera, por outras vías.

1.2. Realezas tribais, principatus gentis, principatus galaico

Recuarmos, grazas ao *principatus*, a historia da realeza galaica ata o limiar da Era cristiá e do dominio romano, que na Galicia é o mesmo ao limiar da Prehistoria, poderá se cadra resultar chocante. Porén, non o é tanto en realidade. Contra o que moitos pensarán, na Idade do Ferro mediterránea e europea, contrastando con outros momentos históricos, a realeza estivo en certa medida asociada ao atraso económico, á precariedade organizativa, á falta de estratificación social; mesmo ao goberno consensual e á falta de poder efectivo! Os «reis» que evocan as fontes históricas e mitolóxicas antigas, nomeadamente gregas, non debían de seren moito máis ca precarios xefes tribais, fortemente ancorados nese ambiente organizativo; un arcaísmo que sucederán outras realidades co devir histórico. A Idade do Ferro, en efecto, deu paso a unha era de cidades-estado e repúblicas, e a realeza sobreviviu mellor aló onde aquelas máis adiaron a súa aparición: aló onde por máis tempo subsistiu a organización tribal[4].

O *principatus* galaico, polo demais, non é unha singularidade da nosa documentación rexional, senón que forma parte dunha grande familia institucional e epigráfica: o *principatus gentis*, xefaturas tribais documentadas profusamente ao longo do Imperio Romano en circunstancias semellantes. A súa distribución, con todo, é moi irregular: África, o Oriente latino, certas rexións do Oriente helénico –aquí con denominacións dispares, naturalmente–, e uns poucos puntos do Occidente, entre os que figura a nosa *Gallaecia*[5]. Tal irregularidade débese á natureza mesma da institución; ao proceso ao que nos referimos antes. Aquelas sociedades rurais, afastadas das grandes rotas comerciais, que adiaron os seus procesos de estratificación social e de urbanización e, canda eles, a creación de cidades-estado republicanas, prolongaron tamén consecuentemente a vida das súas vellas autoridades tribais. A *Gallaecia* é só un exemplo disto.

Grazas á nosa epigrafía principesca testemuñamos, pois, a presenza no albor da Era cristiá de xefaturas tribais galaicas, que moi probablemente, e como acontecía en moitas outras rexións, se tiñan por realezas das súas respectivas tribos. Necesariamente, tales xefaturas tiveran antes da súa plasmación epigráfica unha ampla vivencia na Prehistoria galega; deben

4 Convido ao lector a afondar nos diversos estudos de caso ao redor deste proceso en Fernandez Calo, 2020a.

5 Un recente, exhaustivo e sintético inventario atópase en Blöck, Lauber, Tränkle, 2016. Menos esquemático, permítome remitir tamén ao meu Fernández Calo, 2020a.

de serviren de base e xustificación, como defendín en *Callaici principes*, para explorar a escurísima estrutura institucional da cultura castrexa e das etapas crono-culturais anteriores. Antes do Reino medieval, a nosa terra foi sen dúbida marco do desenvolvemento doutras realezas ben diferentes, de carácter tribal, arcaico, pagán; expresión rexional, en fin, da institución rexia indoeuropea [Fernández Calo, 2020a].

1.3. Da realeza tribal á república na Gallaecia

A Prehistoria do *principatus* non semella, abofé, exenta de interese; mais coido que pende sobre nós un outro interrogante ben máis consecuente co propósito deste Congreso: que foi do *principatus* «despois» de que os seus posuidores documentados fosen enterrados e lembrados nos epitafios que conservamos?

Cómpre evocar outra volta, inevitablemente, o proceso político que caracterizamos antes, de maneira superficial, para o todo o Mediterráneo antigo; pero centrándonos agora na *Gallaecia*. Se o testemuño de *principatus gentis* é evidencia da inhibición das forzas estruturais que crearon a cidade-estado e a república antigas, éo tamén de que tales forzas comezaban a tomaren forma. Abofé, a epigrafía romana constitúe un ítem cultural indisociable de tantas outras influencias que operaban na aculturación, na apertura comercial, na urbanización, na estratificación social, na transformación política. Paradoxalmente, a nosa epigrafía principesca devén pois testemuño do *principatus*, e asemade agoiro da súa desaparición.

Como modelo teórico, en efecto, o *principatus gentis* está inexorablemente asociado ao *principatus ciuitatis*. Así o explicou o romanista polaco T. Kotula: no contexto da romanización, o *princeps* de *gens*, de tribo, dá naturalmente paso ao *princeps* de *ciuitas*, de cidade-estado. E se o primeiro é xefe tribal, o segundo é membro das elites urbanas, que son tamén elites políticas, pola súa consubstancial participación na república local [Kolula, 1964]. No noso caso, temos suxerencia explícita disto no sepulcro de Lugo: os herdeiros dos *principes* dos cóporos, unha tribo do centro da actual Galicia, enterraron aos seus devanceiros na cidade de Augusto. Unha familia de *principes gentis* deveu en *principes ciuitatis*... Todo o orbe romano non ofrecerá moitos exemplos prácticos que referenden mellor o modelo teórico de T. Kotula.

Mais a evidencia da transformación política non se limita a iso. A epigrafía institucional galaico-romana, o conxunto de inscricións que documentan institucións políticas, vai máis aló dos epitafios principescos aos que nos temos referido. Xa no primeiro estadio histórico desta documentación, o «pre-municipal», o *principatus* atópase isolado, como única institución encadrable nun estadio organizativo tribal. Todas as demais institucións documentadas daquela son xa a todas luces republicanas: *concilia*, *legati*, *magistratus*, *senatores*; o que evidencia que os pobos galaicos, non moito despois de seren conquistados polos romanos –e se cadra dende antes–, comezaban a adoptaren a república como forma de goberno, mesmo en contextos netamente rurais. E os castros urbanos, que floreceron profusamente na *Gallaecia* bracarense, antóllanse pola súa banda o signo material paradigmático da adopción rexional da cidade-estado [Fig. 2] [Fernández Calo, 2016]. No albor da era cristiá, en efecto, o *principatus* sobrevivía só nunha parte concreta da *Gallaecia*: as súas bisbarras centrais e setentrionais. Todo o demais xa bascula ra deica a república. O *principatus* perfílase, dende a súa primixenia constatación documental, como unha supervivencia tribal nun ambiente indubidablemente adverso.



Fig. 2. Institucións da Galicia romana.
Cada punto representa un rexistro documental de institucións ou denominacións estatutarias de cada familia institucional enunciada. A partires dos traballos do autor citados no texto.
[Mapa Martín Fernández Calo]

Mais non nos referimos aínda ao seguinte chanzo histórico da nosa epigrafía institucional, o «municipal», que vai diluír mesmo a dicotomía rexional que vimos de bosquexar. Se na etapa pre-municipal as formas políticas eran aínda indíxenas, e a súa plasmación epigráfica con títulos latinos é resultado de mera *interpretatio*, a introdución do dereito romano e dos estatutos municipais vai producir un cambio na natureza mesma dos sistemas políticos locais. Arredor do ano 70 d.C., o emperador flavio Vespasiano concederá o privilexio xurídico do *ius Latii*, a cidadanía latina, a todas

as comunidades da península ibérica; e este privilexio será empregado xeneralizadamente, tamén na *Gallaecia*, para adaptar ao dereito romano os sistemas políticos e xurídicos locais, e para constituír as comunidades indíxenas en *municipia*, «municipios» que os romanos entendían como cidades-estado de réxime republicano integradas no seu dereito e no seu Imperio. A epigrafía desta nova etapa, canda certas fontes literarias, arroxan multitude de testemuños de institucións municipais, moitos máis cós da etapa anterior: *duumuiri*, *curatores*, *ordines decurionum*, *principales curiae*, *cursus honorum* municipais, e títulos constitucionais como *res publica* ou o propio *municipium* son só algúns exemplos, que se repiten con profusión entre as máis diversas comunidades locais galaicas [Fig. 2] [Fernández Calo, 2018a]. As relacións co sepulcro de Lugo volven antollarse significativas: un documento do século IV, o moio de Ponte Puñide, rexistra uns *principales curiae* –un importante cargo municipal– nun contexto xeográfico que a todas luces se corresponde ao dos cóporos, a patria dos *principes* de Lugo. Está claro, pois, que no caso preciso desta tribo non só so os seus *principes gentis* se converteran en *principes ciuitatis*, como viramos antes, senón que toda a comunidade transicionara da organización tribal á municipal.

O *municipium* é a consagración do cambio que se viña operando dende a etapa anterior: a constitución do que foran tribos galaicas en repúblicas locais, agora de dereito romano. Un cambio que, a xulgar pola documentación, podemos situar no tránsito do século I ao II d.C.; a mesma época que asiste, non casualmente, á xeneralizada extinción do poboamento castrexo en case toda a *Gallaecia* a prol dos, hoxe por hoxe, case descoñecidos *uici* –precedentes romanos da aldea– e dos aglomerados urbanos capitais de *municipium*. Toda a cultura galaica pre-romana diluíase: se a etapa anterior viámola adversa ao *principatus*, ou sexa, ás xefaturas tribais remanentes, estoutra antóllaselles, se cadra, incompatible.

2. O ciclo medieval

Poderá ter agromado unha certa decepción, se o que procurabamos era establecer vencellos entre esta sorte de reis pagáns da Antigüidade e o Reino medieval. Emporiso, nas ciencias sociais, e en Historia –e non digamos en etapas históricas tan pouco documentadas coma a que nos ocu-

pa–, as valoracións absolutas, mesmo ao máis rigoroso abeiro da documentación, poden estar fóra de lugar. É certo que os indicativos documentais de xefaturas tribais desaparecen canda a epigrafía principesca, e que por volta do século II d.C., era dourada do Alto Imperio Romano, proliferan evidencias dun novo réxime político extremadamente distinto ao anterior. Mais isto non implica que aquel réxime político anterior desaparecese. De feito, malia non volver haber rexistros documentais de *principes*, si van emerxer outros claros indicios da permanencia, e recuperación, de estruturas tribais en certas bisbarras da *Gallaecia*.

2.1. Tribos tardo-antigas, ou a «re-barbarización» da Gallaecia

En primeiro lugar, o poboamento castrexo non desapareceu no contexto da municipalización que vimos de describir, malia o seu patente abandono xeneralizado. En moitas bisbarras marxinais resistiu; e en xeral chegou mesmo a se revitalizar a partires do século III. Trátase agora dunha inflexión asociable ás transformacións sociais do Baixo Imperio, que trouxo en moitas provincias do Occidente o reforzamento do poboamento en altura. Non é este, como imos ver, un fenómeno isolado senón encadrado nunha recuperación moito máis ampla e multifacética das formas de vida e das culturas anteriores á romanización: algo que podemos dar en chamar «re-barbarización»[6].

Paradoxalmente, esta inflexión coincide na *Gallaecia* e noutras provincias coa proliferación dun elemento característico da romanidade, as *uillae* romanas. Poida que a expansión do latifundio e da aristocracia fundiaria, que certifican estas, estea en relación coa expulsión de continxentes labregos libres a zonas agrícolas marxinais, e de aí o rexurdimento castrexo. Sexa como for, os castros serodios foron dende logo unha peza constituínte, e non precisamente favorecida, da sociedade provincial da época. Lembremos que o subdesenvolvemento fora o mellor aliado das xefaturas tribais, que só deixaron paso a novos sistemas políticos logo da incidencia de procesos de apertura comercial, urbanización e estratificación social. O rexurdimento castrexo que estamos a describir denota a reversión deste binomio: recupéranse as formas de vida e de organización antergas; logo poida que tamén se recuperase o vello universo cultural, ideolóxico, institucional. Poida, nunha palabra, que xefaturas semellantes ao *principatus* volvesen agromar neste período.

6 Ou a «segunda barbarie» dos «bárbaros intra-liminares» sobre os que se debruzou no seu interesante libriño C. Alonso del Real [1972].



Fig. 3. Torque de Viladonga II. A partires de fotografía do Museo de Viladonga.

Resultaría probablemente ousado pretender algún referendo material a prol desta sospeita, mais non podo deixar de evocar un exemplo que xa teño repetido nalgunha ocasión. En xeral, os castros serodios son mal coñecidos, só de maneira accesoria aos niveis máis antigos que acaparan o interese arqueolóxico; e os materiais recuperados adoitan ser extremadamente pobres. Mais no medio de tan decepcionante panorama sobrancea a notable excepción de Viladonga. Este castro non só sobreviviu no Baixo Imperio, senón que foi nesta etapa na que viviu o seu auxe ocupacional, chegando a ser unha comunidade rica e de grande influencia; se cadra un verdadeiro *caput ciuitatis*. Resultaría, con todo, difícil pensar que neste asentamento de planta castrexa o sistema político fose de planta romana; que entre as cabanas e parapetos se paseasen en toga curiais e maxistrados municipais. As autoridades locais dos castros serodios, mesmo na rica Viladonga, houberon de seren outras. E a cuestión é que en Viladonga se atoparon varios torques en contexto arqueolóxico: o segundo deles, canda algún fragmento, asociados a materiais datados no intervalo do século II ao IV [Ladra, 2002, p. 186][7]. [Fig. 3] O que significa que, en Viladonga, moito despois dos Flavios, probablemente no Baixo Imperio, seguía vixente o grande símbolo material autóctono da soberanía. Non podemos evitar imaxinármonos que estes torques adobiasen o pescozo de xefes tribais; naturalmente nun contexto distinto ao que trazamos antes: xefaturas que se cadra xa non exercesen a súa autoridade sobre tribos enteiras, senón só sobre castros baixo a xurisdición de *municipia* e a influencia da aristocracia fundiaria.

Como dicimos, os castros serodios son grandes descoñecidos. A investigación arqueolóxica nunca os tivo no punto de mira, e se recentemente semella que si comeza a agromar timidamente un interese xenuíno pola arqueoloxía tardo-antiga e medieval galega, os «castros» que están a concentraren as intervencións e as descubertas máis significativas son doutra

7 A noticia arqueolóxica do achado pode consultarse en Chamoso, 1995, pp. 23-24.

tipoloxía ben distinta: «proto-castelos» que funcional e morfoloxicamente se afastan dos poboados labregos fortificados da Idade do Ferro[8]. Non intuímos neles remanencias tribais nin marxinalidade cultural ou socio-económica, senón precisamente outro síntoma da estratificación e do artellamento aristocrático do territorio galaico, máis militarizado cás *uillae* e substitutivo das mesmas; unha sorte de «proto-feudalización» que, en calquera caso, semella difícil de asociar a xefaturas tribais.

Emporiso, do mesmo xeito que o testemuño das xefaturas castrexas depende de fontes escritas –os epitafios principescos que tratamos no seu momento–, é nelas que atopamos tamén os indicativos máis relevantes da remanencia e rexurdimento tribal na Galicia tardo-antiga. Xa as fontes cronísticas conteñen numerosas referencias a etnónimos, se cadra referentes a tribos, como suxeitos de confrontación perante suevos e visigodos: *Annouenses*, *Auregenses*, *Sappi*, etc. [Hyd., *Chron*., 202; 233; 239; 249 [197; 229; 235; 243]; Bicl. *Iust*., VII, 5]. É significativo que o bispo Hidacio de Chaves, no seu *Cronicón*, insista acotío na importancia que tiveran os *castella*, «castros», como acubillo para os seus compatriotas[9]; e tamén que discrimine as referencias de galaicos e romanos na *Gallaecia* do seu tempo[10], como se efectivamente se referise a realidades socioloxicamente dispares –comunidades tribais fronte a comunidades municipais?–… Aínda que isto non semella doado de verificar.

Porén, o testemuño máis relevante do rexurdimento tribal da *Gallaecia* tardo-antiga non podía vir da man senón da que se cadra sexa a fonte escrita máis importante da época: o *Parroquial suevo*. Este documento, datado no século VI, é basicamente unha relación de igrexas rurais arrombadas por bispados; e se en xeral estas se identifican, como é natural, con topónimos, outras fano con etnónimos, que responden case sempre ao substrato lingüístico pre-latino e mesmo repiten acotío nomes de tribos que séculos antes rexistraran os xeógrafos romanos. Significativamente, os *Coporos*, que na documentación romana, logo dos *principes*, viamos transicionar progresivamente cara a organización municipal, aparecen agora como igrexa étnica. Mais non son nin moito menos unha excepción: hai ducias de exemplos, entre os que podemos citar *Beualos*, *Celticos* ou *Euuesis* entre os etnónimos antigos; ou *Bregantinos*, *Camianos* ou *Fraucelos* [*Par*., I, 17; III, 6; IX, 4; X, 9; XI, int.[11] entre os xurdidos por primeira vez como tales no *Parroquial*. As «igrexas étnicas» concéntranse nos bispados de Iria e Ourense, áreas certamente marxinais do

8 Entre os traballos xerais sobre o particular podemos remitir a Rodríguez Resino, 2007, pp. 137-138; Sánchez Pardo, 2012, pp. 29-56; Fernández Pereiro, 2018. Destaca hoxe a implicación neste asunto do proxecto de investigación *Sputnik labrego*, no que se enmarcan algúns dos autores citados, entre outros.

9 Nomeadamente, Hyd., *Chron*., 91 [81].

10 Malia a xeneralización da referencia aos «galaicos» como parte do conflito cos suevos, o cronista limiao refírese especificamente aos *Romani* a propósito da caída desta cidade no 460 [Hyd., *Chron*., 199 (194)].

11 Sigo as restitucións ortográficas que teño defendido en M. Fernández Calo, 2020b.

Fig. 4. Igrexas étnicas e cecas da serie Latina. Localización aproximada das igrexas étnicas e cecas da serie Latina documentadas en época tardo-antiga. A partires dos traballos do autor citados no texto. [Mapa Martín Fernández Calo]

Reino, potencialmente proclives ás remanencias culturais[12]. [Fig. 4]

Non esquezamos, neste punto, o factor arqueolóxico, con independencia de que a comprensión do problema precisaría de estudos exhaustivos e monograficamente orientados, e non o mero anecdotario que podemos desenvolver aquí. Adiantamos antes a cuestión dos castros serodios coma unha tendencia habitacional inseparable das *uillae* romanas. Mais agora introducímonos no período xermánico, e as *uillae* desaparecen. Neste caso, como no proceso de abandono alto-romano dos castros, o substituto arqueolóxico é aínda un enigma[13]. Apúntanse as tendencias «proto-feudalizadoras», coa emerxencia coetánea dos xa mencionados «proto-castelos»; mais non podemos deixar de contrapoñer outro argumento: así como a construción de *uillae* é produto inequívoco do avance da estratificación social, o seu abandono poderíao ser tamén da reversión deste proceso. O período post-romano, non en van, é considerado por moitos como unha sorte de «idade de ouro» do campesiñado. Resúltanos inevitable suxerir, pois, que entre os sectores subalternos favorecidos por esta aparente retracción das elites fundiarias, puidesen estar as comunidades tribais remanentes. A clave estará sempre, coido, no contexto local.

2.2. Algunhas primicias arredor do bispado iriense

Centrémonos agora pois, se se me permite, nun destes ámbitos intra-rexionais; un que me veu ocupando ultimamente nos meus intermitentes esforzos investigadores, e que nos facilitaría completar este apartado do Relatorio coas primicias dunhas pescudas aínda inéditas. Refírome ao bis-

12 Permítome remitir ao meu estudo Fernández Calo, 2019.
13 Remitamos, con todo, ao clarificador traballo de J. C. Sánchez Pardo [2010].

pado de Iria, que na Tardoantigüidade semella concentrar como ningún outro do territorio galego os indicativos da «re-barbarización» á que nos estamos a referir, e concretamente –e velaí o seu principal interese– da permanencia lingüística.

Xa temos apuntado que os indicios arqueolóxicos deste proceso son mal coñecidos e non teñen gozado de moita atención entre os investigadores. E con todo, no bispado de Iria coñecemos algúns xacementos significativos que o exemplifican con grande verosimilitude.

Citemos, en primeiro lugar, A Coruña. Centro privilexiado da arqueoloxía urbana galega, cun puxante pasado romano –abonda con nomear a torre de Hércules–, os traballos arqueolóxicos mostran que xa dende o Baixo Imperio se retraeron o espazo urbanizado da localidade e os materiais de importación presentes, iniciando unha lóxica de ocupación do territorio máis rural e autárquica, que comezaba a prefigurar o Alto Medievo [Nión, 2018]. Contra o que puidera pensarse, non é esta unha situación xeneralizable a toda a Galicia tardo-antiga: a ría de Vigo convertíase paralelamente no fulcro redistribuidor do comercio bizantino [Fernández, 2014]; pero Vigo, parte do bispado tudense, atopábase no que ía ser a a área nuclear do reino suevo. O que describimos ocorreu precisamente na Coruña, mentres o castro de Elviña se revitalizaba e mantiña a súa ocupación canda menos ata o século VI [Bello, 2018]; e mentres a antiga *Flauium Brigantium*, a todas luces *municipium*, daba paso no *Parroquial suevo* ás igrexas étnicas dos *Bergantinos* e *Prutenos* [Cfr. Ptol., Geog., II, 6, 4; Par., XI, int.].

Outro exemplo: nun lugar tan insospeitado coma o val do Xallas, terra adentro non lonxe da secularmente apartada costa da morte, sitúase un dos aglomerados urbanos máis importantes da Galicia romana, o xacemento de Brandomil, vello coñecido da Arqueoloxía galega e foco hoxe de prometedores traballos. Non importa detérmonos nos pormenores estruturais deste xacemento, na súa riqueza ergolóxica, arquitectónica ou epigráfica[14]; nin nas polémicas arredor da súa identificación viaria e toponímica: disto último, non me resisto con todo a apuntar que hai grandes visos de que se trate da enigmática *Celtica Flauia* que evocan certas inscrición[15]. O que é máis relevante para nós, pola contra, é o enigmático final do asentamento, do que sabemos pouco pola falta de publicacións, pero que na opinión dos seus escavadores foi brusco, con incendio incluído, ocorrendo en pleno Baixo Imperio [Gorgoso, 2019, p. 26][16]. Outra volta,

14 Remitamos, con todo, á excelente síntese de F. Pérez Losada, 2002, pp. 291 ss.

15 Opinión que argumento polo miúdo en Fernández Calo, 2020b.

16 Agradezo asemade a Lino os seus comentarios persoais ao respecto.

resulta significativo comprobar que nesta mesma área onde se erguera a todas luces un *municipium* que rematou sendo arrasado, o *Parroquial suevo* sitúa unha entidade tribal de célebre etnónimo, evocado xa séculos antes polos xeógrafos romanos: os *Celticos*.

Citemos, finalmente, un caso de transformación relixiosa. Como é ben sabido, a Compostela medieval substituíu a vella Iria como sé episcopal ao abeiro da *inuentio*, no século IX, do sartego do apóstolo Santiago. Mais dende moito atrás, nun intervalo difícil de precisar pero que podería remontarse ata o Alto Imperio, xa esta localidade fora un importante centro relixioso, que constatamos grazas á súa necrópole pagá e paleo-cristiá. Porén, unha cesura resta entre a necrópole e a *inuentio* xacobea: a xulgar polos datos arqueolóxicos, a actividade funeraria abandonouse deica o século VII. Este feito coincidiría, *grosso modo*, coa implantación do dominio visigodo en Galicia, e podería ter que ver coa inestabilidade política e/ou inefectividade das estruturas estatais na rexión [Suárez, 2020[17]]. O certo é que no solar de Compostela o *Parroquial suevo* evoca as tribos dos *Celticos* e os *Coporos* [*Par*., XI, int.], que se cadra dalgún xeito se deron arredado nesta época do dominio visigodo e, a xulgar polo abandono do antedito centro funerario, poida que tamén do cristianismo. Non podemos deixar de suxerir aquí un outro indicio de «re-barbarización», este máis serodio e de suxerente aspecto relixioso, logo de *Celticos* e *Coporos* teren sido tentativamente integrados nas estruturas do Estado e da Igrexa no período suevo-católico, como denotaría o *Parroquial*.

Pasemos, finalmente, ao transcendental, e particularmente esquecido, factor lingüístico. Contamos, neste senso, cunha senlleira serie toponímica galega, os topónimos en *-bre*, que se relacionan co composto lexical celta **bri*(*g*), e xa que logo de indubidable substrato pre-latino. Estes topónimos concéntranse nos eixos do arco ártabro e do val do Ulla, case exclusivamente no noroeste galego[18]; e malia que en xeral se lles atribúe unha orixe pre-romana, a distribución que describimos resulta francamente inexplicable perante semellante premisa, pois os rexistros antigos do composto repártense nunha área moito máis extensa e sen diferenzas de densidade apreciábeis, e moito menos asociábeis ás actuais[19]. Recoñecermos a influencia da «re-barbarización» tardo-antiga, e a coincidencia evidente entre as igrexas étnicas irienses coa área de distribución dos topónimos en *-bre*, podería ser motivo suficiente para reformular radicalmente tal interpretación. Pero hai máis: o filólogo M. Costa ten comparado a de-

17 Consulta a través do borrador do autor.
18 O mellor catálogo é o de Búa e Lois, 1994-1995.
19 Cfr., por exemplo, Albertos, 1990.

vandita área de distribución cunha das series toponímicas máis características do estrato xermánico galego, os topónimos en *Sá*, descubrindo a súa exclusión mutua, que podería ser explicada pola creación simultánea das dúas áreas toponímicas [Costa, 2009] [Fig. 5]. Isto significa que o xermolo tardo-antigo das igrexas étnicas, canda menos no caso específico do bispado iriense, puido coincidir coa permanencia ou recuperación da lingua ou linguas pre-romanas da *Gallaecia*.



Fig. 5. Topónimos en -bre e Sá. Cada punto representa un topónimo de cada serie toponímica enunciada. A partires das cartografías de J. Costa, C. Búa e S. Lois citados no texto. [Mapa Martín Fernández Calo]

En suma, diversos indicios –e aquí apenas puidemos fornecer máis ca unhas poucas anécdotas, tentando satisfacer provisoriamente tímidas inquedanzas arredor deste eido de investigación por enteiro inexplorado– redundan na supervivencia e mesmo reforzamento de trazos culturais e de estruturas tribais pre-romanas na Tardoantigüidade galaica: unha «re-barbarización» que incidiu en distintas áreas e en diversos graos, sendo o caso máis destacado a todas luces o bispado iriense.

Lamentablemente, non contamos con fontes escritas que nos dean pistas, sequera de forma lacónica como acontecera no período romano, da forma de organización política destas tribos tardo-antigas. Non semella aventurado, con todo, sospeitar a reedición de xefaturas tribais coma as que constatara o *principatus* na epigrafía galaico-romana temperá, pois o fenómeno foi común no Occidente tardo-antigo: os reinos galeses medievais e os bérberes da África pre-islámica, ou máis preto o País Vasco, son exemplos coñecidos do que estamos a suxerir. As estruturas imperiais desaparecen, e canda elas as municipais; en comunidades rurais e pouco romanizadas, nas que seguramente non chegaran a desapareceren os vínculos tribais, estes refórzanse axiña e canda eles emerxen autoridades tradicionais que non respostan aos usos romanos senón aos indíxenas. Reedítan-

se deste xeito as xefaturas tribais, que arrecantara o proceso civilizatorio romano. Algo así, necesariamente, hemos de postular en Galicia.

2.3. Un excurso arredor do ciclo xacobeo

Non podería obviar neste punto unha fonte, agora literaria, do proceso ao que nos estamos a referir; fonte esta extremadamente movediza, pero que podería ser para nós un nexo excepcional, se cadra único, coas xefaturas tribais daquel tempo, e da súa dinámica política e relixiosa. Ficamos na área iriense: o testemuño ao que me refiro é nin máis nin menos có ciclo lendario xacobeo.

Segundo a tradición, os discípulos do apóstolo Santiago, logo do martirio deste en Xerusalén e do seu periplo nunha barca de pedra, houberon de sortearen as insidias da raíña pagá Lupa –e do rei de Duio ou de toda *Hispania*, segundo a versión, actor nunha das numerosas argalladas da anterior– co gallo de enterraren o corpo do mestre na fraga de Libredón, en Compostela, non sen antes daren convertido ao cristianismo a citada soberana. Putativamente, o ciclo fai referencia a mediados do século I, pero non se puxo por escrito ata o Pleno Medievo, en obras coma o célebre *Códice Calixtino*. Algúns estudosos pensan, con todo, que estaría a reflectir antigas tradicións pagás cristianizadas, que conectarían co universo ideolóxico galaico da Idade do Ferro; e polo que a nós atinxe, coas institucións políticas daquel tempo, pois precisamente os reis mencionados nas lendas evocarían os *principes* documentados na mesma época[20]. O ciclo xacobeo podería antollarse, pois, un sorprendente vieiro polo que explorar os usos e costumes das xefaturas tribais da Galicia castrexa.

Porén, como toda construción lendaria, o ciclo xacobeo está suxeito a unha estratigrafía composicional que obriga a tomar precaucións perante toda interpretación «pre-romanista», podendo interpelar, en troques, á época tardo-antiga que temos entre mans.

Precisamente, nun recente traballo a propósito da versión do *Codex Marchianensis* da lenda, M. Llinares e J. C. Bermejo teñen adiado moito o seu horizonte de composición, ao repararen nas analoxías que esta presenta co proceso histórico real, e as lendas asociadas, da cristianización dos reinos pagáns do norte de Europa na Tardoantigüidade e Alta Idade Media. O foco da súa argumentación é a verticalidade do proceso, no que, pola

20 Referencias obrigadas son Balboa, 2005; García, Santos, 2008.

influencia milagreira dun misioneiro, o soberano se convertía e canda el o facía o pobo pagán. Para M. Llinares e J. C. Bermejo, o ciclo xacobeo sería pois unha transposición serodia ao teatro galaico de relatos históricos e lendarios alóctonos asociados á cristianización doutras rexións europeas [Llinares, Bermejo, 2017].

Mais tal interpretación descoida un detalle: sabemos que as tribos sobreviviron en boa parte de Galicia ata o limiar da Idade Media; e tales tribos houberon de teren xefaturas e estas algún tipo de ascendente sobre o proceso de cristianización, que en boa parte das áreas rurais galaicas –non só nas tribais– se adiou canda menos ata o período suevo-católico. Se M. Llinares e J. C. Bermejo están no certo, non hai ningunha razón para buscar a orixe do ciclo xacobeo, como eles argúen, nas lendas que no Pleno Medievo circulaban sobre, digamos, San Patricio, San Columba ou San Agostiño de Canterbury. Os misioneiros galaicos, baixo o apostolado de San Martiño dumiense, tamén houberon de exerceren os seus esforzos evanxelizadores na periferia tribal do Reino Suevo-Católico; e se a nivel estrutural as tribos galaicas podían ser ata certo punto análogas aos reinos irlandeses, pictos ou anglosaxóns da época –como estes o eran entre eles malia a distancia etno-lingüística que os separaba–, cumprirá admitir que o seu proceso de cristianización non houbo de ser moi diferente. Ese substrato autóctono, ben que máis serodio có pre-romano que unidireccionalmente teñen considerado outros autores, é o que pode estar detrás dun proceso de cristianización coma o que describen as lendas do ciclo xacobeo, se cadra anacrónico para o século I ao que pretenden referirse ou o Pleno Medievo no que foron postas por escrito; pero fondamente verosímil para a nosa Tardoantigüidade.

3. As tribos e o reino

Cando o prof. A. López Carreira me convidou a este Congreso, incitoume moi especialmente a falar da influencia que as xefaturas tribais galaicas puideron ter na conformación do reino medieval. Coido que, tendo explorado a cuestión da remanencia tribal, podemos pasar xa a encetar ese cometido.

Algo de teoría: as tribos ás que tentamos achegarnos formaron parte do poder local galaico, moi diverso na Tardoantigüidade; pero que, se habe-

mos de fornecerlle unha valoración de conxunto, podemos dicir que foi a subestrutura do poder político, a súa célula constitutiva, cunha experiencia histórica esencialmente autónoma, e moito máis continuísta, cá dos estados territoriais que sucesivamente se impuxeron sobre el [Fernández Calo, 2018b; 2020b]. A bilateralidade, por suposto, definiu sempre a dialéctica entre o poder local e o Estado. Porén, en materia institucional, o poder local foi –e é– esencialmente un suxeito receptor das obrigas e innovacións emanadas do Estado. Así foi que os romanos o municipalizaron no Alto Imperio, que as tribos rexurdiron ao abeiro da retracción política do Baixo Imperio; e que finalmente suevos e visigodos tentaron integrar a excepcional diversidade que deixou o colapso imperial na súa propia lexislación civil e vasalaxe monárquica. Sen mudar no esencial a súa estrutura territorial, o poder local mudou excepcionalmente a nivel institucional e estatutario, sempre condicionado pola acción do Estado.

3.1. A tendencia cara a asimilación

Ampliemos algo iso que vimos de apuntar da diversidade que acadou este poder local na Tardoantigüidade. Contrastando co autogoberno e republicanismo que definira o goberno local romano, os monarcas xermánicos incrementarán a importancia das figuras de delegación rexia, colocado *comites*, «condes», membros do seu séquito xunguidos por lazos de dependencia persoal, á cabeza dos distritos locais, tanto urbanos como, posiblemente, rurais. Unha situación, certamente, de sabor xa claramente medieval, que deixaba atrás o ciclo antigo da nosa historia política.

Mais este *comitatus*, se chegou a uniformizar o goberno local nalgún intre na Tardoantigüidade –as fontes non nos permiten precisalo–, foise dende logo xestando dende unha situación inicial extremadamente heteroxénea. Sabemos, particularmente, que nos procelosos inicios do reino suevo persistía con forza o réxime municipal: unha senlleira serie monetal do século VI, a chamada *Latina munita*, semella ter sido de emisión municipal [Marques, Ribeiro, 1998; Fernández Calo, 2019], e xa que logo permite albiscar a vixencia naquel tempo de certos *municipia*, xa fose en estado de independencia ou sometidos aos monarcas xermánicos; pero dende logo contrastando con toda noción dun goberno local uniformemente rexido polo *comitatus*. [Fig. 4]

E nun coñecido episodio cronístico temos noticia dun certo Aspidio, *loci senior* dos *montes Aregenses*, aparentemente independente de suevos e visigodos, ata ser derrotado polos segundos [Bicl., *Chron*., *Iust*., IX, 2; Isid., *Hist*., 49]. Neste persoeiro albiscamos o que semella un aristócrata de prosapia romana á cabeza da súa comunidade política, isolada entre os reinos xermánicos veciños case dous séculos despois da retirada imperial da *Gallaecia*. Unha figura, pois, de goberno unipersoal, señorial, posiblemente de carácter dinástico; pero allea ao *comitatus* rexio. En definitiva, as tribos tardo-antigas non fan senón sumarse ás evidencias da diversidade e desarticulación que atinxían ao goberno local deste período.

Porén, tarde ou cedo, ás tribos, municipios e señores post-romanos chegoulles o intre de seren sometidos ao Estado. E como entidades locais constitutivas do mesmo, non creo que as tribos tardo-antigas diferisen en grande medida de calquera outra entidade homóloga. Con independencia das súas particularidades internas, estarían coma todas as demais suxeitas á tributación e á vasalaxe rexia das autoridades locais. Que custaría a un hipotético líder tribal sometido entrar no *comitatus* rexio, ou a unha asemblea tribal adaptarse ao que a lexislación civil sueva ou visigoda establecese para a deliberación pública? Sen dúbida iso, ferramentas do control monárquico, servía tamén aos intereses das elites tribais, que tenderían así a se integraren na sociedade e nas estruturas políticas do Reino. O mesmo que acontecera coa romanización, acontecería tamén nos discontinuos períodos de estabilidade que chegaron a gozar a monarquía sueva ou a visigoda: as tribos sometidas transitaron deica a asimilación.

Condicionaron sen dúbida máis a política do Estado as tribos independentes: as escasas crónicas consignan multitude de campañas militares emprendidas polos monarcas xermánicos contra elas. Cómpre engadir ademais que, nas súas orixes, os suevos en concreto foron unha de tantas tribos da *Gallaecia*, ben que moito máis nutrida cás demais, asentada a todas luces en varias áreas inconexas dende as que se viu suxeita á influencia multipartita dos diversos poderes locais veciños, fosen de réxime tribal, municipal ou señorial. A tal situación cómpre adscribir o asentamento temperán; logo viría a grande expansión da primeira dinastía sueva, só para que a derrota do rei Requiario perante os visigodos no 456 volvese reproducir a disgregación co xurdimento de varios poderes

suevos rivais. Remismundo volvería unificalos nun único Estado territorial; pero quen sabe se no *século escuro* subseguinte as tendencias disgregadoras volverían repetirse. Só a consolidación monárquica de mediados do século VI foi que de diluír o pasado tribal que os suevos trouxeran da Xermania, coa imposición da dependencia rexia, a lexislación civil, a administración, a definitiva conversión ao catolicismo, a cooperación coa Igrexa, o desenvolvemento dunha aristocracia galaico-sueva. Mais ese pasado tribal, que como vemos se antolla pertinaz debido á inestabilidade que atinxiu ao noso primeiro reino medieval, respostaba a usos alóctonos, xermánicos; nada debía ás estruturas tribais galaicas entón vixentes, embora presentaría con elas afinidades polo seu común parentesco indoeuropeo. Houbo sen dúbida contactos mutuos; mais discernir o que os suevos puideron tomar dos usos tribais galaicos precisaría de fontes das que, simplemente, non dispomos nin para unha parte nin para a outra.

Como é ben sabido, os visigodos de Leovixildo conquistaron a *Gallaecia* a remates do século VI [585/586], e eran daquela, coma o Reino Suevo-Católico, unha monarquía consolidada que lembraba xa pouco ao pasado tribal. Os visigodos tiveron sen dúbida *affaires* militares coas tribos remanentes da rexión: á parte das que figuran nas parcas fontes escritas –*Astures*, *Ru*(*n*)*cones*, *Sappi*– [Bicl., *Chron.*, *Iust.*, VI, 3; VII, 5; Isid., *Hist.*, 61-62, 91] cumpriría sumar seguramente as tribos da contorna iriense, con respecto ás cales hai quen ten suxerido o desenvolvemento dun *limes* visigodo, a partires de certos indicios arqueolóxicos e numismáticos, cómpre recoñecer, moi pouco probatorios [véxase Suárez, 2020]. Mais esta certa relación mutua –negativa, canda menos– non oculta o esencial: un extenso Estado territorial radicado en Toledo pouco puido verse influído polas tribos que ocasionalmente combatía e sometía na súa periferia.

3.2. O substrato tribal en Asturias

Cómpre chegar, por fin, ao período alto-medieval. A comezos do século VIII asistimos outra volta ao colapso dun Estado –agora o visigodo en mans do Califato Omeia– e ao xurdimento de diversos poderes locais que van suplir o baleiro resultante. O noso Reino alto-medieval vai agromando neste contexto, situándose o seu punto orixinario, por se fora pouco, nunha área periférica da *Gallaecia* como era Asturias oriental, o val do Sella-Piloña.

En tempos, os historiadores A. Barbero e M. Vigil ofreceron unha interpretación fondamente «tribalista» da Alta Idade Media ibérica, non só do noso noroeste senón tamén do Pireneo, e por suposto da área vascónica. Para eles, toda a faixa setentrional da península ficara allea ao dominio romano e visigodo, nunha situación de constante tensión militar mutua; e a orixe dos reinos cristiáns do Alto Medievo deberíase á expansión destas aguerridas tribos sobre o baleiro de poder deixado por uns musulmáns ensimesmados en Andalucía [Barbero, Vigil, 1984]. Hoxe, as teses de A. Barbero e M. Vigil non gozan do prestixio e popularidade que acadaran en tempos, e dende logo non poden ser asumidas nas súas implicacións maximalistas. Mais coido que sería un erro desmerecelas, xa que eles atinaron en facer ver substratos tribais nas intricadas estruturas e dereitos de parentesco das áreas de montaña ibéricas, nas tendencias das comunidades labregas depauperadas ao bandoleirismo e a guerrearen cos seus veciños, na persistencia do paganismo. Na área cantábrica –certamente extraliminal ao noso ámbito de interese– temos tamén un dos mellores exemplos do rexurdimento dunha lingua pre-romana, a vasca, neste período.

Sen dúbida as remanencias tribais, que coidamos vigorosas en certas bisbarras da Galicia da época, tiveron en Asturias unha incidencia análoga. Pouco podemos dicir das igrexas étnicas, un dos testemuños máis relevantes dos que contamos en Galicia: o *Parroquial suevo* omite case por completo Asturias. Por el só sabemos que o bispado de Astorga, como correspondería por herdanza administrativa romana, tiña unha certa ascendencia na rexión, con canda menos a igrexa sufragánea de *Pesicos*, de nidio aspecto étnico [*Par.*, X, 10]; pero Bretoña reclamaba as enigmáticas *ecclesiae que in Asturiis sunt* [*Par.*, XIII], seguramente discontinuas na costa; se cadra nin sequera baixo soberanía sueva. Está claro que o territorio da actual Asturias estivo moi apartado da *Gallaecia*, mesmo nos tempos dourados do Reino suevo-católico. E precisamente vai ser ben despois de que os visigodos conquisten a *Gallaecia*, que o rei Sisebuto redirixa o seus esforzos militares contra os ástures. Poida que o territorio ficase relativamente pacificado dende aquela, dando lugar a unha circunscrición, dirixida polo seu *dux prouinciae*; pero nin sequera iso habería de borrar necesariamente a fisionomía tribal das entidades locais máis apartadas de Asturias. De concedermos algún fondo de verdade ás lendas medievais, e nomeadamente ás crónicas asturianas, resultaría difícil desbotar que todo este ambiente tribal non exercese algunha influencia sobre a incipiente monarquía fundada por Paio.

3.3. A figura Paio e os primeiros reis: prevencións e suxerencias

Esta confianza non debe de facernos caer en reducións apresuradas. Para nós, nada pode exemplificar mellor tal necesidade de prevención có título *princeps* que as crónicas atribúen a Paio e algúns dos seus sucesores[21], pois *a priori* parece o mesmo có dos *principes* galaicos da Antigüidade que temos estudado… Mais non sempre é axeitado fiarse das aparencias.

En realidade, o termo latino *princeps* é extremadamente polisémico e o seu significado evoluíu ao longo da historia, de maneira que dificilmente o uso tardío das crónicas medievais pode incorrer nunha semántica análoga á da epigrafía romana. Etimoloxicamente, *princeps* significa «o primeiro», e todas as súas acepcións evocaron sempre a idea de *primus inter pares*. Como xa vimos, os romanos empregaron o termo para distinguir ao primeiro da tribo –o xefe tribal–, coma ao primeiro ou primeiros –un cidadán destacado ou a elite política– da república. No noso Medievo, os amanuenses empregaron o mesmo termo, apelidado de *princeps terrae*, para distinguir ao *primus inter pares* da aristocracia dunha *terra*, acotío o conde; sen que por iso o *princeps terrae* medieval sexa unha sorte de herdeiro xenealóxico do *principatus* castrexo, como alguén ten suxerido. A realidade histórica mudara tanto, a base social e as funcións políticas son tan diferentes, que tal interpretación resulta improcedente[22].

O mesmo acontece no que atinxe ao *princeps* Paio. Os cronistas medievais dificilmente coñecían os pormenores semánticos do *principatus gentis* romano, que é o que opera nas nosas antigas lápidas principescas. Eles bebían dos usos lingüísticos do seu tempo, e o título *princeps* pode ter así o senso xenérico de *primus inter pares*, ou o máis específico de *princeps terrae* –pois a influencia territorial de Paio non debía de rebordar moito, certamente, o límite local dunha *terra*–; pero dende logo non o de *princeps gentis*, o de líder tribal, mesmo no caso de que Paio fose realmente tal cousa. Ademais, cómpre engadir que as crónicas se redactaron moito despois de Paio, no ambiente de renovación cortesá emprendido por Afonso III, que como é ben sabido consolidou os principios ideolóxicos do neogoticismo. E os visigodos non adoptaran a denominación *princeps* como parte da nomenclatura rexia senón como fórmula de prestixiamento logo da conversión de Recaredo, pois ata entón os seus reis –e tamén os suevos– desleixaran o título, que estivera reservado ao Emperador dende que Augusto decidira empregalo como parte da ficción republicana do Alto Impe-

21 Sobre Paio, *Rot*., 8. As referencias ao *principatus* dos seus sucesores son innumerables, pois aparecen profusamente nas fontes diplomáticas. Nas crónicas, con todo, véxanse *Rot*., 19; 23-24; *Alb*., IX, 14; XV, 9; 12-13; XIX, 1; 3.

22 Desenvolvo esta cuestión con meirande detemento en Fernández Calo, 2020a: 84-91.

rio [Teillet, 1986, p. 420]… aínda que entón o Imperio, asentado en Constantinopla, afianzara o seu carácter autocrático: o mesmo que os monarcas visigodos pretendían imitar. De maneira que o *princeps* Paio das crónicas non só non fai referencia ao *principatus* castrexo, non só pode que nin sequera tente enfatizar o carácter de *primus inter pares* do caudillo asturiano; senón que podería estar a reflectir unha adulación imperial anacrónica por parte duns cronistas imbuídos polo neogoticismo.

Paio, en efecto, non houbo de ser moito máis ca un caudillo local amparado en alianzas circunstanciais cos poderes locais veciños e os vínculos clientelares que tivese cos seus guerreiros. E é neste contexto, non en analoxías terminolóxicas simplistas, onde debemos de buscar os seus posíbeis nexos coas antigas xefaturas tribais. O certo é que a institución de séquito é tanto xermánica como romana e pre-romana; e a construción embrionaria do poder de Paio puido beber de tan diversas fontes, as cales seguramente seguían a seren operativas no contexto da apartada Asturias. Dende logo, o seu papel como rebelde, arredado en orixe do poder establecido, convérteo nunha analoxía ineludible da banda guerreira indoeuropea: a coñecida imaxe de foraxido que del transmiten as fontes islámicas non sería, nese caso, nin moito menos inexacta. Por certos reportes etnográficos dos xeógrafos romanos, temos a banda guerreira indoeuropea ben constatada en Galicia, canda menos, para o período castrexo[23]. Este substrato institucional rexurdiu sen dúbida nas bagaudas baixo-romanas e puido influír nos grupos de guerreiros foraxidos coma o que temos entre mans. Faltaría, con todo, discernir a influencia da banda guerreira xermánica, naturalmente análoga pero distinta á galaica, cuxa presenza non podemos excluír: cómpre lembrar, a propósito disto, que Paio é presentado como un membro da máis alta aristocracia visigoda.

Finalmente, nun interesante artigo, M. V. García Quintela ten explorado a incidencia do costume da asociación ao trono no reino galaico-asturiano primitivo, a través dos comúns casos de sucesión monárquica entre irmáns e membros dunha mesma xeración antes cós fillos. Para el, este costume podería respostar a un fondo cultural céltico análogo á chamada *tanistry* irlandesa –e aquí encadrarían certos paralelos históricos suxeridos de posíbeis monarquías duais da Antigüidade ibérica–; ou ben xermánico, pois a asociación ao trono tamén forma parte, como é ben sabido, da historia monárquica dos visigodos [García Quintela, 2006]. Pola miña banda, hei de precisar que no caso galaico non podemos confirmar o carácter

23 Outra volta, hei de remitir ao meu Fernández Calo, 2020a, pp. 232-234, onde amplío un chisco o comentario das fontes e historiografía da cuestión.

substratístico de ningunha tendencia á asociación monárquica de parentes colaterais, pois dos *principes* documentados a única sucesión que se nos reporta, concretamente no sepulcro de Lugo, é de pai a fillo.

Como vemos, a influencia do substrato cultural pre-romano nas precarias orixes dos poderes monárquicos do Medievo galego interpélanos con forza e dende distintas vías; pero lamentablemente a carencia de documentación –tanto da medieval como da antiga, coa que habería que confrontala– impídenos, canda menos a día de hoxe, postular nada sobre seguro. Se cadra, o único que podemos dar por certo é que, fose cal for a influencia do substrato institucional pre-romano nas orixes do Reino medieval, este rematouse diluíndo e acomodando paseniño á fisionomía do feudalismo pan-europeo. E isto é así xa falemos de maneira xenérica das relacións feudo-vasaláticas, de maneira máis concreta dos séquitos cabaleirescos e bandidos e *golfinos* do Pleno e Baixo Medievo, ou no propio establecemento, ben máis temperán, do dereito de primoxenitura na sucesión monárquica.

3.4. A resistencia do substrato tribal

Recoñecidos historiadores son da opinión de que a cultura popular adapta ao seu ritmo as innovacións emanadas da cultura das elites. Algo así ocorreu no proceso de «civilización» das estruturas tribais galaicas. Os romanos impuxeron a súa forma de Estado ás comunidades conquistadas, e dentro delas foron as súas elites as que máis interese tiveron en asimilala, a través da adopción do *municipium*. Suevos e visigodos trouxeron o seu pasado tribal de Xermania, mais diluírono ao abeiro da súa consolidación estatal que tivo tamén moito, en certa medida, de romanización; e con isto promoveron a asimilación das potestades locais ao novo réxime gobernativo, fosen estas municipais, señoriais, ou tribais.

A supervivencia das tribos en todo este lapso foi fundamentalmente resultado de avatares políticos, pois a retracción do Estado, que ocorreu en varios pulos do Baixo Imperio ao Alto Medievo, favoreceu o rexurdimento tribal. Con todo, en cada ciclo político as tribos víronse cada vez máis arrecantadas. Lonxe do seu dominio absoluto na época castrexa ou da convivencia tribal na excepcional diversidade de réximes locais que caracterizou a Tardoantigüidade, o esplendor pleno-medieval do Reino imporá unha meirande uniformidade na que dificilmente volverán ter cabida as tribos, co triunfo do feudalismo, o crecemento económico, a eclosión bur-

guesa e –xa que temos falado de lingua– o florecemento do galego literario. Eventualmente, todas as tribos remataron asimilándose, indiferenciadas do resto da *Gallaecia*; mesmo se fosilizaron o pasado étnico nos seus corónimos, como aínda hoxe locen na xeografía eclesiástica galega os arciprestados de Céltigos, Pruzos ou Abeancos.

Mais nin sequera é isto o remate da herdanza tribal galaica. A transición cara as estruturas civís e feudais do resto do Reino que atinxiu aos usos, institucións e autoridades das entidades locais –chamadas *pagi* e *territoria* na documentación da época–, non necesariamente implicou mudanzas a un nivel inferior. No interior de cada distrito local, a estrutura do hábitat e da familia puido seguir a súa propia dinámica. Nunha vívida descrición, F. López Alsina achéganos unha estampa case tribal –que el, con grande sentido etimolóxico, denomina «xentilicia»– da estrutura social dos labregos galegos da Alta Idade Media, ata o punto de que o distrito local equivalía a unha unidade de parentesco ampla [*gens*] á que se adscribían os grandes troncos familiares [*casata*] [López Alsina, 1988, pp. 212-214]. Esta situación diluiríase despois do século X como consecuencia, apunta López Alsina, do incremento da mobilidade entre distritos locais; ao que cumpriría engadir a redefinición sen precedentes que o Pleno Medievo trouxo para a estrutura familiar campesiña, que foi transitando cara a familia nuclear [Bois, 1991, p. 141]. Mais a entidade social, política e económica da familia extensa, que dende unha perspectiva histórica ampla necesariamente debemos considerar un arcaísmo procedente en última instancia do pasado tribal, persistía con forza aínda na Idade Moderna nas terras altas da Galicia interior [Dubert, 1992].

Tales permanencias dannos sen dúbida pistas de como puideron ter operado as flutuacións históricas que temos descrito para o poder local galaico na Antigüidade; de como puido ser posible que sobre un ambiente municipal agromase o proceso de «re-barbarización» que temos tratado. Simplemente, as comunidades tribais sobrevivían, latentes e prestas a emerxeren sempre que se desen as circunstancias oportunas. E malia as invencíbeis incertezas que nos atinxen, podemos afirmar con firmeza –e así concluírmos– que tales circunstancias incidiron ocasionalmente ao longo da Tardoantigüidade galaica, facendo emerxer as tribos e condicionando a fisionomía do substrato político local, sen dúbida máis diverso do que adoita asumirse, sobre o que se ergueu o noso Reino medieval.

Bibliografía

Albertos, M. L. [1990], «Los topónimos en *-briga* en Hispania», *Veleia*, 7, 131-146.

Alonso del Real, C. [1972], *Esperando a los bárbaros*, Madrid: Espasa-Calpe.

Arias Vilas, P., Le Roux, P., Tranoy, A. [1979], *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París: CNRS.

Balboa Salgado, A. [2005], *A raíña Lupa: as orixes pagás de Santiago*, Santiago de Compostela: Lóstrego.

Barbero, A., Vigil, M. [1984 (1974)], *Sobre los orígenes sociales de la Reconquista*, Barcelona: Ariel.

Bello Diéguez, J. M. [2018], «Bajo Imperio y Tardorromanidad en el Castro de Elviña [A Coruña]», *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*, 37, 131-148.

Blöck, L., Lauber, J., Tränkle [2016], «Princeps Sueborum: der Neufund einer römischen Grabinschrift aus Offenburg-Bühl [Ortenaukreis]», *Archäologisches Korrespondenzblatt*, 44, 497-574

Bois, G. [1991 (1989)], *La revolución del año mil*, Barcelona: Crítica.

Búa, J. C., Lois, S. [1994-1995], «Los topónimos gallegos en *-bre* de origen prerromano», *Beiträge zur Namenforschung*, nº 29-30, 13-41.

Chamoso Lamas, M. [1995], «Las excavaciones del castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados», *Croa*, 5, 23-24.

Costa, M. [2009], «As outras Brigantias [i]», *Fror na area* [blog dixital], 03/09/2009.

Diego Santos, F. [1985 (1959)], *Epigrafía romana de Asturias*, Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.

Dubert, I. [1992], *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna [1550-1830]*, Sada: Ediciós do Castro.

Fernández, A. [2014], *El comercio tardoantiguo [ss. IV-VII] en el Noroeste peninsular a través del registro cerámico de la ría de Vigo*, Oxford: Archaeopress.

Fernández Calo, M. [2016], «O desenvolvemento político pre-municipal dos pobos galaicos», *Gallaecia*, 35, 99-128.

Fernández Calo, M. [2018a], «Municipium e municipalización na Asturia et Callaecia romanas», *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 22, 97-137.

Fernández Calo, M. [2018b], *Estado, poder e estruturas políticas na Gallaecia: séculos II a.C.-VIII d.C.*, Santiago de Compostela: Blukk.

Fernández Calo, M. [2019], «Comunidade e representación popular na Gallaecia tardoantiga», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 66/132, 52-58.

Fernández Calo, M. [2020a], *Callaici principes: os soberanos da Galiza castrexa*, A Coruña: Deputación da Coruña.

Fernández Calo, M. [2020b], *Xenealoxía do poder local galaico*, tese de doutoramento inédita [Universidade de Santiago de Compostela].

Fernández Pereiro, M. [2018], *Recintos fortificados en altura na costa atlántica galega: estudo arqueolóxico*, tese de doutoramento inédita [Universidade de Santiago de Compostela].

García Quintela, M. V. [2006], «Parejas de reyes hispanos en la Antigüedad y la Alta Edad Media: cuestiones comparativas, tipológicas y genéticas», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 53/119, 157-196.

García Quintela, M. V. Santos Estévez, M. [2008], *Santuarios de la Galicia céltica: arqueología del paisaje y religiones comparadas en la Edad del Hierro*, Madrid: Abada.

Gongoso López, J. A. [2019], *Informe-memoria técnica: intervención arqueolóxica en Brandomil e contorna (Zas, A Coruña*), Rianxo: Adro Arqueolóxica.

Kotula, T. [1964], «Les principes gentis et les principes civitatis en Afrique romaine», *Eos*, 55, 347-365.

Ladra, X. L. [2002], «Achega ao estudo contextual da ourivería castrexa», *Gallaecia*, 21.

Llinares García, M., Bermejo Barrega, J. C. [2017], «El rey de Hispania, la señora Lupa y el sepulcro del apóstol Jacobo: estructura y génesis de una leyenda hagiográfica», *Boletín Auriense*, 47, 9-48.

López Alsina, F. [1988], *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela: Ayuntamiento de Santiago de Compostela.

Marques, M. G., Ribeiro, J. C. [1998], «As legendas da série Latina Munita», en AA.VV, *IV Congreso Nacional de Numismática*, Lisboa, 69-98.

Murguía, M. [1865], *Historia de Galicia*, t. I, Lugo: Soto Freire,

Nión Álvarez, S . [2018], «Brigantium no século XXI: aproximación aos últimos datos arqueolóxico da ocupación galaicorromana da cidade de A Coruña», *Gallaecia*, 37, 39-79.

Pérez Losada, F. [2002], «Entre cidade e a aldea: estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia», *Brigantium*.

Rodríguez Resino, A. [2007], «Ciudades, vicus, castra y villae en el NW durante la tardoantigüedad: ensayo de un modelo arqueohistórico para el período», *Gallaecia*, 26.

Sánchez Pardo, J. C. [2012], «Castros, castillos y otras fortificaciones en el paisaje sociopolítico de Galicia [siglos IV-XI]», en J. A. Quirós, J. M. Tejado, *Los castillos altomedievales en el noroeste de la península ibérica*, Bilbao: Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, 29-56.

Service, E. R. [1984 (1962)], *Primitive Social Organization: An Evolutionary Perspective*, Nova York: Random House.

Suárez Otero, J. [2020], «Santiago, entre suevos y visigodos: territorio político, conflicto y poder en los orígenes del enigma jacobeo», en J. López Quiroga [ed.], *Conversion, Religious Leadership and the Christianization of the Landscape in Late Antiquity*. Oxford: Oxbow.

Teillet, S. [1986], «L'Historia Wambae est-elle une oeuvre de circonstance?», *Antigüedad y cristianismo*, 3, 415-424.

O Reino suevo de Gallaecia. Unha relectura das fontes*

Pablo C. Díaz

* Este traballo foi desenvolto dentro do Proxecto de Investigación PID2020-112506GB-C42, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

RESUMO. O cronista Hidacio móstrase remiso a recoñecer como *regnum* a entidade política coa que convive. Só ao final da súa crónica parece mostrarse de acordo en que os suevos constituíron unha realidade política que debe ser tida en conta, mais apenas sabe nada sobre as estruturas internas desa monarquía; só do rexeitamento que provocan e tamén da sedución á que someten a unha parte da aristocracia disposta a buscar unha colaboración, a construír unha realidade territorial nova.

Esa perspectiva colaborativa parece terse imposto no período entre 469 e 550. A figura de Martiño de Braga, grazas á unha historiografía entregada a enaltecer a súa tarefa na conversión ao catolicismo e na organización da Igrexa, escureceu o que probablemente fora parte dun longo proceso de negociación entre a elite guerreira sueva e as aristocracias romanas ou indíxenas, laicas ou eclesiásticas.

A monarquía sueva non debe ser vista como un escuro apéndice da historia post-imperial, pois é indubidable que conta co recoñecemento dos monarcas merovinxios [é Gregorio de Tours o primeiro en falar dun *Galliciense Regnum*] e moi probablemente da corte de Constantinopla.

A identificación *Regnum Suevorum – Galliciense Regnum* foi sen dúbida eficaz. A persistencia da *Gallaecia* como parte diferenciable na posterior constitución do reino visigodo probablemente proceda deste período, dun século VI no que a corte de Braga foi amplamente recoñecida. Porén, a historiografía visigoda volveu negar o pasado suevo. Apenas unhas poucas noticias de Xoán Biclarense e Isidoro de Sevilla, relativas á conquista, quedaron como lembranza dos seus veciños peninsulares. Tras a violencia exercida durante a anexión e a que sen dúbida acompañou á conversión e que apenas se lembra nas actas do III concilio de Toledo, o reino suevo de Gallaecia desapareceu das fontes. O inmenso peso que o goticismo ía impor nas construcións históricas dos reinos de Asturias, León, Castela e despois España, ía borrar a lembranza sueva da inmensa maioría das crónicas. En calquera caso ninguén pareceu mostrar interese en vincular o seu presente co pasado duns derrotados, por máis que contribuíran notablemente na conformación da súa identidade territorial post-romana.

RESUMEN. El cronista Hidacio se muestra reacio a reconocer como *regnum* la entidad política con la que convive. Solo al final de su crónica parece estar de acuerdo en que los suevos constituyeron una realidad política que hay que tener en cuenta, pero casi no sabe nada sobre las estructuras internas de esa monarquía; solo sobre el rechazo que provocan y también sobre la seducción a la que someten a una parte de la aristocracia dispuesta a buscar una colaboración, a construir una realidad territorial nueva.

Esa perspectiva colaborativa parece haberse impuesto en el período entre 469 y 550. La figura de Martiño de Braga, gracias a una historiografía entregada a enaltecer su tarea en la conversión al catolicismo y en la organización de la iglesia, oscureció lo que probablemente fuese parte de un largo proceso de negociación entre la élite guerrera sueva y las aristocracias romanas o indígenas, laicas o eclesiásticas.

La monarquía sueva no se debe ver como un oscuro apéndice de la historia post-imperial, pues es indudable que cuenta con el reconocimiento de los monarcas merovingios [es Gregorio de Tours el primero en hablar de un *Galliciense Regnum*] y muy posiblemente de la corte de Constantinopla.

La identificación *Regnum Suevorum – Galliciense Regnum* fue sin duda eficaz. La persistencia de *Gallaecia* como parte diferenciable en la posterior constitución del reino visigodo probablemente proceda de este período, de un siglo VI en el que la corte de Braga fue ampliamente reconocida. Sin embargo, la historiografía visigoda volvió a negar el pasado suevo. Apenas unas pocas noticias de Xoán Biclarense e Isidoro de Sevilla, relativas a la conquista, quedaron como recuerdo de sus vecinos peninsulares. Tras la violencia ejercida durante la anexión y a quien sin duda acompañó a la conversión y que apenas se recuerda en las actas del III concilio de Toledo, el reino suevo de Gallaecia despareció de las fuentes. El inmenso peso que el goticismo iba a imponer en las construcciones históricas de los reinos de Asturias, León, Castilla y después España, iba a borrar el recuerdo suevo de la inmensa mayoría de las crónicas. En cualquier caso nadie pareció mostrar interés en vincular su presente con el pasado de unos derrotados, por mucho que hubiesen contribuido notablemente en la conformación de su identidad territorial post-romana.

ABSTRACT. The chronicler Hydatius is reluctant to recognize as *regnum* the political entity with which he lives. Only at the end of his chronicle he seems to agree that the Suevi constituted a political reality that must be taken into account, but he knows almost nothing about the internal structures of that monarchy; only about the rejection they provoked and about the seduction to which they subjected a part of the aristocracy willing to seek collaboration, to build a new territorial reality.

That collaborative perspective seems to have been imposed in the period from 469 to 550. The figure of Martiño de Braga, thanks to a historiography devoted to praising his work in the conversion to Catholicism and in the organization of the church, obscured what was probably part of a long process of negotiation between the Swabian warrior elite and the Roman or indigenous, lay or ecclesiastical aristocracies.

The Swabian monarchy should not be seen as an obscure appendix of post-imperial history, since it is undoubtedly recognized by the Merovingian monarchs [Gregory of Tours is the first one to speak of a *Galliciense Regnum*] and very possibly by the court of Constantinople.

The identification *Regnum Suevorum - Galliciense Regnum* was undoubtedly effective. The persistence of Gallaecia as a distinguishable part in the later constitution of the Visigothic kingdom probably comes from this period, from a 6th century in which the court of Braga was widely recognized. However, Visigothic historiography denied the Swabian past once again. Only a few news of Xoán Biclarense and Isidoro of Seville, related to the conquest, remained as a memory of their peninsular neighbors. After the violence exercised during the annexation and who undoubtedly accompanied the conversion and is barely remembered in the acts of the III Council of Toledo, the Suebi kingdom of *Gallaecia* disappeared from the archives. The immense weight that Gothicism would impose on the historical constructions of the kingdoms of Asturias, León, Castile and later Spain, would erase the Swabian memory from the vast majority of the chronicles. In any case, no one seemed to show any interest in linking their present with the past of the defeated, even though they had contributed significantly to the formation of their post-Roman territorial identity.

O final do Imperio Romano é un campo privilexiado de hipóteses que serviu de modelo para o estudo da desaparición de calquera reino, imperio colonial ou realidade política posterior: primeiro referente na construción ideal dos morfólogos, clave explicativa na sucesión teleolóxica do materialismo histórico e fonte de inspiración de interminables especulacións, unhas finalistas, outras continuas. Nos últimos anos o debate non fixo máis que incrementarse, e a polarización entre un panorama de crise e ruína fronte a un de paulatina transformación, mesmo pacífica, acada co inicio do século XXI posicións case irreconciliables. A idea dun proceso finalista provén do racionalismo británico, representado por Edward Gibbon, ou dos pensadores franceses do Século das Luces, que modelaron a decadencia do primeiro Imperio Británico nun caso, ou a revolución burguesa contemporánea no outro e procuraban na caída de Roma a comprensión dos cambios do seu presente inmediato. A percepción transformista, onde o fin de Roma e a aparición da Europa medieval se presenta como unha síntese equilibrada entre as antigas esencias clásicas e o impulso renovador dos bárbaros invasores, corresponde a un momento de percepción unitaria, integracionista, da reconstrución europea de posguerra que hoxe está fortemente contestada. En todo caso, sen entrarmos en debates de fondo sobre os elementos identificables sen dúbida na longa duración, a realidade política e a súa capacidade de control das dinámicas sociais e económicas, é evidente que no paso dunhas décadas a vella orde quedou absolutamente trastornada. Na segunda metade do século V a parte occidental do que fora o Imperio Romano e a economía mundial que o caracterizaba estaba ocupada por unha suma de reinos xermánicos, limitados xeograficamente, inestables e inmersos en economías rexionais estancadas, cuxo nivel de desenvolvemento e actividade semellaban retroceder varios séculos. Algún autor afirmou que en moitos casos ata etapas anteriores ás da presenza romana [Ward-Perkins, 2005, p. 183].

Unha destas realidades rexionais é, sen dúbida, a que formarán os suevos no extremo noroeste da Península Ibérica[1]. Dependendo de como valoremos as datas de referencia, poderiamos chegar a afirmar que a Gallaecia Sueva pode considerarse o primeiro reino bárbaro que se instaura no Occidente posimperial, décadas antes da desaparición formal do poder dos emperadores. Porén, entender o proceso, sobre todo se queremos inserilo nunha cadea de realidades políticas que supón a idea dun reino de Galicia, arredor dun ente xeográfico definido, require desentrañar como se constrúe este reino suevo. O que define a súa identificación política como reino, cal foi o nivel de implantación territorial e cal foi o recoñecemento, interno, polos seus hipotéticos suxeitos, e externo, por outras entidades políticas consolidadas que o identificaron como equivalente.

¿Cómo nace un reino? *Res* e *regnum* como categorías étnicas

O primeiro problema que implica esta pregunta é que debe responder a outra: Que é un reino? Obviamente, é no contexto romano do fin do Imperio onde hai que procurar a resposta. A primeira dificultade xorde das fontes que nos informan sobre a realidade xermana, ou bárbara nun sentido máis xenérico. Os autores grecolatinos utilizaron un léxico e categorías explicativas que proviñan da súa experiencia inmediata; con elas describían situacións cuxa esencia funcional descoñecían, polo que basearon a súa comprensión nun xogo de analoxías [Ghosh, 2016, pp. 3-38]. Isto afectou tanto ao liderado dos pobos invasores como á súa composición; de feito, como xa acontecera na época de Tácito, non sabían con certeza cando se trataba de grupos unitarios centralizados, fraccións escindidas ou alianzas en guerra circunstanciais, que Ammiano Marcelino recoñeceu nalgún momento como *conspirantes in unum* [26.6.11].

Os romanos tiñan unha idea moi difusa das tradicións de poder destes pobos [Wallace-Hadrill, 1971]. A identificación dunha tradición política dos godos homoxénea e comprensible que deu lugar a categorizacións case canónicas procede de Jordanes e, con todo, este autor apenas transcribe cales foron as ideas que a corte de Constantinopla tiña dos godos [Reydellet, 1981, pp. 256-294; Heather, 1991, pp. 34-67]. Aínda que o termo é alleo á lingua xermánica [Benveniste, 1983, p. 243], os romanos identificaban como *reiks* [= reges] os líderes das faccións individuais [*kunja*] dunha parte dos godos, xefes guerreiros que terían a fidelidade do seu séquito e onde non se debe descartar un personaxe máxico an-

1. Para un relato pormenorizado da historia fáctica do reino suevo de *Gallaecia* remitimos a unha monografía precedente [Díaz, 2011].

cestral vinculado ao grupo sanguíneo [Kern, 1939, p. 15]. No proceso migratorio, sobre todo cando era necesario unir unha masa de guerreiros para enfrontarse aos romanos, estes dirixentes tiveron que sumar os seus esforzos e, como mera necesidade funcional, subordinarían a súa autoridade a un único mando, un verdadeiro *rex* á cabeza do *exercitus*. Así parece entendelo o propio Amiano cando os godos escollen a Atanarico para as necesidades da guerra en 366/369 [26.6.11], ou cando subordina a *tota Gothia* a un só mando [30.2.8]. Cando Isidoro de Sevilla [*Hist*. 2] constrúe unha historia retrospectiva do pobo visigodo no século VII, dirá que durante moitos séculos estivo gobernada por xefes [*ducibus*] e despois por reis [*regibus*]. Este *rex*, dirixente unitario con funcionalidade esencialmente guerreira, cuxa xénese se explica co exemplo godo, por ser o mellor documentado, constituirá a institución política por excelencia na evolución posterior da historia dos distintos pobos que conformarán entidades políticas dentro dos límites do antigo Imperio. Esta idea de *regnum* como entidade étnica é igualmente evidente nas tradicións francas [Patzold, 2012, pp. 381-85].

Mais, nun sentido estrito trátase dunha institución recente que atopará un difícil encaixe nas vellas tradicións asemblearias das estruturas tribais. Isto influirá na evolución posterior das monarquías bárbaras, incapaces de definiren claramente se os seus reis deberían responder a un principio dinástico ou a formas electivas entre unha base aristocrática máis ampla. Sen dúbida, foi o contacto con Roma nas últimas décadas do século IV o que alterou as tradicións políticas bárbaras, achegando un carácter máis xerárquico que afectaría a todas as súas relacións sociais [Heather, 1991: 189]. Cando estes grupos irrompan no interior do Imperio, os *iudices*, *reiks* e *maistans* das fontes precedentes [Wolfram, 1990, p. 95] serán lembrados directamente como *reges*. Hydatius, o bispo de Aquae Flaviae a quen debemos a nosa información sobre os suevos da Gallaecia, utiliza o termo indistintamente cando menciona os xefes dos pobos que irromperon no Imperio durante eses anos. Así é no caso dos godos Athanaricus, Alaricus ou Valia [Hid. 3, 35 e 55], tamén dos vándalos Gundericus e Gaisericus [Hyd. 79, 80].

É o mesmo título que lle dá ao xefe guerreiro suevo Hermericus cando é mencionado por primeira vez na súa crónica [Hyd. 63; a. 418]. Dálle idéntico cualificativo cando morre no 441 [Hyd. 114], e xa van polo menos tres anos que o seu fillo Rechila o substituíu no cargo [Hyd. 63; a. 418]. 106]. *Rex Suevorum* é tamén Rechiario, fillo de Rechila [Hydt. 165]. A morte de

Rechiario na década seguinte será interpretada por Hidacio, sen dúbida de forma precipitada, como o fin do reino: *regnum destructum et finitum est* [Hyd. 168]. Do seu relato dedúcese que o *rex* é o xefe guerreiro do pobo suevo e o *regnum* o seu poder, o seu liderado tribal no mellor dos casos, pero aínda non un liderado baseado en torno a unha sede e un trono. Rechila *substituit in regnum* ao seu pai, aínda vivo [Hyd. 106], pero morto Rechila o seu fillo Rechiario *succedit in regnum* [Hyd. 129]. En ámbolos dous casos substitúese ou sucédese na dirección dun pobo, non no goberno dun territorio. O warno Agiulfo, delegado polo godo Teodorico a cargo dos asuntos da Gallaecia tras a morte de Rechiario, *regnum suevorum spirat* [Hyd. 180]. Esta idea faise máis patente cando, tras a morte de Rechiario, diferentes bandos suevos compiten polo monopolio da violencia na contorna galaica. Framtano e Maldras son recoñecidos como *reges* simultaneamente [Hyd. 181, 188], e a condición de *rex*, polo menos no caso do segundo, outórgalla el a si mesmo: *Maldra sibi regem constituunt* [Hyd. 174]. Unha vez que todos os suevos volveron á unidade, Remismundo asumirá o liderado como *rex* [Hyd. 233, 234].

Nesta apresurada lectura do texto hidaciano parece claro que o *rex Suevorum* é esencialmente o líder étnico dun pobo. Esa é a categoría que lle recoñece o noso cronista. Nas accións que recolle o relato, os suevos preséntanse como algo alleo á Gallaecia e os provinciais aparecen en xeral como resistentes; así se recolle no ano 430 cando informa da primeira derrota que sufriron os suevos por parte dos que se refuxiaran nos redutos máis defendibles: *plebem quae castella tutiora retinebat* [Hyd. 81]. En ocasións, mesmo cedo, algúns destes *Callici* negociaron cos invasores [Hyd. 81, 86], aínda que non saibamos que autoridade está a negociar. Nos primeiros anos os suevos invaden principalmente as zonas rurais; quizais tamén irromperan nas cidades cuxas murallas non resisten, pero a primeira confusión dá paso a unha resistencia organizada. Lugo será asaltado por sorpresa, aproveitando a celebración da Semana Santa, transcorridos xa cincuenta anos da entrada dos suevos na provincia, o mesmo que Astorga ou Conimbriga, e os asaltantes exercerán vinganza contra os seus defensores. O propio Hidacio sofre a persecución sueva, arrancado da súa igrexa e retido en catividade durante tres meses [Hyd. 196, 202]. Tamén resisten, ou vanse reorganizando aos poucos, entidades locais que parecen actuar con indubidable autonomía. Hidacio lembra como os auregenses e os aunonenses, termos con afastadas reminiscencias étnicas, enfróntanse abertamente aos suevos [Hyd. 197, 229, 235, 243]. Porén, no propio texto, así como

nas poucas fontes distintas de Hidacio que podemos utilizar, atopamos indicios de que non todo é resistencia e falta de recoñecemento.

Dun *regnum* étnico a unha monarquía territorial

A aristocracia galaico-romana, da que Hidacio é auténtico representante, vinculou o seu prestixio e recoñecemento á identificación coas estruturas do Imperio e á lexitimidade que a Igrexa lle proporcionaba. Os lamentos de Hidacio ao comezo da súa crónica non deixan lugar a dúbidas. A chegada dos bárbaros trouxo o caos á sociedade da Gallaecia [Wieser, 2019]. Hidacio, ao comezo do seu relato, quere entender que a situación é pasaxeira; de feito dedica grandes esforzos persoais a buscar unha solución á presenza sueva na provincia. Despois de denunciar a ruptura dos primeiros acordos acadados entre os suevos e a poboación local, en 431, ten noticia de que o *dux* Aetius está en campaña na Galia, e dirixe unha embaixada para reunirse con el [Hyd. 86]. Ao ano seguinte volve xunto co *comes* Censorio, a quen Aecio encargara a negociación cos suevos [Hyd. 88]. Non está claro se Censorio acadou algún acordo, pero tralo seu regreso á corte, en 433, Hermerico asinou a paz cos *Gallecis*, conseguido *sub interuentu episcopali* [Hyd. 91]. Nun primeiro momento podemos supoñer que foi grazas á súa propia mediación, pero a seguinte entrada alude a un bispo Symphosio que Hermerico tería enviado a negociar co mesmo *comes* [*comitatum legatus*], aínda que, segundo o cronista, sen resultado [Hyd. 92]. Independentemente dos desexos de Hydacio, o inicio dos contactos entre os suevos e os representantes imperiais probablemente tiña como obxectivo buscar unha lexitimidade da que carecían. Polo que sabemos, a irrupción bárbara en Hispania non contou co visto e prace da corte de Rávena. Se houbo algunha negociación, levouse a cabo co usurpador Constantino ou con Xeroncio, que actuaba no seu nome na Península Ibérica. Orosio [7.43.14] dá conta da vontade dos bárbaros de negociaren con Honorio, pretensión que este parece ter rexeitado. No ano 437 Censorio, acompañado dun tal Fretimundo, foi enviado de novo como legado aos suevos [Hyd. 103]. A noticia é absolutamente breve, pero ao ano seguinte infórmasenos de que os suevos confirmaron a paz *cum parte plebis Calleciae cui aduersabantur* [Hyd. 105].

O testemuño foi interpretado como un acordo entre o Imperio e os suevos polo que estes verían recoñecidas as súas pretensións sobre os territorios

da Gallaecia, polo menos sobre unha parte deles [Sanz Huesma, 2009]. Mais isto non é tan evidente. Rechila comeza inmediatamente unha campaña cara ao sur; nalgún lugar preto do río Genil, na Bética, derrota a un tal Andevoto. Non sabemos se era un militar romano ou un líder bárbaro, tal vez un vándalo, o que xustificaría que levase un gran tesouro de ouro e prata que os suevos capturaron [Hyd. 106]. En todo caso, foi o primeiro episodio dunha cadea que o levaría a ocupar Mérida ao ano seguinte [Hyd. 111] e no 440 probablemente a Mértola, onde se refuxiara Censorio, enviado de novo polo Imperio a negociar, e que foi obrigado a renderse [Hyd. 113]. No 441 Hidacio recoñece que os suevos, despois de tomaren Sevilla, *Beticam et Carthaginensem prouincias in suam redigit potestatem* [Hyd. 115]. Durante sete anos o Imperio fará grandes esforzos para reverter a situación. Asturio [*dux utriusque militiae*] primeiro, o seu xenro Merobaudo [*magister utriusque militiae*] despois e, no 446, Vito, co mesmo nomeamento que o anterior, fracasaron nos seus intentos [Hyd. 117, 120 e 126]. A situación non pareceu cambiar cando Rechiario sucedeu a Rechila en 448. O novo rei, cuxa condición de católico non parece ter influído no seu comportamento, saqueou *ulteriores regiones* [Hyd. 129]. A área de referencia non está clara, aínda que pouco despois, en febreiro de 449, realizou incursións no territorio dos vascóns [Hyd. 132]. Case ao mesmo tempo Censorio foi asasinado en Sevilla. Aínda que o verdugo é o citado Agiulfo [Hyd. 131], que despois se vincula aos visigodos, parece que Sevilla aínda segue en mans dos suevos e o asasinato hai que entendelo como unha mostra máis de forza do novo rei. Máis aínda, Rechiario, medrado na súa confianza polo seu matrimonio coa filla do rei visigodo Teodorico, volvendo dunha visita á Galia, irrompeu en Ilerda, onde toma reféns, e saquea a rexión caesaraugustana [Hyd. 134]. Nesta acción asociado co xefe de bagauda Basilio, quen pouco antes asasinara a uns federados [*foederatos*] refuxiados na igrexa de Tarazona [Hyd. 133].

Nos tres anos seguintes non temos noticias dos acontecementos en Hispania, aínda que Hidacio rexistra unha serie de acontecementos externos que, sen dúbida, influíron nos asuntos peninsulares. A vitoria na *batalha de Chalons* contra os hunos e unha serie de problemas dinásticos na Corte visigoda devolven a iniciativa á Corte de Rávena, que nomea, por derradeira vez, un *comes Hispaniarum*, Mansueto, que xunto con Fronto, tamén *comes*, chegan ante os suevos *legati pro pace mittuntur et optinent conditiones iniuctas* [Hyd. 147]. Estamos no ano 452 e este acordo, que ao parecer recuperaba un anterior, quizais o non respectado no 438, abriría un

lustro de estabilidade na Península. Hidacio non fai ningunha alusión ás condicións desa alianza; só lembra que os suevos devolveron a Cartaginense aos romanos [Hyd. 161]. É posible que a solución para lexitimar a presenza sueva estivese lonxe do que el quixera. Porén, a través do testemuño de Jordanes podemos deducir cales serían os termos do acordo. Lembrando precisamente o posterior incumprimento das súas condicións por parte de Rechiario, o historiador godo dá a entender que os suevos estaban asentados na Gallaecia e na Lusitania, a fronteira oriental sería a antiga Autrigonia, en tanto que cara ao sur hai confusión sobre se o límite estaba no Texo ou na beira do mar. Quizais esta segunda solución sexa máis aceptable, xa que Mérida e Sevilla continuaron en mans suevas:

> *«quae in dextro latere Spaniae per ripam Oceani porriguntur, habentes ab orienteAustrogonia, ab occidente in promuntorio sacrum Scipionis Romani ducis monumentum, a septentrione Oceanum, a meridie Lysitaniam et fluvium Tagum qui harenis suis permiscens auri metalla trahit cum limi vilitate divitias»* [Iordanes, *Get.* 44.230].

O texto non ten ningún indicio de ser un acordo con contrapartidas, nada semellante a un *foedus*. É un acordo entre dous poderes que se reparten un territorio. Se a lectura é correcta, á altura do 452 os suevos vían recoñecida a súa soberanía sobre todo o occidente peninsular, salvagardando para Roma o espazo estratéxico mediterráneo. Probablemente Rechiario é consciente das implicacións deste acordo e dá algúns pasos para construír unha mínima andamiaxe simbólica do seu poder. Os indicios son, de novo, febles, mais non desprezables. Rechiario será o primeiro rei bárbaro que inscriba o seu nome nunha emisión monetaria: unha *siliqua* de prata coa lenda IVSSV RICHIARI REGES rodeando unha coroa de loureiro, acompañada dunha cruz e as letras *BR*. Só se coñecen catro exemplares, mais non hai dúbida do seu carácter orixinal, pois dous deles apareceron nun contexto arqueolóxico. A lectura de *BR* como Bracara leva a pensar nunha marca de ceca, e tamén no papel relevante da cidade como sede do poder suevo. A incorporación da figura de Honorio no anverso deu lugar a diversas lecturas. A máis evidente sería a procura da lexitimidade imperial, asociándose co emperador reinante no momento en que entraron na península. O uso do latín implica a plena vontade de asumir un novo papel como gobernantes en substitución de Roma, pero non necesariamente de someterse á súa soberanía, como se interpretou ocasionalmente [López Sánchez, 2010].

O recoñecemento do Imperio era só o primeiro paso para xerar unha identidade territorial e unha autoridade máis aló da exercida sobre o propio conglomerado suevo e a derivada do exercicio da violencia, que ata agora fora o seu único argumento. En que medida houbo un proceso de recoñecemento ou identificación por parte da poboación provincial é máis difícil de valorar. A primeira presenza dun bispo, Symphosio, como aparente emisario suevo non significa necesariamente colaboración, só mediación. Quizais fose o bispo de Braga, axiña ocupada polos suevos. A existencia de colaboradores cos suevos, caso dos que facilitaron a captura de Hidacio nun momento posterior, ou a figura de Lusidio, o *cives* de Lisboa que facilitou a entrada sueva na cidade [Hyd. 240], non son casos significativos por si mesmos. Mais non cabe dúbida de que na medida en que o poder imperial se afastaba do horizonte provincial, as vellas elites que vinculaban o seu prestixio ao poder de Roma foron reconducindo as súas alianzas e acabarían contribuíndo á conformación administrativa do novo reino [Barnwell, 1992, pp. 78-79]. Porén, coa morte de Aecio primeiro e Valentiniano III despois, sucesos rexistrados por Hidacio na súa crónica [Hyd. 152, 154], os acontecementos ían tomar outros rumbos. Tras a violenta desaparición de Aecio en 453, Valentiniano III sentiuse obrigado a enviar legados ás distintas *gentes*, sobre as que parecía exercer unha influencia incuestionable. Un tal Xustiniano presentouse ante os suevos [Hyd. 153]. Non obstante, a morte do emperador puxo fin á dinastía teodosiana, á que Rechiario parecía gardar fidelidade –de aí a efixie de Honorio, primeiro emperador dun Occidente dividido–. A elección dun sucesor foi complicada e os godos impuxeron o seu candidato, Avito. Rechiario, liberado de todo compromiso, invadiría de novo a Cartaginense [Hyd. 161].

Agora a iniciativa pasaba a mans dos godos. Nalgún momento do ano 456, Avito enviou ante Rechiario o *comes* Fronto, probablemente o mesmo que chegara na embaixada no 452. Simultaneamente o rei Teodorico enviou os seus propios legados, co obxectivo de que mantivesen *iurati foederis promissa* [Hyd. 163]. Un termo que agora si parece implicar que o acordo con Roma supuxera algunha contrapartida, aínda que a modalidade do acordo asimilaríase mellor cunha *cessio* por parte das autoridades romanas [Selvaggi, 2020: 105-115]. Os godos reivindícanse neste contexto como os aliados do Imperio, encargados de facer cumprir as obrigas contraídas con el. Os suevos expulsaron todos os legados e invadiron a Tarraconense, que segundo o texto era fiel a Roma. Ante a chegada de novos embaixadores godos, Rechiario realiza outra incursión na mesma provincia coa captura

dun gran número de cativos [Hyd. 165]. As tres seguintes entradas do texto hidaciano [Hyd. 166-168] son as máis elaboradas de toda a súa crónica. Dan conta da derrota que os godos de Teodorico, obedientes a Avito, inflixiron aos suevos. A batalla decisiva nas inmediacións de Astorga, o saqueo de Braga, onde os godos foron desapiadados con suevos e romanos, coas virxes consagradas e co clero católico, a captura de Rechiario e a matanza dos seus seguidores, supuxeron unha violencia que espanta ao cronista. En decembro, ao parecer aínda no 456, Rechiario foi executado e Teodorico pasou á Lusitania [Hyd. 173].

O sentimento de hostilidade que Hidacio amosa cara aos suevos non se disipa pero, para a súa perplexidade, a actitude de godos e imperiais cara á poboación local acaba sendo igualmente inaceptable. Noutra pasaxe cargada de dramatismo [Hyd. 178] o cronista informa da destrución de Astorga e do seu territorio, coa captura de dous bispos; a mesma sorte corre Palencia. Unha vez máis é a plebe cristiá quen padece a violencia. O mesmo que nas costas de Lugo, Cantabria e Vardulia sofren as incursións piratas dos hérulos [Hyd. 164], que se repetirán, *crudelissime inuadunt*, no 459 [Hyd. 189]. Os suevos entran agora nun período de anarquía política, fraccións divididas, reis que quedaron reducidos a xefes de grupos armados dedicados ao saqueo, pretendentes non suevos como o citado Agiulfo, aparición dunha violencia xeneralizada que o cronista define ocasionalmente como *latrocinantum depraedatio* [Hid. 72]. Neste contexto, a percepción de Hidacio faise cada vez máis localista. Os últimos dez anos da súa crónica, ata o 469 en que enmudece, son unha reivindicación da súa propia identidade. A solución imperial, externa, dá paso á esperanza nunha solución doméstica. A mirada céntrase na poboación local, os *Galletios* que, nunha entrada do mesmo 459, reciben unha mensaxe do recén elixido emperador Majoriano [Hyd. 192]. Pero xa non se trata dos *plebis Calleciae* [Hyd. 105] cos que loitaban os suevos nos anos 430; agora son os *Callicos… honestis natu* [Hyd. 191] os que se enfrontan aos suevos. A mesma calidade nobre que lle atribúe ao *rector* da cidade de Lugo, neste caso un romano, que foi sorprendido durante a celebración da Pascua e asasinado durante unha incursión sueva [Hyd. 194]. A captura do propio Hidacio polos suevos de Frumario, na súa igrexa tras a delación duns traidores [Hyd. 196], probablemente responda ao seu papel de líder da aristocracia local máis que ao seu estatuto episcopal [Díaz, 2016]. No 463 Palogorio, *uiro nobili Galleciae*, chega á Corte de Teodorico como enviado de Rechimundo [Hyd. 215]; tal vez o mesmo personaxe que na seguinte noticia se chama Remismundo e que será o derradeiro *rex Sueuorum* coñecido do século V.

O novo papel destas aristocracias que lideran a resistencia contra os suevos, ou que colaboran como mediadores, é indiscutible. Nalgúns casos son representantes dunha longa tradición cívica, como o Cantaber que dirixe a cidade de Conimbriga, membro dunha familia fidalga [Hyd. 223], segundo Hidacio, cuxo rastro pódese seguir dende a época romana ata ben avanzado o século VII. Mesmo podemos rastrexar unha aristocracia de raíz indíxena personalizada polos citados auregenses e aunonenses, un de cuxos representantes, Opilio, dirixe unha embaixada aos godos –aínda que a noticia é moi equívoca– [Hyd. 235]. O *cives* Lusidio, que entregou a cidade de Lisboa aos suevos, leva pouco despois unha delegación de Remismundo ao emperador, acompañado dalgúns suevos [Hyd. 240, 252].

Del *regnum Sueuorum* al *Galliciense regnum*

A figura deste Lusidio, que acompañado de *hominibus Sueuis* representa a Remismundo ante o emperador, inaugura a nova realidade que se fai patente nas fontes a mediados do século VI ao recuperarse a secuencia informativa sobre Gallaecia. É Gregorio de Tours quen, no momento da súa conquista por Leovixildo e dende a perspectiva da Galia, identifica a realidade sueva como un *Galliciense regnum* [Hist.6.43; Virt. s. Mart.1.11]. Un reino da Gallaecia que na súa perspectiva é un ente territorial, un espazo no que a elite sueva e as diferentes aristocracias locais acadaron un consenso [Díaz, Menéndez Bueyes, 2021]. A nova aristocracia non é só un elemento colaborador, senón que unificou os seus intereses coa monarquía sueva e a xerarquía eclesiástica. Cooperan e atopan apoio mutuo á hora de xustificaren as súas respectivas posicións de poder [Meyer, 2017]. Esta asociación entre o líder guerreiro e unha aristocracia territorial que atopa nel unha lexitimación do seu propio poder está na base da construción do mundo post-imperial, no que o *rex* é un personaxe novo e específico [Le Goff, 1993]. Unha elite que debe ser entendida como renovada en función do novo poder no que atoparán a súa xustificación; unha aristocracia emerxente conforme as cambiantes circunstancias do momento [Matthews, 2000].

Os límites da nova realidade territorial fixáronse xa lonxe da tutela romana. Son consecuencia da condescendencia, ou da debilidade –sobre todo despois do 507, coa derrota de Vouillé– do reino visigodo que, no momento en que Hidacio deixa de escribir, exerce sobre os suevos unha tutela que roza a submisión. Todo parece indicar que Remismundo é un rei vasalo de Tolo-

sa, ata o punto de que os godos forzan a conversión dos suevos ao arianismo [Hyd. 228]. Porén, a consolidación dun espazo de soberanía é incuestionable, mesmo cunha capacidade administrativa centralizada arredor da figura do rei e unha sede rexia recoñecida en Braga. O territorio no que a partir do 507 ou pouco despois se consolida o reino suevo da Gallaecia ocupa os tres *conventos* occidentais da homónima provincia de dioclecianea, o espazo que hipoteticamente correspondera aos suevos no sorteo de 411 [Hyd. 41]. A fronteira oriental estaría no río Esla, aínda que incorpora Zamora, un punto forte do Douro; desde aquí cara ao sur a Vía da Prata podería marcar unha liña definida [Aríño, Díaz, 2014]. Máis difícil é saber como consolidaron a súa posición nos territorios ao sur do Douro, na Lusitania septentrional, claramente ao norte de Mondego, na parte oriental ata as proximidades do Texo, posto que Egitania [Idanha a Velha] é unha sede episcopal Sueva. A liña fronteiriza non integrou en ningún caso Santarém [Scalabis] nin Lisboa. Incluso se incorporou ao reino a parte noroeste do *conventus* emeritense, un sector do *territorium* de Salamanca que sabemos que foi devolto á súa diocese nalgún momento do século VI e que deu lugar a litixios que aínda non estaban resoltos no ano 666, cando o caso foi levedo ante un concilio provincial celebrado en Mérida.

Aínda que con fontes indirectas, mesmo podemos reconstruír o desigual control que o monarca exercía dentro dese espazo que formalmente constituía os seus dominios. A presenza administrativa é máis evidente no espazo central do antigo *conventus* bracarense que nos territorios periféricos. Isto pódese deducir, por unha banda, da desigual distribución do ordenamento eclesiástico. Por outra, da concentración e dispersión das cecas visigodas, aparentemente herdeiras directas de centros administrativos suevos, moitas delas previamente cecas suevas e coincidentes coas entidades eclesiásticas dependentes das dioceses galaicas. No primeiro caso trátase da *Parochiale Suevum*, unha lista episcopal da igrexa da Gallaecia que nos mostra a desigual articulación do reino [David, 1947, pp. 1-82]. É certo que se trata dun documento eclesiástico, pero tras a conversión sueva ao catolicismo pouco despois do ano 550, a ordenación administrativa do reino e a da Igrexa parecen ir da man [Fernández Calo, 2016]. O documento redáctase nalgún momento entre o I e o II Concilio de Braga, ou quizais mesmo despois do 572. O seu contido limítase a unha relación de trece sés episcopais acompañadas dunha serie de lugares denominados alternativamente *ecclesiae* ou *pagi*. O que interesa destacar é que o número destas entidades dependentes de cada diocese é moi desequili-

brado e concéntranse no triángulo formado por Braga [30], Porto [25] e Tui [17], que representa máis da metade do total destas demarcacións.

Para comprender o sentido administrativo, sumado ao relixioso, destes lugares argumentamos noutro momento o feito de moitos deles seren empregados como ceca na época visigoda [Díaz, 2004]. Aínda que as cifras poden variar segundo o autor de referencia [Pliego Vázquez, 2012], imos considerar un total de 79 cecas visigodas, das cales 41 estaban situadas no antigo reino suevo [33 no territorio da Gallaecia, 8 na Lusitania sueba]. Destas 41 cecas, todas menos unha están situadas en entidades recollidas na *Parochiale*; algunhas coinciden coas sés episcopais, pero a maioría están asociadas a topónimos cuxa entidade debeu ser insignificante. Buscáronse diversas explicacións, sendo a máis razoable que os visigodos incorporasen inmutable a ordenación administrativa sueva cando o reino foi conquistado por Leovixildo. Debemos entender que a conservadora administración visigoda utilizou os esquemas precedentes e mantivo os centros que tiveran funcións administrativas, xudiciais ou fiscais, o que xustificaría o mantemento da súa función como centros de acuñación. Este mapa de cecas, superposto ao das igrexas do *Parochiale*, daría conta da xeografía do reino, tanto na súa máxima extensión como na súa implantación interna, onde a súa zona central, as tres sés antes lembradas, ás que habería que engadir Ourense e Viseu, son as máis articuladas [Díaz, 1998; Sánchez Pardo, 2014]. Non por casualidade se trata da zona, sobre todo da contorna de Braga, onde se concentra o maior número de achados de moedas suevas [Barral i Altet, 1976, pp. 144-46; Cebreiro Ares, 2012], mentres que nas zonas periféricas a iniciativa administrativa puido ser cedida a poderes locais fortemente establecidos.

No caso das dioceses máis setentrionais o *Parochiale* presenta interpolacións posteriores, entre os séculos IX e XI, que denotan a presenza continuada de entidades que poderiamos valorar como étnicas [Bermúdez; Ibañez, 2020]. É posible que estes territorios actuasen en gran medida fóra do control de Braga. Polo cronista visigodo Xoán de Biclaro sabemos que no 571 ou 572 o rei suevo Miro dirixiu unha campaña contra os runcones [Ioh. Bicl. 21], un pobo que podía moverse na zona montañosa do norte, pois uns anos despois Sisebuto loitará con eles inmediatamente despois de enfrontarse aos ástures [Isid., Hist. 61]. No momento da conquista visigoda algúns territorios da fronteira occidental establecéronse como estruturas de poder independentes entre suevos e visigo-

dos. Sería o caso da Sabaria, tomados tras vencer aos sappos [Ioh. Bicl. 21], ou dos espazo controlado por un tal Aspidio, a quen o biclarense identifica como un *loci senior* que controla os non identificados Montes Aregenses [Ioh. Bicl. 35]. Hidacio fixera evidente a capacidade de resistencia de Conimbriga grazas ao papel dirixente dunha familia da aristocracia local. É posible que estes grandes propietarios seguisen tendo o poder e, en boa medida, a xestión dos asuntos públicos no sur, sen prexuízo da aceptación da soberanía sueva.

Epílogo: Un reino perdurable?

A transición dunha xefatura militar a unha entidade territorial, dun reino étnico a unha monarquía aceptada polos seus súbditos [Meier, 2019, pp. 895-958], é tamén a transición dun poder baseado na capacidade de acumular riqueza coa que mercar fidelidades, a presenza dun tesouro que parece que transportaba o citado Andevoto, a converter esta acumulación transportable nun *patrimonium*, unha facenda pública. O rei xa non é unha figura itinerante que transporta esas riquezas por onde vai; ten unha sede rexia, un lugar co que se identifica o seu poder e onde se garda o novo tesouro. Obviamente implica o cambio dunha xefatura que fai valer o seu prestixio sobre o seu propio pobo, pero que se impón aos demais mediante o exercicio da violencia, para un recoñecemento universal do seu poder. Este recoñecemento debe proceder de fontes varias e diversas, sen dúbida dos poderes equivalentes no seu contorno. É significativo o testemuño de Gregorio de Tours [Hist.8.35], que informa do envío de barcos francos nun contexto, no 585, no que ben podería interpretarse como axuda a unha Gallaecia atacada polos godos. É indubidable o recoñecemento procedente da Corte toledana que pacta, guerrea e somete aos seus veciños; tamén da Corte imperial de Constantinopla, onde se testemuña a presenza de legados suevos [Vallejo Girvés, 1994], e cuxo crecente comercio testemuña a arqueoloxía [Fernández, 2014]. Conta co recoñecemento da Igrexa católica da Gallaecia, evidente na apertura dos concilios de Braga nos anos 561 e 572; mentres que Martiño, metropolitano de Bracara, que figura como conselleiro do rei, tanto na súa *Formula Vitae Honestae* como, sobre todo, na *Exhortatio humilitatis*, non dubidou en deixar como garante das súas disposicións testamentarias –que tiñan por obxecto preservar a propiedade e o estatus do bispado abacial de Dumio– aos distintos reis que se sucederon [Díaz, 2023].

Xoán de Biclaro, a nosa fonte para coñecermos os derradeiros anos da Corte de Braga e, de xeito especial, do proceso da conquista visigoda, é un informante enormemente tendencioso, o que sen dúbida nos priva de datos importantes sobre o proceso. O é cando informa do carácter católico dos suevos no momento da conquista, ignorando a figura de Martiño de Braga por exemplo; tamén o é en relación coa condición da sede rexia de Braga, que non menciona nas nove entradas que lle dedica aos suevos; porén, é suficientemente explícito cando dá conta da conquista: *Liuuigildus rex Gallaecias vastat, Audecanem regem comprehensum regno privat, Suevorum gentem, thesaurum et patriam in suam redigit potestatem et Gothorum provinciam facit* [Ioh. Bicl. 72]. A diferenza do visto no século anterior, o final do reino non é consecuencia da morte do rei, senón do sometemento dos seus seguidores, da apropiación do seu *patrimonium* [é así como debemos entender o tesouro] e do seu territorio [*patria* neste caso], que pasou a ser provincia do reino godo [Poveda Arias, 2022].

Esta provincia da Gallaecia será inmediatamente privada dos territorios ao sur de Douro, que volverán á Lusitania; non obstante, conservará unha identidade propia, cuxa orixe podemos rastrexar ata o pasado prerromano, sen dúbida, pero que adquiriu unha nova dimensión co dominio suevo, quizais mesmo coas condicións pactadas para o seu sometemento. O mundo suevo quedou practicamente esquecido despois das *Historiae* de Isidoro, apenas algunha mención no contexto eclesiástico, malia a identidade diferenciada de Gallaecia, a carón da Galia e Spania, será lembrada de xeito recorrente desde o concilio de Toledo de 589 ata finais do século seguinte. Unha nota nas crónicas asturianas [Cr. Alb. 33; Adef. Tert. Cr. 4] suxire que nalgún momento do seu reinado Exica confiaría ao seu fillo Witiza o control da provincia de Gallaecia, trasladándose a Tui, onde residiría ata a morte do seu pai, quen gardaría para si o reino dos godos deixando o *regnum Sueuorum* a Witiza. O contexto é o da denuncia de revoltas xeneralizadas no reino e o feito de que se lembre a provincia como o antigo reino dos suevos pode entenderse como que a vella aristocracia galega tentase reverter a integración no reino visigodo, mais é unha lectura difícil de confirmar e, en todo caso, non dá conta do alcance real da situación. Valorar canto desta identidade suevo-galaica se preservou na reconformación posterior ao 711 non corresponde respondelo aquí; en todo caso os suevos non formaron parte de posteriores reivindicacións de soberanía.

BIBLIOGRAFÍA

Ariño, Enrique, Díaz, Pablo C. [2014], «La frontera suevo-visigoda. Ensayo de lectura de un territorio en disputa», en R. Catalán, P. Fuentes, J. C. Sastre [eds.], *Fortificaciones en la Tardoantigüedad: Élites y articulación del territorio [Siglos V-VIII d. C.]*, Madrid: La Ergástula, 179-190.

Barnwell, Paul S. [1992], *Emperor, Prefects and Kings. The Roman West 395-565*, London: Duckworth.

Barral i Altet, Xavier [1976], *La circulation des monnaies suèves et visigothiques: Contribution à l'histoire économique du royaume visigot*, München: Artemis Verlag,

Benveniste, Émile [1983], *Vocabulario de las instituciones indoeuropeas*, Madrid: Taurus [orig. francés, 1969].

Bermúdez Beloso, Mariña; Ibáñez Beltrán, Luis M. [2020], «Una cartografía para los once condados de la diócesis de Lugo: hacia una nueva aproximación al *Parrochiale Suevum*», *Vínculos de Historia* 9, 181-201.

Burgess, Robert W. [1993], *The Chronicle of Hydatius and theConsularia Constantinopolitana. Two contemporary accounts of the final years of the Roman Empire*, Oxford: Oxford University Press.

Cebreiro Ares, Francisco [2012], «Dificultades que plantea el estudio de la historia monetaria sueva», en F. Cebreiro Ares [ed.], *Introducción a la Historia Monetaria de Galicia [s. II a.C – XVII d.C]*, A Coruña: Labirinto de Paixóns, 31-63.

David, Pierre [1947], *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe a XIIe siècles*, Lisboa-Paris: Livraria Portugália Editora.

Díaz, Pablo C. [1998], «El *Parrochiale Sueuum*: organización eclesiástica, poder político y poblamiento en la *Gallaecia* tardoantigua», en J. Alvar [ed.], *Homenaje a José Mª Blázquez*, vol. VI, Madrid: Ediciones Clásicas, 35-47.

Díaz, Pablo C. [2004], «Acuñación monetaria y organización administrativa en la Gallaecia tardoantigua». *Zephyrus*57, 367-375.

Díaz, Pablo C. [2011], *El reino suevo de Gallaecia [411-585]*, Madrid: Akal.

Díaz, Pablo C. [2011], «El obispo y las invasiones de los pueblos bárbaros», en S. Acerbi, M. Marcos, J. Torres [eds.], *El obispo en la Antigüedad Tardía. Homenaje a Ramón Teja*, Madrid: Trotta, 133-49.

Díaz, Pablo C., Menéndez Bueyes, Luis R. [2,21]. «Elites locais versus monarquia?: O exemplo da Galicia tardo-antiga», *Heródoto* 6.2, 221-64.

Díaz, Pablo C. [2023], «Dumio-Braga. A Functional Duality, a Legal Anomaly» en S. Panzram, Pablo Poveda-Arias (eds.), *Bishops under Threat. Contexts and Episcopal Strategies in the Late Antique and Early Medieval West*, Berlin-Boston: De Gruyter, 301-27.

Fernández, Adolfo [201,]. *El comercio tardoantiguo [ss. IV-VII] en el Noroeste peninsular a través del registro penínsular de la ría de Vigo*, Oxford: Archaeopress.

Fernández Calo, Martín [2016], «Os *Synodi* suevo-católicos: implicacións político-administrativas dunha bipartición metropolitana», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 63, 125-62.

Ghosh, Shami [2016], *Writing the Barbarian Past. Studies in Early Medieval Historical Narrative*, Leiden-Boston: Brill.

Heather, Peter [1991], *Goths and Romans 332-489*, Oxford: Oxford University Press.

Kern, Fritz [1939], *Kingship and the Law in the Middle Ages*, Oxford: Blackwell [orix. alemán 1914].

Le Goff, Jacques [1993], «Le Roi dans l'Occidente médiéval: caracteres originaux», en A. J. Duggan [ed.], *Kings and Kingship in Medieval Europe*, London: King's College, 1-40.

López Sánchez, Fernando [2010], «Suevic Coins and Suevic Kings [418-456]: The Visigothic Connection», en F. Curta [ed.], *Neglected Barbarians*, Tunhhoult: Brepols, 503-36.

López Silva, José A. [2004], *A Crónica de Idacio de Limia. Bispo de Chaves*, Ourense: Deputación Provincial.

Matthews, John [2000], «The Roman Empire and the Proliferation of Elites», *Arethusa* 33, 429-46.

Meier, Misha [2019], *Geschichte der Völkerwanderung. Europe, Asien und Afrika vom 3. bis zum 8. Jahrhundert n. Chr,* München: C. H. Beck.

Meyer, Christop H.F. [2019], «Konsens in der Rechtsgeschichte des frühen Mittelalters», en V. Epp, C. H. F. Meyer [eds.], *Recht und Konsensus im frühen Mittelalter*, Ostfildern: Jan Thoerbecke, 19-45

Patzold, Steffen [2012], «'Einheit' versus 'Fraktionierung': Zu symbolischen und institutionellen Integration des Frankenreichs im 8./9. Jahrhundert», en W. Pohl, C. Gantner, R. Payne [eds.], *Visions of Community in the Post-Roman World. The West, Byzantium and the Islamic World*, Farnham: Ashgate, 375-90.

Pliego Vázquez, Ruth [2012], «*Gallaecia* en tiempos del Reino Visigodo de Toledo: sus emisiones monetarias», en F. Cebreiro Ares [ed.], *Introducción a la Historia Monetaria de Galicia [s. II a.C – XVII d.C]*, A Coruña: Labirinto de Paixóns, 65-104.

Poveda Arias, Pablo [2022], «Conquista e integración de Gallaecia en el reino visigodo», *Lucentum* 41, 283-99.

Reydellet, Marc [1981], *La royauté dans la litterature latine de Sidoine Apollinaire à Isidore de Séville*, Rome: École française de Rome.

Sánchez Pardo, J. Carlos [2014], «Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del Parroquial suevo», *Hispania Sacra* 66, 439-80.

Sanz Huesma, Francisco J. [2009], «Hidacio y Censorio: el *foedus* del 438 entre Roma y los suevos». *Polis. Revista de ideas y formas políticas de la Antigüedad Clásica* 21, 59-75.

Selvaggi, Rocco [2020], *Erfolgreiche Vertragskonzepte oder* foedera incerta? *Die weströmische Außenpolitik des 5. Jahrhunderts im Spiegel der römisch-germanischen Vereinbarungen*, Hamburg: Hamburg University Press.

Vallejo Girvés, Margarita [1994], «La embajada sueva en Constantinopla o la búsqueda de un aliado contra la amenaza visigoda [S. VI]», *Estudios humanísticos. Geografía, Historia y Arte* 16, 61–9.

Wallace-Hadrill, John M. [1971], «Germanic Kingship and the Romans», en *Early Germanic Kingship in England and on the Continent*, Oxford: Clarendon Press, 1-20.

Ward-Perkins, Bryan [2005], *The Fall of Rome and the End of Civilization*, Oxford: Oxford University Press.

Wieser, Veronika [2019], «The Chronicle of Hydatius. A historical guidebook to the last days of the Western Roman Empire», en G. Matthew, J. T. Palmer [eds.], *Apocalypse and reform from Late Antiquity to the Middle Ages*, London-New York: Routledge, 11-30

Wolfram, Herwig [1990], *History of the Goths,* Berkeley: University of California Press.

3

Alta Idade Media

O reino de Gallaecia no contexto europeo

Alberto Lago Villaverde

RESUMO. O reino da Gallaecia na Alta Idade Media tinha practicamente o mesmo territorio que o anterior reino suevo da Gallaecia. Isto significa que debía ter os mesmos intereses, os mesmos aliados e as mesmas rotas de comercio. Podemos dividir o reino en tres etapas diferentes: a primeira cara as Ilhas Británicas, a seguinte coa relación principal co Imperio Carolinxio, onde destaca o inicio do Camiño de Santiago, e a última, despois da disolución do Imperio Carolinxio, enfrontado aos ataques simultáneos de Córdoba e os viquingos. Tres características deste reino parecen diferentes do resto da Europa cristiana: a gran proporción de poboación armada, a cantidade de fortificacións en todo o pais, e o poder instrucional que tiñan as mulleres, nomeadamente a nai ou a irmá do rei.

RESUMEN. El reino de *Gallaecia* en la Alta Edad Media tenía prácticamente el mismo territorio que el anterior reino suevo de *Gallaecia*. Esto significa que debía tener los mismos intereses, los mismos aliados y las mismas rutas de comercio. Podemos dividir el reino en tres etapas diferentes: la primera hacia las Islas Británicas, la siguiente con la relación principal con el Imperio Carolingio, donde destaca el inicio del Camino de Santiago, y la última después de la disolución del Imperio Carolingio, enfrentado a los ataques simultáneos de Córdoba y los vikingos. Tres características de este reino parecen diferentes del resto de la Europa cristiana: la gran proporción de población armada, la cantidad de fortificaciones en todo el país y el poder instruccional que tenían las mujeres, en particular la madre o la hermana del rey.

ABSTRACT. Galician Early Middle Ages kingdom shares most of the same territory with the previous kingdom of the Suebi. This means that they would share the same interests, allies and trade routes. This can be defined by three successive orientations: first to the British Isles, then to the Carolingian Empire, highlighted by the origin of the Way of Saint James, and, after the dissolution of that empire, against the simultaneous attacks of the Ummaiyads of Cordoba and the Vikings. Three characteristics of this kingdom are different from other Christian realms: the amount of armed people, the quantity of fortifications in the country and the institutional power awarded to women, namely the mother or sister of the king.

O mapa desaparecido

Nas colecións de mapas da Idade Media adoitamos encontrarmos un mapa do ano 800 [os comenzos do «Reino de Asturias»] seguido de outro do ano 1000 [a conquista de Toledo e os inicios da expansión castelá] seguidos de outro do século XIII [a unificación de Castela e León e a conquista de Andalucía] e rematando con outro do s. XV [unificación de Castela e Aragón e conquista de Granada]. Todos estes mapas contan unha historia: a da expansión de Castela ata dominar a Península, e os mapas que faltan son descartados porque non encaixan nela. Para un profesor de secundaria a referencia máis común serían os mapas murais de Vicens Vives; pero case calquera libro de texto tería mapas semellantes.

1. [Ver p. 163] O reino de Afonso III [Wikipedia]

O mapa do ano 900, que é o principal damnificado, amosa un reino da Gallaecia con capital en León que se parece demasiado ao reino da Gallaecia de época sueva para o gusto da historiografía española. Este mapa conta unha historia que non encaixa co proxecto de Castela e que podía ter encaixado aínda menos. [IMAXE 1]

Este territorio comezou sendo unha terra de ninguén, fora do dominio de Córdoba, e acabou configurándose no reino da Gallaecia, de Afonso III en diante, por unha serie de procesos dos que as crónicas só nos contan unha parte e en ocasións nos escamotean información. O caso mais evidente é como se pasou dun reino centrado en Asturias, no reinado de Paio [Pelayo], a outro que incluía a totalidade da Galicia actual, no reinado de Afonso II. Só temos noticias dos galegos cando se sublevan contra o rei, pero non sabemos como chegou o rei a adquirir eses territorios.

A liña da fronteira co Emirato marcábana as cidades de Coimbra, Viseu, e Idanha a Velha. Estas foran conquistadas por Afonso III ao emirato e voltas

a conquistar por Al-Mansur. Mesmo Idanha a Velha, bastante ao sur do río Douro e que conserva restos de época sueva e visigoda, non ten ningún resto digno de mención da época árabe e non parece que o tivese nunca.

2. [Ver p. 163] O reino suevo da Gallaecia [Wikipedia]

Por tanto, os árabes nunca tiveran unha presenza permanente en Galicia, tanto ao norte como ao sur do Miño. A fronteira do reino estaba na mesma liña de cidades que antes formaran a fronteira sur do reino suevo da Gallaecia. [Imaxe 2]

Isto é, o reino medieval da Gallaecia ten unha notable continuidade co reino suevo da Gallaecia. As cidades da fronteira sur [Coimbra, Viseu e Idanha] son as mesmas que formaban a fronteira sur do reino suevo, despois de Remismundo se apoderar delas. A loita entre o reino da Gallaecia e o Emirato de Córdoba e logo do Califato é por ver quen controlaría esas cidades. E a conquista delas foi o resultado mais duradeiro da aceifa de 997.

E despois delas o obxectivo era Santarem, que xa na época dos reis suevos era considerada a primeira cidade de España ao saír da Gallaecia. Mesmo as fontes árabes falan de Santarem como unha cidade de fronteira despois da cal comezaba a Gallaecia,*Yilliqiya*, [Barbosa, 2021, pp. 112 e ss.]. A continuidade é tal que García estaba a cercar Santarem cando foi secuestrado polo seu irmán Afonso vi.

A fronteira no leste parece corresponder coa da provincia romana do século IV; Arnedo está na Gallaecia. A parte do suroeste é chamada Portugal, segundo Albacri, e debe ser do Porto para o sur, porque Braga está en Galicia. Salamanca estaría incluída no territorio de Coimbra, que é unha capital do país dos galegos; e así o demais. [Barbosa, 2021, pp. 112 e ss.].

De oeste a leste: Badaxoz, Mérida, Valladolid [seguramente un erro] Guadalaxara e Medinaceli son as cidades de fronteira de Al-Andalus co país dos galegos. O que significa que a fronteira polo leste era máis ou menos a da provincia romana. E Guadalaxara dise que é a praza máis avanzada dos musulmáns do lado de Galicia. Tudela é da Marca Oriental de Al-Andalus e Pamplona dos francos, por tanto non da Gallaecia. A fronteira estaría entre Burgos e Pamplona [Barbosa, 2021, pp. 117 e ss.].

Todo isto que se menciona non é ningunha novidade. A maior parte xa figura nos libros de Camilo Nogueira [*A memória da nación*, Xerais, 2001] e

de Anselmo López Carreira [*O reino medieval de Galicia*, A Nosa Terra, 2005]. Parece que algo de isto se está a filtrar na historiografía española, mais é pouco e tarde.

Mais un reino con esta configuración tería unha lóxica ben diferente á de Castela. Os obxectivos serían a expansión cara o sur pola chaira de Portugal e cara ao leste pola rasa da costa cantábrica ata conectar cos aliados francos. A Meseta sería un asunto secundario pola diferenza de clima e economía co resto do reino. En suma: un gran Portugal en lugar dun estado centrado na Meseta. E resulta evidente a continuidade coa cultura dos castros en espazo xeográfico, área bio-climática e situación nas rotas de comercio marítimo. [Imaxe 3]

3. [Ver p. 164] A cultura dos castros [Barbosa, 2008]

A invasión ou non da Gallaecia

O territorio da Gallaecia parece que correspondería a un dos fillos de Witiza. Mais o control efectivo desta dinastía non ía máis alá do territorio de Coimbra. O resto da Gallaecia estaría dividido en principados dos que non sabemos case nada. Un destes principados, con sede na zona central de Asturias, sería o que acabaría por unificar o territorio da Gallaecia con Afonso III, nun proceso que durou cerca de douscentos anos. Do que ocorreu no territorio da Galicia propia ata o Douro non sabemos case nada.

A sublevación de Pelaio contra o gobernador árabe de Xixón e a vitoria en Covadonga é o que explica o desenvolvemento do reino no século VIII. A vitoria de Paio na campaña de Covadonga e o prestixio adquirido con ela é a única explicación para que unha familia da periferia do reino se fixese co poder e para que a capital do reino estivese en Oviedo ata finais do século IX. Campaña e non batalla, porque o esencial é a destrución dos dous continxentes árabes que había en Asturias: un na Liébana, cando se retiraban de Covadonga, e outro nas proximidades de Oviedo.

Asturias non era un territorio mais seguro que Galicia, ao contrario do que se pensa habitualmente. As tropas do emirato invadiron Asturias repetidamente durante o reinado de Afonso II. No 794 os andalusís invadiron Asturias e saquearon Oviedo mentres o rei fuxía dun castelo a outro, aínda que foron derrotados nunha emboscada ao regreso. A última incur-

sión de que temos noticia ocorreu no 797 e chegou ata cerca de Oviedo. Só a asociación con Paio e Covadonga pode explicar que a capital estivese nun territorio que foi atacado con éxito polos musulmáns ata finais do século VIII.

Na historiografía española para o gran público esta época explícase aínda con poucos cambios [especial de *Desperta Ferro*, XXXI e número 69]. A cousa é algo mellor do que se podía esperar, sobre todo nos dous grandes mapas. No primeiro, sobre as conquistas árabes, aparece Galicia ata o Douro nunha cor diferente e cualifícase a súa conquista como dubidosa, aínda que Lamego aparece no territorio conquistado. No segundo mapa aparece un continuo que vai desde as rías ata o reino dos francos como fóra de Al-Ándalus, o que nos aforra a repetida imaxe de Asturias como único territorio non conquistado; non é pouco. Aínda que o sur de Galicia ven sinalado como zona de asentamento dos bérberes ata Tui e Ourense, o que resulta, como mínimo, difícil de crer.

Por tanto, a cousa ten mellorado mais aínda se arrastran restos dos prexuízos anteriores. E de recoñecer a Gallaecia como un reino aparte xa nos podemos ir esquecendo.

Na historiografía galega a noción de que o reino da Gallecia ocupaba o territorio do reino suevo e o da Hispania [Al-Ándalus] o do reino visigodo xa fora formulada no 2001 por Camilo Nogueira e a maioría dos medievalistas que tratan o tema están de acordo [López Teixeira, 2003 e López Carreira, 2005]. Á historiografía medieval española aínda lle queda bastante para ser capaz de ver o evidente.

O territorio da Gallaecia

A Gallaecia romana tiña catro cidades fortificadas: as tres capitais, Asturica Augusta [Astorga], Lucus Augusti [Lugo] e Bracara Augusta [Braga], máis a base da Legio VII Gemina [León]. A maiores habería outras cidades fortificadas, de menor importancia en época romana, que se desenvolveran na época dos suevos e dos godos, como Tui, Xixón, Ourense, etc. Todas estas cidades terían que ser aseguradas, neutralizadas –destruíndo as súas murallas– ou directamente destruídas para que un exército invasor puidese controlar o territorio.

Sabemos polas fontes que isto sucedeu no convento asturicense; as cidades de Astorga e León ficaran coas murallas destruídas, e Xixón cun gobernador árabe. Non é tan importante saber se foran atacadas nas primeiras vagas da invasión ou máis tarde.

O ataque a Lugo no 716

Hai un texto árabe sobre a incursión ata Lugo que se emprega para xustificar a conquista de Galicia, mais non figura en todas as fontes.

Aínda que o demos por bó, nas fontes árabes a cidade de Lugo foi incendiada; outros traducen sometida. Non se menciona en parte ningunha que os invasores deixasen unha guarnición en Lugo, e está claro que as murallas non foran destruídas porque aínda están aí. Para entender a importancia de Lugo: un tenente do rei en Lugo acabou por ser rei en Oviedo –Ramiro I– a pesar de que na corte elixiran a outro, o conde Nepociano.

As crónicas Rotense e Ovetense atribúen a Afonso I ter conquistado Lugo, xunto coa maioría das cidades ao norte do Douro. As fontes non teñen credibilidade entre outras cousas porque non se menciona un só asedio; sobre todo cando temos outra fonte, a crónica Albeldense, que se limita a dicir que Afonso I asolou os Campos Góticos ata o Douro, o que corresponde moito mellor coas capacidades do reino nesa altura. En Galicia o texto menciona todas as cidades con bispado ata o Douro, coa sorprendente excepción de Ourense; a Clunia que se menciona debe ser a da Meseta. Por tanto o que estamos a ver non é un listado de prazas fortes estratéxicas, senón unha lista dos bispados que o rei quería poñer baixo o control do reino.

Lugo e as outras cidades citadas serían incorporadas ao reino por Afonso I, cunha mistura de negociacións e ameazas que explicarían as rebelións dos reinados posteriores, nomeadamente Froilán I. E despois da morte de Froilán I, pai de Afonso II, comezan a figurar nas crónicas uns reis que non son descendentes da familia real anterior. No caso de Silo, rei por matrimonio con Adosinda, as fontes indican que ven de fóra de Asturias. O máis probable é que fose galego.

A fronteira

Non sabemos se houbo algunha outra incursión na Galicia actual. A mención, na narración da aceifa de Al-Mansur, de que ninguén antes entrara tan ao interior de Galicia [López Carreira, 2005, p. 147] apunta máis ben a que non as houbo. Non temos noticias de gobernadores musulmáns en ningún lugar da Galicia actual, e poucas e contraditorias no norte de Portugal.

No sur da Galicia temos unha serie de cidades atacadas e devastadas polos árabes: Tui, Braga, etc. Os seus bispos tiveron que fuxir e se refuxiar en Lugo ou en Iria. Isto indica que as ditas cidades xa non eran seguras; as súas murallas foran destruídas total ou parcialmente. O certo e que ningunha delas tivo unha guarnición musulmá nin restos arqueolóxicos de arquitectura árabe dignos de mención: nin Braga, nin Lamego, nin Porto.

A conexión británica

O primeiro período, desde Paio ata Afonso II, foi o da conquista da supremacía na Gallaecia por parte da dinastía asturiana. As relacións externas serían principalmente coas Illas, principalmente co que quedaba da Britania romana. Faltan documentos que nos poidan informar, mais a arqueoloxía da Britania sinala como cousa normal que segue a haber importacións da área mediterránea case ata o final do reino de Dumnonia no século IX. O fin do bispado de Bretoña foi probablemente unha consecuencia do afundimento deste reino británico do suroeste.

Paio [Pelayo, Belai ou Pelagius] tiña o seu centro de poder na área arredor de Xixón; a rebelión comezou por un conflito entre el e o gobernador árabe de Xixón. Tamén sabemos que a súa familia tiña propiedades na zona [Collins, 2020]. O único bispado nese territorio era o de Bretoña, que atendía as colonias de bretóns espalladas por toda a Galicia actual e partes de Asturias. E o seu propio nome é o dun monxe británico, considerado herexe por Roma. Sabemos que era británico por referencias de Agostiño de Hipona e de Próspero de Aquitania, que se refiren a el como *brito* ou *britannicus*. Nisto difire Xerome que lle chamou «escoto comedor de papas» [*Scotorum pultibus praegravatus*]. En calquera caso, a maioría dos autores concordan en que o nome sería unha

tradución ao grego dun nome celta *Morcant* [nacido do mar], que coñecemos máis na versión inglesa [Morgan]; o equivalente galego sería Mariño.

> *«Pelagius… is a Latin calque of Morgan, meaning 'Son of the Sea'»* [Moffat, 2005, p. 304] [Imaxe 4]

Un elemento que non entendemos ben é o papel das mulleres nos cambios dinásticos, moi importante no período entre Froilán I e Afonso II. Outro, a reocupación dos castros e os castelos baleiros.

4. [Ver p. 165] As migracións dos bretóns [wikipedia]

Do lado da Britania

O reino da Gallaecia estaría a facer o papel de intermediario entre Bizancio e o reino do suroeste da Gran Bretaña, chamado habitualmente Dumnonia. Ata cando?

A nosa fonte principal vai ser un libro, *King Arthur Wars*, publicado no 2016 por Helion books, unha pequena editorial especialista en temas históricos. O autor, Jim Storr, é un oficial retirado do exército británico, o que ten bastante importancia na tese do libro.

O nome do libro é enganoso; non se trata dunha biografía ou investigación sobre o rei Artur. O nome empregase para indicar unha época, seguindo o uso iniciado polo libro de 1973, *The Age of Arthur* de John Morris, que pretendía ser unha historia das Illas do 350 ao 650 da nosa era. Trátase dun estudo sobre a guerra nese período coa intención de explicar como foi que os anglo-saxóns conquistaran o que hoxe é Inglaterra.

Por que nos pode interesar este proceso? Porque a conquista da Inglaterra polos anglos e saxóns tardou máis do que comunmente se pensa. Para Jim Storr o que tivo de diferente, respecto doutros reinos bárbaros, foi a guerra ou máis ben as guerras, xa que se trata dun proceso que non remata antes do 750. Nesa altura foi cando Gales quedou separado de Devon e Cornualles. Sería a duración das guerras o que permitiu aos anglos e saxóns asimilar ou desprazar a poboación británica en pequenos territorios un detrás doutro, en lugar de se diluír no conxunto dela, como sucedeu en Galicia ou na maior parte de Occidente.

A tese do libro é que as campañas militares da época se poden seguir no terreo polas obras a que deran lugar. Unha boa parte da Inglaterra está atravesada por obras de foxos e parapeitos que en ocasións se estenden decenas de quilómetros. Seguir a orientación destas obras e a súa función permite ao autor, militar profesional, reconstruír as campañas militares para as que foran construídas, e con bastante detalle. De feito, achegan información moito mellor e máis fiable da que nos proporcionan as crónicas da época. Isto compleméntase cunha ollada nova á toponimia para ver que sitios encaixan mellor coas campañas que se están a reconstruír.

Un exemplo da importancia dun par de ollos novos. Ao falar das fortificacións dos Chilterns [a serra que fecha o val do Támesis polo norte] o autor ensinoulles o plano a un grupo de historiadores da Primeira Guerra Mundial e a outro grupo de arqueólogos. Todos os do primeiro grupo identificaran as fortificacións como dispostas para fechar o paso aos principais vales. Todos os arqueólogos consideraban que as fortificacións estaban postas a chou. Pode ser que este desinterese pela táctica militar non for exclusivo dos arqueólogos británicos?

A panorámica da conquista que se pode reconstruír ten bastantes sorpresas. Un exemplo é que a conquista da maior parte da Inglaterra foi moito máis tarde do que se pensaba; non sucedeu ata principios do século VII. Isto implica que no período do 400 ao 600 os británicos continuaban a ser donos do seu país salvo algunhas zonas na costa leste. Isto sería cento e cincuenta anos máis tarde do que se supón habitualmente. Mesmo algúns asentamentos saxóns serían obra dos británicos para vixiaren a fronteira, caso de Essex.

5. [Ver p. 166] O final do reino de Dumnonia. Territorio perdido no 840

A decadencia do reino de Dumnonia comezou a partir do 750 aproximadamente, cando os saxóns conseguiron desbordar a fortificación do Wansdyke e tomar Bath e outras cidades. Entre o 790 e 800 o reino foise volvendo incapaz de se defender. Pola mesma época Afonso II iniciou a súa aproximación diplomática ao Imperio Carolinxio. [Imaxe 5]

Arredor do ano 840, o reino de Dumnonia foi destruído coa participación dos vikingos. Os británicos ían quedar confinados en Cornualles, un territorio demasiado pequeno para ser un estado viable. Catro anos despois, no 844, chegaría o primeiro dos ataques vikingos ás costas de Galicia. Os reinos anglo-saxóns tiñan os seus propios problemas cos vikingos e non ían ser aliados de importancia. Non vai ser ata a conquista de Inglaterra

polos normandos cando apareza un poder nas Illas co que contar, mais xa fóra do período ao que atende este traballo.

O reino de Oviedo

O reinado de Afonso II destaca por dúas cousas: a descuberta do sepulcro de Santiago e o recoñecemento de Afonso II como rei, dentro e fóra da Gallaecia.

A alianza máis importante sería co Imperio Carolinxio, seu patrocinador na peregrinación a Compostela. Carlomagno e os seus sucesores estaban a importar de Irlanda os seus conselleiros, como Alcuino, Scoto Eriúxena, etc., directamente ou a través dos mosteiros na Gran Bretaña. Cal sería o papel de Galicia nesa relación de termos en conta a importancia histórica da Coruña no comercio con Irlanda?

O patrocinio carolinxio

Este segundo período vai de Afonso II a Afonso III e seus sucesores, que trasladaran a capital a León. No interior, foi a época de dominio da Gallaecia ampliada, que se corresponde co territorio da época dos reis suevos. No exterior as relacións principais son co Imperio Carolinxio.

O primeiro que hai que explicar na época da Alta Idade Media é por que a poboación da Gallaecia non se converteu ao Islam, ao contrario do resto da Península. As fontes nos indican que nos séculos IX e X os cristiáns eran xa unha minoría en Al Andalus; mesmo en zonas independentes de Córdoba, como o reino de Zaragoza. Non temos unha explicación definitiva de por que os galaicos, ástures, etc. non se converteran, mais parece claro que o culto de Santiago tivo que ser unha parte importante dela.

O achado da tumba do apóstolo ven sendo tradicionalmente datado no 813, o derradeiro ano da vida de Carlomagno. A primeira igrexa mandouna construír Afonso II.

Temos un problema coas fontes, porque non están interesadas en falarnos desta relación, ou non lle dan importancia. Sabemos, por exemplo, que as

fontes asturianas non mencionan a embaixada aos francos en 798, que coñecemos polos Anais francos.

Conservamos unha carta de Alcuino a Beato de Liébana. De cando é? Podemos supor a existencia doutras non conservadas? É probable que as houbese [Collins, 2020, pp. 14-15].

O cambio a unha relación principal co Imperio Carolinxio e os seus estados sucesores ven subliñado polo achado do sepulcro de Santiago, convencionalmente datado no 813, isto é o derradeiro ano da vida de Carlomagno, e dous anos despois de establecerse o bispado de Oviedo. Tanto ten que o achado non acontecese nese ano, o importante é que Carlomagno apareza como o patrocinador da peregrinación a Compostela até o punto de tela feito el mesmo. Efectivamente, esta lenda a día de hoxe non a cre ninguén, pero si daquela. Unha das primeiras campañas de propaganda para o Camiño de Santiago.

Resulta impensable que Roma aceptara a aparición do sepulcro dun apóstolo en Occidente sen máis probas das que coñecemos, e mesmo con elas sería difícil. O papado non había querer perder o monopolio de ter a tumba dun apóstolo en Europa co prestixio e as peregrinacións que se derivaban dela. A única explicación de que se recoñeza o achado con tanta rapidez sería que Carlomagno ou o seu fillo presionasen nese sentido. E o mesmo para o camiño. A rapidez con que comezan as peregrinacións explícase moito mellor se a dinastía carolinxia o vía como un medio de estender a súa influencia na Península, onde cerca de vinte anos antes sufriran a derrota de Roncesvalles.

A Terra de Santiago foi o primeiro couto feudal, anterior aos do Imperio Carolinxio, algo que xa sinalaba López Ferreiro en *Fueros municipales de Santiago y su tierra,* de 1895. A historiografía española aínda non se deu por enteirada. Unha influencia galaica no reino dos francos?

Os vikingos

Estes ataques vikingos do século IX, nos anos 844, 858 e 859, están separados da seguinte vaga de ataques por máis de noventa anos. E trátase de ataques localizados que non conseguiran penetrar no interior do reino. Se

houbo algunha incursión no medio debeu de ter aínda menos importancia. Malia chegaren a ocupar brevemente Xixón e Coruña, a impresión é que se trata de ataques de oportunidade. O obxectivo principal parecían ser as terras de Al-Ándalus, como se ve na valoración de Almazán:

> *… Os vikingos chegaron por primeira vez á Península Ibérica no reinado de Ramiro I e realizaron varias incursións pola costa en dirección ao oeste ata chegar ao porto da Coruña. Alí desenvolveuse unha gran batalla na que sufriron unha grave derrota e a perda de moitos barcos. Como as fontes árabes nos relatan que os vikingos se vingaron en Sevilla o 1 de outubro do 844 da derrota sufrida na Coruña, é de supor que a primeira incursión dos vikingos en Galicia se producise durante o verán do mesmo ano. Segundo o Códice Roda esta primeira incursión tivo lugar exactamente o primeiro de agosto.* [Almazán, 1986, p. 87].

Ibn Hayyān conta o ataque a Sevilla. Fala de *majūs* ou *al-urdumānīyīn* [Ibn Fadlān, 2012, p. 105]. Só lles chaman *majūs* en Al-Ándalus, non no resto do mundo árabe. Pola contra, *al-urdumānīyīn* é unha palabra común en árabe, significa *os do norte*. E de aí os topónimos de Lordomanos, Lordemaos, e as referencias a *lordemanni* nas crónicas, que habitualmente se toman como un erro ao escribir *nordomanni,* mais non o son.

Ramiro I fixo a guerra contra os vikingos e despois, segundo as crónicas, tivo que loitar contra *latrones* e *magi*. Considéranse dous problemas diferentes e os *magos* son identificados como algún tipo de herexía: cátaros ou priscilianistas. Outra solución mais simple é que o cronista está volvendo a falar dos vikingos por outro nome, *magos*, e non é consciente.

A dinastía fundada por Ramiro vai supor cerca de douscentos anos de continuidade dinástica. Abonda comparar co reino dos Visigodos ou a Coroa de Castela de Fernando III en diante para ver que non é tan fácil como parece.

Os carolinxios van perder poder ata desaparecer como dinastía, ata ser substituídos polos Capetos na Francia de finais do século X. Este reino vai ter ata o século XIII moita menos capacidade militar da que tiñan os carolinxios, o que vai supor que o reino de Galicia teña que enfrontar ao Califato en solitario, sen axudas de Europa.

O final desta etapa con Afonso III é importante por varios motivos. O primeiro é que se acadan as fronteiras do reino dos suevos coa conquista de Coimbra, Lamego e Viseu. O segundo, porque o rei segue a manter a capital en Oviedo pese ao inadecuado da súa situación xeográfica, e sofre unha serie de rebelións, que levarán ao seu sucesor a trasladar a capital a León. E, en fin, por ser a época en que se escribiron as principais crónicas sobre a historia do reino. Nesas crónicas é onde se nos conta a instauración da orde dos godos no palacio con Afonso II, cando sabemos pola documentación que non ocorreu tal cousa. Tamén sabemos, polas fontes francas, que houbo unha constante relación con Carlomagno da que as devanditas crónicas non nos contan nada. Estaban a reescribir a historia.

A interrupción califal

O terceiro período encontra o reino enfrontado co Califato de Córdoba e sen aliados importantes no exterior.

O reino en expansión do período anterior pasa a ser un reino asediado a partir da aparición do Califato de Córdoba, que relega a monarquía galega a un papel subordinado a base de ataques constantes. Do lado oposto vai chegar a segunda vaga dos ataques vikingos. O impacto acumulado de uns e outros vai facer crebar o reino, primeiro coa separación de Castela e despois coa aceifa de Al-Mansur. O reino perde Coimbra e volta a ter fronteira no Douro.

Os vikingos do século X

Os primeiros en comezar serían os ataques vikingos. Esta vaga do século X é moi diferente da anterior. Os ataques estenderanse ao longo de case sesenta anos, tiveran ben máis éxito e, como mínimo, unha parte deles viñeran de Francia. Os primeiros ataques prodúcense no 912 ou no 934 e repetiranse posiblemente no 966 [sen confirmar] no 951 ou 985 e no resto do século ata case o 995, só uns poucos anos antes da aceifa de Al-Mansur. Isto só inclúe aqueles dos que temos documentación, Helio Pires argumenta [Pires, 2017] que esta documentación é incompleta e que debeu haber máis ataques, dos que non temos constancia. Mais os ataques aínda habían continuar ata ben entrado o século XI sen interrupcións importantes.

Os escandinavos estableceran o *Danelaw* en Inglaterra a finais do século IX. Na Irlanda o paso de bases de inverno a poboados habitados todo o ano deuse a comezos do século X. Dublín xa era unha cidade vikinga á altura do 940. Na Bretaña houbo unha ocupación do territorio no 919 que non tivo continuidade, e outra do condado de Rouen, que dará lugar ao ducado de Normandia, de 911 en diante [Pires, 2017, p. 79]. Os ataques xa non viñan directamente de Escandinavia, tiñan bases bastante mais preto. No caso da expedición de Gunderedo, directamente da Normandía. Este papel do ducado de Normandía nos ataques vikingos debeu contribuír a un empeoramento das relacións co reino franco.

O grande exército de Gunderedo é a expedición mais importante do século X e pasou dous anos ou máis no territorio da Galicia actual, chegando ata o interior. Mais só é un caso entre varios que parece continuar sen interrupción no primeiro terzo do século seguinte. Así, temos o caso de Ulf *o Galego*, xa no século XI, que pasou varios anos en Galicia saqueando pola súa conta ou por conta dalgún nobre [Almazán, 1986, p. 116]. Os documentos de 1008 e 1026 que mencionan rescates de cativos dos vikingos en Galicia [Almazán, 1986, pp.110-111] e outro de 1015 ou 1016 no norte de Portugal [Pires, 2017, p. 118 e ss.]. No segundo caso, o rescate de Metilli e Gocina, dá a impresión de que o rescatador, Octicio, era un home que se gañaba a vida rescatando cativos dos vikingos ou como mínimo xa o fixera antes. Todo isto indica unha situación moi diferente da do século IX. Os vikingos xa non estaban en Galicia de paso; os galegos, ou algúns galegos, tiñan tratos con eles. E a impresión é que había vikingos en Galicia mesmo cando non temos testemuñas deles. Isto é algo que Helio Pires menciona varias veces no seu libro: o rexistro dos ataques vikingos na Gallaecia desta época está incompleto e non sabemos como de incompleto está.

Aceifas

É neste contexto no que hai que interpretar as constantes aceifas do Califato contra os reinos cristiáns. O reino da Gallaecia non é o único atacado nin foi atacado todos os veráns, pero os ataques foron constantes. Contra a Gallaecia ían sempre dúas expedicións simultáneas, unha no leste e outra no oeste do reino, para que o rei tivese que dividir as súas forzas.

Foi esta serie de ataques e non os vikingos ou os cordobeses por separado os que quebraran o reino. A aceifa do 997, que chegou ata Compostela, foi posible despois da independencia de Castela, para pactar co Califato, doce anos de aceifas case constantes e outra serie de rebelións nobiliarias que deixaran o reino incapaz de se presentar unha resistencia efectiva, mesmo algúns nobres do reino uniranse a Al-Mansur no saqueo de Compostela [Lopez Carreira, 2005, pp. 301 e ss.].

O reino non chegou a ter oportunidade de se recuperar disto porque a dinastía de Ramiro non vai sobrevivir máis que uns poucos anos ao Califato.

Unha poboación armada

O *tacksman* era un nobre escocés que tiña unha tenza por dúas xeracións. Os *tacksmen* eran a base do exército dun clan. Como é sabido, os labregos galegos tiñan unha tenza, o foro, onde o contrato máis frecuente era pola vida de tres reis e vintenove anos; isto é unha xeración máis que un nobre escocés. Isto fai supoñer que a tenza destes labregos era de carácter militar.

As cantidades de vasalos das familias nobres de Galicia tamén indican o mesmo. Por exemplo, en Vasco da Ponte:

> *Ruy Soga de Lobera [...], tenía quatro villas çercadas y nueve castillos roqueiros. [...]. Los vasallos deste solar no bajarían de cinco mil con sus fortalezas.*
>
> *[...] y Luis Soga, que fue padre de Pedro Mariño de Lobera, que era casa de mil y quinientos vassallos, y todos los perdió por ser viçioso de mugeres* [Aponte, 1986, pp. 101-102].

Esta casa de Lobeira tiña como feudo, aproximadamente, o territorio da ría de Muros e Noia. Sacar, a día de hoxe, mil e cincocentos homes armados desa zona soa imposible, non digamos cinco mil. E estamos a falar do século XIV! A única maneira de que estas cifras, e outras do *Recuento*, teñan algo de sentido é que unha parte moi importante da poboación estaba armada.

Unha organización armada deste nivel non corresponde co século XIV. Este tipo de organizacións ocorren, no resto de Europa, arredor da época de Carlomagno, como o *fyrd* dos reinos anglo-saxóns ou o mesmo sistema carolinxio. É de supor que en Galicia sexan da mesma época.

A estrutura social de Irlanda presenta unha gradación de grupos nobres e campesiños na que o grupo máis baixo da nobreza non está moi distante do máis alto do campesiñado [Patterson, 1994]. A estrutura feudal de Inglaterra encaixa aínda mellor: *gentry* e *yeomanry* son, respectivamente, o estrato máis baixo da nobreza e o máis alto do campesiñado. En Galicia corresponderían cos fidalgos e labregos, coa diferenza de que un *yeoman* tiña unha tenza explicitamente militar. Na práctica tamén debía ser o mesmo en Galicia.

A cantidade de poboación armada é o rechamante, en comparación con outros reinos. A *yeomanry* era unha minoría do campesiñado inglés, como os labradores eran unha minoría en Castela. Pola contra, en Galicia, os labregos son a maioría do campesiñado ata o punto de que os galegos identificamos labregos con campesiños e paisanos. Algo parecido acontecía en Asturias, Cantabria e o País Vasco. O que varía é o recoñecemento ou non como fidalgos: si no País Vasco, menos en Cantabria e Asturias, non en Galicia.

Esta forza só se recrutaría enteira no apelido, a defensa contra un ataque. No fonsado, o equivalente das aceifas de Al-Ándalus e das *chevauchées* baixo-medievais, iría só unha parte. Toda a expedición se desprazaría a cabalo e isto supón, como mínimo, un cabalo para os combatentes a pé e dous para os cabaleiros. Xeralmente serían máis cabalos, e a necesidade de os manter condicionaría as rotas e mais o alcance da expedición [Devereaux, 2022, especialmente c]. [Imaxe 6]. Os cabalos no monte serian a arma secreta dos galegos pola facilidade para dispoñer deles; calquer labrego podía levar un cabalo ou dous á guerra. Aínda máis importante era que fosen cabalos de monte, afeitos a comer toxo e herbas e que non precisaban alimentarse de gran. Ter que levar unha carga de avea ou doutro cereal para alimentar os cabalos implicaba levar mulas ou carros no fonsado, o que limitaba enormemente a velocidade e os camiños que se podían tomar. Unha cabalgada de cabalería lixeira e infantería montada en cabalos galegos ou asturianos podía aparecer no territorio de Al-Ándalus antes de que o inimigo soubese da súa existencia.

6. [Ver p. 166] Manda de garranos na Serra da Groba [Foto: Jjhermida, Wikimedia commons]

Un territorio fortificado

Outra diferenza é a cantidade de castros, torres e outras fortificacións. Mesmo igrexas. Este nivel de fortificación remóntase á Idade do Ferro: aos castros. Estes castros formaban un sistema defensivo dunha comarca. Veremos o exemplo de Cuntis e do Valadouro.

Partimos dun paralelismo entre os castros e a situación da Idade Media. Os castros e castelos controlaban pasos de montaña, camiños principais, etc. A construción de castelos chegou a configurar por toda Europa unha paisaxe fortificada, na que as aldeas, as cidades, as residencias dos señores e mesmo algunhas granxas isoladas estaban fortificadas. Mais este proceso non foi dun día para outro; o desenvolvemento da cultura dos castros tampouco. Non todos os castros serían a mesma cousa. A función había variar dependendo da época e da situación do castro.

Habería castros de varios tipos e con diferentes funcións: fortalezas, residencias señoriais, refuxios, etc. Da mesma maneira que os castelos e pazos do feudalismo variaban desde a estrita función militar ata a residencia señorial con pouca fortificación. Os castros da Primeira Idade de Ferro, os máis antigos, serían o equivalente dos castelos roqueiros que controlaban puntos estratéxicos no territorio.

A maioría dos castros xa estarían abandonados no Alto Medievo, pero ocupar un castro non sería moito problema. Recavar o foxo e botar a terra no parapeito sería un día de traballo para un exército. A partir de aí, levantar un valo con estacas ou reparar o parapeito levaría máis tempo, pero o castro xa estaría defendible despois do primeiro día. Temos testemuño disto tan tarde como 1469, cando os irmandiños de Afonso de Lanzós esperan ás tropas de Pedro Madruga no castro Gundián [Aponte, 1986, pp. 158 e 348]

Ademais, por toda Galicia temos outro tipo de fortificacións, os castelos baleiros, que foron construídos e ocupados nesta época. Por desgraza, a maioría das mencións na documentación son de cando xa estaban abandonados. O máis parecido a un estudo que temos deles é a serie de posts REPÚBLICAS DE HOMES LIBRES, no blogue de Manuel Gago [http://www.manuelgago.org/blog/]. En conxunto Galicia sería un territorio aínda máis fortificado do que xa pensamos.

Tendemos a ver esta situación como un problema táctico, pero isto só é así para unha banda de saqueadores. Para un exército, como o de Décimo Iunio Bruto ou o de Al-Mansur, tomar un castro era un problema trivial. Mais o conxunto dos castros formaba un sistema de defensa en profundidade que se tornaba máis denso a medida que o inimigo entraba no noso territorio. E o problema que creaba era un problema loxístico. Non era preciso derrotar ao exército invasor, bastaba con retrasalo e impedirlle forraxear para poñelo en perigo de morrer de fame. Ademais o número de castros e outras fortificacións para un exército como o de Decimo Iunio Bruto ou o de Al-Mansur era un perigo para a retagarda e as comunicacións. Un grande exército podía destruír calquera castro, pero non podía destruílos todos. A diferenza entre o Califato e os outros poderes andalusís, anteriores e posteriores, non era táctica, era loxística.

Por tanto, para unha expedición de conquista no territorio galego era precisa unha boa planificación, unha flota para aprovisionar o exército nos momentos apurados, e aliados no país. Unha desunión dos galegos, que impedise reunir todas as forzas, podía ser suficiente se se cumprían as dúas primeiras condicións. Así vemos que os visigodos, por exemplo, tiveron éxito contra o reino suevo nas ocasións en que había división entre a nobreza. O exército de Al-Mansur tiña preparación, unha flota e aliados no territorio. Cando un exército invasor descoidaba estas precaucións podía verse obrigado a se retirar en poucos meses. Pasoulle aos franceses, aínda en 1809.

7. [ver p. 167] Mapa dos castros da comarca de Cuntis
[Concello de Cuntis]

O exemplo de Cuntis

Parece que Castrolandín sería o *manor* do vale de Cuntis, por tanto un centro administrativo e corte dun señor. Desde el domínase a maior parte do vale, ten comunicación visual coa maioría dos castros que controlan os montes e domina o asentamento máis importante, a propia vila de Cuntis. No alto do monte o castro Sebil é todo o contrario, o equivalente dun castelo roqueiro. Parece claro que castro Sebil era unha fortaleza, e bastante importante polo apartado que está dos asentamentos e das terras de labor. Mesmo parece que controlaba unha fronteira entre pobos diferentes: Contenos e Metacios.



8. [ver p. 168] Castro Sebil está no alto, Castrolandín está no val
[Apple Maps]

Cuntis ten a particularidade de ser un feudo da Igrexa, polo que ningún destes castros se converteu en castelo, pazo ou semellante. O que nos permite ver o sistema de castros da comarca ao completo ou case. [Imaxes 7 e 8]

9. [Ver p. 169] Mapa do Valadouro [Concello de Valadouro]

Na comarca do Valadouro temos un sistema de castros semellante: un val rodeado de montañas con castros nos pasos e nas zonas altas. A diferenza é que algúns destes castros se converteron en castelos. [Imaxes 9 e 10]

Castro d'Ouro era un *manor* e a Frouxeira un castelo roqueiro. A relación é a mesma que entre Castrolandín e castro Sebil. Isto podería explicar por que Pardo de Cela deixara a Frouxeira para ir a Castro d'Ouro, cando a primeira era unha fortaleza inexpugnable. Tiña que saír dela para atender as súas obrigas como señor do territorio e o centro administrativo era Castro d'Ouro.

O poder das mulleres



10. [Ver p. 170] Castro d'Ouro no val, a Frouxeira no alto [Apple Maps]

> *Em nome de Deos Amen. Por saberem os homens fidalgos de Portugal de qual linhagem uem, e de quaes coutos, honras, mosteiros, e igreias som naturaes, e per saberem como som parentes [...]*
>
> *E muitos som naturaes e padroeiros de muitos mosteiros, e de muitas igreias, e de muitos coutos, e de muitas honras, e de muitas terras, que o perdem a mingoa de saber de que linhagem uem [...]* [Livro Velho ou Primeiro Livro de Linhagens].

Estes mosteiros farían un papel semellante ás fundacións de hoxe á hora de asegurar a conservación do patrimonio dentro dunha familia nobre. Por iso recibían doazóns e por iso se prefería unha muller, de preferencia sen fillos propios, para os administrar.

O poder das mulleres é unha das cousas que as nosas fontes non nos queren contar. Tanto para o Imperio Romano como para a Igrexa de Roma a idea de que unha muller puidera ter mando sobre homes era contraria á súa ideoloxía e completamente inaceptable.

No traballo de Maria do Rosario Ferreira [Ferreira, 2011] cítanse unha ducia de mulleres da familia real, que van de Adosinda no século VIII a Urraca Henriques, irmá do primeiro rei de Portugal, e a importancia política que tiveron concretada no infantado: o dominio sobre os mosteiros do reino. Por exemplo Adosinda, filla de Afonso I, irmá de Froilán I, esposa de Silo e tía de Afonso II. É de supor que, como mínimo no caso de Silo e na primeira coroación de Afonso II, ela era o verdadeiro poder detrás do trono.

De acordo com esta análise, aquilo que tem sido interpretado como a descendência de Pelágio, e que se referia sobretudo aos seus filhos, seria afinal mais adequadamente descrito como a descendência feminina da mulher de Pelágio: as Rainhas, detentoras do carisma régio, que se transmitiria verticalmente de mãe para filha [num caso, por esterilidade da rainha, de tia a sobrinha]. Seria esse carisma que legitimava a delegação da chefia militar num homem designado pela Rainha de acordo com determinadas regras. A parentela de Afonso I parece ter sido o grupo familiar onde, por razões de consanguinidade paterna com a Rainha, um maior número de indivíduos, a que se convencionou dar o título de «rei», ocupou a chefia guerreira do reino.

Isto indica un poder feminino institucional ostentado pola irmá do rei ou a súa filla ou esposa. O traballo de Ferreira non chega máis que a abrir o camiño.

Outro caso sería o de Mumadona Díaz. O conquistador do Porto no 868 e fundador despois de Guimarães fora Vimara Pérez. Mais foi unha muller da súa familia, Mumadona Díaz, quen fundou un mosteiro duplo en Guimarães entre o 927 e o 929, orixe da colexiata de Nossa Senhora da Oliveira [Almazán, 1987]. Entre 959 e 968 mandou edificar o castelo [castelo de São Mamede] polas incursións dos vikingos que chegaran ata São Mamede. Ademais de gobernar o condado de Portugal, primeiro como consorte, despois ela soa e por último cos seus fillos. Nesta última época foi cando edificou o castelo.

Estes son só dous casos en que vemos o poder institucional destas mulleres. Cantos haberá que non coñecemos?

Compre sinalar que a importancia destas mulleres ven ocultada nas crónicas, que presentan a todas elas como casos especiais e diminúen o seu papel. O contraste ocorre cando se compara o seu papel efectivo nos documentos que se conservan. A importancia do infantado está na relación das familias nobres cos mosteiros.

Se a reflexão apresentada neste estudo tiver fundamento teórico e empírico que lhe confira alguma validade, então as senhoras do Infantado, e, entre elas, as que a historiografia representou como as conselheiras dilectas dos reis seus irmãos, poderão ser uma reminiscência, ou talvez uma

sobrevivência, de um tempo e de uma ordem da sociedade Ibérica em que a prerrogativa de designar e de legitimar o senhor da terra e da guerra repousava nas mãos de uma rainha marcada por um carisma hereditariamente transmitido.

Onde mais ocorre isto? Ata onde sabemos, en ningún sitio. Unha mención de que un rei dos pictos herdara o reino por vía materna e pouco máis. Nin sequera sabemos se o dos pictos era habitual ou foi un caso illado. Canto ao infantado, o máis parecido que achamos son as abadesas dalgúns mosteiros irlandeses, nomeadamente o de Santa Bríxida de Kildare.

11. [Ver p. 171] Torre de Lusk, Dublín, adosada a unha igrexa máis recente [Wikipedia]

Efectivamente, en Irlanda a deusa Brigid foi identificada e substituída por Santa Bríxida de Kildare ata o punto de que a maior parte do que coñecemos da deusa procede das lendas da santa [Ó Duinn, 2005]. Dado que un dos epítetos de Bríxida é *Mary of the gaels* [a María dos Gaeles], a explicación máis probable é que se identificase coa virxe María. Brighe => a virxe parece unha adaptación sinxela.

Non hai dedicatorias a santa Bríxida nin nomes semellantes en Galicia. A santa máis parecida é Mariña como cristianización de Nabia. Moitas das súas capelas sitúanse en lugares de posible culto precristián, e a advocación de santa Mariña está relacionada cos cumios, as augas e os castros. Nabia garda grandes similitudes simbólicas coa súa figura. «Non coñecemos todas as deidades ás que se lles rendía culto en Galicia antes da cristianización, pero das que coñecemos, Nabia, vinculada á auga, é a que máis se asemella a Mariña» [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/cultura/2017/06/13/]. Quintía sinala que en Irlanda se transformou de xeito moi parecido, a Brigit -unha deusa semellante a Nabia- en santa Bríxida [Quintía, 2017]

12. [Ver p. 172] Reitoral de Amil [turismoriasbaixas.com]

Nos mosteiros esperamos ver un claustro, pero se son anteriores á reforma gregoriana, que aquí representa Cluny, non tiñan porqué ter un. Os mosteiros irlandeses antes da reforma gregoriana tiñan unhas torres características que en Galicia non se encontran e que non se sabe exactamente para que servían. Podían ser o símbolo do mosteiro? [Imaxe 11]

A reitoral de Amil podía ser un mosteiro? A torre é do mesmo tipo. [Imaxe 12]

No outro estremo do reino temos a igrexa de Frómista cunha torre, hoxe desaparecida, que non era o símbolo: era o mosteiro. Os monxes vivían nela. [Imaxe 13]

O pazo do Cotón, en Negreira, ten dúas torres redondas xémeas, de utilidade militar máis que dubidosa. Podería ser un mosteiro dúplice en orixe? [Imaxe 14]

13. [Ver p. 173] Maqueta da Igrexa de Frómista antes da restauración [Wikipedia]

14. [Ver p. 174] Pazo do Cotón [Google maps]

Bibliografia

Aponte, Vasco de [1986], *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Almazán, V. [1986], *Gallaecia Scandinavica*, Vigo: Galaxia.

Alonso Romero, F. [2017], *Los normandos en Galicia durante el siglo X*, Santiago de Compostela: Andavira.

Barbosa, J. M. [2008], *Atlas Histórico da Galiza*, Barcelona: Edições da Galiza.

Barbosa, J. M. [2021], *A Evolução Histórica dos Límites da Galiza*, Santiago de Compostela: Através.

Carballeira Debasa, A. M. [2007], *Galicia y los gallegos en las fuentes árabes medievales*, Madrid: CSIC.

Collins, R. e outros [2020], *Nuevas visiones del Reino de Asturias [actas del congreso]*, Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos.

Devereaux, B. [2022a], *Logistics, How Did They Do It, Part I: The Problem*. https://acoup.blog/2022/07/15/collections-logistics-how-did-they-do-it-part-i-the-problem/

Devereaux, B. [2022b], *Logistics, How Did They Do It, Part II: Foraging*. https://acoup.blog/2022/07/29/collections-logistics-how-did-they-do-it-part-ii-foraging/

Devereaux, B. [2022c], *Logistics, How Did They Do It, Part III: On the Move*. https://acoup.blog/2022/08/12/collections-logistics-how-did-they-do-it-part-iii-on-the-move/

Ferreira, M. R. [2011], *Entre conselho e incesto: a irmã do rei*. https://doi.org/10.4000/e-spania.20879

López Carreira, A. [2005], *O reino medieval de Galicia*, Vigo: A Nosa Terra.

López Teixeira, X. A. [2003], *Arredor da conformación do Reino de Galicia [711-910]*, Noia: Toxosoutos.

Ibn Fadlān [2012], *Ibn Fadlān and the Land of Darkness*, London: Penguin.

Moffatt, A. [2005], *Before Scotland*, London: Thames &Hudson.

Moffatt, A. [2010], *The Highland Clans*, London: Thames &Hudson.

Nogueira, C. [2001], *A memoria da nación*, Vigo: Xerais.

O'Duinn, S. [2005], *The Rites of Brigid*, Dublin: The Columba Press.

Patterson, N. [1994], *Cattle Lords & Clansmen*, London: University of Notre Dame Press.

Pires, H. [2017], *Os Vikings em Portugal e na Galiza*, Sintra: Zéfiro.

Quintía Pereira, R. [2017], *Mariña, de deusa a santa*, Vigo: Galaxia.

Storr, J. [2016], *King Arthur's Wars*, Solihull: Helion.

Young, S. [2002], *Britonia: camiños novos*, Noia: Toxosoutos.

O reino de Afonso III [Wikipedia]

O reino suevo da Gallaecia [Wikipedia]

6 **O espaço castrejo.**

- Área de manifestaçom nuclear.
- Área de grande influência.
- Alguns jazigos castrejos.
- Limites administrativos actuais.

As migracións dos bretóns [Wikipedia]

A cultura dos castros [Barbosa, 2008]



Figure 12.10 Western Wessex.

O final do reino de Dumnonia.
Territorio perdido no 840

Manda de garranos na Serra da Groba
[Foto: Jjhermida, Wikimedia commons]

Mapa dos castros da comarca de Cuntis [Concello de Cuntis]



Castro Sebil está no alto,
Castrolandín está no val
[Apple maps]



Mapa do Valadouro
[Concello de Valadouro]



Castro d'Ouro no val, a Frouxeira no alto
[Apple maps]

Torre de Lusk, Dublin, adosada
a unha igrexa máis recente [Wikipedia]

Reitoral de Amil [turismoriasbaixas.com]

Maqueta da Igrexa de Frómista
antes da restauración [Wikipedia]

Pazo do Cotón [Google maps]



Mapa 1. Localización das igrexas nomeadas no documento de Tructino [868]. [Mariña Bermúdez Beloso]

[ABAIXO] Mapa 2. A terra de Nemancos segundo a documentación. [Mariña Bermúdez Beloso]





Mapa 3. A terra de Nemancos e os arciprestados do arcediagado de Trastámara. [Mariña Bermúdez Beloso]

Terras, condados, territorios: recompoñendo un crebacabezas

Mariña Bermúdez Beloso

RESUMO. Por debaixo da gran circunscrición política que constitúe un reino atópase, polo xeral, unha estrutura de complexidade variable que articula o territorio e facilita o exercicio do poder sobre este. O seu coñecemento está condicionado polas fontes conservadas e polo momento cronolóxico, pois non estamos ante estruturas fixas durante todo o período medieval, senón en constante evolución, con ritmos e esquemas propios para cada territorio.

Neste artigo proponse un percorrido polos distintos elementos que compuñan a organización administrativa do reino medieval galego, especialmente no período anterior á definitiva unión de León e Castela con Fernando III en 1230. A situación é comparable á dun crebacabezas, e o labor da investigación pasa por identificar as pezas e buscar o lugar no que estas encaixaban; tres delas son as terras, os condados e os territorios, ás que se suman outras quizais menos coñecidas como os *commissos*.

Na primeira parte do traballo préstase atención á cuestión da diversidade léxica, facendo primeiro unha aproximación de tipo teórico á que segue a análise dalgúns exemplos documentais. No segundo apartado, e xa a modo de conclusión, proponse unha reflexión final de tipo metodolóxico sobre as distintas opcións dispoñibles para o cartografado das unidades administrativas.

Con todo isto preténdese presentar unha panorámica da organización territorial do reino de Galicia, mostrando como é posible ir recompoñendo e unindo as pezas que formaban a rede de entidades que o estruturaban.

RESUMEN. Por debajo de la gran circunscripción política que constituye un reino se encuentra, por lo general, una estructura de complejidad variable que articula el territorio y facilita el ejercicio del poder sobre este. Su conocimiento está condicionado por las fuentes conservadas y por el momento cronológico, pues no estamos ante estructuras fijas durante todo el periodo medieval, sino en constante evolución, con ritmos y esquemas propios para cada territorio.

En este artículo se propone un recorrido por los distintos elementos que componían la organización administrativa del reino medieval gallego, especialmente en el periodo anterior a la unión definitiva de León y Castilla con Fernando III en 1230. La situación pasa por identificar las piezas y buscar el lugar en el que estas encajaban; tres de ellas son las tierras, los condados y los territorios, a las que se suman otras quizás menos conocidas como los *commissos*.

En la primera parte del trabajo se presta atención a la cuestión de la diversidad léxica, haciendo primero una aproximación de tipo teórico a la que sigue el análisis de algunos ejemplos documentales. En el segundo apartado, y ya a modo de conclusión, se propone una reflexión final de tipo metodológico sobre las distintas opciones disponibles para el cartografiado de las unidades administrativas.

Con todo esto se pretende presentar una panorámica de la organización territorial del reino de Galicia, mostrando cómo es posible ir recomponiendo y uniendo las piezas que formaban la red de entidades que lo estructuraban.

ABSTRACT. Underneath the great political circumscription that constitutes a kingdom there is, in general, a structure of variable complexity that articulates the territory and facilitates exercising power over it. Our knowledge of it is conditioned by the preserved sources and by the chronological moment, since we are not dealing with fixed structures during the whole medieval period, but in constant evolution, with rhythms and schemes specific to each territory.

This article proposes a journey through the different elements that made up the administrative organization of the medieval Galician kingdom, especially in the period before the definitive union of León and Castile with Fernando III in 1230. The situation involves identifying the pieces and looking for the place where they fit; three of them are the lands, the counties and the territories, to which others are added, possibly less famous, such as the *commissos*.

In the first part of this paper, we focus on the issue of lexical diversity, first with a theoretical approach followed by the analysis of some documentary examples. In the second part, and as a conclusion, a final methodological reflection on the different options available for mapping the administrative units is proposed.

The aim is to present an overview of the territorial organization of the kingdom of Galicia, showing how it is possible to recompose and join together the pieces that formed the network of entities that structured it.

Segundo o dicionario da Real Academia Galega, o reino é un «territorio gobernado por un rei ou por unha raíña ou onde son estes a máxima autoridade» [*DRAG*, reino]. Esta definición recolle tres ideas centrais asociadas ao termo: territorio, rei/raíña e autoridade, ou o que é o mesmo, un espazo e a figura que exerce o poder sobre el. O que non contempla a caracterización do dicionario, necesariamente breve, é o que hai máis alá, os distintos mecanismos polos que se articula a relación entre quen posúe o poder máximo e o territorio sobre o que o exerce, nin como afecta isto ás persoas que o habitan e que están baixo a súa autoridade. Tomando a Galicia medieval como suxeito histórico e o marco de referencia do reino galego [Andrade Cernadas, López Carreira, 2020], nas páxinas seguintes proponse unha aproximación á organización dun espazo considerablemente amplo, co obxectivo de tentar comprender a estruturación pretérita do espazo no que nos atopamos.

1. Introdución

Por debaixo da gran circunscrición política que constitúe o reino adoita atoparse unha estrutura de complexidade variable que articula o territorio e facilita o exercicio do poder sobre este. O seu coñecemento e estudo está condicionado tanto polas fontes conservadas como polo momento cronolóxico, pois trátase de estruturas que evolucionan ao longo do tempo, con ritmos e esquemas propios para cada territorio. Este marco xeral, aínda pouco perfilado, é aplicable ao *regnum Gallaeciae*. As fontes galegas [ou que falan do territorio galego] presentan un panorama complexo desde o punto de vista da organización administrativa, no que non resulta sinxelo elaborar un listado de entidades, características propias e diferenzas entre elas, ou unha nómina pechada dos topónimos cos que se designaba a cada unha destas circunscricións. Fálase,

nesta ocasión, da organización propia da administración civil, que é a vinculada directamente ao rei; porén, cómpre ter sempre presente a división eclesiástica, da que temos noticia xa desde inicios do período medieval co *Parrochiale Suevum* como fonte destacada para o caso galego [David, 1947, pp. 1-82; Díaz, 1993; López Alsina, 2013; Sánchez Pardo, 2014].

Tal e como afirma, entre outros, J. Escalona, nunha sociedade complexa como é a medieval «el patrón de territorialidad es igualmente complejo, compuesto por una multitud de identidades político-sociales anidadas o solapadas sobre un mismo espacio» [Escalona, 2010, pp. 278-279]. Acompaña esta hipótese co exemplo dunha terra pertencente a un grupo familiar que tamén forma parte, entre outros, do territorio dunha comunidade local, que pode estar sometida a un poder señorial e ao do propio rei [Escalona, 2010, p. 279]. A isto poderíanse engadir aínda as entidades propias da administración eclesiástica como a parroquia ou a diocese.

A idea da territorialidade medieval como algo complexo está en relación coas teorías que falan de redes de entidades para explicar a organización do espazo, compartida por distintos autores como J. Á. García de Cortázar [2002, p. 39], quen fala da rede de parroquias e a rede de señoríos que serviron como marcos nos que encadrar persoas e espazos, cada unha dunha forma propia e diferente. O espazo galego non queda alleo a ningunha das dúas interpretacións, e así as fontes amosan de forma clara a convivencia entre distintas identidades ou entidades, o que leva á hipótese interpretativa que defende a existencia dunha rede territorial formada por distintas unidades que se artellaban entre si e que ocuparía a totalidade da Galicia medieval [López Alsina, 2008; Bermúdez Beloso, 2017, p. 23; Pallares e Portela, 2015, pp. 120-121].

Os mencionados traballos de J. Escalona e J. Á. García de Cortázar non se centran no caso galego, senón que refiren ben a outros espazos [León e Castela] ou de forma xeral ao noroeste cristián. Isto permite ver como o territorio galego non era unha excepción dentro do espazo cristián máis amplo ao que pertencía, pero como xa se mencionou tamén estas entidades evolucionan de forma diferente en cada espazo, polo que cómpre prestar atención ao caso galego en exclusiva e ás súas fontes para identificar, na medida do posible, as características propias da súa rede territorial.

2. A rede territorial galega e a diversidade léxica

O punto de partida deste traballo é a existencia dunha rede territorial que abranguía o conxunto do espazo galego medieval, formada por unha serie de entidades articuladas entre si ata formar os distintos niveis dunha estrutura que non se mantivo estática senón que foi evolucionando co paso das centurias. É preciso, antes de afondar máis na cuestión, revisar o censo desas entidades e seleccionar unha serie de elementos nos que reparar con máis detalle. Para este fin cómpre acudir de novo ao historiador J. A. García de Cortázar, quen ao falar da organización territorial dicía o seguinte:

> *Una difusa mención de* **commissos**, **territoria**, **mandationes**, *de perfiles absolutamente desconocidos, aparece alguna vez en los textos, sin que lleguemos a saber el alcance territorial del vocablo y, ni siquiera, si el conjunto de los mismos llega a formar una red -permanente o coyuntural- de acogimiento de los distintos núcleos. [García de Cortázar, 1985, p. 66].*

No fragmento aparece identificado á perfección un sentir compartido por parte de quen se ten achegado ao tema: a dificultade de individualizar cada un dos termos que aparecen na documentación e coñecer con precisión o seu alcance territorial. Ao igual que na outra obra citada do mesmo autor, o traballo non ten por obxecto de estudo o territorio galego, porén as ideas sonlle novamente aplicables, tal e como expuxeron hai xa tres décadas nos seus estudos C. Baliñas [1992, pp. 492-524] e A. Isla Frez [1992, pp. 144-151].

Ademais da dificultade para apreciar a existencia dunha hipotética rede ante a variedade de entidades que emerxe na documentación, o autor inclúe tres nomes que nos serven de punto de partida para elaborar un listado: *commisso*, *territorio*, *mandatione*. É doado atopar exemplos do seu uso nas fontes galegas a pouco que fagamos unha pescuda[1], como o *comisso de Lausata* citado nun documento copiado no Tombo de Samos e datado no 930 [Lucas, 1986, pp. 339-340], o *territorio de Kaldelis* doutro de 1179 vinculado ao mosteiro de Montederramo [Lorenzo, 2016, p. 213] ou a *mandatione qui dicunt Presares* que figura nun documento do 978 copiado no Tombo de Sobrado [Loscertales, 1976, p. 130]. Estes termos non son os únicos empregados na documentación acompañando a topónimos no que parecen ser identificacións de circunscrición territoriais; sen entrar aínda na significación de cada un, nas fontes escritas fálase, por exemplo,

1 Para este tipo de consultas é de especial utilidade o CODOLGA, *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*.

dos *comitatibus Uentosa et Coronato* [1019] [Lucas, 1997, pp. 173-178], da *terra de Uiuario* [1128] [Cal Pardo, 1999, pp. 24-27, Recuero, 1998, pp. 25-28] ou do *mandamento Cellenove* [1057] [Andrade, 1995, t. I, pp. 48-49].

Nun abano cronolóxico que vai do ano 930 ao 1179 identificáronse seis termos distintos acompañando a sete topónimos diferentes. A isto hai que sumar outro factor, non reflectido nos exemplos aportados ata este momento: un topónimo pode aparecer acompañado de máis dun dos termos. É o caso, por continuar con algún dos anteriores, da *terra de Coronatum* [1110] [González Balasch, 1987, pp. 48-54] ou o *commisum de Caldelas* [929] [Andrade, 1995, t. II, pp. 691-692].

Esta primeira revisión parece vir confirmar esa idea difusa de nomes, entre os que non se alcanza a comprender se había algún tipo de estrutura, que adiantaba J. Á. García de Cortázar [1985, p. 66]. Con todo, hai unha constante que se presenta como o fío condutor máis indicado para tentar identificar patróns máis estables no territorio: a toponimia. Do mesmo xeito que se pode fixar a atención na existencia de lugares aos que se fai referencia na documentación con dous ou máis termos distintos, tamén se pode reparar na continuidade dos indicados nomes; certo que está documentado un *comitatus* e unha *terra* de *Coronatum*, que podería levar a pensar en diferentes concepcións da circunscrición, pero non é menos certo que a continuidade no nome de lugar fai pensar tamén nunha continuidade na realidade territorial á que identifica.

Desde este punto de partida fíxanse os seguintes pasos: primeiro unha breve aproximación teórica aos conceptos e despois unha análise de casos concretos.

2.1 Fixando conceptos

O interese por coñecer as formas nas que se estruturaba o espazo en tempos medievais non é novo; os estudos que se fan na actualidade parten de traballos que se ocuparon da materia con anterioridade e que sentaron as bases sólidas sobre as que avanza o coñecemento actual. Isto permite un exercicio de simplificación extrema no que, partindo deses estudos previos[2], se expoñen os principais trazos caracterizadores das distintas entidades para poder así pasar á análise de documentos e territorios concretos.

2 O espazo do noroeste peninsular que conformaba os reinos cristiáns occidentais ten sido obxecto de atención e análise da historiografía contemporánea en múltiples ocasións, en especial tendo como centro os reinos de Asturias, León e Castela, con frecuentes comparativas co que acontecía en Galicia. Factores tanto históricos como metodolóxicos permiten ter en conta esas outras publicacións para coñecer o caso galego, comparando as propostas interpretativas co que achegan as fontes. A pesar disto, na medida do posible procurarase tomar como referencia principal aqueles traballos nos que é o propio espazo galego o analizado, ben sexa en exclusiva ou ben como parte de estudos máis amplos. Entre outros autores e autoras que estudaron distintas áreas do noroeste, ademais das obras xa citadas

Un dos principais obstáculos radica na dificultade, ás veces imposibilidade, de fixar claramente as diferenzas entre unhas e outras. A pesar disto non debe prevalecer a visión dun conxunto informe no que se alternan de forma anárquica os nomes; a análise da documentación, atendendo a cuestións como a distribución cronolóxica, o outorgante ou a zona de produción, permite identificar tanto unha evolución que leva a que co paso do tempo uns termos sexan substituídos por outros como a pensar, nalgúns casos, nunha certa sinonimia.

Seguindo un criterio cronolóxico, o termo *commisso* é o de maior presenza no século IX, con pegada documental desde polo menos o ano 868[3]. As definicións dos dicionarios de latín medieval non aportan datos de especial significación; é unha obra de Mª P. Álvarez Maurín na que se dá unha proposta que serve de primeira aproximación: «lugar que queda bajo la jurisdicción o protección de una determinada autoridad». Nun estudo previo puido comprobarse a distribución cronolóxica do termo no corpus documental empregado, coas dúas décadas que van do 920 ao 940 como o período no que se atoparon máis casos na documentación consultada [Bermúdez Beloso, 2017, p. 221]. Esta maior presenza nos séculos IX e X, cun descenso progresivo na primeira metade do século XI ata chegar á práctica desaparición na segunda metade da mesma centuria, foi tamén notada polos distintos autores que se achegaron ao seu estudo[4]; é, polo que se observa nas fontes conservadas, unha entidade principalmente vinculada co período altomedieval cuxa presenza nos textos vai esmorecendo ao longo da etapa plenomedieval. Partindo dos traballos xa citados e da análise documental, proponse a seguinte definición: o termo *commisso* designa unha circunscrición territorial presente na estrutura que articulaba o espazo galego medieval, que abranguía un número variable de parroquias, cuns límites definidos e estables, dirixida por un delegado do poder do monarca [aristócrata ou institución eclesiástica], con continuidade no tempo, que acabou por ser substituída por outra entidade no plano da administración civil e con paralelos nos arciprestados, entidade propia da organización eclesiástica [Bermúdez Beloso, 2017, pp. 187-188].

ver por exemplo Carvajal Castro [2013, 2017], Díez Herrera [2002], Estepa Díez [1987, 1991, 2012, 2018], Fernández Mier [1999], García de Valdeavellano [1968], Mínguez [2007], Sánchez-Albornoz [1976], Sánchez Badiola [2002], así como os trece artigos obra doutros tantos autores e autoras recompilados en *Del Cantábrico al Duero: Trece estudios sobre organización social del espacio en los siglos VIII a XIII* [García de Cortázar, 1999].

3 Ano no que está datado o coñecido como documento de Tructino, xa estudado por A. López Ferreiro [López Ferreiro, 1899, t. II, pp. 6-8]. Resulta moi difícil afirmar de xeito categórico cal é o termo documentado desde máis antigo, posto que entre os documentos datados nos séculos IX e X son frecuentes as falsificacións e interpolacións, moitas elaboradas en épocas posteriores.

4 Véxase, entre outros, Baliñas, 1992, pp. 492-524; Isla Frez, 1992, 144-151; López Alsina, 1988, pp. 220-226; Sánchez-Albornoz, 1976, pp. 448-454.

Esta definición está directamente relacionada con outra das entidades mencionadas, o *comitatus*, á que se lle poderían aplicar estas ideas, de carácter algo xenérico. Aínda que nun primeiro momento cabe pensar que a principal diferenza entre *commisso* e *comitatum* está na persoa á fronte, e que aquela circunscrición sobre a que domina o *comes* é o *comitatum*, mentres que o poder sobre o *commisso* sería exercido por outra figura [García de Valdeavellano, 1968, p. 501], hai exemplos documentais nos que un *comes* é presentado como responsable dun *commisso*, tal e como expuxo, entre outros, C. Baliñas [2006, pp. 96-97].

A xeneralización do *comitatum* nas fontes escritas é algo máis tardía, se a comparamos cos *commissos*; tendo en conta o uso aparentemente indistinto dun e outro termo que se recolle nalgúns documentos, unha proposta estendida é considerar que ambas palabras se empregan para designar unha mesma realidade [o que se probaría pola coincidencia toponímica que se dá nalgúns casos], pero que co paso do tempo o *commisso* iría caendo en desuso ata ser substituído polo *comitatum* [Baliñas, 1992, pp. 325-326]. F. López Alsina [1988, pp. 220-224] sostén que os *commissos* terían unha extensión reducida, nun momento no que o sistema político non sería quen de controlar entidades de grandes dimensións; xa no século IX iniciaríase un proceso de reorganización territorial que buscaba entidades máis amplas, o que entre outras cousas levaría a que varios *commissos* pasaran a estar controlados por unha mesma persoa, con frecuencia un *comes*. Con todo, non serían, polo menos ata o século XIII, grandes entidades territoriais comparables ás dioceses no plano eclesiástico senón que, por seguir co paralelo, estarían máis próximas aos arciprestados [Bermúdez Beloso, 2017, p. 278].

Ao igual que *commissos* e *comitatum* se entenden mellor ao analizalos conxuntamente, o mesmo exercicio se pode facer coa *mandatione* e o *mandamento*, dous termos cunha presenza menor que os anteriores se atendemos ao aspecto cuantitativo. Dos dous, o *mandamento* ten unha presenza máis limitada no tempo e con escasa pegada na documentación. Comezando por el, fronte ao que acontecía co *commisso*, neste caso a consulta dos dicionarios de latín medieval ofrece resultados máis interesantes. Deixando de lado outros significados vinculados ao mandato ou orde, segundo A. Blaise [1986, p. 557] o *mandamentum* é unha xurisdición, un distrito, idea semellante á recollida no *Léxico hispánico primitivo*, que o define como «término jurisdiccional de un conde, merino o sayón», e remi-

te á entrada dedicada a *mandacione* [Menéndez Pidal et al., 2003, pp. 359]. Unha terceira achega, xa desde os estudos históricos, é a de A. E. Marques [2014, pp. 205-207] que identifica, na documentación da diocese bracarense, dous usos diferentes; por un lado habería un uso cun sentido comarcal, mentres noutros casos alude á xurisdición que acompaña á posesión dunha *villa*.

Os usos identificados do *mandamento* na documentación galega, limitándose a aqueles que poidan ter vinculación co territorio e a súa ordenación, repártense por arredor dun século, desde finais do século X a finais do século XI, e a súa presenza dáse maioritariamente en documentación privada, entre a que destaca o seu uso en documentos copiados no Tombo de Celanova. A. Isla Frez [1992, pp. 245-246] propón como explicacións para este curto percorrido tanto o parecido fonético ao termo «mandación» como a incapacidade de competir con outros termos polos que será substituído.

O limitado número de documentos e a proximidade coa *mandatione* dificultan a proposta dunha definición, e de feito ofrécense dúas interpretacións que responden aos distintos contextos observados nas fontes. Por un lado o *mandamento* era unha unidade territorial que orixinariamente formaba parte do patrimonio que posuía o rei dentro das distintas circunscricións do territorio galego, sen que se poida precisar o seu tamaño xa que está directamente vinculado aos bens de reguengo, e que podía estar en mans de distintos delegados do rei [tanto laicos como eclesiásticos] que exercerían nese espazo funcións do poder público propias do monarca. Esta idea está moi próxima á interpretación de *mandación* que propón I. Alfonso Antón [1990, pp. 323-3240], para quen é unha forma de referir ao territorio de dominio real cuxos habitantes reciben o nome de *homines de mandatione* ou de *mandamento*, equiparando por tanto ambos termos, como fan tamén outros autores.

Por outro lado, coa mesma palabra poderíase estar a facer alusión a unha unidade territorial menor que ten por centro unha *villa*, casa ou castelo, outorgada polo rei a membros destacados da sociedade [laicos ou eclesiásticos], que exercían como señores e cuxos habitantes estaban adscritos a ela, cunha relación de dependencia do señor que implicaba servizos de carácter patrimonial. Ambas propostas están próximas entre si, con diferenzas que teñen máis que ver coa continuidade ou descontinuidade

territorial pero compartindo aspectos importantes como as dimensións reducidas, o carácter patrimonial ou a vinculación co monarca.

No que respecta ás *mandationes*, en boa parte xa foron definidas por I. Alfonso Antón [1990, pp. 323-324]. C. Sánchez-Albornoz [1976, p. 470] propoñía que as *mandationes* naceron despois dos *commissos*; pese a que a primeira *mandatione* da que temos constancia é posterior [927 fronte a 868], as fontes mostran a convivencia entre ambos termos ao longo do século X. Aínda que está máis documentada nas fontes que o *mandamento*, e cunha cronoloxía máis ampla [do 927 a mediados do século XII], a súa presenza non é xeneralizada, e tampouco era, polo tanto, unha das denominacións máis estendidas. Tras analizar o uso nos documentos e os estudos que trataron o tema con anterioridade[5], proponse a interpretación da *mandatione* como un termo empregado para referir ás propiedades rexias en cada unha das circunscricións territoriais [Bermúdez Beloso, 2017, p. 208], seguindo a proposta de I. Alfonso Antón [1990, pp. 323-324].

Quedan en último lugar as dúas denominacións que probablemente resulten máis coñecidas, xunto co *comitatus*: *terra* e *territorio*. Un primeiro problema á hora de estudar estes termos está no feito de que ambas son palabras polisémicas moi frecuentes na documentación; o seu uso unidas a un topónimo axuda a identificar aqueles casos nos que ten un sentido de entidade. No *Lexicon Latinitatis Medii Aevi Regni Legionis* contémplase, na definición de *territorium*, o valor como elemento «jerarquizador y articulador del espacio» que adquire co paso do tempo, máis alá do significado xeográfico que tiña inicialmente; pasaría a designar unha circunscrición vinculada cos poderes feudais e cuns límites máis ou menos precisos que servían como referentes para distintos elementos da ocupación humana como bens inmobles, mosteiros, aldeas ou incluso cidades [Pérez González, 2010, pp. 750-751].

C. Baliñas [2006, p. 95] identifica o *territorium* como un «espazo físico individualizado con base e parámetros físicos e sociais, que é a peza básica do deseño comarcal da Galicia altomedieval». Para o mesmo autor, a *terra* sería unha gran comarca natural, con territorios menores no seu interior; moitas delas pasarían a denominar nos séculos XI e XII a grandes condados reais ou arciprestados [Baliñas, 2006, pp. 95-96]. Sen rexeitar de pleno esta teoría, cómpre facer un matiz, relacionado de novo coa indicada polisemia: o termo *territorio* está presente na documentación altomedie-

5 O traballo de C. Sánchez-Albornoz titulado «Homines mandationis y iuniores» segue a ser de lectura obrigada para coñecer máis sobre estas entidades [Sánchez-Albornoz, 1976, pp. 365-577].

val para identificar o conxunto do territorio galego, con fórmulas como *territorio Gallecie*[6].

Ao igual que nos casos anteriores, o factor cronolóxico resulta de gran importancia; a xeneralización da *terra* é algo máis tardía que a de termos como *commisso*, e non son poucos os casos nos que acaba por acompañar a topónimos antes presentados con esa denominación. O interese polas *terrae* non é novo; xa no tránsito entre os séculos XIX e XX o estudoso portugués H. da Gama Barros lles prestou atención no seu estudo sobre a administración pública en Portugal nos séculos XII a XV, definíndoas como circunscricións administrativas, xudiciais e militares nas que se dividía o reino, de dimensións variables, que agrupaban un número variable de xulgados, compostos á súa vez por freguesías, e gobernadas por un *tenens* que era elixido polo rei entre os membros da alta nobreza [Barros, 1954, t. xi, pp. 44-45].

Nun traballo máis recente, F. López Alsina [2008, p. 76] defíneas como distritos característicos para o exercicio do poder, en especial no reguengo, con límites precisos e que se caracterizaban por agrupar un número considerable de parroquias. Autores como A. de J. da Costa e F. López Alsina teñen chamado a atención sobre a estreita relación entre as *terrae* e os arciprestados, incidindo unha vez máis na relación entre a estrutura civil de organización do territorio e a eclesiástica [Costa, 1959, pp. 120-123; López Alsina, 2006, pp. 57-95].

O termo acadou gran difusión nas fontes escritas, maior que os anteriores [coa excepción do *territorium*], aínda que non se debe esquecer o incremento de fontes preservadas a partir do século XI con respecto a cronoloxías anteriores. Ao igual que coas outras entidades, o repaso bibliográfico e documental permite propoñer a seguinte definición: a *terra* é unha das entidades nas que se dividía o territorio galego medieval, cuxo control delegaba o monarca nos chamados *tenentes*, membros da aristocracia da súa confianza; estaban formadas pola unión de varias parroquias en número moi variable, dependendo de se eran principais [tamén chamadas grandes tenencias] ou secundarias [de menores dimensións]. A gran difusión do sistema de tenencias produciuse no século XIII, con Afonso ix e Fernando iii, asentada sobre unha estrutura de *terrae* que viñan de etapas anteriores, en moitos casos continuadoras dos *territorios* e incluso *commissos* dos séculos precedentes.

6 Unha busca no CODOLGA de «territor* gal*ec*», limitando por datas do 750 ao 1000, devolve 56 resultados [CODOLGA, 2021].

2.2 A pegada documental: algúns exemplos a través das fontes

De cara a complementar as exposicións teóricas, a continuación analizaranse un par de exemplos para ver a relación entre a proposta e o que se reflicte na documentación.

Un documento ben coñecido do fondo documental da catedral de Santiago é o documento de Tructino, xa mencionado, que foi transmitido a través da copia feita por A. López Ferreiro [1899, t. II, pp. 6-8] e que F. López Alsina [1988, pp. 168-163] data no 868. O rei Afonso III encarga a Tructino que elabore unha relación de parte das igrexas que pertencían á sé de Iria Flavia; o resultado é un texto que permite achegarse á realidade administrativa das últimas décadas do século IX grazas a un listado de 65 igrexas vinculadas a 16 entidades territoriais distintas, tres delas identificadas expresamente como *commissos*. O feito de poñer en relación os territorios con algunhas das igrexas que se atopaban dentro de cada un permite analizar tanto a densidade destas entidades como, en relación con isto, se os *commissos* eran de grandes ou pequenas dimensións. É importante resaltar que non se trata dunha relación exhaustiva de todas as igrexas que había nese momento na diocese de Iria senón, como di ao inicio do documento, *ecclesias quecumque sunt proprie hyriensis Sedis*; de aí tamén que o número de igrexas mencionadas en cada caso sexa totalmente variable [López Ferreiro, 1899, t. II, pp. 6-8]. No seguinte fragmento apréciase a estrutura do texto:

> *In besaucos ecclesie sce. eulalie in caurio. scm. Uincentium in carois. scm. tirsum in magobre. sca. Eulaliain lubre. scm. iulianum in siliobre. scm. iacobum iuxta siliobre.*
>
> *In comisso de plutios. scm. xpoforum ad eume. Latum portum. scm. martinum in tiobre.* [López Ferreiro, 1899, t. II, pp. 6-8].

Este esquema é o que se aplica ás demais entidades e igrexas. Ademais de *Besaucos* e *Plutios*, achégase información relativa aos *commissos* de *Faro* e *Celtigos* e das entidades, para as que non se dá máis precisión que o nome, de *Trasancos*, *Lauazengos*, *Nemitos*, *Bregantinos*, *Seminaria*, *Nemancos*, *Carnota*, *Pistomarcos*, *Montanos*, *Marcola*, *Bauegio*, *Monte Sacro* e *Monte Nigro*. O feito de que a única denominación presente no documento sexa a de *commissos* leva a interpretar que todas as entidades mencionadas nel teñan esa consideración.

Para alguén familiarizado coa estruturación do territorio galego, non só do medieval pero tamén do actual, algúns dos nomes deberían soar coñecidos; no mapa comarcal contemporáneo seguen presentes nomes como Soneira ou Bergantiños, e se acudimos ao listado de arciprestados as coincidencias son maiores: Céltigos, Nemancos, Posmarcos, Faro, Pruzos, Bezoucos ou Bergantiños son, aínda na actualidade, arciprestados. Sen adiantar tanto no tempo, todos estes nomes están documentados en máis testemuñas escritas da época medieval, cunha evolución desigual na que algúns foron caendo no esquecemento mentres outros se mantiñan a través dos séculos.

Á hora de reconstruír a rede territorial este tipo de documentos son dunha grande utilidade, aínda que por desgraza tamén constitúen unha excepción. Hai que ter presente que son poucos os que presentan unha densidade de nomes como a do de Tructino, e menos aínda dunha cronoloxía tan antiga. Ademais, os cambios na ocupación do espazo e nos distintos niveis da estrutura administrativa con frecuencia dificultan a identificación dalgúns topónimos; no caso que nos ocupa foron cinco os non identificados[7]. No seguinte mapa figuran as identificacións propostas.



Mapa 1 [Ver p. 175]. Localización das igrexas nomeadas no documento de Tructino [868] [Mariña Bermúdez Beloso]

Nº	Parroquia actual
1	Anca [S. Pedro]
2	Brión [Sta. María]
3	San Sadurniño [Sta. María]
4	Cedeira [Sta. María do Mar]
5	Caranza [Sta. María]/ Ferrol
6	Limodre [Sta. Eulalia]
7	Caamouco [S. Vicente]
8	Lugar de Maiobre, Ares [S. Xosé]
9	Lugar de Lubre [capela Sta. Olaia]-Ares [S. Xosé]
10	Sillobre [Sta. Mariña]
11	Barallobre [Santiago]
12	Tiobre [S. Martiño]
13	Lugar de A Espenuca [capela Sta. Baia], Coirós [S. Xulián]
14	Porzomillos [S. Pedro]
15	Bandoxa [S. Martiño]
16	Reboredo [Santiago]
17	Piadela [Sto. Estevo]
18	Cela [S. Xulián]
19	Mandaio [S. Xiao]
20	Paleo [Sto. Estevo]

7 Xa con anterioridade F. López Alsina estudou o documento e fixo a súa proposta de identificación das igrexas; a presente interpretación coincide na maior parte coa anterior, aínda que hai algúns cambios en certos topónimos que resultan máis problemáticos. Para unha comparativa máis exhaustiva entre ambas propostas, ver López Alsina, 1988, pp. 159-163, mapa 2 e cadro, pp. 311-313, táboa 3 e Bermúdez Beloso, 2017, pp. 157-160.

21	Abegondo [Santaia]
22	Mabegondo [S. Tirso]
23	Lugar de Conduzo, Rutis [Sta. María]
24	Chamín [Santaia]
25	Ledoño [S. Pedro]
26	Oseiro [S. Tirso]
27	Artes [S. Xurxo]
28	Vilaño [Santiago]
29	Oca [S. Martiño]
30	Seavia [S. Mamede]
31	Vimianzo [S. Vicenzo]
32	Dumbría [Sta. Baia]
33	Santo Ourente de Entíns [Sto. Ourente]
34	Entíns [Sta. María]
35	Outes [S. Pedro]
36	Roo [S. Xoán]
37	Esteiro [Sta. Mariña]
38	Lesón [Sta. Cruz]
39	Goiáns [S. Sadurniño]
40	Nebra [Sta. María]
44	Logrosa [Sta. Baia]
41	Arantón [S. Vicente]
42	Lañas [Sta. Baia]
43	Fontecada [S. Martiño]
45	Benza [S. Pedro]
46	Trazo [Sta. María]
47	Campo [S. Xoán]
48	Pereira [Santaia]
49	Marzoa [S. Martiño]
50	Papucín [Sta. María]
51	Aiazo [S. Pedro]
52	Vilarromarís [Sto. Tomé]
53	Oíns [S. Cosme]
54	Carcacía [S. Pedro]
55	San Fins de Sales [S. Fins]
56	Lugar de San Xoán da Cova, Ponte Ulla, A [Sta. María Madanela]
57	Ladra [S. Salvador]
58	Santaballa [S. Pedro]
59	Árbol [S. Lourenzo]
60	Reigosa [Santiago]

Táboa 1. Equivalencia entre os puntos do mapa e o lugar actual

Malia a sinalada singularidade deste documento polo elevado número de igrexas que vinculaba a circunscricións, entre elas *commissos*, no mapa saltan á vista os grandes espazos baleiros de boa parte do espazo da diocese iriense. Para coñecer máis a fondo cada unha das entidades faise necesario combinar distintas fontes documentais, partindo da busca do nome da circunscrición que interesa coñecer como guía, e deixando á marxe se é presentado como *commisso*, *terra* ou *comitatus*; a permanencia no nome fai pensar nunha certa continuidade no espazo ocupado e así denominado, sen que isto impida as alteracións nos límites. Tamén hai que ter en conta que hai nomes que se perden, en ocasións substituídos polo dun núcleo urbano que gaña importancia e se impón sobre o anterior.

Con isto presente, completaremos o exemplo de estudo da rede cun caso derivado do documento de Tructino. Nel fálase de Nemancos e a igrexa de *sca. eolalia in donobria*, o punto 32 no mapa; entre esa igrexa e o océano Atlántico ao leste non figura ningún outro punto [no espazo dos actuais concellos de Dumbría, Muxía, Cee, Corcubión e Fisterra principalmente], pois é a única asociada a dito *commisso*. Para coñecer máis deste nome acódese a CODOLGA, que devolve 52 casos nos que está presente o topónimo. Entre eses resultados hai certa variedade de uso, tendo por un lado documentos nos que a entidade aparece só co topónimo [*in Nemancos insula Tauriniana*, 942, Andrade, 1995, pp. 7-13], outros nos que vai acompañada de *territorio* [*in territorio Nemancos*, 1118-1122, Lucas, 1975, pp. 624-626] ou tamén de *terra* [*in terra de Nemancos*, 1219, Pérez Rodríguez 2004, pp. 92-93]. A revisión das fontes permitiu identificar unha serie de lugares que pertencerían tamén a Nemancos e que se veñen unir ao solitario punto de Dumbría, tal e como se representa no mapa 2.

Mapa 2. [Ver p. 175] A *terra* de Nemancos segundo a documentación [Mariña Bermúdez Beloso]

O exercicio poderíase completar coa comparativa coa rede eclesiástica; neste caso, a coincidencia entre *terra* ou entidade territorial da administración civil e o arciprestado, ambos chamados de Nemancos, é bastante clara, aínda que falten cara o leste máis localizacións pertencentes á *terra*. De cara a esta comparativa, o principal problema é que non resulta doado recompoñer con precisión a rede de arciprestados da época medieval; faise necesario recorrer á moderna, mellor documentada nas fontes, e que é a que se representa no mapa 3.

Mapa 3. [Ver p. 176] A *terra* de Nemancos e os arciprestados do arcediagado de Trastámara [Mariña Bermúdez Beloso]

Este exercicio poderíase repetir ao longo do territorio galego, cun desequilibrio parecido: en determinadas áreas hai maior información que se tra-

duce, sobre o mapa, nunha maior densidade de puntos que nos permiten localizar e incluso perfilar os límites das entidades, mentres que para outras zonas os baleiros son o predominante. Tamén se dan situacións que poden resultar sorprendentes, como o feito de que sexa máis complexo coñecer as dimensións das grandes circunscricións do século XIII [Montenegro, por exemplo], que están en mans das familias aristocráticas máis poderosas do momento, pero das que non se conservaron relacións detalladas de extensión, límites ou parroquias que comprendían.

3. A modo de epílogo: é posible cartografar as entidades territoriais da Galicia medieval? Posibilidades [e perigos] dos mapas interactivos.

O estudo dun territorio, sexa o galego ou outro, ten unha plasmación gráfica recorrente, case inevitable e imprescindible, como é o mapa, do que acabamos de ver varios exemplos. É de esperar que nun traballo sobre a estrutura organizativa dun espazo apareza un mapa que axude a explicar e entender esas ideas, descricións e localizacións que se presentan por escrito. Falar do *commisso* de *Presaras*, facendo referencia ás parroquias polas que se estende, os concellos que na actualidade ocupan ese espazo medieval, os ríos que o atravesan ou montes que delimitan é moi necesario, pero poder trasladar esas explicacións e representalas nun mapa facilita moito máis tanto a comprensión da información como o propio estudo. Ás veces hai feitos que se escapan ata que se ven sobre o mapa, como acontece cando se debuxan uns puntos sobre a cartografía de base e se fai patente a existencia de, por exemplo, un outeiro ou un cordal montañoso que emerxe claramente como límite entre unha entidade e a veciña.

Nesta tarefa de cartografado das entidades o fío condutor máis lóxico parece ser o nome con que esta é referida de forma máis continua no tempo, como se expuxo nas páxinas precedentes. De novo xorden dificultades que non sempre teñen doada solución, como son os cambios na adscrición de determinados lugares a unha ou outra circunscrición que se perciben na documentación. Son abundantes os casos de igrexas ou aldeas que nun documento aparecen como pertencentes a unha entidade, e unhas décadas despois a outra. Unha posible solución podería pasar por tentar facer unha sorte de «foto fixa», isto é, representar un período exacto e preciso, recollendo só a información propia desa cronoloxía. Pero tal cousa é impo-

sible coas fontes das que dispoñemos; se aínda partindo dun abano cronolóxico amplo, poñamos 500 anos, en ocasións faise necesario recorrer á administración relixiosa para cubrir os notables ocos que quedan no mapa, canto máis pasaría iso para un ano preciso. É aplicable a pequena escala, en especial naqueles casos nos que se conservaron documentos que aportan gran cantidade de información para un espazo concreto, pero isto é algo excepcional.

O estado actual da investigación, cos grandes avances nas tecnoloxías da información e en especial dos Sistemas de Información Xeográfica [SIX], permítennos valernos de distintas ferramentas que abren portas ata hai pouco impensables, como poden ser as cartografías interactivas nas que a persoa usuaria poida decidir que información consultar e como facelo. Un exemplo: un mapa interactivo permitiría poñer a disposición o mapa da *terra de Nemancos* e o dos arciprestados de época moderna da diocese compostelá como dúas capas diferentes, deixando á elección de quen consulta o mapa que información ver. Destas ideas naceu o proxecto «Cartografando a Galiza medieval» [https://mapagalizamedieval.wixsite.com/cartografando-a-gali], no que se busca dar acceso ao público a un proxecto de reconstrución do crebacabezas do título[8]. Este sistema permite, entre outras aplicacións, activar e desactivar as distintas capas e consultar as táboas coa información asociada a cada capa, é dicir, a cada entidade, nas que se recolle a data, topónimo orixinal e documento no que figura a referencia que levou á identificación de cada punto.

Os problemas non son novos: a rede territorial galega preséntase como unha realidade complexa, na que non resulta doado identificar as particularidades de cada un dos seus compoñentes e na que a toponimia é un compoñente esencial. No entanto, na actualidade dispoñemos dunha serie de ferramentas que nos permiten atender a esas vellas preguntas con novas perspectivas o que, combinado co traballo dos e das que nos precederon e o traballo exhaustivo coas fontes escritas, quizais poida axudarnos a verter algo de luz sobre o mapa.

8 A páxina web é resultado do traballo desenvolvido no marco do proxecto de investigación «O espazo medieval galego no contexto europeo: na procura de elementos comúns e diferenciadores máis aló dos Pireneos» financiado pola Xunta de Galicia a través das «Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego» [convocatoria 2018], desfrutada no departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, nos grupos de investigación «GI-1548. HAMED. Historia Medieval: Sociedade e territorio» [ata decembro de 2021] e «GI-2168. SCRIPTA. Escritura, pensamento e sociedade» [desde xaneiro a agosto de 2022].

BIBLIOGRAFÍA

Alfonso Antón, Isabel [1990], «La comunidad campesina», en Pastor de Togneri, R. [ed.], *Poder monástico y grupos domésticos en la Galicia foral: Siglos XIII-XV la casa, la comunidad*, Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 303-369.

Álvarez Maurín, Mª Pilar [1994], *Diplomática asturleonesa: Terminología toponímica*, León: Universidad de León, Secretariado de Publicaciones.

Andrade Cernadas, X. Miguel [1995], *O tombo de Celanova: Estudio introductorio, edición e índices [ss. IX-XII]*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Andrade Cernadas, X. Miguel e López Carreira, Anselmo. [2020], *O reino medieval de Galicia: Crónica dunha desmemoria*, Vigo: Xerais.

Baliñas Pérez, Carlos [1992], *Do mito á realidade: A definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media [séculos VIII e IX]*, Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura.

Baliñas Pérez, Carlos [2006], «Terra, tempo e xente: as orixes altomedievais da comarcalización de Galicia», en Álvarez Blanco, R., Dubert García, F., Sousa Fernández, X. [eds.], *Lingua e territorio*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 93-101.

Barros, H. da Gama e Sousa Soares, Torquato da [1945-1954], *História da administração pública em Portugal nos séculos XII a XV. 2a ed. dirigida por Torquato de Sousa Soares*, Lisboa: Livraria Sá da Costa.

Bermúdez Beloso, Mariña [2017], *O espazo do occidente peninsular e a súa organización territorial [ca. 700-ca. 1250]*, Santiago de Compostela: Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela.

Bermúdez Beloso, Mariña [2022], *Cartografando a Galiza medieval*. Recurso web dispoñible en https://mapagalizamedieval.wixsite.com/cartografando-a-gali

Blaise, Albert [1986], *Lexicon latinitatis medii aevi: Praesertim ad res ecclesiasticas investigandas pertinens*, Turnholti: Brepols.

Cal Pardo, Enrique [1999], *Colección diplomática medieval do arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Carvajal Castro, Álvaro [2013], «Sociedad y territorio en el norte de León: Valdoré, los Flaínez y el entorno del alto Esla [siglos IX-XI]», *Studia historica. Historia medieval*, n. 31, 105-131.

Carvajal Castro, Álvaro [2017], *Bajo la máscara del Regnum: la monarquía asturleonesa en León [854-1037]*, Madrid: CSIC.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [2021], *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae [CODOLGA]*, n. 18, http://corpus.cirp.gal/codolga.

Costa, Avelino de Jesus da [1959], *O bispo D. Pedro e a organização da diocese de Braga*, Coimbra: Faculdade de letras da universidade de Coimbra.

David, Pierre [1947], *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI^e^ au XII^e^ siècle*, Lisboa: Livraria Portugalia.

Díaz, Pablo C. [1993], «El *Parrochiale Suevum*: Organización eclesiástica, poder político y poblamiento en la *Gallaecia* Tardoantigua», en Mangas Manjarrés, J., Alvar, J. [eds.], *Homenaje a José Mª Blázquez*, Madrid: Ed. Clásicas, 35-48.

Dicionario da Real Academia Galega [2012], Real Academia Galega, edición en liña dispoñible http://portaldaspalabras.gal/ e en http://academia.gal/dicionario

Díez Herrera, Carmen [2002], «El valle como espacio de poder social y político», en Iglesias Duarte, J. I. de la [ed.], *Los espacios de poder en la España Medieval: XII Semana de Estudios Medievales, Nájera, del 30 de julio al 3 de agosto de 2001*, Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, 47-67.

Escalona Monge, Julio [2010], «Aproximación a un análisis comparativo de la territorialidad en los siglos IX-XI: El *Territorium legionensis* y el Condado de Castilla», en Iglesias Duarte, J. I., *Monasterios, espacio y sociedad en la España cristiana medieval*, Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, 271-291.

Estepa Díez, Carlos [1987], *Castilla y León, consideraciones sobre su historia: Los nombres, los territorios y el proceso histórico*, León: Universidad, Servicio de Publicaciones.

Estepa Díez, Carlos [1991], «Poder y propiedad feudales en el período astur: las mandaciones de los Flaínez en la montaña leonesa», *Miscel.lània en Homenatge al P. Agustí Altisent*, Tarragona: Diputació de Tarragona, 285-327.

Estepa Díez, Carlos [2012], «El dominio político hispanocristiano en el Occidente Peninsular [910-1369]», en García Fitz, F., Jiménez Alcázar, J.F. [eds.], *La historia peninsular en los espacios de frontera: Las «extremaduras históricas» y la «Transierra» [siglos XI-XV]*, Murcia, Cáceres: Editum; Sociedad Española de Estudios Medievales, 17-45.

Estepa Díez, Carlos [2018], «Las tenencias en Castilla y León en los siglos XI al XIII», en Arias Guillén, F., Martínez Sopena, P. [eds.], *Los espacios del rey: Poder y territorio en las monarquías hispánicas [siglos XII-XIV]*, Bilbao: Universidad del País Vasco, 39-72.

Fernández Mier, Margarita [1999], *Génesis del territorio en la Edad Media: Arqueología del paisaje y evolución histórica en la montaña asturiana: el valle del río Pigüeña*, Oviedo: Universidad de Oviedo, Servicio de Publicaciones.

García de Cortázar y Ruiz de Aguirre, José Ángel [ed.] [1985], *Organización social del espacio en la España medieval: La Corona de Castilla en los siglos VIII a XV*, Barcelona: Ariel.

García de Cortázar y Ruiz de Aguirre, José Ángel [ed.] [1999], *Del Cantábrico al Duero: Trece estudios sobre organización social del espacio en los siglos VIII a XIII*, Santander: Universidad de Cantabria; Parlamento de Cantabria.

García de Cortázar y Ruiz de Aguirre, José Ángel [2002], «Elementos de definición de los espacios de poder en la Edad Media», en Iglesias Duarte, J.I. [ed.], *Los espacios de poder en la España medieval: XII Semana de Estudios Medievales, Nájera, del 30 de julio al 3 de agosto de 2001*, Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, 13-46.

García de Valdeavellano y Arcimis, Luis [1968], *Curso de historia de las instituciones españolas. De los orígenes al final de la Edad Media*, Madrid: Revista de Occidente.

González Balasch, Mª Teresa [1987], *El «Tumbo B» de la Catedral de Santiago [edición y estudio],* Granada: Universidad de Granada [Tese de doutoramento].

Isla Frez, Amancio [1992], *La sociedad gallega en la Alta Edad Media*, Madrid: CSIC.

López Alsina, Fernando [1988, 2ª ed. 2013], *La ciudad de Santiago de Compostela en la alta edad media*, Santiago de Compostela: Ayuntamiento de Santiago de Compostela.

López Alsina, Fernando [2006], «La cristalización de Tui como espacio de poder entre 1095 y 1157», en Cendón Fernández, M., González Soutelo, S. [eds.], *Tui, presente, pasado y futuro: I Coloquio de Historia de Tui*, Pontevedra: Diputación de Pontevedra, 57-96.

López Alsina, Fernando [2008], «La articulación de las unidades de organización social del espacio en Galicia durante la Edad Media: villa, parroquia, terra», en Sesma Muñoz, J.A., Laliena Corbera, C., Amaral, L.C. [eds.], *La pervivencia del concepto. Nuevas reflexiones sobre la ordenación social del espacio en la Edad Media*, Zaragoza: Grupo de Investigación de Excelencia C.E.M.A., Universidad de Zaragoza, 57-111.

López Alsina, Fernando [2013], «El *Parrochiale Suevum* y su presencia en las cartas pontificias del siglo XII», en Herbers, K., López Alsina, F., Engel, F. [eds.], *Das begrenzte Papsttum: Spielräume päpstlichen Handelns; Legaten - delegierte Richter – Grenzen*, Berlin, Boston: De Gruyter, 105-133.

López Ferreiro, Antonio [1898-1909], *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago: Impr. del Seminario Conciliar Central.

Lorenzo Vázquez, Ramón [2016], *Colección documental do mosteiro de Montederramo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Loscertales de García de Valdeavellano, Pilar [1976], *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes: Tumbo Primero y Tumbo Segundo*, Madrid: AHN.

Lucas Álvarez, Manuel [1975], «El monasterio de San Julián de Moraime en Galicia. Notas documentales», en *Homenaje a don Agustín Millares Carlo*, Las Palmas de Gran Canaria: Caja Insular de Ahorros de Gran Canaria. Tomo II, 605-643.

Lucas Álvarez, Manuel [1986], *El Tumbo de San Julián de Samos [siglos VIII-XII]*, Santiago de Compostela: Caixa Galicia.

Lucas Álvarez, Manuel [1997], *La documentación del Tumbo A de la catedral de Santiago de Compostela: Estudio y edición*, León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro».

Marques, André E. [2014], *Da representação documental a materialidade do espaço: Território da Diocese de Braga [séculos IX-XI]*, Porto: CITCEM.

Menéndez Pidal, Ramón; Lapesa, Ramón; García, Constantino; Seco, Manuel [eds.] [2003], *Léxico hispánico primitivo [siglos VIII al XII]: Versión primera del «Glosario del primitivo léxico iberorrománico»*, Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal; Real Academia Española.

Mínguez, José Mª. [2007], «Pervivencia y transformaciones de la concepción y práctica del poder en el Reino de León [siglos X y XI]», *Studia Historica, Historia Medieval*, n. 25, 15-65.

Pallares Méndez, M. del Carmen e Portela Silva, Ermelindo [2015], «Para una lectura histórica del paisaje. La impronta medieval», en Portela Silva, E., Pereira Menaut, G. [eds.], *El territorio en la historia de Galicia: Organización y control siglos I-XXI*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 97-151.

Pérez González, Maurilio [2010], *Lexicon Latinitatis Medii Aevi Regni Legionis [s. VIII-1230] imperfectum*, Turnhout: Brepols.

Pérez Rodríguez, Francisco Javier [2004], *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico.

Recuero Astray, Manuel; González Vázquez, Marta; Romero Portilla, Paz [1998], *Documentos medievales del reino de Galicia. Alfonso VII [1116-1157],* [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.

Sánchez Badiola, Juan J. [2002], *La configuración de un sistema de poblamiento y organización del espacio: El territorio de León [siglos IX-XI]*, [León]: Universidad de León, Secretariado Publicaciones y Medios Audiovisuales.

Sánchez Pardo, José C. [2014], «Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico- arqueológica del parroquial suevo», *Hispania Sacra*, v. 66, n. 134, 439-480.

Sánchez-Albornoz, Claudio [1976], «Homines mandationis y iuniores», en Sánchez-Albornoz, C., *Viejos y nuevos estudios sobre las instituciones medievales españolas*, Madrid: Espasa-Calpe, 365-577.

A arte na Galicia tardorromana e medieval, desde a creación do reino ao ano 1000

Xosé Carlos López Bernárdez

RESUMO. O período a revisar aparece marcado pola lembranza de Roma, mais tamén polo substrato cultural anterior, un acervo que fai parte da unidade esencial das sociedades europeas plenamente afirmadas nos séculos VIII e IX. Este ciclo histórico e cultural é aberto polo reino suevo e continuado polo visigodo, e nel conflúen romanidade, cristianismo e xermanismo.

A conquista musulmá supuxo unha mudanza de escenario no conxunto de península, mais en Galicia o dominio islámico non se consolidou, o que leva á conformación dun espazo cristián, que correspondía á antiga provincia da *Gallaecia*. Nesta altura sitúase a descuberta do sepulcro de Santiago, transcendental para o futuro político e cultural.

A basílica de Santiago, erixida en tempos de Afonso III [872] e destruída por Almanzor [997] era un dos edificios máis importantes da época, maior que as igrexas asturianas coevas, mais lonxe da monumentalidade das construcións de alén Pireneos, coas quen, no entanto, existe relación.

O peso da tradición caracteriza os templos galegos do século X. Son edificios sinxelos, coa excepción de San Miguel de Celanova, alfaia da arquitectura da época.

A escultura limítase a relevos planos, con frecuencia a bisel, esgrevios nas escasas representacións de figuras. Os elementos decorativos, aínda que con influencias cordobesas, entroncan coa tradición galaica que remonta mesmo ao mundo castrexo.

RESUMEN. El periodo que revisamos aparece marcado por el recuerdo de Roma, pero también por el sustrato cultural anterior, un acervo que forma parte de la unidad esencial de las sociedades europeas plenamente afirmadas en los siglos VIII y IX. Este ciclo histórico y cultural lo abre el reino suevo y lo continúa el visigodo, y en él confluyen romanidad, cristianismo y germanismo.

La conquista musulmana supuso un cambio de escenario en el conjunto de península, pero en Galicia el dominio islámico no se consolidó, lo que conduce a la conformación de un espacio cristiano, que correspondía a la antigua provincia de *Gallaecia*. A estas alturas se sitúa el descubrimiento del sepulcro de Santiago, transcendental para el futuro político y cultural.

La basílica de Santiago, erigida en tiempos de Afonso III [872] y destruida por Almanzor, [997] era uno de los edificios más importantes de la época, más grande que las iglesias asturianas coetáneas, más alejada de la monumentalidad de las construcciones de más allá de los Pirineos, con las que, sin embargo, existe relación.

El peso de la tradición caracteriza los templos gallegos del siglo X. Son edificios sencillos, con la excepción de San Miguel de Celanova, joya de la arquitectura de la época.

La escultura se limita a relieves planos, con frecuencia a bisel, abruptos en las escasas representaciones de figuras. Los elementos decorativos, aunque con influencias cordobesas, conectan con la tradición galaica que se remonta incluso al mundo *castrexo*.

ABSTRACT. The period we are reviewing is marked by the memory of Rome, but also by the previous cultural substratum, a heritage that forms part of the essential unity of European societies fully affirmed in the 8th and 9th centuries. This historical and cultural cycle was opened by the Swabian kingdom and continued by the Visigothic, and Romanity, Christianity and Germanism converged in it.

The Muslim conquest meant a change of scenery in the peninsula as a whole, but in Galicia the Islamic dominion was not consolidated, which led to the formation of a Christian space, which corresponded to the ancient province of *Gallaecia*. The discovery of the tomb of St. James, transcendental for the political and cultural future, took place at this point.

The basilica of Santiago, built in the times of Afonso III [872] and destroyed by Almanzor, [997] was one of the most important buildings of the time, larger than the contemporary Asturian churches, further away from the monumentality of the buildings beyond the Pyrenees, with which, however, there is a relationship.

The weight of tradition characterizes the Galician temples of the 10th century. They are simple buildings, with the exception of San Miguel de Celanova, a jewel of the architecture of the period.

The sculpture consists only of flat reliefs, often beveled, abrupt in the few representations of figures. The decorative elements, although with Cordovan influences, connect with the Galician tradition that goes back even to the «*castrexo*» world.

Iussu Richiarii Reges [Por orde do rei Requiario]
Inscrición da moeda do rei Requiario [448-456]

O período que nos propomos revisar é seara demasiado vasta, pola súa longa extensión, de máis de seis séculos, e sobre todo pola fluidez da cronoloxía ao tratarmos de obras concretas. Estes factores fan que non se deixe encadrar facilmente en esquemas e límites tradicionais ao se enraizar na romanidade cristiá e disolverse na gran mudanza do século XI.

Así delimitado, o espazo é o da sociedade galega marcada pola lembranza de Roma e relixiosamente ligada a ese legado mais tamén polo seu substrato cultural anterior. Un acervo que aínda que en valores sociais fai parte da unidade esencial das sociedades europeas plenamente afirmadas nos séculos VIII e IX, no ámbito artístico vai manter unhas fondas permanencias da arquitectura e da plástica tardorromana até a chegada do que denominamos arte románica. Como moi atinadamente sinala Bango Torviso [1998, p. xxv] na arte dos séculos VIII, IX e X estamos perante supervivencias do mundo tardorromano.

Este novo ciclo histórico e cultural en Galicia é aberto polo reino suevo e nel conflúen romanidade, cristianismo e xermanismo.

A morte de Teodosio [395 d. C.] supuxo un aceleramento da descomposición do Imperio Romano, proceso que culminará no noso espazo ao penetraren os suevos, alanos e vándalos na Península. A formación do reino galego dos suevos prodúcese a partir da chegada deste pobo xermano á *Gallaecia* o 409 d. C. Os conquistadores pasan a gobernar o territorio, nominalmente romano, é posible que por medio dun pacto [*foedus*], aínda que non hai unanimidade entre os historiadores sobre esa cuestión. Así se inicia o camiño do reino galego, o primeiro constituído no que fora a Euro-

pa romana, cuns límites que corresponden cos da provincia da *Gallaecia*, con capital en *Bracara Augusta* [Braga] e o primeiro en cuñar moeda con referencia a un rei «bárbaro», as *siliqua* –pequenas moedas de prata– realizadas «por orde» do rei Requiario [448-456] e co seu nome no reverso en canto mantén no anverso a efixie do emperador Honorio.

A batalla do río Órbigo contra os visigodos o ano 456 marca o inicio da decadencia do reino, que desaparece das referencias escritas, e só se recupera a partir de mediados do século VI, época de crise visigoda e de expansión bizantina na Península promovida por Xustiniano. O historiador Anselmo López Carreira [1996, pp. 39-47], estudoso deste período, destaca como a chegada a *Gallaecia* dunha figura excepcional vai ligarse a un rexurdimento do reino suevo: trátase de Martiño de Dumio, que vén a Galicia como enviado do emperador bizantino o 550. Nesta altura prodúcese unha nova conversión ao catolicismo, despois dun período ariano e un esforzo político, administrativo e cultural notable, de influencia bizantina. Foron institucionalizados os concilios, esténdese o monacato beneditino e en Braga foi creada unha escola e *scriptorium*. No ano 585 o rei visigodo Leovixildo intervén en Galicia nunha liorta sucesoria entre Eurico –fillo do rei Miro– e Andeca, feito que consuma a anexión do reino galego ao visigodo de Toledo.

Na etapa visigoda [585-711], Galicia conserva a personalidade e a influencia no reino ata que a chegada dos musulmáns á Península dá por finalizado o período xermano.

A arte da época de dominio suevo é herdeira directa das correntes paleocristiás e, aínda que non temos unha información ben pormenorizada deste período, non se trata dunha arte exclusivamente sueva, senón de arte galaica de época sueva; ou de abranguermos toda a etapa xermánica, arte galaica de época xermánica. Continúa a tradición estética tardoimperial aínda que máis degradada e son reutilizadas columnas, capiteis, e outros elementos construtivos de época romana. Con todo e con iso, cómpre sinalar que tamén temos mostras de capiteis de excelente factura en contextos eclesiásticos como os de San Salvador de Setecoros, Valga [Museo de Pontevedra] ou o da igrexa San Xoán de Vilaronte [Foz], hoxe transformado en pía de auga bieita, todos do século VI e que manifestan a presenza dun obradoiro itinerante de notable calidade que utiliza mármore do Incio para, ao menos, unha parte do seu traballo. Os capiteis son, en ocasións, a única proba material de presenza de importantes edificios e das súas

fases construtivas, como acontece en Ourense cos de Santa María Nai, dos séculos IV e IX, que documentan momentos distintos da igrexa e a referencia á tradición tardorromana como modelo nos máis recentes.

A estes trazos tardorromanos debe ser acrecentada a contribución xermana, nun ambiente xa nitidamente cristianizado, en que actúa a herexía priscilianista, solidamente implantada en Galicia.

Outro factor importante para entendermos este período xermano é o mantemento de rutas de comercio co mundo mediterráneo, que a arqueoloxía constata [Fernández e Barciela, 2016, pp. 116-127], con testemuños materiais das vías de contacto económico e cultural co norte de África e co oriente bizantino. Este comercio é unha realidade ata comezos do século VIII, cando a presenza árabe no Mediterráneo e na Península Ibérica corta o fluxo de comunicación que se mantiña activo.

Entre o mundo tradorromano e os primeiros tempos do reino xermano o monumento máis relevante é Santalla de Bóveda [Lugo], que posúe un extraordinario conxunto de pinturas murais.

Bóveda é unha construción que constaba de dúas plantas, das que se conserva a inferior relativamente completa, excepto a parte central da cuberta. A fachada ten un pequeno pórtico que dá acceso á porta do recinto interior, cun arco de ferradura –talvez, como sinalou María Elena Gómez-Moreno, «o arco de ferradura construtivo máis antigo que se coñece en Occidente» [López Carreira, 2019, p. 64]– e dúas xanelas rectangulares con oco triangular. O interior é un espazo rectangular, único en orixe, mais posteriormente dividido en tres naves separadas por columnas e arcos, ao fondo existe unha pequena ousia rectangular con arco triunfal e nela un nicho. A nave central está ocupada por un estanque pouco fondo, aspecto que foi a cerna de todos os debates e hipóteses sobre a utilidade da construción. Nas paredes laterais vense fornelas rectangulares semellantes ás que existen nos vestiarios de baños e termas romanas ou tamén parecidas aos ocos das urnas funerarias dos mausoleos da mesma época.

Do lado de fóra do pórtico destacan relevos con danzantes termando de grilandas e no interior outros con aves e unha escena con tolleitos que permiten percibir deformidades, nas pernas e nos brazos; poden corresponder á primeira fase do monumento.

As pinturas murais constitúen un dos conxuntos máis importantes da arte de tradición romana na Península Ibérica. Reproducen artesóns romboidais e cráteras ou vasos con ramos e palmas, paneis con armazón vexetal que permiten percibir un abano variado de aves exóticas: faisáns, perdices, galos, pombas... peteirando acios de uvas ou situadas xunto a árbores, tema que remite a modelos recorrentes en todo o Imperio, quer na pintura, quer nos mosaicos.

A cronoloxía, así como a función, segue a ser moi debatida. Para unha revisión pormenorizada do estado da cuestión véxase o traballo de Enrique Jorge Montenegro [2008]. Ata datas recentes había certo consenso en que polo estilo e os temas as pinturas se podían situar no século IV d. C. Nesa liña, o estudo de Milagros Guardia [2003] sinala a tradición romana do repertorio temático e da sintaxe estilística do conxunto e indica que «na combinación e claro contraste entre as aves traducidas nunha linguaxe moi naturalista propia do modelo, coa rigorosa esquematización dos elementos «paisaxísticos» podemos identificar características da arte tardorromana e poden confirmar unha cronoloxía dentro do século IV» [Guardia, 2003, pp. 272-274]. En datas recentes, e por medio de técnicas de luminiscencia e carbono 14, foron datadas no século VII [Sánchez, Blanco, Sanjurjo e González, 2018, pp. 90-105], o que non invalida as chaves formais romanas, ese evidente léxico ornamental tardorromano que sobrevive nun amplísimo período da Alta Idade Media. Con esta nova datación, as pinturas mostran a continuidade da técnica e motivos decorativos romanos e serven de elo que nos levaría á pintura do século IX, tal como se pode enxergar na igrexa de Santullano en Oviedo.

O monumento lugués delata tres fases principais, unha evidentemente romana, consagrada, segundo algunhas opinións –Rodriguez Colmenero; Chamoso Lamas– ás ninfas, isto é, sería un ninfeo, centro de culto ás divindades das augas; nunha fase posterior convertido ao culto cristián. Para outros autores estariamos perante un monumento funerario, como apuntou inicialmente en 1935 Helmut Schlunk. O que a arqueoloxía confirma é a ligazón co culto cristián posterior á construción do edificio, velaí unha placa de mármore con peixe inciso, motivo claramente cristián, achada na cripta e unha inscrición co nome de Cristo [Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo]. Unha terceira fase, na bóveda da planta superior é datada xa no século X.

Sexa cal for o seu sentido, Santalla de Bóveda expresa o rico e complexo mundo artístico tardorromano na *Gallaecia*, un mundo entre a cultura romana, as permanencias indíxenas e o cristianismo, que é o que os invasores suevos conquistarán e polo que culturalmente serán conquistados para dar orixe a un novo contexto cultural.

A igrexa máis antiga que conservamos destes tempos é San Pedro de Rocas [Esgos], da que temos a referencia escrita dunha lápida fundacional, de coidada elaboración, do ano 573 [Museo Arqueolóxico Provincial, Ourense], inscrición que se completa con cruces e un cordón ornamental. San Pedro é un exemplo de monumento erixido para unha pequena comunidade cristiá, probablemente formada no ambiente de influencia do apostolado de Martiño de Dumio. Na primeira etapa sería un recinto cenobítico escavado nun enorme penedo con tres ábsidas máis ou menos en forma de ferradura [a organización que hoxe vemos é consecuencia dunha adición románica do século XII]. Responde a unha práctica de eremitismo que cristianiza un espazo que previamente tivera cultos prerromanos como demostrou a achado recente dun altar rupestre.

Outro exemplo de reutilización dun ámbito castrexo é o da Pedra Formosa da basílica da Asunción e Os Fornos en Santa Mariña de Augas Santas [Allariz] que foi reaproveitada como fachada dunha capeliña dedicada a santa Mariña no século VI.

No conxunto da *Gallaecia* consérvanse dúas importantes igrexas deste período, São Frutuoso de Montélios [Braga] e Santa Comba de Bande. En xeral, os templos deste época escapan do espazo nítido e abranguente, propenden á creación de ambientes compartimentados, aspecto en probable relación coa liturxia [Yarza, 2000, p. 16]. Son espazos complexos, ben proporcionados a respecto das masas, que serían complementados con enfeites que xogarían un papel importante na definición de diversos ámbitos: pinturas, mármores, artesoados, veos, coroas votivas, lámpadas... Foi utilizado o arco de ferradura con doelas colocadas en forma radial co intradorso e o trasdorso curvos, a excepción do da primeira que é recto. As ábsidas son rectangulares ao exterior, porén, no interior son semicirculares ou adoptan a forma de ferradura.

São Frutuoso é un exemplo de arquitectura martirial, refinada de deseño e de execución, con planta de cruz grega, cunha perfecta agrupación

de volumes no exterior, co corpo central que salienta sobre os laterais. Neste templo temos capiteis tardorromanos e outros de deseño esquemático e notable acabado. Todo ten un ar bizantino, oriental, que Schlunk [1945] puxo en relación coa arquitectura da época de Xustiniano. De feito recorda o mausoleo de Gala Placidia de Rávena. Ese mesmo ar oriental reaparece en Santa Comba de Bande, cunha indubidable rudeza provinciana, mais en conxunto talvez non sexa alleo ás intensas relacións do reino galego con Bizancio desde a época de Martiño de Dumio.

Santa Comba, probablemente un edificio monástico, posúe unha disposición coidada de planta e volumes, en contraste cunha execución máis esgrevia e de decoración austera. A planta orixinal era case de cruz grega, con cabeceira que desfai a simetría. Está realizada en pedra granítica cortada desigualmente e non sempre ben encaixada, excepto arcos e cubertas. No interior e na cabeceira foron utilizadas columnas, sen elementos decorativos, e baséase todo o efecto ornamental en paredes e arcos. O ritmo gradual de luces produce un efecto irreal. Os arcos de ferradura son outra das características destes templos, os capiteis pertencen uns a época baixorromana e outros son posteriores. A cronoloxía inicial de Bande, obxecto de discusión entre os especialistas, podería estar entre finais do século VI e primeira metade do VII, cunha segunda etapa construtiva no século IX. Unha recente análise sitúa como época máis probable da construción as últimas décadas do século VIII [Sánchez, Blanco, Sanjurjo e González, 2018, pp. 90-105].

Non é infrecuente achar vestixios de igrexas deste período, un dos máis importantes está en Santalla de Esperante [Lugo], no arco que dá acceso á ábsida ou presbiterio e no arco lateral da igrexa. Outro exemplo é o de San Tomé de Tórdea [Castroverde], con restos de miliarios romanos incrustados nas paredes, nunha construción que na primeira fase hoxe en pé é de comezos do século X [Sánchez e Blanco, 2018, pp. 103-126].

Deste contexto tamén sería a igrexa de San Xoán de Panxón [Nigrán], que conserva un fermoso arco de ferradura de acceso á primitiva ábsida e que se encontra a carón dos restos dunha necrópole; a cronoloxía situouse tradicionalmente na segunda metade do século VII, aínda que recentes investigacións retrasan aos séculos IX e X a construción [Sánchez, Blanco, Sanjurjo e González, 2018, pp. 90-105]. Estas dificultades

de datación en obras destes séculos son comúns a outros contextos europeos, xa que se manteñen parecidos modelos arquitectónicos en períodos temporais moi longos, que no esencial derivan da arquitectura relixiosa de finais do Imperio.

Os relevos conservados desta época son tamén testemuños do mesmo tipo de referentes culturais, romanos, bizantinos e xermanos.

O frontal de sartego da igrexa de San Sadurniño de Goiáns [Portosín], do século V, é unha placa de mármore modelada en baixorrelevo de temática nitidamente paleocristiá. Estrutúrase por medio dunha composición arquitectónica de carácter tripartito con arcadas e columnas nos extremos e un frontón triangular sobre campo rectangular con inscrición no centro. Semella un lateral dun sarcófago como o do mausoleo de Gala Placidia e outros exemplos de Rávena, cos que comparte composición e motivos, amplamente espallados nos séculos V e VI.

Do século V, e tamén como testemuño dunha importante comunidade cristiá, é o Crismón de Quiroga [Museo Diocesano e Catedralicio, Lugo], un disco de mármore da comarca do Incio que ten no centro un gran monograma de Cristo entre as letras alfa e omega, case con certeza unha mesa de altar ou de servizos litúrxicos. É unha peza de excepcional calidade e coidada execución elaborada nun contexto rico e culto, non alleo aos debates teolóxicos do primeiro cristianismo das elites galaicorromanas, o mundo de Exeria, Idacio, Paulo Orosio ou o da herexía priscilianista. No bordo, unha inscrición latina dá a volta ao disco e di: «AVRVM VILE TIBI EST ARGENTI PONDERA CEDANT PLVS EST QVOD PROPRIA FELICITATE NITES» [O ouro é vil para ti, aínda máis o é a prata; ti escintilas pola túa propia felicidade], un fermoso texto que deixa ver as inquedanzas teolóxicas e doutrinais dunha persoa descoñecida e de alta cultura. O crismón procede da igrexa de Santa María da Ermida de Quiroga, onde tamén se poden ver restos de bases, dous capiteis e unha placa, todo do século V. A técnica é moi precisa e refinada, cun dominio importante da entalladura, que parece o traslado á pedra dos procedementos do traballo en metal. Todo este contexto, como no caso de Goláns, probablemente testemuña a presenza de significativas comunidades cristiás, aspecto que tamén documentan achados esteticamente máis modestos como un tixolo con Crismón de San Vicente de Castillós, Pantón [Museo Provincial de Lugo].

De Santiago das Saamasas, Lugo [Igrexa das Saamasas e Museo Diocesano e Catedralicio, Lugo], proceden sete placas rectangulares de mármore de finais do VI e comezos do VII, con temas que lembran a arte coeva de Rávena [Schlunk, 1977, pp. 203-204]. Son relevos a bisel, planos –un figurado e de boa calidade– que servían para afastar o altar da zona dos fieis. Indican que o culto da época se tornou mistérico e xerárquico, con sacerdotes e fieis arredados e coa cancela como estrutura separadora. As placas xeométricas están relacionadas estilisticamente con obras de Lisboa, Toledo e Mérida; a peza de talla plana e contido figurativo está máis achegada á arte bizantina, co recordo de obras ravenaicas como o púlpito do bispo Agnellus da Catedral de Rávena [Núñez, 1978, p. 78], mostra a figura dun touro, unha ave e un oso ou león que, na ausencia dunha figura humana, podería representar o tetramorfo [Rodríguez Colmenero, 2011, p. 241].

Outro exemplo de placa de cancela é a de Amiadoso, San Martiño de Pazó, Allariz [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense] un mármore do Incio con indubidables ecos clásicos e evocacións báquicas. A peza está traballada en relevos nas dúas faces e nos laterais. Un dos lados e os laterais son sen dúbida romanos, co relevo principal de moi boa calidade e que podería ser altoimperial. No reverso temos un relevo reelaborado, para algúns autores en época xermana e para outros dos séculos IX ou X, cunha escena figurativa de difícil interpretación [Núñez Sánchez, 2017, p. 372]. Do mesmo lugar é un relevo de granito do século X co alfa e omega, nesa altura xa de longa tradición.

Do século VI, con semellanzas co crismón de Quiroga, mais realizado en pedra calcaria e un certo ar xermano, é o Crismón de San Pedro de Leis [Muxía]. Tallado ao bisel e co alfa e omega realizados en letra capital tardorromana ten tamén un notable parecido coa representación dun dos lados do sarcófago paleocristián da Catedral de Braga.

O altar de San Pedro de Rocas [Museo Arqueolóxico Provincial, Ourense], con dous arquiños de ferradura xeminados, parece vinculado coas aras votivas romanas, aspecto que delata a continuidade do mundo tardoimperial e paleocristián. Trátase da forma antiga de altar cristián. Do mesmo lugar procede unha inscrición que o data no século VI [ano 573], época da fundación do cenobio, aínda que existen autores que prefiren inserila no século IX por certas características estilísticas. López Carreira [2019, pp. 33-86]

defende que este tipo de arcos de ferradura teñen unha presenza en Galicia desde época romana –Estela de Cornelius Cressimus, Iria Flavia, séculos II-IV [Museo Provincial de Pontevedra]–, polo que non ten, necesariamente, que non ser da mesma época que a placa fundacional da igrexa, do século VI. Reforza este argumento o feito de a maior proximidade formal do altar ser cunha ara romana orixinaria da vila aragonesa de Sos del Rey Católico [Núñez, 1978, p. 51].

Outra obra importante desta altura conservada en Galicia, o chamado Sarcófago do Conde Santo do mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá, do século VI, non se pode relacionar, no entanto, co contexto cronolóxico en que nos situamos xa que é de elaboración aquitana e foi importada en datas moi posteriores, se callar, no século X. O traslado dunha peza antiga para unha función tan relevante –o enterramento dun nobre– non é infrecuente na Idade Media; a calidade e, sobre todo a antigüidade, evidencia o poder e o prestixio de quen realiza esta acción.

Un referente plástico que, de certo, está asociado tradicionalmente ao mundo suevo son as laudas sepulcrais de estola, características da *Gallaecia* e chamadas así por imitaren o deseño da prenda relixiosa que levan os sacerdotes na liturxia ao redor do pescozo. Son moi numerosas e dunha cronoloxía abondo ampla, frecuentemente difícil de delimitar, mais que supera cumpridamente o período suevo, como demostra o sartego de San Wintila [890 d. C. Santa María de Punxín]. Bos exemplos, que remite a fórmulas plásticas galaicorromanas, son a campa da igrexa de San Pedro de Seira [Padrón], que semella do século V ou VI; a Lauda sepulcral de Modesa, achada en San Bartolomeu de Rebordáns, Tui [Museo de Pontevedra]; o sartego de Castro Cabanca, Castrelo do Val [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense]; o de San Xoán de Panxón [Nigrán] e o achado no lugar tradicionalmente coñecido como A Ladeira, no actual centro de Vigo [Museo Quiñones de León, Vigo]. Poderían estar asociadas á intensa actividade de implantación da xerarquía eclesiástica na *Gallaecia* [López Quiroga, p. 369].

Como é ben coñecido, os xermanos [suevos, visigodos, merovinxios, lombardos...] eran ourives, e é mediante xoias, cicelados e motivos ornamentais como establecen contactos formais e artísticos non só co Oriente bizantino, senón, máis afastadamente con Asia. Entre nós son moi características do mundo estético xermano as placas de broche de cinto

como a achada no depósito arqueolóxico das Pereiras, Cimadevila, Trasalba, Amoeiro [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense], con inscrición cristiá; as de Penadominga, Quiroga [Museo Provincial de Lugo]; a do Pazo de Lomas na cidade de Lugo [Sala Porta Miñá, Lugo] ou a de Moraime, Muxía [Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón, A Coruña.

A ourivaría deste período fornece tamén unha visión da disparidade de mundos estéticos en relación, como exemplo temos un pendente de ouro [Museo Provincial de Lugo] do século VI, de requintada factura e influxo ravenaico, fronte a un broche como o de Baamorto, Monforte de Lemos [Museo Provincial de Lugo], do V ou VI e dun indubidable celme xermánico.

Do mesmo mundo cultural de fondo bizantino –lémbrese San Vital de Rávena e San Apolinar in Classe, ambas do século VI– é o fragmento dunha cruz [Museo Municipal Quiñones de León, Vigo] que procede da igrexa de época sueva [século VI] escavada nos últimos anos no Areal, en Vigo, unha peza que presenta fortes analoxías coa Cruz do tesouro de Torredonjimeno [Xaén], conservada no Museo Arqueolóxico de Barcelona, realizada, igual que esta con ouro e pedras preciosas encastradas. No caso do achado de Vigo estamos perante unha obra de gran calidade que acrecenta o seu valor rodeada de pequenos anacos cerámicos de importación mediterránea con motivos figurativos e con cruces, froito do mesmo contexto arqueolóxico –a devandita igrexa do Areal–, e moi representativo das formas estéticas do período xermánico.

Outra peza de ourivaría representativa é o Anel de *Tevderici* de Romelle, Samos [Museo Arqueológico Nacional, Madrid] que presenta un busto masculino e un nome en caracteres altomedievais, derivados da letra romana.

É esta unha xoia que nos fala dun tempo escuro –tamén para o patrimonio– e ben achegado a nós, unha historia que foi reconstruída polo investigador Francisco Vázquez Saco. O anel foi atopado ao se realizaren traballos nunha leira e pasou a mans dun veciño. Ao comezar a Guerra Civil en 1936, esta persoa «para evitar represalias por motivos políticos contra seu fillo de ideas de esquerdas» entregou a xoia a un xefe falanxista que acabou por vendela ao Museo Arqueológico Nacional de Madrid.

O camiño dun reino

A conquista musulmá supuxo unha mudanza de escenario político no conxunto de península ibérica, mais en Galicia o dominio islámico non se consolidou, o que leva a que se conformen en pouco tempo dúas grandes áreas políticas: unha dominante, o emirato [máis tarde califato] de Córdoba e un espazo cristián, reino que correspondía á antiga provincia romana da *Gallaecia*, entre o Cantábrico e mais o Mondego, un territorio que se foi asentando no século VIII, como afirma o historiador A. López Carreira [1998], en situación de relativa dependencia de Córdoba e que se consolida no século IX ao se estabilizaren os poderes señoriais, adquirir a igrexa de Santiago un papel dominante e situarse o poder monárquico en Oviedo, elevada por Afonso II a corte. Como afirma Sánchez Albornoz: «En Galicia non houbo solución de continuidade entre a Antigüidade e o Medioevo. Non se produciu nela ningún hiato histórico» [López Carreira, 1998, p. 11].

Sitúase nesta altura a *inventio*, descuberta do suposto sepulcro do apóstolo Santiago, feito de enorme transcendencia para o futuro político e cultural que acontece na terceira década do século IX. É parte dunha estratexia que tende a consolidar un poder monárquico cunha capital [primeiramente Oviedo] e asentar un poder eclesiástico fronte á primacía da igrexa mozárabe de Toledo. As consecuencias para Galicia serán o reforzamento do señorío eclesiástico, aliado tradicional da monarquía fronte os señores laicos. López Carreira defíneo como unha bicefalia, Galicia dominada polo clero, Asturias e León pola monarquía.

Este proceso acabará por marcar o aparecemento de diferenzas territoriais entre o espazo galego, o portugués e o leonés, no seo do primitivo reino, que cómpre lembrarmos, é referido na cartografía, peninsular e europea, e nas crónicas da época, francas e musulmás, como reino de Galicia.

Esta progresiva diferenciación de espazos territoriais é o xermolo da formación das nacionalidades do occidente peninsular, todas xurdidas da *Gallaecia* histórica, como os seus romances: galego-portugués, asturleonés e castelán.

No século XI asistiremos á imposición do modelo feudal, cunha máis intensa rede de influencias con Europa, vía camiño de Santiago, e ao establecemento dun sólido nexo entre Galicia e o mundo francés. A recepción do

románico é consecuencia deste proceso e vai parella á implantación das ordes monásticas francesas, primeiro Cluny e máis tarde o Cister. No século XI consolídase a monarquía con Fernando I [1037-1065] e Afonso VI [1072-1109] e é xa unha nova etapa tamén nos referentes artísticos.

A continuidade da tradición romana serodia

A arte galega, fortemente enraizada na tradición do Baixo Imperio e na xermánica –con influxos bizantinos e carolinxios–, con elementos de substrato galaico prerromano ben profundos e sempre presentes, non se viu afectada no substancial polo mundo islámico.

Nesta liña destacaba a catedral de Lugo, Santa María, que sabemos que foi restaurada polo bispo Odoario no século VIII sobre os restos dunha antiga basílica do IV. No 832 o rei Afonso II testemuña a importancia deste templo cando manifesta a vontade de erguer en Oviedo unha igrexa «*ad ipsius similitudinem Ecclesiae Sanctae Mariae Lucensis Civitatis*» [Núñez, 1978, p. 128], onde expresa o papel de modelo de Lugo. Sabemos de novas actuacións na catedral luguesa no 897. Aínda que non conservamos restos destas construcións, temos na proximidade da cabeceira da antiga catedral unha piscina dun posible baptisterio paleocristián con mosaicos do século IV, ben probablemente exento mais ligado ao templo no ritual relixioso. Tamén corresponden a esta etapa importantes reformulacións en Santalla de Bóveda.

A arquitectura da época de Afonso II non xorde a partir dun corte estilístico provocado pola invasión islámica, ben pola contra, como afirma Manuel Núñez [1978, pp. 130-131]: «non pode presentarse como un fenómeno ó marxe do que sucede nun entorno inmediato: Lugo. Trataríase dunha experiencia referida a un contexto ambiental común –relación que pode comprobarse noutros exemplos concretos: Santa Baia de Bóveda– como principio informador». Este aspecto xa fora subliñado por Manuel Murguía que tamén destacou o papel de modelo do templo e sinalou que a «*basílica lucense constituía en el siglo VIII un notable ejemplar de la arquitectura suevo-gallega*» [Murguía, 1888, p. 1087].

O outro centro senlleiro nesta altura é Santiago de Compostela. Os traballos arqueolóxicos no subsolo da catedral de Santiago –desde os de López

Ferreiro [1898-1911] no século XIX ata os de Chamoso Lamas [1977] no XX– demostraron a existencia dunha primeira igrexa do século IX que se encontra rodeada dun contexto de ocupación e funerario que remonta a época galaicorromana e sueva. Aí apareceu a campa do bispo Teodomiro –finado o 20 de outubro do 847– descubridor do sepulcro do apóstolo Santiago que ten un relevo cunha gran cruz grega. A igrexa tería na cabeceira o mausoleo de época romana coas reliquias do apóstolo –a *arca marmarica* da documentación medieval– e sería de nave única, acompañada por un baptisterio exento, dedicado a san Xoán, e un pazo bispal.

A este edificio sucedería pouco tempo despois un novo templo que é a construción máis notable levantada en Galicia nesta etapa. Trátase da igrexa erixida en época de Afonso III, comezada a construír no ano 872 e consagrada no 899, templo que foi destruído por Almanzor no 997 e reconstruído o 1003, en tempos do rei Vermudo II e do bispo san Pedro de Mezonzo. Con certeza era un dos edificios máis importantes da época, maior que calquera das igrexas asturianas coevas, mais tamén lonxe da monumentalidade das construción otonianas e da arquitectura realizada alén Pireneos. As escavacións na catedral de Santiago forneceron valiosa información sobre a construción, da que coñecemos a estrutura e conservamos restos de xanelas, fragmentos de arcos de ferradura e alfices. Era de planta basilical con cabeceira rectangular que encadraba a tumba apostólica e tres naves, a central co duplo de largura que as laterais, aos pés un pórtico con dous treitos abertos mediante arcos. Mantiña o baptisterio no mesmo espazo que ocupaba o anterior. Pola acta de consagración sabemos que parte dos materiais utilizados eran froito de espolio realizado en territorio musulmán, restos romanos que lexitimaban e prestixiaban a nova estrutura [Moralejo, 2004, v. I, p. 280].

Os vestixios decorativos conservados teñen semellanza cos da igrexa asturiana de San Salvador de Valdediós, como é o caso dun fragmento de xanela [*ca.* 899. Museo da Catedral de Santiago de Compostela], un arco con trazado de ferradura, de forma ovalada moi achegado ás troneiras do templo asturiano.

A basílica compostelá foi modelo de edificios, xa que o mesmo esquema estrutural está presente en Santa María do Cebreiro [Pedrafita do Cebreiro]. Alén diso, a planta da igrexa de *Santa María da Corticela* [Santiago] evoca a primitiva fábrica [hoxe parte da catedral compostelá].

Outras construcións do século IX como San Xes de Francelos [Ribadavia], moi modificada polo tempo, son de enorme interese. O paramento datado demostra construcións do século IX e nela cómpre destacar a celosía –que orixinariamente sería parte da ábsida como xa sinalou Filgueira Valverde [1929, p. 28]– co motivo da videira con acios de uvas, que nos leva ao mundo clásico. Alén diso, achamos rosetas e sogueados, pequenos arcos de ferradura e uns relevos que representan a fuxida a Exipto e a entrada en Xerusalén, que teñen semellanzas claras cos das Saamasas, de tradición oriental e afíns a modelos de Bizancio e Rávena.

Tamén conserva restos de arcos de ferradura que lembran fragmentos da primitiva basílica de Santiago San Pedro de Ansemil [Silleda]. Trátase dunha igrexa de orixe monacal de tres naves, a central dobre que as laterais, separada por piares de sección cadrada. Outros templos desta época son San Sadurniño de Goiáns [Porto do Son], San Pedro de Orazo [A Estrada] e Santiago de Mens [Malpica].

Entre os obxectos de ourivaría deste período estaba unha cruz encomendada no 874 para Santiago e ofrecida polos reis Afonso III e a súa esposa Ximena ao apóstolo [Prado-Vilar], moi semellante á *Cruz de los Ángeles* conservada na Cámara Santa de Oviedo. Unha auténtica obra cimeira que foi roubada en 1906 e que coñecemos por fotografías. Tamén foi roubada outra cruz de características parecidas no mosteiro de Samos en 1869, da que se conserva unha descrición do historiador Antonio López Ferreiro. Na mesma tradición está a Cruz de Santiago de Peñalba ofrecida polo rei Ramiro II [930-950] en honra de Santiago á igrexa de Peñalba no Bierzo [Williams, 1993, pp. 261-262].

A arte do século X, consonte cos testemuños que dela nos chegaron, está moi ligada ao que Manuel Núñez [1978: 184], estudoso da nosa arquitectura deste período, definiu como «arquitectura do silencio». No 876 Afonso III promulgou un edicto que favoreceu a creación de gran número de mosteiros, centros de vida material e espiritual. Así foron xurdindo pequenas comunidades de monxes establecidos nunha ampla área, desde Portugal e Galicia aos Pireneos, unidos por un rito común, aínda que cada un conserve enteira independencia. Xorden, daquela, construcións sinxelas en zonas rurais, en tanto que os monumentos de estilo máis elaborado están presentes especialmente nas cidades de acordo cos designios da corte e dos bispos, ata a segunda metade do século XI.

Está documentada unha actividade monacal intensa na Ribeira Sacra [curso medio do Miño e Sil] entre finais do século IX e o X, que coincide coa recente datación por Carbono 14 das primeiras evidencias de socalcos para o cultivo. Figura importante deste período será San Rosendo [907-977], personaxe pertencente á alta nobreza galega, que trae ao monacato influencias do mundo beneditino de época carolinxia, conformando uns mosteiros autónomos, rexidos por un abade elixido dentro da propia comunidade. Fúndase Celanova e seguen a súa regra San Xoán de Caaveiro [A Capela], San Martiño de Mondoñedo [Foz], Santo Estevo de Ribas de Sil [Nogueira de Ramuín] ou Santa María de Vilanova dos Infantes [Celanova].

Nesta época comeza a tomar forza o fenómeno xacobeo, en canto se impulsa a renovación de templos. Por exemplo, a finais do século IX desenvólvese unha remuda importante en Santa Comba de Bande dentro dunha linguaxe que segue a tradición de época xermánica.

Precisamente o peso da tradición é o que caracteriza os templos galegos coñecidos dos séculos VIII ao X, como Santa María de Mixós [Monterrei] construído entre o VIII e IX. Son edificios sinxelos, con excepción, entre os conservados, de San Miguel de Celanova, auténtica alfaia da arquitectura da décima centuria, e Santa María de Vilanova dos Infantes [Celanova], da que sobreviven poucos restos. As plantas destas igrexas son ben variadas; hainas basilicais como Mixós ou Santa Eufemia de Ambía [Baños de Molgas], esta última cun testeiro conservado do século VIII e xanelas do X; de nave única con ábsida de cabeceira rectangular como San Salvador de Samos, Santa María de Loio [Paradela] ou Santo Antoniño de Toques; dunha nave e ábsida de ferradura como San Martiño de Pazó [Allariz], igrexa que posúe un alfiz do século X; San Martiño de Mondoñedo [Foz] e Santa María de Vilanova dos Infantes [Celanova]. Singular, tamén en planta, é San Miguel de Celanova, que trataremos con certa atención, dada a súa importancia.

San Miguel de Celanova é un pequeno oratorio construído por san Rosendo en memoria de seu irmán Froila arredor do ano 940. É un exemplo perfecto do que desde o influente traballo de Gómez Moreno *Iglesias mozárabes: arte español de los siglo IX a XI* [1919] se adoita denominar arquitectura mozárabe, terminoloxía matizada e mesmo fortemente cuestionada, pois hoxe parece indiscutible, como afirma Bango Torviso [1989, pp. 50-51], que este tipo de edificios responden na concepción funcional e técnica

á tradición preislámica e que a poboación mozárabe carecía en orixe dunha arte monumental. Celanova, alén diso, non semella estar construído por mozárabes. Ademais, san Rosendo é un personaxe vinculado á monarquía –non un mozárabe– e mesmo en territorio berciano unha obra como Santiago de Peñalba debe a creación e construción a promotores galegos como san Xenadio. Como afirma Yarza Luaces [2000, p. 94], soamente certos aspectos formais como o arco de ferradura, o alfiz ou os modillóns de rolo do beirado poden relacionarse co musulmán. Porén, debe ser apuntado que no que atinxe ao arco de ferradura a presenza que ten entre nós é ben anterior, xa o vimos nun edificio tan sinalado como Santalla de Bóveda.

A capela de Celanova non chega aos nove metros de lonxitude total e está composta por tres volumes ligados, en alturas de niveis varios, con cubertas distintas e un interior en que se forman ambientes lumínicos e espaciais diversos, que se corresponden coas tres cámaras creadas polos diferentes volumes, aspecto en que coincide coa igrexa berciana de Peñalba. O espazo central é cuberto con bóveda de aresta alta. Utilízanse perpiaños grandes que acentúan máis a articulación de alturas e realzan a diferenciación volumétrica do exterior. A relación coa arquitectura do val do Douro [San Miguel de Escalada, San Cebrián de Mazote ou Santiago de Peñalba] é manifesta, especialmente con esta última.

Noutros templos galegos temos elementos decorativos achegados estilisticamente a Celanova e Peñalba, como o alfiz da igrexa de San Martiño de Pazó [Allariz] ou os modillóns conservados da igrexa monástica de Santa María de Vilanova dos Infantes, Celanova [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense], que polo que parece sería unha igrexa moi próxima en formas e en estilo á de Peñalba. Santa María foi fundada por Ilduara, nai de san Rosendo, nos anos 930-940, e conservouse ata 1880. Tamén chegaron a nós modillóns de rolo da primitiva fábrica de Sobrado dos Monxes, mosteiro fundado o ano 952.

Ao ambiente artístico da diocese de Ourense desta altura responden igualmente os restos conservados doutras igrexas: de San Xoán de Camba [Castro Caldelas] queda unha xanela do século X [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense] que remite ás estelas romanas e a modelos visigodos; moi semellante é tamén a de Santa Catarina de Reza Vella, Ourense [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense]. Nesta liña está tamén a xanela

de Santo Estevo de Atán [Pantón] e a xanela-celosía de San Salvador de Soutomerille [Castroverde].

A escultura desta época, como a inmediatamente anterior, limítase a relevos planos, con frecuencia a bisel, de enorme rudeza nas escasas representacións de figuras, na liña dos xa comentados de San Xes de Francelos; un exemplo é a representación dun orante de San Martiño de Pazó [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense]. Algo posteriores poden ser os relevos –co tema da epifanía– de Camba, Castro Caldelas [Museo Arquolóxico Provincial de Ourense], se callar do século XI, mais son de tradición anterior e de formas rudimentarias, sen presenza de fórmulas puramente románicas.

Os elementos decorativos, como os modillóns de Celanova ou Vilanova dos Infantes [Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense] labrados en técnica de bisel, entroncan coa tradición galaica que nos leva mesmo ao mundo castrexo, con rosetas e rodas helicoidais, aínda que tamén se detectan influencias cordobesas.

Unha peza de calidade é o disco ornamental de Sabarte, Crecente [Museo de Pontevedra]. O motivo é unha rosácea no centro rodeada dunha coroa entrelazada, é moi semellante a pezas asturianas, achegada a unha obra de Santa Cristina de Lena [Asturias] da mesma época [século IX d. C.].

Os primeiros años do século XI, ata a chegada do románico, son de continuidade estética: o exemplo de Santo Antoniño de Toques, en boa medida construído nesta altura, é ilustrativo desta persistencia de elementos que o ligan coa arquitectura do século anterior. A este momento tamén pertencen, nunha das primeiras etapas construtivas, as Torres de Catoira, fortalezas defensivas contra ataques marítimos, que máis tarde serán reforzadas polo arcebispo de Santiago Diego Xelmírez.

BIBLIOGRAFÍA

Bango Torviso, I. G. [1989], *Alta Edad Media, de la tradición hispanogoda al románico*, *Introducción al arte español*, Madrid: Silex.

Bango Torviso, I. G. [1998], «Estudio preliminar», en Gómez Moreno, Manuel, *Iglesias mozárabes: arte español de los siglo IX a XI*, Granada: Editorial de la Universidad de Granada.

Chamoso Lamas, Manuel [1977], «El Prerrománico», en *La catedral de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Caja de Ahorros de Santiago.

Fernández Fernández, Adolfo e Barciela Garrido, Pilar [2016], *Emporium. Mil anos de comercio en Vigo*, Vigo: Verbum. Casa das Palabras, Concello de Vigo.

Filgueira Valverde, Xosé [1929], «A eirexa pre-románica de Francelos», en *Nós* nº 62, Ourense 15 de febreiro do 1929, 27-31.

Gómez Moreno, Manuel [1919], *Iglesias mozárabes: arte español de los siglo IX a XI*, Madrid: Centro de Estudios Históricos.

Guardia, Milagros [2003], «El Santuario romano de Bóveda en su ornamentación pictórica», en *Profano y pagano en el arte gallego*, semata, 14, Universidade de Santiago de Compostela, 553-276.

López Carreira, Anselmo [1996], *Martiño de Dumio: a creación dun reino*, Vigo: Edicións do Cumio.

López Carreira, Anselmo [1998], «A Idade Media galega», en *Historia da Arte Galega II*. Vigo: A Nosa Terra.

López Carreira, Anselmo [2019], *Arte e escritura na Galicia medieval*, Vigo: Edicións Xerais.

López Quiroga, Jorge e Martínez Tejera, Artemio M. [2017], *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia [411-585]. El primer reino medieval de Occidente*, Ourense: Deputación Provincial.

Moralejo Álvarez, Serafín [2004], *Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios: Homenaje al profesor Dr. Serafín Moralejo Álvarez*, 3 vols., Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Montenegro Rúa, Enrique J. [2008], «O monumento de Santa Eulalia de Bóveda, síntese da súa historia coñecida», en *Santa Eulalia de Bóveda*, Xunta de Galicia, 11-40.

Murguía, Manuel [1888], *Galicia*, Barcelona: Establecimiento Tipográfico-Editoria Daniel Cortezo y Cia.

Núñez, Manuel [1978], *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Núñez Sánchez, M. del Pilar [2017], «Placa decorativa de Amiadoso», en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia [411-585]*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense.

Prado-Vilar, Francisco, «Na procura do tesouro perdido da Catedral de Santiago. Localízase a fotografía máis antiga da roubada Cruz de Afonso III» en http://culturagalega.gal/noticia.php?HYPERLINK «http://culturagalega.gal/noticia.php?id=31001»id=31001. Consultado o 9/06/2022.

Rodríguez Colmenero, Antonio [2011], *Lucus Augusti. A cidade romano-xermánica da fisterra ibérica. Xénese e evolución histórica [14 a. C.-711 d. C.]*, Lugo: Concello de Lugo.

Sánchez Pardo, J. Carlos e Blanco Rotea, Rebeca [2018], «Santo Tomé de Tórdea [Castroverde, Lugo]. Análisis arqueológico de una iglesia de origen altomedieval», en *Gallaecia. Revista de arqueoloxía e antigüidade* nº 37, Universidade de Santiago de Compostela, 103-126.

Sánchez Pardo, J. Carlos; Blanco Rotea, Rebeca; Sanjurjo Sánchez, Jorge e González García, A. César [2018], «Cronotipología y datación absoluta de iglesias altomedievales en Galicia. Primeros resultados del proyecto EMCHAHE», en *Hortus Artium Medievalium, Journal of the International Research Center for Late Antiquity and Middle Ages*, nº 24, 90-105.

Schlunk, Helmut [1945], «Relaciones entre la Península Ibérica y Bizancio durante la época visigoda», en *Archivo español de arqueología*, XVIII, 177-204.

Schlunk, Helmut [1977], «Los monumentos paleocristianos de Gallaecia, especialmente los de la provincia de Lugo», en *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo: Patronato del Bimilenario de Lugo.

Williams, John W. [1993], «Cruz de Santiago de Peñalba», en Moralejo, Serafín [com.], *Santiago, camiño de Europa. Culto e cultura na peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Yarza, Joaquín [2000], *Arte y arquitectura en España 500/1250*, Madrid: Cátedra.

4

Plena Idade Media

Unha historia de dúas fronteiras: as relacións do reino de Galicia-León con Portugal e al-Ándalus baixo a raíña Sancha e o rei Fernando [r. 1038-1065]

Simon R. Doubleday

RESUMO. O reino gobernado por Fernando I e Sancha [1037-65] era unha monarquía composta, e a súa pluralidade xeográfica difusa reflíctese na forma en que se enumeran nos diplomas as diversas rexións nas que os referidos monarcas exercían o poder: León, Castela ou Galicia. Neste período, o dominio de Castela –en absoluto inevitable– aínda estaba moi no futuro. Castela era unha zona fronteiriza complexa e ambivalente: unha rexión 'satélite' na marxe do reino leonés. Pola contra, os lugares que moitas veces se imaxinan hoxe como periféricos ocupaban un papel central: entre eles estaba Galicia, un reino expansivo que incluía *Portucale*, a zona comprendida entre o Douro e o Miño, plenamente integrada no reino galego.

Os historiadores da Iberia medieval corren o risco de ver por todas partes sinais de guerra relixiosa, do ascenso de Castela, do conflito perenne cos reinos de al-Andalus, e mesmo unha eventual reconquista cristiá. Fernando I e a raíña Sancha non foron dominantes en relación aos reinos *ta'ifa*, e non se centraron na chamada «reconquista», senón na consolidación da autoridade real en León e Galicia-Portugal. A mediados do século XI, as relacións relixiosas eran menos binarias e máis fluídas do que chegaron a ser despois; esta era unha cultura na que o cruzamento de fronteiras –no sentido de transferencias de fidelidade entre gobernantes musulmáns e cristiáns– era unha constante.

RESUMEN. El reino gobernado por Fernando I y Sancha [1037-65] era una monarquía compuesta y su pluralidad geográfica difusa se refleja en la forma en que se enumeran en los diplomas las diversas regiones en las que los referidos monarcas ejercían el poder: León, Castilla o Galicia. En este periodo, el dominio de Castilla, en absoluto inevitable, aún estaba muy en el futuro. Castilla era una zona fronteriza compleja y ambivalente: una región «satélite» al margen del reino leonés. Por el contrario, los lugares que muchas veces se imaginan hoy como periféricos, tenían un papel central: entre ellos estaba Galicia, un reino expansivo que incluía *Portucale*, la zona comprendida entre el Duero y el Miño, plenamente integrada en el reino gallego.

Los historiadores de la Iberia medieval corren el riesgo de ver por todas partes señales de guerra religiosa, del ascenso de Castilla, del conflicto perenne con los reinos de al-Ándalus e incluso de una eventual reconquista cristiana. Fernando I y la reina Sancha no fueron dominantes en relación con los Reinos de Taifas y no se centraron en la llamada «reconquista», sino en la consolidación de la autoridad real en León y Galicia-Portugal. A mediados del siglo XI, las relaciones religiosas eran menos binarias y más fluidas de lo que llegaron a ser después; esta era una cultura en la que el cruce de fronteras, en el sentido de transferencias de fidelidad entre gobernantes musulmanes y cristianos, era una constante.

ABSTRACT. The kingdom ruled by Fernando I and Sancha [1037-65] was a composite monarchy and its diffuse geographical plurality is reflected in the way in which the diplomas enumerate the various regions in which the aforementioned monarchs ruled: León, Castile or Galicia. In this period, the dominance of Castile, by no means inevitable, was still very much in the future. Castile was a complex and ambivalent border zone: a "satellite" region outside the Leonese kingdom. On the contrary, the places that are often imagined today as peripheral, had a central role: among them was Galicia, an expansive kingdom that included *Portucale*, the area between the Douro and the Minho, fully integrated into the Galician kingdom.

Historians of medieval Iberia run the risk of seeing everywhere signs of religious war, of the rise of Castile, of the perennial conflict with the kingdoms of al-Ándalus and even of an eventual Christian reconquest. Fernando I and Queen Sancha were not dominant in relation to the Taifa kingdoms and did not focus on the so-called "reconquest", but on the consolidation of royal authority in León and Galicia-Portugal. In the mid-11th century, religious relations were less binary and more fluid than what they became later; this was a culture in which the crossing of borders, in the sense of transfers of loyalty between Muslim and Christian rulers, was the norm.

Varias décadas antes do seu pasamento, –o 11 de decembro de 2021– aos noventa e seis anos de idade, Bernard F. Reilly, que fora profesor na Universidade de Villanova, en Filadelfia, chegara a ser recoñecido nos Estados Unidos como un estudoso pioneiro no eido da historia medieval ibérica, e o seu traballo convertérase nun punto de referencia para moitos outros historiadores. Reilly gardou sempre boas lembranzas da súa primeira visita arquivística a España no outono de 1964, e de Santiago de Compostela en particular; pasou semanas neste «pueblo encantador», aloxado na Rúa Nova[1]. Había, por suposto, retos prácticos para as súas investigacións. Na década dos 60, segundo lembrou despois, os arquivos españois estaban nun estado lamentable. «As guerras, a discordia civil e a represión política xeral deixaran os arquivos ibéricos no estado máis deplorable e a publicación dos seus contidos a un nivel apenas superior ao dos tomos da *España Sagrada* do século XVIII», escribiu el. Traballar alí supuxo «descubrimentos impresionantes xunto con frustracións institucionais, tedio, mala iluminación e calefacción insuficiente» [Reilly, 2015, p. 4][2] . Mais a forza de se ir familiarizando paulatinamente cos arquivos casteláns, leoneses e galegos, rematou, no ano 1966, a súa tese de doutoramento, «The Nature of Church Reform at Santiago de Compostela during the Episcopate of Don Diego Gelmírez, 1100-1140 A.D.». Durante a seguinte ducia de anos, Reilly produciría un número importante de ensaios de investigación orixinais sobre este período. Na súa correspondencia con Charles J. Bishko, profesor na Universidade de Virginia, con quen mantería unha asidua relación epistolar ata os anos 70, Galicia seguía sendo un tema central. Cando Reilly lle enviou un fragmento da súa tese doutoral que acababa de rematar sobre o bispo Xelmírez e o conde Raimundo de Borgoña, Bishko respondeu agradecido. Ao seu xuízo, escribiu, a tese de Reilly foi «totalmente convincente pola súa énfase na formación moi galega de [Xelmírez]»; e concordaba co escepticismo de Reilly cara aos esforzos académicos por interpretar ao bispo como un francófilo.

1 Correspondencia de Bernard F. Reilly [no sucesivo BFR] con Ramón Martínez López, 20 de febreiro de 1968, Hispanic Society of America, New York [no sucesivo HSA].

2 A tradución é miña.

O primeiro libro que publicou Reilly foi un estudo do reinado da raíña Urraca. Convencido de que o estudo dos individuos no pasado histórico era unha obriga ética, pensaba que era, ao mesmo tempo «un acto de fe e un acto de piedade filial»; por isto, Reilly foi atraído polo estudo de homes e mulleres destacados no seu contexto político, ao modo biográfico das grandes figuras: «Se un acepta a proposición de que todo ser humano está destinado a ter unha existencia eterna infinita, entón a crónica da súa vida merece atención» [Reilly, 2013, p. 170]. O libro apareceu en 1982 baixo o título *The Kingdom of Leon-Castilla under Queen Urraca, 1109-1126* e Reilly foi galardoado co premio John Nicholas Brown da Medieval Academy of America ao mellor primeiro libro de estudos medievais. A súa segunda monografía, *The Kingdom of Leon-Castilla under King Alfonso VI, 1065-1109* publicouse uns anos mais tarde, en 1988, e volveu ser ben considerado: recibiu o Premio del Rey da American Historical Association no ano da súa inauguración, en 1990. O comité que avaliou os manuscritos para o premio determinou: «O libro é un logro extraordinario na medida en que o seu autor –sen ningunha síntese previa sobre que construír– tivo que basear o seu estudo de máis de corenta anos de historia case na súa totalidade en documentos illados. O seu éxito ao achegalos a un panorama coherente aclara, por primeira vez, o rexistro dun reinado clave na historia de España». A década de 1990 foi de unha gran produtividade para Reilly: nela apareceron dous valiosos libros de carácter máis pedagóxico e destinados ao ensino –*The Contest of Christian and Muslim Spain, 1031-1157*, publicado en 1992, e *The Medieval Spains*, publicado en 1993–, pero ademais saíu o seu terceiro libro de investigación, *The Kingdom of León-Castela under King Alfonso VII, 1126-1157*, en 1998.

A principios do ano 2018 o profesor Reilly, que para ese entón tiña noventa e tres anos, escribiume unha carta invitándome a que eu me fixera cargo e rematara o seu proxecto final, un manuscrito de libro que provisionalmente titulara *Fernando I and the Resurgence of Christian Iberia.*Reilly expresou na súa carta a firme convicción de que, malia as súas orixes navarras, Fernando I comportouse como un rei tradicional «da liña asturiana»[3], é dicir, máis preocupado polo noroeste ibérico que pola meseta castelá. Para este rei, Galicia [e sobre todo Portugal] foron, ao seu xuízo, sorprendentemente centrais. O profesor Reilly envioume o seu borrador do manuscrito que tiña rematado ata ese momento e, nunha reunión en persoa que tivemos na súa casa con motivo dun congreso da Medieval Academy of America, que xustamente tivera lugar ese ano en Filadelfia, regaloume

3 A tradución, do orixinal en inglés, é miña.

unha caixa grande de fichas cheas de anotacións de arquivo relativas aos reinados de Fernando e Sancha, que eu levei de volta comigo no tren para Nova York.

Reilly escribiume máis tarde: «O meu propio traballo sinala a extrema concentración de Fernando en materias que chamaríamos galegas, ou especialmente 'portuguesas'». O seu reinado dedícase á consolidación das súas terras tradicionais en Asturias, León e Gallecia [sic]. O principal esforzo do seu reinado resulta ser a suma [...] dos territorios de Portugal ata Coimbra». Mentres tanto, con respecto a Castela, Reilly foi moi claro: «Os asuntos de Castela son importantes pero periféricos». E en canto aos reinos de ta'ifa dicía, «cando Fernando se interesa por eles é como mercenario contratado do Toledo musulmán, ou a través da axencia do seu fillo maior [Sancho]. Non será ata o choque da invasión almorávide cando os seus sucesores terán que centrar as súas enerxías en Castela». As «preocupacións constantes» de Fernando, en cambio, foron co «difícil bispo Cresconio de Compostela». Ao meu xuízo, hai que matizar a afirmación de que Fernando era un «mercenario contratado», unha afirmación que pode exceder o que as fontes nos permiten afirmar, pero ten toda a razón en insistir en que neste reino as relacións cos gobernantes musulmáns do seu sur e do leste eran menos binarias, máis complexas, e quizais ás veces de maior colaboración do que poderíamos pensar, e do que as narracións convencionais nos fixeron sempre crer.

Unha cuestión bastante delicada ao escribir sobre este período, por suposto, é precisamente cómo chamar ao reino. No século XI, os gobernantes dos reinos cristiáns tendían a non definirse en termos territoriais claramente delimitados. O concepto de 'regnum' non se baseaba nunha noción dun territorio ben definida. Como sinalou Carlos Estepa, estes eran reis *en*, e non gobernantes *de* [Estepa, 2010, p. 16]. Para poñer un exemplo típico, unha carta real do ano 1050 refírese a *serenissimo domno Fredinandus, rex, en Legione uel Castilla seu Gallecia* [sic]. Empregáronse ás veces os nomes patronímicos. Por exemplo, Vermudo III defínese a si mesmo como «princeps Ueremudus, filius Adefonsi»: é dicir, fillo de Afonso V. Do mesmo xeito, sabemos que Fernando I se autodenomina *Fredinando rex, prolis Sancioni: fillo de Sancho o Maior de Navarra*. Fernando tiña moitas veces a súa sede na cidade de León, ou no veciño mosteiro de Sahagún, polo que hai algúns argumentos razoables para referirse ao reino «leonés». Pero esta palabra «leonés» opaca a multiplicidade dos territorios. Esta era unha monarquía

composta, cuxa pluralidade difusa adoita reflectirse na forma en que se enumeran nas cartas as diversas rexións nas que exercían o poder: León, Castela ou Galicia. O termo «leonés» como simplificación ou abreviación borra especialmente o significado de lugares que moitas veces se imaxinan como periféricos, en particular Galicia e a rexión de *Portucale*, entre o Douro e o Miño. Sen embargo, a mediados do século XI Galicia era probablemente a parte economicamente máis produtiva e máis densamente poboada dos reinos gobernados por Fernando e Sancha. Beneficiándose dun clima relativamente suave, Galicia foi percibida neste período como unha terra lucrativa e próspera. Entre os séculos IX e XI, seguindo un patrón de asentamento denso e difuso, a construción de igrexas por parte das elites rexionais acadou un momento álxido, concretamente a finais do século IX e principios do X. Hai boas razóns, polo tanto, para referirse á totalidade dos seus reinos como o reino de «Galicia-León», aínda que dende o século X o núcleo do poder real no reino estaba na cidade de León, así como no dotado mosteiro próximo de Sahagún.

No verán do ano 1035, a autoridade real quedaba en mans dun rapaz novo, Vermudo III: tiña uns dezaoito anos [chegara ao poder cando só cumprira once], e afrontara varias rebelións nos seus reinos. Un diploma do 24 de xuño de 1032, por exemplo, reflicte unha historia de rebelión contra a autoridade de Urraca e Vermudo nas proximidades da cidade real de León [*CD Vermudo III*, pp. 464-65]. Esta historia vén reforzada pola evidencia dun diploma posterior no que lemos que un xastre chamado Félix tiña unha propiedade –evidentemente valiosa– xunto á igrexa de San Salvador, non moi lonxe do pazo real de León, e que Vermudo III [que se describe como o seu señor] confiscara estes bens por se rebelar contra el [*CD León*, pp. 139-140, 19 de marzo de 1040].Unha carta real de agosto de 1032 outorga á igrexa de Santiago e ao seu bispo, Vistruario, unhas propiedades galegas incautadas ao rebelde Sisnando Galiárez, que se levantara contra el e contra o bispo, e cometera unha serie de violentas atrocidades, roubos, e outros crimes preto de Santiago. Vermudo sobreviviu á resistencia interna, nunha ocasión empregando mercenarios viquingos contra forzas que estaban causando disturbios preto de Lugo. Este feito é estudado nun artigo de Irene García Losquiño [2022], publicado nun número especial da *Journal of Medieval Iberian Studies* adicado á Galicia medieval. Revela algo sumamente importante da cultura do século XI, sobre o que volveremos axiña: a importancia das relacións de colaboración, a través de liñas relixiosas e culturais.

Ata o momento, Vermudo tamén sobrevivira ás ambicións territoriais da dinastía navarra, baixo Sancho III *o Maior*, na fronteira con León. Segundo palabras da *Historia Silense* [cap. 77], «trala morte de Afonso [v] príncipe dos galegos, Sancho dos cántabros aproveitou a tenra idade de Vermudo e levara baixo o seu dominio unha parte do reino deste, nomeadamente do río Pisuerga ata o Cea». Unha carta de Sahagún do ano 1030 tamén indica que Sancho tiña autoridade na zona de Cea. É eminentemente posible que Sancho *o Maior* –cuxa nai, Xemena, nacera na aristocracia leonesa, como filla dos condes de Cea– tivese algúns intereses dinásticos particulares nesa comarca fronteiriza, como xa indicara Eloisa Ramírez Vaquero [2005, pp. 129-30]. A crecente influencia navarra na Rioxa e Castela supuxo unha auténtica ameaza para a integridade territorial de León neste momento de excepcional debilidade [Martínez Díez, 2005, 2, pp. 657-72].

Pero no verán de 1035 faleceu Sancho de Navarra. O herdeiro de Navarra, García, que tiña uns dezanove anos, exercía agora a autoridade real [*potestas*] na base dinástica de Pamplona e Náxera, e en Castela a Vella. Mentres tanto, o seu irmán máis novo, o Fernando do que nos estamos a ocupar, que por aquel entón tiña uns dezaoito anos, pasou a ser conde no resto da comarca de Castela, dende Burgos ata o Douro. Pero Fernando non se conformou con isto. A meirande parte do resto da súa vida estaría dominada pola procura do poder no noroeste peninsular. Chegou ao trono, na cidade de León, no ano 1038, polo seu matrimonio con Sancha, herdeira do reino, e unha vitoria militar sobre o seu irmán, o rei Vermudo III, na batalla de Tamarón. Durante os próximos anos, Fernando e Sancha enfrontáronse a unha continua resistencia en Galicia. O posterior bispo e cronista leonés-galego Lucas de Tui suxeriu que Fernando só puido gobernar polo seu matrimonio con Sancha.

Ao longo do noso libro –agora en coautoría póstuma entre Reilly e mais eu–, que sairá publicado no ano 2023 coa University of Pennsylvania Press, tentei de afondarme no xiro de xénero, un cambio na erudición e no entendemento deste pasado histórico que, ao meu ver, é un correctivo esencial e necesario para algunhas narracións anteriores da historia medieval ibérica. Urxe darlle a debida centralidade ao papel da muller na historia do reino que gobernaron Sancha e Fernando. Xa non podemos escribir a historia da monarquía coma se se tratase das accións e decisións políticas –ou do carácter– dun só home [Bianchini, 2012; Earenfight, 2012; Pick, 2017]. Como amosou Theresa Earenfight, a monarquía medieval «ad-

mitiu unha pluralidade de acordos de poder [e] unha variedade de opcións para compartir o poder» [Earenfight, 2010, p. 13].Os territorios do mundo Ibérico non eran diferentes neste aspecto; estas dinámicas estaban en xogo en todo o continente. Os traballos recentes sobre a figura da raíña, e as achegas dende unha perspectiva de xénero, subliñan a importancia das mulleres da elite, incluída a raíña Sancha [Bianchini, 2019; Pick, 2011]. En Galicia-León, as raíñas levaban moito tempo recoñecidas por ter un papel vital como gardiáns espirituais da familia real. A monarquía era un asunto familiar, no que os papeis vitais recaían nas mulleres, fillas e irmás reais, tanto como nos seus homólogos masculinos. Foi Sancha, filla de Afonso v, quen permitiu a Fernando, conde de Castela, reclamar unha autoridade lexítima por medio da súa liñaxe, e a que a través do mecenado cultural facilitou a reconstrución da súa autoridade.

O papel da raíña Sancha, mesmo nos primeiros anos do reinado, foi decisivo en moitos eidos, aínda que as súas actividades concretas son difíciles de rastrexar. Un documento do ano 1043 refírese a ela como abadesa de San Pelayo e San Juan Bautista en León, o que implica o seu papel de *domina* e de promoción da sacralidade da dinastía. A súa ascendencia leonesa, e a aura de poder espiritual asociada ás mulleres reais da dinastía, foron determinantes para desactivar a oposición ao acceso violento de Fernando ao trono. Agora estanse facendo traballos importantes sobre as dimensións financeiras dos fogares das raíñas e sobre o seu papel económico[4]. As limitadas evidencias posteriores do reinado suxiren que a raíña Sancha tamén era responsable de intereses económicos concretos, xestionando bens reais tan lonxe de León como Galicia-Portugal, e que –mesmo nesta fase inicial do desenvolvemento das casas das raíñas– empregaba un oficial [chamado Sueiro Titoniz] actuando como o seu axente ou 'vicario' neses territorios. Esta raíña funcionaria parece estar actuando con aserción en prol dos seus intereses, segundo podemos deducir pola causa que contra Sueiro Titoniz iniciaron os monxes de Celanova en 1063 [*Tombo de Celanova,* doc. 260; *CD Fernando I*, p. 210].

Pensar en termos de «monarquía corporativa» tamén trae á nosa atención as complexas redes de poder existentes, que abarcaban bispados, mosteiros e señores seculares. Como indica Xosé M. Sánchez Sánchez [2022], este foi un período caracterizado pola aparición dos grandes señoríos, e o cada vez máis intenso sometemento do campesiñado. O poder real baseábase substancialmente na simbiose, na colaboración con elites laicas e

4 *Monarchy and Money* [http://monarchy-money.org]; *Munarqas: mujeres de las monarquías ibéricas* [https://munarqas.com].

relixiosas. Máis aló da realeza e mesmo da raíña, a monarquía do século XI era policéntrica; estaba baseada nunha rede de relacións humanas que se estendeu máis aló da extensa familia real para abarcar gran parte da elite social. A aura de reinado divino disimulaba o grao en que os monarcas contaban coa cooperación activa da nobreza, que tamén controlaba extensos territorios e gozaba dun considerable grao de independencia económica de facto. A pesares de que entre estas familias nobres aínda non existía un sentido claramente definido de 'liñaxe', dende un primeiro momento houbo unha percepción de *nobilitas*. Este grupo gozaba dun dominio militar e social, así como do poder económico, e os seus membros máis próximos ás elites estableceron tamén lazos de sangue cada vez máis estreitos coa monarquía [Baliñas, 1992, pp. 652-53]. En Galicia-León, ao igual que no emerxente territorio de Castela, a nobreza acadara esta posición de dominio xa nos séculos IX e X. Isto non significa que o «campesiñado», un grupo variado e complexo, carecese totalmente de capacidade de reacción. Robert Portass [2022] mostrou de xeito persuasivo como os documentos existentes suxiren unha corrente subterránea de campesiños socialmente móbiles que realizan investimentos estratéxicos en terras ou outros bens de capital fixo, como muíños de auga, e acceden ao crédito para incrementar os seus negocios; esta evidencia, segundo Portass, é probablemente a punta dun iceberg de rexistros que existiron antes pero que xa non sobreviven. Non obstante, o dominio social da nobreza seguiu medrando, e aquelas familias que gozaban do favor real podían mellorar aínda máis a súa influencia.

En Galicia, Fernando dependía moito da súa relación cos bispos, como Pedro de Lugo e Sisnando de Porto. Pedro de Lugo, que ía ter un episcopado moi longo [c. 1022-58], nunca tivo unha presenza habitual na corte real, e nin sequera fixo unha comparecencia de «cortesía» alí, ata o 1 de xullo de 1044 [*CD Fernando I*, pp. 82–84]. A mediados da década de 1050, non obstante, adquirira a confianza da coroa, feito que asegurou sen dúbida a súa participación no Concilio de Coyanza en 1055, e quizais estaba no momento álxido da súa influencia na corte cando, por diante do bispo Cresconio na lista de cosignatarios, asinou como testemuña unha concesión de Fernando I ao mosteiro de Celanova ao ano seguinte [*Tombo de Celanova,* doc. 6; *CD Fernando I*, pp. 138-40]. Fernando e Sancha, evidentemente, viron que tiña unha voz importante nos asuntos relativos a Galicia: o 13 de decembro de 1058 asina unha *agnitio* de Fernando e Sancha que trataba do mosteiro oriental galego de Samos, e o mesmo día asina

outra da infanta Elvira Vermúdez, que seguramente supervisaba as propiedades da coroa no centro de Galicia [*Tumbo de San Julián de Samos,* pp. 458-61, 462-64].

Mentres tanto, o bispado de Porto aparece de súpeto na documentación cando se menciona un bispo chamado Sisnando de Porto nunha concesión de Sancha e Fernando ao mosteiro de Guimarães o 20 de xuño de 1049 [*CD Fernando I,* pp. 119-121]. Foi un dos bispos aos que se atribúe participar no Concilio de Coyanza de 1055, e tamén estivo presente na entrega dunha *agnitio* do rei leonés a un mosteiro preto de Porto o 31 de decembro de 1059 [*CD Fernando I*, p. 209]. Apareceu por última vez nunha concesión dos reis á igrexa de Compostela o 8 de xaneiro de 1061 [*CD Fernando I*, pp. 155-56]. Este é un rexistro moi singular para o bispo dunha sé tan recentemente reavivada, e indica a importancia para Fernando I da Galicia 'portuguesa'.

Por outra banda, as súas relacións co bispo de Iria-Compostela foron sumamente delicadas. Cresconio fora unha vez partidario de Vermudo III, confirmando un documento emitido en presenza de Vermudo na véspera mesma da batalla de Tamarón [*CD Sahagún*, pp. 106-7; *CD Vermudo III*, pp. 494–96]. Sobreviviu a Fernando I, e foi citado no último documento coñecido dese rei o 13 de xuño de 1065 [*CD Fernando I*, pp. 188-90]. Pero durante o reinado foi todo menos un bispo da corte como os prelados de León, Astorga e Palencia. En todo o transcurso dos reinados de Fernando e Sancha só aparece en doce documentos reais, e non recibiu nin unha soa doazón real ata os últimos anos do reinado. Era tan ambicioso como o propio Fernando, reconstruíndo a cidade de Compostela a escala heroica. Isto fixo especialmente importante que Fernando e Sancha aparecesen regularmente en persoa en Galicia.

Con todo, era importante manter relacións cordiais co bispo. En 1053 encomendaron a crianza do seu fillo máis novo, García, a Cresconio, como se sabe por unha nota marxinal dunha carta no arquivo da catedral de León. Semella que a partir de entón foi criado principalmente en Compostela, aínda que as diplomas indican que se reincorporou á casa real en ocasións, tanto dentro como fóra de Galicia [*CD León,* pp. 286–88, 17 de xuño de 1053]. Ademais do potencial para unha boa educación naquela cidade catedralicia, esta mudanza puido ter a intención de illar a García [con apenas dez anos de idade] das fricción e intrigas que xa se desenvolven arre-

dor dos seus dous irmáns maiores, Sancho e Afonso, e conseguir de paso o apoio de Cresconio para preparar campañas militares en Portugal, ou mesmo para preparar o camiño para unha eventual delegación da autoridade real na figura de García en Galicia, como de feito ía suceder despois da morte de Fernando I.

Mentres, as responsabilidades no sureste –é dicir, en Castela– foron delegadas no infante Sancho, así como nos magnates desa comarca. A presenza do propio Fernando alí foi moito máis esporádica do que poderíamos imaxinar. Sancho fora preparado dende pequeno para ter un papel destacado en Castela, herdanza patrimonial do seu pai. Durante a década anterior, continuara coa súa particular relación co mosteiro de San Pedro de Arlanza, e tamén viña cultivando a súa proximidade co mosteiro de San Pedro de Cardeña. Sancho estaba estratexicamente ben situado para participar na guerra de desgaste que se estaba a desenvolver na fronteira castelá, naqueles territorios fronteirizos do Alto Douro que tamén eran reclamados polas ta'ifas de Zaragoza e Toledo.

Foron décadas desafiantes para os gobernantes de León. Tamén o foron para os gobernantes musulmáns de al-Andalus. O califato de Córdoba derrubouse nos anos posteriores ao 1009. Segundo as interpretacións tradicionais, os reis leoneses dominaban agora as ta'ifas andalusís, e Fernando foi capaz de extorsionar parias aos gobernantes musulmáns de Zaragoza, Sevilla e Toledo, impoñendo tributo mediante a súa superioridade militar. Algúns historiadores tamén chegaron a especular que Fernando aspiraba a unha especie de hexemonía imperial en Iberia, e que desenvolveu unha estreita relación coa orde monástica francesa de Cluny, presaxiando o triunfo posterior do cristianismo militante en Iberia e na Primeira Cruzada.

Os acontecementos de principios do século XI foran certamente unha experiencia traumática para moitos andalusís, entre eles a poboación xudía, parte da cal puido emigrar ao norte. Pero non debemos exaxerar o cambio no equilibrio de poder, proxectando algún avance inevitable cara á hexemonía por parte dos reinos cristiáns do norte.A pesar da turbulencia despois do colapso do califato, os reinos ta'ifa –que ocupaban máis da metade da península, e quizais as tres quintas partes da súa poboación– seguían sendo superiores en riqueza, e se cadra en forza militar. A economía, o comercio e a cultura urbana de al-Andalus continuaron prosperando

no período ta'ifa. Almería, Cartaxena e Málaga prosperaron a través do comercio mediterráneo de longa distancia, mentres que outros reinos [como Badaxoz, Toledo e Zaragoza] estendéronse terra adentro por distancias considerables, gozando dun renacemento cultural e científico. Toledo era un centro de renome da astronomía, e en Zaragoza era a época do pazo da *aljafería*. En termos culturais, a evidencia material suxire fortemente a existencia do que Therese Martin chamou «a cross-cultural language of Iberian rulership» [Martin, 2021] nos séculos X e XI, que traspasa as liñas sectarias. Córdoba aínda tiña unha poboación de arredor de 90.000 habitantes, mentres que a maior cidade cristiá, León, tan só contaba con1.500 habitantes permanentes. Sevilla era o máis poderoso dos reinos tai'fa. Beneficiouse da súa posición estratéxica no río Guadalquivir e foi capaz de absorber unha ducia de estados de ta'ifa.

Os historiadores da Iberia medieval corren o risco de interpretar teleoloxicamente o século XI, vendo por todas partes sinais de guerra relixiosa e de cruzada, do ascenso de Castela, mesmo dunha eventual reconquista cristiá. Pero, de feito, había un equilibrio de poder moi complexo e delicado. As relacións entre as políticas musulmás e cristiás na península flutúan rapidamente.Estas realidades complexas parecen ter sido eclipsadas polos historiadores musulmáns posteriores, cuxas afirmacións ás veces foron aceptadas con demasiada facilidade. Escribindo a finais do século XIII ou principios do XIV, Ibn Idhārī suxire que Fernando I concibira unha estratexia de desgaste sistemático dos réximes ta'ifa, esgotando a súa riqueza ata o momento en que puidesen ser atacados e invadidos directamente. Conta que o tiránico «Fernando ibn Sancho» comezara a atacar as fronteiras do reino de Toledo a mediados da década dos anos corenta, provocando que os seus habitantes fuxiran con medo. Dende Toledo envíase unha delegación para negociar co rei, e prodúcese un animado intercambio de opinións. Fernando dilles: «Somos fortes e vencémosvos. Tamén somos máis fortes que os bérberes... Buscamos só as nosas propias terras que nos conquistárades en tempos pasados, ao comezo da vosa historia. Deixádenos as nosas terras, porque non vos sairá nada ben, se quixerdes vivir aquí connosco despois de hoxe» [Ibn Idhārī, 1930, p.282].

Pero a fiabilidade destas afirmacións, así como o diálogo inventado, é cuestionable. As preocupacións de Fernando foron moito máis modestas, a xulgar pola evidencia dos diplomas. A presenza do discurso de Fernando nunha fonte musulmá, segundo David Wasserstein [1985, p. 282] «fai moi

probable que sexa xenuíno», pero Ibn Idhārī ben puido responder ás suposicións do século XIII sobre as motivacións dos axentes históricos de dous séculos antes. A relación entre Fernando e os reinos ta'ifa foi probablemente máis pragmática e colaborativa do que insinúa esta dramática narrativa. Como observa con razón Wasserstein, os gobernantes cristiáns «non eran contrarios a crear alianzas con gobernantes musulmáns contra outros cristiáns... Os pequenos estados individuais simplemente buscaban alianzas alí onde percibían beneficios a curto prazo». Os gobernantes de León estaban relativamente despreocupados pola guerra relixiosa contra os seus veciños musulmáns na década dos corenta, aínda que ás veces podían atoparse en conflito con eles, do mesmo xeito que facían cos outros reinos cristiáns.

Na fronteira sur, Fernando I comezou a recibir pagos [parias] de al-Mamūn de Toledo, parcialmente a cambio das incursións dirixidas contra os aliados de Zaragoza nos vales superiores dos ríos Texo e Douro [Viñayo, 1999, pp. 164-66]. Pero estes pagos non deben ser entendidos necesariamente como tributo, e moito menos como vasalaxe. Poden ter funcionado como unha transacción nunha relación máis de interese mutuo. A realidade é que simplemente non o sabemos. Polo menos nesta fase, os pagos dos reis ta'ifa aos seus veciños cristiáns non eran necesariamente «tributos» que pagaban os estados clientes musulmáns aos seus señores; tamén puideron ser transaccións pensadas para garantir a colaboración dos reinos cristiáns do norte, do mesmo xeito que os cabaleiros cristiáns individuais servían como mercenarios en nome dos gobernantes musulmáns.

O que podemos dicir é que, polo xeral, na Iberia desta época, estas transaccións implicaban o pago por servizos militares concretos, e noutras ocasións un acordo máis permanente de alianza e protección [ben contra inimigos particulares, ben contra todos os inimigos]. Os documentos que sobreviven doutros lugares indican o pago a cambio de servizos concretos, por exemplo pola paz, ou por unha alianza contra un inimigo común. Non hai mención explícita de que se trate de pagos tributarios, como posteriormente afirmaban as crónicas cristiás como a de Lucas de Tui e a *Estoria de Espanna*. Noutras palabras, o seu significado non está claro. Incluso puido ser pouco claro naquel momento. Poderíamos supoñer a hipótese de que os pagos poden ter desde o principio significados diferentes para as múltiples partes implicadas; e que co paso do tempo, o seu significado foi cambiado por realidades posteriores. Non estou completamente con-

vencido de que poidamos afirmar que Fernando I era 'mercenario contratado'; esta pode ser unha afirmación demasiado forte, pero tampouco podemos estar seguros de que fose cuestión de extorsión forzada. A *Historia Silense*, escrita unhas seis ou sete décadas despois, asegura que, a finais do seu reinado, Fernando I estaba en condicións de repartir entre os seus fillos e herdeiros os parias non só de Zaragoza, senón tamén de Toledo e Badaxoz. Pero tales pagos eran inseguros e probablemente dependían do desempeño satisfactorio do servizo militar.

Neste contexto, tamén convén reconsiderar a súa iniciativa pacífica de recuperar as reliquias cristiás, e en particular as reliquias do bispo visigodo San Isidoro, de al-Mu'tadid, emir de Sevilla, no ano 1063. É posible que para Fernando e Sancha o proceso de recuperación deste tipo de reliquias fora unha maneira de tentar ligar o seu reino co pasado visigodo, e que alentara a promesa da reunificación cristiá da península ibérica [Feliciano, 2019]. Porén, é posible esaxerar a preocupación por establecer un dominio imperial coma o dos visigodos en Iberia. Algunhas das reliquias –como as de San Xoán Bautista– eran anteriores ao período visigodo, mentres que outras –como as de San Paio [Pelayo]– eran máis tardías. É improbable que Fernando e Sancha fosen impulsados por calquera desexo de promover unha Reconquista [Moore, 2009, pp. 115-22]. Adoitase asumir que al-Mu'tadid estaba cedendo á presión dunha campaña leonesa. Así querían facer crer os relatos posteriores do *Silense* e Lucas de Tui. Pero é igualmente probable que os enviados de Fernando I lembrasen ao emir as vantaxes da colaboración, ou mesmo que al-Mu'tadid puido ofrecerlle voluntariamente as reliquias como un agasallo persoal para el como potencial aliado.

Foi, en cambio, desde Portucale –rexión ao sur do Miño e ao norte do río Douro, plenamente integrada neste ámbito galego en termos demográficos, xeográficos e culturais– que Fernando apostou pola expansión territorial. O final do verán do ano 1057 estivo marcado por unha importante campaña partindo dende alí e que se prolongou ata o verán seguinte. A *Historia Silense,* do mesmo xeito que afirman algúns historiadores modernos, describe esta campaña en termos abertamente relixiosos: «Agora seguro na súa terra, [Fernando] ordenou que o tempo restante se dedicase á campaña contra os bárbaros e ao fortalecemento das igrexas de Cristo», partindo cara ao centro de Portugal, «sobre a maior parte do cal, dende as provincias de Lusitania e Bética, os bárbaros dominaban, eructando profanidades» [cap. 86]. Algúns historiadores viron a campaña portuguesa

como un punto de inflexión na aparición dun novo espírito de guerra santa. Pero quizais non houbese guarnicións musulmás permanentes ao norte de Lisboa e Santarem, e unha alta proporción da poboación estaba composta por mozárabes cristiáns. Os traballos arqueolóxicos de estudosos, como o de Catarina Tente [2020], suxiren que o centro de Portugal era unha zona gris, con ausencia de calquera goberno central.

Neste ano de 1057, o obxectivo inmediato dos leoneses parece ser a cidade de Lamego, pouca distancia ao sur do Douro. Fernando estivo continuamente presente durante esta campaña. O día 9 de xuño de 1058 atopábase no mosteiro de Celanova, que puido ser a súa base de operacións para as incursións en territorio portugués. Aquí, confirmou unha *agnitio* [*Tombo de Celanova*, 2, pp. 670-71; *CD Fernando I*, p. 207]. Pouco máis dun mes despois, na data simbolicamente marcada polo día de Santiago, o 25 de xullo de 1058, a cidade de Viseu, ao sur de Lamego, caeu en mans dos leoneses. Este, por suposto, fora o lugar da morte do seu sogro Afonso v trinta anos antes, e para o autor da *Histora Silense*, a toma de Viseu foi ocasión para unha mostra de vinganza: no interior da vila «atopou ao arqueiro que matara ao rei Afonso», e «ordenou que lle cortasen as dúas mans» [David, 1947, pp. 296-97]. Os bastións de Lamego foron reducidos, xa sexa pola forza ou por negociación, dándolle a Fernando o control total da conca do Douro. Moitos dos derrotados foron mortos a espada ou vendidos como escravos [*Historia Silense,* cap. 86].

No ano 1064, Fernando emprendeu outra importante campaña militar que culminou na conquista de Coimbra. Nas fontes narrativas cristiás posteriores, que comezan coa *Historia Silense*, a loita por Coimbra é de feito representada como unha disputa directa entre musulmáns e cristiáns. Na descrición do século XIII de Lucas de Tui, por exemplo, a campaña está impregnada de motivos cristiáns, e vai precedida pola visita de Fernando ao santuario de Santiago, fai agasallos xenerosos á igrexa, e o Apóstolo intercede polo seu para asegurar unha vitoria rápida. Pero como vimos, o compromiso de Fernando co culto a Santiago era moi limitado ou esporádico. Os relatos posteriores probablemente inician o endurecemento das actitudes tras as invasións almorábides, a finais do século, e a paulatina expansión dos ideais de cruzada.

Máis instrumental que a intervención de Santiago puido ser a intervención dos membros da poboación mozárabe local. Na batalla por Coimbra, puido

haber mozárabes loitando por ambos os bandos. De novo, esta era unha cultura na que o cruzamento da fronteira, incluídas as transferencias de lealdade entre gobernantes musulmáns e cristiáns, era práctica común. Se o Cid é o exemplo máis célebre, o señor mozárabe Sisnando Davídez é outro bo exemplo: as fontes árabes infórmannos de que Sisnando fora anteriormente membro da corte de al-Mutadid de Sevilla, que entón desertou a prol da causa de Fernando I [Molénat, 2022]. A elección de confiarlle a cidade foi pragmática: dado que naturalmente o reino de León non tiña exército permanente, tería sido difícil para Fernando manter o control directo sobre a mesma. A defensa da cidade dependía dos magnates locais e dos seus vasalos, así como dos aventureiros do exército «leonés», algúns dos cales probablemente procedían de Galicia.

Na medida en que podemos especular sobre o personaxe, Fernando I foi motivado por unha forte ambición, e non tiña ningún apego persoal nin ao culto a Santiago nin tampouco a Galicia. Mais a historia do seu reinado revela, a pesar de todo, a centralidade permanente que tivo Galicia e a súa fronteira portuguesa no reinado de Sancha e Fernando I. Isto non se baseaba na ruta xacobea, senón que se debía á riqueza económica do país, e á súa importancia para o poder real. O ascenso do bispado de Iria-Santiago foi un serio problema político para a monarquía, un asunto que esixía a atención do rei. Neste sentido, convén cuestionar as narracións convencionais da decadencia de Galicia. A ocupación de Toledo por parte de Afonso VI é percibida ás veces como unha nova etapa na historia ibérica, na que a fronteira sur con al-Andalus sería cada vez máis significativa e o extremo noroeste, incluída Galicia, perde o seu peso relativo no reino de León-Castela. Pero a verdade é que Galicia seguiu exercendo un peso considerable dentro do reino, sendo especialmente influínte a nobreza galega, e máis especialmente a familia dos Traba. James D'Emilio describe o período aínda entre os séculos XI e XIII como un dos máis dinámicos da historia de Galicia [D'Emilio, 2015, 22, 64]. Para o século XIII, Galicia segue sendo económica e culturalmente vibrante, e de ningún xeito «periférica» ao reino. Mesmo despois das conquistas de Córdoba e Sevilla, Afonso X de xeito persoal e a monarquía en sentido máis amplo como un fenómeno corporativo, ficaban moito máis implicados en Galicia do que se pode pensar a primeira vista e do que se considerou tradicionalmente [Andrade e Doubleday, 2021].

Mentres tanto, como subliñou Bernard F. Reilly, habería que evitar a tendencia teleolóxica a proxectar cara atrás os cambios do século XII, buscan-

do as orixes dos binarios de reconquista, os impulsos cruzados inspirados pola influencia francesa e os bispos franceses, a hexemonía castelá dentro da península, ou os soños de dominio imperial. Os reinos de Sancha e Fernando foron radicalmente diferentes da época máis marcadamente dividida que celebraría ao Cid como un gran guerreiro cristián, un nobre matador de musulmáns e un modelo da piadosa masculinidade castelá. Pola contra, argumentamos que, durante polo menos outro medio século, as actitudes cara aos reinos islámicos do sur, e as relacións con estes, seguiron a ser sorprendentemente complexas, non binarias, e ambivalentes.

BIBLIOGRAFÍA

Fontes primarias

Andrade Cernadas, J. M., ed. [1995], *O tombo de Celanova*, 2 vols., Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Blanco Lozano, P. ed. [1986], *Colección diplomática de Fernando I* [1037-1065], Archivos Leoneses, 40 [79-80], 7-212. [*CD Fernando I*]

Herrero de la Fuente, M. ed. [1988], *Colección diplomática del Monasterio de Sahagún,* vol. 2 [1000-1073], León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro. [*CD Sahagún*]

Ibn Idhārī [1930], *Al-bayān al muġrib. Tome troisième, Histoire de l'Espagne musulmane au XI^ème^ siècle. Texte arabe publié pour la première fois d'après un manuscrit de Fès,* ed. Levi-Provençal, E., Paris: P. Geuthner.

Lucas Álvarez, M., ed. [1986], *El tumbo de San Julián de Samos [siglos VIII–XII]*, Santiago de Compostela: Caixa Galicia.

Núñez Contreras, L., ed.[1977], *Colección diplomática de Vermudo III, rey de León. Historia, Instituciones, Documentos*, 4, pp. 381-514. [*CD Vermudo III*]

Pérez de Urbel, J. e González Ruiz-Zorrilla, A. [1959], *Historia Silense: edición, crítica e introducción*, Madrid: CSIC. [*Historia Silense*]

Ruiz Asencio, J. M. [1987]. *Colección documental del Archivo de la Catedral de León [775-1230]*, vol. 4 [1032-1109], León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro. [*CD León*]

Fontes secundarias

Andrade Cernadas, J. M. e Doubleday, S. R. [2021], «Introdución: repensando a paradigma do declive da Galicia medieval», en: Andrade Cernadas, J. M., e Doubleday, S. R., eds., *Galicia no tempo de Afonso X*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 9-24.

Baliñas, C. [1992], *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media [séculos VIII e IX]*, Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura.

Bianchini, J [2012], *The Queen's Hand: Power and Authority in the Reign of Berenguela of Castile,* Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

Bianchini, J. [2019], «A Mirror for a Queen? Constructions of Queenship in Twelfth- and Thirteenth-century León-Castile», *Journal of Medieval History*, 432-456.

David, P. [1947], *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI^e^ au XII^e^ siècles,* Lisboa: Portugália.

D'Emilio, J. [2015], «The Paradox of Galicia: A Cultural Crossroads at the Edge of Europe», en: D'Emilio, J., ed., *Culture and Society in Medieval Galicia: A Cultural Crossroads at the Edge of Europe*, Leiden: Brill, 3-125.

Earenfight, T. [2010], *The King's Other Body: María of Castile and the Crown of Aragon,* Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

Earenfight, T. [2012], *Queenship in Medieval Europe*, Basingstoke: Palgrave Macmillan.

Estepa, C. [2010], «El relato histórico: rememorar y conmemorar», en: Boto Varelo, G., dir., *Reino de León: Hombres, mujeres, poderes e ideas [910-1230]*, Trobajo del Camino [León]: Edilesa, 13-21.

Feliciano, M. J. [2019], «Sovereign, Saint, and City: Honor and Reuse of Textiles in the Treasury of San Isidoro [León]», *Medieval Encounters*, 25 [1/2], 96-123.

García Losquiño, I. [2022], «Viking Mercenary Activity in Galicia», *Journal of Medieval Iberian Studies*, 14 [3], 357-70.

Martin, T. [2021], «Glimpses of Gold: Material Evidence of Cross-Cultural Connections in a Rock Crystal Chess Set and a Countess' Seal [10th-11th Cs]», *Archivo Español de Arte*, 94 [375], 201-214.

Martínez Díez, G. [2005], *El Condado de Castilla: La historia frente a la leyenda,* 2 vols., Valladolid: Junta de Castilla y León.

Molénat, J-P. [2022], «Coïmbre, Tolède, Lisbonne: «Chrétiens Arabisés» dans l'Hispanie de la 'Reconquête», *Medievalista*, 32 [xuño-decembro 2022], 105-133. Available from: https://medievalista.iem.fcsh.unl.pt/index.php/medievalista [accessed 10 December 2022].

Moore, W. [2009], «Religious Language and the Construction of Royal Power: León, 1037-1126». Tese de doutoramento, Columbia University, New York.

Pick, L. [2011], «Sacred Queens and Warrior Kings in the Royal Portraits of the *Liber Testamentorum* of Oviedo», *Viator*, 42 [2], 49-81.

Pick, L. [2017], *Her Father's Daughter: Gender, Power, and Religion in the Early Spanish Kingdoms*, Ithaca: Cornell University Press.

Portass, R. [2022], «Peasants, Market Exchange and Economic Agency in North-Western Iberia, c. 850-1050», *Past and Present*, 255 [1], 5-37.

Ramírez Vaquero, E. [2005], «El rey García y sus hermanos: enfrentamiento de reyes, enfrentamiento de reinos», en: De la Iglesia Duarte, J. I., coord., *García Sánchez 'el de Nájera': un rey y un reino en la Europa del siglo XI, XV Semana de Estudios Medievales, Nájera, Tricio y San Millán de la Cogolla del 2 al 6 de agosto de 2004*, Logroño: Gobierno de la Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, 119-50.

Reilly, B. F. [1982], *The Kingdom of León-Castilla under Queen Urraca, 1109-1126*, Princeton, N.J: Princeton University Press.

Reilly, B. F. [1988], *The Kingdom of León-Castilla under King Alfonso VI, 1065-1109*, Princeton, N.J.: Princeton University Press.

Reilly, B. F. [1992], *The Contest of Christian and Muslim Spain 1031-1157*, Cambridge, Mass.: Blackwell.

Reilly, B. F. [1993], *The Medieval Spains*, Cambridge, U.K.: Cambridge University Press.

Reilly, B. F. [1998], *The Kingdom of León-Castilla under King Alfonso VII, 1126-1157*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

Reilly, B. F. [2013], *A Studied Elegance: Memoir*, North Haven, CT: Create Space.

Reilly, B.F. [2015], «Medieval Iberian Studies in the United States», en Todesca, James J., ed. *Emergence of León-Castile, c. 1065-1500: Essays presented to J.F. O'Callaghan*, Farnham: Ashgate, 1-8.

Sánchez Sánchez, X. M. [2022], «La evolución del feudalismo en el reino de Galicia entre los siglos IX y XII: poder, sociedad, y dependencia», *Journal of Medieval Iberian Studies*, 14 [3], 371-98.

Tente, C. [2020], «Social Complexity in Local Communities during the Tenth Century in central-northern Portugal: Negotiation and Opposition», en: Quirós, J. A., ed. *Social Inequality in Early Medieval Europe: Local Societies and Beyond,* Turnhout: Brepols, 149-64.

Viñayo González, A. [1999], *Fernando I, El Magno [1035–1065],* Burgos: La Olmeda.

Wasserstein, D. [1985], *Rise and Fall of the Party Kings*, Princeton: Princeton University Press.

A Gran Fenda: A desagregación do vello «Regnum Gallaeciae» altomedieval e as orixes da monarquía nacional feudal de Galicia [1037-1139 e.c.]

Carlos Baliñas Pérez

RESUMO. O período entre os anos 1037 e 1139 foi o «século do cambio» no noroeste peninsular, o momento no que o conxunto territorial e unidade política que fóra a *Gallaecia* altomedieval, cuxas orixes se remontaban ao Imperio Romano e ao Reino Suevo, chega ao seu remate, dando orixe aos reinos independentes de Galicia e de Portugal. Tres grandes fenómenos históricos enmarcan esta decisiva etapa. Primeiramente, coa derrota e morte do derradeiro monarca da dinastía galaico-leonesa en 1037, a nobreza galaica perde o protagonismo que exercera no norte peninsular cristián a prol da nova dinastía real navarro-castelán e os seus aliados. En segundo lugar, a reformulación da nacente monarquía feudal nacional de Galicia presenta serios problemas de encaixe dentro do Imperio Hispánico dos reis Fernando I, Afonso VI e Afonso VII, que non poucas veces derivarán en conflitos abertos, tanto da aristocracia galaica coa monarquía como de diferentes bandos enfrontados entre si. As solucións adoptadas non conseguirán de momento xerar un consenso amplo. E así chegamos ao terceiro gran fito histórico do período: a progresiva apertura dunha fenda insalvable entre a Galicia nuclear e as terras estremeiras de alén do baixo Miño e do Limia, que desembocará na proclamación de Portugal como un reino independente no ano 1139 baixo da éxida de Afonso Henriques, un príncipe da dinastía real e á vez un magnate galaico, mentres a vella *Gallaecia* cismiñota vencellará o seu destino político ao Reino de León-Galicia dos descendentes do seu curmán e rival Afonso Raimúndez.

RESUMEN. El periodo entre los años 1037 y 1139 fue el «siglo del cambio» en el noroeste peninsular, el momento en el que el conjunto territorial y unidad política que había sido la *Gallaecia* altomedieval, cuyos orígenes se remontaban al Imperio Romano y al Imperio Suevo, llega a su fin, dando paso a los reinos independientes de Galicia y de Portugal. Tres grandes fenómenos históricos enmarcan esta decisiva etapa. Primero, con la derrota y muerte del último monarca de la dinastía galaico-leonesa en 1037, la nobleza galaica pierde el protagonismo que había tenido en el norte peninsular cristiano en favor de la nueva dinastía real navarro-castellana y sus aliados. En segundo lugar, la reformulación de la naciente monarquía feudal nacional de Galicia presenta serios problemas de encaje dentro del Imperio Hispánico de los reyes Fernando I, Afonso VI y Afonso VII, que no pocas veces derivarán en conflictos abiertos, tanto de la aristocracia galaica con la monarquía como de diferentes bandos enfrentados entre sí. Las soluciones adoptadas no conseguirán, de momento, generar un consenso amplio. Y así llegamos al tercer gran hito histórico del periodo: la progresiva apertura de una brecha insalvable entre la Galicia nuclear y las tierras vecinas de más allá del bajo Miño y del Limia, que desembocará en la proclamación de Portugal como un reino independiente en el año 1139 bajo la protección de Afonso Henriques, un príncipe de la dinastía real y a la vez un magnate galaico, mientras la vieja *Gallaecia* cismiñota unirá su destino político al Reino de León-Galicia de los descendientes de su primo y rival Afonso Raimúndez.

ABSTRACT. The period between 1037 and 1139 was the "century of change" in the peninsular northwest, the moment in which the territorial and political unit that had been the early medieval *Gallaecia*, whose origins dated back to the Roman Empire and the Swabian Empire, came to an end, leading to the independent kingdoms of Galicia and Portugal. Three great historical phenomena frame this decisive stage. First, with the defeat and death of the last monarch of the Galician-Leonese dynasty in 1037, the Galician nobility lost the prominence it had had in the Christian peninsular north in favor of the new Navarrese-Castilian royal dynasty and its allies. Secondly, the reformulation of the emerging national feudal monarchy of Galicia presents serious problems of adaptation within the Hispanic Empire of the kings Fernando I, Afonso VI and Afonso VII, which will often lead to open conflicts, both of the Galician aristocracy with the monarchy and of the different factions confronting each other. The solutions adopted will not succeed, so far, in generating a broad consensus. And this brings us to the third great historical milestone of the period: the progressive opening of an unbridgeable gap between nuclear Galicia and the neighboring lands beyond the lower Miño and Limia, which will lead to the proclamation of Portugal as an independent kingdom in 1139 under the protection of Afonso Henriques, a prince of the royal dynasty and at the same time a Galician magnate, while the old *cismiñota Gallaecia* will join its political destiny to the Kingdom of León-Galicia of the descendants of his cousin and rival Afonso Raimúndez.

Introdución

O período entre os anos 1037 e 1139 foi o «século do cambio» no noroeste peninsular, o momento no que o conxunto territorial e unidade política que fóra a *Gallaecia* altomedieval, cuxas orixes se remontaban ao Imperio Romano e ao Reino Suevo, chegaría ó seu remate, dando orixe aos Reinos independentes de Galicia e de Portugal. Tres grandes fenómenos históricos enmarcan esta decisiva etapa. Primeiramente, ca derrota e morte no ano 1037 do derradeiro monarca da dinastía galaico-leonesa, Galicia e a nobreza galaica perden o liderado que exerceran ata daquela dentro do Norte peninsular cristián a prol de Castela e da nova dinastía real navarro-castelán e os seus aliados. En segundo lugar, como consecuencia en boa medida do devandito, a reformulación da nacente monarquía feudal nacional de Galicia presenta serios problemas de encaixe dentro do Imperio Hispánico dos reis Fernando I, Afonso VI e Afonso VII, que non poucas veces derivarán en conflitos abertos, tanto da aristocracia galaica coa monarquía como de diferentes bandos enfrontados entre si as diferentes solucións adoptadas, que ían dende unha maior submisión á corte de León ata a abortada existencia política como reino independente dentro dun compacto dinástico, non conseguirán de momento xerar un consenso amplo no político e no social. E así chegamos ó terceiro gran fito histórico do período: a progresiva apertura dunha fenda política sen volta atrás entre a Galicia nuclear e as terras estremeiras de alén do baixo Miño e do Limia, que desembocará na proclamación de Portugal como un reino independente no ano 1139 baixo da éxida de Afonso Henriques, un príncipe da dinastía real e á vez un magnate galaico, mentres a vella *Gallaecia* cismiñota vinculará o seu destino político ao Reino de León-Galicia dos descendentes do seu curmán e rival Afonso VII Raimúndez.

Un novo rei, un novo modelo de goberno: Fernando I [1037-1065] como rei de Galicia

O día 4 de setembro do ano 1037 pechábase nos burgaleses montes de Oca o conflito pola hexemonía no norte peninsular cristián que se fora arrastrando por espazo dunha xeración. As tropas casteláns e navarras de Fernando I, recente primeiro rei independente de Castela, esmagaron cruelmente na batalla de Tamarón ao poderoso exército galaico-leonés; no campo de combate ficaban os cadáveres do monarca rival, Vermudo III, e de moitos dos seus seguidores entre da nobreza condal galaica[1]. Tanto por dereito de conquista como pola súa condición de cuñado e herdeiro do seu infortunado rival, Fernando convertíase en rei de León e de Galicia e así Castela asumía un liderado no conxunto da España cristiá, que xa non cedería no resto da xeira medieval[2]. O vello *Regnum Gallaeciae* chegaba ao seu fin e abríase o «século do cambio» no noroeste peninsular. En máis dun sentido, a situación asemellase á acaecida en Inglaterra no ano 1066, logo da vitoria do duque normando Guillerme *o Conquistador* sobre do derradeiro rei saxón, Harold. Os vellos centros reitores da sociedade altomedieval do occidente ibérico, sitos en Galicia e León, sen perder nin moito menos a súa relevancia –como amosaría o futuro inmediato– terían que adaptarse a unha nova paisaxe política e económica na que a súa hexemonía xa non estaba garantida. E a ata daquela todopoderosa nobreza condal galaica, alicerce fundamental do vello réxime e facedora e desfacedora de reis, íase ver irremisiblemente desaloxada da súa cimeira posición na xestión dos destinos do norte cristián. Para un caste aristocrático que edificara a súa riqueza e o seu predominio social sobre do usufruto do poder público, esta mudanza puña en risco a súa existencia mesma [Baliñas, 2006a, pp. 64-98, esp. pp.76-79]. Porque non se trataba sinxelamente dunha mudanza na persoa que exercería a monarquía, da substitución de magnates autóctonos por estranxeiros nos postos de confianza do soberano ou da perda de peso dos intereses galaicos nas grandes liñas de actuación da monarquía. Herdeiro e continuador do estilo de goberno do seu pai, Sancho o Maior de Navarra, e non vinculado ao aparato de poder tradicional, Fernando I pretende implantar nos seus engrandecidos dominios reais o modelo de monarquía feudal transpirenaico que estaba a se afianzar, por evolución interna ou por imposición forzada, ao longo de toda a Europa medieval, dende os países escandinavos ou as terras dos eslavos setentrionais ata a Inglaterra ou a Italia meridional normandas. Segundo esta nova teoría feudal do poder, o reino é propiedade de seu do monarca,

1 Un bo relato case coetáneo dos acontecementos en *Crónica Najerense*, 18-19, p. 94.

2 Como di no seu epitafio en San Isidoro de León: *Hic est tumulatum Fernandus Magnus, Rex Totius Hispaniae[...] Iste vi cepit regna Garsiae et Veremudi* («Aquí xace soterrado Fernando o Grande, rei de España toda [...] Este se fixo pola forza cos reinos de García e Vermudo»]. Refírese a García de Navarra e Vermudo de Galicia, aos que arrebatou vida e posesión. Sobre o monarca e a súa política, ver Sánchez Candeira, 1999 e Viñayo González, 1999.

quen o goberna a través de persoas unidas a el por lazos de fidelidade persoal, nas que delega os seus poderes supremos e ás que premia e atrae con concesións nominativas de cargos públicos, dignidades e posesións territoriais que o monarca, canto menos na teoría, outorga e retira a vontade [Poly e Bournazel, 1983; Bartlett, 2003.][3].

Este novo modelo, implantado dende enriba polo vencedor dun enfrontamento armado, batía de fronte cos antigos usos políticos da monarquía ástur-galaica-leonesa, baseados no carácter inmanente do reino, que preexiste ao propio monarca soberano e que se expande internamente mediante a integración e agregación de novos territorios dentro duns marcos reivindicados como históricos e se administra mediante a íntima asociación no exercicio do poder sobre dos seres humanos de realeza e nobreza territorial latifundista, cada cal ca súa propia esfera de poder e nun inestable equilibrio de mancomunidade de intereses. A principal prexudicada pola instauración da monarquía feudal no Noroeste peninsular era a nobreza condal galaica, que se formara, lexitimara e engrandecera naquela orde de cousas e á que o novo marco político ameazaba con deixar fóra de xogo. Non é de estrañar, xa que logo, que a gran nobreza galega fora o principal foco opositor ao goberno de Fernando I, alimentando sempre unha xorda xenreira cara á súa autoridade. Este resentimento manifféstase en exilios voluntarios ou forzados de magnates galaicos e en actos de resistencia que as fontes oficiais camuflan como manifestacións individuais de desobediencia e bandoleirismo[4], mais que en determinadas ocasións cristalizan en rebelións abertas contra da persoa do rei Fernando I e dos seus oficiais. Velaí temos os casos de Sixeredo Alóitiz, privado pola súa rebeldía da propiedade do rico mosteiro familiar de Sobrado, ou da condesa Odrocia e a súa parentela, que se ergueron en aberta insurrección contra da monarquía no ano 1060 dende a súa fortaleza luguesa de Monterroso[5].

Mesmo así, compre non caer no frecuente e recorrente erro de identificar os intereses das grandes liñaxes da nobreza galaica cos do conxunto da sociedade galega. De feito, as fontes documentais demostran que Fernando I impuxo a súa autoridade con relativa rapidez en Galicia –antes mesmo que na cidade de León e na súa rexión circundante–[6] e mantívoa ao longo do seu reinado, fortalecida en boa medida co plus de lexitimidade e continuidade co pasado que lle daba a súa consorte, a raíña Sancha. E isto foi así, en primeiro lugar, porque o novo soberano e o seu proxecto político contaban co apoio de importantes segmentos da socie-

3 Para a aplicación concreta deste modelo no «imperio leonés», ver Sirantoine, 2013.

4 Un exemplo en 1058-08-30, Tombo de Celanova, ff. 79r-80v, que narra o caso dun tal Xoán Páez, pequeno nobre nas terras do Búbal, a quen os meiriños do rei acusan de crear discordias e privan das súas propiedades, forzándoo ao exilio.

5 Nun documento de Sobrado de 1118, o rei Afonso VII devolve ós seus herdeiros a propiedade do mosteiro de Sobrado que seu devanceiro Fernando I *violente sine omni directo* [«pola forza e contra dereito»] arrebatara sobre do ano 1060 a Sixeredeo Alóitiz e súa muller Adosinda Arias. O relato completo da revolta de Odrocia e a súa familia pode atoparse no documento de 1061-08-19 do Tombo de Celanova, ff. 23v-24r.

6 «*Fernandus deinceps, extinto Veremudo, a finibus Gallecie veniens, obsedit Legionem et omne regnum sue ditioni degitur*» [*Crónica Silense*, p. 183]. Fernando I non foi xurado como rei en León ata entrado o ano 1038.

dade galega. A unidade de acción da nobreza condal galega no vello *Regnum Gallaeciae* víase quebrantada decote polos conflitos entre os diferentes clans aristocráticos pola primacía local e rexional, que non poucas veces daban lugar a auténticas guerras privadas, e a súa preeminencia social mantíñase en boa parte grazas ao emprego abusivo en beneficio propio dos poderes xudiciais e militares recibidos da monarquía. En boa medida, a Galicia de finais do século X e do primeiro terzo do século XI, xusto cando se daba o apoxeo do poder da nobreza condal galaica, vivía nun estado de desorde público e anomía que prexudicaba os intereses de campesiños, eclesiásticos, pequena nobreza rural e a nacente burguesía urbana, sometidos todos ó despotismo da vella aristocracia [Baliñas, 1988, pp. 82-84]. Fernando I foi capaz de garantir a orde social e de favorecer os aires de progreso económico que viñan de alén dos Pireneos ca chamada «revolución do ano Mil» e por iso mesmo contou cun respaldo social que lle permitiu facer fronte primeiro e esmagar despois a insubmisión das grandes familias da vedraña nobreza galaico-leonesa. O oco deixado pola nobreza condal do antigo reino foi ocupado pola pequena nobreza galaico-portuguesa, que engrosou as filas da oficialidade rexia [Mattoso, 1982][7], e sobre todo, pola Igrexa, que se converteu, grazas á súa alianza ca monarquía feudal, no gran poder territorial e político da Galicia medieval, así como na principal propietaria de terras e señora de homes e nun dos principais instrumentos do aparato de poder da monarquía castelán en territorio galego. De feito, os grandes dirixentes de Galicia durante o goberno de Fernando I foron os bispos Cresconio de Iria-Santiago e Pedro de Lugo e as súas sés, amén doutros centros eclesiásticos galegos –como os mosteiros de Samos e Celanova– prosperaron ó abeiro do favor rexio [López Alsina, 1988][8]. Ademais, o rei respectou as propiedades e privilexios da nobreza galega e non puxo en cuestión as raíces do seu predominio social e económico, sempre e cando aquela recoñecera a súa autoridade suprema e estivera disposta, de mellor ou peor grao, a integrarse no novo esquema de poder. Máis aínda, Fernando I como monarca asumiu os intereses particulares dos seus dominios galaicos nos seus grandes proxectos políticos e procurou tanto unha lexitimación do seu poder como unha saída á belicosidade tradicional da nobreza galega retomando a reconquista dos territorios perdidos a fins do século X diante do imparable avance de Almanzor e os seus exércitos. Así, entre os anos 1057 e 1064 foron recobradas as cidades de Lamego, Viseu e Coimbra, co que se devolvían á súa máxima extensión as fronteiras da Gran Galicia altomedieval.

7 En liñas xerais, o cambio de persoal é máis evidente nas terras da fronteira portuguesa, mentres na Galicia nuclear hai unHa maior continuidade coa vella nobreza condal altomedieval.

8 Para a figura do bispo Pedro de Lugo [1022-1058], ver García Conde, 1991.

Como temos amosado, o navarro-castelán Fernando foi, en todos os aspectos do termo, rei de Galicia: desenvolveu unha política específica como tal, preservou o título na súa titulación rexia e mesmo ostentouno en solitario cando lexislaba ou dispuña sobre das terras e dos habitantes de Galicia e mantivo institucións propias para o goberno específico de Galicia como unha entidade política diferenciada[9]. Iso si, Galicia era só un dos reinos do seu *imperium* e xa non precisamente, como noutrora, a peza fulcral deste. E este reino de Galicia correspondíase xa ca Galicia nuclear definida como tal nos seus marcos xeográficos a mediados do século X: virtualmente, o territorio da actual comunidade autónoma, as terras estremeiras de fronteira entre o Miño e o Mondego e as terra alén dos montes de O Bierzo e Sanabria [ou Seabra] [Baliñas, 2010, pp. 31-51]. Non é de estrañar, logo, que, consciente de que as vellas divisións subsistían baixo da aparente unidade política e cohesión administrativa, o vello rei xa en vida e consonte o principio feudal do reino como patrimonio persoal do monarca, como feudo recibido de Deus mesmo e transmitido a través da liñaxe dinástica, dispuxera o reparto hereditario dos seus dominios rexios. O seu primoxénito, Sancho, como dispuñan os usos da época, recibía o reino patrimonial de Castela, berce da monarquía. E respecto dos dominios herdados e conquistados de Vermudo III, o *Regnum Gallaeciae*, cuxas raíces viñan dos tempos da monarquía sueva, o rei Fernando, dándolle patente oficial ao que xa era unha realidade no terreo dos feitos, creaba a partir del dous novos reinos para os seus fillos restantes: o novo reino de León para o segundoxénito Afonso e un reconfigurado reino de Galicia para o benxamín García [xunto coas «parias» ou tributos das taifas musulmás de Badaxoz e Sevilla] [Sánchez Candeira, 1999, pp. 220-230]. Con esta histórica decisión, puña fin á Gran Galicia altomedieval que se estendía do Sistema Ibérico a Fisterra e do Cantábrico ao Douro e xurdía unha nova realidade política: o reino feudal da Galicia plenomedieval. Os motivos obvios para esta transcendental decisión eran crear [ou recrear, mellor] unha nova entidade política que recoñecera a especificidade das terras e dos homes de Galicia dentro da España cristián, aplacar o descontento das clases dirixentes galegas pola súa perda de influencia, dotándoas dun monarca propio e exclusivo e, paralelamente, vinculalas para sempre á súa estirpe poñendo como sumo señor feudal a un fillo da súa liñaxe [Baliñas, 2002, t. 2, pp. 345-348].

9 Como demostra e documenta López Carreira, 2005, pp. 327-330.

Un rei de seu: García I de Galicia [1065-1072]

A figura de García, primeiro monarca privativo da Galicia feudal, ten aínda moitas facianas por explorar e definir historicamente, á marxe da tráxica figura literaria[10], do mito nacionalista galego do rei traizoado dun estado que puido ser e non foi[11] ou da súa mera redución a un personaxe secundario e case irrelevante na historiografía española. A teor dos datos obxectivos que podemos extraer das fontes, era o menor dos cinco fillos e fillas de Fernando I que chegaron a adultos e, dende cativo, estivo sempre moi unido á persoa da súa nai, a raíña Sancha. Esta era á súa vez filla do monarca galaico-leonés Afonso V [999-1028] e descendía por vía materna dunha das principais familias da aristocracia galaica, entre da que se criara de pequena –como era costume na época–, o que a emparentaba directamente ou por relacións interpostas con boa parte da indómita nobreza condal galego-portuguesa. Cabe supoñer que esas relacións xogaron un papel fundamental, á par obviamente da súa condición de último membro vivo da dinastía real, na rápida aceptación do seu home, Fernando de Castela, como rei en Galicia[12]. De feito, Sancha posuía un importante patrimonio en territorio galaico, que administraba persoalmente e onde pasaba longos períodos de tempo, e aparece decote asociada ao seu home en moitos dos seus actos de goberno en Galicia, máis como co-rexente e garante de lexitimidade e continuidade co pasado que como mera consorte. De igual xeito que súa nai, o pequeno García educouse en Galicia baixo da tutela do bispo Cresconio nunha Compostela á que o remate das ameazas islámica e normanda e os novos usos relixiosos estaba convertendo a través da peregrinación xacobea nunha cidade cosmopolita en plena conexión cos cambios e ideas que se estaban a dar na Europa dos tempos do primeiro Románico. Nos primeiros anos da década de 1060, o xove príncipe García aparece frecuentemente documentado actuando en territorio galaico en funcións de representación da monarquía, o que demostra que o seu proxenitor estaba xa preparándoo para o seu futuro destino como rei da terra.

A historiografía tende a describir a García como un rei feble e incompetente, pero convén non perder de conta que as fontes para o seu reinado proveñen na súa maioría do entorno de seu irmán Afonso VI, obviamente moi interesado en xustificar a usurpación deste[13]. Polo que podemos tirar dos datos documentais obxectivos[14], o novo monarca galego, mesmo continuando ca orientación política paterna, soubo arrodearse de membros da

10 Por citar só as obras máis salientables que o teñen de protagonista: Victor Hugo, *O reiciño de Galicia* [traducción de Henrique Harguindey], Arteixo, 2005 [orixinal francés de 1859], Xoán Bernárdez Vilar, *No ano do cometa*, Vigo, 1987 e Darío Xohán Cabana, *Morte de rei*, Vigo, 1996.

11 En palabras de Castelao: «Como despois o rei García de Galicia había de morrer apreixado no castelo do seu irmán Afonso VI [tal foi sempre a infelicidade política do noso país]» *[Sempre en Galiza*, p.263; seguimos a edición de Akal de 1977].

12 Pódese atopar una excelente estudo reivindicando o papel desta raíña galega en Fuente, 2004, pp. 107-136.

13 Un bo exemplo en Jean-Pierre Jardin, «La partición de los reinos de Fernando I en la Chronica naiarensis», e-Spania [en liña], 2009, colgado o 27 de maio de 2010, consultado o 29 setembro 2022. URL : http://journals.openedition.org/e-spania/17991; DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.17991

14 A mellor e máis documentada biografía do monarca é a de Portela, 2001, que imos seguir neste apartado, se ben as lecturas e interpretacións son nosas e non sempre coincidentes [comezando co título: nunca houbo un rei García I de Galicia], Ver tamén López Carreira, 2005, pp. 332-338.

vella clase dirixente tradicional do país e, fose porque estes recoñecíano como o seu señor natural e soberano ou porque consideraran que por intermedio seu poderían recobrar a súa posición de predominancia sobre o Noroeste peninsular, o caso é que todo indica que aceptaron a García como seu rei e outorgáronlle na súa maioría a súa fidelidade persoal, que non poucos mantiveron mesmo durante o seu cativerio, chegando a arriscar vida e fortuna na defensa dos seus dereitos reais. Dentro da relativa itinerancia propia das funcións rexias naqueles tempos, García parece ter establecido como capital do seu reino a cidade de Santiago de Compostela, que comezaba, como dixemos, a florecer como centro de peregrinaxe da cristiandade europea. De feito, a protección á Igrexa católica, como instrumento de administración do territorio ó servizo da monarquía e como factor impulsor do desenvolvemento económico e demográfico de Galicia, así como lexitimadora e defensora do modelo político feudal, foi un dos grandes eixes do seu breve reinado, durante o cal restauráronse definitivamente as sés episcopais de Braga, Ourense e Tui, co cal estas cidades retornaron á vida activa como centros urbanos de importancia [Baliñas, 2006b, pp. 97-110]. O outro grande obxectivo do seu reinado foi a asimilación, pacificación e reconstrución dos territorios entre Douro e Mondego recentemente reincorporados ó reino de Galicia, como mostran as súas actuacións en Coimbra e Lamego.

En resumo, García semellaba perfectamente asentado no trono de Galicia e tiña xa unha respectable executoria como monarca e, de feito, arredor do ano 1070, parece ser que se estaba xa pensando en darlle continuidade e proxección á nova dinastía real galega mediante o seu matrimonio cunha filla do rei de Inglaterra e duque de Normandía, Guillerme o Conquistador[15]. Mais nin sequera a través dun rei propio era Galicia un país doado de gobernar, nin a ríspeta nobreza condal galega –aínda reticente a aceptar o novo modelo de monarquía feudal– era un grupo fácil de controlar. E non todos os aristócratas galaicos vían unha avantaxe en dispor dun rei próximo e cunha axenda propia que non tiña por que coincidir ca súa. Por exemplo, os magnates da fronteira portuguesa co Islam, afeitos a unha situación de virtual independencia e cada vez máis desconectados dos intereses do resto do reino, non agochaban o seu resentimento fronte ao que, dende o seu punto de vista, era unha intromisión insoportable na súa tradicional liberdade de actuación, xusto cando a desfeita da España musulmá abría expectativas de terras que conquistar e botíns que obter. O conflito foi collendo pulo e derivou nunha rebelión

15 A primeira nova deste proxecto matrimonial aparece en Cordero, 1952, pp. 75-78. Tradicionalmente, tense posto este enlace en relación ca revolta de 1087-88. Por razóns que sería moi longo de expoñer aquí e agora, nós pensamos que o compromiso matrimonial formal tivo lugar cando García reinaba [se ben non chegou a haber voda formal, pero si uns esponsais con valor legal vinculante], o que apunta a unha data arredor de 1070-1071, e que a prometida era a primoxénita de Guillerme, de nome Adeliza ou Adelaida, xa núbil en 1066 e que, dato significativo, nunca casou, seguía solteira en 1088 e morrería como monxa a comezos do século XII.

aberta, rematada en xaneiro do 1071 na batalla de Pedroso, preto da actual Vila Nova da Gaia, ca vitoria de García e os seus fieis sobre dos insurrectos e ca morte do adaíl rebelde, o conde Nuno Méndez de Porto[16]. Os rebeldes e as súas familias e achegados, segundo ditaban os usos feudais, foron desposuídos das súas propiedades e cargos, que foron logo entregados a homes novos –moitos deles do caste da pequena nobreza dos «infanzóns»– de probada fidelidade á monarquía. Esta secuencia de feitos pode servir mesmo para ilustrar, por unha banda, a relativa posición de dominio e a firmeza acadadas polo recente rei de Galicia e cuestionar a imaxe de febleza e incompetencia que lle arrodea historicamente, como, pola outra banda, para salientar a inseguridade e inestabilidade da autoridade rexia sobre dos seus dominios.

Porén, a principal ameaza para o reinado de García en Galicia e a propia estabilidade do reino non proviña dos seus súbditos, senón das ambicións persoais dos outros dous fillos de Fernando I de unificar en cadansúa persoa os divididos dominios paternos e reconstruír o «imperio castelán-leonés» en beneficio propio[17]. O primeiro paso cara a ese obxectivo radicaba en desfacerse do rival máis débil e con menos apoios externos e internos e mesmo acabado de saír dun custoso conflito interno. Así, ese mesmo ano de 1071, Sancho de Castela e Afonso de León invadían o reino de Galicia para partillalo entre deles, forzando ó coitado García a buscar abeiro na aliada taifa musulmá de Sevilla. Sancho II de Castela remataría logo por axuntar na súa man os tres reinos paternos, os cales pasarían logo ó poder de Afonso VI de León, logo do oportuno asasinato do primeiro. Cando ese mesmo ano García regresou do seu exilio para cumprimentar a Afonso e recobrar o seu trono galaico, o seu irmán fíxoo prisioneiro, reclamou o reino de Galicia para si e confinou ó deposto soberano na inaccesible fortaleza leonesa de Luna, ó pe da Cordilleira Cantábrica, ata o seu pasamento no ano 1090.

O fin da «Gran Galicia», a consolidación da monarquía feudal e as orixes da separación política de Galicia e Portugal: o reinado de Afonso VI en Galicia [1072-1109]

Sen embargo, a deposición forzada e o encarceramento de García non supuxeron en maneira algunha a desaparición do Reino de Galicia, como algúns dan a entender[18]. Compre ter moi presente que, canto menos formalmente, Afonso VI foi tamén, entre 1072 e 1109, rei de Galicia, dun xeito

16 Un relato virtualmente coetáneo pódese atopar na portuguesa *Chronica Gothorum*, PMH-Scriptores, p. 10.
17 Para isto e o que segue, ver González Mínguez, 2002, pp. 77-99.
18 Por exemplo, no clásico estudo de Reilly, 1989.

non moi diferente a como posteriormente as vellas coroas de Aragón e Castela sobreviviron como entidades separadas baixo da fachada común do Reino de España ata o século XVIII ou a como os Estuardo foron reis de Escocia ata 1707 ao mesmo tempo que o eran de Inglaterra[19]. Afonso VI asinou como soberano privativo de Galicia a maioría dos seus actos públicos en territorio galaico e mantivo institucións propias e un cadro de persoal específico para o goberno de Galicia como reino con entidade propia e diferenciada. Dito isto, é innegable que, dende unha posición semellante á do seu pai Fernando, en canto que rei de reinos, Afonso foi un monarca moito menos «galego» ca seu proxenitor [e, evidentemente, que seu irmán García]. Os intereses galaicos tiñan un peso secundario na política global do imperio hispano, centrada na expansión cara o centro e sur peninsulares a costa dos territorios dos reinos musulmáns de taifas, a hexemonía política sobre dos outros reinos cristiáns peninsulares e o reforzamento da posición da monarquía no cume da pirámide feudal a imitación do que estaba acaecendo nas veciñas monarquías de Francia e Inglaterra[20]. A tendencia europeizante do seu estilo de goberno e o torticeiro uso de causas como o apoio á Reforma Gregoriana para, mediante a eliminación dos vellos usos litúrxicos tradicionais e a imposición de eclesiásticos estranxeiros vinculados ao monacato cluniacense, poñer baixo do seu control á Igrexa eran unha nova ameaza para a reducida independencia política e económica da nobreza condal galega e para a autonomía das institucións eclesiásticas autóctonas. Máis aínda, o contexto mesmo do seu acceso ó trono galego vulneraba frontalmente a complexa rede de lazos interpersoais e xuramentos de fidelidade entre monarca e vasalos que era o alicerce mesmo da monarquía nacional feudal que Afonso VI pretendía representar e defender: para moitos dos seus súbditos galaicos o seu reinado era o dun intruso e usurpador dos dereitos do lexítimo rei García, aínda vivo. Tampouco parece que o rei leonés buscara un achegamento consciente ó seu reino galego, un vieiro de lexitimación, a través de visitas frecuentes ó país ou establecendo vencellos persoais e familiares ca aristocracia galega, para alén da súa indiscutible promoción da peregrinación a Compostela que, no fondo, beneficiaba tanto a Galicia coma aos outros dominios rexios e non era, xa que logo, sinal dunha marca de favor especial[21].

O latente descontento estoupou no ano 1087 cando, baixo da dirección do conde Rodrigo Ovéquiz, moi presumiblemente un dos membros da corte rexia de García, unha boa parte da nobreza galaica ergueuse en

19 Ao respecto das diferentes conceptos de reino, nación e soberanía na Idade Media e na actualidade son moi suxestivos os estudos recollidos en Sabaté [ed.], 2021.
20 Ademais do traballo de Reilly citado na nota 24, son relevantes para entender o proxecto político de Afonso VI as obras de Estepa, 1985, e os diversos estudos contidos en VV.AA., 2012.
21 Unha opinión básicamente coincidente, con pequeños matices, coa de Fletcher, 1993.

aberta rebeldía contra do monarca. Semella que os insurrectos pretendían a restablecemento no trono do encarcerado García e contaban ademais co apoio do rei de Inglaterra, Guillerme I, pai da prometida daquel. Os cimentos mesmos do poder de Afonso VI en Galicia, quen nese mesmos intres estaba facendo fronte ás consecuencias da súa soada derrota en Zalaca [Sagrajas] diante dos almorábides, abanearon e ameazaron con caer. Só a oportuna morte do rei de Inglaterra e o recurso ás súas tropas castelán-leonesas –abandonando de momento a loita na fronteira musulmá– permitiu ó soberano esmagar a revolta despois de prolongados combates e de ter que tomar por asalto a cidade murada de Lugo, derradeiro reduto dos insurrectos[22]. Mais a inseguridade e a oposición houberon de continuar tempo despois, alimentando a desconfianza entre a aristocracia galega e o rei-emperador, como pon de relevo a abrupta deposición e encarceramento de Diego Páez, bispo de Iria-Santiago e o máis influínte dirixente nativo galego do momento, nese ano de 1088, acusado de traizón [Baliñas, 2006b, pp. 97-110]. E, se ben a morte, pouco tempo despois, do deposto García eliminou unha das eivas da súa autoridade en Galicia, sacaba á luz outra case tan poderosa: Afonso carecía daquela de descendencia masculina e cando esta chegara, xa serodiamente, era máis ca previsible que o seu longo e disputado reinado daría paso ó feble goberno dun rei neno.

Ademais, ao tempo que Galicia acadaba a súa formulación como espazo político independente, como monarquía feudal nacional, a súa unidade interna comezaba a quebrarse. Se da *Gallaecia* romana xurdiron Asturias, Galicia e León, da «Gran Galicia» altomedieval vaise esguizando ao longo do século XI unha nova realidade xeográfica, humana e administrativa que axiña rematará por tomar corpo arredor do corónimo «Portugal»[23]. Precisamente, os avances islámicos van converter dende fins do século X as terras da beira norte do río Douro na nova *pars strema* ou fronteira meridional de Galicia. É un feito histórico contrastado que as terras de fronteira, pola súa distancia xeográfica e mental do centro, polo contraste e mestizaxe de culturas e sociedades, pola súa necesidade de recorrer á solidariedade e á autarquía, son poderosos focos de xeración de identidades nacionais, como proban os casos de Cataluña, Dinamarca ou Austria, xurdidas das marcas do imperio carolinxio, ou, en época posterior, o caso paradigmático dos Estados Unidos de América[24]. Esta marca fronteiriza galaica se articula arredor da cidade de Porto e do circundante *comitatus portucalense*, cuxa xurisdición vaise estendendo ó virtual conxunto das terras entre o

22 Ver documento de 1088-07-21 do Tombo Vello de Lugo, ff. 66r-67r.

23 Para isto e o que segue, ver Baliñas, 1998, pp. 139-162.

24 É a tese clásica do historiador norteamericano Turner, Frederick Jackson [1920], «The Frontier in American History», accesible en xroads.virginia.edu/~hyper/turner/ [consultado o 30 de Setembro de 2022]. O concepto de fronteira ten sido aplicado ao caso portugués por Mattoso, 1985, p. 32.

Limia e o Douro, de xeito que para mediados do século XI na documentación da rexión o termo «Portugal» aplícase xa ao conxunto destas comarcas como unha unidade de seu[25]. Cando, en tempos de Afonso v e Fernando I –entre os anos 1025 e 1065–, se produza a reconquista dos territorios perdidos diante dos musulmáns alén Douro, estas terras reconquistadas se inclúen tamén no macro-territorio portugués, ao que a monarquía dota de recoñecemento como unha unidade administrativa específica: a *terra Portugalensis*[26]. Igualmente, conforme avanzamos no tempo, constatamos como na documentación portuguesa se fala xa de Galicia como dunha realidade xeográfica diferente, e ás veces Portugal aparece como unha terra distinta ou, canto menos, como unha rexión con identidade propia dentro do conxunto de Galicia[27]. De igual maneira, xorde o xentilicio «portugués» como común a todas as terras portuguesas e contraposto ou desemellante do «galego»[28]. Reciprocamente e de xeito case especular, na Galicia nuclear fálase de Portugal como dunha terra diferente[29] e dos seus habitantes como alleos á comunidade dos galegos[30]. Mesmo as fontes andalusís do momento distinguen, malia que non sempre con total precisión xeográfica, as terras habitadas polos galegos –al-yalaliqa– das poboadas polos portugueses –al-burtuqalis–[31].

Esta progresiva tendencia centrífuga entre a «vella» Galicia nuclear e o «novo» Portugal ex-galaico levará a un claro incremento da conflitividade entre as dúas realidades, que estalará en conflito aberto no ano 1071, cando os condes de Portugal se rebelen contra do rei de Galicia e portugueses e galegos se sitúen en bandos opostos[32]. O rei-emperador Afonso VI terá que enfrontar así a un mesmo tempo a extensa resistencia ó seu reinado en Galicia, onde era considerado por moitos como un usurpador do trono do seu irmán García, e o xordo conflito entre portugueses e galegos, que debilitaba aínda máis a súa autoridade no noroes-

25 *Post hanc causam uenit OrdonioRanemiriz et sua mulier domna Geluira ad multis temporibus in Portugale* [1045-03-31, PMH-DC nº CCCXL. As terras destas persoas non están sitas nas inmediacións da cidade de Porto e se atopan esparexidas por un amplo territorio entre o Lima e o Mondego].

26 *Avitabit Egas Erotez in terra Portugalensis cum gens sua in logo predicto inter Doiro et Vauga per plures annos... et pervenit in terram inter Durio et Limie* [1053-01-12, PMH-DC, nºCCCLXXXIV]. Fernando I desautoriza os *sui egonomi de Portugali... uolebant inquietari homines morantes in uillis... Beatus Iacobus... et ab aliis in terra Portugalensi* [1065-03-10, López Ferreiro, nº XCVI].

27 Se imos ó detalle, antes do ano 1000 fálase de *Portugale* como un territorio dentro de Galicia e centrado arredor da cidade de Oporto; entre 1000 e 1050 prima o concepto dunha rexión específica dentro de Galicia e dende 1050 predomina a idea de Portugal como algo diferente de Galicia [cfr. Baliñas, 1996, *passim*, para máis detalles].

28 É moi significativo o feito de que cando, nunha data indeterminada do ano 1068 o rei García faga unha doación en Portugal a uns nobres locais, se saliente a alienidade dos asinantes vidos do norte: *Et de Galetia Arias Fernandiz conf. Martino Cresconiz conf. Pelagio Cidiz conf... alio Pelagio Cidiz de Asturias* [1068, PMH-DC, nº CCCCLXXXIV].

29 Un exemplo, tomado da documentación compostelán: *Et sunt ipse uille in ualle de Uice, territorio Portugale* [1066-06-25, López Ferreiro, nº XCVII].

30 *Frater Pelagius Ribeira duxit de Portugalia Ali petrarium ...et alios homines... Iste Martinus Porra habuit uxorem galegam de ingenuo genere... Orracha Petri, uxor de Martino de Seria galego* [ha. 1100, Tombo de Sobrado, ff. 50r-51r].

31 Así o describía o xeógrafo andalusí Al-Bakrí [1014-1094], fillo dun rei de taifas e bo coñecedor da situación xeopolítica do momento, en Al-Bakrí, Abu Ubayd [1982], *Geografía de España [Kitab al-Masalik wa-l Mamalik]*, Zaragoza. Anubar, pp. 20-21 e, xa para mediados do século XII, Dubler, 1949, pp. 59-122. Máis exemplos en Carballeira, 2007.

32 *Era MCVIIII ... Portugalenses commiserunt prelium adversus regem domnum Garciam, filium regis domni Fernandi* [*Chronica* Gothorum, PMH-*Scriptores*, p. 10. A data de 1071 é discutida, pero iso é irrelevante para o tema que nos ocupa].

te peninsular. Cando isto se complique co tema da súa sucesión, o monarca, recoñecendo as novas realidades xeopolíticas, rematará na década de 1090 por colocar ó seu xenro Raimundo de Borgoña, home da infanta Urraca, como virtual gobernante autónomo de Galicia[33] pero confiando a administración de Portugal, concibido como unha unidade política entre Miño e Texo, ó seu outro xenro, Henrique, curmán e cuñado de Raimundo[34]. Abríase así o proceso polo que estas realidades políticas, xeográficas e humanas diferentes e diferenciadas seguirían camiños diverxentes, unha –o reino plenomedieval de Galicia– baixo do goberno, primeiro, de Urraca e Raimundo e logo do fillo destes Afonso [VII], quen rematará por recoller nas súas mans a meirande parte do imperio do seu homónimo avó [Pallares e Portela, 2006; Recuero, 2003], e a outra –o condado autónomo e logo reino de seu de Portugal– baixo a dinastía nada da unión de Henrique e Tareixa, a outra filla viva do monarca, rexentes *a flumine Mineo usque in Tagum*[35]. O resultado final, a proclamación da independencia política de Portugal respecto do imperio castelán-leonés –onde si fica o reino de Galicia– nos campos de Ourique por Afonso Henriques en 1138 [Mattoso, 2014], non foi, en consecuencia, un «accidente político» senón o remate case indefectible dun longo proceso histórico que xa non tiña volta atrás.

A xeito de conclusión

O gran poeta escocés Robert Burns deixou escrito que «os mellores plans de ratos e homes a miúdo véñense abaixo e non deixan máis ca sufrimento e dor no canto do gozo prometido». Nós hoxe sabemos que as inesperadas e temperáns mortes de Raimundo de Borgoña e do seu fillo e presunto herdeiro Sancho en vida aínda do ancián Afonso VI farían saltar polos aires o coidadosamente planificado deseño que este fixera da súa sucesión e da continuidade do reino de Galicia e do condado de Portugal dentro do imperio hispano-cristián que o vello monarca herdara de Fernando I e ampliara ata convertelo na principal potencia peninsular para fins do século XI da nosa era. A combinación de procesos históricos que viñan de lonxe no tempo co azar dos destinos individuais determinaron a secuencia de sucesos que levaría en 1111 á coroación de Afonso, o fillo de Raimundo e Urraca, como rei independente de Galicia e cando este, como Afonso VII, axuntara de novo nas súas mans o grande imperio castelán-leonés-galaico á proclamación do seu rival dinástico Afonso Henriques [como Afonso I] da independencia do reino de Portugal no ano 1139. Analizar polo miúdo esta

33 *Comes dominus Ramundus imperans Gallicia sub gratia imperatoris Ildefonsi* [1090-01-28, López Ferreiro, t. III, nº V]. *Ego Ramundus dei gratia comes et totius Gallecie dominus* [1094-11-13, PMH-DC, nº DCCCXIII]. *Ego comes Raimundus totius Gallecie senior et dominus* [1095-09-24, López Ferreiro, t. III, nº VII].

34 *Ego Henricus comes portugalensis pariter cum uxore mea Tarasia... quia in nostro dominio et dicione consistit omnis Portugalensis prouincia... Que ibi sunt de Portucali...* [1097-12-9, López Ferreiro, t. III, nº X]. Véxase tamén a nota 43 *infra*.

35 *Comite domno Henrico genero supradicto regis [Adefonso] dominante a flumine Mineo usque in Tagum* [1097-04-9, PMH-DC, nº DCCCXLIX].

etapa final, que pechaba o círculo aberto cen anos atrás pola toma do poder por Fernando I no 1037, excedería xa en moito os límites deste traballo e ten sido ademais suxeito parcial doutras intervencións neste congreso. O noso obxectivo foi sacar da escuridade historiográfica e dotala dun relato coherente e ponderado a esa etapa histórica, non poucas veces presentada como un mero hiato entre dous grandes momentos da Historia de Galicia –o vello e glorioso*«Regnum Gallaeciae*» altomedieval e o esplendoroso período da Era Compostelá e o Reino de León-Galicia dos séculos XII e XIII–, para amosala como o verdadeiro «século do cambio» no Noroeste peninsular [en parello cos procesos que se estaban a dar na Europa do momento], como o momento no que se puxeron os cimentos sobre dos que se foi construíndo un novo concepto xeopolítico e social de Galicia, do que somos –queréndoo ou non– herdeiros e transmisores. *Hic finis historiae*.

FONTES DOCUMENTAIS

Colección diplomática del Monasterio de Celanova [842-1230]. Eds. Emilio Sáez y Carlos Sáez. Alcalá de Henares, 1996-2006, 3 vols.

Colección documental del archivo de la catedral de León [775-1230]. Vol. I, *775-952*. Ed. Emilio Sáez Sánchez. León.1987.

Crónica Najerense, Antonio Ubieto Arteta [ed.], Zaragoza, 1985.

Falque Rey, Emma [ed.], *Historia Compostelana,*Madrid, 1994.

García Álvarez, Manuel Rubén [ed.], *El Cronicón Iriense*, Madrid, 1963.

El Tumbo de San Julián de Samos [siglos VIII-XII].Ed.Manuel Lucas Álvarez. Santiago de Compostela, 1986.

Historia Silense. Eds. Justo Pérez de Urbel y Atilano González Ruiz-Zorrilla. Madrid, 1959.

La Documentación del Tumbo A de la Catedral de Santiago de Compostela: estudio y edición. Ed. Manuel Lucas Álvarez. León, 1997.

López Ferreiro, Antonio, *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* Santiago de Compostela, 1899-1910, vols, II-IV, apéndices documentais.

López Sangil, José Luis y Vidán Torreira, Manuel, *El Tumbo Viejo de Lugo [transcripción completa]*, separata de *Estudios Mindonienses*, nº 27[2011],

Portugaliae Monumenta Histórica. Vol. VII [Diplomata et Chartae] [PMH-DC], Liechtenstein, 1967.

Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices [ss. IX-XII]. Ed. José Miguel Andrade Cernadas. Santiago de Compostela, 1995, 2 vols.

Tumbo-Cartulario del monasterio de Santa María de Sobrado, Archivo Histórico Nacional [Madrid], Sección Códices, signaturas 976-B-977-B.

BIBLIOGRAFÍA

Baliñas Pérez, Carlos [1988], *Defensores e traditores:un modelo de relación entre poder monárquico e oligarquía na Galicia altomedeival [718-1037]*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Baliñas Pérez, Carlos [1998], «La «Estremadura» gallega altomedieval y los orígenes de Portugal», en *Revista da Faculdade de Letras da Universidade de Porto-História,* ii Série, vol. xv, -Actas das IV Jornadas Luso-Espanholas de História Medieval-.

Baliñas Pérez, Carlos [2002], «El «siglo del cambio» en el Noroeste peninsular [1037-1139]», en Fernando García de Cortázar, [dir.], *Nueva Historia de España. La Historia en su lugar*, Barcelona: Planeta.

Baliñas Pérez, Carlos [2006a], «Realidades e apariencias: unha visión histórica da nobreza medieval», en VV.AA., *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Lugo: Deputación Provincial.

Baliñas Pérez, Carlos [2006b], «Pro Ecclesia et Patria: a vida e o tempo de Diego Peláez, bispo de Compostela [1070-1100]», en Agís, M., Cajide, J. e Dosil, A [eds.], *A tarefa do pensar. Homenaxe ao profesor Carlos A. Baliñas Fernández*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 97-110.

Baliñas Pérez, Carlos [2010], «De Gallaecia a Galicia: a redefinición altomedieval dun concepto romano», en María Montes López e Jesús Varela Zapata [eds.], *De Roma a Santiago: caminos de la historia, legado cultural,* Lugo: Axac, 31-51.

Bartlett, Robert [2003], *La formación de Europa. Conquista, civilización y cambio cultural, 950-1350*, Valencia: Universitat de Valéncia.

Carballeira Debasa, Ana María [2007], *Galicia y los gallegos en las fuentes árabes medievales*, Madrid: CSIC.

Cordero Carrete, Felipe [1952], «De los esponsales de una hija de Guillermo el Conquistador con un 'Rey de Galicia'», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. 7, fascículo 21, 57-78.

Dubler, Cesar E. [1949], «Los caminos a Compostela en la obra de Idrisi», *Al-Andalus*, xiv, 59-122.

Estepa Díaz, Carlos [1985], *El reinado de Alfonso VI*, León: Spainfo Ings.

Fletcher, Richard A. [1993], *A vida e o tempo de Diego Xelmírez*, Vigo: Galaxia.

García Conde, Antonio [1991], *Episcopologio lucense*, Lugo: Fundación Caixa Galicia.

González Mínguez, César [2002], «El proyecto político de Sancho II de Castilla [1065-1072», en *Publicaciones de la Institución Tello Téllez de Meneses*, nº 73, 77-99.

Fuente, María Jesús [2004], *Reinas medievales en los reinos hispánicos*, Madrid: Esfera de los libros.

López Alsina, Fernando [1988], «La Iglesia de Santiago y los monarcas de los reinos hispánicos de los siglos IX-XIII», en *Los reyes y Santiago*, Arquivos de Galicia/1 Santiago de Compostela, ¿?

López Carreira, Anselmo [2005], *O reino medieval de Galicia*, Vigo: A Nosa Terra.

Mattoso, José [1982], *Ricos-homens, infançôes e cavaleiros: a nobreza medieval portuguesa nos séculos XI e XII*, Lisboa: Guimarães & C.a Editores.

Mattoso, José [1985], *O essencial sobre a formaçâo da nacionalidade*, Lisboa: Impr. Nacional-Casa da Moeda.

Mattoso, José [2014], *D. Afonso Hernriques*, Lisboa: Círculo de Leitores.

Pallares, M. del Carmen e Portela, Ermelindo [2006], *La reina Urraca*, Donostia-San Sebastián: Nerea S.A..

Poly, Jean-Pierre e Bournazel, Eric [1983], *El cambio feudal [siglos X al XII]*, Barcelona: Labor.

Portela Silva, Ermelindo [2001], *García II de Galicia. El rey y el reino [1065-1090]*, Burgos: La Olmeda.

Recuero Astray, Manuel [2003], *Alfonso VII,* Burgos: La Olmeda.

Reilly, Bernard F. [1989], *El reino de León y Castilla bajo el rey Alfonso VI, 1065-1109*, Toledo: Instituto Provincial de Investigaciones y Estudios Toledanos.

Sabaté i Curull, Flocel [ed.] [2021], *Identity in the Middle Ages. Approaches from Southwestern Europe*, Lleida: ARC Humanities Press.

Sánchez Candeira, Alfonso [1999], *Castilla y León en el siglo XI. Estudio del reinado de Fernando I*, Madrid: Real Academia de la Historia.

Sirantoine, Hélène [2013], *Imperator Spaniae. Les idéologies impériales dans le royaume de León [IXe-XIIe siècles]*, Madrid: Casa de Velázquez.

Viñayo González, Antonio [1999], *Fernando I el Magno [1035-1065]*, Burgos: La Olmeda.

VV.AA. [2012], *Alfonso VI y su legado*. A*ctas del Congreso Internacional. IX Centenario de Alfonso VI,* León: Diputación Provincial.

En permanente reforma: o monacato na Galicia medieval

X. M. Andrade Cernadas

RESUMO. O monacato é peza de singular importancia no estudo da Idade Media en Galicia. O feito de que boa parte do que coñecemos da Galicia medieval dependa da documentación monástica é xa, de por si, máis que revelador.

Ao longo do milenio medieval o monacato vai pasando por diversas fases e diferentes modelos. Nesta contribución imos facer unha proposta de periodización da historia monástica da Galicia medieval, caracterizada polos continuos cambios e permanente reforma.

RESUMEN. El monacato es una pieza de singular importancia en el estudio de la Edad Media en Galicia. El hecho de que buena parte de lo que conocemos de la Galicia medieval dependa de la documentación monástica es ya, de por sí, más que revelador.

A lo largo del milenio medieval, el monacato va pasando por diversas fases y diferentes modelos. En esta contribución vamos a hacer una propuesta de periodización de la historia monástica de la Galicia medieval, caracterizada por los continuos cambios y permanente reforma.

ABSTRACT. Monasticism is a very important piece in the study of the Middle Ages in Galicia. The fact that much of what we know about medieval Galicia depends on monastic documentation is, on its own, more than revealing.

Throughout the medieval millennium, monasticism went through various phases and different models. In this contribution we are going to make a proposal for a periodization of the monastic history of medieval Galicia, characterized by continuous changes and permanent reform.

Entre as moitas imaxes tópicas que hai sobre a Idade Media, a do estatismo, a de ser unha época onde os cambios foron escasos ou menores, non só é das que están mais enraizadas na cultura popular senón tamén das máis falaces en termos históricos. O caso que imos desenvolver, o da evolución do monacato na Galicia medieval, é un exemplo paradigmático dunha realidade en permanente cambio e en continua reforma.

1. Os primeiros tempos do monacato en Galicia

É difícil precisar en que momento xurdiu o cenobitismo en Galicia. Coas fontes escritas na man, probablemente teríamos que adiar o seu nacemento ata o século VI. Nesta época tanto o Parroquial Suevo como distintos testemuños epigráficos dannos as primeiras noticias seguras sobre o noso monacato [Díaz, 2011]

No Parroquial as referencias ao mundo monástico aparecen nas breves notas que acompañan a descrición das dúas sés episcopais que carecían de dimensión territorial nos tempos finais da igrexa do reino suevo: a sé dos bretóns e a de Dumio.

Da primeira dise no Parroquial que a ela pertencen as igrexas dos bretóns asentados en Galicia máis en Asturias, canda o mosteiro Maximi. Este mosteiro semella ser a cabeceira da sé e ten sido identificado como San Martiño de Mondoñedo ou como a actual parroquia de Santa María de Bretoña no concello lucense da Pastoriza. O feito de ser unha igrexa para unha comunidade cultural minoritaria de orixe británico, fixo pensar que a súa organización e modelo coincidirían có que era característico da igrexa británica insular daqueles tempos. Mais se temos que ser francos é unha

mera especulación por canto que, fóra desta parca noticia e dos nomes dalgúns dos seus bispos, apenas sabemos nada sobre esta igrexa xentilicia centrada nun mosteiro [Young, 2004].

Da segunda, Dumio, o Parroquial é aínda máis lacónico. Refire, tan só, que a esta diocese está sometida a súa *familia servorum*. É dicir que este mosteiro de rango episcopal tiña autoridade sobre os seus escravos e dependentes e, cabe imaxinar, tamén sobre a comunidade de monxes do propio cenobio.

Xunto ás informacións contidas no Parroquial podemos botar man das fontes epigráficas [Freire, 1998], por certo en Galicia aínda hoxe carentes de estudos e traballos de catalogación semellantes aos desenvolvidos cós epígrafes romanos. De entre estes sobresae a lápida De San Pedro de Rocas, hoxe conservada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Con data de 573, a maior parte dos que a teñen estudado consideran que pode tratarse dun epígrafe conmemorativo da súa fundación. A relación de cinco nomes, que cabería imaxinar como fundadores ou patróns, e a palabra *hereditas* apuntan nesta dirección. Aínda que é posible que non sexa a lápida orixinal, xa que os seus elementos decorativos semellan ser dos séculos IX ou X, non hai razóns suficientes para dubidar da veracidade do seu contido.

O século VII supón un salto substancial na historia do monacato galego. Convertido xa o extinto reino suevo en provincia visigótica, o territorio galaico emerxe como un dos centros principais da actividade monástica en toda a Península. Desta centuria contamos cunhas fontes escritas de cantidade e calidade mais que notables. Por exemplo dúas regras monásticas redactadas para mosteiros do territorio galaico [a *Regula Fructuosi* e a *Consensoria Monastica Communis*, se ben esta última non é propiamente unha regra], algún texto haxiográfico centrado nun dos pais desta floración monástica [a *Vita Fructuosi*] e seguimos a dispor de testemuños epigráficos sobre algún mosteiro.

O texto que Froitoso de Braga compuxo para rexer a vida dos monxes de Compludo, no Bierzo, e que foi moi seguido polos cenobios do noroeste peninsular, amosa unha forte preocupación pola obediencia dos monxes[1] e incide, especialmente, na disciplina e no rigor. Por exemplo, o seu réxime alimentario e os horarios de vixilia e descanso, semellan tan esaxerados que hai quen pensa que eran de imposible cumprimento. Modelo monástico

1 Díaz Martínez, Pablo C., »Integración cultural y atención social en el monacato visigodo», *Arqueología, paleontología y etnografía,* 4[1990], 91-106 [p. 98].

rigorista pero, ao mesmo tempo, moi pegado á sociedade xa que a profesión monástica concíbese como aberta ás xentes de toda condición e idade.

A Regula Monástica Communis é un texto saído do contorno de Froitoso de Braga que pode ser considerado como o que mellor reflicte o papel asistencial do monacato como «sustitutos de viejas formas de asistencia cívica, o de asistencia comunitaria en el entorno rural»[2] Esta fonte é moi interesante para observar a presenza de algunhas familias nos mosteiros e a existencia dunha rede, a modo de federación, de casas enmarcadas no mesmo esquema.

A coñecida como lápida de Ermefredo é o testemuño máis antigo que temos para documentar a vida cenobítica en Samos. Segundo o epígrafe inscrito nesta desaparecida peza, o bispo de Lugo, Ermefredo, restaura no ano 653 a vida monástica neste enclave, o que quere dicir que xa existira previamente [Mundó, 1961].

2. O monacato galego altomedieval: os grandes mosteiros aristocráticos [ss. VIII-X]

A desaparición do reino visigodo e a conquista musulmá da Península provocou escasos cambios nas estruturas esenciais do mundo galego. No referente ao monacato este seguiu o marco herdado da tradición gótica aínda que pouco a pouco foi adquirindo novos matices.

Por unha banda un paulatino achegamento ao modelo hexemónico do monacato transpirenaico, o inspirado na regra beneditina que, aínda que non era descoñecida na *Hispania* goda, tivera escasa influencia ata o momento. O progresivo contacto có mundo franco, iniciado timidamente con Afonso II, e intensificado, cando menos en parte, coa peregrinación a Compostela dende o século X en adiante, foi elemento clave neste baño de beneditinismo. Porén esta pátina non transformou o estilo monástico local que só foi retocado en aspectos como a concepción do poder e autoridade abacial, por poñer un exemplo.

No século X prodúcese un cambio de importancia. Dende o século anterior fora emerxendo unha poderosa aristocracia, cuxo desenvolvemento ten as súas claves principais na estreita relación coa monarquía e na participación nas campañas de expansión territorial a costa de espazos

2 *Ibidem*, p. 101

andalusís. Estes grupos de poderosos teñen un talón de Aquiles no eido patrimonial [Portela-Pallares, 1987]. O sistema hereditario vixente, que non é outro que o do mundo visigodo, é de tipo igualitario. Salvo un quinto de libre disposición, todo o patrimonio familiar ten que ser repartido, a partes iguais, entre os fillos e fillas. Isto implica que non é posible a continuidade e mantemento das propiedades da familia, de xeración en xeración. Porén existen mecanismos ideados para paliar esta debilidade. Aínda que non é o único, un dos máis importantes é, precisamente, a fundación de mosteiros. Algúns dos máis importantes grupos aristocráticos da Galicia do milenio, desviaban parte do seu patrimonio [e non só o inmobiliario] a un mosteiro fundado por eles. Dese xeito esa parte da súa riqueza xa non quedaba suxeita ás divisións hereditarias e, dunha forma ou outra, seguía baixo o control da familia fundadora que exercía un dominio case total sobre a vida cenobítica nesas casas. De todos os xeitos sería simplista reducir a fundación de mosteiros aristocráticos a unha mera operación patrimonial. Estas casas cumprían, asemade, outras funcións igualmente relevantes para o grupo fundador: servir como lugar de retiro e atención para os vellos e doentes da familia; poderían ser lugares de enterramento para a parentela, tanto a de sangue como a xurdida por outros medios, así como espazo de preservación da memoria do grupo; mesmo algúns desenvolvían unha función como centros educativos e formativos para os nenos.

O panorama sociolóxico destes mosteiros temos que imaxinalo como algo radicalmente distinto da idea tópica que adoitamos ter do que sería un cenobio medieval. Un microcosmos onde convivían homes e mulleres xa que boa parte dos mosteiros daqueles tempos eran dúplices. Nos que había mesturados nenos, xoves, adultos e vellos. Xente de distinta condición social e relixiosa; canda monxes presbíteros ou de menor rango clerical, podemos atopar laicos incorporados á comunidade como *confessi* ou *Deovotae*. Uns mosteiros que teórica e canonicamente, están sometidos á autoridade do seu diocesano pero que, en realidade, dependen moito máis da vontade dos integrantes da familia fundadora. Estamos a falar dun universo no que, por outra parte, a idea de clausura e de afastamento do mundo non pasa de ser un ideal teórico, apenas de posible translación á realidade. Un modelo, xa que logo, que está nas antípodas do que van ser os mosteiros dende o século XII e, sobre todo, dende finais da Idade Media.

Porén, compre non esquecer que non todas as fundacións aristocráticas son iguais. Eran desiguais, para comezar, en importancia patrimonial como reflexo da riqueza do grupo fundador e distintas, tamén, pola diferente concepción da vida monástica. Por exemplo, de entre as casas sobranceiras fundadas no século, Lourenzá e Sobrado teñen comunidades dúplices mentres que Celanova e só masculina. Ao mesmo tempo, a abadía fundada polo grupo familiar de san Rosendo, presenta unha serie de variables que a fan distinta do resto dos mosteiros de fundación aristocrática, quer o sistema de elección abacial [calcado da norma de san Bieito], quer unha especial relación cós reis de León que, cando menos de xeito explícito, non vemos noutros mosteiros coevos.

Para rematar a visión destes séculos temos que mencionar aquelas casas que, segundo as nosas informacións, non están relacionadas cas familias aristocráticas nin na súa fundación, nin na súa xestión. O paradigma deste modelo podería ser San Xiao de Samos. Un mosteiro, como xa vimos, de fundación antiga, e que foi varias veces restaurado. En varias destas ocasións, a súa volta á vida cenobítica estivo relacionada con algúns reis de Asturias e con xentes chegadas do territorio andalusí, os comunmente chamados mozárabes. Por outra parte semella que a súa relación có contorno episcopal é máis estreita que o que acontece nos outros modelos monásticos coetáneos, nos que podemos dicir que viven de costas á autoridade diocesana.

3. A beneditinización e a arribada das ordes monásticas [séculos XI-XIII]

Aínda que, como xa se comentou, a *Regula Benedicti* non era descoñecida no monacato galego, o que non había era mosteiros que puideran cualificarse como beneditinos. É dicir que se rexeran única e exclusivamente polo texto escrito por san Bieito no século VI, como acontecía na maior parte da Cristiandade latina antes do ano Mil. Este proceso é coñecido como beneditinización e constitúe un dos grandes cambios na historia do monacato occidental e do galego en particular,

De todos os xeitos, e perdón por esta pequena digresión, o máis correcto é falar de proceso de normativización exclusiva. Non é só que os mosteiros galegos da Alta Idade Media non viviran baixo a norma única do texto be-

neditino, é que non o facían con ningún outro. É dicir tampouco había mosteiros só frutuosianos, ou exclusivamente isidorianos, xa que logo cada cenobio era completamente distinto no seu réxime de vida. Poderíamos dicir que non había dous mosteiros iguais tendo en conta que cada casa tiña a súa regra específica e individual, unha situación que vai ir cambiando ao longo do século XI.

Convén aclarar que se trata dun dos elementos que forman parte dun proceso xeral e complexo que pode definirse por unha serie de claves: a apertura, e a imitación, cara modas ultrapirenaicas; a influencia exercida polo modelo monástico e normativo que constitúe Cluny; o desenvolvemento da capacidade centralizadora e uniformadora do Papado que ten nestes séculos, coa chamada reforma gregoriana, un dos seus cénits, entre outros.

A beneditinización suporía, cando menos no plano teórico, a fin dunha serie de prácticas que estaban solidamente instaladas no monacato galego. A radical independencia normativa de cada casa. A continuidade das comunidades dúplices. O remate ou diminución da *confessio* dos laicos. A feble autoridade dos bispos sobre os mosteiros. Ou, para concluír, o cese do control total do patrimonio e da vida dos cenobios por parte da aristocracia. Coa mera enumeración destes cambios, aínda que algúns conveña matizalos, podemos ter unha idea do carácter profundamente reformador que implica este novo panorama.

Este proceso foi, como é fácil de imaxinar, gradual e complexo. Un dos axentes impulsores deste cambio foi, sen ningunha dúbida, a monarquía. O cambio substantivo prodúcese coa chegada da dinastía navarra ao trono de León. Fernando I, previamente conde de Castela, era fillo de Sancho III de Pamplona. Este monarca navarro establecera unha relación directa coa grande abadía de Cluny, expresada tanto na súa amizade có abade cluniacense Odilón, como tamén no envío de grupos de monxes de cenobios dos seus dominios á mesma casa nai de Cluny para que aprenderan os usos e hábitos da poderosa abadía borgoñona. Como consecuencia de isto, varios mosteiros da Rioxa, Aragón, Castela ou Navarra, van incorporar os usos cluniacenses como modo de vida.

O achegamento a Cluny é continuado, mesmo en algún aspecto potenciado, por Fernando I. O primeiro monarca leonés da dinastía navarra vai establecer o pago dun máis que xeneroso censo anual en favor da abadía

de Borgoña que estableceu, como recoñecemento e compensación, un programa de rezos e sufraxios tanto en favor do rei leonés como da raíña Sancha.

No ano 1055 Fernando I preside un concilio en Coyanza [actual Valencia de Don Juan, León] no que pretende acelerar o proceso de converxencia da igrexa do seu reino có que acontecía no resto do Occidente. Cuestións como un maior achegamento ao Papado ou a introdución do rito romano en substitución do hispano, formaban parte da axenda conciliar. Como é evidente, o monacato non podía quedar á marxe dos temas tratados nesta magna asemblea. Deste xeito establécese que todos os cenobios do reino tiñan que rexerse ou ben pola regra de San Cidre ou pola de San Bieito. Esta norma pretende, xa que logo, fomentar o proceso de uniformización do monacato a partir de dúas alternativas: a regra isidoriana como legado da tradición hispana, a beneditina como proposta innovadora e pola que podemos dicir que aposta o propio entorno rexio. Con todas as súas limitacións e matices [ata que punto chegou cumprirse o acordado en Coyanza] o canon monástico aprobado neste concilio podemos interpretalo como o primeiro chanzo claro no proceso de beneditinización do monacato do Noroeste.

Moito máis claro e referido exclusivamente a Galicia é o documento que o rei García de Galicia fixo en favor de San Antoíño de Toques no ano 1067 [Andrade, 2000] O afortunadamente rehabilitado reinado de García tivo dous frontes de actuación ben recoñecibles [Portela, 2001]. Un deles foi unha activa política eclesiástica da que, o caso de Toques, forma parte de xeito singular. O certo é que, nun principio non semella un documento especial. Un rei facendo unha doazón en favor dun mosteiro é algo tan común que non cabería agardar novidade algunha. Porén, neste caso si que as hai. Para comezar pola propia materialidade do documento. Trátase dun pergameo orixinal escrito en cursiva visigótica. Non é, xa que logo, unha copia de tombo como acontece ca maioría dos documentos desta época. Ou, o que é o mesmo, o seu contido non é susceptíbel de estar interpolado ou alterado. Orixinalidade diplomática e información veraz, non soen ser as características máis adoitas dos documentos que teñen chegado ata nós. Primeira singularidade.

A través deste documento, o rei galego, fai entrega ao pequeno mosteiro de San Antoíño de Toques, sito no actual concello coruñés do mesmo nome, dunha vila chamada Meire, no territorio de Abeancos, acoutando un

espazo determinado para que nel a comunidade que presidía o abade Tanoi dispuxera de determinadas funcións públicas. Nada estraño cunha excepción: cando se menciona á comunidade de monxes presidida polo abade antedito, xa que se di, expresamente, que se rexe pola regra benedictina. Tratándose dun documento orixinal e non retocado, podemos dicir que é a primeira mención a un mosteiro beneditino en Galicia. Segunda singularidade. Podemos, ademais, intuír que a doazón do rei galego [a única que conservamos del referida a un mosteiro] está relacionada ou causada polo feito de tratarse dunha casa bieita e temos razóns para supoñer que un dos promotores desa adscrición foi o propio soberano galego.

Toques e García marcan, ao meu entender, o inicio do proceso de beneditinización do monacato galego. Porén estamos a falar dun cambio gradual, complexo e non exento de atrancos. O seguinte fito pode ser a Concordia de Antealtares, do ano 1077. Un documento antagónico do de Toques. Si aquel era orixinal, a copia máis nova das conservadas da Concordia data de finais do século XV [Andrade, 2018]. Por outra banda, fronte a veracidade do diploma do rei galego, o texto compostelán está seriamente refeito e interpolado. Aínda así, entendemos que como indicio dun novo chanzo no proceso de converxencia nursiana, o seu contido ten valor. Vaia unha pequena explicación do que pretendo argumentar. A Concordia é o resultado final dun preito mantido entre o mosteiro de Antealtares maila igrexa de Santiago co gallo de diferenciar, definitiva, conceptual e mesmo física e arquitectonicamente, estas dúas institucións que viviran mesturadas e confundidas dende o século IX [López Alsina, 1988]. Diego Páez que, dous anos antes, xa comezara as obras da catedral románica, chega a un acordo có abade Faxildo quen, como se di no documento que conserva a memoria da Concordia, vai construír un mosteiro «seguindo as normas de San Bieito» Esa separación, en si, xa constitúe un testemuño dunha realidade conforme ao modelo beneditino no monástico, e reformador/gregoriano pola parte episcopal. Tendo en conta que estamos a falar dun feito que se produce dez anos despois do que consideramos o primeiro mosteiro beneditino galego, entendo como razoable que a situación que reflicte este acordo é o segundo indicio máis ou menos fiable desta proceso.

1067-1077 marcan as datas de arrinque da beneditinazación un proceso desenvolvido, porén, de xeito gradual e con máis dun atranco. Se acudimos aos documentos dos mosteiros que foron acolléndose á regra benedi-

tina, veremos que as primeiras referencias á vixencia da observancia nursiana non xorden de inmediato nin a un mesmo tempo [Andrade, 1997]. A primeira mención de Samos é do ano 1080 pero, por exemplo, en Celanova temos que agardar ata 1139 para que nun documento se faga referencia expresa á regra.

Os cambios que teoricamente traía consigo a beneditinización implicaban, por exemplo, por remate á vida das comunidades dúplices, moi frecuentes en Galicia, sinaladamente naqueles mosteiros de fundación aristocrática. Pero non sempre foi fácil acabar con estas casas por máis que esteamos a falar dun momento de viraxe cara os modos beneditinos ou, polo menos, orientar axeitadamente á separación por xéneros. O caso, ben documentado, do mosteiro de Cis, pode servir como exemplo. Tal e como conta a *Historia Compostelá* [Falque, 1994, pp. 149-150], Pedro Froilaz, cabeza visible da familia fundadora do mosteiro, expulsa ao abade e a comunidade de monxes que quedaran alí a resultas da extinción da vella comunidade dúplice e, no seu lugar, pretende que sigan a desenvolver a vida cenobítica a comunidade de monxas. Despois dunha amoestación papal, o propio Pascual II acepta que en Cis permanezan as monxas como pretendía o poderoso conde de Galicia.

Tampouco provocou un cambio radical a chegada a Galicia de Cluny. Durante moito tempo a influencia desta poderosa abadía de Borgoña sobre o mundo hispano considerouse máxima. O camiño de Santiago, visto por algúns case como un invento desenvolvido por Cluny, entendíase como a vía de penetración dos usos cluniacenses a modo de onda colonizadora. Esta visión case que imperialista tense modificado substancialmente nos últimos anos [Reglero, 2008] en especial no referido a Galicia. Non só tense demostrado que a presenza cluniacense na principal ruta de peregrinación foi moito máis superficial e limitada do que adoitaba pensarse, senón que os aires borgoñóns efectivamente chegaron pero o fixeron, sobre todo, a través de canles episcopais, e que a pegada directa de Cluny no mundo monástico foi pequena.

Desenvolvamos un pouco máis o exemplo galego. É certo que o nomeamento do cluniacense Dalmacio como bispo de Iria no 1094 marca un punto de inflexión na historia da igrexa compostelá. Foi o primeiro titular da sé iriense que tiña orixe foránea, xa que falamos dunha función que fora desenvolvida por integrantes dos grupos aristocráticos do país. Curiosamente foi, tamén,

o derradeiro bispo de Iria e o primeiro de Compostela, xa que o traslado oficial da sé produciuse na súa prelacía. O feito, que non semella ser mera casualidade, de que o seu episcopado coincida nos mesmos anos nos que Reimundo de Borgoña exercía como conde de Galicia, son proba rechamante do influxo eclesiástico e político-cultural cluniacense no país. Por outra banda, e malia o seu carácter polifacético e de difícil catalogación, o peso que Cluny exerceu en Diego Xelmírez é de sobra coñecido [Portela, 2016].

Fronte a isto a presenza dos priorados de Cluny en territorio galego só pode ser cualificada como de feble. Dos seis priorados que, nalgún momento, pertenceron á provincia hispana, dous teñen un vínculo efémero coa casa nai; outros dous [Moreira e Budiño] teñen unha importancia mediana e só os dous restantes, Xubia e Pombeiro, poden ser considerados de certa relevancia [Andrade, 2017]. Aínda así ningún destes dous priorados chegou ter unha presenza especial, malia ser Xubia unha doazón de Pedro Froilaz e Pombeiro da mesma raíña Urraca. De feito Xubia non conseguiu desvincularse do grupo familiar dos Traba e Pombeiro foi sempre unha comunidade pequena e con serios problemas de disciplina e de rigor normativo.

Caso distinto o representa a pegada deixada en Galicia polo Císter [Portela, 1982]. Fronte a debilidade cluniacense o impacto dos monxes brancos no país foi extraordinario. Non só foi en Galicia onde xurdiu o primeiro cenobio da orde cisterciense, Sobrado en 1142, senón que nun século son nada menos que quince os mosteiros galegos que son fundados ou se adhiren ao Císter. De entre estes atopamos algúns dos cenobios que chegaron ser referenciais na Idade Media galega como o propio caso de Sobrado, Meira, Oseira ou Montederramo.

Outra diferenza entre Cluny e Císter en Galicia estriba no seu diverxente éxito patrimonial e señorial. As casas bernardas, sinaladamente as máis renomeadas, acumularon un enorme patrimonio froito da xenerosidade rexia, do favor popular, dunha explotación directa e colonizadora desenvolvida nas súas terras, dunha xestión económica baseada na inversión dos excedentes en ampliar as súas propiedades e, por último, por xogar activamente a carta da participación nos mercados e da vida urbana.

Tamén é importante ter en conta que, malia a dependencia que os priorados cluniacenses teñen con respecto á casa nai, non podemos falar, polo

menos en orixe, dunha orde en sentido estrito como si podemos dicir do Císter: mosteiros relacionados en rede, dependentes enteiramente da súa respectiva casa nai, clónicos no seu funcionamento interno e na súa xestión económica e patrimonial.

O éxito económico e social do Císter en Galicia ten o seu reflexo tanto na realidade documental como nas visións historiográficas cuestións que, considero, merecen algunha reflexión. Os documentos conservados dos séculos XII-XIII son moitísimos máis que os que conservamos dos séculos X-XI. Acudindo ao *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval* [Barreiro, 1991] que, malia as súas limitacións, pode servir como unha boa aproximación ao coñecemento do tema, observamos que fronte aos 1409 documentos que conservamos para os séculos X-XI, son 15.370 os pertencentes aos séculos XII-XIII. Un contraste brutal que, en moi boa medida, está relacionado coa explosión da documentación cisterciense. Por exemplo só os documentos rexistrados nos Tombos de Sobrado para estes dous séculos, son 1.050[3], e no caso dos copiados no de Toxosoutos falamos de 750 pezas. Neste mesmo período a colección documental de Montederramo inclúe 622 textos [Lorenzo, 2019] e a de Oseira case que 1300, concretamente 1296 [Romaní, 1991]. Por comparar có outro gran protagonista da produción documental destes séculos, o mundo catedralicio ou episcopal, vemos que da sé de Ourense se conservan 714 documentos deste período [Pérez Rodríguez-Vaquero], unha cifra equiparable á que vemos nalgúns dos mosteiros cistercienses. Polo contrario a colección diplomática de Mondoñedo rexistra só 53 documentos [Cal Pardo, 2000] ou, no caso compostelán, sobre cuxa importancia non hai por que insistir, os diplomas transcritos destes séculos entre os tombos A e o B apenas superan os 350 [Lucas, 1998; González Balasch, 2004].

Este desequilibrio documental en favor dos mosteiros do Císter ten influído, aínda que só sexa parcialmente, nunha tendencia académica e, mesmo, historiográfica, que me gustaría comentar e, se cadra, cuestionar e mesmo, criticar. Estou a referirme a unha visión da Galicia pleno medieval feita preferentemente dende a documentación monástica e, sinaladamente, cisterciense.

Malia a súa importancia, é necesario lembrar que esta documentación representa unha parte, só iso, da complexa realidade social da Galicia

3 No seu clásico estudo sobre Sobrado, Pallares fala dunha colección documental composta por 1300 documentos [Pallares, 1978, p. xxv].Tendo en conta que son 147 os documentos anteriores a 1100, temos que para os séculos XII e XIII se conservan 1153, un cento máis dos copiados nos tombos.

medieval. Coido que somos máis de un, e certamente teño que incluírme neste grupo, os que temos confundido a parte có todo. Construír unha imaxe desa sociedade feita dende a perspectiva da realidade reflectida nesta documentación que, insisto, aínda que relevante e veraz, non deixa de ser unha visión parcial, pode conducir a obter conclusións falaces. Mesmo territorialmente, a pesar da forte implantación da orde en Galicia, non todo o país pode ser estudado con estes documentos. Por outra banda, alén das granxas, da dialéctica patrimonial e social de monxes e campesiños, da creación e xestión dos grandes dominios monásticos, hai moita máis vida á que os historiadores galegos, fascinados e atrapados na maraña monástica, non sempre fomos quen de responder ou mesmo atender.

Non se trata de facer tabula rasa con todo o publicado nestes eidos, pero si de ter moi presente que estamos falando, reitero a idea, dunha parte, nunca dun todo. A propia idea, que eu mesmo teño expresado en máis dunha ocasión, de que a Galicia medieval era un xigantesco couto monástico é, sinxelamente, falaz. Noutro sentido ver aos monxes como unha sorte de meigas chuchonas que crean un campesiñado uniforme na súa pobreza e dependencia, é irreal e caricaturesco.

Arredor da exitosa xestión económica e patrimonial do Císter tense explicado o xurdimento das cidades galegas, o desenvolvemento do comercio ou a eclosión dos coutos, por sinalar tres realidades claves para comprender a Galicia medieval. Esta fascinación polo suposto éxito, integridade e independencia dos monxes brancos, penso que ten levado a infravalorar a importancia de aspectos tan relevantes como as dinámicas sociais de carácter mais estrutural ou o papel xogado pola monarquía.

Coido que pasa o mesmo coa aristocracia. Ninguén pon en cuestión a estreita relación existente entre os grandes grupos aristocráticos e os mosteiros na época alto medieval, pero semella que iso desaparece, como por arte de maxia nos séculos XII-XIII. Qué ían facer os nobres fronte aos poderosos bernardos? O feito de que un grupo tan sinalado como os chamados Traba teñan doado mosteiros á orde cisterciense, é analizado como unha mostra de piedade familiar ou como unha estratexia de querer estar presente en todas as frontes [Alonso, 2007]. Rara vez ten sido estudado como a punta de lanza da intromisión dos poderosos laicos no imaxinado sanctasanctórum cisterciense. Debemos preguntar:

Desapareceu o interese dos laicos por facerse có control das propiedades monásticas? Esfumouse o seu desexo por ter presenza na vida claustral a efectos de memoria ou de influencia social? Eran tan inaccesibles os monxes brancos para concibilos como si foran unha versión medieval das modernas corporacións transnacionais? Penso que temos que dar como resposta un rotundo non.

Pérez Rodríguez, posiblemente o historiador cunha visión mais panorámica e global do monacato galego medieval [Pérez Rodríguez, 2019], ten falado do «éxito historiográfico» do Císter en Galicia [*ibidem*, 2006]. Esa fortuna, por exemplo, pode ser a razón pola cal os cóengos regulares de Santo Agostiño seguen a ser practicamente ignorados polo medievalismo galego. Unha desatención, con poucas excepcións [Pérez Rodríguez, 2009] que é tanto máis rechamante canto que estamos a falar de máis dunha ducia de mosteiros espallados pola Galicia dos séculos XII e XIII, entre os que están casas principais como poden ser Caaveiro ou a Colexiata do Sar. O propio desinterese polo estudo dos monxes beneditinos nestes séculos pode ter certa relación con esta fascinación polos cistercienses, e sospeito que é a mesma razón do escaso interese por obter un mellor coñecemento das ordes militares amosado pola historia académica.

O certo é que na primeira metade do século XIII podemos falar do cénit do monacato medieval galego [Pérez Rodríguez, 2019]. As casas antigas acollidas á norma beneditina xa non viven no esplendor dos séculos XI-XII pero manteñen os seus patrimonios e privilexios. O feito de que Samos e Celanova sexan recoñecidos como arcediagados por parte das sés de Lugo e Ourense, respectivamente, pode ser unha boa mostra do mantemento do seu status quo. Como vimos de comentar a rápida instalación do Císter e dos agostiños chega ao seu remate cara 1225, aínda en plena vixencia do seu vigor inicial. O feito de que un abade de Oseira, Lourenzo, sexa elixido abade do gran referente galego cisterciense e unha das casas nai da orde, a mesma Claraval, fala ben ás claras deste momento cenital. Nesta altura, cunha aínda tatexante competencia mendicante, os mosteiros galegos chegan ao seu número máximo ao longo de todo o período medieval [Pérez Rodríguez, 2019, fala de 137 mosteiros] e semella que as súas comunidades acadan, tamén, o tamaño maior en todo o milenio. Porén, como adoita suceder, tralo cénit só pode vir o solpor.

4. Os tempos da encomenda e a reforma dos Reis Católicos [ss. XIV-XV]

Os mosteiros, como fillos da sociedade, non son alleos aos avatares históricos. É obvio que non imos detérmonos en explicar as causas e orixes da crise baixomedieval pero compre tela presente, na súa magnitude e complexidade, para comprender a evolución dos nosos cenobios neste período[4].

Un dos primeiros testemuños dos cambios desta época é a diminución do número dos mosteiros. Se vimos de comentar que a mediados do XIII pódese situar o número máximo de casas regrares en Galicia, o certo é que dende este momento comeza a reducirse este número. Son catorce os mosteiros rexistrados en 1225 que, no ano 1400, xa non existen como tales. As desaparicións de cenobios proseguen na primeira metade do século XV, cando, por exemplo, por iniciativa do arcebispo Lope de Mendoza van pecharse a case totalidade [salvo Conxo] das casas bieitas femininas da arquidiocese compostelá. Un proceso parello prodúcese en Tui aínda que, neste caso, son as casas masculinas dos monxes negros as mais afectadas polos peches. Cando comeza a reforma dos Reis Católicos pódese dicir que desapareceron a metade dos mosteiros de *touquinegras* que había en 1225 e un 40% das casas de monxes negros. Falamos duns mosteiros que deixan de selo para converterse en igrexas diocesás ou meras posesións episcopais.

Menos mosteiros e, outra realidade destes tempos, con comunidades máis reducidas. Semella que as grandes casas non volven ter os cadros monásticos que tiveran no período anterior pero, se cadra, o proceso máis rechamante neste aspecto, e o alto número de mosteiros onde se detectan comunidades testemuñais de só dous monxes e, en ocasións, casas nas que non queda rastro ningún da vida cenobítica. Entre os moitos exemplos con que ilustrar esta situación podemos mencionar a Dona Inés Guitián, priora de Pesqueiras, que era, contra finais do XV, a única integrante do seu mosteiro. Estas comunidades minguantes en número de efectivos, adoitan minguar tamén na calidade da vida relixiosa. Son abundantes os testemuños de vida totalmente aseglarada e radicalmente apartada dos principios que a reforma gregoriana fora impoñendo, lenta e traballosamente, no monacato: como a observancia do celibato, ou a non dependencia dos laicos, entre outros. Por continuar có exemplo da solitaria priora

4 Neste apartado sigo, esencialmente, a Pérez Rodríguez, 2019.

de Pesqueiras, a súa soedade parece terse reducido ao ámbito cenobítico xa que era nai de tres fillos, ao parecer de dous homes distintos e, cando a ingresan en Antealtares, está novamente embarazada. Moito máis acompañado aínda viviu Antón López, prior de San Martiño de Xubia, a quen se lle atribúen entre quince e vinte fillos habidos con seis mulleres distintas [Pérez Rodríguez, 2019, pp. 322-326].

O certo é que dende o reinado do segundo dos Trastámara, Xoán I, a coroa de Castela fora dando pasos na reforma monástica que remataran con estas situacións que, certamente, non eran exclusivas de Galicia. Para elo promoveron o asentamento e desenvolvemento de versións novas do mundo cenobítico, como poden ser os cartuxos ou os xerónimos, ou ben favorecendo a versión rigorista e observante do monacato beneditino que vai ir xurdindo arredor de San Benito de Valladolid. Mais a realidade é que no reino de Galicia nin cartuxos, nin xerónimos chegaron ter presenza e, no caso da Congregación de Valladolid, haberá que agardar ao reinado dos Reis Católicos para constatar a súa chegada.

Neste contexto de crise sistémica, cuns mosteiros que aínda tiñan grandes propiedades pero poucos monxes e menos axuda para a súa defensa, a nobreza laica e os seus cabaleiros, afogados pola crise, viron no control e expolio dos dominios monásticos unha das solucións aos seus problemas financeiros. Un documento de 1378 no que se nos informa que o priorado celanovense de Coruxo, preto de Vigo, deixa de pertencer á abadía fundada por san Rosendo no século X, pode servir como testemuño vivo de como os contemporáneos apuntaban claramente nesa dirección como unha das razóns principais da crise de moitos mosteiros. Dise nese documento que Coruxo está rodeado por *homees de paaço et malfeytores et outros fidalgos* que usurpaban as rendas deste priorado, do cal Celanova non obtivera ningún beneficio durante moitos anos.

O mecanismo máis habitual dos nobres da Galicia baixomedieval para ter o control do patrimonio e das rendas dos mosteiros foi a encomenda. Unha fórmula pola cal, a cambio de ofrecer seguridade e comprometerse a non violentar a vida e bens dos claustrais, os nobres recibían dos monxes unha serie de pagos ou compensacións económicas. Porén o que sucedeu na inmensa maioría dos casos, foi un dominio total e un sometemento á extorsión, arbitraria, dos mosteiros por parte de moitos nobres e cabaleiros. A comparación, extemporánea, co modelo encarnado pola mafia siciliana

pode ser impropio historicamente mais penso que é ben acaído en canto ao seu fondo. A encomenda non é, convén aclaralo, exclusiva de Galicia mais é neste reino onde, en palabras de García Oro, acada a súa dimensión máis monstruosa [Gª Oro, 1987].

1486 é o ano da visita *causa orationis* dos Reis Católicos a Compostela, momento no que toman a decisión de reformar o monacato do Reino de Galicia. Non foi o debut de Isabel e Fernando neste tipo de proxectos pero foi aquí onde van exercer unha política máis expeditiva e executiva para acometer os seus obxectivos. Dispuxeron dun xeneroso permiso pontificio [Inocencio VIII en 1487] para desenvolver unha reforma que, en palabras de Pérez Rodríguez, de quen son debedor neste apartado, «en el que se enfrentan dos mundos marcada, tremenda y dramaticamente distintos» [Pérez Rodríguez, 2019, p. 309]. O primeiro responsable de dirixir a reforma en Galicia foi Alfonso Carrillo de Albornoz quen, desde mediados de 1489, asume esta complexa tarefa. As súas accións están en liña e coordinadas con San Benito de Valladolid e, durante o lustro que se ocupa da reforma galega, consigue impoñer as normas observantes en tres casas principais como son Sobrado, Samos e San Martiño Pinario. Un novo e acelerado ritmo vaise impoñer ao longo dos anos 1498-1499 coa chegada de frei Rodrigo de Valencia, prior de San Benito de Valladolid, como máximo responsable da reforma galega. Foi súa a decisión de trasladar, pola forza, a todas as monxas beneditinas a Compostela para recluílas nun mosteiro único, o vello Antealtares. Esta decisión non sempre foi acatada pacificamente. Consta que houbo monxas que fuxiron e comunidades que se resistiron, encastela das e defendidas por homes armados, a integrarse en San Paio.

Dende este momento vaise ir dando un ronsel de sometementos de todos aqueles que non aceptaran aínda a reforma. Os e as recalcitrantes, que os houbo, foron forzados por lei e cadea de por medio, a sumarse á observancia vallisoletana. Todos os monxes beneditinos, salvo os de Samos e Celanova, van quedar adscritos a Pinario. A reforma non triunfou de contado e houbo fugas e retrocesos pero, á altura de 1510 pódese dar por pechada no Reino de Galicia. Dende aquí, que servira como campo de experimentación e exemplo, trasladaríase aos outros reinos da Coroa.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso, Raquel [2007], «Los promotores de la orden del Císter en los reinos de Castilla y León: famílias aristocráticas y damas nobles», *Anuario de Estudios Medievales,* 37-2, 653-708.

Andrade Cernadas, J. Miguel [1997], *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval [siglos X-XIII],* Sada: Ed. do Castro.

Andrade Cernadas, J. Miguel [2000], «En torno a la beneditinización del monacato gallego», *Compostellanum*, 45, 649-656.

Andrade Cernadas, J. Miguel [2017], «Faint black, Brilliant white: from the weakness of Cluny to the strength of the Cistercians [Galicia and Portugal, Twelfth to Thirteenth Centuries]», *Journal of Medieval Iberian Studies*, 9, 220-240.

Barreiro Fernández, X. Ramón [dir] [1991], *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval,* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Cal Pardo, Enrique [2000], *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo,* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Díaz Martínez, Pablo C. [2011], *El reino suevo, 411-585,* Madrid: Akal.

Freire Camaniel, José [1998], *El monacato en Galicia en la Alta Edad Media*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

García Oro, José [1987], *Galicia en los siglos XIV y XV*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Gordo Molina, Ángel [2004], «Relaciones de la monarquía del reino de Leon con la reforma espiritual. Cluny, Fernando I y Alfonso VI», *Tiempo y espacio*, 14, 71-80.

López Alsina, Fernando [1988], *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

Lorenzo, Ramón [2019], *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices,* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Mundó Anscari, Manuel [1961], «La inscripción visigótica del monasterio de Samos», *Studia Monastica,* 3, 157-164.

Pérez Rodríguez, Francisco J. [2006], «El éxito historiográfico del Císter en Galicia: una valoración», en *III Congreso internacional sobre el Císter en Galicia y Portugal. Actas*, [s.l], 15-36.

Pérez Rodríguez, Francisco J. [2009], «Los monasterios premonstratenses en los reinos occidentales de la Península», en *Entre el claustro y el mundo. Canónigos regulares y monjes premonstratenses en la Edad Media*, Aguilar de Campoo, 165-205.

Pérez Rodríguez, Francisco J. [2019], *Los monasterios del reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la reforma gregoriana a la observante,* Santiago de Compostela: CSIC.

Pérez Rodríguez, Francisco J. e Vaquero Díaz, Beatriz [2010], *Colección documental del archivo de la Catedral de Ourense,* vols. 1 e 2, León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro».

Portela Silva, Ermelindo [1982], *La colonización cisterciense en Galicia, 1142-1250,* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

Portela Silva, Ermelindo [2001], *García II de Galicia [1065-1090] El rey y el reino*, Burgos: La Olmeda.

Portela Silva, Ermelindo [2016], *Diego Gelmírez [c.1065-1140] El báculo y la ballesta,* Madrid: Marcial Pons.

Portela Silva, E. e Pallares Méndez, M.C. [1987], «Elementos para el análisis de la aristocracia alto-medieval de Galicia: parentesco y patrimonio», *Studia Historica. Historia Medieval*, 5, 189-202.

Reglero de la Fuente, Carlos [2008], *Cluny en España. Los prioratos de la provincia y sus redes sociales [1073-ca. 1270]*, León: Centro de Estudios e Investigción «San Isidoro».

Young, Simon [2004], *Britonia, camiños novos,* Noia: Toxoxoutos.

A arte na era compostelá: unha catedral para os reis de Galicia

A alianza do *Regnum* e o *Sacerdotium* para a configuración dun templo nacional

Ramón Yzquierdo Peiró

RESUMO. O papel xogado por reis e raíñas foi fundamental para a creación e consolidación do fenómeno xacobeo e da catedral compostelá, de maneira que cada gran proxecto desenvolvido na basílica foi posible grazas ao decidido apoio da monarquía. Sen o pulo que lle deu Afonso II ao descubrimento do sepulcro apostólico, este acontecemento non tería alcanzado tan grande dimensión; e grazas a Afonso III configurouse un novo templo para acoller a uns peregrinos cada vez máis numerosos.

Ao apoio dos reis débense as diferentes etapas da construción da catedral románica, iniciada por Afonso VI. En 1111 Afonso VII foi coroado por Xelmírez como rei de Galicia no altar maior do templo.

Despois, outros dous reis de Galicia, Fernando II e Afonso VIII, resultaron chaves para rematar a construción da catedral, coa participación do Mestre Mateo, quen rematouna no 1211.

O templo íase converter na catedral nacional e lugar de enterramento dos reis de Galicia e a súa familia, para o que acabou por configurarse un novo Panteón Real, trasladado en 1535 á súa actual localización.

Por tanto, o percorrido pola arte na Era compostelá será unha viaxe artística á construción das primeiras basílicas asociadas ao sepulcro apostólico, ao proceso construtivo da catedral románica, dividido en fases sucesivas ata a súa conclusión coa cerimonia de consagración e a configuración do Panteón Real e, por fin, a aquelas testemuñas e obxectos artísticos que chegaron aos nosos días, ben nos seus emprazamentos orixinais, ben incorporadas, por diversas vías, aos fondos do Museo Catedral de Santiago.

RESUMEN. El papel que jugaron reyes y reinas fue fundamental para la creación y consolidación del fenómeno jacobeo y de la catedral compostelana, de manera que cada gran proyecto desarrollado en la basílica fue posible gracias al decidido apoyo de la monarquía. Sin el impulso que le dio Afonso II al descubrimiento del sepulcro apostólico, este acontecimiento no habría alcanzado una dimensión tan grande; y gracias a Afonso III se configuró un nuevo templo para acoger a unos peregrinos cada vez más numerosos.

Al apoyo de los reyes se deben las diferentes etapas de la construcción de la catedral románica, iniciada por Afonso VI. En 1111 Afonso VII fue coronado por Xelmírez como rey de Galicia en el altar mayor del templo.

Después, otros dos reyes de Galicia, Fernando II y Afonso VIII, fueron clave para terminar la construcción de la catedral, con la participación del Maestre Mateo, quien la terminó en el 1211.

El templo se iba a convertir en la catedral nacional y lugar de entierro de los reyes de Galicia y de su familia, para lo que se acabó configurando un nuevo Panteón Real, trasladado en 1535 a su actual localización.

Por lo tanto, el recorrido por el arte en la era compostelana será un viaje artístico a la construcción de las primeras basílicas asociadas al sepulcro apostólico, al proceso constructivo de la catedral románica, dividido en fases sucesivas hasta su conclusión con la ceremonia de consagración y la configuración del Panteón Real y, por fin, a aquellos testigos y objetos artísticos que llegaron hasta nuestros días, bien en sus emplazamientos originales, bien incorporadas, por diversas vías, a los fondos del Museo Catedral de Santiago.

ABSTRACT. The role played by kings and queens was fundamental for the creation and consolidation of the Jacobean phenomenon and the Cathedral of Compostela, so that each great project developed in the basilica was possible thanks to the strong support of the monarchy. Without the impulse given by Afonso II to the discovery of the apostolic sepulcher, this event would not have reached such a great dimension; and thanks to Afonso III a new temple was configured to welcome pilgrims, who were increasingly numerous.

To the support of the kings we owe the different stages of the construction of the Romanesque cathedral, initiated by Afonso VI. In 1111 Afonso VII was crowned by Xelmírez as king of Galicia on the main altar of the temple.

Later, two other kings of Galicia, Fernando II and Afonso VIII, were key to finish the construction of the cathedral, with the participation of Master Mateo, who finished it in 1211.

The temple was to become the national cathedral and burial place of the kings of Galicia and their families, for which a new Royal Pantheon was eventually configured, moved in 1535 to its current location.

Therefore, the journey through art in the Compostela era will be an artistic journey to the construction of the first basilicas associated with the apostolic sepulcher, to the construction process of the Romanesque cathedral, divided into successive phases until its conclusion with the consecration ceremony and the configuration of the Royal Pantheon and, finally, to those witnesses and artistic objects that reached our days, either in their original locations, or incorporated, by various means, to the collections of the Museo Catedral de Santiago [Cathedral Museum of Santiago].

[Ver p. 321] Inventio. Descuberta do sepulcro apostólico polo bispo Teodomiro de Iria Flavia. Miniatura do *Tombo A* da Catedral de Santiago. Arquivo da catedral [Foto Arquivo da catedral de Santiago]

O papel xogado por reis e raíñas foi fundamental para a creación e consolidación do fenómeno xacobeo e da catedral compostelá; tamén no que respecta ao ámbito artístico, de forma que cada gran proxecto desenvolvido na basílica foi posible, sempre, grazas ao decidido apoio da monarquía.

O epígrafe *Era compostelá* que titula este estudo acubilla, polo xeral, o período comprendido polo episcopado de Diego Xelmírez[1] e, normalmente, soe estenderse durante todo o século XII, comprendendo unha verdadeira idade dourada para a sé compostelá na que se avanzou na construción da catedral románica ao tempo que se consolidou a súa prevalencia nos ámbitos eclesiástico e político. En todo elo, sen dúbida, a forte personalidade e gran formación de Xelmírez, que se educara na propia Igrexa de Compostela e tivera ocasión de viaxar e configurar importantes relacións persoais, resultou decisiva[2].

No campo artístico, o período xelmiriano tamén foi clave para a historia da catedral. Co seu nomeamento como bispo levouse a cabo un importante cambio de rumbo no proxecto construtivo da catedral –que antes xa vivira dúas etapas previas– e chegaron á cidade unha serie de mestres foráneos que, da man do propio prelado, que tiña a consideración de «autor da obra»[3], tal e como aparece citado na crónica do seu episcopado escrita no *scriptorium* compostelán grazas ao seu impulso, converteron Compostela nun dos focos artísticos máis activos e vangardistas da súa época. Sen dúbida, boa parte da grandeza da nosa catedral, que séculos e varias reformas despois segue a impresionar a milleiros de peregrinos e visitantes, ten o seu punto de inflexión neste momento que se deu en chamar *Era compostelá*, no que a arte estará ao servizo dun proxecto político e social máis amplo e que terá destacada importancia para Galicia.

1 Diego Xelmírez estivo á fronte da Sé compostelá desde a súa consagración coma bispo en 1101 ata a súa morte en 1140.

2 Sobre a personalidade e papel desenrolado por Xelmírez ver: Castiñeiras, 2010a, e López Alsina et al., 2013.

3 Ver *Historia Compostelana,* ed. Falque, 1994, p. 189. Tamén aparecía así chamado na inscrición presente no desaparecido frontal de prata do altar maior, encargado polo seu fiel colaborador e tesoureiro da igrexa de Santiago, Bernardo.

[Ver p. 321] O rei Afonso II. Miniatura do *Tombo A* da Catedral de Santiago. Arquivo da catedral [Foto Arquivo da Catedral de Santiago.]

Este proceso estenderase máis alá do propio episcopado de Xelmírez e, tras un curto período de incertezas, novamente da man dos monarcas da época, se completaría por fin a construción da catedral románica baixo a dirección do Mestre Mateo[4]. O proxecto mateano suporá un novo tempo para a catedral, coa chegada dunha nova concepción artística que non só permitirá rematar as obras, senón que transformará o templo para unhas novas necesidades, entre as que se atopaba, de xeito destacado, a de ser a igrexa nacional da monarquía galaico-leonesa e o lugar de enterramento elixido polos reis da dinastía Borgoña para o seu eterno descanso, aos pes da tumba do apóstolo Santiago.

Aínda que máis adiante o apoio dos reis sempre estará presente en tódolos grandes proxectos que se levarán a cabo na catedral, coa configuración do Panteón Real, curiosamente, rematará esta época de esplendor que se estendeu por máis de cen anos e que tivo unha importancia fundamental para Galicia e, de xeito especial, no que se refire a súa arte.

Testemuñas artísticas do apoio dos reis nas orixes da catedral compostelá

Non obstante, o importante papel xogado polos reis na configuración e consolidación da catedral compostelá, arredor da cal crecerá a cidade de Santiago, ven do mesmo momento da *inventio*, o milagroso achado do sepulcro apostólico[5] no primeiro terzo do século IX[6]. O momento, polos avatares políticos que estaba a vivir a Península Ibérica desde o seu noroeste; así como o lugar, non poderían ser máis apropiados para que a antiga *Arca Marmórica*, no bosque Libredón[7], acabara por converterse en pouco tempo e grazas ao decidido apoio da monarquía, nun dos focos máis destacados da cristiandade.

4 Sobre o proxecto do Mestre Mateo ver Yzquierdo Peiró, 2019a, así como as referencias bibliográficas incluídas ao final da devandita publicación.

5 Acontecemento que aparece descrito pola *Historia Compostelana* do seguinte modo: «Unos hombres, personas de gran autoridad, refirieron al mencionado obispo, que habían visto muchas veces unas luminarias que brillaban de noche en el bosque que, por el mucho tiempo transcurrido, habían crecido sobre la tumba de Santiago, y que allí se les habían aparecido ángeles con frecuencia. Cuando escuchó esto, él mismo se dirigió al lugar donde aquellos aseguraban que habían visto tales cosas, efectivamente, contempló con sus propios ojos las luminarias que brillaban allí. Inspirado, pues, por la divina gracia, se dirigió rápidamente al referido bosquecillo y mirando alrededor con cuidado encontró entre los arbustos y malezas una pequeña casa que tenía dentro una tumba de mármol. Después de encontrarla, dando gracias a Dios, se dirigió enseguida a presencia del rey Alfonso el Casto, que entonces reinaba en España, y le dio a conocer el asunto verazmente según había oído y visto con sus propios ojos; el rey en persona, henchido de gozo por tan gran noticia, con paso apresurado vino a estas regiones y restaurando la iglesia en honor de tan gran Apóstol trasladó el episcopado de la sede iriense al lugar que se llama Compostela, con la autoridad de muchos obispos, de los siervos de Dios y de nobles varones y con privilegio real» [*Historia Compostelana*, ed. Falque, 1994, p. 70].

6 Aínda que a Historia Compostelana afirma de xeito intencionado que «Hemos escuchado a muchos que lo cuentan que esto sucedió en tiempos de Carlomagno» [*Historia Compostelana,* ed. Falque, 1994, p. 70], actualmente se toma como data máis aproximada o período entre os anos 820-830. Sobre as orixes de Compostela, ver López Alsina, 1988.

7 Sobre a configuración e evolución do sepulcro apostólico custodiado na catedral de Santiago, véxase Barral, 2018.

Polo tanto, desde o mesmo descubrimento do sepulcro apostólico comezou a desenvolverse o culto a Santiago e con el chegaron as primeiras doazóns e privilexios que foron configurando o que acabaría por ser a catedral. Así, Afonso o Casto non só impulsou, de xeito inmediato, a construción dun primeiro templo para acoller o sepulcro recen descuberto[8] –unha edificación que pronto habería de quedar pequena ante a chegada dos primeiros peregrinos–; tamén concedeu á Igrexa compostelá as súas primeiras terras –que os seus sucesores inmediatos haberían de incrementar de forma considerable–; e así mesmo, outorgou ao santuario as primeiras doazóns reais, as cales constituíron a orixe do rico *Tesouro* compostelán, que foi dotado «con moitos dóós et joias»[9].



[Ver p. 322] Lauda sepulcral do bispo Teodomiro de Iria Flavia na súa localización actual no interior da catedral
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Ademais das crónicas medievais nas que se fai alusión á *inventio* e ao inmediato apoio de Afonso II mediante a concesión de privilexios, doazóns e, sobre todo, a construción dun templo [López Ferreiro, 1898-1911, t. II, pp. 27 e ss.] para acoller o sepulcro e a dotación dunha comunidade para atendelo[10]; poucas testemuñas físicas de todo elo chegaron aos nosos días, todas a través da arqueoloxía e, principalmente, das escavacións[11] realizadas baixo a catedral en dúas etapas: a primeira, nos anos 1878-1879[12], no contorno do altar maior para recuperar os restos de Santiago, ocultos desde finais do século XVI; a segunda, a mediados do século XX[13], cando se desmontou o coro manierista[14] da nave principal e se substituíu o vello pavimento marmóreo que doara no seu día o cóengo Méndez Acuña[15]. Así, no 1946 descubriuse o limiar de acceso occidental á basílica de Afonso II, así como outros restos de muros atribuíbles á mesma[16]; e, no 1955, no brazo sur do cruceiro,

8 «Et el rei, quando esto oeu, ouvo gran gozo et alegria porlo señor Deus tener por ben de illuminar toda Espana por tan glorioso et preçado thesouro» [R. Vasques, *Crónica de Santa María de Iria*; ed. Souto, 2001, p. 56].

9 «Et, con grant reverencia, veeo en romaria a[o] santo lugar [de moitos dóós] et, con lagrimas et continuas oraçoes, hedificou et dotou o santo lugar con moitos dóós et joias» [R. Vasques: *Crónica de Santa María de Iria*, op. cit, p. 56]. Ou, como recollía anteriormente o *Chronicon Iriense*, «multa obtulit dona» [Flórez, 1765a, p. 601]. Non se conserva ningunha desas primeiras pezas do Tesouro compostelán que, segundo Filgueira, serían «cruces y coronas, dones de tradición visigótica» [Filgueira, 1959, p. 6].

10 Sobre os primeiros tempos da Igrexa de Santiago, ver Portela, 2020, pp. 9-82 [especialmente, 16 e ss.].

11 Sobre estas intervencións arqueolóxicas na catedral ver Guerra, 1982, e Chamoso, 1956, pp. 5-48.

12 En 1879 os cóengos López Ferreiro e Labín Cabello atoparon no trasaltar os restos que foran ocultados en tempos do arcebispo Sanclemente, un acontecemento que tivo grande importancia na revitalización do fenómeno xacobeo e que, de xeito inmediato, trouxo consigo a remodelación do espazo situado baixo o altar, no se creou unha cripta, accesible desde os laterais, e unha pequena capela para acoller a nova urna que contén os restos que, segundo a tradición, se corresponden co apóstolo Santiago e os seus discípulos. Estas obras supuxeron unha intervención arqueolóxica nesta zona e no seu entorno que aportou os primeiros datos sobre o edículo apostólico e a súa evolución no tempo.

13 Ver un resumo desta intervención arqueolóxica tan decisiva para o coñecemento da historia da catedral en Suárez, 1999, pp. 71-80

14 Sobre o coro manierista, que substituíu nos primeiros anos do século XVII ao vello coro mateano, ver Rosende, 2001, pp. 311-337.

15 Levouse a cabo no ano 1864 grazas ao legado testamentario de Pedro Méndez Acuña, quen fora Deán do Cabido compostelán. Sobre este proxecto, Mera, 2011, pp. 29-32

16 Guerra, 1982, pp. 368 e ss. Segundo este autor, os achados son relevantes no que respecta á demostración da existencia da Basílica de Afonso II, cons-

[Ver p. 322] Maqueta hipotética da Basílica de Afonso III segundo Ramón Yzquierdo Perrín. Fernando Palacio-Taller Armadillo. Museo das Peregrinacións e de Santiago. Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago

xunto ao edículo, a lauda sepulcral do bispo Teodomiro, a máis antiga de toda a colección de tampas epigráficas achadas na catedral compostelá.

A *Lauda de Teodomiro* [Yzquierdo Peiró, 2018, p. 77; e García González, 2017, pp. 73-91], hoxe colocada no espazo que, orixinalmente, ocupaba a porta de acceso á desaparecida capela do arcebispo Lope de Mendoza, no muro oeste do brazo norte do cruceiro, ten unha especial importancia histórica, pois chegara a poñerse en dúbida a existencia real de quen foi decimo quinto bispo de Iria e protagonista do relato do descubrimento do sepulcro apostólico e, con el, do principio do fenómeno xacobeo.

[Ver p. 322] Lauda sepulcral de Aroaldo. Museo Catedral de Santiago. Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago

Trátase dunha gran lousa granítica de cantos redondeados que ten toda a parte frontal ocupada pola inscrición, que se completa por unha cruz de tipo asturiano enmarcada. O texto do epígrafe aporta a información máis relevante sobre o personaxe: «Neste sepulcro descansa o servo de Deus Teodomiro, bispo da sé iriense, que morreu o trece das kalendas de novembro, era 885», data que corresponde co 20 de outubro do ano 847, e, por tanto, constitúe a testemuña física máis relevante de cantas se conservan desta primeira igrexa, construída por impulso do rei Casto para iniciar o culto a Santiago apóstolo.

[Ver p. 323] Almanzor e Traslado das campás da catedral. Juan Luis López. Deputación provincial da Coruña, en depósito temporal no Museo Catedral de Santiago. Foto Denís E. F. / Fundación Catedral de Santiago

A modesta Basílica de Afonso II[17], coa que, ademais, se introduce en Galicia a arte prerrománica asturiana, aínda que desde unha perspectiva particular ao terse que adaptar ás características do mausoleo romano que ía acoller no seu interior [Yzquierdo Perrín, 1993, pp. 75-76], pronto habería de quedar pequena ante os cada vez máis numerosos fieis que se ían achegando a ela. Facíase, por tanto, necesario contar cun templo de maiores dimensións e, si a anterior basílica xurdira da estreita colaboración entre Teodomiro e Afonso II, a nova se deberá ao pulo de Afonso III en sintonía co bispo Sisnando I. Fronte á simplicidade da primeira neste caso haberá un gran coidado nos materiais, incluíndo o uso de mármores[18], serpentina e granito, xunto con estucos e pinturas, dos que se acharon vestixios nas citadas escavacións arqueolóxicas realizadas a mediados do século XX [Yzquierdo Perrín, 1993, pp. 80-81]. En canto a súa organización[19], era

truída tras o descubrimento do sepulcro, a cal, polas características dos restos atopados se corresponderían coas crónicas medievais ao respecto da sinxeleza e pequeno tamaño do templo, que adaptaba a súa cabeceira ao mausoleo preexistente.

17 Na acta de consagración da Basílica de Afonso III é descrita despectivamente como «unha obra pequena, de pedra e lodo» [«quod antiquitus construxerat divae memoriae Dominus Adefonsus Magnus ex petra & luto opere parvo»] Recollido por Flórez [1765, t. XIX, p. 344] e tamén por López Ferreiro [1899, t. ii, pp. 50-52, apéndices].

18 Algúns dos cales proviñan da reutilización de materiais de antigas construcións no sur da Península, tal e como recolle López Ferreiro, 1899, t. ii, pp. 186 e ss.

19 Hai varias hipóteses acerca da organización das capelas da súa cabeceira, citadas por Yzquierdo Perrín, 1993, p. 78.

de tipo asturiano pero, de novo, con peculiaridades obrigadas polas dimensións do mausoleo, o cal permaneceu intacto no interior, caso da cuberta da ampla nave central, de madeira e a dúas augas e non abovedada. Unha estrutura que habería de ter notable influencia en exemplos próximos inmediatamente posteriores[20].

[Ver p. 323] Fragmento de ventá procedente da Basílica de Afonso III ou da súa reconstrución tras a razzia de Almanzor. Museo Catedral de Santiago. Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago

Esta nova basílica de Afonso III que, como a anterior, coñécese polo nome do monarca que a impulsou, evidenciando o importante papel desempeñado polos reis na consolidación do fenómeno xacobeo, comezouse cara ao ano 872 e rematouse pouco antes da súa consagración no 899[21]. Proba do decidido apoio prestado polo rei é que, no 874, ao pouco de iniciarse as obras, peregrinou a Compostela, onde habería de volver, acompañado da súa familia e nobres principais do reino, para a solemne cerimonia de consagración [López Ferreiro, 1898-1911, t. II, pp 191 e ss.].

[Ver p. 323] Pila bautismal da catedral de Santiago, tal vez procedente da Basílica de Afonso III. Catedral de Santiago. Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago

A información recollida pola acta de consagración da nova basílica e os textos históricos [Guerra, 1982, pp. 341 e ss.; e Chamoso [1956, pp. 5-48], así como os restos recuperados nas escavacións arqueolóxicas realizadas na catedral, permiten facerse unha idea sobre a estrutura e características deste templo, excepcional en dimensións e calidade para a súa época. Baixo o pavimento da catedral consérvanse importantes vestixios do seu pórtico occidental, do baptisterio situado no brazo norte e da necrópole situada ao lado contrario, de onde se recuperaron algunhas pezas epigráficas de interese, caso das laudas de Aroaldo [Yzquierdo Peiró, 2018, p. 78], fechada no ano 885, antes, por tanto, da consagración da nova basílica; de Floro [Guerra, 1982, p. 451], que ten a inscrición incompleta pero que debe datar do 920-930; de Vandila [Guerra, 1982, p. 451], do ano 979; e de Anastasio, datada no 985 [Yzquierdo Peiró, 2018, p. 79].

A Basílica de Afonso III tivo o éxito buscado no seu tempo e foi crecendo progresivamente o número de peregrinos que se achegaban ao sepulcro apostólico, feito que recollen con preocupación os cronistas islámicos da época acerca do «máis importante santuario cristián de España e das próximas rexións do continente [...] é para os cristiáns como a Qaaba para nós»[22]. Esta situación provocou a *razzia* do caudillo musulmán Almanzor que, no verán do ano 997 chegou a Compostela e, segundo ás crónicas, aínda que respectou o

20 Entre os que se atopan a propia Corticela, San Sadurniño de Goiáns ou San Pedro de Ansemil entre outros. Ver Yzquierdo Perrín, 1997, pp. 139-147.

21 Transcrición latina da acta de consagración o 6 de maio de 899 e do Diploma outorgado con varias posesións para a igrexa compostelá, con tal motivo, polo rei Afonso III, en López Ferreiro, 1899, t. II, pp. 46-53 [Apéndices]

22 Crónica de Ibn Idari recollida e traducida ao castelán por Sánchez-Albornoz [1946, pp. 370-374].

sepulcro apostólico destruíu a igrexa e a cidade de Santiago que «ao seguinte día non era posible sinalar o sitio onde estivera» [López Ferreiro, 1898-1911, t. II, p. 412]. Non obstante, non está de todo claro o grado de destrución que, realmente, presentaba o templo tras o paso dos musulmáns[23]; probablemente, debeuse manter a estrutura fundamental da Basílica e moitos dos seus materiais poderían aproveitarse na reconstrución que, en pouco tempo, se acometeu da man do rei Bermudo II[24] –e do seu sucesor Afonso V, que fora criado en Galicia– xunto co bispo Pedro de Mezonzo[25]. Unha vez máis, nos proxectos clave, a unión e colaboración de reis e prelados habería de resultar decisiva para a igrexa compostelá.

[Ver p. 324] Réplica da Cruz compostelá. Ricardo Martínez. Museo Catedral de Santiago [Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Á citada reconstrución da basílica soen atribuírse, pola súa influencia islámica, varios fragmentos graníticos que foron recuperados preto do baptisterio no curso das escavacións arqueolóxicas e que, na actualidade, están expostos no Museo Catedral [Yzquierdo Peiró, 2018, p. 80]. Non obstante, tal e como sinalou o profesor Yzquierdo Perrín, o uso de certos elementos de procedencia islámica non era alleo na arte asturiana no momento da construción da Basílica de Afonso III, polo que tampouco debe descartarse a posibilidade de que estas pezas pertenceran ao edificio orixinal [Yzquierdo Perrín, 1993, p. 81].

Tamén se correspondería coa Basílica de Afonso III e, concretamente, co seu baptisterio, a gran pila de mármore que hoxe se atopa situada no extremo oriental da nave sur do transepto e que, segundo a tradición, serviu para que abeberase a montura de Almanzor [López Ferreiro,1898-1911, t. II, p. 413, nota 1]. Ademais da magna obra de construción da nova igrexa de Santiago e de importantes privilexios concedidos durante o seu reinado, a Afonso III tamén lle corresponde, xunto coa súa muller Ximena, a honra de ter enriquecido o Tesouro compostelán coa súa peza máis importante: a chamada *Cruz compostelá* [González Millán, 1993; e Yzquierdo Peiró, 2008, pp. 44-46], ofrendada no ano 874 e que desgraciadamente foi roubada do relicario da catedral no ano 1906[26]. Precisamente, unha das inscricións que tiña a peza no seu reverso facía constar as identidades dos doantes e o ano da ofrenda[27].

23 López Ferreiro [1898-1911, t. II, p. 413] faise eco da lenda de que, ao saír de Compostela, o exército de Almanzor fixo levar aos ombreiros de cristiáns as campás e as portas do templo.

24 Quen fora nomeado Rei e coroado solemnemente na propia Basílica compostelá, no ano 982, por un grupo de nobres galegos sublevados contra o seu predecesor, Ramiro III. Torres Sevilla, M., «Vermudo II», en Real Academia de la Historia, *Diccionario Biográfico electrónico* [en rede, http://dbe.rah.es/]

25 Ver a descrición e referencias ao respecto feitas por Portela, 2020, pp. 34 e ss.

26 A subtracción da peza, xunto con outras alfaias, aparece recollida nas actas capitulares do 7 de maio de 1906. ACS. *Actas Capitulares. Libro 82*. 1902-1916 [IG 637], 7 de maio de 1906.Recollido por Pérez, 2018, p. 1036

27 «+OB HONOREM SANCTIIACOBI APOSTOLI / OFFERVNT FAMVLI DEI ADEFONSVS PRINCPS CVM CONJVGE/ SCEMENA REGINA HOC OPVS PERFECTVM EST / IN ERA DCCCCA DVODECIMA HOC SIGNO TVETVR PIVS / HOC SIGNO VINCITVR INIMICVS» [«+En honor ao apóstolo Santiago / ofrécena os servos de Deus, o príncipe Afonso e a súa esposa / a raíña Ximena. Esta obra concluíuse / na Era 912 [ano 874] Con este signo ampárase ao xusto. / Con este signo véncese ao inimigo»].

Trátase dunha cruz grega, de tipo asturiano, que sigue o modelo da *Cruz dos Anxos*, doada no ano 808 por Afonso II á catedral de Oviedo e que se continuará, anos despois, polo propio Afonso III, coa *Cruz da Vitoria* doada á mesma sé ovetense. Ata a súa desaparición tiña unha importancia destacada no Tesouro e no propio cerimonial da catedral compostelá, pois saía en procesión e ofrecíase a bicar aos peregrinos ilustres cando accedían ao interior da mesma[28].

[Ver p. 324] Réplica da Cruz compostelá. Ángel Iglesias. Xunta de Galicia. Museo das Peregrinacións e de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

A cruz nunca foi recuperada, pero na actualidade se conservan dúas reproducións, unha realizada por encargo do Cabido compostelán no ano 1917 polo prateiro Ricardo Martínez Costoya[29], que ocupa o lugar destacado no retablo da capela das Reliquias que correspondería á peza orixinal; e a segunda, hoxe exposta no Museo das Peregrinacións e de Santiago, foi realizada polo prateiro Ángel Iglesias con motivo do Ano Santo 2004 grazas ao encargo recibido por parte da Xunta de Galicia, propietaria da mesma[30].

Da peza orixinal consérvanse as detalladas descricións que fixeron diversos cronistas ao longo do tempo[31], recollendo, incluso, algunhas das modificacións que se lle foron realizando ao longo do tempo [Pérez Varela, 2018, pp. 1031 e ss.]. Ademais, no ano 1899 se fixeran senllos fotogravados de ambas caras da peza, no estado que presentaba nese momento, por Laporta[32]; e, en 1906, pouco antes do roubo, os fotógrafos de orixe suíza asentados en Madrid Óscar Hauser e Adolfo Menet fixeron detalladas copias da cruz mediante a técnica da fototipia, que reproduce González Millán [1993, pp. 117-119]; unhas ferramentas gráficas que resultaron de grande utilidade para a realización das comentadas réplicas de 1917 e de 2003, neste caso, ademais, incorporando o uso das novas tecnoloxías e un coidado estudo comparativo previos a execución da obra no taller do prateiro.

Entre os séculos XVII e XIX[33] estivo encostada á *Cruz compostelá* a chamada *Cruz de Ordoño II*[34], peza posta en relación, tradicionalmente, co devandito monarca, de quen hai constancia da realización de importantes doazóns e ofrendas á igrexa de Santiago, entre elas a efectuada en 910, ante o altar da Basílica de Afonso III,

28 O rito recuperouse de xeito simbólico, utilizándose a reprodución que se conserva na catedral, cando o Papa Bieito XVI accedeu pola porta da Acibechería na súa visita do 6 de novembro do año 2010.

29 Sobre este facsímil, Pérez Varela, 2018, pp. 1038 e ss.

30 Sobre a realización desta réplica ver Abelleira, Castiñeiras, Iglesias, 2003, pp. 122-131.

31 Ver, por exemplo, as que fixeron, respectivamente, Castellá Ferrer no ano 1610 e o cóengo López Ferreiro no 1899, en Yzquierdo Peiró, 2018, pp. 339-340.

32 Realizados a partir de fotografías de J. Limia, aparecen reproducidos, xunto cunha coidada descrición da peza, en López Ferreiro, 1899, t. ii, pp. 171-172.

33 Así aparece recollido por López Ferreiro [1899, t. ii, pp. 170-172], que dá conta na nota 1 de que «Recientemente se quitó la chapa de plata y la cruz de oro que estaba debajo; y en su lugar se puso una cruz de cristal con un pequeño trocito del Lignum Crucis».

34 Segundo fillo de Afonso III, foi rei de Galicia entre 910-914 e, pola morte do seuirmán García I, desde ese ano ata 924 tamén rei de León. Álvarez Álvarez, C.: «Ordoño II», en Real Academia de la Historia: *Diccionario Biográfico electrónico* [en rede, http://dbe.rah.es/]

[Ver p. 324] Cruz chamada de Ordoño II. Museo Catedral de Santiago [Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

[Ver p. 324] Cruz dos roleos. Museo Catedral de Santiago [Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

pola súa esposa, Dª Elvira, que estaba composta por unha ampla relación de alfaias entre as que se atopaba unha «cruz de ouro batido adornada de pedras valiosas» que foi identificada polo cóengo e historiador compostelán Antonio López Ferreiro[35] con este pequeno crucifixo, por entón conservado no relicario da catedral.

Sen embargo, anos despois, no seu estudo sobre o Tesouro compostelán, Filgueira Valverde, ao referirse a esta peza como única superviviente da gran colección de cruces medievais que posuía a catedral, a definía como «obra rudísima del siglo XI» retrasando alomenos en cen anos a cronoloxía atribuída por López Ferreiro. Acompañaba esa afirmación cun dato de interese: «la donada por el Rey [Ordoño II] no subsistió a la época de Gelmírez, que la utilizó para su primer don a Roma al obtener la dignidad arzobispal», sen aportar máis detalles sobre a fonte da que obtivo esa información [Filgueira, 1959, p. 44].

Polo tanto, esta destacada ofrenda a Santiago vinculada directamente coa monarquía nos tempos previos á construción da catedral románica, o crucifixo que fora entregado por Dª Elvira no ano 910, apenas permanecería cen anos no Tesouro, antes de emprender viaxe a Roma en 1120. ¿Cal sería entón a procedencia da devandita peza? A partires da súa análise estilística, que a pon en conexión co traballo de obradoiros leoneses de tradición renana, activos na corte nos anos centrais do século XI, o profesor Moralejo vinculouna cunha posible ofrenda dos reis Fernando I e Dª Sancha, monarcas tamén especialmente xenerosos, no seu tempo, coa catedral; datando a peza no entorno do ano 1060 [Moralejo, 1993, pp. 269-270]. A pesar da rotundidade destas evidencias, curiosamente, o crucifixo segue a ser coñecido como *Cruz de Ordoño II* e como tal figura nos inventarios e catálogos do Museo Catedral [Yzquierdo Peiró, 2018, p. 375].

Segundo o cronista musulmán El Idrisi, o Tesouro compostelán contaba no seu momento con máis de trescentas cruces preciosas [Filgueira, 1959, p. 44], das que na actualidade só se conservan un par delas: a referida *de Ordoño II*, en realidade, como se comentou, probablemente, *de Fernando I*; e a chamada *dos Roleos* [Yzquierdo Peiró, 2018, p. 373], nome que fai referencia á característica decoración que presenta sobre a lámina de prata sobredourada, a base de eses que se unen uns con outros ata rematar, nos extremos, en estilizadas follas trilobuladas. Aínda que tamén podería tratarse dunha ofrenda real sen identificar, a súa procedencia foránea, atri-

35 «En el Relicario de la Catedral, se conserva un pequeño Crucifijo de lámina de oro, cuya forma damos en el grabado de la pág. 235; la cual, á nuestro juicio, pertenece también a D. Ordoño II» [López Ferreiro, 1899, t. ii, pp. 233 e ss.].

buída a un obradoiro renano activo nos anos centrais do século XI, parece levala a unha grande ofrenda de peregrinación da época [Barral, 1998, pp. 66 e ss].

[Ver p. 325] Inscrición mutilada nun dos muros da Capela do Salvador. Catedral de Santiago [Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

O papel dos reis na construción da catedral románica

A igrexa construída por Afonso III, e restaurada nos primeiros anos do século XI trala *razzia* de Almanzor, rematou por quedar insuficiente e anticuada décadas despois, cando un novo estilo comezaba a expandirse desde os principais focos artísticos da época, sobre todo, na construción de catedrais e mosteiros. Así foi como, cara ao ano 1075 e, de novo, da man da estreita colaboración entre o prelado, neste caso Diego Páez e o rei Afonso VI[36], ía dar comezo a historia da catedral de Santiago[37].

[Ver p. 325] Inscrición conmemorativa nunha das xambas da fachada das Praterías. Catedral de Santiago [Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Non está absolutamente clara a data en que se iniciou a construción da catedral, aínda que unha inscrición conmemorativa, hoxe mutilada e que se conserva nos muros da capela do Salvador, dá conta do ano de 1075 ao afirmar que o templo fora iniciado trinta anos antes da consagración do seu altar en 1105[38]. A cuestión radica, sobre todo, na necesidade que había de chegar a un acordo coa comunidade de Altealtares, tradicional encargada do coidado do culto ao sepulcro apostólico e que estaba instalada inmediatamente a continuación da cabeceira do templo prerrománico coa súa igrexa, claustro e dependencias dos monxes. Dado que o lugar onde se atopaba o mausoleo condicionaba a disposición da nova construción, a súa cabeceira precisaba de espazos do mosteiro, unha cuestión que non se habería de resolver ata a sinatura da *Concordia de Antealtares* no mes de agosto de 1077[39], un acordo no que tivo unha participación activa e destacada o propio Afonso VI.

Non obstante, o documento asinado entre o prelado e o abade Faxildo, no que se facía memoria da relación da comunidade co culto apostólico desde o mesmo momento da súa instauración por Afonso II e que, de feito, constitúe a fonte primixenia da tradición xacobea, dá a entender, ao dar conta do acordo,

36 Precisamente, no ano de 1075, despois da campaña que dirixira en Granada, o rei Afonso VI convocara en Compostela o concilio magno no que, entre outras cousas, o monarca destinaría parte do botín obtido para novas construcións arquitectónicas, entre as que se atoparía a catedral [Castiñeiras, 2020, p 251, así como anotacións a pé de páxina recollidas ao respecto polo citado autor].

37 Sobre o proceso de construción da catedral románica e as distintas fases polas que pasou, ver Castiñeiras, 2020, pp. 241-383.

38 Ver recollidas as transcricións que fixeron desta inscrición, respectivamente, Ángel del Castillo [1926] e Manuel Gómez Moreno [1934], en Castiñeiras, 2020, p 251.

39 Asinada o 17 de agosto de 1077 entre o bispo Diego Páez e o Abade Faxildo [López Alsina, 1993a, pp. 250-251]. Sobre a Concordia no seu contexto histórico, Andrade, 2017, pp. 109-126.

[Ver p. 325] Capitel conmemorativo do inicio das obras de construción da catedral, Afonso VI. Catedral de Santiago [Foto Enrique Touriño]

que as obras xa se atopaban en marcha naquel momento[40], polo que, efectivamente, sería posible que estas se tiveran iniciado no referido ano 1075.

Por outra banda, o *Códice Calixtino*, probablemente tomando como referencia a inscrición situada nunha das xambas da Porta das Praterías, establece a data de comezo das obras no ano 1078[41], logo, por tanto, do referido acordo adoptado na *Concordia de Antealtares*; aínda que, máis adiante, ofrece outras datas que xeran certa confusión, ao non coincidir exactamente co referido ano[42] para, por fin, afirmar que «desde o ano en que foi posta a primeira pedra nos seus cimentos ata que se colocou a derradeira, pasaron corenta e catro anos» [*Códice Calixtino*, ed. López Díaz, 2009, p. 461], segundo o cal a catedral románica estaría rematada en 1122, algo que resulta de todo improbable. A mesma data de inicio das obras, precisando, neste caso, o día 11 de xullo de 1078[43], ofrece a *Historia Compostelana*, igualmente escrita en tempos de Diego Xelmírez, segundo a cal se terían rematado no ano 1124.

[Ver p. 326] Diego Xelmírez ante Fruela Afonso e Pedro Muñiz. Miniatura do *Tumbo de Toxosoutos*. Arquivo Histórico Nacional [Foto Wikimedia Commons]

A partires da devandita inscrición de Praterías e do sinalado polo *Códice Calixtino* e a *Historia Compostelana*, moitos autores tomaron ese ano de 1078[44] como o de comezo das obras de construción da catedral. Sen embargo, outros manteñen a citada data de 1075 considerando que a de 1078 procedería dunha incorrecta interpretación do epígrafe de Praterías, que en realidade faría referencia ao 11 de xullo de 1103 en relación coa construción da citada portada e non, polo tanto, co inicio das obras varios anos antes da mesma[45].

De todo o comentado, pódese concluír que a catedral deu comezo en torno ao ano 1075 e tal vez, como sinalou no seu día o profesor Senra, á vista do ambicioso do proxecto e da súa complexidade, este puido iniciarse entón e, tras resolverse diversas cuestións previas, incluído o necesario acordo coa comunidade de Antealtares, ter un «inicio oficial»,incluíndo algún tipo de cerimonia solemne, na que quizais puido estar presente o rei Afonso VI[46] e a que pode que tivese lugar no devandito ano de 1078 [Senra, 2014, pp. 84-85].

40 No referido documento se fai mención a que no momento da súa sinatura se atopaban en proceso de construción as tres capelas absidiais da xirola: a do Salvador no centro e, ao seu carón, as de San Xoán e San Pedro. Transcrición latina e tradución ao castelán do texto da *Concordia* en Zepedano, 1870, pp. 313-325.

41 «A igrexa foi comezada na era MCXVI», trad. López Díaz, X., 2009, p. 461.

42 Ver sobre este tema Senra, 2014, p. 71.

43 «V Idus Iulii -Era MCXVI» *Historia Compostelana*. Falque Rey, E. [trad.]. Madrid, 1994, p. 189.

44 Así o afirman, por exemplo, Zepedano [1870, p. 57] e, máis recentemente D'Emilio [2007, pp. 17-18] e José Luis Senra [2014, p. 86], quen tras analizar ambas datas [1075 e 1078] e as súas fontes respectivas, inclínase por ese 11 de xullo de 1078 como a data en que «tuvo lugar la ceremonia inaugural o preliminar de la elevación de la obra».

45 Neste sentido, ver o sinalado por Castiñeiras, 2020, pp. 261 e ss.

46 Hai constancia da presenza de Afonso VI en Compostela no ano 1077, cando se implicou na resolución do conflito con Antealta-

Así mesmo, o *Códice Calixtino* aporta, na descrición da catedral compostelá do seu Libro V, máis datos de relevancia sobre o inicio das obras: «os mestres canteiros que comezaron a edificar a basílica de Santiago chamábanse don Bernardo o Vello, mestre admirable, e Roberto, xunto con outros canteiros, arredor de cincuenta, que traballaban alí decote baixo a administración dos fidelísimos don Wicarto, don Sexeredo, prior do Cabido, e do abade don Gundesindo, durante o reinado de Afonso, rei das Españas, no bispado de don Diego I, valorosísimo guerreiro e home xeneroso» [*Códice Calixtino*, ed. López Díaz, 2009, p. 461].

[Ver p. 327] Dª Urraca. Miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago. Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

Neste parágrafo aparecen, por tanto, tódolos implicados na orixe do proxecto: os seus impulsores, o rei Afonso VI e o bispo Diego Páez; os administradores encargados de supervisar a marcha das obras por parte da igrexa compostelá, os citados Wicarto, Sexeredo e Gundesindo e, por fin, os artífices do proxecto, Bernardo, que suma ao seu nome os complementos de «o vello» e de «mestre admirable», que parecen dotarlle de certa autoridade e primacía sobre o seu compañeiro Roberto, os cales contaron cun obradoiro de canteiros[47] e, seguramente, doutros oficios necesarios para acometer un proxecto tan ambicioso. Aínda que non se teñen máis datos ao respecto, á vista das influencias presentes nesta primeira fase construtiva e dos nomes de Bernardo e Roberto, tradicionalmente se lles concedeu unha orixe francesa ou, alo menos, un coñecemento da arte que se estaba a facer no centro de Francia por eses tempos, configurando un taller ecléctico que adaptou esas influencias ás necesidades da nova catedral e en torno ao que se foron formando unha serie de artesáns locais que haberían de dar continuidade ao estilo por estas terras [Castiñeiras, 2020, pp. 253 e ss.].

En relación co inicio das obras de construción da catedral e, sobre todo, con esa hipotética cerimonia inaugural que tería lugar cara ao ano 1078 e que contaría coa presencia do rei Afonso VI xunto co bispo Diego Páez, deben poñerse os dous capiteis «fundacionais» [Nodar, 2010, pp. 298-299] que, ás portas da capela do Salvador, a central da cabeceira e por onde se iniciaron os traballos, inclúen, respectivamente, as imaxes do monarca e do prelado, ambos acompañados por anxos[48] e, cadanseu, cunha inscrición relativa ao comezo das obras: «Regnante Principe Adefoso constrvctvm opus»[49] e «tempore presulis Didaci inceptvm hoc opus fvit»[50]. Deste xeito, Afonso VI converteuse no «primeiro monarca figurado como patrón na arte monumental hispánica e, precisamente, na nosa catedral, facendo parella co bispo fundador, Diego Páez» [Moralejo,

res, e tamén en 1088. Entre medias, cabería a posibilidade de que viñera en 1078 para esa suposta cerimonia inaugural das obras da catedral [Senra, 2014, p. 80].

47 Sobre o número de canteiros do Obradoiro inicial, dos que fala o Códice Calixtino, ver Alexander e Martin, 2014, pp. 144 e ss.

48 Sobre a súa iconografía, paralelos e significación ver o sinalado por Castiñeiras, 2020, pp. 258 e ss.

49 «Reinando o príncipe Afonso se fixo esta obra»

50 «En tempos do prelado Diego comezou esta obra»

[Ver p. 328] Reconstrución virtual do transepto da catedral románica [Foto Ficción Producións / Consorcio de Santiago]

[Ver p. 328] Reconstrución virtual do Paraíso de Compostela en época románica segundo M. Castiñeiras e V. Nodar [Foto Ficción Producións / Consorcio de Santiago]

1985a, p. 414], un feito que dota a estes capiteis[51] dun especial interese histórico-artístico.

Sobre ambas pezas, testemuña do inicio das obras e, para o que ocupa este estudo, do papel fundamental desenvolvido polo rei e polo bispo no proxecto de construción dunha ambiciosa catedral, o profesor Moralejo [1983, p. 226] subliñou, xunto con outros capiteis pertencentes a esta primeira etapa construtiva, a influencia de modelos iconográficos presentes, por esa mesma época, na rexión de Auvernia, citando, para o caso concreto da capela do Salvador, os da igrexa de Ennezat; ao tempo que Castiñeiras [2020, pp. 252 e ss.] os relaciona coas cerimonias de dedicación de centros vinculados á peregrinación a Santiago.

A aparente sintonía entre Afonso VI e o bispo Diego Páez que permitiu levar a cabo o comezo da obra da catedral de Santiago rematou no ano 1088, cando o enfrontamento entrambos levou, primeiro ao cárcere e, posteriormente, ao exilio, ao prelado. A situación provocou un baleiro de poder na diocese e, ao tempo, senón unha total interrupción dos traballos de construción da catedral, si unha importante retardación[52] nos mesmos, probablemente pola disolución do obradoiro que, baixo a dirección de Bernardo *o Vello* e Roberto, dera comezo ao proxecto.

Nas orixes deste enfrontamento parece que tamén pode atoparse o papel desenvolvido polos reis na igrexa compostelá, xa que, probablemente, Diego Páez fora nomeado no 1071 por García II [Portela, 2001, pp. 82-94] e, aínda que o seu irmán manteríano no cargo, co tempo quedarían enfrontadas as posicións e lealdades e xurdiría un conflito que habería de ter unha importante influencia no proceso construtivo da catedral e na propia configuración da sé compostelá anos despois.

Cara ao ano 1094[53] iniciaríase unha segunda fase construtiva na catedral da man do Mestre Estevo, quen incorpora a un novo equipo de colaboradores traendo consigo novas influencias que se sumarán ao proxecto catedralicio, no que, ademais, incluíuse unha ampliación das dimensións e escala inicialmente concibidas na etapa anterior. Tense apuntado para o Mestre Estevo, á vista da súa intervención arquitectónica e escultórica, unha posible procedencia francesa, aínda que

51 No Museo Catedral de Santiago consérvanse sendas reproducións de xeso que permiten ver en detalle unas pezas que, pola situación dos orixinais na catedral son máis difíciles de apreciar. Yzquierdo Peiró, 2018, p. 97.

52 Sobre esta cuestión ver o sinalado por Alexander e Martin, 2014, pp. 151 e ss.

53 Tradicionalmente se identifica o inicio desta nova fase ao nomeamento, tralo exilio de Diego Páez, do cluniacense Dalmacio como novo bispo de Iria en 1094. Pola súa parte, Castiñeiras adianta o inicio da segunda etapa construtiva da catedral aos anos 1092-1093 [Castiñeiras, 2020, pp. 264 e ss.].

tamén incorpora elementos procedentes de Aragón e Navarra, especialmente do que se estaba a facer no ámbito xaques [Castiñeiras, 2010b, pp. 43-44].

O proxecto de Estevo prolongouse ata o ano 1101 no que, coincidindo co nomeamento de Diego Xelmírez como novo bispo de Santiago[54], aparece á fronte das obras da catedral de Pamplona; ao tempo que, baixo a dirección do referido Xelmírez, a catedral compostelá deu inicio a unha nova etapa construtiva. Durante a referida segunda fase [Moralejo, 1983, pp. 224-226], que, polo tanto, ocupou aproximadamente os anos 1094-1101, con Estevo como director leváronse a cabo os muros perimetrais da xirola e das súas capelas poligonais, así como un redimensionamento xeral do deambulatorio, que pasou a dotarse dunha ampla tribuna que habería de manterse no resto do proceso construtivo.

Tras o breve episcopado do cluniacense Dalmacio, desde 1096 a sé compostelá quedou baixo a administración de Diego Xelmírez, que xa ocupara ese cargo brevemente entre 1093 e 1094. Como é sabido, Xelmírez foi un personaxe fundamental para a historia de Compostela e da súa catedral, á que estivo vinculado desde o seu mesmo nacemento, xa que o seu pai, Xelmirio, era un dos homes de confianza de Diego Páez e ocupou diversos cargos no seu exército [Castiñeiras, 2010c, p. 20]. Orientado á carreira eclesiástica, formouse na propia catedral e logo estivo un tempo na corte de Afonso VI, onde tería ocasión de coñecer o seu funcionamento e de facer os primeiros contactos, dúas cuestións: a súa habilidade para moverse nas altas esferas e as importantes relacións que foi labrando coa realeza, os nobres e as xerarquías eclesiásticas, que haberían de resultar claves no seu desenvolvemento posterior[55].

Entre os contactos feitos por Xelmírez na corte de Afonso VI destacou o de Raimundo de Borgoña, quen casou en 1090 con Urraca, filla do monarca, sendo nomeados Condes de Galicia e quedando ao cargo do seu goberno. Xelmírez converteuse no seu chanceler e conselleiro, e iniciou a súa carreira na igrexa compostelá nun momento especialmente sensible, en pleno enfrontamento entre a coroa e Diego Páez, e baixo un baleiro de poder na diocese e unha catedral en pleno proceso construtivo. Probablemente, tras ocupar en dúas ocasións a administración apostólica, agardouse ata que cumprira a idade canónica de trinta anos para poder acceder á dignidade episcopal, de xeito que no ano 1100 foi nomeado

[Ver p. 329] Fachada das Praterías. Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

[Ver p. 330] Raimundo de Borgoña. Miniatura do *Tombo A* da Catedral de Santiago. Arquivo da Catedral de Santiago
[Foto Arquivo da Catedral de Santiago]

54 Grazas as xestións realizadas polo bispo Dalmacio, no ano 1095, a antiga diocese de Iria extinguiuse e foi substituída pola de Compostela.

55 Biografía de Diego Xelmírez en Portela Silva, E., «Diego Gelmírez», en Real Academia de la Historia, *Diccionario Biográfico electrónico* [en red, http://dbe.rah.es/].

[Ver p. 331] O rei Afonso VII. Miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago. Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

[Ver p. 332] Coroación de Afonso Raimúndez na catedral de Santiago. Juan Luis López. Deputación provincial da Coruña en depósito temporal no Museo Catedral de Santiago
[Foto Denís E. F. / Fundación Catedral de Santiago]

bispo de Compostela, cargo no que foi consagrado o 22 de abril de 1101, dando comezo, deste xeito, unha verdadeira idade dourada para a catedral e para a cidade na cal, novamente, ía resultar fundamental o establecemento dunha relación fluída entre o prelado e o rei. En 1105, obterá do Papa a dignidade do Palio e, por fin, no 1120, foi elevado por Calixto II ao rango de Arcebispo, o que supuxo o traslado da sé metropolitana de Mérida a Compostela, acontecemento de grande importancia para a consolidación e crecemento da cidade; e continuou co goberno da diocese e coa construción da catedral ata a súa morte no ano 1140 [Castiñeiras, 2020, p. 275].

Entre outras cousas, Xelmírez foi todo un patrón das artes [Castiñeiras, 2010b, pp. 32-97 e Moralejo, 1987, pp. 245-272], adoptando un papel decisivo na construción da catedral románica. Como se comentou, ao tempo que achegaba ao seu nomeamento episcopal, o Mestre Estevo, con quen coincidira na súa etapa como administrador, asumía a obra da catedral de Pamplona e non regresaría a Compostela, pero, a partir de ese momento, a construción da catedral ía vivir un importante aceleramento no seu ritmo baixo a dirección do propio prelado, recoñecido na *Historia Compostelana* como «sapiens architectus»[56].

Durante a súa carreira eclesiástica Xelmírez realizou diversas viaxes [Castiñeiras, 2010c, pp. 20 e ss.], nas que ademais de facer contactos que lle permitiron ir crecendo, tamén tivo ocasión de coñecer a arte máis vangardista que se estaba a facer en Francia e Italia, algo que, sen dúbida, marcou o seu proxecto para a catedral, ao que incorporou, co obxectivo de crear unha *segunda Roma* no noroeste da Península Ibérica, a destacados mestres de procedencia foránea que viñeron a Compostela cun importante equipo de colaboradores que levaron a cabo o remate de xirola, o novo altar de Santiago, que sepultou o antigo mausoleo e quedou situado sobre o sepulcro apostólico; o transepto e as súas fachadas monumentais historiadas a base de relevos e, por fin, avanzou pola nave principal aínda que, probablemente e como recolle o propio *Códice Calixtino*, non se chegara a rematar completamente o proxecto no momento da súa morte.

Segundo Manuel Castiñeiras [2020, pp. 291 e ss.], no relativo a este selecto grupo de mestres traídos a Compostela por Xelmírez, na fachada do Paraíso apréciase a intervención de ata catro mestres de procedencia

56 «Ipse quoque Episcopus, ut pote sapiens Architectus» [Flórez, 1765a, Lib. i, Cap. 78, 2, p. 137].

[Ver p. 333] Santiago entre cipreses coa inscrición ANF[us] REX. Mestre da Transfiguración. Fachada das Praterías, Catedral de Santiago
[Foto E. Silva Moruja]

francesa: o Mestre da Porta Francíxena, que sería o principal e o que estaba á fronte do proxecto e, xunto a el, os mestres das Columnas Entorchadas, do Cordeiro e da Traizón. Pola súa banda, nas Praterías atopamos, desde o principio e en solitario, ao Mestre das Tentacións, ao que logo se sumaron pezas dos mestres da Porta Francíxena e da Traizón, incorporadas con motivo do primeiro dos cambios de proxecto nesta fachada; e, con posterioridade, pezas do Mestre da Transfiguración que orixinalmente debían estar destinadas á fachada occidental, a cal non se chegaría a realizar.

Nesta época, as relacións coa monarquía foron de grande importancia para o avance e financiamento do proxecto. Nun primeiro momento, ata a súa morte, resultou clave a boa relación entre Xelmírez e Raimundo de Borgoña, quen concedeu importantes privilexios e doazóns á igrexa de Santiago. Tras caer enfermo un ano antes, o Conde de Galicia faleceu no ano 1107 en Grajal de Campos, onde normalmente vivía; alí foi asistido ata o final polo propio Xelmírez, que despois deu cumprimento ao seu desexo de ser soterrado na catedral, dando orixe ao que, tempo despois e da man dos seus sucesores, acabaría por ser o Panteón Real compostelán[57].

Non pode asegurarse a localización orixinal do enterramento de Raimundo de Borgoña nunha catedral que, por aquela época se atopaba en pleno proceso de construción baixo a dirección do seu fiel colaborador Diego Xelmírez. López Ferreiro, tomando como referencia o sinalado por Lucas de Tui e citando a *Historia Compostelana*, afirma que, tras ser trasladados a Santiago, os seus restos «fueron depositados en un sarcófago que se colocó en el pórtico septentrional por la parte de adentro de la Iglesia, en el ángulo que actualmente ocupa la capilla de Santa Catalina» [López Ferreiro, 1898-1911, t. III p. 298]; pero, sen embargo, outros autores defenden que, efectivamente, a sepultura primixenia se atoparía xunto á Porta Francíxena pero no exterior da catedral, onde permanecería ata que nalgún momento por determinar sería trasladada a unha nova localización [Puente, 2002, pp. 83-95, e Boto, 2012, pp. 545 e ss.]. Tampouco está clara, como se comentará de seguido, a correcta identificación do xacente tradicionalmente identificado con Raimundo de Borgoña no actual Panteón Real compostelán [Moralejo, 1990, pp. 161-178], configurado, na súa localización actual, no ano 1535, tras o traslado dos sartegos que se atopaban no que hoxe é a capela de Santa Catalina.

57 Sobre o Panteón Real compostelán, ver López Carreira, A. et al., 2019 e García González, 2013, pp. 973-994.

[Ver p. 334] Folio 1V do *Tombo A* da catedral de Santiago coas miniaturas dos reis Afonso II, Ordoño I e a inventio. Arquivo da catedral de Santiago [Foto Arquivo da catedral de Santiago]

[Ver p. 335] Capiteis da tribuna da catedral no comezo do proxecto do Mestre Mateo. Catedral de Santiago [Foto E. Touriño / Fundación Catedral de Santiago]

Pola súa banda, o fillo de Raimundo e Urraca, que reinaría como Afonso VII[58], naceu e educouse en Galicia da man do seu titor, o Conde de Traba, cun papel moi activo por parte de Diego Xelmírez, quen vía no rapaz, que fora bautizado por el na catedral, unha extraordinaria posibilidade para a sé compostelá. Así, no ano 1111, con motivo das loitas polo reino con Afonso de Aragón, que casara con Dª Urraca en 1109, o neno Afonso, que apenas contaba con seis anos, foi coroado rei de Galicia nunha solemne cerimonia na catedral. Tratouse de algo efémero, pois as tropas do aragonés acabarían vencendo cando o novo rei ía camiño de León e habería que esperar uns anos, ata a morte da súa nai en 1126, para que asumira definitivamente o trono.

En todo caso, a cerimonia de coroación de 1111, ademais dos seu valor simbólico e de mostrar a personalidade e o carácter de Xelmírez, tamén tivo a súa importancia no que respecta á construción da catedral que, de xeito acelerado, viviu un cambio de proxecto que habería de afectar de forma especial á fachada de Praterías. Alí se recolocaron unha serie de relevos inicialmente concibidos para a da Transfiguración, que estaba prevista na fachada occidental. Un deses relevos, o de Santiago apóstolo *entre cipreses* sumou unha nova inscrición relativa á coroación, «ante altari beati apostoli Iacobi» de Afonso VII: «ANF[us] REX» [Castiñeiras, 2020, pp. 311 e ss.]. A este respecto, co engadido do devandito epígrafe, esta imaxe de Santiago pasou a converterse nun «verdadeiro visual manifesto da teoría gregoriana da supremacía do *sacerdotium* sobre o *regnum*, na que o apóstolo Santiago –a casa do cal está gobernada polo bispo Xelmírez– tutela a monarquía» [Castiñeiras, 2020, pp. 311 e ss.].

Proba do bo ritmo alcanzado nese tempo pola obra da catedral é que un ano despois da coroación do neno-rei derrubouse a antiga Basílica de Afonso III, quedando parte dos seus restos sepultados baixo o pavimento da nova catedral que, segundo o planificado por Xelmírez, habería de continuar avanzando cara ao extremo occidental ao longo do resto do seu episcopado no que, entre outras cousas, tivo que facer fronte a dúas revoltas por parte dos composteláns, que chegaron a atacar a catedral nos anos 1117, neste caso en compañía da Raíña Urraca; e 1136.

Polo que respecta ás relacións con Afonso VII, dentro do seu proxecto para consolidar a Sé compostelá Xelmírez levou a cabo distintas accións tralo seu coroamento, entre elas, a de nomealo cóengo da catedral en 1127, con

58 Recuero Astray, M., »Alfonso VII», en Real Academia de la Historia: *Diccionario Biográfico electrónico* [en rede, http://dbe.rah.es/]

ocasión da súa primeira visita á catedral como rei, o que supuxo o primeiro momento no que o monarca manifestou o seu desexo de ser sepultado na catedral que xa acollía os restos do seu pai. Esta intención, para el e para a súa familia, manifestouna de novo en dúas ocasións nos anos 1140 e 1143, dispoñendo incluso a organización das súas exequias e outros detalles [García González, 2013, pp. 978-979]. A pesares de todo iso, o devir do seu reinado nos seguintes anos, focalizado no reino de Castela; e, probablemente, o feito de que Xelmírez xa morrera con anterioridade fixeron que, á súa morte en 1157, Afonso VII, o neno educado en Compostela e coroado de cativo como rei de Galicia, fora soterrado finalmente na catedral de Toledo.

[Ver p. 335] Privilexio polo que Fernando II concede unha pensión vitalicia ao Mestre Mateo. Arquivo da catedral de Santiago [Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Anos antes, en 1149, Afonso VII si respectou a súa promesa ao dispor o enterramento en Compostela da súa esposa, a emperatriz Berenguela, falecida en febreiro dese ano en León. Ata alí viaxou o Arcebispo Pedro Elías, o sucesor de Xelmírez, para facerse cargo dos restos e trasladalos á catedral, onde todo se desenvolveu segundo fora disposto no seu día polo rei. Podería considerarse que, co soterramento de Dª Berenguela quedaría constituído, alomenos na práctica, o Panteón Real compostelán, aínda que non está de todo claro [Boto, 2012, pp. 546, e García González, 2013, p. 979] que, en efecto, orixinalmente, o lugar da sepultura fora o ángulo noroeste do transepto da catedral, ocupado na actualidade pola capela de Santa Catalina[59].

[Ver p. 336] Epígrafe conmemorativo da colocación dos linteis do Pórtico da Gloria polo Mestre Mateo. Catedral de Santiago [Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Outra das accións desenvolvidas por Xelmírez con ocasión da chegada ao trono de Afonso VII foi a reafirmación da secular relación establecida entre a monarquía e a igrexa de Santiago desde o mesmo momento da *Inventio*, para o que dispuxo, no *scriptorium* compostelán, a compilación dos documentos e privilexios outorgados ata entón polos reis nun cartulario, ordenado cronoloxicamente e encabezado polos retratos, en fermosas miniaturas [Moralejo, 1985a, pp. 45-62; Sicart, 1981; e Yzquierdo Perrín, 2012,pp. 103-156] de cadanseu outorgantes. A esta primeira fase de realización do *Tombo A* da catedral [López Alsina, 1993b, pp. 248-249; e Sánchez, 2010, pp. 372-373], realizada aproximadamente entre os anos 1129 e 1134, pertencen os corenta folios iniciais, aos que logo, en momentos sucesivos, se foron sumando adicións ata mediados do século XIII. Ademais do seu innegable interese histórico e da importancia que tivo para a catedral, esta obra constitúe, na actualidade, unha das xoias artísticas que atesora a igrexa de Santiago [Yzquierdo Peiró, 2018, pp. 209-210].

[Ver p. 351] Extremo noroeste do transepto da catedral de Santiago, actual capela de Santa Catalina e lugar onde estivo a Capela dos Reis ata 1535 [Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

59 Alí o sitúa López Ferreiro, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, T. IV. Santiago, 1901. P. 239.

O Mestre Mateo e a catedral dos reis de Galicia

[Ver p. 338] Fernando II. Miniatura no *Tombo A* da catedral de Santiago. Arquivo da catedral de Santiago [Foto Arquivo da catedral de Santiago]

Tras a súa morte, Diego Xelmírez foi sucedido por unha serie de prelados ao longo dos seguintes dezaoito anos, tempo no que a construción da catedral debeu de continuar a un ritmo lento, por unha banda, porque os monarcas, Afonso VII ata a súa morte en 1157 e logo, tras volver a dividirse o reino, seu fillo Fernando II en Asturias, Galicia e León, tiveron que centrar as súas atencións noutros focos lonxe de Compostela; e, por outra, porque no seu avance cara occidente, o proceso construtivo atopouse cun importante desnivel que precisaba de solucións arquitectónicas complexas e custosas [Yzquierdo Perrín, 2005, pp. 253-284].

Aínda que, como se comentou, o *Códice Calixtino*, realizado como parte do proxecto xelmiriano, afirmaba que as obras se remataran no 1122[60],tamén aclaraba, noutro punto, que «con todo, destas cousas que dixemos, unhas xa están completamente acabadas e outras deberán acabarse»[61]. Polo tanto, o máis probable é que cara a década de 1160 a construción da catedral aínda estivese en marcha pola nave principal e, de feito, como xa subliñaran no seu día diversos autores[62] e parecen demostrar os últimos estudos realizados sobre o proceso construtivo, aprécianse importantes evidencias dun cambio estilístico nos últimos tramos da nave e a súa tribuna [Estévez, Aroca, Martín, Lorenzo, 2020, pp. 723-771], a pesar de que se mantivo o módulo ata o Pórtico [Yzquierdo Perrín, 2010, pp. 13 e ss.]. Precisamente, un capitel situado na tribuna que presenta, no seu cimacio, o epígrafe «GVDESTEO»[63], tal vez faría referencia ao inicio dunha nova campaña de obras baixo o episcopado do Arcebispo Pedro Gudestéiz[64], iniciado no ano 1168.

Precisamente, o 23 de febreiro do devandito ano de 1168 o rei Fernando II asinou en Compostela un documento fundamental para o inicio dunha nova época na catedral, neste caso, outra vez, a través da sintonía entre igrexa e monarquía e do importante apoio institucional e económico por parte dos reis ao proxecto catedralicio. Trátase dun Privilexio [Yzquierdo Peiró, 2019b, pp. 86-89] polo cal o monarca concede ao Mestre Mateo, «que posúe a primacía e o maxisterio da obra da igrexa de Santiago», unha xenerosa pensión

60 «Desde o ano en que foi posta a primeira pedra nos seus cimentos ata que se colocou a derradeira, pasaron 44 anos» [*Códice Calixtino*, ed. López Díaz, 2009, p. 461].

61 *Códice Calixtino*, ed. López Díaz, 2009, p. 458. Moralejo sinalou no seu día que «más que en una descripción, las palabras del Calixtino hacen pensar en un programa a seguir», frase que resume acertadamente esa suposta contradición no *Calixtino* entre a descrición da catedral e a falta de remate dalgunhas das cousas descritas na mesma [Moralejo, 1973, p. 296].

62 Entre eles, Caamaño, 1962, p. 60; Moralejo, 1983, pp. 230-232; Ward, 1991, pp. 44-45; e Yzquierdo Perrín, 2005, pp. 257 e ss.

63 A relación deste epígrafe coa figura do Arcebispo Gudesteiz foi sinalada por Caamaño [1962, p. 60] e posteriormente por outros autores, aínda que ao respecto tamén hai outras hipóteses. Ver o sinalado por Castiñeiras [2020, p..316].

64 Quen estivo á fronte da diocese compostelá entre os anos 1168 e 1173.

vitalicia de «cen maravedises ao ano [...] para que redunde na melloría da obra de Santiago». Este pergamiño, conservado na actualidade no Arquivo da catedral compostelá supón o punto de partida, alomenos de xeito oficial, do proxecto mateano, no que se culminaría a construción da catedral e, ao mesmo tempo, se levaría a cabo a súa transformación e adecuación como catedral nacional do Reino.

[Ver p. 338] Pseudotransepto da Cripta do Pórtico da Gloria. Museo Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enriquez / Fundación Catedral de Santiago]

Vinte anos despois do devandito Privilexio o nome do Mestre Mateo volve aparecer, neste caso na solemne inscrición conmemorativa da colocación dos linteis do Pórtico da Gloria, datada o 1 de abril de 1188. Ademais do seu interese documental, ao dar fe do avance das obras no tempo transcorrido, este epígrafe é importante á hora de valorar o alcance do proxecto mateano, ao afirmar que «os linteis do pórtico principal da igrexa do benaventurado Santiago foron colocados polo Mestre Mateo, que dirixiu este proxecto desde os seus alicerces» [Yzquierdo Peiró, 2019b, pp. 20 e ss.]. Así mesmo, como apuntou no seu día Moralejo [1988, p. 19], resulta sorprendente que, nunha inscrición «de una solemnidad excepcional en su género», por canto supón de recoñecemento ao traballo do artista e ao seu papel á fronte do proxecto, non se faga mención algunha aos «prelados y reyes que tanto tuvieron que ver con la empresa» e que todo o protagonismo se ceda ao Mestre Mateo[65].

[Ver p. 339] Acceso á Cripta do Pórtico da Gloria.
Museo Catedral de Santiago.
[Foto Adolfo Enriquez / Fundación Catedral de Santiago]

Tal vez na ausencia de referencia ao rei e promotor do proxecto na devandita inscrición teña que ver, alomenos en parte, co feito de que pouco antes da data sinalada, concretamente o 22 de xaneiro de 1188, falecera en Benavente [González Rodríguez, 2011-2012, p. 64] Fernando II, probablemente tras sentirse enfermo de volta dunha peregrinación a Compostela na que tería oportunidade de ver o Pórtico da Gloria, se non rematado, si moi avanzado; e, neses momentos, o seu fillo e herdeiro Afonso andaba ocupado en resolver os problemas á cuestión sucesoria que se lle presentaron desde Castela. Así mesmo, Serafín Moralejo [1988, p. 24] tamén incidiu na relevancia litúrxica da data que figura no epígrafe, coincidinte co carto venres de coresma, pensando «en la proximidad de la celebración de la Pasión y de la Pascua», nunha obra que, na súa mensaxe, ten moito que ver con esas datas.

Sen dúbida, cando Fernando II concedeu a pensión vitalicia ao Mestre Mateo para levar a cabo a obra da catedral de Santiago, onde descansaban os restos da súa nai, Berenguela e do seu avó Raimundo de Borgoña, xa de-

65 Un protagonismo que se vería incrementado notablemente se, como afirma a tradición e parecen corroborar recentes estudos, o Mestre Mateo chegou a representarse a sí mesmo no conxunto a través da figura axeonllada situada no reverso da base do parteluz, a modo de retrato de humildade medieval; imaxe que pasou á posteridade co nome popular de *Santo dos Croques*. Ver sobre o tema, Yzquierdo Peiró, 2018b, pp. 169-206 [esp. 178 e ss.]; e Castiñeiras, 2017, pp. 37-52 [esp. 50-51].

bía de ter en mente converter a catedral no seu lugar de enterramento. Anos despois, co proxecto en marcha e con ocasión da súa visita na festa de Santiago do 25 de xullo de 1880 concedeu á catedral os dereitos de chancelería, capelanía e sepultura rexia [García González, 2013, p. 983], algo que, nesta ocasión se cumpriu anos despois, tras o seu pasamento, grazas ao empeño do seu sucesor, que levou desde León a Compostela os restos do seu pai en maio de 1188. Aquí serían soterrados xunto aos seus antepasados[66], moi probablemente no lugar onde acabaría por constituírse o Panteón Real.

[Ver p. 339] Reconstrución virtual hipotética da fachada exterior do Pórtico da Gloria. Fundación Catedral de Santiago

[Ver p. 341] Figura mutilada quizais procedente da fachada exterior do Pórtico da Gloria. Atr. Taller do Mestre Mateo
Col. particular
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Dentro do proxecto mateano ten unha importancia destacada a solución adoptada para salvar o desnivel do terreo cara ao extremo occidental da catedral: a construción dunha novidosa cripta sobre a que descansaban o Pórtico da Gloria e a súa fachada exterior. Trátase dun espazo que chegou aos nosos días modificado por intervencións posteriores e que suscitou certo debate sobre o papel desempeñado nel polo Mestre Mateo, algo que parece convenientemente aclarado á vista dos resultados da escavación arqueolóxica rematada no ano 2020 [Yzquierdo Peiró, 2021a, pp. 382-388] e, tamén, dos últimos estudos acerca dos procesos construtivos da parte occidental da catedral [Estévez, Aroca, Martín, Lorenzo, 2022, pp. 723-771]. Ademais da súa función estrutural e, probablemente, de servir de acceso ao Pórtico polas súas escaleiras interiores [Yzquierdo Peiró, 2021a, pp. 389-392], a cripta forma parte da propia hierotopía conformada na catedral polo Pórtico da Gloria e, tamén, do seu programa iconográfico, aquí desenvolto, fundamentalmente, nos capiteis e nas claves das bóvedas do pseudotransepto, no que supón o punto de partida do discurso, representando o mundo terreal, poboado por homes e animais e iluminado polos astros, ao que había de seguir a gloria celestial localizada no nivel inmediatamente superior. [Yzquierdo Peiró, 2019e, pp. 27-30]

Aparte de todo iso é indubidable que, ademais da súa utilidade arquitectónica e iconográfica, orixinalmente Mateo debeu asignar á cripta do Pórtico da Gloria algunha funcionalidade específica dentro do cerimonial catedralicio. Sobre este respecto, se teñen formulado diversas hipóteses, entre elas, a moi suxestiva de que puidese terse concibido, inicialmente, como espazo para acoller os enterramentos reais na catedral [Yzquierdo Perrín, 2010, p. 30; e Boto, 2012, pp. 541-553], aínda que, polos motivos que foran, tal da escavación arqueolóxica, non se chegaría a empregar para este fin e, co tempo, iría pasando por outras diversas funcións.

66 «in ecclesia sancti Iacobi Apostoli circa tumulum matris suse et avi sui comitis Raymundi sepultus est», en Lucas, bispo de Tui, *Crónica de España*, ed. Puyol, 1926, p. 406.

[Ver pp. 340/341] Reis David [arriba] e Salomón [abaixo] procedentes da fachada exterior do Pórtico da Gloria. Mestre Mateo. Museo Catedral de Santiago [Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Dentro do proxecto mateano a monarquía tamén se fixo presente a través doutros referentes, caso dalgunhas das imaxes que conformaban o conxunto escultórico da fachada exterior do Pórtico da Gloria [Yzquierdo Peiró, 2019e, pp. 34 e ss. e 90-125]. Estas pezas, que seguían o modelo das estatuas-columna do Pórtico e que formaban parte do programa iconográfico do conxunto cun sentido anunciador do que ía pasar no interior, foron retiradas no ano 1521 con ocasión da remodelación efectuada na portada co obxecto de poder colocar portas exteriores na fachada. Deste xeito, o proxecto mateano sufriu a primeira de varias alteracións importantes, provocando que hoxe en día chegase aos nosos días gravemente mutilado[67].

Entre esas figuras atopábanse as correspondentes aos reis David e Salomón [Yzquierdo Perrín, 2019, pp. 90-95] que, a principios do século XVII foron recolocadas no pretil da escalinata maximiliana e que, na actualidade, unha vez restauradas, se conservan no Museo Catedral[68]. No seu día, ademais de vincular as diversas parellas de pais e fillos presentes nesta fachada como precursores de Cristo[69], Serafín Moralejo [1988, pp. 27 e ss.] sinalou a posibilidade de que «la imaginería regia del Pórtico, indudablemente bíblica, se ofreciera también como referente simbólico o arquetipo ideal de la dinastía reinante». Neste sentido, unha terceira peza, hoxe pertencente ao patrimonio mateano disperso[70], chegou a ser identificada por algúns autores como unha representación do propio rei Fernando II que, xunto con outra do seu fillo, formarían parella no acceso ao arco da dereita da fachada do Pórtico da Gloria, dando así presencia física aos reis e promotores das obras [Vidal, 1926, p 22; e Otero, 1999, p. 20]; se ben o máis probable é que se tratase doutro rei bíblico que acompañaría, dentro do conxunto, aos citados David e Salomón [Yzquierdo Peiró, 2019d, pp. 100-103].

[Ver p. 352] Tímpano da Adoración dos Magos na portada da igrexa de Santa María da Corticela [Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Tamén no trascoro mateano, seguindo as investigacións realizadas polos profesores Otero Túñez e Yzquierdo Perrín [Otero, Yzquierdo, 1990, pp. 119 e ss.], acompañando ao tímpano da Adoración dos Magos que presidía a fachada e completando a súa mensaxe iconográfica, atoparíanse, no lado sur, os reis de Xudá, mantendo

67 Sobre a desaparecida fachada exterior do Pórtico da Gloria: Yzquierdo Perrín, 1987-1988, pp. 7-42; e Yzquierdo Peiró, 2021b, pp. 269-289

68 Foron restauradas por encargo da Fundación Catedral de Santiago, pola empresa Parteluz, no ano 2016, con motivo da exposición Maestro Mateo en el Museo del Prado. Sobre esta mostra, Yzquierdo Peiró, 2016, pp. 307-311.

69 Tamén se atoparían no conxunto, segundo a identificación proposta polo profesor Moralejo, as figuras de Abraham e Isaac. Sobre esta parella ver Yzquierdo Peiró, 2019c, pp. 96-99.

70 En concreto, esta escultura foi adquirida en 1956 por Emilio Baladrón e se atopa nunha vivenda particular da localidade de Pontemaceira, próxima a Compostela. Sobre o patrimonio mateano disperso, ver: Yzquierdo Peiró, 2017, pp. 45 e ss.

[Ver pp. 342 e 343] Rei David e Rei Saúl procedentes da fachada do trascoro do Mestre Mateo. Recolocadas na fonte da capela do Santiaguiño, na parroquia de San Pedro de Vilanova e na fachada da Porta Santa da catedral de Santiago respectivamente
Foto R. Yzquierdo Peiró]

polo demais o ritmo do resto de fachadas do coro con esculturas sedentes de personaxes bíblicos separadas por torreóns poligonais que simbolizaban as murallas da Xerusalén celeste. Alí estarían, por esta orde, Saúl, David e Salomón, imaxes que hoxe se conservan recolocadas, dúas delas na fachada da Porta Santa e, a terceira, a do rei David, na fonte anexa á capela do Santiaguiño aos pes do mítico Pico Sacro [Yzquierdo Peiró, 2017, pp. 38-42 e 56-58]. Pola súa banda, no lado contrario, mantendo a mesma estrutura e completando o conxunto de figuras que escoltaban o devandito tímpano e en correspondencia coa súa Epifanía estarían os patriarcas Moisés, Aarón e Samuel, identificados con outras tres pezas reutilizadas na fachada da Porta Santa.

[Ver p. 343] Rei Salomón procedente da fachada do trascoro do Mestre Mateo. Recolocada na fachada da Porta Santa da catedral de Santiago
[Foto R. Yzquierdo Peiró]

Ademais, a devandita Epifanía deste tímpano, coa que se inaugurou un modelo iconográfico que habería de ter un destacado desenvolvemento na Compostela dos últimos séculos da Idade Media [Yzquierdo Peiró, 2021c], completaba o programa unitario do proxecto mateano, personificado nas imaxes dos tres Reis Magos o ideal dos primeiros peregrinos do cristianismo, que se achegaron a ver ao Neno tralo seu nacemento, para todos aqueles que chegaban a Compostela a adorar ao apóstolo Santiago[71], intercesor ante o Señor a través das súas representacións no parteluz do Pórtico e no altar maior, sobre o seu sepulcro [Castiñeiras, 2019, pp. 53 e ss.].

Este encaixe iconográfico na mensaxe do proxecto do Mestre Mateo, centrado na Salvación do Home, reforzaríase con distintas representacións cerimoniais relacionadas coa Epifanía, a partir de dramas litúrxicos que se empezaron a desenvolver na época[72] e que terían lugar na catedral, diante deste tímpano, así como noutros lugares vinculados á peregrinación situados na propia cidade de Santiago. Pero, por fin, tamén debe sinalarse a posible metáfora, nas imaxes prostradas ante a Virxe co Neno, dos reis de Galicia [Sánchez Ameijeiras, 2008, pp. 315-316], os cales, como levamos visto, desenvolveron –neste caso Fernando II e o seu fillo Afonso VIII[73]– un papel clave no proxecto mateano para rematar e adecuar o espazo catedralicio, entre ou-

71 «Certo que os pobos camiñarán coa túa luze os reis co resplandor do teu alborexar. Levanta os teus ollos arredor, todos estes xuntáronse, viñeron a ti. Os teus fillos veñen de lonxe e as túas fillas son traídas no colo. Entón, cando o vexas, estarás radiante e o teu corazón latexará e ensanchará, pois as riquezas do mar traeranche a ti e os bens dos pobos virán para ti. Estarás cuberta dunha chea de camelos, de dromedarios novos de Madián e de Efah. Todos eles virán de Sabá. Virán cargados de ouro e incenso, e proclamarán ledos a loanza do Señor» *Isaías*, 60: 3-6 [recollido por Singul, 2020, p. 236.]

72 Desa época é o *Auto dos Reis Magos* da Catedral de Toledo. Sobre este tema, ver Novoa, 2019, pp. 154 e ss.

73 Para facer referencia ao fillo de Fernando II, habitualmente coñecido pola historiografía como Afonso IX, nesta publicación utilízase, seguindo a suxerencia dos editores, o VIII que lle correspondería realmente como rei de León e de Galicia.

tras cousas, para acoller o seu Panteón Real; terminando de xustificar, con todo iso, a existencia, neste lugar, da devandita escena e, asemade, as referencias á monarquía na obra do Mestre Mateo.

Por outra banda, se orixinalmente estiveron localizados, efectivamente, no contorno do trascoro mateano, os relevos co ciclo da Matanza dos Inocentes[74] descubertos recentemente nas escavacións arqueolóxicas realizadas na Cripta do Pórtico, xogarían, de xeito especial a imaxe do Rei Herodes atendendo aos consellos do diaño que lle rumorea ao oído, un contraste a ter en conta por parte dos reis, que se identificarían entre os bos e piadosos gobernantes fronte aos malvados e inxustos, representados no devandito Herodes.

[Ver pp. 342 e 343] Reconstrución virtual hipotética do coro e a fachada do trascoro do Mestre Mateo, presidida por un tímpano da Adoración dos Reis, segundo R. Otero Túñez e R. Yzquierdo Perrín. [Fundación Barrié]

O panteón real de Compostela

O epílogo a esta idade dourada na historia da catedral compostelá, asociada ao apoio dos reis ao culto a Santiago o Maior e á construción da catedral, foi a configuración *oficial* do Panteón Real, situado orixinalmente no brazo norte do transepto da catedral románica.

Como xa se comentou, a orixe do Panteón Real atoparíase na morte en 1107 do Conde de Galicia, Raimundo de Borgoña, e do seu enterramento na catedral, nun lugar aínda por determinar pero que é probable que estivese situado ao exterior do templo, xunto á fachada do Paraíso [Moralejo, 1990, p. 163 e Puente, 2002, p. 88]. Esta primeira tumba vinculada á dinastía de Borgoña podería estar relacionada cun fragmento de tampa sepulcral de influencia aquitana achado nunhas escavacións arqueolóxicas realizadas no contorno catedralicio a mediados do século pasado[75].

[Ver p. 344] Cabeza e figura decapitada atribuídas ao rei Herodes do ciclo da Matanza dos Inocentes. Procedencia orixinal descoñecida dentro da catedral [Fotos Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Atendendo á documentación conservada ao respecto, na que se recollen cerimonias procesionais e outros privilexios concedidos en 1127 por Afonso VII, tal vez nesa época os restos do seu pai puideron levarse ao interior do templo[76], quizais nun novo sepulcro; ao tempo que o monarca certificaba, por vez primeira, o seu desexo de ser soterrado na catedral, un compromiso que aínda habería de confirmar outras dúas veces máis, nos anos 1140 e 1143, aínda que finalmente sería enterrado en Toledo [Moralejo, 1990, p. 164].

74 Sobre este conxunto e as diferentes hipóteses acerca da súa procedencia ver Yzquierdo Peiró, 2021a, pp. 400-422.

75 Peza actualmente conservada no Museo das Peregrinacións e de Santiago. Imaxe da mesma publicada por Moralejo, 1990, p. 176

76 Boto [2012, pp. 552 e ss.] expón as súas dúbidas ao respecto e cree que o Panteón non se configurou como tal ata tempo despois.

En 1211, coincidindo coa consagración da catedral, o rei Afonso VIII dotaría xenerosamente un altar dedicado a San Lourenzo situado no pórtico existente no extremo do transepto norte, no lugar onde fora enterrado, en 1188, seu pai Fernando II [Moralejo, 1990, pp. 165-166]. Este feito ten importancia non só porque confirma onde se atopaba a tumba real; tamén porque supón, en certo modo, a institucionalización do panteón, certificando que, en efecto, este foi uns dos obxectivos últimos do proxecto do Mestre Mateo, culminado coa devandita cerimonia de consagración [Yzquierdo Peiró, 2011, pp. 63-73] do 21 de abril de 1211, na que estivo presente o propio rei Afonso acompañado da súa corte; proxecto que, entre outras cousas, permitiu completar e adaptar a catedral románica para acoller os sepulcros reais, que se concentrarían nese espazo da catedral. Alí haberían de permanecer ata o seu traslado, en 1535, á súa actual localización no antigo Cabido, nun espazo renacentista encostado ao muro sur da catedral, que se deu en chamar, ata 1641[77], a *Capela dos Reis*.

Precisamente, ese traslado do panteón a un novo lugar parece que puido levarse a cabo con certo desorde ou que, cando menos, acabaría producíndose algunha confusión nas identificacións de cada un dos sartegos, toda vez que no proceso, ou no tempo transcorrido, se perderían, xunto coas arcas orixinais, as cartelas ou as inscricións relativas a cada un deles[78]. Deste modo, segundo sinalou no seu día o profesor Moralejo, certas tumbas puideron quedar intercambiadas ou, incluso, estar trabucada algunha das actuais identificacións. Este sería o caso do sartego tradicionalmente atribuído a D. Raimundo de Borgoña, no que, como remarcou o referido autor, se aprecian características fisionómicas[79] e estilísticas que o levaron a expor unha hipótese alternativa de identificación [Moralejo, 1990, pp. 169 e ss.]: o xacente desta sepultura podería corresponder, en realidade, ao Infante Fernando Afonso, fillo primoxénito do rei Afonso VIII que, en 1211, acompañou ao seu pai en Compostela con ocasión da cerimonia de consagración da catedral e que faleceu, sendo aínda novo, en agosto de 1214.

As crónicas[80] afirman que o seu pai, que nas datas inmediatas ao falecemento do seu fillo estivo varias ve-

77 Nese ano, trasladouse a esta capela o relicario da catedral, nun novo retablo feito para a ocasión por Bernardo Cabrera e Gregorio Español, pasando a chamarse Capela das Reliquias.

78 Moralejo recolle a referencia de Ambrosio de Morales, que visitou o Panteón en 1572, anos despois do seu traslado, a que os sepulcros carecían de «títulos ningunos» e que había certa incerteza acerca de cada un dos personaxes alí soterrados. Tempo despois, tras a creación nese espazo da Capela das Reliquias, se engadirían uns epitafios sobre cadansúa sepultura identificando os personaxes. Moralejo, 1990, p. 162]. As transcricións desas inscricións, hoxe perdidas salvo mínimos vestixios, foron recollidas íntegramente por Chamoso, 1979.

79 Entre outros detalles, Moralejo sinala que esta representación do xacente está moi afastada da que aparece de D. Raimundo de Borgoña no *Tombo A* da catedral, cando no caso dos reis Fernando II e Afonso VIII, sí se tivo en conta o modelo do *Tombo A* para os xacentes [Moralejo, 1990, p. 169].

80 Lucas, bispo de Tui, *Chronicon Mundi*, ed. Puyol, 1926, p. 416: «Eo tempore mortuus est Fernandus filius eius pulcherrirmus adolescens, quem genuerat ex regina Tharasia, et sepultus est in ecclesia Sancti Iacobi Apostoli»

ces en Compostela, dispuxo o seu enterramento na catedral xunto ao seu avó Fernando II e, polo tanto, cabería a posibilidade de que o sepulcro identificado, alo menos desde 1641, con Raimundo de Borgoña pertencese ao malogrado Infante Fernando Afonso. Esta hipótese veríase reforzada a partir da análise estilística da imaxe do xacente e sobre todo da comparativa cos sepulcros reais de Fernando II e de Alfonso VIII, considerando que esta peza se atoparía, cronoloxicamente, a medio camiño entrambas e poderíase datar ao redor do ano 1215 [Moralejo, 1975, p. 19], coincidindo, polo tanto, co momento da morte e enterramento na catedral do devandito Infante.

[Ver p. 348] Detalle do sepulcro atribuído tradicionalmente co enterramento de Raimundo de Borgoña na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Posible imaxe xacente do infante Fernando Afonso segundo S. Moralejo. Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

De ser así, xorde a cuestión acerca da sorte corrida pola «pretiosa sepultura» de Raimundo de Borgoña, de quen hai suficiente constancia documental acerca do seu enterramento na catedral e de diversas cerimonias relacionadas co mesmo instauradas polo seu fillo Afonso VII. A resposta, tal e como sinalou Moralejo, podería atoparse nas tres «tumbas rasas, que no tienen labor, sino solas Cruces llanas» que describiu Ambrosio de Morales [Flórez, 1765b, p. 127] cando visitou a catedral no ano 1572 –despois, por tanto, do traslado do panteón–. Nese cambio de sitio tal vez se perdeu a sepultura que se fixera cara o 1127, cando quizais se trasladaran os restos ao interior da catedral; ou, no seu caso, a lousa orixinal de época xelmiriana e, quizais, de tipo aquitano [Moralejo, 1990, p. 174].

[Ver p. 345] Fragmento de tampa sepulcral de influencia aquitana. Atribuída polo profesor Serafín Moralejo co posible enterramento orixinal de Raimundo de Borgoña. Museo das Peregrinacións e de Santiago
[Foto Museo das Peregrinacións e de Santiago]

Como se comentou, a pesares de manifestar documentalmente o seu desexo en distintas ocasións durante o seu reinado, finalmente, Afonso VII, que tivera unha infancia especialmente vinculada con Galicia e coa catedral, enterrouse en Toledo. Non obstante, non faltou completamente a súa palabra, pois en 1149, á morte da súa esposa, a raíña Berenguela, si dispuxo que fora soterrada na catedral de acordo co cerimonial determinado para as súas exequias e as da súa familia. A través de documentación conservada sobre o deceso, López Ferreiro [1898-1911, t. IV, pp. 238-239] dá conta de como no mes de marzo do devandito ano, tras recibir a chamada do monarca, o Arcebispo Pedro Elías viaxou a León para facerse cargo do corpo da raíña e transportalo á catedral, onde foi soterrado segundo o disposto.

Aínda que, como no caso anterior, non hai documentación que confirme a localización orixinaria da tumba de dona Berenguela, López Ferreiro afirma que o sarcófago de granito preparado para a raíña foi colocado na actual capela de Santa Catalina, onde permaneceu ata o seu traslado xunto

[Ver pp. 345 e 346] Panorámicas da Capela das Reliquias – Panteón Real da catedral de Santiago no seu estado actual [Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

cos demais; un feito que tería toda a lóxica se, como se comentou, uns anos antes o seu esposo dispuxera alí a sepultura do seu pai conformando, desde xeito, un espazo no interior da catedral destinado a albergar as sepulturas reais que, co paso do tempo, acabaría por conformar de xeito *oficial* a Capela Real.

Neste caso, por motivos obvios, non cabe dúbida acerca da identidade do personaxe, pois Xoana de Castro, a outra muller que repousa no Panteón compostelán, é moi posterior e, ademais, a súa tumba, que conserva a arca orixinal e a imaxe xacente, ten unha inscrición identificativa no bordo da lápida. En canto á datación da imaxe xa López Ferreiro [1898-1911, T. IV, p. 239], ao referirse a este sartego, alude a que sobre a lousa de granito se labrara «pouco despois» unha estatua xacente. Probablemente, á vista das características estilísticas da peza, ese período de tempo transcorrido entre o enterramento e a realización da imaxe sería bastante máis amplo, chegando, en opinión de Serafín Moralejo –que a pon en relación coa adecuación que se levaría a cabo no Panteón Real con motivo da morte e enterramento do rei Afonso VIII– ao redor do ano 1230[81]. En efecto, estilisticamente parece tratarse dunha peza avanzada no tempo, aínda que a súa cronoloxía tamén se podería aproximar ao ano da consagración da catedral[82], cando se configurou e dotou o Panteón Real.

Restaría abordar, do conxunto orixinal, as dúas tumbas de reis que hai na catedral compostelá, correspondentes aos xa citados Fernando II e Afonso VIII, ambos decisivos no seu apoio ao proxecto do Mestre Mateo, na conclusión da construción da catedral e na súa consolidación como lugar espiritual de referencia para a monarquía galaico-leonesa.

Tal e como se comentou, Fernando II manifestara en vida, a través do citado Privilexio de 1180, o seu desexo de descansar na catedral xunto a súa nai e o seu avó, de xeito que, tan pronto como puido desbloquear a situación causada pola súa viúva Urraca López de Haro, o seu fillo Afonso levou de León a Compostela os seus restos para soterralos xunto a aqueles. Anos despois, en 1195, o propio Afonso VIII concedeu a dotación dun aniversario na catedral en honra do seu pai que aparece recollido no *Tombo B* da seguinte maneira: «pro remedio anime mee et animarum avorum et parentum meorum et pro bono et grato obsequio quod michi et patri meo, regi domno Ferdinando, se pius exhibuistis, cuius corpus in eadem ecclesia est sepultum» [*Tombo B da catedral de Santiago*, ed. González Balasch, 2004, pp. 78-79].

81 Moralejo, 1975, pp. 363-364. Pola súa banda, para Boto [2012, p. 553], este sería o momento en que realmente se configuraría o Panteón como tal, incorporando os vellos enterramentos para os que se realizarían os novos sartegos con imaxe xacente para cada un deles.

82 Así o considera García González [2013, p. 984], que leva a peza aos primeiros anos do século XIII.

Inventio. Descuberta do sepulcro apostólico polo bispo Teodomiro de Iria Flavia. Miniatura do *Tombo A* da Catedral de Santiago.
Arquivo da catedral
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

O rei Afonso II. Miniatura do *Tombo A* da Catedral de Santiago.
Arquivo da catedral
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]



Lauda sepulcral do bispo Teodomiro de Iria Flavia na súa localización actual no interior da catedral
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Maqueta hipotética da Basílica de Afonso III segundo Ramón Yzquierdo Perrín.
Fernando Palacio-Taller Armadillo.
Museo das Peregrinacións e de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Lauda sepulcral de Aroaldo. Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Almanzor e Traslado das campás da catedral. Juan Luis López. Deputación provincial da Coruña, en depósito temporal no Museo Catedral de Santiago
[Foto Denís E. F. / Fundación Catedral de Santiago]

Fragmento de ventá procedente da Basílica de Afonso III ou da súa reconstrución tras a razzia de Almanzor.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Pila bautismal da catedral de Santiago, tal vez procedente da Basílica de Afonso III. Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Réplica da Cruz compostelá.
Ricardo Martínez. Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Réplica da Cruz compostelá.
Ángel Iglesias. Xunta de Galicia.
Museo das Peregrinacións e de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Cruz chamada de Ordoño II.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Cruz dos roleos.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Inscrición mutilada nun dos muros da Capela do Salvador. Catedral de Santiago.
Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago

Capitel conmemorativo do inicio das obras de construción da catedral, Afonso VI. Catedral de Santiago
[Foto Enrique Touriño]

Inscrición conmemorativa nunha das xambas da fachada das Praterías. Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Diego Xelmírez ante Fruela Afonso e Pedro Muñiz.
Miniatura do *Tumbo de Toxosoutos*.
Arquivo Histórico Nacional
[Foto Wikimedia Commons]

Dª Urraca. Miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago.
Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

Ego uraca totius ꝟ hispanie regina facio cartam & testamentum eccl'e scī iacobi & ep̄o dn̄o didaco & canonicis eiusdem eccl'e de toto illo regalengo & infantatico q̄d̄ habeo inter uliam ⁊ tamar pernominato de talobre cum suis hominib' ⁊ omnib' suis ammonionibus. & de omnib' illis hominibus quos minduniensis eccl'a habebat inter uliam & tamar. & de pausada cum hominib' & ammonionibus suis. & de omnibus illis hominibus & hereditatib' quas habeo in pistomarcos. & in noia. ⁊ in conpostella regalem curtem. & sobtados & kasas tr̄enas quas in cartaunt gundisalnus alonici & eius frater didac' alonici. ⁊ habuerant eas de gundisaluo alfonso. Do eciā uobis omīs illos subtrados & kasas tr̄enas. & omīs illas hereditates que fuerunt de frolla didaci. Do & concedo ego regina dn̄a uraca uob' iam dictis. ⁊ eccl'e scī iacobi totum illud quod habeo inter uliā & tamar' cū toto illo quod habeo ubi' sobtrado. Die dono & confirmo uobis. sicut ub iam dedi in morte uiri mei comitis dn̄i raimundi. & sicut filius meus rex dn̄us alfonsus uobis dedit & confirmauit quando eum elegistis regem in eccl'a uria. habeatis uos & successores uri hec omīa superscripta usq; in perpetuum. Adicio etiam uobis totas illas hereditates & kasas & superatos que fuerunt de maior didaz inter iam dicta flumina scilicet uliam & tamar'. Illa uero omīa que in morte uiri mei comitis raimundi & in presentia patris mei regis dn̄i adefonsi per testamentum eccl'e beati iacobi contuli: confirmo. & omīa que eidem eccl'e contuli ⁊ impresentia adicio: similiter confirmo. Et extra iam dicta flumina habeatis totum suum directum: de ipsis iam dictis uillis per ubicūq; potueritis eum in uenire. Adhuc & enim concedo & autorizo ut si aliquis armata manu aliquid uiolenter abisso usq; ad mare & a tamare usq; uliam rapuerit uel abstulerit: s'c. mille solidos ep̄o scī iacobi & eius canonicis exsoluat. & si quisquam aliquid i honore scī iacobi sine ligione pignorauerit: ep̄o ⁊ eccl'e scī iacobi canonicis d. st pect'e. & pignus in duplum restituat. & si aliquis homo hoc regium domi quod ego regina dn̄a. s. do eccl'e scī iacobi ⁊ confirmo siḥ antea dederam ⁊ postea filius meus rex dn̄s adefons' dedit & confirmauit. fiage ausus fuerit. sit excomunicat'. & cum iuda proditore inferni dāpna paciatur'. ⁊ pect'e decem milia libras auri. & componat in duplo quod inq̄stauerit. ⁊ hoc testamentū sit firmū eccl'e beati iacobi & eius canonicis. facto testamento sub era. i. c. i. & q̄t pridie idus maii.

Syraca regina & filius rex dn̄us

Reconstrución virtual do transepto da catedral románica
[Foto Ficción Producións / Consorcio de Santiago]

Reconstrución virtual do Paraíso de Compostela en época románica segundo M. Castiñeiras e V. Nodar
[Foto Ficción Producións / Consorcio de Santiago]

Fachada das Praterías. Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

DOBRE PÁXINA SEGUINTE [ESQUERDA]

Raimundo de Borgoña. Miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago. Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

DOBRE PÁXINA SEGUINTE [DEREITA]

O rei Afonso VII. Miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago.
Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

P elagi gudesteiz index ȝf.
P elagi didaci ꝯs.
P etrus astanici ꝯs.
O omnus alfonso telamari ꝯs.
O ouo gelmiriz telamari ꝯs.
G undesind canonice prior ꝯs.
O duari archidiacon ꝯs.

Adefonsus dī grā totius hispanie imperator. ac magnificus triumphator de cunctis mercatoribus non pignorandis statuo. Et q̄ fecerit: pariat sol'. xx. & illud pignus duplatū. Insuper uero consuetudinem auus & parentibus meis institutam confirmo. & mando ei-ctis habitatorib' huius ciuitatis compostelle ne de incepsa extra hāc uillam uadant pro aliqua calūnia ad diffiniendum iudicium. nec pro auctore aliquo foras recipiendo: unde hic facta fuerit presumptio. si fuerit iudicibus & eor̄ successoribus per sinum sagionem & fidiatores: cuncta diffiniantur iudicia.

Era. i. c. xxc. iii.

A defonsus iperator ȝf.
B erta regina ȝf.
O sind' aftoucesis epc ȝf
D idac' ruderiq̄z ȝf.
F ernand' guncaluz ȝf.
D idacus guncaluz ȝf.
P elagius budam ꝯs.

Regnante dn̄o nr̄o ih̄u xp̄o ego comes raimundus totius galliecie senior & dn̄s. pariter cum consensu mee uxoris nomine unace dn̄i adefonsi toletani iperatoris filie: cum causa orationis ad sedem dn̄i iacobi uenissemus. & non paucas querimonias de huius ciuitatis habitatorib; audissemus. eos ē asidue depredatos & pignoratos per oēs t̄ras nr̄i regni: nobis nimis displicuit. Tunc cogitantibus nobis quomodo huiusmodi finirentur querele accepimus consilium cum comitib' & nr̄i palatii maioribus qui sub nr̄a gr̄a uicinas mon̄a circuitu dn̄abant t̄ras. quarum nomina inferius scripta erunt. decernimus & uere statuim' hoc nr̄m decretum cunctis temporib' obseruandum pro remedio animar̄ nr̄ar̄. & pro memoria parentum nr̄or̄. dantes licentiam tibi patri & uenerabili ep̄o dn̄o dalmatio & canonicis huius sedis ut nullus mercator uel huius ciuitatis habitator abinde ultra in-

De uilla corneliana.

Gloriosō ⁊ uenerabili patrono nr̄o dn̄o iacobo. cuius corpus tumulatum digna sepultura manet infimb' amaē. Ego henricus comes portugalensis pariter cum uxore mea tarasia imperatoris toletani dn̄i adefonsi filia. cō sentientib' nr̄i palatii maiorib'. qua i nr̄o dominio ⁊ ditione consistit omis portugalensis prouincia. huic apt̄o sancto hoc commissorum ⁊ testamentū scripturā elegimus. qualiter nr̄a ussione. ⁊firmo precepto utetur omīs penuria ab hom̄ib' habitantibus in ulla corneliana. qua illis inferebant regi suones in colligendis lignis ⁊ materia. uel extra. ⁊ suos pecor̄ pascua. unde dum plerumq; dn̄us ⁊ semoribus aplice aule fuisse prolata querimonia. ⁊ nos amore hui' apli uenientes causa orationis eor̄ precibus rogati inuenimus quod predicta ulla corneliana cum medietate demonte maior ut nabor. per suos terminos antiquos fuit concessa aprioribus regib' adhunc locum sem̄. quam nos post eius part̄e ⁊ filior̄ clericor̄ ab om̄i ut̄e gritate confirmamus. ⁊ qua contra regales ullas ⁊ castella nr̄a plus habet̄ur nemora. de hodie die in illo nr̄o damus licentiam cunctis habitatoribus de ipsa ulla. ut colligant ligna ⁊ materia ⁊ habeant extra ⁊ pascua. omni curtiu ubi uoluerint. ⁊ non sit ausus aliquis neque incarus neq; suo aut potestas qui impedimentum eis faciat. ut sedm ipsi habuerint licitum. ita ⁊ nos meremur in die iudicii cū om̄ib' sc̄is. huius apli precibus fultus in uoce regna celor̄ am̄. Qui uero hoc nr̄um datum infrumpere temptauerit quisquis fuerit sedeat excommunicatus ⁊ pariat post uīam partē ſt. ⁊ quo auferre uoluerit. componat in duplo. facta hui' scripture confirmatione .v. idus decembris. Era .i.c.xxvi. permanente in roboris presentibus ⁊ futuris ⁊ om̄i ut̄e uoci euo perhenni ⁊ sec'a cuncta am̄. Ego henricus comes portugalensis ⁊ coniux mea tarasia. hoc factum ⁊ damus ⁊ cōfirmamus. ⊹ ⊹ ⊹ ⊹

Qui ibi fuit de porticali:

s	uarius nunici ȝf.
y	unus pelaici ȝf.
p	elagius guterrici ȝf.
a	udericus froilaz ȝf.
f	etrus songemiriz ȝf.
s	uarius menendici ȝf.
p	elagius olidiz ȝf.
p	elagius menendici ȝf.
c	eremudus guterriz ȝf.
a	ri& aluarici ȝf.
p	elagius gudesteiz iudex ȝf.
p	etrus danielz iudex ȝf.



Coroación de Afonso Raimúndez na catedral de Santiago. Juan Luis López. Deputación provincial da Coruña en depósito temporal no Museo Catedral de Santiago
[Foto Denís E. F. / Fundación Catedral de Santiago]

[DEREITA]
Santiago entre cipreses coa inscrición ANF[us] REX. Mestre da Transfiguración. Fachada das Praterías, Catedral de Santiago
[Foto E. Silva Moruja]

DOBRE PÁXINA SEGUINTE [ESQUERDA]
Folio 1V do *Tombo A* da catedral de Santiago coas miniaturas dos reis Afonso II, Ordoño I e a inventio. Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

DOBRE PÁXINA SEGUINTE [DEREITA ARRIBA]
Capiteis da tribuna da catedral no comezo do proxecto do Mestre Mateo. Catedral de Santiago
[Foto E. Touriño / Fundación Catedral de Santiago]

DOBRE PÁXINA SEGUINTE [DEREITA ABAIXO]
Privilexio polo que Fernando II concede unha pensión vitalicia ao Mestre Mateo. Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

PAX VOBI

Adefonsus rex per huius nre serenitatis missionem damus & concedimus huic beato iacobo apło & tibi patri nro Teodemiro ego tria milia in guro ecclie beati iacobi apli. huius enim beatissimi apli pignora indelicee scissimum corpus requiescit in isto repose. Quod ego audiens cum magna deuocione & supplicatione ad adorandum & uenerandum tam pretiosum tesaurum cum multis aliis nris palaciis accurrimus. & cum sicut patronum & dnm nrum ihm xpm cum lacrimis & precib' multis adorauim'. & supra dictum munusculum ei uoluntarie concessimus. & obhonore eius ecclam construi iussim'. uirginem sedem cum eodem loco seo communiu'. pro anima nra & pro tum uro. quatin' hec omia deseruiat tibi & successorib' tuis per secla cuncta facta scripta testamenti mei. dcccLxvii & ego pridie nonas septembris. Ego adefonsus rex hoc meum factum confirmo. Bramila confirmo
Menamurus cofirmo. dsancie alta cofir
Sanc' confirmo. Vrrenandus confirmo
Quec' confirmo.

Ordonius rex tibi patri nro Teodemiro episcopo munimus tibi per hanc mam preceptione nros pueros & familiares ut melios qui pro reuerencia & honore beatissimi iacobi apli nri. & totius hispanie patroni. cuius corpus tumulatum est in galletia infinitis miraculis ut confirmetur tibi post partem loca sei tria milia que duo memorie predecessor meus rex dominus adefonsus catholicus ad honorem eiusde sctissimi apli contulit. Ego similiter promitto animo ad honorem supradicti apli addo alia tria milia ut sint sex milia integra. ut omis populus qui ibi abitauerit seruiat loco seo sicut michi & antecessoribus meis seruire consueuerat.
facta scriptura mea. dccc. xxxvi.
Ordonius rex confirmo.

In nmie dñi nr̄i ihu xp̄i am̄. Maiestatē regie conuenit eis in bis̄ prouidere q̄ sibi nostrū fidele obsequiū exhibere. ec illis precipue qui de seuarū
et locis seis indefinenter obsequiū prolatē impendere. ta p̄ ego. f. de gr̄a hispanarū p̄x amore omipotentis dei p̄ quē regnant reges. ¬ obtemperatia sc̄oꝝ apl̄oꝝ
iacobi patroni nr̄i. possum p munere dono et concedo tibi magistro milic qui op̄ pietatis ap̄l̄i primatum obtinet ¬ magisterii. mihiq̄ p amo immoderate mee de me-
rcta sc̄i iacobi refectionē duarū marcharū singulis ebdomadis. ¬ q̄d domus mea ebdomada suppleat in alia. tca q̄d hec refectio maneat. t. c̄. mesabitinos p̄ annū quoq;
annuis. hoc minus. hoc donū. do t̄ oīs mīpes mee tue semp laboriū. quam et op̄ s̄ iacobi et me inde p̄sone meli⁹ sit. ¬ qui uiderint pfato op̄ studiosi mingulent ¬ misistant.

Si quis ā cōue hoc mīm spontaneum donatiū meū. aut illud q̄d̄m temptauerit infringere tam meuitat de cmich p̄ncis. ¬ tam regnū. ¬ mille aureos pena cui⁹ ramq̄m excommicat⁹ cogat.
exhibere. facta R. xp̄i sc̄i iacobum. ¬ um. t. martyri. t.a.m. cc. vi. Regnante rege dño.f. legione. ceremadura. Gallecia. masturis.

Ego dñs.f. dei gr̄a hispanarum r̄x. hoc scriptum q̄d fieri iussi p̄p roborē. sf.

Comes angelorū sig̃ maiordomꝰ regis ——— ⁊
Comes ponciꝰ dñans in legione ——— ⁊
Comes petr⁹ in asturiis ——— ⁊
Comes ramirus in iberis ——— ⁊
Comes roderic⁹ in murcia ——— ⁊
fernandꝰ roderici in monte roso ——— ⁊
Gomꝰ gunzalui in mansilam ——— ⁊
Ramirꝰ ponti⁹ signifer regis ——— ⁊

Petr⁹ auriensis epc ——— ⁊
Iohannes lucensis epc ——— ⁊
Gonzalus auriensis epc ——— ⁊
Iohānis legionensis epc ——— ⁊
Iacobus tudensis epc ——— ⁊
Petr⁹ salamantinus epc ——— ⁊
Suerꝰ zamorensis epc ——— ⁊

Archidiaconꝰ roderic⁹ regis cancellarius ⁊ Pelagi⁹ guntr ⁊c.

ECCLESIE:BEATI:IACOBI:SVNT:TOLLETA:PER
ON:FERVIDA:FVERVNT:IPSORVM:PORTALIA:M

Epígrafe conmemorativo da colocación dos linteis do Pórtico da Gloria polo Mestre Mateo.
Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Fernando II. Miniatura no *Tombo A* da catedral de Santiago.
Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

Pseudotransepto da Cripta do Pórtico da Gloria.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enriquez / Fundación Catedral de Santiago]

Acceso á Cripta do Pórtico da Gloria.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Reconstrución virtual hipotética da fachada exterior do Pórtico da Gloria
[Fundación Catedral de Santiago]

Rei David procedente da fachada exterior do Pórtico da Gloria. Mestre Mateo.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Rei Salomón procedente da fachada exterior do Pórtico da Gloria. Mestre Mateo.
Museo Catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Figura mutilada quizais procedente da fachada exterior do Pórtico da Gloria. Atr. Taller do Mestre Mateo. Col. particular
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Rei David procedente da fachada do trascoro do Mestre Mateo. Recolocada na fonte da capela do Santiaguiño, na parroquia de San Pedro de Vilanova
[Foto R. Yzquierdo Peiró]

Esta páxina e páxina seguinte [abaixo]

Reconstrución virtual hipotética do coro e a fachada do trascoro do Mestre Mateo, presidida por un tímpano da Adoración dos Reis, segundo R. Otero Túñez e R. Yzquierdo Perrín
[Fundación Barrié]

Rei Saúl procedente da fachada do trascoro do Mestre Mateo. Recolocada na fachada da Porta Santa da catedral de Santiago
[Foto R. Yzquierdo Peiró]

Rei Salomón procedente da fachada do trascoro do Mestre Mateo. Recolocada na fachada da Porta Santa da catedral de Santiago
[Foto R. Yzquierdo Peiró]

Cabeza e figura decapitada atribuídas ao rei Herodes do ciclo da Matanza dos Inocentes. Procedencia orixinal descoñecida dentro da catedral
[Fotos Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

PÁXINA SEGUINTE [ABAIXO]

Panorámica da Capela das Reliquias – Panteón Real da catedral de Santiago no seu estado actual
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Fragmento de tampa sepulcral de influencia aquitana. Atribuída polo profesor Serafín Moralejo co posible enterramento orixinal de Raimundo de Borgoña.
Museo das Peregrinacións e de Santiago
[Foto Museo das Peregrinacións e de Santiago]

Panorámica da Capela das Reliquias – Panteón Real da catedral de Santiago no seu estado actual
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Sepulcro de Pedro Froilaz, Conde de Traba, no Panteón Real compostelán.
Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Sepulcro de Xoana de Castro no Panteón Real da catedral de Santiago.
Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Sepulcro de Dª Berenguela na capela dos Reis da catedral de Santiago.
Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Detalle do sepulcro atribuído tradicionalmente co enterramento de Raimundo de Borgoña na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Posible imaxe xacente do infante Fernando Afonso segundo S. Moralejo.
Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Detalle do sepulcro de Dª Berenguela na Capela dos Reis da catedral de Santiago.
Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Detalle do sepulcro tradicionalmente atribuído ao rei Fernando II na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Posible imaxe xacente do rei Afonso VIII segundo S. Moralejo.
Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Detalle do sepulcro tradicionalmente atribuído ao rei Afonso VIII na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Posible imaxe xacente do rei fernando II segundo S. Moralejo.
Museo Catedral de Santiago
[Foto E. Touriño / Fundación Catedral de Santiago]



Detalle da copia da acta de consagración da catedral de Santiago contida no *Tombo B* da catedral.
Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

Detalle dunha das cruces de consagración da catedral de Santiago. Taller do Mestre Mateo, 1211
[Foto Adolfo Enríquez
/ Fundación Catedral de Santiago]

Extremo noroeste do transepto da catedral de Santiago, actual capela de Santa Catalina e lugar onde estivo a Capela dos Reis ata 1535
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Capela de Santa Catalina, no transepto norte da catedral, localización da Capela dos Reis ata o seu traslado en 1535
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Tímpano da Adoración dos Magos na portada da igrexa de Santa María da Corticela
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

O rei Afonso VIII, miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago.
Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

[Ver p. 350] Detalle dunha das cruces de consagración da catedral de Santiago. Taller do Mestre Mateo, 1211
[Foto Adolfo Enríquez / Fundación Catedral de Santiago]

Pola súa banda, Afonso VIII tivo un empeño persoal en conseguir levar a cabo a solemne consagración da catedral no ano 1211, para o que debeu convencer ao Arcebispo Pedro Muñiz, quen finalmente accedeu a presidir a cerimonia en presenza do monarca, de altas dignidades eclesiásticas e dos notables da corte. A principal testemuña daquela efeméride, que serve para marcar o final do proxecto do Mestre Mateo, son as doce cruces de consagración que percorren os muros da catedral, labradas en granito dourado e policromado polo obradoiro mateano e que conteñen uns dísticos latinos alusivos á devandita cerimonia atribuídos ao propio prelado[83].

[Ver p. 352] O rei Afonso VIII, miniatura do *Tombo A* da catedral de Santiago. Arquivo da catedral de Santiago
[Foto Arquivo da catedral de Santiago]

Pouco despois e en atención aos importantes dons reais que comportou a consagración para a Igrexa de Santiago, o arcebispo Pedro Muñiz levou a cabo, no extremo norte do transepto, a citada fundación dun novo altar, de indubidable carácter funerario, dedicado a San Lourenzo e no que se foron regulamentando misas diarias polas almas dos monarcas e os seus familiares. É o momento en que queda, finalmente institucionalizado, tras un longo proceso iniciado en tempos de Raimundo de Borgoña, o Panteón Real compostelán ou máis ben, atendendo a unha anotación que figura no *Tombo A*, a *Capella dos Reis* [García González, 2013, pp. 983-984], nome que haberá de manter logo do seu traslado no século XVI.

A este momento, ao redor do primeiro terzo do século XIII, tamén correspondería a portada da igrexa da Corticela, situada entón xunto á catedral pero aínda non unida á mesma, que está presidida por un tímpano da Epifanía segundo o modelo creado polo obradoiro do Mestre Mateo no trascoro da catedral [Otero e Yzquierdo, 1990, pp. 120 e ss. e 178 e ss.]. Tal vez, como sucedía nese caso, a presenza aquí dos Reis Magos, serviría como arquetipo simbólico para os reis de Galicia, cuxo lugar de enterramento estaba moi próximo ao devandito tímpano.

O *Tombo B* da catedral recolle, en 1223, a concesión por parte de Afonso VIII de varias propiedades ao Cabido co fin de dotar, no futuro, os seus aniversarios [Moralejo, 1990, p. 166] unha vez falecido e soterrado na Capela dos Reis. Anos despois, en setembro de 1230, cando peregrinaba a Compostela, sorprendeuno a morte na vila de Sarria, desde onde se trouxeron os seus restos a Compostela para ser sepultados «al lado de su padre Fernando II»[84].

83 Sobre as cruces de consagración da catedral, véxase Yzquierdo Peiró, 2017, pp. 27-29

84 López Ferreiro, 1898-1911, t. v, p. 138] toma como referencia o texto de Lucas de Tui [ed. Puyol, 1926, p. 425]: «en la yglesia de Sanctiago fue enterrado honradamente açerca de su padre el rey don Fernando, fijo del emperador».

[Ver p. 348] Detalle do sepulcro de Dª Berenguela na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Museo Catedral de Santiago [Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Cadansúa das tumbas reais foi identificada, na súa localización na actual Capela de Reliquias, a través dos seus correspondentes epitafios, que foran pintados nos nichos que acollen cada un dos sepulcros e que, antes de que se borrasen, foron lidos e publicados por Manuel Chamoso Lamas [1979]. No caso de Fernando II dicía como sigue: D. FERNANDO DE LEÓN / HIJO SEGUNDO DEL EMPERADOR D. ALONSO / Y DE LA EMPERATRIZ Dª BERENGUELA SU PRIMERA MUJER / FALLECIÓ EN LA VILLA DE BENAVENTE / ERA DE 1226 Y MANDÓ SEPULTARSE EN ESTA CAPILLA / JUNTO A SU ABUELO EL CONDE DON RAMÓN DE BORGOÑA, / Y SU MADRE LA EMPERATRIZ / Dª BERENGUELA; e, pola súa banda, no de Afonso VIII: EL REY D. ALFONSO IX DE LEÓN, HIJO DEL / REY D. FERNANDO II Y DE LA REINA / DOÑA URRACA SU MUGER PRIMERA, NIETO DEL / EMPERADOR DON ALONSO RAMÓN, / FALLECIÓ EN ESTE REINO / EN VILLANUEVA DE SARRIA EN DICIEMBRE / ERA DE 1268 VINIENDO A VISITAR / EL SEPULCRO DE GLORIOSO APÓSTOL SANTIAGO, / DE QUIEN FUE MUY DEVOTO. SEPULTOSE / EN ESTA CAPILLA JUNTO / AL REY D. FERNANDO, SU PADRE.

[Ver p. 349] Detalle do sepulcro tradicionalmente atribuído ao rei Fernando II na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Posible imaxe xacente do rei Afonso VIII segundo S. Moralejo. Museo Catedral de Santiago [Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Aínda que, no caso dos sepulcros de ambos monarcas, puidera parecer que a cousa estaba suficientemente clara respecto das identidades de cadansúa delas e dos referidos epitafios, o profesor Moralejo [1975, pp. 348 e ss., especialmente as conclusións ao respecto en pp. 362-265], tras unha coidadosa análise estilística e estudio comparativo de ambas pezas, concluíu que, probablemente, no proceso do traslado a súa nova localización no edificio claustral as identidades puideron confundirse, pasando a atribuír o xacente de Fernando II co do seu fillo e viceversa; é dicir, que ambos sartegos estarían intercambiados desde o seu traslado ou, polo menos, desde a realización dos devanditos epitafios, que se datan nos anos centrais do século XVII; e, polo tanto, o tradicionalmente identificado con Fernando II sería en realidade o de Afonso VIII e, o atribuído a este se correspondería co rei Fernando II. Unha hipótese que, considerando os argumentos aportados polo referido autor, parece ter bastantes visos de verosimilitude.

[Ver p. 349] Detalle do sepulcro tradicionalmente atribuído ao rei Afonso VIII na Capela dos Reis da catedral de Santiago. Posible imaxe xacente do rei fernando II segundo S. Moralejo. Museo Catedral de Santiago [Foto E. Touriño / Fundación Catedral de Santiago]

Coa morte e enterramento de Afonso VIII na Capela dos Reis, a catedral compostelá rematou de configurarse como panteón da dinastía Borgoña e, ao tempo, finalizou unha verdadeira idade dourada na que se converteu no templo de referencia da monarquía galaico-leonesa. A unificación con Castela que trouxo consigo o reinado de Fernando III, así como o cambio nas prioridades políticas e territoriais fixeron que os esforzos dos reis se orientasen cara outras terras, iniciándose unha etapa de crise en Compostela.

[Ver p. 347] Sepulcro de Xoana de Castro no Panteón Real da catedral de Santiago. Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

[Ver p. 346] Sepulcro de Pedro Froilaz, Conde de Traba, no Panteón Real compostelán. Museo Catedral de Santiago
[Foto X. Muras / Fundación Catedral de Santiago]

Non foi, sen embargo, o último enterramento Real que se fixo na catedral; tempo despois, tras falecer o 21 de agosto de 1374, Xoana de Castro, frustrada raíña consorte de Castela polo seu matrimonio non validado co rei Pedro I, foi soterrada na catedral, quizais na Capela dos Reis[85], nun sepulcro exento, aínda que agora se atope encostado nun dos nichos da Capela das Reliquias, que conta, nas súas catro caras, con relevos decorados con motivos heráldicos e o que parece ser un ciclo dedicado á infancia de Cristo. Remata o conxunto a imaxe xacente coroada e, no bordo da lápida, a seguinte inscrición: «AQVI : IAZ : DOÑA : IOANA : DE : CASTRO : REINA : DE : CASTELA QVE : SE : FINOV NO MES DE : AGOSTO : ERA MCCCCXII».

Actualmente, por tanto, o Panteón Real compostelán está conformado por seis sepulcros graníticos con imaxes xacentes que se encostan nos nichos localizados nos muros laterais da Capela das Reliquias. Aos catro membros da familia Borgoña: Raimundo, Conde de Galicia; Berenguela, esposa de Afonso VII; e os reis Fernando II e Afonso VIII; sumouse, ben á súa morte ou ben despois, quizais con ocasión do traslado realizado en 1535, a referida Xoana de Castro; e, por fin, no ano 1926, veuse completado coa postremeira incorporación dun personaxe fundamental na chamada *Era Compostelá*: Pedro Froilaz, Conde de Traba, que foi titor de Afonso Raimúndez, futuro Afonso VII. Froilaz faleceu no ano 1126[86] e foi soterrado na catedral, no contorno da actual capela do Cristo de Burgos. Coincidindo cos oitocentos anos da súa morte e co final das obras que se realizaron na Capela das Reliquias logo do seu devastador incendio de 1921, o escultor Maximino Magariños [Otero, 1977, p. 395 e Singul, 2004, p. 348] realizou, por encargo do Cabido, un sepulcro historicista coa imaxe xacente dun personaxe de idade avanzada, que viste armadura e casco, porta unha espada entre as mans e se identifica pola inscrición situada na fronte do sartego: «SEPULTURA PERTENECIENTE A LA FAMILIA DEL / CONDE DE TRABA D. PEDRO FROYLAZ, AYO DEL / EMPERADOS D. ALFONSO VII»

----------ooo----------

Polo tanto, a sintonía entre a monarquía e a Igrexa de Santiago resultou clave ao longo da configuración e consolidación do fenómeno xacobeo e da catedral compostelá desde os seus orixes. Aínda se conservan testemuñas físicas da participación dos reis nos primeiros tempos, onde aparecen nomes como Afonso II, Afonso III, Ordoño II ou Fernando I, entre outros. Máis adiante, a obra de construción da catedral románica non tería

85 García González, 2013, p. 986; aínda que Fandiño Fuentes apunta a posibilidade de que tal vez fora soterrada xunto ao seu pai na capela disposta pola familia baixo o *Leedoiro*, no trascoro da catedral. Fandiño, 2018, pp. 243-254.

86 No seu testamento e no da súa esposa expresaron o seu desexo de ser soterrados na catedral compostelá, á cal concederon un importante legado. Ver López Ferreiro, 1898-1911, t. IV, pp. 136-137, onde se fai eco do recollido, con maior detalle, na *Historia Compostelana*: «De morte Comitis Petri de Trava et relictis ab eo Ecclesiae», en Flórez, 1765a, t. XX, *Historia Compostelana*, Lib. III, Cap. III, p. 477.

[Ver p. 350] Detalle da copia da acta de consagración da catedral de Santiago contida no *Tombo B* da catedral. Arquivo da catedral de Santiago [Foto Margen / Fundación Catedral de Santiago]

sido posible sen os monarcas que viviron o proceso: Afonso VI, Urraca, Afonso VII, Fernando II e Afonso VIII, dos cales non só quedan as súas pegadas nas diferentes fases construtivas, privilexios, doazóns e obras de arte, senón que, nalgúns casos, tamén son memoria histórica nas súas sepulturas e as dos seus familiares na Capela dos Reis compostelá, evidenciando que, entre outras cousas, a súa devoción a Santiago foi o motivo principal para apoiar as obras da que habería de ser a súa derradeira morada e conformando, desde modo, una idade dourada do Reino medieval de Galicia que foi chamada *Era compostelá*.

BIBLIOGRAFÍA

Abelleira Núñez, Sagrario; Castiñeiras González, Manuel e Iglesias González, José [2003], «Réplica de la Cruz de Alfonso III», en García Iglesias, J. M. [dir.], *Luces de peregrinación* [catálogo de exposición, Madrid-Santiago, 2003-2004], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 52-57.

Alexander, Jennifer e Martin, Therese [2014]. «Sistemas constructivos en las fases iniciales de la catedral de Santiago: una nueva mirada al edificio románico a través de las marcas de cantería», en Senra, J. L. [ed.], *En el principio: génesis de la catedral románica de Santiago de Compostela. Contexto, construcción y programa iconográfico*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago – Fundación Catedral de Santiago – Teófilo eds., 142-163.

Andrade Cernadas, José Miguel. [2017], «La Concordia de Antealtares en su contexto histórico», en Fernández Conde, F. J. e Alonso Álvarez, R. [eds.], *Los reyes de Asturias y los orígenes del culto a la tumba del Apóstol Santiago*, Xixón: Trea.

Barral Iglesias, Alejandro B. [1998], «A ourivería sagrada na Compostela medieval. As doazóns e adevoción a Santiago nos séculos IX-XV», en Singul, F. [dir.], *Pratería e Acibeche en Santiago de Compostela* [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 331-338.

Barral Iglesias, Alejandro B. [2018], *El Sepulcro de Santiago. Documentos – Toponimia – Arqueología*, Santiago de Compostela: Cabido da SAMI Catedral de Santiago – Fundación Catedral de Santiago.

Boto Varela, Gerardo [2012], «Aposentos de la memoria dinástica. Mudanza y estabilidad en los panteones regios leoneses [1157-1230]», en *Anuario de Estudios Medievales*, 42/2 [xullo-decembro de 2012], 535-565.

Caamaño Martínez, Jesús M. [1962], *Contribución al estudio del gótico en Galicia. [Diócesis de Santiago]*, Valladolid: Universidad de Valladolid.

Castiñeiras González, Manuel [dir.] [2010a], *Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez* [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Skira.

Castiñeiras González, Manuel [2010b], «Didacus Gelmirius, patrono de las artes. El largo camino de Compostela: de periferia a centro del Románico», en Castiñeiras, M. [ed.], *Compostela e Europa. La historia de Diego Gelmírez*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Skira, 32-97.

Castiñeiras González, Manuel [2010c], «O por qué dunha exposición itinerante. Diego Xelmírez, xenio e espírito viaxeiro do Románico», en Castiñeiras, M. [ed.], *Compostela e Europa. La historia de Diego Gelmírez,* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Skira, 16-29.

Castiñeiras González, Manuel [2017], «Autores homónimos: el doble retrato de Mateo en el Pórtico de la Gloria», en Castiñeiras González, M. [ed.], *Entre la letra y el pincel. El artista medieval. Leyenda, identidad y estatus*, Barcelona: Grupo Editorial Círculo Rojo, 37-52.

Castiñeiras González, Manuel [2019], «La iglesia del Paraíso: el Pórtico de la Gloria como puerta del Cielo», en Yzquierdo Peiró, R. [dir.], Maestro Mateo [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago.

Castiñeiras González, Manuel [2020], «La catedral medieval: la dilatada historia de la obra románica y su epílogo bajomedieval», en Yzquierdo Peiró, R. [dir.], *La catedral de los Caminos. Estudios sobre arte e historia*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago, 241-283.

Chamoso Lamas, Manuel [1956], «Noticias de las excavaciones arqueológicas en la catedral de Santiago», en *Compostellanum*, I, 2, 349-392.

Chamoso Lamas, Manuel [1979], *Escultura funeraria en Galicia*, Ourense: Instituto de estudios orensanos «Padre Feijoó», Deputación Provincial.

D'Emilio, James [2007], «Inscriptions and the Romanesque Church: Patrons, Prelates and Craftsmen in Romanesque Galicia», en Hourihane, C. [ed.], *Spanish Medieval Art: Recent Studies*, New Jersey: State University of New York, 1-33.

Estévez, Xerardo; Aroca, Ricardo; Martín, Adrián e Lorenzo, Daniel [2022], «Historia construida de la fachada occidental», en Fernández Cerviño, Mª X., Estévez Fernández, X. e Martín Prieto, A., *La Catedral de la Arquitectura. Intervenciones e investigación en la catedral de Santiago de Compostela. 2010-2021*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago – Xunta de Galicia – Andavira Eds.

Falque Rey, Emma, [ed.] [1994], *Historia Compostelana*. Madrid: Akal.

Fandiño Fuentes, R. [2018], «Sobre doña Juana de Castro y su enterramiento en la catedral compostelana», en Cernadas Martínez, S. e García-Fernández, M. [dirs.], *Reinas e infantas en los reinos medievales ibéricos. Contribuciones para su estudio. Actas del Congreso Internacional. Santiago de Compostela, 21-23 de mayo de 2014*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 243-254.

Filgueira Valverde, José [1959]. *El Tesoro de la Catedral compostelana*. Santiago de Compostela: Gráfico Galaico.

Flórez, Henrique [1765a], *España Sagrada,* t. xx, Madrid: Imprenta de la Viúda e Hijo de Marín.

Flórez, Henrique [1765b], *Viage de Ambrosio de Morales por orden del Rey D. Phelipe II a los Reynos de León, y Galicia, y Principado de Asturias*, Madrid: Antonio Marín.

García González, Sonsoles [2013], «El Panteón regio compostelano. La pérdida de la memoria», en Aldea Celada, J. M. et al. [coords.], *Los lugares de la historia*, Salamanca: Asociación de jóvenes historiadores, 973-994.

García González, Sonsoles [2017], «La lauda del obispo Teodomiro en la catedral de Santiago de Compostela», en Fernández Conde, F. J. e Alonso Álvarez, R. [eds.], *Los reyes de Asturias y los orígenes del culto a la tumba del Apóstol Santiago*, Oviedo: Ayuntamiento de Oviedo – Trea, 73-91.

González Balasch, Mª Teresa [2004], *El Tumbo B de la Catedal de Santiago* [est. e ed.], Santiago de Compostela: Universidade de Granada.

González Millán, Antonio J. [1993], «La Cruz de Santiago: una donación del rey Alfonso III al apóstol y a su sede de Compostela en el año 874», *Compostellanum*, xxxviii, 3-4, 303-335.

González Rodríguez, Rafael [2011-2012]. «Sol eclipsim patitur. Sobre la muerte del rey Fernando II de León en Benavente», en *Brigecio*, 21-22.

Guerra Campos, José [1982], *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del apóstol Santiago*, Santiago de Compostela: Cabido da SAMI Catedral de Santiago.

López Alsina, F. [1988]. *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.

López Alsina, Fernando [1993a], «Concordia de Antealtares», en Moralejo Álvarez, S. e López Alsina, F. [eds.], *Santiago, Camiño de Europa. Culto e cultura na peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

López Alsina, Fernando [1993b], «Tombo A da catedral de Santiago», en Moralejo Álvarez, S. e López Alsina, F. [eds.], *Santiago, Camiño de Europa. Culto e cultura na peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

López Alsina, Fernando et al. [2013], *O século de Xelmírez*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega – Xunta de Galicia.

López Carreira, Anselmo et al. [2019], *O Panteón Real*, Santiago de Compostela: Asociación cultural O Galo – Concello de Santiago.

López Díaz, Xosé [2009], *Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego* [trad.], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

López Ferreiro, Antonio [1898-1911], *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Cabido da SAMI Catedral de Santiago de Compostela.

Mera Álvarez, Irene [2011], *La catedral de Santiago en la época contemporánea: arte y arquitectura [1833-1923]*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago – Teófilo Eds.

Moralejo Álvarez, Serafín [1973], «Esculturas compostelanas del último tercio del siglo XII», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, xxviii, 83, 294-310.

Moralejo Álvarez, Serafín [1975], *Escultura gótica en Galicia [1200-1350]*, tese de doutoramento, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Moralejo Álvarez, Serafín [1983], «Notas para una revisión de la obra de K. J. Conant», en Conant, K. J., *Arquitectura románica da Catedral de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Colexio de Arquitectos de Galicia, 221-236.

Moralejo Álvarez, Serafín [1985a], «Artistas, patronos y públicos en el arte del Camino de Santiago», en C*ompostellanum*, xxx, 3-4, 395-430.

Moralejo Álvarez, Serafín [1985b], «La miniatura en los Tumbos A y B», en VV. AA., *Los tumbos de Compostela*, Madrid: Edilán – Banco Simeón, 45-62.

Moralejo Álvarez, Serafín [1987], «El patronazgo artístico del arzobispo Gelmírez [1100-1140]: su reflejo en la obra e imagen de Santiago», en Gai, L. [ed.], *Pistoia e il Cammino di Santiago. Una dimensione europea della Toscana medievale*. Pistoia: Universitá degli Studi di Perugia – Centro italiano de estudios compostelanos, 245-272.

Moralejo Álvarez, Serafín [1988], «El 1 de abril de 1188. Marco histórico y contexto litúrgico en la obra del Pórtico de la Gloria», en Villanueva Abelairas, C. [dir.], *El Pórtico de la Gloria. Música, arte y pensamiento,* Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago – Universidade de Santiago de Compostela, 113-120.

Moralejo Álvarez, Serafín [1990], «¿Raimundo de Borgoña [†1107] o Fernando Alfonso [†1214]? Un episodio olvidado en la historia del panteón real compostelano», en *Galicia en la Edad Media. Actas del Coloquio de Santiago de Compostela*, 1987, Madrid: Sociedad española de estudios medievales, 161-178.

Moralejo Álvarez, Serafín [1993], «Cruz de Ordoño II», en Moralejo Álvarez, S. e López Alsina, F. [eds.], *Santiago, Camiño de Europa. Culto e cultura na peregrinación a Compostela* [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 269-270.

Nodar, Victoriano [2010], «Capiteis fundacionais da catedral de Santiago de Compostela», en Castiñeiras, M. [dir], *Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Skira.

Novoa Fernández, María [2019], *La Epifanía en la Galicia medieval: configuración de una iconografía* [tese de doutoramento], Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Otero Túñez, Ramón [1977], «La Edad contemporánea», en VV. AA., *La Catedral de Santiago de Compostela*, Barcelona: Caja de Ahorros de Santiago, 379-399.

Otero Túñez, Ramón [1999], «Sugerencias sobre la fachada exterior del Pórtico de la Gloria», en *Abrente*, 31, 7-36.

Otero Túñez, Ramón e Yzquierdo Perrín, Ramón [1990], *El coro del Maestro Mateo*, A Coruña: Fundación Barrié, 94-7.

Pérez Varela, Ana [2018], «Del Rey al Apóstol: la Cruz compostelana de Alfonso III como exvoto real en la catedral de Santiago de Compostela y sus reproducciones en el siglo XX», en Cañestro Donoso, A. [coord.], *Scripta artium in honorem prof. José Manuel Cruz Valdovinos*, Alicante: Universidad de Alicante, 1028-1043.

Portela Silva, Ermelindo [2001], *García II de Galicia. El rey y el reino [1065-1090]*, Burgos: La Olmeda.

Portela Silva, Ermelindo [2020], «La catedral en la historia. De los orígenes a la reforma. Siglos IX-XV», en Yzquierdo Peiró, R. [dir.], *La catedral de los caminos. Estudios sobre arte e historia*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago, 9-82.

Puente Míguez, J. Antonio [2002], «El sepulcro del conde don Raimundo de Borgoña en la catedral de Santiago», en Barral, D. e López, J.M. [eds.], *Estudios sobre Patrimonio Artístico. Homenaje del departamento de Historia del Arte y de la facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago de Compostela a la Prof. Dra. María del Socorro Ortega Romero*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 83-96.

Puyol, Julio [ed.] [1926], *Lucas, obispo de Tui: Crónica de España*, Madrid: Real Academia de la Historia.

Rosende Valdés, Andrés A. [2001], «La segunda sillería de coro de la catedral de Santiago», en Yzquierdo Perrín, R. [ed.], *Los coros de catedrales y monasterios: arte y liturgia. Actas del simposio organizado por la Fundación Barrié de la Maza en A Coruña, 6-9 de septiembre de 1999*, A Coruña: Fundación Barrié, 311-327.

Sánchez-Albornoz, Claudio [1946], *La España musulmana*, I, Buenos Aires: El Ateneo.

Sánchez Ameijeiras, Rocio [2010], «Tombo A da Catedral de Santiago de Compostela», en Castiñeiras González, M. [dir.], *Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Skira.

Sánchez Ameijeiras, R. [2008], «O entorno imaxinario do rei: cultura cortesá e/ou cultura clerical en Galicia en tempos de Alfonso IX», en Oíza Galán, L. J. e Suárez Rodríguez, M. de la O [coords.], *Alfonso IX e a súa época. Pro utilitate regni mei* [catálogo de exposición], A Coruña: Concello de A Coruña – Ministerio de Cultura, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 307-325.

Senra, J. Luis [2014], «Concepto, filiación y talleres del primer proyecto catedralicio», en Senra, J.L. [ed.], *En el principio: génesis de la catedral románica de Santiago de Compostela. Contexto, construcción y programa iconográfico*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago – Fundación Catedral de Santiago – Teófilo Eds., 59-141

Sicart Giménez, Ángel [1981], *Pintura medieval: la miniatura*. Santiago de Compostela: Fundación Sánchez Cantón.

Singul, Francisco [2004], «Maximino Magariños», en Pulgar Sabín, C. del [ed.], *Artistas gallegos escultores. Siglos XVIII y XIX*, Vigo: Nova Galicia Eds., 340-372.

Singul, Francisco [2020], «Un juego de espejos: peregrinación jacobea, teatro sacro y la Epifanía del trascoro de la catedral de Santiago», en *Rudesindus*, 13, 235-240.

Souto Cabo, J. Antonio [2001], *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Íria*, Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

Suárez Otero, José [1999],«Manuel Chamoso Lamas y la arqueología en la catedral de Santiago de Compostela», en Calvo Domínguez, M. [Coord.], *Santiago y los caminos de Santiago. Obra y fotografía de Manuel Chamoso Lamas* [catálogo de exposición]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 71-80.

Vidal Rodríguez, Manuel [1926], *El Pórtico de la Gloria de la catedral de Santiago*, Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.

Ward, Michael L. [1991], «El Pórtico de la Gloria y la conclusión de la catedral de Santiago de Compostela», en *Actas del Simposio Internacional sobre o Pórtico da Gloria e a Arte do seu Tempo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 43-52.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2008], «Afonso III e Santiago: facsímil da cruz doada a Igrexa de Santiago», en Oíza Galán, J. e Suárez Rodríguez, Mª de la O [coords.], *Alfonso IX e a súa época. Pro utilitate regni mei* [catálogo de exposición], A Coruña: Concello de A Coruña – Ministerio de Cultura, Sociedad Estatal de conmemoraciones culturales.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2011], *Domus Iacobi. A historia da catedral de Santiago* [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago – Cabido da SAMI Catedral de Santiago.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2016], «Maestro Mateo en el Museo del Prado», en *Quintana. Revista del Departamento de Historia del Arte. Universidad de Santiago*, 15, 307-311.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2016b], *Maestro Mateo en el Museo del Prado* [catálogo de exposición], Madrid: Museo Nacional del Prado – Real Academia Galega de Belas Artes – Fundación Catedral de Santiago.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2017], «Maestro Mateo: obra recuperada, dispersa y en riesgo de conservación», en *Annuarium Sancti Iacobi*, 6, 21-60.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2018a], *Los tesoros de la catedral de Santiago*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago - Fundación Catedral de Santiago – Teófilo Eds.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2018b], «Su cabeza en la Gloria: Tras las huellas del maestro Mateo», en *Rudesindus, miscelánea de arte y cultura*, xi, 169-206.

Yzquierdo Peiró, Ramón [dir.] [2019a], *Maestro Mateo*, [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2019b], «El Maestro Mateo al frente de las obras de la catedral: la concesión de una pensión vitalicia por Fernando II», en Yzquierdo Peiró, R. [dir.], *Maestro Mateo*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2019c], «Estatuas-columna de dos profetas procedentes de la desaparecida fachada exterior del Pórtico de la Gloria», en Yzquierdo Peiró, R. [dir.]: *Maestro Mateo*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2019d], «Los reyes de Galicia y de León y su impulso al proyecto del Maestro Mateo en la catedral: ¿Estatua de Fernando II, un rey bíblico o Santiago Miles Christi?», en Yzquierdo Peiró, R., *Maestro Mateo*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2019e], «El Maestro Mateo en la catedral de Santiago», en Yzquierdo Peiró, R., *Maestro Mateo*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago, 49-78.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2021a], «Descubriendo la catedral: los relieves de la Matanza de los Inocentes y otros hallazgos en las obras de la cripta y la escalinata del Obradoiro», en *Compostellanum*, LXVI, 3-4, 379-439.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2021b], «Recuperando la fachada occidental de la catedral: investigación, conservación, hallazgos, enigmas e interrogantes», en Laborde Marqueze, A. [ed.], *La restauración del Pórtico de la Gloria. Catedral de Santiago de Compostela. Documentación, estudios y conservación*, Madrid: Ministerio de Cultura – Instituto del Patrimonio Histórico Español, 269-289.

Yzquierdo Peiró, Ramón [2021c], «Tímpanos de Compostela», en *Tímpanos medievais da Galiza*, nº 30, *Nós Diario* [26 de febreiro de 2021].

Yzquierdo Perrín, Ramón [1987-1988], «La fachada exterior del Pórtico de la Gloria: nuevos hallazgos y reflexiones», en *Abrente*, 19-20, 7-42.

Yzquierdo Perrín, Ramón [1993], «Arte prerrománico asturiano en Galicia», en *Arte medieval [I], Galicia. Arte*, X, A Coruña: Hércules Eds., 5-517.

Yzquierdo Perrín, Ramón [1997], «As basílicas compostelás e a arte prerrománica asturiana en Galicia», en García Iglesias, J. M. [dir.], *Galicia románica e gótica. Galicia Terra Única Ourense* [catálogo de exposición], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 139-147.

Yzquierdo Perrín, Ramón [2005], «El Maestro Mateo y la terminación de la catedral románica de Santiago», en Lacarra Ducay, Mª del C. [coord.], *Los caminos de Santiago. Arte, historia y literatura*, Zaragoza: Diputación de Zaragoza – Institución Fernando el Católico, 253-284.

Yzquierdo Perrín, Ramón [2010]. *El Pórtico de la Gloria y el Maestro Mateo en la catedral de Santiago*. León: Edilesa.

Yzquierdo Perrín, Ramón [2012], «La miniatura en Galicia en la baja Edad Media», en Lacarra Ducay, Mª del C. [ed.], *La miniatura y el grabado en la Baja Edad Media en los archivos españoles*, Zaragoza: Diputación de Zaragoza – Institución Fernando el Católico, 103-156.

Yzquierdo Perrín, Ramón [2019], «Las estatuas-columna de los reyes David y Salomón de la desaparecida fachada exterior del Pórtico de la Gloria», en Yzquierdo Peiró, R. [dir.], *Maestro Mateo*, Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago, 49-78.

Zepedano y Carnero, José María [1870], *Historia y descripción arqueológica de la Basílica compostelana*, Lugo [ed. facsímil, Santiago, 1999]: Xunta de Galicia.

Galicia e a lírica trobadoresca*

Mercedes Brea

*Esta contribución é un resultado parcial do proxecto de investigación PID2020-113491GB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

RESUMO. Os estudos levados a cabo nas últimas décadas permiten observar con claridade un fenómeno que xa intuíran ilustres investigadores, pero para o que faltaba documentación: o fenómeno trobadoresco é xa unha realidade no reino de Galicia-León desde as últimas décadas do s. XII; naceu vinculado a cortes reais [Fernando II e Afonso IX (VIII de Galicia-León)] e nobiliarias, especialmente galegas e, en ocasións, do norte de Portugal. Existen relativamente poucos elementos no corpus e no nome dos autores que contribúan a situalos xeograficamente, pero ten máis relevancia o lugar de produción da lírica que o punto de orixe de cada trobador. A variedade lingüística empregada nas cantigas é o galego, aínda que non resulte doado identificar trazos diatópicos específicos debido ao proceso de fixación por escrito dos textos; o progresivo desprazamento –nas dúas últimas décadas do s. XIII e, sobre todo, na primeira metade do XIV– cara as cortes portuguesas, sumado ás últimas fases de configuración da tradición manuscrita, fixo que a maioría dos textos chegasen a nós nunha vestimenta portuguesa, polo que segue tendo sentido falar de variedade lingüística galego-portuguesa, aínda que, na realidade, unha parte dos testemuños [*Cancioneiro da Ajuda, Pergamiño Vindel*] presenten unha veste galega, e os apógrafos italianos representen a norma portuguesa á que sería adaptado o *Libro di portughesi* que Colocci fixo copiar en Roma nas primeiras décadas do s. XVI.

RESUMEN. Los estudios llevados a cabo en las últimas décadas permiten observar con claridad un fenómeno que ya habían intuido ilustres investigadores, pero para lo que faltaba documentación: el fenómeno trovadoresco ya es una realidad en el reino de Galicia-León desde las últimas décadas del s. XII; nació vinculado a cortes reales [Fernando II y Afonso IX (VIII de Galicia-León)] y nobiliarias, especialmente gallegas y, a veces, del norte de Portugal. Existen relativamente pocos elementos en el corpus y en el nombre de los autores que contribuyan a situarlos geográficamente, pero tiene más relevancia el lugar de producción de la lírica que el punto de origen de cada trovador. La variedad lingüística utilizada en las cantigas es el gallego, aunque no resulte fácil identificar trazos diatópicos específicos debido al proceso de fijación por escrito de los textos; el progresivo desplazamiento, en las dos últimas décadas del s. XIII y, sobre todo, en la primera mitad del XIV, hacia las cortes portuguesas, sumado a las últimas fases de configuración de la tradición manuscrita, hizo que la mayoría de los textos llegasen hasta nosotros con vestimenta portuguesa, por lo que sigue teniendo sentido hablar de variedad lingüística gallego-portuguesa, aunque, en realidad, una parte de los testigos [*Cancioneiro da Ajuda, Pergamiño Vindel*] presenten una apariencia gallega y los apógrafos italianos representen la norma portuguesa a la que se adaptaría el *Libro di portughesi* que Colocci mandó copiar en Roma en las primeras décadas del s. XVI.

ABSTRACT. The studies carried out in recent decades allow us to clearly observe a phenomenon that had already been perceived by distinguished researchers, but for which documentation was lacking: the troubadour phenomenon is already a reality in the kingdom of Galicia-León since the last decades of the 12th century; it was born linked to royal courts [Fernando II and Afonso IX [VIII of Galicia-León]] and noble courts, especially Galician and, sometimes, from northern Portugal. There are relatively few elements in the corpus and in the names of the authors that contribute to locate them geographically, but the place of production of the lyric is more relevant than the place of origin of each troubadour.

The linguistic variety used in the cantigas is Galician, although it is not easy to identify specific diatopic traces due to the process of written fixation of the texts; the progressive displacement, in the last two decades of the 13th century and, above all, in the first half of the 14th century, towards the Portuguese courts, added to the last phases of the configuration of the manuscript tradition, meant that most of the texts reached us in a Portuguese dress, so that it still makes sense to speak of a Galician-Portuguese linguistic variety, although, in reality, some of the witnesses [*Cancioneiro da Ajuda, Pergamiño Vindel*] have a Galician appearance and the Italian apographs represent the Portuguese standard to which the *Libro di portughesi* that Colocci had copied in Rome in the first decades of the 16th century was adapted.

Nese breve, pero precioso, documento co que nos obsequiou o prof. Giuseppe Tavani –o discurso que pronunciou con motivo do seu nomeamento como membro de honra da Real Academia Galega [Tavani, 2004]–, o estudoso italiano proporciona unha serie de claves [que aínda non foron totalmente desentrañadas ou desenvolvidas] para un cabal coñecemento do que significou a lírica trobadoresca galego-portuguesa. Algunhas das máis relevantes están contidas no seguinte parágrafo:

> *as razóns que me inducen a falar de Galicia como da forxa ou do berce da poesía lírica peninsular son moitas: a máis valiosa é obviamente a invención da cantiga de amigo, un produto exclusivo da creatividade galega, que non ten analoxías efectivas con ningunha das outras «cancións de muller», nin coa* kharxa *mozárabe nin coa* chanson de toile*, unha composición que obedece a un paradigma rigoroso seguramente ideado por un poeta galego no século XII e que se mantén con poucas alteracións ao longo do XIII, caracterizando toda unha área lírica. Mais, como vimos, non é só por iso que me atrevo a falar dunha* ***especificidade galega****. Cando os galegos entraron en contacto coas culturas transpirenaicas —e ese contacto só se puido practicar en Santiago, único centro da rexión culturalmente equipado para recibir e asimilar as achegas estranxeiras—, cando, dicía, os galegos entraron en contacto coas culturas transpirenaicas, a súa reacción foi dinámicamente activa, no sentido que desas culturas eles aceptaron algunhas suxestións e rexeitaron ou reformaron outras. Aceptaron e adoptaron sen vacilacións o hábito de firmar as súas producións líricas e de transcribilas nun soporte físicamente estable, acreditando deste modo o seu dereito á dignidade de «auctores» da que xa gozaban os trobadores provenzais e os trobeiros franceses* [Tavani, 2004, p. 18].

Así pois, para el está claro que o berce da lírica peninsular foi Galicia, pero non o pensa por un sentimento de afecto ou de gratitude a esta terra, senón por motivos debidamente explícitos, entre os que pon de relevo «a invención da cantiga de amigo»[1] e o «equipamento» cultural de Santiago de Compostela no s. XII. Non estará de máis recordar que, xustamente un século antes, xa Dna. Carolina Michaëlis dedicara todo un capítulo [de obrigada lectura, por moito que hoxe poidamos corrixir algunhas das súas apreciacións] do estudo que acompañaba a súa edición do *Cancioneiro da Ajuda* [A] a «A Galliza, centro de cultura peninsular de 800 a 1135. Santiago de Compostella, foco onde desabrochou o lyrismo gallego-português» [Michaëlis, 1990 [1904], pp. 769-835][2], no que, ademais do clarificador que resulta o propio epígrafe, poden lerse consideracións moi semellantes ás de Tavani:

> *não esqueço que, além do foco principal de cultura, em Santiago de Compostella [com prelados illustrados, em parte franceses, e um clero notavel e numeroso, não menos afrancesado que a côrte*[3]*, com uma burguesia rica e privilegiada, e assistencia de representantes de todas as nações europeias], e além de infinidade de conventos de frades e freiras, bem dotados de livros, havia na Galliza villas de recreio e caldas con paços regios [verbigracia:* Caldas de Rey*] onde os soberanos costumavam folgar. Havia tambem, como na Provença, numerosas pequenas côrtes principescas: os solares e castellos dos condes gallizianos, onde eram criados os reis asturico-leoneses. E mesmo alguns dos que cingiram a coroa de Castella.* [Michaëlis, 1990 [1904], p. 776].

Parece, pois, que, dalgunha maneira, hai acordo en que a lírica culta peninsular tivo a súa orixe en Galicia, e hoxe –grazas, sobre todo, a traballos como os de Souto Cabo [1989-1994, 2011, 2012a, 2012b, 2012c, 2018, 2020], Ron Fernández [2005, 2016, 2021], Monteagudo

1 Da importancia da cantiga de amigo como «canción de retagarda» [unha visión moi acaída en relación coa situación sociopolítica da época] ocupouse Lanciani [1998]. A crítica tendeu en certa medida a prestar atención de forma xeral a este xénero como unha modalidade autóctona, característica da lírica galego-portuguesa en comparación coas outras tradicións trobadorescas, e mesmo hai quen quere vela como unha manifestación folklórica, sen ter en conta que os textos conservados son sempre composicións cultas, por moito que poidan aproveitar un rexistro de procedencia popular para reelaboralo cunha técnica moi estudada [por iso, probablemente, Tavani fala de «*invención* da cantiga de amigo» como un xénero literario peculiar].

2 Completábase con «Vestigios de poesia popular gallego-portuguesa archaïca. Sua semelhança com as modernas cantigas do povo. Seu influxo provável na poesia trovadoresca» [idem, pp. 836-940].

3 Lémbrese que Afonso VI casou a súa filla Urraca [que o sucedeu como raíña] con Raimundo de Borgoña, irmán do que sería elixido Papa co nome de Calixto II, e que os nomeou Condes de Galicia, entendida Galicia como un territorio bastante máis extenso que o actual, moito máis próximo á exposición que fai, entre outros, López Carreira [2008, pp. 213-248], se ben posteriormente estableceu unha división no Miño para crear na zona reconquistada ao sul deste río un Condado Portucalense, do que encomendou o goberno a outra filla, Teresa, casada cun curmán de Raimundo, Henrique de Borgoña. A presenza de Raimundo contribuiría a ese carácter afrancesado de que fala Michaëlis, se ben os contactos ultrapirenaicos non se limitan á súa influencia, posto que a nai de Urraca era outra nobre borgoñona, Constanza, irmá do abade Hugo de Cluny [o que en parte pode explicar esa presenza de «prelados illustrados, em parte franceses» e a expansión da orde cluniacense]. E este tipo de matrimonios, mesmo entre nobres, foron frecuentes no período que nos interesa, como pode apreciarse nunha rápida consulta ás táboas xenealóxicas que complementan o ilustrador estudo de Souto Cabo [2012a].

[2008, 2014] e outros estudosos– podemos confirmar que xa era unha realidade[4] nas últimas décadas do s. XII [moi probablemente, a partir da de 1170]. O que trouxo de cabeza á crítica durante un tempo foi a confusión creada por algún antropónimo detoponímico [Cameros[5], sobre todo] que inducía a pensar que precisamente os primeiros trobadores non só non eran galegos senón que mesmo algún do sur do Miño, como Johan Soarez de Paiva, se atopaban nunha zona máis próxima a Navarra que a Galicia[6].

O fío condutor das primeiras xeracións trobadorescas é a poderosa familia Traba[7], tan influínte na corte real de Galicia-León desde os inicios do s. XII, cando sobresae a figura do conde Pedro Froilaz [sepultado no panteón real da catedral compostelá, xunto a Fernando II e Afonso IX[8]][9], preceptor de Afonso VII e colaborador activo do arcebispo Xelmírez, e as dos seus descendentes[10]. Sexa por vínculos familiares ou por relacións sociais, case todos os primeiros trobadores teñen que ver de forma directa con este grupo familiar, aínda que, dado que en non poucas ocasións o lazo de unión son as mulleres, resulte ás veces difícil percibir a ligazón[11]. É así mesmo grazas a este papel preponderante dos Traba na corte real como resulta natural que a lingua empregada para a lírica sexa o galego, que nese ambiente tería a condición de lingua vehicular, polo menos no seo da clase dominante.

Non nos corresponde a nós [historiadores rigorosos ocúpanse do tema] establecer en qué medida, ou en qué coordenadas espazo-temporais, se debe falar de reino de Galicia ou de reino de Galicia-León no s. XII [particularmente, a partir de 1157, cando Fernando II se casa con Urraca de Portugal, filla de Afonso Henriques, e se inicia un período de paz entre os dous reinos que se prolongará ata a morte de Afonso IX en 1230].

4 Referímonos, naturalmente, aos trobadores coñecidos a través da *Tavola Colocciana* [Gonçalves, 1976], porque de varios deses autores da primeira xeración que nela figuran non chegaron a nós os textos dos que dá noticia ese índice do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal* [B], ao perdérense os folios que contiñan as composicións que Colocci numerara como 9 [e parte de B8bis] a 36.

5 Sobre este en particular, *vid*. Souto Cabo [2018].

6 De feito, Miranda [2004 e 2007] chega a considerar a existencia dun «foco oriental», algo que faría moi difícil entender por qué a lingua empregada para esta produción lírica foi o galego e que previamente apuntara tamén Oliveira [1993], se ben este non deixaba de recoñecer que «as estrategias de aliança que uniam as principais linhagens da Península anunciavam já a importância que, em breve, teria o paço dos Trastâmaras, ou Travas, neste domínio. Com efeito, ligados familiarmente a Laras, Urgeis e Cameros, os Trastâmaras estavam bem colocados para assumirem a herança destas linhagens no apoio à manifestação cultural em análise» [Oliveira, 1993, p. 260].*Vid*. tamén Oliveira [1998a e 1998b], así como Miranda [1998] e Miranda – Oliveira [1995].

7 Pode verse un resumo da importancia das relacións familiares na tradición da lírica trobadoresca en Brea [2013].

8 Se ben, na relación de reis de Galicia-León, correspóndelle ser Afonso VIII, como neste traballo mencionamos tamén en ocasións a Alfonso VIII de Castela, preferimos adoptar a secuencia que deriva da conxunción de ambos os reinos a fin de evitar posibles confusións.

9 Dado que os sepulcros foron movidos nalgunha ocasión, é difícil coñecer a situación orixinal de cada un deles. Na actualidade, considérase que os que están na capela das Reliquias son, ademais do de Pedro Froilaz e os dous monarcas citados, os de Raimundo de Borgoña, Berenguela de Barcelona, o infante Fernando Afonso [primoxénito varón de Afonso IX, do seu matrimonio con Teresa de Portugal] e Xoana de Castro [esposa de Pedro I «o Cruel» e irmá de Inés de Castro].

10 Sobre a relevancia dos Traba, véxanse, entre outros, Barton [1997], Calderón Medina [2011], López Sangil [2005], Pallares – Portela [1993], Varela Cajide [2016 e 2017].

11 Pode resultar de utilidade a consulta das táboas xenealóxicas elaboradas por Souto Cabo [2012a, pp. 239-254] como apéndice ao seu traballo, disponibles tamén en http://bernal.cirp.gal/ords/ meddb3/r/129/files/static /v49Y/esquemas_xenealoxicos.pdf.

mente, no relativo á lírica trobadoresca, nas últimas décadas desde século e as primeiras do XIII], pero non podemos deixar de lembrar unha referencia literaria [externa] que consideramos de interese: cando, en torno ao ano 1180, un dos máis relevantes trobadores occitanos, Arnaut Daniel[12], recrimina a Fernando II [máis ben, aos seus conselleiros] que tomase prisioneiro o seu parente Raimon[13], faino nos seguintes termos:

Los deschauzitz
ab las lengas esmoutas
c'an fait falhir lo ***senhor dels Galecs***
non dupt'ieu ges, per qu'es dreg si·l blasmam,
que son nebot[14] *pres romeu, so sabem,*
Raimon lo fil del comte, e aprendi
que·l ***reis Ferran*** *fera greu de pretz cobra*
si mantenen no·l solv'e non l'escampa.[15]

Por outro lado, xa se ten lembrado en máis ocasións que a única mención explícita que se pode atopar á lingua empregada polos nosos trobadores[16] nun tratado poético da época é a que fai Jofre de Foixà nas súas *Regles de Trobar*[17]:

Lengatge fay a gardar, car si tu vols far un cantar en ***francés****, no.s tayn que y mescles* ***proençal*** *ne* ***cicilia*** *ne* ***gallego*** *ne altre lengatge que sia strayn a aquell; ne aytan be, si.l faç proençal, no.s tayn que.y mescles francés, ne altre lengatge sino d'aquel.* [Marshall, 1972, p. 64]

Os datos mencionados abondan nesa afirmación de Tavani de que a lírica culta peninsular en lingua románica naceu en Galicia e de que a variedade lingüística que adoptou foi a propia deste reino[18]. Continuaba o profesor italiano sinalando que, cando os galegos entraron en contacto coas culturas occitana e francesa, a súa reacción foi «activa», e apuntaba que o lugar idóneo para eses primeiros contactos era Santiago, algo

12 Outros trobadores occitanos, especialmente no reinado de Afonso IX, prefiren falar, de todos modos, de «rei de León».

13 Non estamos en disposición de verificar o dato histórico de que un Raimon [que podería ser Raimón Berenguer III de Provenza ou Raimón de Tolosa] estivese peregrinando a Santiago e fose feito prisioneiro polo monarca, pero tampouco descartalo, porque puido ser un acontecemento sen maior transcendencia que Arnaut Daniel coñecía por algún motivo: «Malgrado Arnaut sia l'unico testimone a noi noto di questo rapimento, l'identificazione è da considerare come verosimile. Questo genere di atti proditorii non era estraneo alla politica del tempo» [Perugi, 2015, p. 210]. Para Perugi, probablemente o *comte* mencionado «è Raimondo V di Tolosa [morto nel 1194] e il figlio di costui è da identificare, d'accordo con Lavaud, col futuro Raimondo VI [1156-1222], in rapporti di parentela con Ferdinando II di León e Galizia, al potere dal 1157 al 1188; a lui spettava di mantenere la sicurezza su quel tratto del cammino per Compostela» [*ibidem*, p. 195].

14 Algúns manuscritos din «paren».

15 Trátase da última estrofa de *Doutz braitz e crits* [BdT 29,8], que reproducimos pola edición de Perugi [2015, p. 200].

16 A relevancia da cita é enorme, pois é a única ocasión na que aparecen mencionadas de maneira clara as catro linguas románicas [a elas habería que engadir unha xermánica, a variante utilizada polos Minnesinger] empregadas na produción lírica medieval.

17 Desta obra consérvase unha copia no *Cançoneret de Ripoll* -Arxiu de la Corona d'Aragó, Ripoll 129, fols. 19r-25r- e outra na Biblioteca de Cataluña -ms. 239, fols. 12r-23r- [ambos manuscritos poden consultarse dixitalizados en https://trobadors.iec.cat/veure_document.asp?id_obra=1396]. Preséntase como continuación das *Razòs de Trobar* de Raimon Vidal de Besalú, e foi composta probablemente na última década do s. XIII, cando Jofre era abade dun mosteiro de Palermo, por encargo de Jaume II de Aragón, rei tamén de Sicilia.

18 Isto, non obstante, non empece que manteñamos a etiqueta de «lírica galego-portu-

que parece confirmar o feito de que os primeiros trobadores provenzais dos que temos noticia da súa presenza por estas terras foron Cercamon e Marcabru, que probablemente acompañaron a Guillermo x de Aquitania na peregrinación a Compostela na que perdería a vida, no ano 1137[19]. Ademais, Marcabru estivo acollido ao mecenado de Afonso vii[20] entre 1134 e 1143, e as súas composicións mostran o interese que despertaba nel a política peninsular[21].

Alvar [1977][22] ofrece unha completa relación dos trobadores provenzais que se moveron [en ocasións, durante períodos prolongados] polas cortes peninsulares[23], pero probablemente o que maior interese ofrece para nós, tanto pola cronoloxía como pola prolongada relación que debeu de manter cos trobadores galego-portugueses da primeira xeración é, sen dúbida, Peire Vidal[24], do que se localizaron numerosos *contrafacta* na lírica galego-portuguesa, pero, sobre todo, unha posible influencia directa sobre Osoir'Anes, ademais de ser, moi probablemente, a vía de transmisión desta produción ata Raimbaut de Vaqueiras, que usa o galego na estrofa V do seu coñecido *descort* plurilingüe *Eras quan vei verdejar* [BdT 392,4][25].

Dado que aínda falta información biográfica sobre moitos trobadores, existen varias vías indicativas da orixe galega dunha boa parte deles, como poden ser:

[a] a incorporación dun topónimo ao nome recollido nas rúbricas atributivas [Airas Moniz de Asma, Bernal de Bonaval, Fernan Figueira de Lemos, Fernan Paez de Talamancos, Johan de Cangas, Johan de Requeixo, Martin de Caldas, Martin de Ginzo, Martin de Padrozelos, Pai Soarez de Taveirós, etc.], topónimo que en ocasións aparece como dato complementario ao patronímico [Aº Gomez, jograr de Sarria; Johan Airas, burgués de Santiago; Roi Fernandiz, clérigo de Santiago…]

guesa», non só porque a orixe dos trobadores podía estar tanto no Norte como no Sul do Miño, senón tamén porque, se nos inicios e ata o final do reinado de Afonso X os núcleos onde se concentra a produción teñen máis que ver con esta vertente galega, nas dúas últimas décadas do s. XIII e, especialmente, na primeira metade do s. XIV prodúcese un claro desprazamento da actividade poética cara á corte portuguesa. Máis adiante comentaremos tamén en qué sentido podemos seguir admitindo a denominación de «lingua galego-portuguesa» para este corpus.

19 Non parece totalmente probado que morrese en Santiago [si durante esa peregrinación, en calquera caso], pero o *planh* que Cercamon lle dedica remata cunha invocación ao Apóstolo: «Sant Jacme, membre·us del baro / que denant vos jai pelegris.» [*Lo planhs comensa iradamen*, BdT, 112,2a, ix, vv. 5-6]. Sobre a relación de Cercamon con Santiago, vid. Rossi, 2010; a edición máis actual de Cercamon é obra do mesmo Rossi [2009].

20 Diríxese a el de forma moi directa nunha *cansò de crozada*, *Emperaire, per mi mezeis* [BdT 293,22], e en *Emperaire per vostre prez* [BdT 293,23]

21 Pódese ver unha selección dos textos relativos a este asunto en Alvar [1978, pp. 203-215]. Unha das máis recentes edicións de Marcabru é a de Gaunt – Harvey – Paterson [2000]

22 Entre outros estudos, cómpre ter en conta as series de contribucións de Beltran que levaban como título unitario «Los trovadores en las cortes de Castilla y León» e «Tipos y temas trovadorescos», en boa medida recollidas en Beltran [2005] e [2007].

23 Deixa fóra, de todos modos, o reino de Aragón, polas súas relacións tan directas co sur de Francia que algún rei de Aragón foi tamén conde de Provenza, e os trobadores dese reino empregaban habitualmente o occitano nas súas composicións.

24 A súa biografía enmárcao aproximadamente no período 1150-1210, e entre os seus protectores cóntanse Afonso IX de Galicia-León e Alfonso VIII de Castela. Vid. a edición de Avalle, 1960.

25 Un bo resumo dos aspectos máis relevantes, así como unha proposta de edición deste texto, pode verse en Tavani [1986-1987].

[b] os datos fornecidos por algunhas rúbricas explicativas [*razós*][26] como as seguintes: «Don Lopo Lias trobou a ũus cavaleiros de ***Lemos***; e eran quatro irmaos e andavan sempre mal guisados; e por én troboulhis estas cantigas» [B1338 / V945]; «Esta cantiga de cima fez Johan Romeu, ũu cavaleiro que morava en ***Lugo***, a Don Lopo Lias, porque era cego d'ũu olho» [B1662 / V1145].

[c] Os nomes dos santuarios [Ron Fernández, 2019] que se converten en núcleo vertebrador da produción dalgúns autores [pertencentes na súa maior parte ao coñecido como «cancioneiro de xograres galegos»], conformando unha modalidade temática particular das cantigas de amigo chamada precisamente *cantigas de romaría* ou *cantigas de santuario*[27]:S. Simón [Meendinho], Santa Marta [Pero de Berdia], Santa María [Julhan: Pero de Veer], S. Servando [Johan Servando], S. Simón de Val de Prados [Pero Viviaez], S. Clemenço [Nuno Treez], S. Momede [Johan de Cangas], Santa María do Faro [Johan de Requeixo], igrexa de Vigo [Martin Codax], etc.

En calquera caso, na práctica non resulta tan relevante o lugar de orixe de cada trobador como a corte [o público da lírica trobadoresca era un público fundamentalmente aristocrático –e, talvez, eclesiástico–[28]] na que interpretaban as súas composicións os propios autores, ou xograres ao seu servizo. A corte era o espazo natural para a actividade trobadoresca [Oliveira, 2001], o lugar onde se producían relacións poéticas que podían traducirse en sátiras duns contra outros, en tenzóns sobre os temas máis diversos, en *contrafacta* ou simples alusións, na participación nun mesmo ciclo temático, etc. Por este motivo, identificar a situación das diversas cortes nas que puideron coincidir trobadores occitanos, franceses e galego-portugueses [ou, nos últimos tempos, xa só galego-portugueses] resultaría de enorme utilidade para unha mellor comprensión do fenómeno e da súa extensión. A referencia máis abundante é a que sinala a «cas d'el Rei»[29], que pode corresponder a monarcas distintos e que, lamentablemente, non vai acompañada dun topónimo preciso:

Amigas, o meu amigo
dizedes que faz enfinta
en cas del rey *da mha cinta;* [Johan Garcia de Guilhade, 70,6, I, 1-3]

Non é Amor ***en cas de Rei*** [Gil Perez Conde, 56,9, I, 1]

U n' outro dia Dom Joam
disse uma cousa que eu sei,

26 Para unha visión de conxunto sobre estas, *vid.*, entre outros, Lorenzo Gradín, 2003.
27 Sobre este grupo de textos e as súas características básicas, vid., entre outros, Brea [1999], Correia [1993], Filgueira Valverde [1958], Lorenzo Gradín [1998], Monteagudo [1998].
28 Pénsese, sen ir máis lonxe, nas ménsulas que ornamentan o salón nobre do pazo de Xelmírez, nas que poden verse escenas propias dun banquete, con presenza de músicos que, nese contexto, parece difícil que interpretasen pezas litúrxicas.
29 Non sempre, de todos modos, ese espazo vai asociado á actividade trobadoresca [para o que supoñía a «casa do rei», vid., entre outros, Salazar y Acha, 2000], pois en numerosas ocasións fai referencia, por exemplo, ao servizo militar ou ao lugar onde se dirimen asuntos de varios tipos ou onde vai quen desexa medrar na escala social. Poden verse, por exemplo: 7,8; 11,12; 16,2; 56,18; 59,2; 63,12; 63,30; 63,54; 63,81; 70,37; 87,16; 114,10; 120,11; 129,26; 126,15... Tanto as citas textuais como os díxitos identificativos de cada cantiga están tomados directamente de MedDB.

andand' aqui ***em cas d' el Rei,***
bõa razom mi deu de pram,
per que lhi trobasse; nom quis,
e fiz mal porque o nom fiz. [D. Denis, 25,113, I]

Ũu ric' ome a que ũu trobador
trobou ogan' aqui ***en cas d'el rei,*** [D. Afonso Sanchez, 9,13, I, 1-2]

Cas, neste uso, non sinala un edificio concreto, posto que a *cas d'el Rei* estaba alí onde se encontraba o rei, e todos os reis desta época[30] se desprazaban con frecuencia [non só por motivos militares] ao longo dos seus territorios, aínda que tivesen preferencia por algúns lugares sobre outros, como é o caso de Afonso X[31], quen, ademais de estar algún tempo posiblemente en Murcia –que reconquistou sendo aínda infante– e en Toledo [a antiga capital do reino visigodo], acabaría asentando en Sevilla; ou D. Denis, que debeu de residir sobre todo en Lisboa e arredores, pero tamén en Santarém e Coímbra. Canto a Fernando II e Afonso IX, cos que terían que ver os primeiros trobadores, cabe pensar que se movesen bastante entre León e Santiago, con estancias temporais en moitos outros lugares [téñase presente, por exemplo, que Afonso IX refundou e tivo baixo a súa protección directa a cidade da Coruña][32].

Non resulta, pois, doado concretar os focos espaciais de implantación da lírica, por moito que na primeira xeración de trobadores se poidan establecer vínculos bastante directos coa zona meridional da provincia de Ourense. Por iso cómpre non desatender o resto de ocorrencias de *cas* no corpus galego-portugués. Así, pódese comprobar cómo algúns textos non conteñen indicacións expresas a que neses espazos se desenvolva unha actividade trobadoresca, senón que semellan una especie de marca para identificar [ou escarnecer] o personaxe satirizado:

• Cas don Corral [o burguês]:
A dona de Bagüyn,
que mora no Soveral,
dez e seys soldus á de min;
e dey-lhos eu per preyt' atal:
que mhos ar desse
ond' al non fezesse,
se non vehesse
falar migu' ***en cas don Corral*** [Lopo Lias, 87,1][33]

30 E, con eles, os seus conselleiros, servidores e funcionarios, ademais dos nobres que aspiraban a controlar o poder.

31 Sobre a corte deste monarca en particular, *vid.*, entre outros, Oliveira [2010 e 2021]

32 Ademais, dan proba da itinerancia real feitos como os de que, por exemplo, Fernando II morrese en Sarria, e Afonso IX nacese en Zamora e morrese en Benavente.

33 Contra esta mesma dona, e insistindo nos mesmos motivos e na mención á *cas don Corral*, van dirixidas outras dúas composicións do mesmo autor: 87,2 e 87,17 [é nesta última na que a referencia se completa como «en cas de Don Corral, o burguês»]. Ademais, 87,2 [B1351 / V958] vai precedida dunha *razó* que di: «Outrossi trobou ũa dona que non avia prez de mui salva; e el disse que lhi dera de seus dinheiros por preit'atal que fezesse por el algua cousa, e pero non quis por el fazer nada; e por én fez estes cantares de mal dizer».

•Cas Don Lope:
Marinha López, ôi-mais, a seu grado,
se quiser Deus, será bõa molher;
e se algun feito fez desaguisado,
nono fará já mais, se Deus quiser;
e direi-vos como se quer guardar:
quer-s' ir ali ***en cas Don Lop'*** *andar,*
u lhi semelha logar apartado [Pero da Ponte, 120,23, l]

• Cas Don Xemeno[34]:
Quand' eu d' Olide saí,
preguntei por Aivar;
e disse-mi log' assi
aquel que foi preguntar:
- Senhor, vós creed' a mi,
que o sei mui ben contar:
Eu vos contarei quant' á daqui ***a cas Don Xemeno****:*
un dia mui grand' á i, e un jantar mui pequeno [Pero da Ponte, 120,40, l]

A medio camiño podería estar o caso seguinte, se ben non está claro que o personaxe innominado sexa o mesmo[35]; a mención ao trobar é, en certo modo, indirecta, xa que ambas composicións coinciden en criticar a falta de xenerosidade dun infanzón cun axente lírico concreto, pero Martin Soarez refírese a un xograr que foi cantar a unha casa na que esperaba ser recompensado pola súa actuación[36], mentres que Pero da Ponte conta que un trobador vai alí buscando comer ben e non o consegue, polo que exerce a súa vinganza servíndose precisamente da súa profesión [é dicir, compoñendo unha cantiga de escarnio contra o señor da casa]:

•Cas dun infançon:
Foi un dia Lopo jograr
a cas dun infançon *cantar;*
e mandou-lh' ele por don dar
três couces na garganta;
e fui-lh' escass', a meu cuidar,
segundo com' el canta [Martin Soarez, 97,9, l]

Sueir' Eanes, este trobador,
foi por jantar ***a cas dun infançon,***

34 Podería ser este Don Xemeno o infanzón satirizado en 120,48? O motivo da burla é o mesmo: na súa casa non se serve un xantar abundante nin bo, que é o que ven dicir o refrán de 120,40; e a vinganza do trobador mal alimentado consistiu en «trobarlle mal», como se pon de manifesto en 120,48 [*vid. infra*].

35 Por moito que Martin Soarez e Pero da Ponte poidan ter coincidido quizais na corte de Fernando III, non parece que se trate do mesmo infanzón [está claro que podía tratarse dun diferente en cada caso, posto que debía de haber bastantes]; os dous autores critican a súa falta de *largueza*, pero, se no segundo caso pode tratarse dun deses infanzóns que non dá o que debe porque vive na miseria, no primeiro destácase tamén a súa brutalidade [que non é, pese a todo, o motivo nuclear da sátira], polo que hai máis afinidades entre a composición de Pero da Ponte e a citada anteriormente do mesmo autor [120,40] que entre calquera delas e a de Martin Soarez.

36 O castigo, non obstante, non parece desmesurado ao trobador, xa que o seu escarnio vai dirixido ás escasas dotes do xograr máis que á maneira en que o trata o infanzón.

e jantou mal; mais el vingou-s' enton,
que ar ajan os outros d' el pavor;
e non quis el a vendita tardar:
e, tanto que se partiu do jantar,
trobou-lhi mal, nunca vistes peior [Pero da Ponte, 120,48, I]

As cantigas citadas ata agora pertencen á modalidade de escarnio e maldicir, que gozaba do favor de, polo menos, unha parte do público cortesán. Diferente é a situación que permiten entrever as composicións seguintes[37], que ademais –e non parece que sexa casual– mencionan unha *cas* presidida por unha figura feminina:

•Cas Dona Costanza:
Poys que sse nom sente a mha senhor
da coyta em que me tem seu amor,
mha morte muy mester me seria.
Se senpr' ey d' aver atal andança,
catyvo, que non morry o dia
que a vy ***en cas Dona Costança?*** [Airas Carpancho, 11,9, I]

•Cas da Ifante:
Loavan un dia, en Lugo, Elvira
Pérez, a filha d' Elvira Padrõa;
todos dizian que era mui bõa
e non tenh' eu que dizian mentira,
ante tenho que dizian razon;
e Don Lopo Lias diss' i enton,
per bõa fé, que já x' el melhor vira

Ficou já a dona mui ben andante,
ca a loaron quantos ali siian;
e todos dela muito ben dizian;
mais Lopo Lias estede constante:
como foi sempre un gran jogador,
disse que a vira outra vez melhor,
quand' era moça, ***en cas da Ifante*** [Johan Romeu de Lugo, 76,1]

Advírtase que Airas Carpancho alude ao ambiente característico dunha cantiga de amor, no que o trobador contempla a beleza dunha dama que o namora ata

37 A primeira é unha cantiga de amor; a segunda podería ser considerada de escarnio, se ben, a diferenza das vistas antes, non ataca un vicio, defecto ou actitude, senón que se trata máis ben dunha especie de xogo.

o punto de considerar que máis lle valera morrer que tela visto, pois ela non se doe da súa coita. O contorno descrito por Johan Romeu é moi semellante, se ben este constrúe unha cantiga xocosa da que fai protagonista a Lopo Lias [outro trobador, pois], que non admite as louvanzas dedicadas a Elvira Perez -preséntana como «mui bõa»-, pero porque é «un gran jogador» e, na realidade, as súas obxeccións responden unicamente ao feito de que a esa mesma dona a vira mellor[38] cando era máis nova e estaban ambos «en cas da Ifante».

Souto Cabo e Vieira [2004, pp. 232-234] identifican a Dona Costanza con Constanza Martins, filla de Martin Fernandez de Orcellón e primeira esposa de «Munio Fernández de Rodeiro, llamado *Malapiel*, que fue merino mayor de Galicia entre 1237 y 1253, documentándose además su presencia en la conquista de Sevilla, donde fue heredado» [Pardo de Guevara, 2006, p. 267]. Canto á Infanta, Souto Cabo [2016] supón que se trata de Dona Sancha[39], filla de Afonso IX[40] e Teresa de Portugal, coa *casa* da cal tamén puideron estar relacionados Nuno Rodrigues de Candarei e Garcia Mendiz d'Eixo:

> *O provável envolvimento da infanta no apoio ao trovadorismo não pode surpreender, antes pelo contrário, já que foi durante o reinado do pai que esse movimento cultural, naturalizado galego em tempos do avô [Fernando II], se expandiu e fructificou entre a aristocracia galega da corte [...]. Sancha foi, em ausência da rainha, a figura feminina mais importante na corte do punto de vista da hierarquia social, o que torna muito verosímil o exercício do mecenato a favor da manifestação cultural em questão* [Souto Cabo, 2016, p. 868][41].

As rúbricas explicativas ou *razós* proporcionan aínda algún dato máis no relativo ás «casas» nas que os trobadores presentaban as súas composicións. Así, *Levarõ-na Codorniz*, de Gonçalo Garcia [61,1] vai seguida da seguinte información: «Esta cantiga de cima fez o conde don Gonçalo Garcia **en cas don Rodrigo Sanchez**, por a donzela que levaron a furto, que avia nome Codorniz, e o porteiro avia nome Fiiz» [fol. 99v de B]. Recolle un acontecemento histórico, o rapto de Maria Rodriguez Codorniz por parte de Johan Bezerra, pero a inclu-

38 Souto Cabo [2016: 860, n. 11] resume unha serie de elementos relevantes [xa tratados previamente por Lorenzo Gradín, 2000, p. 180] con respecto a este xogo de equívocos: por unha parte, a rúbrica que acompaña a cantiga di «Esta cantiga de cima fez Joan Romeu, ũu cavaleiro que morava en Lugo, a Don Lopo Lias, porque era cego d'ũu olho», co que pode estar aludindo a que, anos atrás, vía mellor que no momento en que está discrepando das louvanzas que lle dedican á dama; por outra, existe un xogo de palabras no propio nome desta [Elvira / el vira].

39 Podería ser tamén a súa irmá Dulce, pero Sancha era a primoxénita e, ademais, Dulce, cando o matrimonio dos pais foi anulado, partiu coa súa nai á corte portuguesa do seu avó Sancho I, onde foi criada.

40 Do conxunto da produción conservada de Lopo Lias pódese deducir unha relación de proximidade coa corte deste monarca.

41 Non deixa de lembrar o estudoso, a continuación, a relación familiar da infanta coa Casa de Barcelona, xa que, ademais de ser bisneta -por parte de pai- de Berenguela de Barcelona, era neta de Dulce de Barcelona [esposa de Sancho I de Portugal], irmá de Alfonso II de Aragón, «o primeiro rei-trovador [en provenzal] peninsular conhecido» [Souto Cabo, 2016, p. 868].

sión da rúbrica [e da propia composición] nos cancioneiros debeu de producirse nun momento posterior, polo que non podemos ter a certeza de se fai realmente referencia á *casa* de D. Rodrigo Sanchez, un dos fillos de Sancho I e Maria Pais Ribeira[42] [Lorenzo Gradín, 2003, pp. 122-123], ou se trata dunha confusión con D. Rodrigo Gomez [de Trastámara], como supón Oliveira [1994, pp. 355-356], se ben este parece condicionado polo lugar no que se produciría o rapto[43] máis que por onde se elaborou a cantiga[44]. En calquera caso, e a diferenza dos dous anteriores e do que veremos a seguir, estamos diante dunha indicación de corte trobadoresca identificada cun nome masculino, de maneira semellante a aqueloutros nos que o texto que se localiza nela é unha cantiga de escarnio [igual que a de D. Gonçalo Garcia].

Deixamos, por iso, para o último lugar unha rúbrica bastante completa, sobre todo tendo en conta que trata de explicar –nun estilo moi semellante ao dalgunhas *razós* occitanas– o contexto no que se produce un debate entre dous trobadores, que ademais son irmáns, Pero Velho e Pai Soarez de Taveirós [135,3 = 115,11, transmitido só en B142]:

> *Esta cantiga fez Pero Velho de Taveiroos e Paay Soarez, seu irmãao, a duas donzellas mui fremosas e filhas d'algo assaz, que andavan* ***en cas dona Maior, molher de don Rodrigo Gomez de Trastamar****. E diz que se semelhava ũa a outra tanto que adur poderia homen estremar ũa da outra; e seendo ambas ũa dia folgando per ũa sesta en ũa pomar, entrou Pero Velho de sospeita falando con elas; chegou o porteiro e levantouo end' a grandes empuxadas e trouveo mui mal.* [B, fol. 35v].

Volvemos, pois, estar diante dun lance amoroso, dos que parecen ser do agrado das señoras fidalgas que gustaban de escoitar os trobadores cantando composicións desta temática máis do que burlas e ataques que posiblemente eran preferidos como entretemento polos cabaleiros cando non estaban fóra, guerreando, cazando ou facendo actividades similares. Neste caso, para que non exista confusión ou dúbida de ningún tipo, aclárase que a dama [que debía de presidir os espectáculos no pazo], dona Maior [filla de Alfonso Téllez de Meneses e Elvira Rodríguez Girón], era a muller do

42 E irmán do trobador Gil Sanchez. Rodrigo Sanchez era, polo tanto, tío de Sancho II 'Capelo' e foi un dos líderes do partido opositor contra o monarca lexítimo na guerra civil portuguesa de 1245-47.

43 «o rapto terá sido efectuado em casa de D. Rodrigo Gomes» [Oliveira, 1994, p 355]; «o raptor em causa aparece-nos integrado na corte de D. Rodrigo Gomes em 1254» [idem, p. 356]. A información procede do *Livro de Linhagens do Deão*, e, efectivamente, a dona raptada era familiar de D. Rodrigo Gomez. De existir unha confusión na rúbrica, é probable que esta sexa debida á asociación de D. Rodrigo Sanchez con Gonçalo Garcia, por seren ambos contemporáneos, ademais de polo feito de ter sido redactada a *razó* en Portugal; pero non ten en conta que Rui Fernandes de Lima [o pai da Codorniz] estaba en Galicia ca. 1220, e foi aqui onde a filla casaría cun membro da liñaxe dos Mariños.

44 Reparemos en que o que realmente di a rúbrica é: «Esta cantiga de cima fez o conde don Gonçalo Garcia en cas don Rodrigo Sanchez»; é dicir, non sinala de maneira directa onde tivo lugar o acontecemento, senón onde foi composta a cantiga.



señor de Trastámara, D. Rodrigo Gomez, un dos nobres máis influentes na corte de Afonso IX e do que sinalamos a ascendencia inmediata polas relacións que implica co contexto no que inicia a produción trobadoresca galego-portuguesa[45]:

> Unha vez máis, o que non aparece son indicacións relativas á situación desas *casas*, polo que calquera conxectura que se aventure tería que ser corroborada. O máis probable é que, cando se trata destes nobres omnipresentes no entorno inmediato do monarca, eles estivesen onde este se atopase, pero non sempre se trasladaría a familia completa, polo que non sería imposible que as donas [e os nenos] mantivesen residencias un pouco máis estables [podían ser varias], e cabe pensar que en non poucos casos unha delas estivese en Santiago ou nas súas proximidades. O territorio orixinal dos Traba parece ser o norte da provincia da Coruña, pero hai constancia tamén da presenza dalgúns membros desa familia no sur das provincias de Ourense e Pontevedra, polo que confiamos que algunha vez sexa posible establecer unha distribución xeográfica que contribúa a unha mellor comprensión do contexto en que se movían os trobadores de finais do s. XII e as primeiras décadas do s. XIII. Logo, xa antes da coroación de Afonso X, o núcleo máis importante xira en torno ao Rei Sabio, e desde finais do s. XIII o foco de atracción pasa a estar na corte portuguesa de D. Denis e, finalmente, na do seu fillo o conde D. Pedro de Barcelos, na súa residencia de Lalim [Lamego], en terras do Douro[46].

Este desprazamento do centro de produción da lírica trobadoresca, que leva duns inicios -na parte final do s. XII e o primeiro tercio do XIII- nas cortes galegas, onde se consolidan non só unhas técnicas literarias, senón tamén uns usos lingüísticos concretos, á corte castelá [literariamente bilingüe, e cientificamente plurilingüe] de Afonso X e, posteriormente, á portuguesa de D. Denis, produce un fenómeno que Tavani describe do xeito seguinte:

> *Unha afirmación deste tipo permíteme facer acto de contrición polos meus pecados de antano, e propoñer unha nova formulación do pro-*

45 A imaxe está recortada dun cadro máis completo, con información procedente de Souto Cabo [2012], que pode verse en http://bernal.cirp.gal/ords/meddb3/r/129/files/static/v49Y/ esquemas_xenealoxicos.pdf. Sobre estes personaxes e a súa corte, resulta imprescindible a consulta de Vieira [1999], un traballo realmente pioneiro e ben fundamentado sobre a configuración das cortes trobadorescas, neste caso a presidida por Dona Maior, que debeu de aglutinar un bo núcleo de destacados trobadores.

46 Falamos dos ámbitos de maior concentración de trobadores, o que non exclúe a mobilidade destes, que poden desprazarse dunhas cortes a outras segundo as

> *blema, diferente da convencional non soamente desde o punto de vista terminolóxico, senón tamén nunha* ***perspectiva histórico-cultural*** *que teña en conta algúns factores non sempre considerados coa atención que merecen. A primeira consideración que creo indispensable facer é que* ***a maior parte da poesía lírica do occidente peninsular chegou ata nós a través de intermediarios que non eran galegos****: exceptuando as 310 cantigas do Cancioneiro da Ajuda, case todas de amor, e as sete cantigas de amigo de Martín Codax do pergamiño Vindel, todas as outras* ***pasaron pola peneira dunha transcrición portuguesa que debe ter obrado unha adaptación non soamente gráfica, senón tamén lingüística****, coa substitución, nos textos de autores galegos, de palabras arcaicas ou xenuinamente galegas por lusismos e neoloxismos* [Tavani, 2004, p. 11].

En efecto, o *Cancioneiro da Ajuda* e o *Pergamiño Vindel* ofrecen un modelo lingüístico que coincide esencialmente co das *Cantigas de Santa Maria*, e que podemos definir como galego, sen entrar agora en precisións de a qué variedade diatópica específica pode corresponder, entre outras razóns porque a súa fixación por escrito[47] [e supoñemos, como hipótese de traballo, que a «norma» foi establecida para as *CSM*: Brea, 2021] procurou darlle unha relativa homoxeneidade. Pola contra, os apógrafos italianos [o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal* e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*] son copia dun *Libro di portughesi* [do que o único vestixio conservado podería ser o *Pergamiño Sharrer; vid.* Fernández Guiadanes 2016] elaborado na corte de D. Denis ou na de D. Pedro de Barcelos, que procurara unha adaptación dos textos orixinais [polo menos, dunha parte deles, porque os producidos no último cuarto do s. XIII e, sobre todo, a primeira metade do s. XIV xa son compostos nesas cortes portuguesas] á modalidade lingüística que empezara a fixarse no reinado de Afonso III e que D. Denis converteu en «norma portuguesa».

As diferenzas entre as dúas modalidades [que, en calquera caso, eran bastante menores que na actualidade] son visibles, de maneira especial, a nivel gráfico, pero unha análise atenta pon de manifesto algunhas diferenzas de tipo morfolóxico[48], así como certas dificultades para acomodar as adaptacións respectando as necesidades métricas e rimáticas das composicións. Para utilizar só un exemplo dos recursos dos que se podía botar man, podemos comprobar o que acontece cunha cantiga de Vasco Rodri-

circunstancias e os intereses de magnates que actúan como mecenas ou que promoven o cultivo da lírica no seu contorno.

47 Xunto co feito de que na corte predominaría unha variante diastrática culta que podería reducir sensiblemente as diferenzas dialectais.

48 *Vid.*, entre outros, Brea [2020], Brea – Lorenzo Gradín [2020], Monteagudo [2015, 2019, 2020].

guez de Calvelo transmitida por A298, B992 e V580 [Brea – Lorenzo Gradín, 2020, pp. 130-131]:

[Ver p. 481]







O primeiro verso do refrán, no máis antigo testemuño [A], dicía: «Que nunca Deus gran coyta **quiso** dar». A substitución desa P3 do perfecto de *querer* por unha forma portuguesa *quis* provoca un verso hipómetro, polo que os responsables da organización do *Libro di portughesi* recorren a compensar a sílaba que falta introducindo un adverbio de cantidade: «Que nunca Deus ***muy*** gran coyta **quis** dar».

Non é este o lugar para desenvolver máis polo miúdo o problema lingüístico, pero é un elemento máis que conduce na mesma dirección: a lírica trobadoresca na parte occidental da Península Ibérica naceu como un fenómeno cultural asociado a cortes reais e nobiliarias galegas [ás que se pode vincular ocasionalmente algunha do Norte de Portugal], e a variedade lingüística que utilizaba era o galego, por moito que o proceso de fixación por escrito non facilite identificar uns trazos específicos dunha zona determinada. O progresivo desprazamento cara as cortes portuguesas e as últimas fases de configuración da tradición manuscrita [Oliveira, 1994], non obstante, fixeron que a maioría dos textos chegasen a nós nunha vestimenta portuguesa, polo que parece de xustiza que manteñamos, en calquera caso, esa etiqueta de «lírica galego-portuguesa» co obxectivo de dar conta da complexidade dunha situación que temos que intentar coñecer tal como foi a súa realidade.

Bibliografía citada

Alvar, Carlos [1977], *La poesía trovadoresca en España y Portugal,* Madrid: Cupsa.

Alvar, Carlos [1978],*Textos trovadorescos sobre España y Portugal*, Madrid: Cupsa.

Avalle, D'Arco S. [ed.] [1960], Peire Vidal. *Poesie*, Milano-Napoli: Ricciardi.

Barton, Simon [1997], *The aristocracy in twelfth-century León and Castile,* Cambrige: Cambridge University Press.

BdT = Pillet, A. – Carstens, H. [1933], *Bibliographie der Troubadours*, Halle: Niemeyer.

Beltran, Vicenç [2005], *La corte de Babel: política y poética de las lenguas en la España del siglo XIII*, Madrid: Gredos.

Beltran, Vicenç [2007], *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Brea, Mercedes [1999], «Las 'cantigas de romería' de los juglares gallegos», en S. Fortuño – T. Martínez [eds.], *Actas del VII Congrés de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval [Castelló de la Plana, 22-26 de setembre 1997]*, Castelló de la Plana: Universitat Jaume I, v. i, 381-394.

— [2013], «Lírica trovadoresca y relaciones familiares», in A. Martínez Pérez–C. Alvar Ezquerra–F. J. Flores Arroyuelo [coords.], *Uno de los buenos del reino. Homenaje al Prof. Fernando D. Carmona*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, 115-127.

— [2020], «Lingua e tradición manuscrita», en D. González [ed.], *Lírica galego-portuguesa. Lingua, sociolingüística e pragmática*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 37-64.

— [2021], «Afonso X e a codificación do galego como lingua poética», en M. Brea e P. Lorenzo Gradín [eds.], *Afonso X e Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 355-384.

Brea, Mercedes – Lorenzo Gradín, Pilar [2020], «La lengua de la lírica gallego-portuguesa en el devenir de la tradición manuscrita», en S. Resconi e D. Battagliola [eds.], *Innovazione linguistica e storia della tradizione. Casi di studio romanzi medievali,* Sesto San Giovanni [Milano]: Mimesis Edizioni, 107-151.

Calderón Medina, Inés [2011]: *Cum magnatibus regni mei: la nobleza y la monarquía leonesa durante los reinados de Fernando II y Alfonso IX [1157-1230]*, Madrid: Consejo Superior de InvestigacionesCientíficas.

Correia, Ângela [1993], «Sobre a especificidade da cantiga de romaria», *Revista da Biblioteca Nacional*, 8/2, 7-22.

Fernández Guiadanes, Antonio [2016], «Dúas notas sobre a transmisión manuscrita da lírica galego-portuguesa», en E. Corral – E. Fidalgo – P. Lorenzo [eds.], *Cantares de amigos. Estudos en Homenaxe a Mercedes Brea*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 369-375.

Filgueira Valverde, Xosé [1958], «Poesía de santuarios», *Compostellanum*, 3/4, 639-654.

Gaunt, Simon – Harvey, Ruth – Paterson, Linda [eds.] [2000], *Marcabru: a critical edition*, Cambridge: Bewer.

Gonçalves, Elsa [1976], «La tavola colocciana 'Autori portughesi'», *Arquivos do Centro Cultural Português*, X, 387-448.

Lanciani, Giulia [1998], «A cantiga de amigo, canción de retagarda», en *Actas do Congreso O Mar das Cantigas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 175-178.

López Carreira, Anselmo [2008], *O reino medieval de Galicia. Contribución a unha historia política*, Vigo: Edicións A Nosa Terra.

López Sangil, J. L. [2005], *A nobreza altomedieval galega. A familia Froilaz-Traba*, Noia: Toxosoutos.

Lorenzo Gradín, Pilar [1998], «A transmisión das cantigas de romaría dos xograres galegos», en *Actas do Congreso O mar das cantigas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 155-168.

—[2000], «Cantigas de escarnio e maldizer», en *Galicia.Literatura. A Idade Media*, A Coruña: Hércules de Ediciones, v. xxx, 175-247.

— [2003], «Las *razós* gallego-portuguesas», *Romania*, 121, 99-132.

Marshall, J. Henry [1972], *The Razos de trobar of Raimon Vidal and associated texts*, London. Oxford University Press.

MedDB = *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa [MedDB]* [base de datos en liña]. Versión 3.11. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. ‹http://www.cirp.gal/meddb›[ISSN 1989-4546].

Michaëlis de Vasconcellos, Carolina [1990 (1904)], *Cancioneiro da Ajuda*, Halle: Max Niemeyer [reimpr. Lisboa: Imprensa Nacional–Casa da Moeda].

Miranda, J. C. Ribeiro [1998], «Le surgissement de la culture troubadouresque dans l'occident de la Péninsule Ibérique [II]: Les genres, les thèmes et les formes», en A. Touber [ed.], *Le Rayonnement des Troubadours. Actes du colloque de l'AIEO. Association Internationale d' Etudes Occitanes [Amsterdam, 16-18 Octobre 1995]*, Amsterdam: Rodopi, 97-105.

—[2004], *Aurs mesclatz ab argen: sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*, Porto: Guarecer.

— [2007], «Alfonsinos, sicilianos e o mundo feudal do Ocidente ibérico. Em busca da primeira geração de trovadores galego portugueses», en A. I. Boullón [ed.], *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 185-203.

Miranda, J. C. Ribeiro – Resende de Oliveira, António [1995], «A segunda geração de trovadores galego-portugueses: temas, formas e realidades», en J. Paredes

[ed.], *Medioevo y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval [Granada, 27 septiembre-1 octubre 1993]*, Granada: Universidad de Granada, III, 499-512.

Monteagudo, Henrique [1998], «Cantores de santuario, cantares de romaría», en *Actas do Congreso O mar das cantigas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 99-127.

— [2008], *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

—[2014], *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII*, Noia: Toxosoutos.

— [2015], «Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de A e B. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneiros galego-portugueses», *Diacritica. Ciências da Linguagem*, 29, 473-498.

— [2019], «Variación e cambio lingüístico no galego-portugués [séculos XIII-XIV]: os clíticos me/mi e lle/lhi e outras formas en ‹-e› final», *Boletín da Real Academia Galega*, 380, 303-395.

— [2020], «Para a análise grafemática da *Recompilación tardía [*Livro das cantigas]», en D. González [ed.], *Lírica galego-portuguesa. Lingua, sociolingüística e pragmática*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia 157-194.

Oliveira, A. Resende de [1993], «A caminho da Galiza. Sobre as primeiras composições em galego-português», en M. Brea [ed.], *O cantar dos trobadores*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 249-261.

— [1994], *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibrí.

— [1998a], «Galicia trobadoresca», *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 23, 207-229.

— [1998b], «Le surgissement de la culture troubadouresque dans l'occident de la Péninsule Ibérique [I]. Compositeurs et cours», en A. Touber [ed.], *Le Rayonnement des Troubadours. Actes du colloque de l'AIEO. Association Internationale d' Etudes Occitanes [Amsterdam, 16-18 Octobre 1995]*, Amsterdam: Rodopi, 85-96.

— [2001], *O Trovador galego-português e o seu mundo*, Lisboa: Notícias Editorial.

— [2010], «Na casa de Afonso X. O rei, a corte e os trovadores [abordagem preliminar]», *Revista de História das Ideias*, 31, 53-76.

— [2021], «A Galiza e os galegos nos cantares e na corte do Sábio», en M. Brea – P. Lorenzo [eds.], *Afonso X e Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 311-327.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2006], «De las viejas estirpes a las nuevas hidalguías. El entramado nobiliario gallego al fin de la Edad Media», *Nalgures*, 3, 263-278.

Perugi, Maurizio [ed.] [2015], Arnaut Daniel, *Canzoni*, Firenze: Edizioni del Galluzzo.

Portela, Ermelindo – Pallares, M. Carmen [1993], «Aristocracia y sistema de parentesco en la Galicia de los siglos centrales de la Edad Media: el grupo de los Traba», *Hispania,* 53, 823-840.

Ron Fernández, X. Xabier [2005], «Carolina Michaëlis e os trobadores representados no Cancioneiro da Ajuda», en *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 121-188.

— [2016], «Documentatio nomina tropatorum [I]. Unha nova hipótese sobre o trobador Johan Nunez Camanez e sobre o apelido de Martin Codax», en E. Corral – E. Fidalgo – P. Lorenzo [eds.], *Cantares de amigos. Estudos en Homenaxe a Mercedes Brea*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 769-778.

— [2019], «Reflexións críticas sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica medieval galega e portuguesa», *Cadernos Ramón Piñeiro*, 39, 325-351.

— [2021], «Parentelas aristocráticas galegas na corte de Castela e León desde Alfonso X. Os Churrichao e os Rodeiro», en M. Brea – P. Lorenzo [eds.], *Afonso X e Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 209-258.

Rossi, Luciano [2010], «Cercamon et Saint-Jacques-de-Compostelle» , en E. Corral [ed.], *In marsupiis peregrinorum: circulación de textos e imágenes alrededor del Camino de Santiago en la Edad Media*, Firenze: Ediz. del Galluzzo, 325-353.

Rossi, Luciano [ed.] [2009], Cercamon*, Oeuvre poétique*, Paris: Champion.

Salazar y Acha, Jaime [2000], *La Casa del rey de Castilla y León en la Edad Media*, Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

Souto Cabo, J. António – Frateschi Vieira, Yara [2004], «Para um novo enquadramento histórico-literário de Airas Fernandes, dito 'Carpancho'», *Revista de Literatura Medieval*, 16, 221-277.

Souto Cabo, J. António [1989-1994], «Achegas documentais sobre Nun' Eanes Cerzeo, trovador galego da primeira metade do século XIII», *Romanica Vulgaria Quaderni*, 13-14, 147-177.

— [2011], «A emergência da lírica galego-portuguesa e os primeiros trovadores», *A trabe de ouro*, 87, 367-392.

— [2012a], *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niterói–Rio de Janeiro: Universidade Federal Flumiense.

— [2012b], ««En Santiago, seend'albergado en mia pousada». Nótulas trovadorescas compostelanas», *Verba*, 39, 273-298.

— [2012c], «In capella domini regis, in Ulixbona e outras nótulas trovadorescas», en A. Martínez Pérez – A. L. Baquero [eds.], *Estudios de Literatura Medieval. 25*

años de la AHLM. XIV Congreso Internacional de la AHLM [Murcia, 2011], Murcia: Universidad de Murcia, 777-784.

— [2016], «En cas da Ifante. Figuras femininas no patrocínio da lírica galego-portuguesa [I]», en E. Corral – E. Fidalgo – P. Lorenzo [eds.], *Cantares de amigos. Estudos en Homenaxe a Mercedes Brea*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 857-870.

— [2018], «Et de dona Guiomar nascio don Rodrigo Diaz de los Cameros. Figuras femininas no patrocinio da lírica galego-portuguesa [II]», en E. Corral Díaz [ed.], *Voces de mujeres en la Edad Media: entre realidad y ficción*, De Gruyter, 9-32.

— [2020], «De illis de Mirapixe: Monio Fernandi. O trovador Múnio Fernandes de Mirapeixe e a sua parentela», *Madrygal*, 23, 335-373.

Tavani, Giuseppe [1986-1987], «Accordi e disaccordi sul discordo plurilingue di Raimbaut deVaqueiras», *Romanica Vulgaria Quaderni. Studi provenzali e francesi*, 10-11, 5-44.

— [2004], *Unha Provenza hispánica. A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular*, A Coruña, Galaxia.

Varela Cajide, Pablo [2016], «El grupo aristocrático de los Fróilaz-Traba y su papel en la implantación de la orden del Císter en Galicia», *Nalgures*, 12, 579-599.

— [2017], «El conde Gómez González de Traba y sus vínculos con el movimiento trovadoresco Gallego-Portugués», *Nalgures*, 13, 315-348.

Vieira, Y. Frateschi, [1999], *En cas dona Maior. Os trovadores e a corte senhorial galega no século XIII*, Santiago de Compostela: Laiovento.

Breve crónica da prosa medieval galega

Xosé Ramón Pena

RESUMO. Durante moito tempo, veu conformando unha constante nos traballos arredor da literatura medieval galega, concederlle unha importancia menor ao conxunto da produción en prosa. Desde logo, en moi boa medida a «culpable» de dito proceder foi a brillantez acadada pola lírica. Desde a óptica actual non cabe dúbida de que os versos trobadorescos constitúen un tesouro que non custa aprezar.

Pois ben, o certo é que a prosa medieval de noso si que se manifesta digna de atención, merecente de valor cando se empregan e aplican criterios lingüístico-arqueolóxicos ou incluso de carácter histórico-político, por máis que, no plano literario, configura un espazo menor en relación ao da lírica. En fin, a presenza da Materia de Troia, da Materia de Bretaña... dan boa medida das interrelacións entre Galicia e o conxunto europeo, e faise preciso analizarmos a conxuntura na cal se produciu dito proceso, un *continuum* cultural en sintonía con esoutro de carácter lírico, se ben os resultados concretos non deveñan –polo menos, en aparencia– tan «vistosos» coma aqueles do espazo das cantigas.

RESUMEN. Durante mucho tiempo, se fue conformando una constante en los trabajos alrededor de la literatura medieval gallega: concederle una importancia menor al conjunto de la producción en prosa. Desde luego, en muy buena medida la «culpable» de dicho proceder fue la brillantez alcanzada por la lírica. Desde la óptica actual no cabe duda de que los versos trovadorescos constituyen un tesoro que nos cuesta apreciar.

Pues bien, lo cierto es que nuestra prosa medieval sí que se manifiesta digna de atención, merecedora de valor cuando se utilizan y aplican criterios lingüístico-arqueológicos o incluso de carácter histórico-político, por más que, en el plano literario, configura un espacio menor en relación con el de la lírica. En fin, la presencia de la Materia de Troya, de la Materia de Bretaña… dan buena fe de las interrelaciones entre Galicia y el conjunto europeo, y se vuelve necesario analizar la coyuntura en la cual se produjo dicho proceso, un *continuum* cultural en sintonía con ese otro de carácter lírico, si bien los resultados concretos no resulten, por lo menos en apariencia, tan «vistosos» como aquellos del espacio de las cantigas.

ABSTRACT. For a long time, a constant feature of the works on Galician medieval literature was to give less importance to the prose production. To a great extent, the "culprit" for this was the brilliance achieved by the lyric poetry. From today's point of view, there is no doubt that the troubadour verses are a treasure that we find it difficult to appreciate.

Yet, the truth is that our medieval prose is indeed worthy of attention, worthy of value when linguistic-archaeological or even historical-political criteria are used and applied, even though, on the literary level, it is less important in relation to lyric poetry. Finally, the presence of the

Materia de Troya, of the Materia de Bretaña... demonstrate the interrelations between Galicia and Europe, and it becomes necessary to analyze the conjuncture in which this process took place, a cultural *continuum* in harmony with that other one of lyrical character, although the concrete results are not, at least in appearance, as "showy" as those of the space of the cantigas.

«Tradición pobre, tradición estéril». Deste xeito foi describir Giuseppe Tavani [1986, pp. 57-63] o conxunto dos textos trobadorescos galego-portugueses conservados, cando tal legado entra en comparanza con esoutro que presentan literaturas historicamente afíns. E, en efecto, mentres que da nosa parte apenas contamos con tres códices maiores [Cancioneiro da Ajuda, Cancioneiro da Biblioteca Nacional e Cancioneiro da Vaticana[1]] – para alén doutros diplomas fragmentarios: Pergamiño Vindel, Pergamiño Sharrer...–, o espazo francés ofrece, á súa volta, unha manda situada arredor do medio centenar; e se acudimos agora aos testemuños provenzais, comprobaremos que estes pasan dos noventa ao tempo que os italianos atinxen, do seu lado, os cen cancioneiros preservados. Alén diso, a tradición galego-portuguesa aparece artellada desde unha extraordinaria concentración inicial na que todos os textos parten dunha[s] base[s] común[s], hoxe desaparecida, e que se amosa mediante un único manuscrito gardado nunha biblioteca monacal ou palaciana sen que contemos, no transcorrer dos séculos –polo menos no que podemos coñecen e que devén verosímil–, con novas copias e/ou variantes que nos permitan trazar unha perspectiva máis ampla. Nin sequera as cantigas marianas de Afonso x – malia o valor iconográfico dalgún dos documentos, velaí o Códice T. do Escorial– se afastan dunha paisaxe socio-cultural característica da produción libraria hispánica.

«O escintileo dunha literatura de tal calibrado valor –estamos a falar sempre daquela, da lírica trobadoresca– non pode ocultar, porén, a forte precariedade da armazón sociopolítico-económico-cultural que a xerou,-dentro da propia Galiza. Nunha etapa en que o *mecenado* devén fundamental para as creacións culturais, acontece que a nobreza galega –poderosa e incluso hexemónica durante décadas no conxunto conformado por Galiza-León e Castela e aínda nesoutro reino de Portugal– cederá o

1 Ou catro, se consideramos o Cancioneiro da Biblioteca Bancroft, tamén coñecido como Cancioneiro de Berkeley.

seu liderado a outras aristocracias emerxentes sen mostrarse capaz, asemade, de alicerzar as bases dunha forma cultural escrita no idioma do país dentro dos límites deste e que se prolongase a través do tempo». Con semellante reflexión viñamos describir hai agora nove anos [Pena, 2013, p. 19], a perspectiva socio-político-cultural na que se foron compoñer, daquela, aqueles textos que, non obstante, continúan a producir o noso entusiasmo e admiración. Pois ben; partindo, precisamente, desas miñas palabras, o profesor –e caro amigo e tocaio, Ramón Mariño Paz [2018, pp. 103-117]–, tras coincidir en que «un sistema literario en idioma galego foi viable no Medievo mentres houbo mecenas rexios ou señoriais dispostos a financialo ou a nutrilo con obras propias e decaeu cando ao final do século XV tales mecenas desapareceron, sen dúbida porque naquela altura a nosa lingua xa perdera para a xeneralidade das elites gobernantes e intelectuais o prestixio que anteriormente tivera», levou a termo, a seguir, unha investigación arredor de quen foron, en consecuencia, os promotores que si lle deron pulo á escrita literaria nas nosas letras, efectuando así unha exposición da literatura galega medieval que veña presentar como fío condutor non tanto a diversidade dos xéneros senón as figuras daqueles mecenas que a fixeron posible. Máis en concreto no terreo da prosa –literaria e historiográfica– Mariño Paz [2018: 109-112] destaca o labor, na área tudense, da estirpe dos Lima –probables patrocinadores do conxunto cronístico que se vén coñecendo como *Crónica xeral galeg*a así como do *Livro de Tristam–,* e tamén esoutras dos Andrade -nas Mariñas de Betanzos e Pontedeume, a quen se debería a confección da *Geral estoria*, a restauración galega da *Historia Troiana* e, nin que dicir ten, e da man de Fernán Martis[2], a *Crónica Troiana*- e mais os Enríquez da Casa de Lemos, entre cuxas pertenzas virían figurar os códices a conteren as versións galegas da *Crónica de Castela* e da *Estoria de España*[3].

Xa no ámbito do mecenado eclesiástico [Mariño Paz, 2018, pp. 113-114] vimos contar coa sé compostelá –e eis os *Miragres de Santiago* e mais a *Crónica de Santa María de Iria*– e, situada en terras de Portugal –por máis que, de acordo coas análises efectuadas por J.A. Souto Cabo [2016, pp. 273-298], esteamos diante dun antígrafo redactado ao norte do Miño–, a Orde dos Frades Menores, mecenas, da súa parte, da versión galego-portuguesa *da Chronica XXIV generalium Ordinis Minorum* –levada a cabo en setembro de 1470– que se vén atribuíndo [ca. 1370] ao freire franscicano e mestre de teoloxía Arnaud de Sarrant.

2 No folio 100r do manuscrito que a contén, o propio Martis declara ter levado adiante o seu traballo «per mandado de Fernán Pérez [de Andrade]», que foi rematar en xaneiro de 1373.

3 Utilizadas para a elaboración da Crónica galega de 1404.

Mais unha feitura, en calquera caso, que non deixa de estar en directa consonancia con todo o que vimos de enunciar ata o momento e que remite, polo tanto, a un certo estado de precariedade: porque, sen dúbida, resulta ser este vocábulo, *precario*, e na liña do destacado no seu día por Tavani,aquel que mellor pode definir a panorámica diante da cal nos debruzamos. Precariedade –precariedade no tocante ás condicións socio-culturais e económicas–, xa que logo, que se manifesta nunha dobre perspectiva: en primeiro lugar, reiteramos e singularmente no eido da lírica[4], perante o que acontece noutros ámbitos da Europa occidental mais precariedade igualmente, e en segunda instancia, cando confrontamos, da súa parte, ao estado das cousas en ambas as ribeiras do Miño.

Non vén ser este o momento nin o lugar para voltarmos á [interminable?] desputa entre «literatura galego-portuguesa medieval» /vs/ «literatura galega medieval/literatura portuguesa medieval»; en todo caso, e tal e como subliñan os autores e autoras da *Guía para o estudo da prosa galega medieval* [2020: 18-19], entendemos asemade nós por «galego-portugués» un termo empregado desde as perspectivas lingüística e xeocultural, e co cal se fai referencia tanto ao *continuum* lingüístico das diferentes variedades diatópicas galega e portuguesas durante a xeira medieval como aínda ao dominio xeográfico-cultural occidental peninsular no cal se veu artellar a recepción, circulación e recreación das diferentes tradicións textuais: de feito, os responsables da *Guía* non deixan de anotar así mesmo que, se ben os textos que nela se ofrecen están redactados ao norte do Miño, en certos casos, «especialmente no ámbito historiográfico e ficcional», é rexistrable «unha clara converxencia, en termos socioculturais coa tradición lusitana». Mais sexa como fose, volve ser Ramón Mariño Paz [2018, p. 105] quen precise con acerto que «nos últimos tres séculos da Idade Media o romance de Portugal se escribiu en condicións sociolingüísticas distintas daquelas en que se escribiu o romance de Galiza, por máis que entre eles houbese, con certeza, moi pouca distancia estrutural.»

Reflexionando, da súa parte, arredor da nosa prosa medieval á luz do testemuño da *Historia Troiana*, Ricardo Pichel [2010, pp. 1515-1530] atopa un segundo episodio senlleiro que vén caracterizar así mesmo o legado prosístico deste tempo: trátase da interrelación ou, expresado mellor coas palabras do propio Pichel, do mérito de que a prosa de noso se conforme «en moitos casos como un ente cultural recíproco en relación á restante

4 Para Tavani [1986, pp. 59-61], vén ser, de feito, sempre o territorio da lírica onde se faga evidente –«o que máis abraia», nas súas palabras– esa esterilidade: á lírica galego-portuguesa faltoulle sobre todo «o soporte [dentro da sociedade na cal se produciu] dun activo interese estético-cultural, coaxudado polos medios económicos adecuados.»

produción peninsular». Isto é, un labor de transmisión textual que se efectúa en dúas direccións: unha primeira, de carácter centrípeto –contamos con textos casteláns, latinos, franceses... que son traducidos xa á nosa lingua[5] xa a unha forma galego-leonesa [e volveremos axiña sobre esta cuestión]– e outra de carácter centrífugo que, á súa volta, se desenvolve en dous períodos de adaptación: textos alleos que proceden dun orixinal galego-portugués[6] e *retraducións*: é dicir, documentos galego-portugueses traducidos desde un exemplar foráneo o cal, á súa vez, remite a un orixinal composto no Occidente peninsular[7].

En fin, e como xa adiantamos –e como así mesmo anota Pichel–, esa forma galego-portuguesa –visible en textos como as *Partidas* ou as *Flores de Dereito*– si que nos ilustra arredor do continuum lingüístico iberrománico do momento e aínda da probabilidade –de se teren producido as condicións políticas necesarias, e duradeiras– da configuración dunha norma lingüística común non só a Galicia e a Portugal, senón a todo o noroeste peninsular, incluíndo deste xeito o reino de galaico-leonés[8].

Condicións difíciles, polo tanto, que afectaron a produción literaria medieval no noso entorno. Mais circunstancias que non diverxen, tal e como vimos de precisar, no caso da lírica e nesoutro da prosa. Porén, por que mentres a primeira, e a pesar de todo o descrito, atopou aceptación dentro e fóra das fronteiras de Galicia e Portugal, sucede que a segunda fose dar nun –polo menos, na aparencia– estado de *penuria*? Desinterese, ademais e tal e como foron anotar diversos estudosos –tal vén ser o caso de S. López Martínez-Morás [2007, p. 447] ou aínda nós mesmos [Pena, 2013, p. 247], que chegou a conformar unha verdadeira constante nos traballos referidos á nosa obra prosística medieval, interpretada como unha forma «menor» ou «marxinal» respecto desoutra, brillante, do eido trobadoresco.

Desde logo, nesa *competencia* entre lírica e prosa semella que, en boa medida, vén ser a primeira a *determinante* da falta de *éxito* da segunda. E iso porque, en efecto, o fulgor, a novidade... que presentan as cantigas –e que, desde logo, continúa a fascinar os lectores modernos– escurece, desde logo e en termos da estética moderna, esoutras posibilidades da Materia de Troia, dos *Miragres* de Santiago ou mesmo dos relatos artúricos. Pero así mesmo unha *desputa,* unha *pugna* que se ve afectada pola *filoloxización* decote dos propios textos.

5 Especialmente no caso da prosa xurídica e historiográfica: *Código das Sete Partidas, Ordenamento de Alcalá*...

6 Velaí a *Crónica General de España de 1344* [tradución dun orixinal portugués, á súa vez, baseado en gran parte na tradución galega da *Crónica Xeral* e *Crónica de Castela*].

7 Extraviado ou perdido, en moitos casos. Eis a *Crónica Troiana* galega, traducida en 1373 da *Versión de Alfonso XI* [ca. 1350], texto que, á súa vez, remite a un orixinal occidental

8 Apreciación coa que concorda, e subliña, R. Mariño Paz [1998] na súa *Historia da lingua galega*.

Entendámonos ben; calquera intento de efectuar unha apreciación estritamente estética dun documento medieval resulta moi pouco fiable, por non dicir imposible, se antes diso non contamos cunha lectura filoloxicamente correcta do mesmo. Un exemplo evidente deste proceso témolo no refrán da célebre composición de Meendinho –como é ben sabido, a única coñecida da súa autoría– que comeza «Seríam'eu na ermida de San Simión»[9], cuxa versión tradicional, no tocante ao refrán, viña ser: «eu atendend'o meu amigo,/eu atendend'o meu amigo.» Pois ben, se aceptamos como moito máis próxima ao texto dos cancioneiros esoutra proposta por Giuseppe Tavani [1998, pp. 59-61] –«Eu atendend'o meu amig'! E verrá?»– ou aqueloutras variantes da man de X.B. Airas Freixedo ou nós mesmos [Pena, 2017, p. 124 nota][10], devén manifesto que o sentido, e de aí a tasación dos versos, resulta diverxente. Xa que logo, de non contarmos cunha lección acabada de calquera outro diploma, sexa en forma lírica ou prosística; se temos incertezas no tocante á súa procedencia e, en consecuencia, respecto da súa verdadeira orixinalidade..., está claro que o xuízo valorativo en termos literarios se presenta problemático. Así as cousas, os lectores modernos poderán cualificar moi positivamente a nosa prosa medieval desde unha panorámica lingüístico-arqueolóxica ou histórico-política pero si que o teñen máis difícil cando se movan apenas no espazo da literatura.

Agora ben; deixando a un lado agora –aínda que logo volveremos a iso– que tanto o concepto de orixinalidade na *imago mundi* do lector como aqueloutros da propia consistencia dese mesmo lector e, claro é, do seu horizonte de expectativas –e mais o *arsenal* que as fornece– están lonxe, moitas veces, de concordar con estouro do noso tempo e de aí que cómpre precisarmos os acordos/desacordos, recompoñer as valoracións para non caermos nas pautas do anacronismo. Deixando, entón e polo momento todo o anterior aparcado, acontece que é preciso reiterarmos, redundar... no feito de que se, no espazo da lírica, as nosas cantigas demostran unha puxanza, unha, por así expresalo, posta ao día respecto daquilo que sucedía no occidente europeo, iso mesmo ten lugar en todo momento no tocante á prosa: a novela de cabalarías, o roman... pero tamén a historiografía ou a haxiografía galego-portuguesas camiñan á par tanto o trabadorismo de noso[11] como desoutros textos, en verso ou en prosa, que se compoñían na mesma altura alén dos Pireneos. A nosa prosa medieval, polo tanto e malia a precariedade da que falamos, é quen de conectar nitidamente Galicia coas grandes correntes culturais europeas do seu tempo.

9 Así na nosa lectura e de acordo con esoutra que fornecen os apógrafos italianos [Pena, 2017, pp. 123-124 nota]

10 Respectivamente «Eu antend´end´o meu amig[u]m e un á» e «Eu antend´o meu amig´. E irá?»

11 Como é ben coñecido, e procedentes do volume miscelláneo Vat. Lat. 7182 da Biblioteca Apostólica vaticana, contamos con tres folios que conteñen os chamados Cinco Lais de Bretaña –transcritos así mesmo no Cancioneiro da Biblioteca Nacional–, pertencentes ao modelo do lai lírico ou arturiano, axeitado por textos isostróficos e sismétricos, inseridos noutros redactados en prosa, dos cales conforman o papel dun intermezzo lírico. En todo caso, e como ben analizou S. Gutiérrez García [2007, p. 110] estamos diante dunha proba de que lírica e prosa non constituían compartimentos estancos.

Anotamos liñas atrás que, se o obxectivo radica en tentar comprendermos a lóxica da literatura [e máis en concreto, da prosa] medieval, cómpre que atendamos os conceptos de lector, de horizonte de expectativas deste e, finalmente, esoutro de orixinalidade nas coordenadas socio-histórico-culturais precisas. En consecuencia, e na brevidade do presente labor, diremos que a figura do lector vén ser un dos apartados esenciais que introduce, precisamente, a denominada novela cortesá, axeitada pola *Materia de Troia* –ou *Ciclo clásico*– e, esoutra, Materia de Bretaña –ou *literatura artúric*a. En efecto, o lector oínte –isto é, o destinatario das composicións trobadorescas ou dos cantares de xesta– é substituído polo lector tal e como hoxe o entendemos: alguén que formaba parte da minoría dirixente e que examina e chegue a compracerse en solitario co contido dunha narración.

Xa que logo, ese lector entra no xogo literario toda vez que introduce nel o seu horizonte de expectativas: un horizonte que, no eido da Materia de Bretaña, está condicionado porque os límites entre o real e o fantasioso non deveñen nítidos durante moito tempo: Arturo, Galaad, Merlín, a historia do Santo Grial... acadaron –ou case acadaron– a condición de personaxes e elementos reais. Dalgunha maneira, e na nosa estima, semellante conxuntura ben pode estar detrás dese continuo retorno por parte dos autores a eles -aos personaxes e episodios citados- redactando novos episodios nos cales os lectores podían atopar os seus heroes e pasaxes favoritos.

E o anterior determina, á súa vez, esoutro concepto de orixinalidade: porque acontece, daquela, que antes que inventar algo absolutamente novo, o que ten que facer o autor –que xa se debe ao seu público lector– é agradar a este incluíndo o seu esforzo na dicronía daquilo que o precedeu. É dicir, o autor vese na obriga, por así expresalo, de volver sobre os personaxes e mais os feitos sabidos, repasando aventuras e/ou reformulando, ampliando... estas nunha sorte, diríamos, de *remake* das mesmas. Polo tanto, e en boa medida, narracións –sagas– modernas teñen, desde logo, alicerce na novela cortesá do Medioevo occidental europeo.

Non son moitos, xa o adiantamos, os textos que conservamos no eido da prosa de ficción escrita en galego-portugués –polo contrario, os textos en prosa non literarios en idioma de noso fornecen, de acordo coa investigación levada a cabo por X.R. Barreiro [1988, p.13], un total de máis de 60.000 documentos–; porén, todos eles dan cumprida noticia do coñece-

mento, e asemade da introdución, adaptación moi axiña, no espazo occidental das grandes liñas da prosa ficcional que se estaban a espallar polo occidente europeo.

Contamos con textos de carácter historiográfico –*Geral Estoria, Crónica de 1404*..–; textos haxiográficos e doutrinais –*Miragres de Santiago, Livro das Confissões*–; prosa xurídica e prosa técnica no noso idioma no transcorrer medieval. Secasí, e contando sempre co tempo do que dispomos, ímonos referir apenas no que segue, de forma descritiva, a aqueles pertencentes ao ámbito da ficción.

Non foron a *Ilíada* nin a *Odisea* os volumes que maior estima atinxiron diante dos lectores medievais. Polo contrario, deveñen outros dous textos, cuxas orixes se remotan a antes do século IV, compostos respectivamente por Lucio Séptimo e un autor anónimo, aqueles que si accederon ao máis alto do favor do público: estamos a referirnos ao *Ephemeris belli Troiani* e a *De excidios Confiss Troiae Historia*. Con todo, o que nos interesa realmente é que, antes que elas mesmas, foi que inspirasen o poeta francés Benoît de Saint-Maures para que este, arredor de 1165, compuxese o seu logo relato –en verso– titulado Roman de Troie e que daría lugar a un dos grandes ciclos narrativos da historia das letras de Europa.

Desde logo, a primeira recepción do *Roman de Tro*ie no occidente peninsular data do século XI, aínda que se faga intensa a partir do século XIII. Situados xa no século XIV, contamos no noso idioma con dous documentos selleiros: a *Historia Troiana*[12] e mais a *Crónica Troiana*[13] accesible ao público na edición levada a termo por Ramón Lorenzo en 1985.

Así mesmo coñecida axiña na península, a *Materia de Bretaña* –isto é, o conxunto de relatos que fan referencia ao rei Arturo, os cabaleiros da Mesa Redonda e mais a procura do Santo Grial– conta no espazo estritamente galego con dous fragmentos do *Libro de Tristán,* procedentes dunha tradución dun texto francés e que servían de encadernamento dunha copia do testamento do marqués de Santillana. Perdido durante un tempo dito documento, foi nova e felizmente atopado no ano 2009 e editado sucesivamente por Pilar Lorenzo e Susana de Pedro en 2017, por J. A. Souto Cabo en 2017 e por Ricardo Pichel e X. L. Varela Barreiro en 2019. De acordo coas máis recentes análises, trátase do vestixio peninsular máis antigo referido aos relatos tristanianos, datable entón no último terzo do século XIII e no

12 En realidade, trátase dun texto bilingüe, en castelán e en galego, conservado na Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander e que constitúe, precisamente, o obxecto da tese de doutoramento, 2013, de Ricardo Pichel.

13 Véxanse as notas 2 e 3.

entorno da corte señorial dos Lima-Batisela que tiña posesións en ambas ribeiras do Miño.

En fin, compostos ao sur dese mesmo río –isto é, no reino de Portugal– contamos aínda con outros testemuños: velaí a *Estoria do Santo Graal*, datada no século XVI pero procedente dun orixinal perdido de arredor de 1314; o Fragmento do Libro de Merlín, realizado na primeira metade do XIV e a Demanda do Santo Graal, conservada en Viena nunha copia do século XV, mais con alicerce nun orixinal, perdido, do XIII.

Dixemos que a novela cortesá viña conformada polos relatos arredor do mundo de Troia e desoutro do ciclo artúrico. Pero para completarmos o territorio da ficción galego-portuguesa aínda temos de falar dun terceiro episodio: referímonos ao denominado *Ciclo carolinxio*; é dicir, o conxunto de narracións que recrean as campañas efectuadas por Carlomagno no norte peninsular, na procura de liberar o Camiño de Santiago da ameaza musulmá.

Pois ben; inserido dentro desoutro volume, concibido a fins do século XIV ou comezos do XV, e que vén sendo coñecido como os *Miragres de Santiago*[14], ofrecen un testemuño épico único no dominio galego-portugués no que respecta á materia ou ciclo carolinxio, toda vez que transmite unha tradución do *Pseudo Turpín; é dicir, da Historia Karoli Magni et Rotholandi*, máis coñecida como *Historia Turpini* ou *Pseudo Turpín*, crónica francesa pertencente ao xénero épico e composta ca.1130-40 e falsamente atribuída a Tilpín [ou Tulpín, despois transformadoa Turpín], arcebispo de Reims na segunda metade do século VIII.

14 Se ben que resulta incluíble no eido da haxiografía, os *Miragres* constitúen, en realidade, un volume de carácter miscelá-neo, editado en 2004 por Ramón Lorenzo.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

Barreiro, Xosé Ramón [1988] e outros, *Inventario das fontes documentais da Galicia Medieval. I*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Corral Díaz, E. e Pichel, Ricardo [coords.] [2020], *Guía para o estudo da prosa galega medieval*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.

Gutiérrez García, S. [2007], «La poética compositiva de los lais de Bretanha: Amor, des que m´a vós cheguey y los lais anómalos de la Post-Vulgata», *en Revista de poética medieval*, 19 [2007], 93-113.

López Martínez-Morás, S. [2007], «Aparición e florecemento da prosa medieval galega», en Boullón Agrelo, A. I. [ed], *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega, 447-472.

Mariño Paz, R. [1998]: *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mariño Paz, R. [2018], «Literatura galega e mecenado na Idade Media», en Rodríguez Guerra, A. e Arias Freixedo, X.B. [eds.], *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galegaMedieval*, Amsterdan: John Benjamins Publishing Company, 103-117.

Pena, Xosé Ramón [2013*]*, *Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853*, Vigo: Xerais.

Pena, Xosé Ramón [2017], *Martín Codax e os xograres do mar de Vigo*, Vigo: Xerais.

Tavani, Giuseppe [1986], *A poesía lírica galego-portuguesa*, Galaxia: Vigo.

5

Baixa Idade Media

Contribución á socioeconomía agraria da Galicia medieval: a viticultura heroica nas terras de Mondoñedo

Carlos Andrés González Paz

Á Dra. María Xosé Rodríguez Galdo [USC],
iniciadora de novos vieiros mindonienses.

RESUMO. A cidade e o hínterland de Vilamaior de Mondoñedo –núcleo da extensa sé episcopal mindoniense, herdeira territorial da diocese de Britonia e institucional do bispado de Dumio– localízase no corazón da Galécia cantábrica, unha xeografía que, desde unha perspectiva xeolóxica e edafolóxica, revelábase escasamente propicia para a implantación e o desenvolvemento da vitivinicultura. Porén, as fontes escritas relativas á presenza do cultivo da vide e á elaboración e comercialización do viño proliferan de forma significativa desde mediados do século XIII. Este acontecemento histórico transformouse nun sustentáculo transcendental na evolución social e económica mindoniense medieval. A súa pegada acaba evidenciándose nos ciclos agrarios, na lexislación, no sistema tributario, no artesanado e no comercio, na paisaxe urbana, etcétera.

RESUMEN. La ciudad y el hinterland de Vilamaior de Mondoñedo, núcleo de la extensa sede episcopal mindoniense, heredera territorial de la diócesis de Britonia e institucional del obispado de Dumio, se localiza en el corazón de la Galécia cantábrica, una geografía que, desde una perspectiva geológica y edafológica, se revelaba escasamente propicia para la implantación y el desarrollo de la vitivinicultura. Sin embargo, las fuentes escritas relativas a la presencia del cultivo de la vid e a la elaboración y comercialización del vino proliferan de forma significativa desde mediados del siglo XIII. Este acontecimiento histórico se transformó en un soporte trascendental en la evolución social y económica mindoniense medieval. Su huella acaba evidenciándose en los ciclos agrarios, en la legislación, en el sistema tributario, en el artesanado y en el comercio, en el paisaje urbano, etc.

ABSTRACT. The city and the hinterland of Vilamaior de Mondoñedo, nucleus of the extensive Mindonian episcopal see, territorial heir of the diocese of Britonia and institutional heir of the bishopric of Dumio, is located in the heart of the Cantabrian *Galécia*, a geography that, from a geological and edaphological perspective, was scarcely propitious for the implantation and development of viticulture. However, the written sources related to the presence of vine cultivation and the production and commercialization of wine have proliferated significantly since the mid-13th century. This historical event became a transcendental support in the medieval Mindonian social and economic evolution. Its mark is evident in the agrarian cycles, in the legislation, in the tax system, in the craftsmanship and trade, in the urban landscape, etc.

1. Incipit: Vilamaior de Mondoñedo, entre «natura» e «ántropos»

A cidade de Vilamaior de Mondoñedo asentouse como o centro reitor definitivo da diocese mindoniense desde os compases iniciais do século XIII [González Paz, 2020; Vigo García, 2021], resultado dun proceso de construción histórica que se desenvolveu sobre un espazo físico, que non actuou como mero soporte ou simple testemuña, senón que o conxunto dos elementos conformadores –orografía, hidroloxía, climatoloxía ou ecoloxía– remataron interactuando cos seres humanos, determinando mutuamente o constructo resultante dunha evolución secular e sinérxica.

[Ver p. 482] Mapa de localización de Mondoñedo.
Alyssalover, CC BY-SA 3.0.

Neste sentido, a análise da progresión histórica dunha localidade, comarca ou rexión determinada necesitaría da comprensión previa da súa realidade xeográfica, dado que o individuo e a *communitas* cultural dificilmente se poden desagregar do individuo e o ecosistema natural. Así, o discurso xeográfico e a narración histórica non só non deberían ser elementos opostos, senón, ao contrario, deberían orquestrarse os medios precisos co obxectivo de integrar o rexistro físico na explicación histórica, xerándose unha desexada complementariedade. Este convencemento é a razón última de que, parafraseando a Ermelindo Portela Silva e María del Carmen Pallares Méndez [1993, pp. 29-48], comecemos a nosa contribución ao coñecemento da historia vitivinícola do *finibusterre* hispano, materializando un achegamento a dous factores específicos da xeografía mindoniense: a edafoloxía e a climatoloxía.

[Ver p. 483]

Desde a perspectiva edafolóxica, a cidade de Vilamaior de Mondoñedo localízase na área cantábrico-mindoniense, na cal o solo clímax sería a «terra parda» desenvolvida sobre xistos, granitos e rochas básicas, máis concretamente, a «terra parda ácida» [«cambisol húmico» ou «cambisol dís-

trico»], que aparecería asociada cos «ranker» ou os «litosoles» naqueles lugares onde a erosión ou a presenza de materiais de partida de maior dureza impediron a continuidade do proceso edafoxenético.

Descendendo na escala topográfica, compróbase como, nos termos do núcleo diocesano, se detecta a coexistencia de «veigas» –solos desenvolvidos nas ribeiras fluviais a partir de sedimentos recentes, relativamente profundos e fértiles, destinados á explotación agrícola e gandeira, «terras pardas podsolizadas» –solos areosos ou areoso-limosos que, vinculados a rochas ácidas como cuarcitas e «areniscas», abundan na Serra do Xistral, «terras pardas calizas» –solos localizados nas abas das formacións calcarias mindonienses de Barbeitas e Sasdónigas, «terras pardas ferríticas» –variedade dotada dunha cantidade significativa de óxidos ferríticos, que se estende sobre veas de ferro na zona de Bidueiras, onde conflúen os concellos de Mondoñedo, Lourenzá e Riotorto, «podsol férrico» –solos areosos de boa permeabilidade, cunha mancha no sector mindoniense de Curros– e, finalmente, «ranker» –solos ben drenados, derivados de rochas ácidas, cunha elevada permeabilidade e boa aireación, que soportan desde arboredo a vexetación arbustiva e herbácea, sobre todo, plantas leñosas de raíces profundas, resistentes á seca estival [Guitián, Carballas, Muñoz, 1982, pp. 32-132].

Neste sentido, o prestixioso enólogo José Hidalgo Togores [2018, pp. 174 e 178-179] afirma que, se ben «la vid es una planta de gran rusticidad y prácticamente puede vegetar en cualquier tipo de terreno», «prefiere los suelos profundos, mejor si son de baja fertilidad y también si son calizos procedentes del Mioceno [Terciario]», engadindo máis adiante que «vocacionalmente los suelos arcillosos son generadores de cosechas abundantes, debido a su elevada capacidad de intercambio catiónico». Ou sexa, desde a visión da agronomía, as terras arxiláceas e calcarias –que no ámbito de Vilamaior de Mondoñedo resultan cuantitativamente residuais– crearían as condicións vitivinícolas óptimas. Sendo así, que vector favoreceu o desenvolvemento da vitivinicultura no territorio mindoniense? A resposta sería o clima, e máis concretamente, o cambio climático plenomedieval.

A paleoclimatoloxía[1] e a climatoloxía histórica[2] son dúas disciplinas científicas cuxo obxecto de investigación é a evolución histórica do clima, a súa influencia na configuración natural e antrópica do territorio e a súa

1 Segundo J. Martín Vide [1999, pp. 217-242], a paleoclimatoloxía é unha disciplina científica que conta cun dobre obxectivo: a análise da evolución climática e a reconstrución dos climas do pasado. A súa metodoloxía fundaméntase no exame dos «proxy climate data», que P. Ramil, L. Gómez-Orellana e C. Muñoz-Sobrino [2008, p. 109] definen como os «datos recompilados polos paleoclimatólogos a partir de rexistros naturais da variabilidade climática», acudindo a un amplo abano de fontes, como os depósitos de heteroxéneos materiais localizados en puntos concretos da xeografía mindoniense: a rasa litoral cantábrica, os Montes do Buio ou a Serra do Xistral [Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, pp. 168-185].

2 Conforme a autores como J. Martín, M. Barriendos ou J. M. Cuadrat, a climatoloxía histórica sería unha rama da paleoclimatoloxía, cuxo obxecto sería «la reconstrucción del clima del pasado» baseada «en fuentes documentales históricas». Esta disciplina debe afastarse dos presupostos antropocéntricos e eventos humanos, restrinxindo a súa

natureza de condicionante do modelo produtivo de base agropecuaria [Slicher, 1966, pp. 399-425; Duby, 1989, pp. 119-133]. Seguindo as recomendacións de Guy Fourquin [1979, pp. 24-25], contrastouse a información paleoclimatolóxica coa reconstrución do clima do pasado que, en contadas ocasións, permitiu acometer o exame das fontes arqueolóxicas e diplomáticas da Idade Media.

Este percorrido galaico-mindoniense comezaría ao redor do cambio de era e acadaría aproximadamente o século V d.C., datas de desenvolvemento do «Período Cálido Romano»[3]. As tres características meteorolóxicas definidoras desta etapa climatolóxica serían un quecemento irregular –con temperaturas ata 2,0ºC e 3,0ºC superiores á media actual, un aumento significativo da humidade e un ascenso gradual do nivel del mar[4].

Este panorama meteorolóxico transformaríase bruscamente entre os séculos V e VI d.C., acaecendo un rápido descenso das temperaturas, cuantificable entre 2,0ºC e 2,5ºC, que colaboraría nun empeoramento das condicións climáticas, tanto nas comarcas interiores, como na franxa marítima galaica, intensificándose a subida da liña da costa e volvéndose máis virulentos os temporais mariñáns[5].

Trala sexta centuria, a bibliografía substantiva sitúa ao territorio galego en dous escenarios meteorolóxicos plausibles, aínda que aparentemente excluíntes. Por un lado, investigadores como Antonio Martínez Cortizas defenden a hipótese de que, no cuadrante noroccidental hispano, regresaríase a un clima temperado semellante ao detectado na fase romana, entrando o resto da Península Ibérica no «Episodio Frío Altomedieval»[6]. Por outro lado, autores como Pablo Ramil Rego traspoñen ao ámbito galaico a existencia deste «Episodio Frío Medieval», que se estendería entre os séculos V e XI d.C., con características como o descenso xeneralizado das temperaturas e a presenza de invernos duros e fríos, con anos nos cales ou ben abundarían as secas, ou ben destacarían as precipitacións e inundacións[7].

esfera de análise aos «acontecimientos meteorológicos que quedan recogidos en la documentación histórica», obténdose así unha «historia climática pura» [Martín, 1997; Barriendos, 1999; Cuadrat e Martín, 2007]. Porén, o desenvolvemento da climatoloxía histórica en Galicia encóntrase aínda nunha fase embrionaria, situándose o seu inicio ao redor do ano 1977 coa redacción da *Historia del Clima del Finis-Terrae gallego* de J. M. Fontana. Desde entón, alén de análises parciais en estudos xerais, unicamente se rexistran determinadas catas de resultados desiguais, afastados da ambicionada «historia climática pura» [Fontana, 1977; Font, 1988; Losada, 2008, pp. 143-183].

3 Acerca do cultivo da vide e a elaboración de viño na Britania romana, véxanse: Williams, 1977, pp. 327-334; Hooke, 1990, pp. 77-80; Kenny, Harrison, 1992, pp. 163-183; ou Brown, Meadows, Turner, Mattingly, 2001, pp. 745-757.

4 Font, 1988, pp. 53-55; Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, p. 181; Ramil, Gómez-Orellana, Muñoz-Sobrino, 2008, pp. 132-133.

5 Edeso, 1991, 38-40; González Amuchastegui, 2000, 85; Blanco, Costa, Martínez, Pérez, Vázquez, 2002, p. 155. Así mesmo, véxanse, García Moreno, 1986, pp. 171-187; Arce Martínez, 1997, pp. 27-36.

6 Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, pp. 181-182.

7 Ramil, Gómez-Orellana, Muñoz-Sobrino, 2008, pp. 133-135.

Coa finalidade de achegar claridade á indeterminación paleoclimatolóxica, resultaría imprescindible acudir á climatoloxía histórica e ás referencias escritas. Porén, esta vía semella complicada debido á escaseza de fontes datadas ou alusivas a esta cronoloxía temperá. Aínda así, se combinásemos os testemuños rexistrados nas crónicas asturianas[8] e nos relatos andalusís [Sánchez-Albornoz, 1981, p. 164] cos datos concretos das compilacións de José María Fontana Tarrats e Inocencio Font Tullot [Font, 1988, p. 57], comprobaríase como, desde o século VII, despois dunha rápida, aínda que fugaz, recuperación dos valores termométricos, acontecería un progresivo descenso das temperaturas [Font, 1988, p. 57], unha caída significativa que, a comezos do século VIII, suporía entre 1,5ºC e 2,0ºC[9].

Na novena centuria iniciaríase un ascenso das temperaturas, que acaso superou os 2,5ºC no transcurso de cen anos, acadándose, á altura do século X, valores que serían ata 3,5ºC superiores á media actual, sumándose ademais un alto grao de humidade[10]. Deste modo abrupto entrábase no «Período Cálido Medieval» ou «Óptimo Climático Medieval», unha etapa climatolóxica non exenta de matices e debate entre os expertos que, con variacións máis ou menos relevantes, acostuman a estender a súa cronoloxía ata o século XIV[11].

Se concentramos a óptica, obsérvanse dentes de serra con ángulos entrantes e salientes. Así, entre finais do século X e a primeira metade do século XI, rastrexaríase unha pronunciada regresión térmica, cun marcado descenso das temperaturas estimable en 3,5ºC. Desde entón, o clima iríase temperando, asentándose un estado atmosférico cálido e pluvioso, manténdose o termómetro en valores superiores en 1,0ºC ou 1,5ºC á media presente[12].

O sostemento deste equilibrio climático sería a principal característica dos séculos XII e XIII, cunha meteoroloxía propicia ás actividades agropecuarias [Losada, 2008, p. 147]. Sen dúbida, esta bonanza consolidada encontraríase entre as bases fundamentais da expansión vivida no decurso das centurias centrais do medievo, cronoloxía asociada tradicionalmente con acontecementos históricos de gran relevancia cultural, demográfica, económica, relixiosa e social.

Nesta alternancia de sucesos prósperos e adversos chégase ás últimas décadas do século XIII e os primeiros decenios do século XIV, cando se transita rapidamente cara a unha fase fría, cunha sucesión de anos de seca e

8 *Crónicas Asturianas*, 1985, pp. 123-124, 129, 201-202, 205 e 207.
9 Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, p. 181.
10 *Ibidem*, pp. 181-182.
11 *Ibidem*, pp. 181-182; Ramil, Gómez-Orellana, Muñoz-Sobrino, 2008, pp. 135-136.
12 Font, 1988, p. 60; Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, pp. 181-182.

descendemento continuado das temperaturas[13]. Con todo, aproximadamente entre os anos 1330 e 1350, sucede un lixeiro cambio de tendencia[14]. A caída dos termómetros, vertical até agora, gradúase, rexistrándose períodos significativos nos cales o descenso estáncase, proseguíndose máis tarde ata avanzada a Idade Moderna. Estaba instalándose gradualmente a «Pequena Idade de Xeo», cunha caída das temperaturas que, no século XV d.C., foron practicamente 3,0ºC menores que as máximas alcanzadas no século XIII[15].

En síntese, as conclusións encabezaríanse coa afirmación apodíctica de que a paleoclimatoloxía non é aínda unha ciencia exacta e que a historia do clima segue sendo unha materia pendente no conxunto da xeografía investigadora galega. Aínda así, a climatoloxía histórica amósase como unha ferramenta de gran interese no coñecemento da evolución do binomio **medio ambiente >< seres humanos**, mais infelizmente, o seu predicamento no noso medievalismo tende a cero, xa que, en contadas ocasións, se atendeu ao significado e ás implicacións das referencias documentais a determinadas condicións e fenómenos climáticos.

É certo que as fontes escritas resultan sempre escasas, é certo que a arqueoloxía medieval galega é unha disciplina en desenvolvemento, é certo que o esforzo que implica a reconstrución climática é ímprobo e é certo que os resultados achegados contarán cunha natureza subsidiaria. Con todo, así mesmo é certo que os datos obtidos suporán un sumando máis na análise do progreso histórico dun territorio determinado durante unha cronoloxía definida.

Neste sentido, no remate deste apartado, poderían relacionarse unha serie de casos que serían considerados paradigmáticos á hora de analizar –en sentido positivo e en sentido negativo– as vinculacións existentes entre evolución climática, avance histórico e produción económica. A gandaría extensiva na Serra do Xistral entre os séculos X e XV ou a ocupación social de terras marxinais nas centurias tardomedievais serían susceptibles de inclusión nesta nómina. Sen embargo, neste caso o interese centraríase no viñedo, cuxa presenza se documenta na xeografía mindoniense, de forma máis ou menos esporádica, nos séculos altomedievais, modificándose esta tónica a partir do século XIII, cando as referencias escritas ao cultivo da videira e á elaboración do viño se multiplican de maneira exponencial.

13 Font Tullot, 1988, p. 61; Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, p. 181. Patrick D. Nunn [2007, pp. 3, 10-16 e 87-121] sitúa «The A.D. 1300 Event» entre o «Medieval Warm Period» e a «Little Ice Age», sendo considerado como un período de transición desenvolvido entre os anos 1250 e 1350.

14 Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, pp. 181-182; Ramil, Gómez-Orellana, Muñoz-Sobrino, 2008, p. 136.

15 Martínez, Valcárcel, Pérez, Castillo, Blanco, 1999, pp. 181-182; Ramil, Gómez-Orellana, Muñoz-Sobrino, 2008, p. 136.

Entre as causas determinantes deste desenvolvemento vitivinícola, encontraríase o cambio das condicións meteorolóxicas no transcurso do «Período Cálido Medieval», máis concretamente, durante o momento de estabilización e dulcificación do clima ocorrido nos séculos XII e XIII, rexistrándose unha situación climatolóxica termométrica e pluviométrica favorable. Con todo, as características edafolóxicas do terrádego continuaron practicamente invariables, sendo a causa de que a calidade dos caldos mindonienses non fose elevada, acudindo as oligarquías locais á adquisición de viños procedentes de Ourense ou Pontevedra. Ante esta situación, a principios da décimocuarta centuria, as autoridades de Vilamaior de Mondoñedo estableceron a primeira ordenación de posturas coñecida, na cal se incentivaba o consumo do viño comarcal a través da punición da súa importación destoutras áreas galegas [Cal Pardo, 2005, pp. 195-198 (1316)].

2. A vitivinicultura en Vilamaior de Mondoñedo: suxeito histórico e obxecto historiográfico

Os primeiros testemuños evidenciados da práctica vitivinicultora nas terras mindonienses adiantaríanse á Alta Idade Media, vinculándose, por unha parte, co consumo de viño entre os grupos magnaticios [González Paz, 2009], documentándose aos sectores aristocráticos da sociedade coetánea como titulares de viñas, seguramente reservadas ao autoabastecemento. Por outra parte, asociaríanse ás necesidades litúrxicas, sendo común que, nas dotacións monásticas, se inclúan viñedos destinados ao aprovisionamento das comunidades monacais.[16] En calquera caso, aínda estariamos ante unha extensión e produción cuantitativamente restrinxida, localizada e claramente focalizada[17].

Alén dos ámbitos sociais sinalados, a presenza do viñedo nas fontes mindonienses resulta esporádica ata o último cuarto do século XII, cando o seu cultivo se comeza a constatar no val do río Eo e nas ribeiras do río Masma[18]. Así mesmo, entre os anos 1200 e 1240, a inmensa maioría das contadas referencias históricas seguen situándose na franxa territorial comprendida entre ámbalas dúas cuncas fluviais[19].

Neste sentido, non é ata mediados do século XIII cando se comprobe a verdadeira eclosión documental do viñedo mindoniense, multiplicándose exponencialmente as noticias á súa existencia nas terras situadas entre os

16 Consúltese o «monasticum» mindoniense publicado en: González Paz, 2020, 885-1086. Así mesmo, véxase o «monasticum» galaico aparecido no segundo volume de: Pérez Rodríguez, 2019.

17 Loscertales, 1976, p. 154 [867]; Cal Pardo, 1999, pp. 11-12 [871]; *Tumbo de Lorenzana*, 1992, p. 23 [969]; Cal Pardo, 1984, p. 236 [1111].

18 Domínguez Casal, 1952, pp. 49-50 [1173], 218 [1225] e 223 [1226]; Cal Pardo, 2005, p. 14 [1190].

19 Cal Pardo, 2005, pp. 16 [1218], 16 [1230] e 17 [1239 e 1242]; *Tumbo de Lorenzana*, 1992, pp. 106-107 [1232].

ríos Eo e Masma, superándose o centenar de mencións entre os anos 1246 e 1298[20]. Este contundente argumento cuantitativo autoriza o avance, ata a segunda metade da décimoterceira centuria, dun fenómeno que se atrasara, cando menos, ata principios do século XIV, considerándose residual ou marxinal o período previo [Huetz de Lemps, 1967, p. 210; Rodríguez Galdo, 1976, pp. 91-93; Mariño Veiras, 1973, pp. 215-217 e 231][21].

2.1. Os factores ambientais e antropoxenéticos favorecedores do desenvolvemento local e comarcal da vitivinicultura nas terras mindonienses

Con respecto aos motivos desta concentración do viñedo entre as bacías dos ríos Eo e Masma, poderían distinguirse causas esóxenas e endóxenas. En relación coas primeiras razóns, sobresairían, por un lado, a modificación das condicións meteorolóxicas, asistíndose a unha progresiva dulcificación do clima, que precisamente acadou o seu cénit entre os séculos XII e XIII. Por outro lado, a existencia dunha xeomorfoloxía dobremente apropiada. En primeiro lugar, encóntranse áreas específicas con bases edafolóxicas calcarias ou louseiras, con media ou escasa profundidade, con perfiles ácidos definidos, medianamente ricas en materia orgánica e limitadamente sensibles ás secas estacionais [Macías e Calvo, 2001, p. 201]. En segundo lugar, atópase un sistema hidrolóxico principal –coas correntes do Eo e Masma como protagonistas– que, ademais de proporcionar a irrigación necesaria, contan con zonas de ladeira, que facilitarían o cultivo aterrazado das vides.

Pola súa parte, as segundas razóns conectan directamente co incremento da demanda vinícola acaecida en territorio mariñao como consecuencia da combinación dos seguintes factores:

A.- O crecemento demográfico rexistrado nas centurias plenomedievais, sumado á universalización do consumo de viño entre as diferentes capas da sociedade mindoniense contemporánea.

B.- En virtude da diversificación das fórmulas xurídicas de cesión do terrádego [González Paz, 2020, pp. 456-516], advírtese o acceso de novos continxentes demográficos á posesión de terreos dedicados ao cultivo de vides.

C.- O aumento significativo da demanda de viño, en calidade de especie sacramental destinada ás celebracións litúrxicas [Imberciadori, 1966,

20 *Tumbo de Lorenzana*, 1992, pp. 201-202; Cal Pardo, 1999, pp. 74 e 80-81; Cal Pardo, 2005, pp. 30-31, 33, 39, 42, 44, 47-48, 51, 55, 57-58, 60-62, 64, 68, 76, 79, 84-87, 89-91, 94-96, 100, 104, 122, 126, 136, 139-140, 147, 154, 157, 159, 162-165, 169, 172, 174-175, 178, 180, 186, 190, 193, 200, 202, 210-211, 214-216, 219, 221, 223, 227, 231, 234, 236, 242, 247, 250, 255, 259, 271, 274, 280, 286-287, 292-294, 297, 300-301, 309, 321, 323, 326, 328, 331, 335, 337, 347-349, 354, 356, 358, 361, 363, 368-369, 372-373, 380, 383, 385, 394 e 403-404.

21 A sistematización do viñedo nunha xeografía mindoniense concreta no transcurso do século XIII, sobre todo na súa segunda metade, non discorda cos acontecementos coetáneos rexistrados noutras áreas galegas e portuguesas. Así, por exemplo, Pérez Rodríguez, 1993-1994, pp. 83-90; Pallares, Portela, 2001, pp. 79-111; Olivera, 2005, pp. 145-155; Durand, 1972, pp. 13-37.

p. 320], claramente asociado ao desenvolvemento do sistema parroquial desde principios do século XII [López Alsina, 1976, pp. 108-109].

D.- Trala reforma gregoriana, asístese a unha concentración de importantes centros eclesiásticos no interfluvio Eo-Masma: Vilamaior de Mondoñedo [sede episcopal], Lourenzá [abadía bieita], Ribadeo [colexiata], San Martiño de Mondoñedo [mosteiro agostiño], etc. Ademais de núcleos de poder, foron relevantes dinamizadores económicos, que impulsaron activamente a expansión do viñedo.[22]

E. O xurdimento e avance do fenómeno urbano entre as ribeiras do río Masma [coa cidade de Vilamaior de Mondoñedo como cabeceira] e do río Eo [co burgo de Ribadeo como vértice] desde mediados do século XII, sumándose as vilas de Castro de Ouro e A Ponte no transcurso do século XIII[23]. Estas localidades convertéronse en innovadores actores socioeconómicos, nas cales a vitivinicultura [produción, consumo e comercialización] foi unha actividade privilexiada.

F. O auxe do comercio marítimo atlántico e mediterráneo. Desde finais do século XIII, os enclaves portuarios de Ribadeo e Viveiro foron empregados como puntos de exportación dos viños mindonienses[24].

A conxunción destes elementos –unidos a outros vectores máis ou menos conxunturais– asentaron e consolidaron o viñedo no interfluvio Eo-Masma que, unha vez comprobada a súa excelente acollida mercantil, actuou de foco irradiador cara a occidente, aparecendo bacelares entre as cuncas dos ríos Landro, Sor e Mera, incluso en solos vegueiros, escasamente aptos, intensificándose a cantidade de man de obra e o esforzo aplicados na obtención de boas colleitas. Como sinalaron os procuradores galegos nas Cortes de Valladolid de 1351: «dizen que en los puertos de la mar e en las mis villas de Ribadeo e de Biuero e de otros logares de Gallizia, que an vino, et que es mucho costoso de labrar, e que an algunos omes que cargan del para vender a otras partes por traer por el viandas e pannos e mercadorias que entienden que les cunple para su mantenimiento» [Real Academia de la Historia, 1863, p. 73].

22 Sobre os vínculos existentes entre institucións eclesiásticas e áreas produtoras de viño, véxase, por exemplo, Teixeira, 1996, pp. 85-91.

23 Ruiz de la Peña, 1989, pp. 169-186; González Paz, 2020, pp. 800-808 e 849-861.

24 Ferreira, 1988, pp. 186-188; Ruiz de la Peña, 2000, pp. 41-66.

2.2. O ciclo agrario da vide: as modalidades, os sistemas de cultivo, a vendima e a transformación das uvas

No ecosistema agrario mindoniense, a xeografía viticultora xurdirá, fundamentalmente, a través de dúas dinámicas antropoxenéticas: por unha parte, a decrúa de áreas incultas[25] e, por outra parte, a transformación, libre[26] ou imposta[27], de antigas searas dedicadas a cereais[28] ou a árbores froiteiras[29]. Esta decisión correspondía normalmente aos titulares do terrádego, documentándose a presenza de bispos[30], altos dignitarios da curia diocesana[31], membros do cabido[32] e magnates locais[33] entre a nómina de potentados, xunto con campesiños[34] e artesáns do mundo urbano[35].

Se ben o cultivo do viñedo estenderase ao conxunto do espazo mindoniense, a documentación amosa, no século XIII, unha especial vinculación cos núcleos urbanos e con aquelas áreas rurais contiguas, economicamente asociadas, localizadas no seu hínterland.

O caso da cidade de Vilamaior de Mondoñedo seguramente sexa o exemplo mellor testemuñado debido á cantidade e calidade das fontes dispoñibles. Por un lado, a nivel micro-territorial, compróbase a presenza de unidades de explotación campesiñas, onde se observa a inserción da vide e a súa coexistencia con outras producións agrarias [cereais ou árbores froiteiras] nun imprescindible policultivo, mesturándose o autoconsumo coa comercialización retallista do excedente.[36]

Por outro lado, cando se ascende a unha óptica macro-territorial, constátase o seu cultivo no propio núcleo urbano –tanto dentro como fóra das murallas,[37] pero ademais, noutros espazos agrarios. En primeiro lugar, en zonas como Fontela[38], Nogueira do Corvo[39] ou Outeiro da Carroceira[40], onde as videiras comparten terreo con outros cultivos[41]. En segundo lugar, en áreas como Pumar Donego[42], A Telleira[43], Pelourín, Sisto ou Sub-Castro[44], onde a extensión das terras de señorío e o peso específico do viñedo

25 O 3 de maio de 1291 o bispo Álvaro Gómez aforou ao arcediago Pedro Pérez de Azúmara o «montis qui uocatur de Don Guyn cum vinea et hereditatibus sicut per uallum et marcos» [Cal Pardo, 2005, pp. 84-85 (1291)].

26 O 16 de agosto de 1251 faleceu Paio Eáns, quen gravara con cinco soldos a «uineam suam nouam de Maleolo que iacet super stratam publicam de Tegularia ex alia parte subtus pumaregam de Martino Ferrario» [Cal Pardo, 2005, p. 21 (1251)].

27 Os titulares do terrádego podían impoñer o cultivo da vide aos seus foreiros. Así, o 17 de febreiro de 1280 o cabido mindoniense aforou unha herdade a María Pérez, quen debería «ad plantandum de uinea» [Cal Pardo, 2005, p. 56 (1280)]

28 Cal Pardo, 2005, pp. 26 [1256], 83-84 [1290], 146 [1308] e 236 [1323].

29 Cal Pardo, 1999, pp. 80-81 [1293], 83-84 [1295] e 244 [1325].

30 Cal Pardo, 2005, pp. 16 [1218], 24-25 [1255] e 44 [1265].

31 *Ibidem*, p. 46 [1273].

32 *Ibidem*, pp. 24 [1254], 37 [1261] e 45 [1267].

33 *Ibidem* pp. 17 [1239], 43-44 [1265] e 53 [1278].

34 *Ibidem*, pp. 24-25 [1255].

35 *Ibidem*, p. 127 [1305].

36 *Ibidem*, p. 20 [1251].

37 *Ibidem*, pp. 25 [1256] e 31 [1258].

38 *Ibidem*, p. 91.

39 *Ibidem*, pp. 34, 42 e 50.

40 *Ibidem*, pp. 19, 22-23, 32, 37, 43-45, 49, 51, 59, 61 e 70-71.

41 Cal Pardo, 1999, pp. 80-81 [1293] e 83-84 [1295].

42 *Ibidem*, pp. 20, 22, 24, 28, 31, 42 e 57.

43 Cal Pardo, 2005, pp. 16, 21, 24-25, 32, 44 e 64.

44 *Ibidem*, pp. 16, 21, 24 e 29-30.

resultan significativos, tendéndose a un aparente monocultivo. Certamente, a gran demanda existente na cidade mindoniense e a presenza local dun mercado mensual favorecerían a aparición deste segundo anel, cuxa produción se destinaría, nunha elevada proporción, á súa inclusión nos circuítos mercantís establecidos, incluída a súa exportación a través dos portos do burgo de Ribadeo[45] e a vila de Viveiro [Rodríguez Galdo, 1976, p. 116].

A vide e o viño remataron alcanzando unha enorme transcendencia na vida socioeconómica mindoniense, observándose o seu impacto en negocios xurídicos dispares como a fundación de misas de aniversario[46] ou a realización de empréstitos[47]. Con todo, será no aforamento de terras onde se comprobe a súa verdadeira relevancia, multiplicándose o número de plantíos entregados cun único propósito: a vitivinicultura. Neste sentido, os aforadores impoñen aos foreiros a realización, á súa custa, dos labores necesarios para a optimización da produción[48] e o pago dunha renda, que acostumaba a traducirse nunha porción da anada, situada entre o 25% e o 50%. Estas cantidades debían ser entregadas –normalmente sen achega do aforador, é dicir, «in salvo»–[49] en forma de materia prima natural [«ad cestum» ou «a goio»] ou transformada [«ad torcular» ou «ao lagar»][50].

Con respecto ás técnicas viticultoras, máis concretamente, en relación coas variedades de plantas e as formas de cultivo, encontramos, por unha parte, vides baixas –cuxas cepas crecían a ras de chan– e, por outra parte, vides altas ou gabeadoras –que requirían de elementos sustentantes. Neste último caso, as vides medraban sobre un sistema de emparrado consistente, normalmente, nunha armazón entrecruzada de madeira, desenvolvida en altura, a distinto nivel, co obxectivo de optimizar a recepción da luz solar. Os foreiros debían materializar e custear esta estrutura –coñecida documentalmente como «furcis, lignis et latis»[51] nos documentos en latín e como «forcas e latas»[52] nos textos en lingua romance[53]– no caso de viñedos de titularidade señorial sometidos a renda[54].

45 *Ibidem*, pp. 84-85, 90 e 129.
46 *Ibidem*, p. 43 [1264].
47 *Ibidem*, pp. 80-81 [1293].
48 O 6 de xaneiro de 1292 o cabido mindoniense aforou a Mateo Álvarez, arcediago de Viveiro, «vineam nostram quam habemus apud Ripamheuui» coas seguintes condicións: «quod ispe laboret bene et fideliter et det inde quartam partem uini in saluo quolibet anno administratori dicte administracionis in torculari et debet ita laborare quodusque ad sex annos sit posita in furcis et in lignis candeycis et in latis integricis et nisi fecerit usque ad dictos sex annos ad arbitrium duorum bonorum uirorum debet soluere ducentos morabetinos alfonsinorum paruorum pro pena dicto capitulo et post istos sex annos debet eam laborare bene fideliter ita quod non deficiat per laborem similiter ad arbitrium duorum bonorum uirorum» [Cal Pardo, 2005, p. 90].
49 Cal Pardo, 2005, p. 69 [1287].
50 *Ibidem*, pp. 99 [1298], 132-133 [1306] e 137 [1307]. Pode consultarse unha interesante análise filolóxico-histórica desta terminoloxía en: Varela Sieiro, 2008, pp. 237-245.
51 Cal Pardo, 2005, pp. 30 [1258] e 90 [1292].
52 *Ibidem*, pp. 140-141 [1307], 92 [1397] e 273-274 [1432].
53 M. X. Rodríguez Galdo [1976, pp. 95-96] reúne os vocábulos «barra»/«barral», que se corresponderían cun pequeno emparrado situado nas proximidades da vivenda.
54 Cal Pardo, 2005, p. 90 [1292]; García Oro, Romaní, 1989, p. 264.

O cultivo das vides esixía, como no caso dos cereais, a preparación previa da terra, a través do seu arado e a achega de nutrientes mediante o emprego de esterco[55]. Nesta parte da faena viticultora, adquiría relevancia o traballo do gando de tiro, sempre dependendo das condicións orográficas. Así, no caso das ladeiras dos cursos fluviais, tornábase indispensable a utilización de ferramentas manuais.

A continuación, tomábanse e plantábanse bacelos procedentes da poda de viñas, atrasándose a posta en produción entre tres e seis anos[56], período cronolóxico durante o cal o viñedo coñecíase como bacelar[57]. Nestes primeiros compases, como medida de protección, podía procederse ao cerramento das fincas, xeralmente a través da plantación de árbores froiteiras[58].

Sen dúbida, a viticultura non era unha tarefa sinxela. Ao contrario, requiría que os campesiños adquirisen certas habilidades técnicas. Neste sentido, os aforadores acostumaban a impoñer dúas condicións activas. Por un lado, a promesa de que as vides se cultivarían coa pericia e os coidados necesarios[59] e, por outro lado, o establecemento da supervisión de viticultores experimentados [«hommes sabedores et lauradores de vinna»][60] –que actuaban como representantes dos titulares das terras ou do poder local– en momentos cruciais como a plantación, a cava, a poda ou o rego[61].

2.3. O xurdimento dos oficios do viño e da arquitectura do viño no tecido urbano de Vilamaior de Mondoñedo: lagares e bodegas

A vendima realizábase entre os meses de setembro e outubro[62], procedéndose á elaboración do mosto no «torcular» ou lagar[63], onde se encontraba o «garrote» ou prensa[64]. Na documentación local e comarcal, unicamente se refiren lagares particulares –pertencentes a un individuo[65] ou unha institución, encontrándose presentes tanto no ámbito urbano[66] como no hínterland rural[67].

55 Cal Pardo, 2006, pp. 273-274 [1432]; Rodríguez Galdo, 1976, p. 95.

56 Mariño, 1973, p. 227; 1983, p. 301; Cal Pardo, 2005, pp. 90 [1292], 140-141 [1307], 183-184 [1313] e 92 [1397].

57 Cal Pardo, 2005, pp. 91 [1293] e 146 [1308].

58 *Ibidem*, pp. 241-242 [1324] e 254-255 [1327]. Como o cabido mindoniense advertía a Alonso Pérez cando recibía o foro dunha viña sita en Pelourín, «se en esta herdade chantardes aruores algunnas que non empescan aa vinna nen a talla» [*Ibidem*, pp. 140-141 [1307].

59 *Ibidem*, pp. 69-70 [1287] e 151 [1309].

60 *Ibidem*, pp. 91-92 [1293], 140-141 [1307] e 254-255 [1327].

61 *Ibidem*, pp. 91-92 [1293] e 244 [1325].

62 O 20 de outubro de 1390 os «frayres de San Martinno de Vila Lourente» aforaron a María Fernández varias herdades pertencentes a María López de Arcillá, debendo pagar anualmente seis medidas de centeo limpo «por dia de San Miguel de vendimas», ou sexa, o 29 de setembro [Graña, 1990, pp. 200-201 (1390)].

63 «Especie de estanque pequeño o alberca en donde pisan la uva; tiene su canillero para que salga el mosto, el qual se recibe en una tina u otra vasija para conducirlo a las cubas o tinajas» [Real Academia Española, 1734, p. 350]. Sobre a obriga do mantemento dos lagares en bo estado de conservación e funcionamento, nun foro da comunidade monástica de San Salvador de Vilanova de Lourenzá, prohibíase expresamente colocar «coyros nen cubilote con casca nen pia para pisar nen outra cousa con que se poda dapnar o byño» [Rodríguez Galdo, 1976, pp. 97 e 121].

64 Cal Pardo, 2005, pp. 382-383 [1357].

65 *Ibidem*, p. 90 [1292].

66 *Ibidem*, pp. 18-19 [1246].

67 *Ibidem*, pp. 148 [1308].

Tralo prensado das uvas, o mosto envasábase en bocois, pipas, pipotes ou toneis[68], onde completaba a fermentación alcohólica ata a súa transformación en viño. Este proceso desenvolvíase nas bodegas que, como no caso dos lagares, podían ser individuais[69] ou institucionais –correspondendo ás mesas episcopal[70] e capitular[71], testemuñándose a súa construción nos centros urbanos[72] e núcleos rurais[73].

Finalmente, nas terras mindonienses, constátase textualmente a elaboración de viño «uermello» e viño «blanco»[74]. Se ben a primeira clase semella ser máis cara, a ausencia de datos seriados e cuantificables impide realizar esta afirmación con base científica[75]. Este hándicap reitérase no coñecemento do sistema de medidas, comprobándose soamente a existencia de referencias illadas ao «açumbre» –como medida vinculada a certos pagos de rendas agrarias en viño–[76] e á «libra» –como medida relacionada coa venda de viño[77].

2.4. As canles de venda e distribución: da taberna mindoniense á exportación europea a través das vilas portuarias cantábricas de Ribadeo e Viveiro

A comezos do século XIV, na documentación mindoniense, evidénciase o acrecentamento do terrádego dedicado ao viñedo –en numerosas ocasións a expensas de sementeiras de cereal, áreas de pasteiro, superficies forestais e, incluso, zonas higroturbosas– e o aumento do coñecemento técnico aplicado ao cultivo efectivo das vides –con peritos eclesiásticos e municipais, lográndose un incremento significativo da produción vinícola.

Este feito evidenciouse, en primeiro lugar, no desenvolvemento dun comercio retallista cuxa finalidade era a atención da demanda interna, xurdindo nos núcleos urbanos e nos seus alfoces rurais a figura da «tauerna de vino», como se manifesta o 30 de novembro de 1313 na vila do Castro de Ouro [Villaamil, 1871, p. 78]. Sen embargo, o lucrativo negocio do viño atraeu pronto as prácticas picarescas, que se intentaron acoutar o 6 de agosto de 1316 coa aprobación dunhas ordenanzas de consumos concertadas entre as autoridades de Vilamaior de Mondoñedo: o bispo Rodrigo Vázquez, o deán Pedro González e os alcaldes Fernán Martínez e Martín Díaz[78].

Nas súas cláusulas destaca a atención amosada ao comercio local, comarcal e rexional do viño –actividade económica de homes e mulleres, sobre-

68 García Oro, pp. 82-83 [1422].
69 Cal Pardo, 2005, pp. 55 [1278], 55 [1289], 387 [1358], 392 [1359] e 484-485 [1389].
70 *Ibidem*, p. 184 [1313]; Graña, 1990, pp. 131-132 [1346].
71 Cal Pardo, 2005, pp. 36 [1260], 140-141 [1307] e 473-474 [1385]; Cal Pardo, 2006, pp. 143-144 [1404] e 25 [1426].
72 Graña, 1990, pp. 154-155 [1377].
73 Montero, 1935, pp. 57-58 [977]; Domínguez, 1952, pp. 301-302 [1233].
74 Cal Pardo, 1999, pp. 74-80 [1291].
75 *Ibidem*, p. 78 [1291].
76 Cal Pardo, 2005, pp. 105-106.
77 Cal Pardo, 1999, p. 78 [1291].
78 Cal Pardo, 2005, pp. 195-198 [1316].

saíndo: A.- A prohibición da adquisición de «vinno do caminno et do carreio» desde a localidade da Guarda [Pontevedra] –é dicir, desde a fronteira miñota– ata a cidade de Vilamaior de Mondoñedo, cando o seu destino era a revenda dentro dos límites da circunscrición mindoniense. B.- A contravención da venda do viño a prezos superiores aos importes regrados desde o concello de Vilamaior de Mondoñedo. C.- A proscrición da adulteración do viño con auga ou a substitución do viño de venda aprobada con viño de calidade inferior. A sanción destas tres condutas delituosas implicaba unha pena pecuniaria e, nos casos agravados, a confiscación e destrución de odres e cubas.



[Ver p. 487] Portulano. Pietro Vesconte, 1310-1330, British Library, Additional MS. 27376, fols. 180v-181r.

Certamente, as condicións edafolóxicas dos terreos mindonienses orixinaban un viño «uermello» e un viño «blanco» de calidade limitada e predicamento escaso entre as elites urbanas que, como uso «contra legem», acostumaban a importar caldos aurienses e pontevedreses. Sen embargo, alcanzaron certa fama en extensas áreas da Europa atlántica medieval e, segundo Elisa Ferreira Priegue [1988, pp. 186-188], a exportación de viños de Mondoñedo a través dos portos de Ribadeo e Viveiro testemúñase textualmente desde o século XIII ata o século XVI.

Neste sentido, entre a documentación do arco anglo-franco-flamenco, consérvanse múltiples testemuños salientables. Así, por exemplo, entre os anos 1313 e 1314, «gentz du Roi de Castelle de la vile de Byueire en Galice et de Seint Visent de la Barkere» reclamaron ante o rei Eduardo II de Inglaterra unha compensación económica equivalente ao valor das mercancías saqueadas cando o seu navío se dirixía ao «port de Portesmouth»[79]. En 1352 «Johan Peritz, burgois de Bermeo, maistre del vessel de Sent Bartolimeu» denunciou o ataque á súa embarcación cando se desprazaba á «ville de Sent Matheu en Bretaigne», cargado con «XL toneux & III pipes de vins blancs & rouges» do mercador «Domingo Aynes, burgois de Rybadeu en Espaigne»[80].

Vinte e dous anos máis tarde, «Afonso de Ferrol, visiño de Viueiro» encomendou a «Johan Huestfalle, visiño de Pruçe e mestre da coqua Sanctus Spiritu de Pruçe» o traslado de «çinquenta tonees de viño» do porto de Viveiro a «Frandes aa villa da Esclausa»[81], idénticos transportista e destino dos «des tonees de viños brancos de Viueiro» de Gherardo della Rocca, comerciante de Piacenza[82], que compartía orixe transalpina co consignatario «Françisquin Vuson, mercador», que se atopaba «en la foz do mar de

79 Ferreira Priegue, 1988, p. 811 [1313-1314].
80 *Ibidem*, pp. 813-814 [1352].
81 *Ibidem*, pp. 814-816 [1374].
82 *Ibidem*, p. 816 [1374].

San Johan da Cova termino de Vyueiro» negociando con «Johan Huestfalla, vesyño de Pruça, maestre da coqua Sancto Spiritus de Pruça»[83].

Así mesmo, en 1374 «Wauter Janssone, mestre de la nef appelé la Cristoffre de L'Escluse en Flandre» e «Johan de Massemenstere, burgeys de Bruges» querelároнse contra Richard Bishop e William Foxton, armadores dun batel de «Foxton de Caleys», quen abordara o seu buque e roubara setenta e sete toneis de «vins de Vivers» e vinte acres de «quirs d'Espaigne»[84]. Finalmente, en 1379 «Pieres Chense de Tribuke», patrón da «barge de Vivieres appelee Sainte Kateline», acusou o recibimento do abono do frete de «Marke Spinghele, marchant genevois», que exportara mercadorías de Sevilla a Flandres[85].

En definitiva, nas Cortes de Jerez de 1268, o burgo de Ribadeo e a vila de Viveiro foron incluídos na nómina das entidades portuarias dotadas de alfándega, é dicir, abertas ao movemento marítimo nacional e internacional de mercancías[86]. Desde este privilexiado punto de partida, a convulsa conxuntura europea do século XIV d. C. –coa guerra dos Cen Anos e a Peste Negra impactando directamente nas tradicionais potencias vitiviniculторas– favoreceu o incremento da produción e o desenvolvemento da comercialización do viñedo mindoniense, consolidando aos enclaves ribadense e viveirense como polos exportadores de viños «blanco» e «uermello» e importadores de «viandas e pannos e mercadorias» [Real Academia de la Historia, 1863, p. 73].

*** *** ***

A efectos da traxectoria diacrónica da vinicultura en Vilamaior de Mondoñedo, o século XV amosa as dúas caras do deus Xano. Por unha parte, continuou a inercia alcista –que máis tarde se comprobou inflacionista– do século XIV, detectándose, en primeiro lugar, a expansión do viñedo a costa da cerealicultura –impórtase cereal castelán e bretón– e da gandaría extensiva e, en segundo lugar, a efectividade do proteccionismo local –cuxas medidas iniciais se introduciron na ordenación de consumos de 1316, incluída a prohibición da importación de viños foráneos. Neste sentido, o cénit do viñedo en Vilamaior de Mondoñedo alcanzouse na primeira metade do século XVI, cando o viño roldaba a metade do valor da colleita anual[87].

83 *Ibidem*, pp. 816-818 [1374].
84 *Ibidem*, pp. 818-819.
85 *Ibidem*, pp. 819-820 [1379].
86 Real Academia de la Historia, 1861, p. 74.
87 Véxase o caso paradigmático do «arciprestazgo del Valedouro» a través do relato da visita realizada no ano 1510 [García Oro, 1979, pp. 121-172].

Por outra parte, no escenario mindoniense observábanse factores ambientais e antropoxenéticos que anunciaban dous séculos de ocaso da vitivinicultura. O impacto da «Pequena Idade de Xeo» en terras de Vilamaior de Mondoñedo desde mediados do século XVII –especialmente coincidindo co «Mínimo de Maunder» [1645-1715] [Eddy, 1976, pp. 1189-1202]– complicou o cultivo da vide e a elaboración do viño, que se describira como «mucho costoso de labrar» nas Cortes de Valladolid de 1351 [Real Academia de la Historia, 1863, p. 73]. Nestas circunstancias climatoloxicamente adversas, rexistrouse un significativo acrecentamento demográfico, un aumento da poboación cuxa satisfacción da necesidade básica de alimentación obrigou ao sacrificio do viñedo e ao reintegro de grandes extensións de terrádego á cerealicultura –cunha importancia crecente do millo americano– e á gandería extensiva [Saavedra, 1985 e 1992, pp. 111-166]. Finalmente, a praga de oídio de 1853 supuxo o certificado de defunción de seiscentos anos de vitivinicultura mindoniense [Piqueras, 2010].



[Ver p. 484] Portulano.
Angelino Dulcert, século XIV,
British Library,
Additional MS. 25691.

FONTES DIPLOMÁTICAS

Cal Pardo, E. [1984], *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*, A Coruña: Deputación Provincial.

Cal Pardo, E. [1999], *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Cal Pardo, E. [2005], *Tumbos del Archivo de la Catedral de Mondoñedo. Calendarios*, Lugo: Deputación Provincial.

Cal Pardo, E. [2006], *Tumbos de la Catedral de Mondoñedo. Tumbo Pechado*, Lugo: Deputación Provincial.

Crónicas Asturianas. Edición crítica e tradución de J. Gil Fernández, J. L. Moralejo Álvarez, J. I. Ruiz de la Peña Solar. Oviedo: Universidad de Oviedo, 1985.

Domínguez Casal, M. de las M. [1952], *El monasterio de Santa María de Meira y su colección diplomática*, Madrid: Universidad Central. Tese de doutoramento.

García Oro, J. [1979], *La vida religiosa en el Valle de Oro a principios del siglo XVI*, «Compostellanum», 24:1-2, 121-172.

García Oro, J. [1987], *Viveiro en los siglos XIV y XV: la colección diplomática de Santo Domingo de Viveiro*, «Estudios Mindonienses», 3, 11-131.

García Oro, J.; Romaní Martínez, M. [1989], *Viveiro en el siglo XVI: estudio histórico y colección documental*, «Estudios Mindonienses», 5, 13-269.

Graña Cid, M. del M. [1990], *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo: el convento de San Martín de Villaoriente [1374-1500]*, «Estudios Mindonienses», 6, 13-464.

Historia Compostelana. Edición e tradución de E. Falque Rey, Madrid: Akal, 1994.

Loscertales de García de Valdeavellano, P. [1976], *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional, 2 vols., vol. 1.

Montero Díaz, S. [1935], *La colección diplomática de San Martín de Jubia [977-1199]*, Santiago [de Compostela]: El Eco Franciscano.

Real Academia de la Historia [1861], *Cortes de los antiguos reinos de León y de Castilla*, Madrid: Imprenta y estereotipia de M. Rivadeneyra, 2 vols., vol. 1.

Real Academia de la Historia [1863], *Cortes de los antiguos reinos de León y de Castilla*, Madrid: Imprenta y estereotipia de M. Rivadeneyra, 2 vols., vol. 2.

Rodríguez González, A.; Rey Caíña, J. A. [1992], *Tumbo de Lorenzana*, «Estudios Mindonienses», 8, 11-324.

BIBLIOGRAFÍA

Arce Martínez, Javier [1997], *Las catástrofes naturales y el fin del mundo antiguo*, in Iglesia Duarte, J. I. de la [*coord.*], *¿Siglos oscuros? La transición de la Antigüedad al Feudalismo [Actas de la VII Semana de Estudios Medievales]*, Logroño: Gobierno de La Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, 27-36.

Barriendos Vallvé, Mariano [1999], *La climatología histórica en el marco geográfico de la antigua Monarquía Hispana*, «Scripta Nova», 53. Barcelona: Universitat de Barcelona. [Consulta: 16 xuño 2021]. Dispoñible en ‹http://www.ub.es/geocrit/sn-53.htm›.

Blanco Chao, Ramón; Costa Casais, Manuela; Martínez Cortizas, Antonio; Pérez Alberti, Augusto e Vázquez Paz, Marina [2002], *Holocene evolution on Galician coast [NW Spain]: an example of paraglacial dynamics*, «Quaternary International», 93-94, 149-159.

Brown, Anthony G.; Meadows, Ian; Turner, Simon D. e Mattingly, David J. [2001], *Roman vineyards in Britain: stratigraphic and palynological data from Wollaston in the Nene Valley, England*, «Antiquity», 75, 745-757.

Cuadrat Prats, José María e Martín Vide, Javier [*coords.*] [2007], *La climatología española: pasado, presente y futuro*, Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.

Duby, Georges [1989], *O monaquismo e a economía rural*, in Duby, G., *Senhores e Camponeses: homens e estruturas na Idade Média*. Traducción de T. Costa, Lisboa: Teorema, 119-133.

Durand, Robert [1972], *La vigne et le vin dans le bassin du Mondego au Moyen Âge [XIIe-XIIIe siècles*], «Arquivos do Centro Cultural Português», 5, 13-37.

Eddy, John A. [1976], *The Maunder Minimum*. «Science. New Series», 192:4245, 1189-1202.

Edeso Fito, José Miguel [1991], *Variaciones del nivel del mar en el País Vasco durante el Holoceno*, «Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles», 13, 21-44.

Ferreira Priegue, Elisa [1988], *Galicia en el comercio marítimo medieval*, [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Font Tullot, Inocencio [1988], *Historia del clima de España: cambios climáticos y sus causas*, Madrid: Instituto Nacional de Meteorología.

Fontana Tarrats, José María [1977], *Historia del clima del Finis-Terrae gallego* / *Historia del clima del Finis-Terrae galáico*, Madrid: [s.n.].

Fourquin, Guy [1979], *Histoire économique de l'Occident médiéval*, 3ª ed. París: Armand Colin.

García Moreno, Luis A. [1986], *El campesino hispanovisigodo entre bajos rendimientos y catástrofes naturales: su incidencia demográfica*, in *Los visigodos: historia y civilización*, Murcia: Universidad de Murcia, 171-187.

Gomes Teixeira, Vitor R. [1996], *Fundações religiosas no vale do Douro na Idade Media*, «Douro: Estudos & Documentos», 1:2, 85-91.

González Amuchastegui, María José [2000], *Evolución morfoclimática del País Vasco durante el Cuaternario: estado de la cuestión*, «Cuaternario y Geomorfología», 14:3-4, 79-99.

González Paz, Carlos Andrés [2009], *Osorio Gutiérrez, o «conde-santo» de Vilanova de Lourenzá*, Lourenzá [Lugo]: Concello de Lourenzá.

González Paz, Carlos Andrés [2020], *O bispado de Mondoñedo na Idade Media: territorio, comunidade e poder*, Santiago de Compostela: editorial CSIC, 2 vols.

Guitián Ojea, Francisco; Carballas Fernández, M. Tarsy e Muñoz Taboadela, Manuel [1982], *Suelos naturales de la Provincia de Lugo*, Santiago de Compostela: CSIC.

Hooke, Della [1990], *A Note on the Evidence for Vineyards and Orchards in Anglo-Saxon England*, «Journal of Wine Research», 1:1, 77-80.

Huetz de Lemps, Alain [1967], *Vignobles et vins du Nord-Ouest de l'Espagne*, Bordeaux: Les Impressions Bellenef, vol. 1.

Imberciadori, Ildebrando [1966], *Vite e vigna nell'alto Medio Evo*, in *Agricoltura e mondo rurale in Occidente nell'Alto Medioevo*, Spoleto: Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, 307-342.

Kenny, Gavin J. e Harrison, Paula A. [1992], *The effects of climate variability and change on grape suitability in Europe*, «Journal of Wine Research», 3:3, 163-183.

López Alsina, Fernando [1976], *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo*, [Santiago de Compostela]: Universidad de Santiago de Compostela.

Losada Sanmartín, M. Luisa [2008], *Documentación histórica e clima*, in Díaz-Fierros Viqueira, F., [*coord.*], *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 143-183.

Loureiro, João M. [2003], *Efemérides hidrológicas: crecidas y sequías históricas en Portugal [1100-1900]*, «Ingeniería Civil», 130, 115-120.

Macías Vázquez, Felipe e Calvo de Anta, Rosa [2001], *Los suelos*, in Precedo Ledo, A.; Sancho Comíns, J. [*dirs.*], *Atlas de Galicia, 1. Medio natural*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, 173-217.

Mariño Veiras, Dolores [1973], *El viñedo bajomedieval en la cuenca del Eo*, «Compostellanum», 18:1-4, 215-231.

Mariño Veiras, Dolores [1983], *Señorío de Santa María de Meira de 1150 a 1525: espacio rural, régimen de propiedad y régimen de explotación en la Galicia medieval*, A Coruña: Ediciones NOS.

Martín Vide, Javier [*coord.*] [1997], *Avances en climatología histórica en España*, Barcelona: Oikos-Tau.

Martín Vide, Javier [1999], *Decàleg del Canvi climàtic*, in Vilà-Valentí, J. [*coord.*], *Medicina, Medi Ambient i Clima: investigacions punta per al 2000*, Barcelona: Edicións de la Magrana, 217-242.

Martínez Cortizas, Antonio; Valcárcel Díaz, Marcos; Pérez Alberti, Augusto; Castillo Rodríguez, Francisco e Blanco Chao, Ramón [1999], *Cambio climático e paleoclimas cuaternarios*, in Martínez Cortizas, A.; Castillo Rodríguez, F.; Pérez Alberti, A.; Valcárcel Díaz, M. e Blanco Chao, R. [*coords.*], *Atlas climático de Galicia*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 168-185.

Nunn, Patrick D. [2007], *Climate, Environment and Society in the Pacific during the Last Millennium*, Saint Louis [EE.UU.]: Elsevier Science.

Olivera Serrano, César [2005], *El vino y las comunidades monásticas en la Valdeorras medieval*, in García Tato, I.; Suárez Piñeiro, A. M. [*eds.*], *La cultura del vino*, Santiago de Compostela: CSIC, 145-155.

Pallares Méndez, M. del Carmen e Portela Silva, Ermelindo [2001], *Idade Media. O Ribeiro. Historia*, in Sierra Rodríguez, X. C. [*coord.*], *O Ribeiro: o viño da cultura, a cultura do viño*, [Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)]: Mirabel, 79-111.

Pérez Rodríguez, Francisco Javier [1993-1994], *La explotación de la vid por el cabildo compostelano en el Ribeiro de Avia: la tenencia de Quinza [ss. XII-XIV]*, «Minius», 2-3, 83-90.

Pérez Rodríguez, Francisco Javier [2019], *Los monasterios del reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la reforma gregoriana a la observante*, Santiago de Compostela: Editorial CSIC, vol. 2.

Piqueras Haba, Juan [2010], *El oidium en España, la primera gran plaga americana del viñedo: difusión y consecuencias 1850-1870*. «Scripta Nova», 332, Barcelona: Universitat de Barcelona. [Consulta: 16 xuño 2021]. Dispoñible en ‹http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-332.htm›.

Ramil Rego, Pablo; Gómez-Orellana Rodríguez, Luis e Muñoz-Sobrino, Castor [2008], *Paleoclimatoloxía*, in Díaz-Fierros Viqueira, F. [*coord.*], *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 109-141.

Real Academia Española [1734], *Diccionario de la lengua castellana*, Madrid: Imprenta de la Real Academia Española, Francisco del Hierro.

Rodríguez Galdo, María Xosé [1976], *Señores y campesinos en Galicia [siglos XIV-XVI]*, Santiago de Compostela: Pico Sacro.

Ruiz de la Peña Solar, Juan Ignacio [1989], *El desarrollo urbano de la periferia norteña castellano-leonesa en la Edad Media [siglos XII-XIV]*. «Anuario de Estudios Medievales», 19, 169-186.

Ruiz de la Peña Solar, Juan Ignacio [2000], *Las villas castellanas de la costa cántabro-atlántica y su proyección comercial en el Mediterráneo occidental*, «Revista d'Historia Medieval», 11, 41-66.

Saavedra Fernández, Pegerto [1985], *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid: Xunta de Galicia.

Saavedra Fernández, Pegerto [1992], *La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen*, «Agricultura y Sociedad», 62, 111-166.

Sánchez-Albornoz, Claudio [1981], *Rebeliones en Galic*ia, in Sánchez-Albornoz, C., *Estudios sobre Galicia en la Temprana Edad Media*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 159-182.

Slicher van Bath, Bernard H. [1966], *Le climat et les récoltes en Haut Moyen Âge*, In *Agricoltura e mondo rurale in Occidente nell'Alto Medioevo*, Spoleto: Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, 399-425.

Varela Sieiro, Xaime [2008], *Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: a arquitectura civil*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Vigo García, Abel [2021], *As orixes de Mondoñedo [Prehistoria, Idade Antiga e Tardorromanidade]*, Mondoñedo [Lugo]: Concello de Mondoñedo.

Villaamil y Castro, José [1871], *El alfoz del Valle de Oro*, «Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos», 5, 77-79.

Williams, David [1977], *A Consideration of the Sub-Fossil Remains of 'Vitis vinifera' L. as Evidence for Viticulture in Roman Britain*, «Britannia», 8, 327-334.

Vellas e novas liñaxes no Reino de Galicia [Séculos XIII-XV]

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

RESUMO. O triunfo e consolidación do sistema de parentesco vertical ou agnato, ao redor dos séculos XII e XIII, tivo un conseguinte reflexo na cristalización social do concepto de liñaxe. Por iso, no vello reino de Galicia, as estirpes máis temperás que se poden identificar son algunhas ramas derivadas dos Traba da plenitude medieval e unha vintena doutros grandes grupos familiares.

Ao longo do século XIV produciríanse notables cambios na composición deste grupo inicial, posibilitándose o rápido ascenso doutras liñaxes máis ou menos novas, a maioría oriúndas de Galicia e algunhas de procedencia foránea, que integrarían o conxunto das que cabe denominar como «liñaxes históricas» galegas.

Todas estas vellas e novas liñaxes, cun número que se aproximará ao centenar e medio como pouco, conformarán o núcleo principal do gran concerto nobiliario da Galicia dos séculos modernos.

RESUMEN. El triunfo y consolidación del sistema de parentesco vertical o agnado, alrededor de los siglos XII y XIII, tuvo un consiguiente reflejo en la cristalización social del concepto de linaje. Por eso, en el viejo reino de Galicia, las estirpes más tempranas que se pueden identificar son algunas ramas derivadas de los Traba de la plenitud medieval y una veintena de otros grandes grupos familiares.

A lo largo del siglo XIV se producirían notables cambios en la composición de este grupo inicial, posibilitándose el rápido ascenso de otros linajes más o menos nuevos, la mayoría oriundos de Galicia y algunos de procedencia foránea, que integrarían el conjunto de los que cabe denominar como «linajes históricos» gallegos.

Todos estos viejos y nuevos linajes, con un número que se aproximará al centenar y medio como poco, conformarán el núcleo principal del gran concierto nobiliario de Galicia de los siglos modernos.

ABSTRACT. The triumph and consolidation of the vertical or agnate kinship system, around the 12th and 13th centuries, had a consequent reflection in the social crystallization of the concept of lineage. Therefore, in the old kingdom of Galicia, the earliest lineages that can be identified are some branches derived from the Traba of the medieval plenitude and about twenty other large family groups.

Throughout the 14th century there would be notable changes in the composition of this initial group, making possible the rapid rise of other somewhat new lineages, most of them from Galicia and some of foreign origin, which would integrate the group of what could be called "historical lineages" of Galicia.

All these old and new lineages, with a number that will be close to a hundred and a half at least, will form the main nucleus of the great nobiliary concert of Galicia in the modern centuries.

O avance do sistema de parentesco troncal e a conseguinte cristalización social das liñaxes en terras galegas é froito dun proceso que se desenvolve entre a segunda metade do século XII e a primeira metade do XIV, sen mencionar ningunha singularidade con respecto ao que era entón Tamén aconteceu nos territorios circundantes. Isto, polo menos, no que se refire á cronoloxía do suceso e ás continuidades e rupturas que se aprecian no transcurso do mesmo[1]. Un testemuño inmellorable ofrecen os Traba, un grupo familiar de singular resonancia e proxección, cuxa traxectoria se iniciou nas primeiras décadas do século XII, coa figura do conde Pedro Froilaz[2], e prolóngase ata a morte do seu terceiro neto, don Rodrigo Gómez, ao pouco de mediar a seguinte centuria[3]. Ao longo deste longo período, o grupo apenas consegue ofrecer ningunha característica illada que permita intuír o progreso do parentesco troncal; En realidade, a falta de reputación aceptada ou de uso regular polas distintas liñas familiares, a repartición igualitaria da herdanza ou a propia capacidade das mulleres casadas para transmitir o seu propio patrimonio, amosan a pervivencia do vello modelo de parentesco bilineal e cognático [Portela e Pallares, 1993, pp. 277-294].

As primeiras liñaxes

Estes perfís non se aprecian con claridade nos demais grupos familiares que se documentan das últimas décadas do século XII. É o caso, por exemplo, da Baticela

1 O presente panorama é maduración e síntese actualizada –ou tan só un novo paso, en realidade– de outros textos anteriores e froito, en boa medida, do proxecto de investigación «Linaje, parentela y poder: la pirámide nobiliaria gallega [siglos XIII al XV]», desenvolto en dúas etapas sucesivas: 2011-2013 [HAR2010-18378] y 2014-2017 [HAR2013-42985-P] [MINECO, *Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación*], dos que foi investigador principal o autor dstas páxinas.

2 O conde Pedro Froilaz foi un dos catro fillos do conde Froilán Bermúdez e da condesa Dona Elvira, filla do conde Menendo Bermúdez, que fora titor de Afonso V. Contraeu dous matrimonios: primeiro con doña Urraca Froilaz, filla do conde Froila Arias, falecido. en 1102, e máis tarde con Dona Maior Rodríguez, filla do conde Rodrigo Muñoz. Destas unións quedou unha abundante descendencia, catro ou cinco fillos do primeiro, e dez do segundo. Un retrato do personaxe, así como unha reconstrución documentada dos seus descendentes, en Sangil, 2002, pp. 20-42.

3 Este don Rodrigo Gómez, derradeiro dos Traba, foi fillo do conde Gómez González e da condesa dona Elvira Pérez, neto do conde Gonzalo Fernández e da condesa dona Berenguela, segundo neto do conde Fernando Pérez e da condesa dona Sancha González de Lara, e terceiro neto por fin do conde Pedro Froilaz, xa anotado. Faleceu, segundo parece, no verán de 1261, sen acadar descendencia na súa muller, dona Maior Alonso. Por iso o herdaron os seus sobriños, fillos da súa irmá a condesa dona Sancha, muller de Gonzalo Pérez de Lara, terceiro señor de Molina [Sangil, 2002, pp. 171-183].

de Limia, consolidada politicamente como rama menor dos Traba[4], ou entre os Novoa[5] e os Orcellón[6], influentes xa desde los últimos anos do XII e saídos así mesmo daquel tronco; outro tanto cabería resaltar respecto dos Valadares[7], ou mesmo dos Rodeiro, cuxa traxectoria consta que comezou nun momento igualmente temperán, como se apunta e detalla na célebre *remembranza* do mosteiro de Ferreira de Pallares, que *foi herdade e casa de morada* do conde don Ero[8]... O percurso xenealóxico, moi interesante polas moitas observacións que suxire noutros aspectos, conclúe coas seguintes xeracións:

E dona Teresa Muniz, fila del conde don Monio, casou cun dom Fernando Arez deBoro [de Blezo] e foron seus filos don Monio Fernández de Rodero e don Martín Fernández Gargantero e don Oer Fernández e dona Luba Fernández e dona Aldara Fernández. E de don Monio Fernández nasció don Pay Muniz e don Fernando Muniz de Rodeyro. E de don Fernán Muniz nasció don Monio Fernández e don Rodrigo Fernández e dona Maor Fernández e dona Elvira Fernández. E de dona Aldara Fernández veeno o arcibispo don Joan Arias e os de Burrageros. E de dona Luba Fernández veen os de Deza e os de Tavoada [Salazar, 1990, pp. 83-84].

A documentación do mosteiro de Ferreira de Pallares e non menos a

4 A orixe do grupo pódese fixar nun Arias Calvo, documentado entre 1125 e 1151, do que parece que quedaron só dous fillos, Xoán e Fernando Arias *Baticela*, de Limia, *tenente* en Aguiar e Castela, que casou con dona Tareixa Bermúdez, neta de Pedro Froilaz; o seu fillo foi o primeiro Xoán Fernández da estirpe, documentado á fronte da *tenza* de Limia, entre 1189 e 1214, e dalgunhas outras, como as de Lemos, Monterroso, Toroño, Trastámara, Milmanda ou Allariz, ás veces de maneira simultánea. Este personaxe foi ademais mordomo e alférez maior de Afonso IX [González, 1944, v. I, pp. 227, 323 e 324; e Moxó, 1969, p. 92]. Unha visión xeral da liñaxe, xa actualizada, en Sottomayor, 2015, pp. 15-65.

5 O primeiro que cabe identificar foi Gonzalo Annes [de Nóvoa], cuxa traxectoria esténdese polo último cuarto do século XII e primeiro terzo do seguinte. Consta que foi *tenente* en Limia, Monterroso, Trastámara, Lemos e outras, así como alférez maior antes de concluír a centuria. En 1218 foi elixido mestre da Orde de Calatrava, que gobernou ata a súa morte, en 1228. No *Livro do Deão* suponse que é fillo de Xoán Arias d'Ameiro [ou Amoeiro?] e de dona María Fernández, filla do conde Fernando Pérez [de Traba] e muller que sería do conde Poncio de Cabrera, falecido en 1164; esta filiación recóllea tamén Rades [1572]. Véxase: pmh, *Livros velhos de linhagens* [ed. Mattoso, 1980, v. I, tit. xix, pp. 199 ss.]. O seu mestrado en Rades [1572, ff. 34v ss. Véxase ademais: Fernández-Xesta, 1991, pp. 57-62 e 164-165.

6 Segundo o *Livro do Deão*, o grupo dos Orcellón -ao igual que o dos Nóvoa- derivou do matrimonio de Xoán Arias d'Ameiro e de dona María Fernández; en particular, a través do seu fillo Sueiro Eanes, que casou cunha Sancha Rodríguez e deixou nela, entre outros, ao primeiro Gonzalo Soares [Oçores] de Orcellón, nome e patronímico que levarían logo outros moitos membros da estirpe; entre eles, o seu propio neto, que cabe recoñecer como proxenitor de dona María Ozores de Orcellón, muller de Lopo Sánchez de Ulloa, quen por esta vía incorporou ao seu patrimonio o de Xuvencos, Abeancos e Orcellón. Véxase: *Livros velhos de linhagens* [ed. Mattoso, 1980, v. I, tit. xiii, pp. 199 ss.]. Na primeira metade do s. XIII documéntase así mesmo a Fernando Osóriz e aos seus catro fillos, Xoán, Nuño, Osorio e Martín Fernández de Orcellón, xunto a algúns dos seus inmediatos descendentes. [ahn, *Clero*, 1087, ns. 10 e 15, e acl, *Tumbo general, extravagantes*, f. 314].

7 O conde don Pedro de Barcelos inicia a súa xenealoxía con un Airas Nunes *de Valadares*, a quen supón casado con Sancha Pires *da Vide*, se ben J. A. de Sottomayor Pizarro a identifica como Ximena Nunes, natural de Galicia. De calquera maneira, do dito personaxe ficaron tres fillos con sucesión: Sueiro Aires, de quen se falará, así como João Aires e Pedro Aires *o Gravo*. Véxase: *Livros velhos de linhagens* [ed. Mattoso, 1980, v. I, tit. xiii, pp. 165 ss.] e Sottomayor, 1999, v. II, p. 194.

8 ahn, *Clero*, 1096, núm. 21. O texto en brag, *Colección de documentos históricos*, v. I, pp. 184-185. Recóllese tamén, con notables apreciacións, en Salazar Acha, 1990, pp. 67-86.

de Oseira permiten extraer un moi xeneroso caudal informativo para precisar e prolongar sen ningunha dificultade esta continuidade xenealóxica deica as décadas centrais do século XIV. Grazas a ela, polo que fai ao primeiro don Monio Fernández de Rodeiro mencionado na *remembranza* de Ferreira, pódese precisar agora que contraeu matrimonio cunha dona Maior Pérez, irmá da abadesa dona Toda[9], e que a liña principal da familia non foi a derivada de don Fernando *Muniz* de Rodeyro, tal como se suxire na dita *remembranza*, senón a do seu irmán *don Pay Muniz* –ou *don Pelagio Muniz* de Rodeiro– que se documenta polo ano 1203 como *tenente honori Sanctii Iacobi*[10]. E certamente, deste último personaxe consta tamén o seu matrimonio con dona Tareixa *Munionis*, con quen tivo a dona María *Pelagii,* muller de Fernando *Beltrani*, que foron proxenitores da primeira gran xeración da estirpe: dona Urraca Fernández de Rodeiro, Fernando *Pelagii* de Rodeiro, que gobernou a tenza de Camba[11], Rui Fernández de Rodeiro [Romaní, 1989, docs. 686 e 758, pp. 644-645 e 719][12] e finalmente Munio Fernández de Rodeiro, chamado *Malapiel*, meiriño maior de Galicia entre 1237 e 1253, documentándose a súa presenza na conquista de Sevilla, onde foi herdado [Romaní, 1989, v. i, docs. 481, 483, 504 e 521, pp. 451-454, 473-474 e 489-490][13].

Porén, avanzando o século XIII o panorama xeral comezou a variar, de maneira que antes de concluír esta centuria presentaría xa perfís moi diferentes, particularmente no que fai á aceptación e transmisión do nome de familia –o chamado *renome* ou apelido– e ao reparto non igualitario dos bens, a través do *melloramento*, que favorecía a primoxenitura e a masculinidade. Estes e outros trazos comúns expresan claramente o trunfo do parentesco troncal, materializado na conseguinte cristalización social das liñaxes. Entre os primeiros grupos familiares que comezan a singularizarse figuran os Nóvoa o os Valadares, xa mencionados, así como os influentes pero efémeros

9 Dedúcese así das mandas outorgadas pola primeira en data non precisada, *coram abbatisse domne Tude sororis sue, concedente Pelagio Munionis filio suo, in eclasia de Codario, coram testibus in presencia monachorum de Ursaria* [Romaní, 1989, pp. 143-144 y 392].

10 Anos despois, en 1210, documéntase xa exactamente como *pirticario* de Santiago, o que permite situalo á cabeza da longa nómina de influentes personaxes que exerceron a famosa pertiguería da Terra de Santiago. Noticias e precisións, tamén particularmente sobre o grupo dos Rodeiro, en González Vázquez, 1996, pp. 207-209 y 212. Este personaxe outorgou testamento en 1236, mandando a Munio Fernandi, *nepos meus, habeat post mortem meam et coniugis domine T[erasia] Munionis duo casalia et domum qua habeo in Refronteira, tali paucto, quod si habuerit prolem de legitima coniuge, vel Orracha Didaci, tribuat ei pot mortem suam alioqum dimittat ea monasterio Usarie pro anima mea in pace et sine omni* impedimento [Romaní, 1989, v. i, docs. 135 e 414, pp. 143-144 e 392].

11 Este *Fernando Pelagii* parece que casou á súa vez cunha Maior Suárez. Os seus fillos, ben documentados, foron Pelagio Fernández, Sancha Fernández, quen casou con Gonzalo Fernández Churruchao, Fernando Fernández, Vasco Fernández e un novo Munio Fernández de Rodeiro, que gobernou a tenza de Orcellón [Romaní, 1989, v. i, docs. 432, 520 e 742, pp. 406, 488-489 e 704, e v. ii, docs. 851, 861, 984, 1005, 1041 e 1159, pp. 814, 823, 938, 953-954, 990-991 e 1101-1102].

12 Este Rui Fernández casou con María Fernández, deixando nela cinco fillos: Gonzalo Rodríguez, que casou con Tareixa Gómez de Deza, Lopo Rodríguez, que casou con dona Tareixa de Montenegro, Afonso Rodríguez, Xil Rodríguez e Maior Rodríguez de Rodeiro [AHN, *Clero*, 1099, n. 27].

13 Este personaxe contraeu dous matrimonios: o primeiro con dona Constanza Martínez, filla de Martín Fernández de Orcellón, e o segundo con dona Maior Afonso, filla de Afonso Suárez. Recoñécenselle tres fillos, dona Tareixa, dona María –casada con Xoán Pérez de Nóvoa– e Fernando *Munionis* de Rodeiro [ahn, *Clero*, 1086, ns. 7, 15 e 18].

Sarraza, derivados dos anteriores[14], os Deza[15] e Churruchaos ou *Turrichanos*, tan celebrados como aínda non ben coñecidos[16], ou os Ulloa[17], Mariño[18], Temes[19], Ozores[20]... Á cabeza desta breve e selecta nómina, facilmente ampliable, faise notar axiña a autorizada presenza dos Castro, un poderoso grupo familiar, que lograría cubrir o baleiro deixado polos Traba e erixirse en árbitro do poder político e nobiliario en Galicia. A traxectoria galega desta grande estirpe, caste-

14 Este grupo forxouse nas décadas centrais do s. XIII a partir de Pedro Suárez [a] *o Sarraça*. O personaxe foi fillo do xa mencionado Sueiro Arias de Valadares e da súa segunda muller, dona María Afonso de León, unha das bastardas que Afonso IX tivo en dona Tareixa Xil de Soberosa. Véxase: *Livros velhos de linhagens*, vol. I, Tit. XIII [ed. Mattoso, 1980, p, 173], e Sottomayor, 1999, v. II, p. 194.

15 Non é fácil reconstruír a sucesión e traxectoria destoutro grupo familiar, pois a información extráese preferentemente de noticias soltas ou sen contexto suficiente. Consta, iso si, que no derradeiro cuarto do s. XII xa dera unha figura de relevo, o arcebispo don Pedro Suárez de Deza, que gobernou a arquidiocese compostelá entre 1172 e 1206, e que no *Livro do Deão* consígnase, por outra banda, o matrimonio de Afonso Suárez de Valadares, irmán de Pedro Suárez *o Sarraça*, con dona Tareixa Anes *de Sas* -ou Deza-, quedando deles un Fernando Afonso de Deza, que non deixou sucesión, e dona Maior Afonso de Deza, muller de Gómez Henríquez de Provaos. A comezos do século XIV sobresaíu un neto destes últimos: o famoso Afonso Suárez *o Churruchao*, que foi mordomo do infante don Felipe e adiantado maior de Galicia; a súa oposición ao arcebispo fr. Berenguel culminou co seu propio asasinato no castelo da Rocha. Véxase: Vasco de Aponte, *Recuento* [ed. 1986, p. 131]. Para o demais, *Livros velhos de linhagens*, v. i, Tit. XIII [ed. Mattoso, 1980, p. 173] e Sottomayor, 1999, v. II, p. 192.

16 A comezos do s. XIII documenta ao personaxe máis temperán, Gonzalo Fernández Churruchao, casado con dona Rica Fernández, e pai –entre outros– de Fernán González Churruchao. Coñécense ademais outros personaxes da súa contorna familiar, todos vinculados ao mosteiro de Melón. Avanzando cara o derradeiro cuarto desta centuria destaca a figura de don Estevo Núñez Churruchao, que exerceu o adiantamento maior de León entre 1285 e 1287, figurando á fronte do de Galicia no verán deste último ano e deica mediados do seguinte. Este novo personaxe foi fillo de Nuño Fernández e de dona Urraca Xil, neto de Fernán Pérez *o Vello* e segundo neto de Pedro Arteiro, a quen se ten por cabeza da liñaxe. Do seu matrimonio con dona Tareixa García de Campos deixou por fillo a un Xoán Núñez, *o que matou* –así o di o *Livro do Deão– o infante dom João na prisom quando foi a guerra d'el rei dom Fernando de Castela*. Véxase: Gaibrois, 1922-1928, v.II, p. 83. Algunhas referencias en Jular, 1990, pp. 210-212. Tamén, *Libros velhos de linhagens* [ed. Mattoso, 1980, v. i, p. 157].

17 Nas décadas centrais do s. XIII recoñécese o primeiro personaxe da estirpe, Lopo Rodríguez, de Ulloa, casado con dona Tareixa Fernández [de Traba], e xa na segunda metade da centuria a xeración dos seus fillos, Vasco López, Fernán López, dona Maior López e Sancho López, descendencia na que se pode seguir a liña principal. Entre os seus fillos, cando menos, figura un personaxe de singular realce, don Sancho Sánchez de Ulloa, señor de Ulloa e Monterroso, así como garda maior e reposteiro maior de Sancho IV. Véxase: Conde de Barcelos, *Libro de linhagens*, v. i, p. 153; e Gaibrois, 1922-1928, v. III, p. CCLIX. O testamento do último en ahn, *Clero*, Carp. 546, núm. 5.

18 O primeiro personaxe recoñecido desta liñaxe é Gonzalo Eanes *dictus* Marinus, documentado como *miles* na contorna de Santiago a mediados do s. XIII. No seu grupo familiar identifícanse varios dos seus irmáns, caso dos trobadores Martín e Pedro Eáns -un personaxe homónimo, ou tal vez este mesmo, casou con Sancha Vázquez Sarraça, filla de Vasco Pérez- e o cóengo Osorio Eáns, así como un sobriño de relevo, don Vasco Pérez Mariño, que foi bispo de Ourense entre 1332-1343, ano do seu falecemento. De inmediato xa, documentaranse vinculados estreitamente aos Soga -ou Soga *de Lobeira*- cos que continuarán unha traxectoria de certa importancia no concerto da nobreza galega do litoral atlántico. Véxase: González Vázquez, 1996, pp. 207-209 e 212. Tamén, *Livros velhos de linhagens*, v. i, tit. XIII [ed. Mattoso, 1980, pp. 173]; e Sottomayor, 1999, v. II, p. 191.

19 Esta liñaxe é moi pouco coñecida, malia ser unha das máis celebradas no escenario galego do seu tempo. Entre os primeiros personaxes da estirpe figuraron Sueiro Arias, documentado en 1213 como *tenente* en Temes, don Vasco, tamén *tenente* en Temes por 1244, ou Rodrigo Vázquez de Temes, documentado en 1272. Outro personaxe de referencia, xa de comezos do s. XIV, foi Vasco Pérez, que daquela señoreaba a vila de Chantada, así como un importante patrimonio, a cuxa cabeza figuraban as torres d'A Peroxa, Milleirós e Arcos. O seu testamento, outorgado en 1333, no bcml, vi [1956-1957], pp. 194-196. Tamén, Romaní, 1989, v. I, doc. 818, p. 783 e v. II, doc. 533, pp. 499-500.

20 A finais do s. XIII documéntase o personaxe que cabe situar á cabeza da liñaxe, Oso-

lá de orixe, iniciárase un século atrás, con don Guterre Ruiz *o Escalabrado*, o cuarto dos fillos coñecidos de Rui Fernández *o Calvo* e de dona Elo Álvarez, a súa muller, de cuxos patrimonios galegos se fixera cargo[21]. A partir de entón, os seus sucesores –o seu fillo don Fernán Gutérrez, os seus netos don Andrés e don Estevo Fernández e o seu segundo neto don Fernán Rodríguez– lograron progresar ao abeiro da Coroa, da que recibiron honores e importantes oficios, entre eles a *tenzia* de Lemos e a codiciada *pertiguería* maior de Santiago [Pardo de Guevara, 2000, v. I, pp. 103-109, 110-113, 113-122 e 122-131].

Ao rematar o século XIII, o último destes personaxes intentou consolidar a posición territorial dos seus antecesores no interior do reino galego. Por iso, en 1296 demandou a dona María de Molina *que le diese por heredad el castillo de Monte Forte, que a en Galicia, en tierra de Lemos...* ao que entendía ter dereito, precisamente, *por haber sido de sus antecesores* [Argote de Molina, 1866, cap. C, p. 216]. Dous anos despois insistiu na súa demanda, aínda que estendéndoa agora a *todos los heredamientos que el rey don Sancho, padre deste rey don Fernando, e el rey don Alfonso, su avuelo, avían dado del condado de Trastámara, que él tenía por tierra e heredamiento..., que los revocase e los tirase todos e los diese a él, e si esto non ficiese, que non podría servir al Rey*[22].

Das vellas ás novas liñaxes

Como se ve, polo tanto, o avance do sistema de parentesco troncal ou agnaticio percíbese con claridade ao longo da segunda metade do século XIII, malia que a plena cristalización social da liñaxe non logrará advertirse en todos os seus trazos e detalles ata algún tempo despois. No reino de Galicia, en efecto, o novo panorama non pode advertirse con suficiente nitidez ata ben entrada a centuria seguinte, case en coincidencia cos profundos cambios que derivarían do triunfo e entronización de Henrique II.

Entre eses cambios interesa resaltar aquí o notable reforzamento das posicións da alta nobreza, que en breve tempo se convertería en árbitro da situación política. A análise deste outro proceso, inverso ao que daquela se desenvolveu noutros puntos de Europa, permitiu a Salvador de Moxó [1969, pp. 1-270] poñer de relevo unha extensa renovación dos cadros da nobreza, que afectaría da mesma maneira a todos os territorios da coroa de Castela.

rio Eáns Gago, quen acadou certo relevo con intereses en ambas as bandas da raia de Portugal, e varios irmáns seus, identificados como netos dun don Xoán Núñez Gago. O fillo do primeiro, Vasco Ozores, consolida a posición da liñaxe –o apelido familiar debeuse fixar daquela– ao redor da vila de Salvaterra [Pardo de Guevara, 2006, v. I, pp. 479-497].

21 Esta dona Elo foi filla do conde Alvar Fáñez e de dona Maior Pérez, que o foi á súa vez do conde Pedro Ansúrez, de Carrión [Salazar Acha, 1991, pp. 38-39, notas 36 e 38. A traxectoria deste primeiro personaxe dos Castro galegos en Pardo de Guevara, 2000, v. I, pp. 96-102.

22 *Crónica del rey don Fernando cuarto*, bae, vol. 66, Madrid, 1865, caps. II, pp. 105-106, e IV, p. 113.

Na súa opinión, as persecucións e purgas do reinado de Pedro I e a guerra civil subseguinte provocaron a desaparición biolóxica ou a relegación política dunha parte moi importante da *nobreza vella* –é a expresión por el acuñada–, que xurdira durante os séculos XII e XIII, e que comezara a declinar ao longo dos cincuenta anos anteriores. Paralelamente, terían ascendido a sólidas posicións xentes de orixe moi diversa e pertencentes a estirpes máis modernas ou menos esclarecidas, que desde aquela dominarían o panorama político, social e económico do reino; esta *nova nobreza* –como expresión contraposta– é a que acadaría un rango preeminente durante o reinado dos Reis Católicos e interviría profundamente nos destinos españois ata ben entrado o século XVIII[23].

Os trazos máis rechamantes deste outro proceso, con independencia dalgunhas coñecidas matizacións, pódense rastrear sen dificultade no ámbito máis reducido de Galicia; por exemplo, a desaparición ou anulación dun pequeno número de liñaxes, todos de indubidable destaque no período anterior, e a aparición e ascenso doutras máis novas ou ata ese momento menos afortunadas. Así, entre as que se extinguiron bioloxicamente ou perderon a súa identidade, destacan en primeiro lugar –xa o anotou Moxó– os xa mencionados Castro, señores de Trastámara, Lemos e Sarria[24]; outro exemplo igualmente significativo, aínda que menos relevante, ofréceo en terras pontevedresas a vella liñaxe dos Meira, prontamente vinculada aos Valadares/Valladares e Soutomaior/Sottomayor[25]. Porén, a verdadeira transcendencia do fenómeno percíbese moito mellor ao lembrar algunhas das estirpes que desapareceron da esfera do poder en medio do vendaval político e bélico de mediados do s. XIV. Refírome, polo de pronto, ao reducido grupo de liñaxes de incuestionable renome que viron interrompido o seu percorrido histórico naqueles anos: cara o sur de Galicia, por terras de Toroño, os Parada[26] e, nas de Deza e Orcellón, ademais dos renomeados con este último topónimo[27], o poderoso grupo

23 Unhas coñecidas matizacións, por exemplo, en Binayán, 1986, pp. 103-109. Comentarios e precisións ao debate en Quintanilla, 1999, pp. 255-295.

24 O derradeiro gran personaxe da estirpe foi o celebrado don Fernando de Castro, quen deixou descendencia non lexítima no reino de Portugal [andando o tempo, dúas netas súas terían sinalada presenza no concerto nobiliar galego, ao casar a primeira –dona Beatriz de Castro– con García Díaz de Cadórniga, o revoltoso rexidor ourensán, e a segunda –dona Isabel de Castro– con Xoán Freire de Lanzós, en quen tivo ao celebrado Afonso de Lanzós, señor de As Mestas]. A traxectoria do de Castro en Pardo de Guevara, 2000, v. I, pp. 162-184. Ademais, Moxó, 1969, pp. 59-66.

25 A orixe dos Soutomaior establécea o conde don Pedro de Barcelos en Paio Méndez Sorreda, que *foi muito boo cavaleiro e de prol e de boa palavra, que outro homen houvesse em seu tempo*. O personaxe parece que casou cunha dona Hermesenda Núñez Maldonado, na que deixou seis fillos. O primoxénito foi Álvaro Pérez de Soutomaior, que casou á súa vez con dona Inés Eanes de Castro, filla de Xoán Fernández de Castro [de Fornelos] e de dona Rica Fernández Churruchao; desta unión quedaron Álvaro Pérez de Soutomaior, o primoxénito, que foi cabeza da casa de Soutomaior, e tres irmás, unha delas, dona Maior, foi a que casou con Sueiro láñez de Parada. Véxase: pmh, *Livro de linhagens do conde don Pedro* [ed. crítica Mattoso, 1980, v. II/2, Tit. LXXV, pp, 184-185].

26 Sueiro láñez de Parada foi un dos que participaron no asasinato do arcebispo don Suero, figurando ademáis entre os cabaleiros principais máis achegados a don Fernando de Castro, a quen siguiu ao exilio en Portugal [Fernandes, 2000, p. 103]. A adxudicación dos seus bens, confiscados por Henrique II, en Galindo, 1923, doc. XXIV, pp. XXVI-XXII.

27 Nas décadas centrais do s. XIV a liñaxe dos Orcellón estaba representada por Gonzalo Ozores, quen se moveu no ámbito de don Fernando de Castro; o 28 de setembro de 1355 consta que recibiu

dos Churruchao, Deza e Galiñato[28] e, non moi lonxe destes últimos, os Camba e Taboada[29] e os Rodeiro[30]; máis cara o Norte, os Temes[31] e os Sarraza[32], así como os Abeancos e os de Medín, instalados na contorna compostelá. E xa en terras limítrofes con Zamora e León, o grupo dos Seabra ou Sanabria[33], que tal como parece fundíronse logo cos Losada, así como os Balboa e Cornado, vinculados desde vello ao grupo

deste último o couto de San Fiz do Hermo, en terras de Monterroso [ada, *Lemos*, C-344-3]. O texto en Pardo de Guevara, 2000, v. II, doc. 17, pp. 38-39.

28 Un sinalado membro da primeira destas liñaxes que siguiu o bando lexitimista foi Fernán Pérez Churruchao, a quem se implica directamente no asasinato do arcebispo don Suero; así o asegura Aponte ao precisar que *en la Porta Faxeira* –cando veu o monarca a Santiago– *mató un arzobispo y un deán por mandado del rey don Pedro*... Neste suceso, que segundo parece foi tumultuoso, tamén participou Afonso Gómez Galiñato, coñecido xustamente como *o Excomulgado*. Ademáis dos mencionados tamén cabe lembrar aquí a Afonso Gómez Churruchao, que herdara Deza e Orcellón do seu irmán Andrés Suárez de Deza, pois consta que foi outro dos lexitimistas que marchou ao exilio de Portugal con don Fernando de Castro [*ibidem*.Tamén, Aponte, 1986, pp.129-130.

29 Na segunda metade do século XIV identifícase como cabeza dsta liñaxe a un Xoán Rodríguez de Camba, titulado señor de Camba e Rodeiro, quen consta falecido cara a 1380. Do seu matrimonio con dona Sancha Rodríguez de Valadares –filla de Xil Rodríguez de Valadares– quedaron tres fillos, aínda que quizais só tivo sucesión o primeiro deles, chamado así mesmo Xoán Rodríguez de Camba: un Gonzalo de Camba, coñecido tamén co renome Valadares, pois na súa descendencia tivo continuidade esta outra liñaxe, e un Álvaro de Camba, que se titulou señor de Camba e Rodeiro e casou con dona Leonor García de Taboada [filla de Lope Pérez de Taboada, señor da casa de Taboada], en cuxa descendencia terían continuidade estas dúas casas. Véxase: iegps, agep], *Camba, Taboada* e *Valladares*, Tablas generales.

30 O percorrido desta estirpe pódese dar por clausurado nas décadas centrais do XIV; naquela altura a identidade da liñaxe diluírase en múltiples pólas menores, ao tempo que a fortaleza de Rodeiro pasara a mans dos Gres. Mais aínda ofrecería personaxes de certa entidade: Fernán Fernández de Rodeiro –neto de Afonso Rodríguez– e Vasco Pérez de Rodeiro, neto á súa vez do dito Lope Rodríguez, e ambos os segundos netos do xa mencionado Rui Fernández de Rodeiro. Véxanse, acl, *Colección Cañizares*, v. III, f. 1072, e agep, *Rodeiro*, núm. 2.

31 Entre os fillos de Vasco Pérez de Temes, segundo consta no seu testamento, xa anotado, figura Xoán Vázquez de Temes, que o sucedeu cando menos na posesión das torres de A Peroxa e Arcos. A partir dste segundo personaxe escurécese o rastro documental da liñaxe. Só algunhas noticias soltas informan da supervivencia dunha rama menor, derivada dun Gonzalo Pérez de Temes, que quedou asentada na torre de Milleirós; en 1488 documéntase un Xoán de Milleirós, señor daquela casa, e polo seu testamento tense noticia dos seus fillos, cuxos nomes e patronímicos evidencian a súa orixe familiar: Estevo Rodríguez, Rui Vázquez e Vasco Pérez. Máis noticias en agep, *Temes*, núm. 2.

32 A comezos do século XIV a figura representativa da liñaxe era Xoán Vázquez Sarraça, casado con dona Tareixa Afonso de Deza e máis tarde con dona Beatriz Afonso, bastarda do infante don Xoán, fillo de Sancho IV. Na primeira tivo, como se verá, a dona Tareixa láñez, que foi muller de García Rodríguez de Valcárcel *o Adiantado*, mentres que na segunda tivo a Vasco Pérez Sarraza, cuxo destaque coincidiu co doutro representante da estirpe, Sancho Pérez Sarraça, documentado xa a mediados do século como *mordomo arcebispal* en Padrón. A partir de entón esváese paulatinamente o rastro documental desta liñaxe. Véxase: García Oro, 1987, v. II, p. 156].

33 Como é ben sabido, Men Rodríguez de Seabra foi un dos personaxes máis próximos ao malogrado monarca, quen o beneficiou co vila de Seabra [Puebla de Sanabria], que en 1388 pasaría a mans de Álvaro Vázquez de Losada e dos fillos do seu irmán, Martín Afonso de Losada. Tras o de Montiel, Men Rodríguez secundou os movementos de don Fernando de Castro en Galicia, seguíndoo finalmente aa exilio. Véxase: Fernandes, 2000, p. 103.

dos Valcárcel[34]. Ademais, houbo outras liñaxes igualmente prestixiosas –algunhas influentes en determinados espazos do escenario galego anterior– que tamén perderon posicións naquela conxuntura e deixaron de figurar na documentación por moito tempo. Non obstante, só nalgún caso se pode consignar con claridade que iso foi consecuencia do seu apoio ao lexitimismo. En terras do sur galego, por exemplo, localízanse liñaxes con estreitos intereses no reino portugués, como os Lira[35], Gago e Ozores, xa citados, que logo terían novo asento en Teáns, preto de Salvaterra, ou acaso os Camoens, que quedaron en Portugal. Subindo cara a área compostelá, os Gres[36] e os Bendaña[37], moi vinculados á igrexa de Santiago. Na Galicia interior, por terras de Lugo, os Arias de Sirgal ou de Monterroso[38]

34 Un dos personaxes máis destacados da liñaxe nas primeiras décadas do s. XIV foi o celebrado Fernán Rodríguez de Balboa, prior da Orde de San Xoán e mordomo maior de Afonso XI entre 1328-1332, así como chanceler maior da raína dona María por 1330 e, xa por fin –xusto antes do seu falecemento–, meiriño maior de Galicia por 1332. A súa indubidable influencia política explicaría a promoción do seu sobriño, García Rodríguez de Valcárcel, ao adiantamento maior de Galicia e tamén, acaso, a de Gonzalo Rodríguez como meiriño maior de Galicia. A carón deste primeiro personaxe cabe lembrar tamén as destacadas personalidades de Vasco Rodríguez [de Cornado], que foi mestre da Orde de Santiago, así como adiantado maior da Fronteira por 1328-1329 e mordomo maior e aio do infante don Pedro, o futuro monarca, polos anos 1335-1338, e moi probablemente a do aínda máis famoso Gonzalo de Balboa *o Hispano*, ministro xeral da orde franciscana e celebrado mestre rexente da cátedra de Teoloxía na Universidade de París, onde faleceu en 1313. Avanzando un pouco no tempo, cabe resaltar por fin os nomes de García Pérez de Balboa, armado cabaleiro da Banda dentro do selecto grupo dos que foron promovidos por don Pedro Fernández de Castro *o da Guerra*, e de Arias Fernández de Balboa, morto antes de 1349, quen estivo casado con dona Leonor García de Valcárcel [filla de García Rodríguez *o Adiantado*], na que deixou tres fillos; entre eles, un novo Fernán Rodríguez de Balboa, señor de Aguiar e documentado por unha doazón a Carracedo en 1349. Noticias e referencias en agep, *Balboa y Valcárcel*, Tabla general.

35 Alfonso Gómez de Lira figurou entre os que secundaron ao grupo rebelde no verán de 1354, acompañando a don Fernando de Castro nas célebres vistas de Tejadillo. Posteriormente, porén, defendeu o lexitimismo, e despois da súa derrota tomou o camiño do exilio portugués. Documéntase alí co seu irmán Lopo Gómez, así como con Fernán Camiña [*de Lira*] e os seus fillos. Véxase: *Crónica del rey don Pedro*, bac, v. 66 [Madrid, 1875], cap. xxxii, pp. 454-455, e Fernandes, 2000, p. 103.

36 Andrés Sánchez de Gres, sobriño do arcebispo Martín Fernández e adiantado maior de Galicia, foi un dos máis leais cabaleiros que secundaron a don Fernando de Castro na defensa do lexitimismo, seguíndoo despois a Portugal. Véxase: Fernandes, 2000, p. 103. Esta mesma actitude debeu seguir tamén o fillo homónimo deste personaxe; cabe supoñelo así en razón da referencia que o vello Andrés Sánchez Gres fixo no seu testamento, outorgado o 19 de marzo de 1368, ás terras que o seu fillo Andrés comprara cos *dineyros da terra que o dito meu fillo ouve del Rey y del conde don Fernando*. Véxase: *Galicia Histórica*, Colección Diplomática, doc. 77, pp. 348-349.

37 Dous sinalados personaxes da estirpe, Lope Sánchez de Bendaña, comendador maior de Castela, e Álvaro Rodríguez de Bendaña, comendador de Montemolín, ambos na Orde de Santiago, figuraron entre os que en 1354 acompañaron a don Fernando de Castro nas anotadas vistas de Tejadillo. Posteriormente adoptaron a defensa do lexitimismo. Véxase: *Crónica del rey don Pedro*, bae, v. 66 [Madrid, 1875], cap. xxxii, pp. 454-455

38 A liñaxe configurouse en datas ben temperás –décadas centrais do século XII– e abriuse camiño por terras de Monterroso, coa fortaleza de Sirgal como referente, ao amparo da igrexa lucense e da propia Orde de Santiago, á que prestaron apoio, favorecendo o seu asentamento en Vilar de Donas. Entre os

e os Mirapeixe ou Gayoso[39], os Berbetoros[40]... E cara a sempre puxante contorna coruñesa, os Andeiro[41], Figueroa, Piñeyro, Lago, etc.

Fronte aos que quedan mencionados, houbo naturalmente outro bo número de vellas liñaxes que atoparon un distinto e mellor futuro grazas ás convenientes alianzas que concertaron no novo escenario. Ocorreu así, por exemplo, cuns burgueses compostelán, os renomeados Ocampo[42], ou co amplo grupo dos Bermúdez, Montaos

primeiros personaxes da estirpe destaca un *Arias Petri, tenens castellum Monte Roso*, a quen se documenta en 1167 como confirmante dunha doazón de Fernando II á igrexa de Lugo. Nun recente e minucioso estudo, Souto Cabo identifica a este último personaxe como proxenitor de sete fillos, de cuxas circunstancias e descendencia se ocupa: *Jõao Airas*, deán da igrexa lucense entre os anos 1182 e 1214, Pedro *Airas*, *Diogo Airas*, *Jõao Airas* de Arcos, Fernando *Airas de Vila Nova*, *Jõao Airas* de Monterroso e Rodrigo *Airas*. Nas décadas centrais do século XIV, coincidindo co conflito dinástico, documéntanse xa a García Arias e Arias Conde, pai e fillo, como señores da fortaleza de Sirgal, constando as súas alianzas cos Ulloa, tanto os de Vilamaior como os da Puxeda [Souto, 2020, pp. 335-373].

39 *Ibidem*. Anoto, non obstante, que a estirpe dos Mirapeixe, da que hai noticias xa nas derradeiras décadas do s. XII –Munio Fernández, o famoso trovador– e máis aínda ao longo do XIII –Rodrigo Fernández e o seu fillo Martín Rodríguez, tesoureiro da igrexa de Mondoñedo, ou dona Tareixa Fernández–, parece que non conseguiu manterse na centuria seguinte, por máis que a documentación ofreza noticias soltas sobre personaxes así renomeados aínda nos comezos do XV. Todo semella indicar que a súa identidade foi asumida polos novos Gayoso, que comezaron a figurar por causa da guerra civil: Diego Díaz de Gayoso foi outro dos cabaleiros galegos que figurou no grupo de lexitimistas e procurou refuxio en Portugal con don Fernando de Castro. Máis noticias en Souto, 2020, pp. 342-347. Tamén, Pardo de Guevara e García Ledo, 1997, pp. 92-97, e Fernandes, 2000, p. 103.

40 As máis temperás referencias a esta liñaxe de marco moi local remiten ao derradeiro terzo do século XIII, con Xoán Arias Berbetoros e os seus irmáns, que tiñan ocupados diversos bens no couto de Cubelo, incluíndo dous casais e outras terras, sobre o que se concertaron en 1288 co prior de Vilar de Donas, Paio Páez. A inicios da centuria seguinte documéntanse un Diego Aras e un Pedro Aras de *Belvetoros* na contorna señorial dos primeiros Ulloa e, xa en medio do conflito dinástico, a liñaxe semella estar representada por un Diego García de Berbetoros, aínda que non podo precisar a súa posición no mesmo. A liñaxe non volveu destacar ata as décadas finais do s. XV, cando aparece vinculada á encomenda de Portomarín e á fronte dun destacable patrimonio; deste rexurdir son bos testemuños o escudeiro Nuño Fernández de Berbetoros, quen dotou unha capela en Vilar de Donas –logo convertida en sacristía–, onde ordenou o seu enterro, e un Pedro Sánchez Berbetoros, casado con dona Leonor de Castro e Lanzós, filla do célebre caudillo irmandiño Afonso de Lanzós e da súa segunda muller, dona María Bermúdez de Castro [ahn, *Ordenes Militares*, Lib. 1090c, f. 45; adl, *Vilar de Donas* [fondo sen catalogar]; e arcv, *Registro de Ejecutorias*, 534, ff. 3 ss.

41 Xoán Fernández Andeiro, que seguiu o camiño do exilio con don Fernando de Castro, converteuse despois na figura máis representativa do lexitimismo, causa que defendeu en Portugal e Inglaterra. Malia o conseguinte escurecemento da liñaxe, hai noticias soltas sobre outros membros destacados dun tempo posterior; entre eles dous novos personaxes homónimos: Xoán Fernández, señor de Andeiro, que morreu degolado por Gómez Pérez das Mariñas, señor de Cillobre, quen casara coa irmá do celebrado Rui Xordo, dona Tareixa Martiz, na que tivo a outro Xoán Fernández de Andeiro, falecido en 1477 e sepultado na colexiata coruñesa, e a dona María Fernández Varela, casada con Pedro Bermúdez, señor de Montaos e gobernador de Baiona, falecido á súa vez en 1523. Unha descrición ben coñecida do primeiro destes personaxes en Rusell, 1943, pp. 359-375.

42 García Pérez de Ocampo, documentado como procurador de Santiago mediado o século XIV, e Bernal láñez de Ocampo, arcediago de Tineo, figuraron tamén entre os refuxiados no reino veciño. Do primeiro deles quedaron por fi-

ou Prego[43], mais tamén –á marxe dos beneficios que lle reportou la actuación dun dos seus membros– dos Valcárcel, xa mencionados, os Vilouzás e os seus veciños os Pardo de Cela e os Sanxurxo e Montenegro, que non tardarían en atopar mellor fortuna na cidade de Pontevedra e na contorna de Vilalba respectivamente. E ao seu carón houbo outro nutrido e significativo grupo de liñaxes, todas de certa relevancia, que conseguiron superar sen maiores complicacións a difícil conxuntura, con independencia tamén da opción seguida ao longo da contenda; grazas a iso mantiveron e nalgún caso acrecentaron as súas posicións anteriores. En terras de Mondoñedo, por exemplo, destacan os Lanzós e os Aguiar; e polas de Lugo o grupo dos Saavedra e Ribadeneira; cara ao sur desta provincia, os López de Lemos e Taboada; cara ás terras de Ourense, os Nóvoa e, polas do norte de Pontevedra, os Isorna e Xunqueiras, así como os Mariño e Soga de Lobeira. Dentro deste grupo débense incluír tamén os Valadares, Vaamonde, Bolaño e Ulloa, que apostaron deica o final pola causa lexitimista[44]. No caso destes últimos consta incluso que lles foron confiscados os seus patrimonios, aínda que o conde don Pedro de Trastámara, que se fixera con eles, retornaríallelos despois –foi polo ano 1393– a quen era o seu meiriño maior, Gonzalo Ozores de Ulloa, cuxos inmediatos sucesores conformarían axiña unha das novas e máis importantes casas señoriais de Galicia[45].

llos Xoán de Ocampo, cóengo compostelán, e Fernán García de Ocampo, *cibdadano* de Santiago, que casou con dona Tareixa Eáns de Tudela e tivo a dona Urraca Rodríguez de Ocampo; esta última casou, á súa vez, con Martín Becerra de Cances e foron pais, entre outros, de Rui Sánchez de Mosoco *o Torto*, señor da Casa de Altamira e pertigueiro maior da Terra de Santiago. Véxase: Fernandes, 2000, p. 103, e agep, *Moscoso*, Tabla general.

43 Non é posible precisar os primeiros momentos dsta celebrada liñaxe galega, por máis que nas décadas centrais do s. XIII xa se documentan diferentes personaxes de entidade, tal como un primeiro Pedro Bermúdez Prego ou un Xoánn Bermúdez de Montaos, que aparece mencionado no testamento do bispo don Gonzalo de Moscoso, outorgado en 1326. Ademais deles débese lembrar tamén o *cabaleiro* García Gómez *dito* Prego, documentado a partir de 1311 como levador de diversos bens do mosteiro de Oia e, a partir de 1331, do couto de Vilela, en terras de Morrazo, xunto cos seus catro fillos, Afonso Gómez Prego, Inés Gómez, Tareixa Gómez e García Prego, naquel momento dignidade da igrexa compostelá e despois bispo de Tui, diocese que gobernou entre 1336 e 1348. Este último personaxe deixou como herdeiros aos seus sobriños, Pedro Bermúdez Prego e Lopo Bermúdez. Anos despois, coincidindo coa guerra civil, destacan con seguridade as figuras de Lope Pérez de Montaos, a quen Pedro I mandou concorrer ao cerco de Lugo en 1355, e do xa mencionado Pedro Bermúdez Prego –o *de Montaos* tamén–, que se documenta a comezos de 1369 entre os que o arcebispo don Rodrigo de Moscoso chamou para acudiren a Sevilla en auxilio do dito monarca. A continuidade da liñaxe articulouse a través dos fillos deste último, habidos na súa muller, dona Constanza de Soutomaior: García Prego de Montaos, que figurou entre os lexitimistas refuxiados en Portugal, Gómez Prego, dona Maior Rodríguez, dona Constanza Páez, que casou con Xoán Varela de Dubra, con sucesión, e dona Sancha Núñez, que casou finalmente con Nuño Pérez de Aldán ou de Gondar. Véxase: López Ferreiro, 1903, pp. 107 e 184; Fernandes, 2000, p. 103; e acl, *Colección Piñeiro*, v. III, f. 287.

44 Gonzalo Fernández de Valadares, Afonso Vázquez de Vaamonde e Diego Afonso de Bolaño, por exemplo, figuraron tamén no grupo dos lexitimistas galegos exiliados en Portugal [*ibidem*]. Consta, polo demais, que un achegado do primeiro, Guterre Martínez de Valadares, foi favorecido polo rei don Pedro, en 3 de xullo de 1360, coas herdades que na Terra de Sabarís *solían seer della orden del Temple, as cuales tenía el conde don Enrique*... [mp, *Colección Sampedro*, C-81, núm. 17]. Consta, asemade, o destaque de Gonzalo Sánchez [de Ulloa], comendador de Ricote na Orde de Santiago e alférez maior de don Fernando de Castro, a quen secundou en diversas ocasións; por exemplo, na famosa afrenta de Toro, onde acompañou á raíña dona Blanca, e despois, durante a guerra, no desastre de Araviana, onde morreu [Salazar y Castro, 1696, v. I, p. 285].

45 Este personaxe era fillo de Vasco López de Ulloa e neto de Lope Sánchez de Ulloa e da súa muller, dona María Ozores de

De todo o dito enténdese, polo tanto, que o triunfo de Henrique II foi unha inmellorable ocasión para os que fixeran méritos nas fileiras vitoriosas do pretendente bastardo. Esta nova realidade pódese explicar, no que afecta ao reino de Galicia, con moi contados nomes, todos de indubidable importancia histórica. O máis caracterizado, sen ningunha dúbida, foi o famoso Fernán Pérez de Andrade *o Boo*, quen procedía dunha estirpe antiga mais non especialmente ben situada deica ese momento. Como outros moitos personaxes, no comezo da contenda formou parte do bando petrista, o que lle foi recompensado en maio de 1364 coa freguesía de *Santa María de Naraya* [Narahío?][46]. Porén, o apoio que logo prestou ao pretendente foi a súa gran opción de futuro, pois logrou conformar un importante señorío, coroado en 1371 coas vilas de *Ferrol* e *Pontedeume*[47], ás que en 1373 aínda sumaría a de *Vilalba*, que fora de don Fernando de Castro, o gran derrotado do petrismo galego[48]. Outro beneficiario de importantes mercedes foi García Rodríguez de Valcárcel, curmán do de Andrade e neto doutro personaxe homónimo, quen recibiu do novo monarca –en 1376– *para ayuda de la redención que hobo del pagar de la prisión que fue preso en mi servicio en la batalla de Nájara*, da *villa y puentes del Eume*, que despois sería chamada xustamente Pontes de García Rodríguez[49]. Tamén resultou beneficiado don Xoán Rodríguez de Biedma, *copero mayor* do rei don Pedro, que se pasou oportunamente ao bando do Trastámara, asumindo de seguido a defensa de Allariz, Monterrei e Celme, o cal foille recompensado cun importante lote patrimonial: *Villa de Rey con todos sus alfoces, e Soto Bermud, con Val de Laza y el castillo de Santibáñez de la Barra, con tierra de Todea e de Peñafiel*[50]. E aos que quedan mencionados cabe engadir aínda outros moitos cabaleiros que asemade recibiron xenerosas recompensas e que en breve tempo figurarían entre os máis destacados protagonistas da vida gale-

Orcellón, filla á súa vez do xa mencionado Gonzalo Ozores de Orcellón [ada, *Lemos*, C-111-62]. Sobre os Orcellón véxanse as notas 7, 13 y 27. O texto da doazón en Pardo de Guevara, 2000, v. II, doc. 31, pp. 49-50.

46 Murviedro, 1 de maio de 1364 [rah, *Colección Salazar y Castro,* M-48, ff. 102-103]. Henrique II, sendo aínda príncipe, xa o favorecera en 12 de abril de 1356, desde Monforte de Lemos, coa freguesía de Santa María de Recimil e a herdade de Orrego [*ibidem*, ff. 100-101].

47 Burgos, 19 de decembro de 1371. Este mesmo día, Henrique II fíxolle mercede de varias freguesías, entre elas a de Narahío, que o de Andrade xa recibira de Pedro I en 1364,e a xa mencionada de Recimil, que el mesmo lle concedera en 1356 segundo quedou anotado [*ibidem*, ff. 77-83 e 100-105].

48 Tempo despois, o 3 de agosto de 1373, Henrique II fíxolle mercede de Vilalba e, catro anos máis tarde, en 6 de xaneiro de 1377, seguramente a rogo do propio interesado, despachou desde Valladolid un novo privilexio polo que lle concedía términos e xurisdición aol castelo de Andrade [*ibidem*, M-48, ff. 77-83 e 92]. Véxase ademais: fr. Malaquías de la Vega, *Chronología de los Jueces de Castilla*, bn, Ms. 19.418, fol. 286v.

49 *Ibidem*, f. 292v. As chamadas *Pontes do Eume* pertencían ao condado de Trastámara, polo que o seu titular –o conde don Pedro– foi compensado coa vila de Cedeira [ada, *Lemos*, c-189-9]. O texto en Pardo de Guevara. 2000, v. II, doc. 22, pp. 41-42. Sobre a liñaxe, véxanse as notas 32 e 34.

50 Este Xoán Rodríguez de Biedma era fillo de Rui Páez de Biedma, adiantado maior de Galicia, e sobriño de Álvaro Páez, bispo de Mondoñedo [1329-1343] e Ourense [1343-1351], fillos ambos de Fernán Rodríguez de Biedma, o coñecido aio do infante don Felipe, que foi meiriño maior de Galicia nos primeiros anos do XIV. O privilexio en González Ulloa, 1950, pp. 87-91]

ga. Algúns dos seus nomes son ben coñecidos: Lope Pérez de Moscoso[51], Vasco Fernández e Rui Páez –ou Fernández– de Parga[52], Martín Sánchez das Mariñas[53], Gonzalo Díaz de Mesía[54], Vasco Pérez de Vaamonde[55], Álvaro Páez de Soutomaior[56], Afonso López de Saavedra[57], Vasco Gómez das Seixas[58], Vasco e García Fernández Caamaño, que estaba en Burgos *quando fue aclamado rei don Enrique en vida de su hermano*[59], Xoán Pérez de Taboada, Estevo Fernández Nogueirol...

51 O personaxe era irmán de Sancho Sánchez, que morreu en Nájera, así como dos arcebispos don Alonso e don Rodrigo de Moscoso. Este último, tras suceder ao seu irmán no arcebispado, apresurouse a poñer todo o seu poder e prestixio ao servizo da causa lexitimista [López Ferreiro, 1903, v. VI, Ap. XXIX, pp. 135-138].

52 Estes dous personaxes, irmáns, recibiron de Xoán I en 16 de outubro de 1388 a mercede da Terra de Parga,aínda que desde tiempo atrás –cuando menos desde 1334– os desta liñaxe exercían certo señorío sobre a mesma; en particular, Fernán Ares e Vasco Fernández, pai e avó respectivamente dos mencionados irmáns [adm, *Parga*, leg. 1, ns. 36 e 46].

53 En 27 de marzo de 1366 recibira de don Fernando de Castro o couto e fortaleza de Cillobre. Despois, tras abandonar o lexitimismo, Henrique II fíxolle mercede do couto de Lubre [adm, *Cillobre*, leg. 3, n. 4]

54 Aponte lembra que este Gonzalo Díaz, que era *hombre esforçado y valiente*, servira *muy bien al rey don Enrique y ganó las siete feligresías, precisando que fue señor de Santiso y de Abegondo y de Santaya de Canans, da metá de Sarandons y de toda la terra que aora tiene esta casa* [Aponte, 1986, p. 160].

55 Igual que outros parentes seus, este personaxe militou inicialmente nas fileiras do lexitimismo, sen dúbida por influencia do seu parentesco con don Fernando de Castro –estaba casado coa súa medio irmá, dona Milia Pérez–, aínda que todo indica que despois defenderon as opcións do príncipe don Henrique. Este cambio puido estar determinado pola morte aleivosa do seu irmán Ares Vázquez, en Sevilla, durante un famoso *riepto* no que o rei don Pedro favoreceu máis do debido aos contrincantes. A súa posición entre os vencedores corroborouna o conde don Pedro, en 1372, ao confirmarlle a mercede feita por Henrique II das freguesías de *Santa María de Castro e de San Juliano de Ousa e de San Mamed de Nodar e de San Pedro de Anafreita, las quales feligresías son en el alfoz de la mi puebla de Otero de Rey*. É posible que esta confirmación tivese o mesmo sentido que a mercede outorgada, un ano despois, polo mesmo conde Pedro a Afonso Vázquez de Vaamonde e á súa muller, dona Leonor, dos coutos de *Molgas, San Vicenzo e Piñeiro* [adm, *Parga*, leg. 3; e fr. Malaquías de la Vega, *Chronología*, f. 289v]. Máis noticias en Pardo de Guevara, 2000, v. I, pp. 159-160 e 214-215.

56 Este Álvaro Páez, casado cunha filla de Andrés Sánchez de Gres, dona Maior, era fillo de Fernán Iáñez de Soutomaior, quen tamén secundara a don Fernando de Castro, pois asistiu con el en 1354 ás xa aludidas vistas de Tejadillo [Pardo de Guevara, 2001, p. 72; e *Crónica del rey don Pedro*, bae, v. 66, Madrid, 1875, cap. XXXII, pp. 454-455.

57 Este Afonso López era lembrado como un dos que consolidaron posicións a raíz del conflito, aínda que nada se pode engadir a cerca dos beneficios ou mercedes obtidas; a referencia en García Oro, 1987, v. I, p. 276. Documéntase, iso sí, en 28 de setembro de 1370 como *comendeiro*de Meira, constando significativamente a súa su proximidade a Fernán Pérez de Andrade polo seu matrimonio coa súa sobriña,dona Sancha Núñez, a quen aquel favoreceu en 1377 cos coutos de Felmil e Damil; estes bens foran de Gonzalo Méndez de Saavedra, parente de Afonso López [ahn, *Clero*, 1152, núm. 4; e acl *Tumbo general*, f. 323

58 Polo que parece, este personaxe foi un dos que se beneficiaron coa confiscación executada sobre os bens dos Ulloa. Documéntase en 1377 como meiriño maior de Galicia e home de confianza de don Pedro Ruíz Sarmiento. Sábese, ademais, que exerceu como *comendeiro* de varios mosteiros galegos, entre eles os de Chouzán, Oseira, Chantada, Ferreira, Samos e Sobrado, e consta tamén que a principios de 1385, durante a guerra con Portugal, asumiu –xunto con Martín González de Ataide– a defensa da vila portuguesa de Chaves, que aínda recoñecía por rei a Xoán I de Castela [acl, *Colección Piñeiro*, v. III, f. 296]. Véxase ademais: López Ferreiro, 1903, v. VI, pp. 209 e 230; e Pardo de Guevara, 2000, v. I, pp. 229.

59 Estas e outras referencias, non corroboradas, pero xeralmente repetidas polos xe-

Mención á parte merecen algunhas *liñaxes estrañas ao reino galego pola súa orixe e estilo de vida* –como escribiu García Oro–, que a partir de entón asumiron un moi importante papel no concerto nobiliario galego, acaparando incluso extensos dominios e significativas dignidades. O primeiro caso é o dos Sarmiento, señores de Bureva e Villamayor, un de cuxos membros foi don Diego Pérez Sarmiento, adiantado maior de Castela e chanceler da Banda con Pedro I, pero que despois da súa sospeitosa indecisión en Araviana viuse precisado a exiliarse en Aragón, onde morreu asasinado en 1363. Fillo deste foi, precisamente, don Pedro Ruíz Sarmiento, que tras o fratricidio de Montiel foi enviado a Galicia para liquidar os focos de resistencia petrista. O rotundo éxito que acadou na súa misión explica moi ben que Henrique II o promovese rapidamente ao adiantamento maior de Galicia, oficio que monopolizarían os seus descendentes, e que ademais o recompensara cun importante conxunto patrimonial, encabezados polas vilas de *Ribadavia e Santa Marta*. Anos máis tarde, en 1379, Xoán I aumentaría o dominio señorial de don Pedro Ruiz coas vilas e señoríos de *Sobroso, Parada, Vae das Achas, Deva e Petán* [Fernández Suárez, 2002, pp. 77-95]. O outro caso é o dos chamados Henríquez –aínda que eles tardaron moito en normalizar este renome–, membros da nova dinastía entronizada en Castela, que xunto con outras dignidades ben sobresalientes faríanse cárrego dos extensos estados de *Trastámara, Lemos y Sarria*, confiscados a don Fernando de Castro, o gran derrotado dos lexitimistas galegos. O primeiro destes novos personaxes foi o conde don Pedro, fillo do infortunado mestre don Fadrique, irmán do novo monarca. A mercede henriqueña, que cabe datar cara a 1371, adquiriu despois a súa lexitimación histórica co calculado enlace do beneficiario con dona Isabel de Castro, filla do famoso don Álvar Pérez de Castro, conde de Arraiolos e primeiro condestable de Portugal; foi –en palabras de García Oro– *o sangue vello feito historia e grandeza épica que se une á fibra nova dispuesta a abrirse camiño na concorrencia desapiadada pola hexemonía*. E certamente, aínda que aquela dona Isabel de Castro non representaba a liña primoxénita e lexítima da gran estirpe dos Castro de Lemos, os seus sucesores asumiron para a poderosa vitalidade política e o alto prestixio social acadado por aqueles singulares personaxes, dando o maior esplendor á súa pretensión[60]. Desta forma, o renome desta vella estirpe seguiu gravitando, xunto cos seus seis roeis heráldicos, sobre os que os sucederon na titularidade dos estados de Lemos; era sen dúbida unha herdanza irrenunciable, un recordo permanente dos que ao longo de máis de dous séculos gozaran dunha posición de privilexio en Galicia e dunha singularísima proxección nos reinos veci-

nealoxistas, en Gándara, 1662, f. 307. Así, aínda que con certas precisións e noticias novas, en Caamaño, pp. 12-13, e en Bouza, p.16.

60 Pardo de Guevara, 1984, pp. 393-427. Unha versión revisada e ampliada en ibidem, 2000, v. I, pp. 210-250.

ños. A soa evocación dos seus nomes resulta dabondo ilustrativa: don Pedro *o da guerra* e don Fernando *toda la lealtad de España*, aos que cabería engadir os de dona Xoana *a desamada*, muller por unha noite do rei don Pedro, e os dos seus dous medio irmáns, a raína portuguesa dona Inés *colo de Garza* e o xa mencionado don Álvar Pérez *de Arraiolos*[61].

A pirámide nobiliario galega no final da Idade Media

O novo tecido nobiliario galego quedou perfectamente debuxado ao pouco de rematar o conflito dinástico, aínda que con posterioridade –sobre todo nos inicios do século XV– produciríanse aínda algunhas notables incorporacións. Por exemplo, algunhas ramas menores de importantes liñaxes de orixe foráneo, como os Zúñiga de Béjar[62], os Pimentel de Benavente [Beceiro, 1998] ou os Osorio leoneses [Martín, 1988], ademais doutros de menor entidade, como os Cadórniga, de orixe montañesa, ou los Monroy salmantinos, que chegaron máis tarde, os Orozco vizcaínos, os Sandoval burgaleses, etc.

O dito ata aquí permite ver con certa nitidez o rápido pero tardío proceso de conformación e consolidación das liñaxes nobres no espazo galego. Como é natural, a diversidade de orixe e fortuna de cada unha das estirpes mencionadas entraña diferenzas moi fondas no que fai á súa posición e traxectoria no período final da Idade Media. No vértice da pirámide, tras a extinción dos Castro, mantivéronse os seus sucesores na Casa de Lemos, competindo con desigual fortuna cos titulares do arcebispado compostelán. Con eles, aínda que a certa distancia, compartiron posición algunhas das grandes estirpes en ascenso, como los Soutomaior, Moscoso, Andrade, Ulloa ou o grupo dos Sarmiento, Zúñiga e Biedma. Nun chanzo inferior mantivéronse algunhas estirpes de indubidable tradición e antigüidade, como os Valadares e os Ozores, o grupo dos Mariño, Soga e Lobeira, os Pardo de Cela, Mariñas, Parga e Lanzós, o grupo dos Aguiar, Saavedra e Bolaño, o dos Camba, Nogueirol e Taboada, os López de Lemos, os Nóvoa... E a un nivel moi semellante, así mesmo, movéronse outras moitas estirpes, mesturándose con elas algunhas que xa ofreceran signos de puxanza e mesmo vigor a comezos do XIV, como os Lira, Troncoso e Caamaño, o grupo dos Aldao, Isorna e Xunqueiras, os Prego e Montaos, os Seixas, os Ribadeneira, Miranda, Vaamonde e Gayoso, os Montenegro e Sanxurxo, os Varela, Piñeyro e Goyanes, o compacto grupo dos Quiroga, Losada e So-

61 *Ibidem*, v. i, pp.143-184.

62 Encabézaa un fillo homónimo de Diego López de Zúñiga, señor de Béjar e xustiza maior de Castela. O novo personaxe casou con dona Elvira de Biedma, filla do mencionado Xoán Rodríguez de Biedma. Este enlace reportoulle os patrimonios dos Biedma e, singularmente, o señorío de Monterrei, ao redor do cal se consolidaría unha das grandes casas señoriais galegas. Sobre a liñaxe, Villalobos, 1975, pp. 327-355.

moza, os Tanxil, Puga e Cadórniga... Finalmente, na base cada vez máis ampla daquela pirámide nobiliaria situaríase xa un número bastante máis extenso de liñaxes, algúns vellos pero entón escurecidos –como os Deza ou Valcárcel– e outros, a gran maioría, de implantación máis local, rural ou urbana.

Malia a todo, ao avanzar o século XV –particularmente na súa segunda metade– o panorama experimentaría un notable cambio. A razón estivo no crecente peso que na vida galega adquiriron un gran número de estirpes de extracción diversa, moitas novas e algunhas non tanto, a maior parte das cales enriquecéranse á sombra dos mosteiros e cabidos catedralicios, acadando ao mesmo tempo un indubidable destaque entre as puxantes oligarquías urbanas. O multiforme conxunto daquelas e estas últimas converteríase en moi breve tempo na gran canteira da fidalguía rural galega dos séculos modernos.

A nutrida nómina, que se avanza como complemento do panorama que queda trazado, resulta por si mesma moi significativa. En terras de Lugo, en primeiro lugar, os Alfeirán, Cervo, Cora, Galo, Vizoso e Pedrosa, que dominarían a área de Viveiro; os Luaces, Basanta, Miranda, Ron, Cabarcos ou Teixeiro, que o farían en terras de Mondoñedo; os Gaibor, Picado, Prado, Gayoso e Lugo, Páramo, Neira e Cedrón, que se asomarían ao ámbito urbano de Lugo e, por último, os Gundín, Moure, Saco, Quiroga, Varela, Garza e Goyanes, que ocuparían posicións sólidas nas terras do Sur da provincia. Na área coruñesa, os Aponte e Montoto, que participarían activamente na vida urbana, moitas veces asociados –enlazados– coas máis antigas liñaxes; cara eo norte, asomaríanse os Freixomil, Solloso, Mandiá, Pita da Veiga e Serantes, e cara ás terras de Bergantiños faríano os Carantoña, Riobóo, Pardiñas de Vilardefrancos e Leis. En Betanzos, o panorama que desde antigo dominaban os Andrade, cos Pardo, Figueroa e Vilouzás, completaríase con outros igualmente antigos, pero chegados doutros puntos, como os Párrega, Mariñas, Piñeyro, Nogueirol, Lemos e Vilamarín, aínda que a todos eles se sumarían logo outras estirpes máis modernas. E no espazo compostelán, xunto ás grandes estirpes da rexión e a outras vinculadas á esfera eclesiástica, sobresairían algúns antigos cambiadores, tal é o caso dos Ocampo, Abraldes e outras estirpes chegadas de distintos puntos da xeografía galega, como os Cao de Cordido e España, e outros incluso de fóra de Galicia, como os Mondragón e Acevedo. Na área ourensá, dominarían os Puga, Tanxil, Ambía, Feixóo, Vilama-

rín, Gato, Salgado, Sotelo, Oca... Na cidade de Ourense, en cuxa axitada vida local participarán con crecente autoridade moitos deles, especialmente os primeiros, que foron rexedores e se vincularon aos Sarmiento; figurarán, ademais, os Gayoso, Seixas e Nogueirol, os tres chegados de terras lucenses, e tamén os Mosqueira, que representarían os intereses dos titulares da Casa de Lemos. E na área de Pontevedra, por último, o protagonismo compartiríano os Gago, Avendaño, Aballe, Cru e Montenegro, Agulla, Aldao... Cara ao norte, destacarán os Acosta, Suárez del Reino, Romay, Pazos de Provén... e cara ao sur, preto xa de Portugal, por fin, serían los Arines, Troncoso, Alemparte, Arauxo ou Correa.

Bibliografía

Aponte, Vasco de [ed. vv. aa., *Vasco de Aponte. Recuento de las Casas antiguas del Reino de Galicia* [introdución e edición crítica], 1986, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Argote de Molina, Gonzalo [1866; 1º 1588], *Nobiliario de Andalucía*, Jaén: Tip. de F. López Vizcaino.

Beceiro Pita, Isabel [1998], *El condado de Benavente en el siglo XV*, Salamanca: Centro de Estudios Benaventanos «Ledo del Pozo»-CSIC.

Binayán Carmona, Narciso [1986], «De la nobleza vieja... a la nobleza vieja», *Cuadernos de Historia de España*, Estudios en homenaje a Sánchez Albornoz, Anejo 4, 103-138.

Bouza Brey, Fermín [1965], *El señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su marquesado [1461-1655]*, Santiago de Compostela: iegps.

Caamaño Bournacell, José [1960], *La descendencia de Ruy García de Caamaño [siglo XII]*, Madrid: Hidalguía.

Fernandes, Fátima R. [2000], «Os exilados castelhanos no reinado de Fernando I de Portugal», *En la España Medieval*, v. 23, 101-115.

Fernández-Xesta Vázquez, Ernesto [1991], *Un magnate catalán en la corte de Alfonso VII: comes Poncius de Cabreira, princeps Çemore*, Madrid: Prensa y Ediciones Iberoamericanas.

Fernández Suárez, Gonzalo F. [2002], *La nobleza gallega entre los siglos XIV y XV. Los Sarmiento, condes de Ribadavia*, Santiago de Compostela: Eco Franciscano.

Gaibrois de Ballesteros, Mercedes [1922-1928], *Historia del reinado de Sancho IV de Castilla*, Madrid: Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos.

Galindo Romero, Pascual [1923], *Tuy en la baja Edad Media*, Zaragoza-Madrid: Instituto Enrique Flórez.

Gándara, fr. Felipe de la [1662], *Armas y triunfos, hechos heróicos de los hijos de Galicia*, Madrid: Pablo del Val [ed. facsimile de Santiago de Compostela, 1970].

García Oro, José [1987], *Galicia en los siglos XIV y XV*, serie «Galicia Histórica», A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

González, Julio [1944], *Alfonso IX*, Madrid: CSIC.

González Ulloa, Pedro, *Descripción de los Estados de Monterrey en Galicia* [ed. J. Ramón y Fernández Oxea, Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, núm. 4, Santiago de Compostela, 1950].

González Vázquez, Marta [1996], *El arzobispado de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media [1150-1400]*, Santiago: Ed. do Castro.

Martín Fuertes, J. Antonio [1988], *Los Osorio y el marquesado de Astorga: de la nobleza leonesa*, León: S.A. Hullera Vasco Leonesa.

Mattoso, Jose [1980], *Livros velhos de linhagens* [ed. crítica], Lisboa: Academia das Ciências.

Moxó y Ortiz de Villajos, Salvador de [1969], *De la nobleza vieja a la nobleza nueva. La transformación nobiliaria castellana en la Baja Edad Media*, Madrid: Instituto Jerónimo Zurita.

Jular Pérez-Alfaro, M. Cristina [1990], *Los adelantados y merinos mayores de León [siglos XIII-XV]*, León: Universidad de León.

López Ferreiro, Antonio. [1903], *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, v. VI, Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [1984], «Un ejemplo de la nueva nobleza trastamarista en Galicia. El condestable don Pedro Enríquez. Un ejemplo de la nueva nobleza trastamarista en Galicia», *Anuario de Estudios Medievales*, 14, 393-428.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2000], *Los Señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media Gallega*, serie «Galicia Histórica», A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2001], «Parentesco y nepotismo. Los arzobispos de Santiago y sus vínculos familiares en los siglos XIV y XV», en R. Yzquierdo Perrín [coord.], *Los coros de las catedrales y monasterios: arte y liturgia*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2006], «Osorio Eáns Gago y su descendencia. Noticia de un linaje galaico-miñoto de comienzos del siglo XIV», *Estudos em homenagem ao Professor Doutor José Marques*, v. I, Oporto: Universidade do Porto, 479-497.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo e García Ledo, X. Antón [1997], *Palos, fajas y jaqueles. La fusión de armerías en Galicia durante los siglos XIII al XVI*, Lugo: Deputación Provincial.

Portela, Ermelindo e Pallares, M. Carmen [1993], «Aristocracia y sistema de parentesco en la Galicia de los siglos centrales de la Edad Media: el grupo de los Traba», *Hispania: Revista española de Historia*, 53, n. 185, 823-840.

Quintanilla Raso, M. Concepción [1999], «La renovación nobiliaria en la castilla bajomedieval. Entre el debate y la propuesta», en *La nobleza peninsular en la Edad Media. VI Congreso de Estudios Medievales*, 255-296, León: Fundación Sánchez-Albornoz.

Rades de Andrada, Francisco de [1572], *Chronica de las tres Ordenes de Sanctiago, Calatrava y Alcantara*, Toledo: Casa de Juan de Ayala.

Romaní Martínez, Miguel [1989], *A Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira [Ourense] [1025- 1310]*, Santiago: Tórculo.

Russell, P. Edward [1943], «Juan Fernández Andeiro en la corte de Juan de Lancáster [1371-1381]», *BRAG*, 23, 359-375.

Salazar Acha, J. de [1990], «Los descendientes del conde Ero Fernández, fundador del monasterio de Santa María de Ferreira de Pallares», en *Galicia en la Edad Media*, Madrid: .

Salazar Acha, Jaime de [1991], «El linaje castellano de Castro en el siglo XII. Consideraciones e hipótesis sobre su origen», *Anales de la Real Academia Matritense de Heráldica y Genealogía*, 1, 33-68.

Salazar y Castro, Luis de [1696], *Historia genealógica de la Casa Lara*, Madrid: Imprenta Real.

Sangil, J. Luis [2002], *La nobleza altomedieval gallega. La familia Froilaz-Traba*, Noia: Toxosoutos.

Sottomayor Pizarro, J. A. [1999], *Linhagens medievais portuguesas. Genealogias e estratégias*, Porto: ed. do autor.

Sottomayor Pizarro, J. Augusto [2015], «A familia Limas entre a Galiza e Portugal [Séculos XII a XVI]», en J. A. de Sotto Mayor Pizarro e M. J. Barroca [coord.], *Paço de Giela. Historia de um Monumento*, Arcos de Valdevez: Câmara Municipal.

Suto Cabo, J. António [2020] «De illis de Mirapixe: Monio Fernandi. O trovador Múnio Fernandes de Mirapeixe e a sua parentela», *Madrygal: Revista de estudios gallegos*, 23, 335-373.

Villalobos y Martínez-Pontrémuli, M. Luisa [1975], «Los Stúñiga. Penetración en Castilla de un linaje de la nobleza nueva», *Cuadernos de Historia*, 6, 327-355.

Abreviaturas

ACL [Arquivo da Catedral de Lugo]
ADA [Archivo Ducal de Alba]
ADL [Arquivo Diocesán de Lugo]
ADM [Archivo Ducal de Medinaceli]
AGEP [Archivo Genealógico de Eduardo Pardo]
AHN [Archivo Histórico Nacional, Madrid]
ARCV [Archivo de la Real Chancillería de Valladolic]
BAC [Biblioteca de Autores Cristianos]
BAE [Biblioteca de Autores Españoles]
BCML [*Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*]
BRAG [*Boletín da Real Academia Galega*]
IEGPS [Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento]
PMH [*Portugaliae Monumenta Historica*]
RAH [Real Academia de la Historia]

O lexitimismo galego entre Portugal e Inglaterra [Século XIV]

Anselmo López Carreira

RESUMO. A crise que no s. XIV afectou a Europa nos máis diversos aspectos [demográfico, militar, económico, social, ideolóxico] constitúe, contemplada nun ciclo de longa duración, o contexto da transición entre os reinos medievais e as monarquías *modernas*, xerme dos estados actuais. É comprensible, por iso, que a historiografía lle prestase gran atención.

Tamén o reino de Galicia viviu ese período, particularmente ao longo da segunda metade da centuria, con notable intensidade, tecendo conexións con Castela, Portugal e Inglaterra. Mais neste caso, ata tempos moi recentes, os estudos foron parciais e insuficientes.

O destaque adquirido pola liñaxe nobiliaria dos Castro vertebra unha liña de observación que nos permite valorar con maior precisión os acontecementos e as consecuencias que estes tiveron para o devir do país: a imposición dunha nova dinastía na Coroa de Castela [1369], o sucesivo fracaso das expedicións de Fernando I de Portugal [1370] e do duque de Láncaster [1387], e o triunfo da revolución portuguesa [1385], que provocaron importantes cambios na estrutura da sociedade baixomedieval galega.

RESUMEN. La crisis que en el s. XIV afectó a Europa en los más diversos aspectos [demográfico, militar, económico, social, ideológico] constituye, contemplada en un ciclo de larga duración, el contexto de la transición entre los reinos medievales y las monarquías *modernas*, germen de los estados actuales. Es comprensible, por eso, que la historiografía le prestase gran atención.

También el reino de Galicia vivió ese periodo, particularmente a lo largo de la segunda mitad del siglo, con notable intensidad, tejiendo conexiones con Castilla, Portugal e Inglaterra. Pero en este caso, hasta tiempos muy recientes, los estudios fueron parciales e insuficientes.

El destaque adquirido por el linaje nobiliario de los Castro vertebra una línea de observación que nos permite valorar con mayor precisión los acontecimientos y las consecuencias que estos tuvieron para el devenir del país: la imposición de una nueva dinastía en la Corona de Castilla [1369], el sucesivo fracaso de las expediciones de Fernando I de Portugal [1370] y del duque de Láncaster [1387], y el triunfo de la revolución portuguesa [1385], que provocaron importantes cambios en la estructura de la sociedad bajomedieval gallega.

ABSTRACT. The crisis that affected Europe in the 14th century in the most diverse aspects [demographic, military, economic, social, ideological] constitutes, in a long-term cycle, the context of the transition between the medieval kingdoms and the modern monarchies, the seed of modern states. It is understandable, therefore, that historiography has paid great attention to it.

The kingdom of Galicia also lived through this period, particularly during the second half of the century, with notable intensity, weaving connections with Castile, Portugal and England. But in this case, until recent times, the studies were partial and insufficient.

The prominence acquired by the noble lineage of the Castro provides a line of observation that allows us to better assess the events and the consequences they brought for the future of the country: the imposition of a new dynasty in the Crown of Castile [1369], the subsequent failure of the expeditions of Fernando I of Portugal [1370] and of the Duke of Lancaster [1387], and the triumph of the Portuguese revolution [1385], which caused important changes in the structure of late medieval Galician society.

En 1372 a muller dun notario ourensán definía –sintética e sombriamente– a época en que vivía como «tempos que foron e son mal parados»[1]. Outros testemuños coetáneos indican que tal percepción era xeneralizada.

A importancia que o século XIV revestiu na evolución de Europa compréndese con só enumerar as catástrofes que o caracterizaron como unha das fases de longa duración de crise: Peste Negra, Guerra dos Cen Anos, violencia social, Cisma de Occidente. Un conxunto de acontecementos que condicionaron o tránsito do modelo feudal medieval ata as portas do Estado Moderno.

O rol de Francia e Inglaterra como contendentes principais no conflito militar, unido ao moderno desenvolvemento da súa investigación histórica, outorgoulle a ambos países a hexemonía historiográfica, seguidos por outros involucrados en diferente medida, como Flandres, Portugal, Navarra, Castela, etc.

Galicia sitúase tamén no rango dos países directamente afectados pola guerra, mais o tratamento dispensado pola investigación e a divulgación históricas non garda correspondencia nin cos feitos en si mesmos nin coas consecuencias que tiveron no seu inmediato desenvolvemento histórico. No mellor dos casos os estudos centráronse na xenealoxía e na historia das elites [nobreza e Igrexa]; no peor, comprobamos que en moitas historias de Galicia o período foi minimizado ou completamente pasado por alto.

O segmento cronolóxico que, dentro desa dilatada fase secular da historia europea, agora nos interesa, restrínxese á segunda metade do século XIV, con tres breves períodos de máxima intensidade, o primeiro entre 1369 e 1371, cando ten lugar a intervención de Fernando I de Portugal, o segundo

1 ACOu, *Escrituras* X, 35.

entre 1383 e 1385, correspondente á revolución portuguesa, e o derradeiro entre 1386 e 1387, o da expedición do duque de Láncaster. O denominador común que os vertebra proporciónao a liñaxe nobiliaria dos Castro, concretamente os catro irmáns Fernando Ruíz, Álvaro Pérez, Inés e Xoana.

Os acontecementos que tiveron Galicia por escenario incidiron de maneira directa na guerra civil de Castela e no recambio dinástico, na revolución portuguesa de 1383 e a entronización da Casa de Avís, no artellamento da alianza anglo-portuguesa, e mesmo na evolución da guerra entre Inglaterra e Francia, pois destacados personaxes deses reinos desenvolveron aquí importantes accións bélicas e diplomáticas. A conclusión definitiva desa fase, en 1389, supuxo unha radical transformación do tecido social de Galicia e un cambio no seu rol dentro do conxunto da Coroa de Castela.

As referidas repercusións sobre os cambios dinásticos producidos en Portugal e na Coroa de Castela, e o papel desempeñado polas grandes liñaxes nobiliarias, outorgaron ampla cobertura aos feitos xa no momento mesmo en que tiñan lugar, recollidos con detalle nas crónicas de Fernão Lopes en Portugal, Pedro López de Ayala en Castela e, cunha proxección continental, na do francés Jean Froissart [malia as inexactitudes de que adoece[2]], ao que podemos sumar outros relatos complementarios[3]. Entre os diplomas conservados, que son varios repartidos en diversos fondos, é imprescindible mencionar os existentes no Archivo Ducal de la Casa de Alba, en Madrid, que son poucos pero de moi rico contido.

Por iso, ese capítulo da historia de Galicia non podía pasar desapercibido á historiografía, durante moito tempo focalizada na historia política das monarquías e na xenealoxía das casas nobres. En consecuencia, os estudos encol da nobreza galega, desde o *Livro de Linhagens* do conde Pedro de Barcelos no século XIV, pasando polas obras de Vasco da Ponte e Gonzalo Argote de Molina no XVI, ou as *Armas y Triunfos del Reino de Galicia* de Felipe de la Gándara no XVII, ata os traballos de José García Oro e Eduardo Pardo de Guevara, así como outros parciais[4], construíron a base das sucesivas observacións dirixidas ao conxunto da sociedade.

Tampouco podían ignorarse os monumentos funerarios de personaxes como Inés e Xoana de Castro, respectivamente no portugués mosteiro de Alcobaça e no Panteón Real da Catedral de Santiago, pero a súa categoría de fontes históricas pasou desapercibida. Outro tanto diremos do abun-

2 P. E. Russell [1955, p. xi] acusa a Froissart de inexacto e mal informado [«inaccurate and ill-informed»], posto que a súa redacción baséase en testemuños de segunda man, o cal é notorio no referente á toponimia galega, por veces irrecoñecible.

3 O *Chronicon Conimbricense*, clasificable no xénero dos anais, ofrece breves informacións coetáneas dos acontecementos [s. XIV]. Jean de Warvrin, en *Anciennes et nouvelles chroniques d'Anglaterre*, [s. XV] segue a J. Froissart.

4 Por exemplo, o que P. E. Russell [1942-1943] dedicou a Xoán de Andeiro, os de F. Regina Fernandes [2000] e L. M. Duarte [2008] sobre a nobreza galega exiliada en Portugal, ou o de J. Pichel [2014] sobre Nuño Freire de Andrade.

dantísimo tratamento literario que mereceu Inés de Castro, *colo de garza*, que alimentou a dimensión mítica do personaxe.

En consecuencia, desde o momento en que comezaron a elaborarse historias de Galicia, xa se contemplan os acontecementos e os personaxes máis notables, pero cun tratamento incompleto e irregular. Ata tempos recentes non se foi máis aló das informacións achegadas polos xenealoxistas ou da reprodución de fragmentos cronísticos, sen superarse os círculos da historia institucional ou das biografías dos máis destacados representantes da nobreza, especialmente dos Castro.

Por outra parte, a metodoloxía propia da segunda metade do século pasado, atenta aos grandes ciclos de carácter económico e social, relegou os acontecementos á posición propia dunha concepción obsoleta, contribuíndo á completa ignorancia que se comproba en moitas publicacións deses anos.

Murguía só trata superficialmente o tema no «Discurso preliminar» do primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*, pois esta, inacabada, non vai máis aló do século X. Polo contrario Vicetto [1872, pp. 325-404], non lle escatimarlle páxinas, seguindo con fidelidade a *Crónica* de Ayala, e sen idealizar en absoluto ao o conde Fernando de Castro, a quen acusa, desde a súa posición ideolóxica liberal, de oportunismo e egoísmo de clase.

Nas síntese de R. Villar Ponte [1932] e de V. Risco [1952] concédeselle o limitado espazo que cabería esperar en obras sintéticas de divulgación. Nas elaboradas a partir da década dos oitenta do pasado século tan só na de E. González López [1980, pp. 151-186] ocupa un espazo considerable. Nas demais oscílase entre o tratamento insuficiente e, polo xeral, descontextualizado ata o silencio absoluto.

Porén, dun tempo a esta parte estase a experimentar un interese crecente, non tanto polos episodios e personaxes, que xa eran coñecidos, como pola contextualización e divulgación dos mesmos. Citemos, por exemplo, os artigos contidos no libro colectivo *O condado de Lemos na Idade Media* [2008], que recolle os relatorios presentados no simposio «Da Terra de Lemos ao Reino de Galicia» [Monforte, 2007], un par de breves contribucións propias[5], ou o artigo de V. Trevín [2014] sobre a estancia do duque de Láncaster en Galicia, así como os ensaios interpretativos de C. Nogueira[6] e F. Rodríguez[7].

5 Reserveille unhas páxinas en *O reino medieval de Galicia* [2005] e o artigo «Inés de Castro e Pedro Madruga. Dúas tentativas de unión entre Galicia e Portugal na baixa Idade Media», *Límite* [Univ. de Extremadura], vol. 11.2, 2017.

6 C. Nogueira [2001], *A memoria da nación. O reino da Gallaecia*, Vigo: Xerais.

7 F. Rodríguez Sánchez [2022], *Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza [a segunda metade do século XIV]*, Santiago de Compostela: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Mención á parte se debe dispensar á historiografía inglesa, que concedeu unha comprensible atención á figura do duque de Láncaster, beneficiado da facilidade de acceso ás súas abundantes fontes documentais, ben conservadas e publicadas desde hai tempo. Así, mercé ás edicións de T. Rymer xa a principios do século XVIII, seguidas, bastante despois, polas de S. Armitage-Smith [1911], puideron pronto ser elaborados traballos minuciosos, entre eles o deste último autor [1905] e o exhaustivo de P. E. Russell [1955], autor tamén do citado artigo sobre o malogrado Xoán de Andeiro [1942-1943]. De entre os traballos recentes cabe mencionar o de A. Goodman [1992], aínda que no tocante a Galicia apenas engade nada aos anteriores.

OS CASTRO

A principios do século XIV os Castro ostentaban xa o máximo poder señorial en Galicia e axiña acadarían os postos políticos máis elevados de Castela e de Portugal. A súa carreira seguía un curso ascendente desde moito tempo atrás, pois Pedro Fernández de Castro *o da Guerra* [o pai de Fernando, Xoana, Álvaro e Inés] era bisneto do rei Afonso x e, naturalmente, para ter chegado a ese entronque rexio [a mediados do século XIII] o destaque da familia tiña que ser moi notorio.

Propúxose unha remota orixe da familia no rei García II de Galicia, na segunda metade do século XI, pero nin E. Pardo de Guevara [2000, p. 87] nin E. Portela [2001, p. 40] ven argumentos suficientes que a sosteñan.

A finais do século XII arraigaban en Galicia, ostentando sucesivamente desde entón os cargos de *tenentes* dos condados de Lemos, Sarria e Trastámara, mais cunha vinculación particularmente estreita coa *terra* de Lemos, coa que se identificará a súa *casa*. Posto que os cargos de *tenentes*, integrantes da curia rexia, eran de nomeamento rexio e removibles, a constitución da *casa de Lemos* na liñaxe dos Castro, consolidando o dominio da estirpe sobre o condado, tal vez se explique polo seu entronque coa familia posesora do señorío sobre a zona, á marxe do organigrama administrativo da Monarquía, o cal semella ter acontecido pola voda de Guterre Ruíz de Castro *o Escalabrado,* en 1172 ou 1173, con Elvira Osórez [Pardo de Guevara, 2000, pp. 97 e 101], filla do conde Osorio Rodríguez e de Elvira Rodríguez, señora de Lemos e Sarria[8].

8 Esta hipótese suxire a antiga existencia dun señorío sobre o territorio. De feito Elvira Osórez posuía tamén o patronato sobre o mosteiro de Ferreira de Pantón [vid. Viana y Vieites, *Col. Dip. de Ferreira de Pantón*, Lugo, 1994, pp. 25-26

Ademais, os Castro eran tamén os señores de Cabreira e Ribeira [Bierzo], pertigueiros de Terra de Santiago e meiriños ou adiantados rexios de Galicia, nunha secuencia só interinamente interrompida pola caída en desgraza, a principios do XIV, de Fernando Rodríguez de Castro, o cal por outra parte serviulles de trampolín para introducírense en Portugal. Logo, o seu fillo Pedro Fernández, ao chegar Afonso XI á maioría de idade [1325], recuperou todas as posicións dos seus devanceiros en Galicia e na Corte castelá, ademais de gañar, cando en 1341 acudiu con el á campaña do Estreito, o alcuño de *O da Guerra*, mais onde tamén faleceu, por mor dunha epidemia, ao ano seguinte, durante o cerco de Alxeciras.

Parece ser que este Pedro Fernández casou en primeiras nupcias coa portuguesa Beatriz [López Ferreiro, 1903, p. 144], neta do rei Afonso III de Portugal, da que non tivo descendencia. Do segundo matrimonio, con Isabel Ponce de León, señora de Vilanova das Infantes, naceron Fernando Ruíz e Xoana de Castro, e dunha terceira unión, coa portuguesa Aldonza Lourenzo, Inés e Álvaro Pérez de Castro. Tivo aínda outra filla, Milia, sen especial relevo histórico.



O primoxénito, Fernando Ruíz, foi nomeado Mordomo Maior por Pedro I en 1350, sendo aínda novo, e en 1366 podía exhibirse como «señor de Castro, conde de Trastámara e de Lemos e de Sarria e señor de Cabreira e de Ribeira e Pertegueiro Maior de Terra de Santiago e Alférez Maior d'El Rei e seu Endeantado Maior en Terra de León e de Asturias e de Galicia» [Risco, 1798, doc. 51, p. 414].

A pertiguería de Terra de Santiago implicaba o protectorado militar sobre o arcebispado, tácita situación de hexemonía laica sobre o poder eclesiástico, incómoda para os prelados, cos que os Castro mantiveron unha tensión permanente, con episodios de extrema violencia.

O conxunto dos títulos que posuían proporcionáballes a preponderancia política á cabeza da nobreza condal e un poder territorial que atravesaba lonxitudinalmente o centro de Galicia. [imaxe 1]

1. [Ver p. 488] Dominios de Fernando Ruíz de Castro

Pola súa parte, o oficio de Adiantado representaba o recoñecemento da confianza rexia e conferíalles un respaldo institucional que confirmaba a súa preeminencia no cadro nobiliario galego e no de toda a Coroa. O matrimonio de Xoana co rei Pedro I [de Castela] en 1354, convertía a Fernando de Castro en cuñado do monarca e estreitaba ao máximo os lazos entre ambos. Malia o carácter protocolario da voda [dise que só durou unha noite], ela foi raíña, e así se exhibe na sepultura do Panteón Real da Catedral de Santiago.

Paralelamente, a outra rama da liñaxe, representada por Álvaro Pérez e Inés, seguiu un rapidísimo curso que os colocou na máis alta cota da nobreza e no propio nivel da realeza. Álvaro Pérez, ademais de posuír o señorío de Salvaterra de Miño, obtivo en Portugal o título de conde de Arraiolos e en 1382 chegaba a ser o primeiro condestable de Portugal, alzándoo en poder ao segundo posto do reino, inmediatamente por detrás do monarca, en tanto que a súa irmá Inés [*Colo de Garza*], chegada en 1340, casou en 1354 co infante Pedro [futuro rei Pedro I de Portugal], con quen vivirá a tráxica historia amorosa, a raíz do seu asasinato en 1355. Tamén o seu túmulo é rexio, no mosteiro de Alcobaça, xunto ao do rei Pedro. O seus fillos Xoán e Denís serán frustrados candidatos á coroa portuguesa.

Desde mediados do século XIV ata o falecemento de Fernando Ruíz en 1375 e de Álvaro Pérez en 1384, estes dous personaxes, cabezas sucesivas da liñaxe, dirixiron a estratexia de apoio ao rei lexítimo da Coroa de Castela [Pedro I], interviñeron activamente na política portuguesa durante o reinado de Fernando I e puxeron en marcha a alianza entre Portugal e Inglaterra, completada despois deles por outro nobre do seu círculo, Xoán Fernández de Andeiro.

FERNANDO RUÍZ, XOANA DE CASTRO E PEDRO I DE CASTELA

A lendaria fidelidade de Fernando de Castro cara a Pedro I responde á lóxica do enfrontamento co episcopado, como grupo adversario na loita pola hexemonía en Galicia, mantido pola alta nobreza galega desde moito tempo atrás, e en concreto polos membros da súa liñaxe ao longo de todo o século XIV, e constitúe o factor determinante do comportamento político dos sucesivos membros da liñaxe.

Tal competencia será especialmente violenta co arcebispo de Santiago, mais aínda así eses episodios extremos non deixan de constituír momentos puntuais dentro dunha controversia que polo xeral se mantiña a nivel moderado ou mesmo larvada. Porén, na segunda metade do século, no marco da guerra civil, adquiriu carácter permanente, e só se resolveu co triunfo militar dunha das partes... a episcopal. Mentres a monarquía actuaba como elemento arbitral entre as partes, os bispos beneficiábanse do respaldo da coroa, en tanto que os condes, tamén incardinados nas estruturas do poder político, contaban coa baza da superioridade militar.

A relación dos Castro [e os seus afíns] cos concellos urbanos non alcanza a ser iluminada por completo, pola falta de documentación municipal, pero obedece ao mesmo motivo e ocasionalmente xurden informacións suficientes para confirmar as liñas de coincidencia e a intensidade da mesma nos momentos decisivos, pois os cidadáns desexaban socavar o señorío episcopal e acadar o reguengo [a directa dependencia do rei], no que topaban coa insistencia episcopal por conservar o poder temporal, unha loita polo xeral desfavorable para os cidadáns e que só rematará co fin do sistema urbano medieval. En consecuencia, burguesía urbana e alta nobreza condal coincidían no apoio á concepción política partidaria do reforzo das estruturas estatais fronte á xurisdicións feudais, sostida por Pedro I. Á común oposición contra a hexemonía eclesiástica sumarase a perspectiva de participación na navegación atlántica, dominada por Portugal e Inglaterra, que será clave no desenvolvemento do comercio galego baixomedieval, así como a simpatía cara a un modelo político con maior peso do Estado en detrimento dos poderes señoriais, todo o cal se verá puntualmente confirmado polos escasos testemuños documentais. Cando desde 1366 o conflito sucesorio desemboque en guerra aberta, as cidades «máis desenvoltas e dinámicas» apoiarán a Pedro I contra Henrique de

Trastámara [Rodríguez González: 1956, p. 244], colocándose exactamente no mesmo bando que os Castro.

Polo tanto, o conflito percorría as relacións internas da sociedade galega, con tres actores: nobreza condal, cidadáns e clero episcopal, e desde aí proxectábase ao terreo da política exterior.

2. [Ver pp. 488 / 489] Sepultura de Xoana de Castro [Panteón Real da Catedral de Santiago] [Arriba,Fundación Catedral de Santiago. 3D. Abaixo, foto: X.L. Vázquez]]

En primeiro lugar cara ás relacións coa Monarquía. A discrepancia entre nobreza e Igrexa [o papel da cidades non se abre de momento paso na documentación] fora un factor decisivo na reunificación de Galicia-León con Castela en 1230, especialmente satisfactoria para os bispos, mais non para o partido proclive á candidatura das relegadas infantas galego-portuguesas Sancha e Dulce. Por iso, cando a finais dese mesmo século XIII aflore de novo a insatisfacción da nobreza galega, a pretensión do infante Xoán de restaurar a independencia do reino galaico-leonés en 1296 contou co respaldo do Adiantado Maior, Fernando Rodríguez de Castro [† 1304] e do rei Denís de Portugal.

En consecuencia, a oposición ao dominio episcopal foi o factor determinante do apoio que Pedro I [1350-1369] atopou en Fernando Ruíz de Castro e nas cidades, por canto a súa política se orientaba cara ao fortalecemento das prerrogativas rexias fronte ás xurisdición señoriais, nomeadamente eclesiásticas.

Despois da morte de Pedro I esa liña lexitimista canalizouse cara á coroa portuguesa e, por fin, a Inglaterra, deseñando unha constante de «vinculación ... a unha concepción política» [Rodríguez González, 1956, p. 276], representada a escala europea por Inglaterra fronte ao modelo refeudalizador francés, ao que se sumou a nova dinastía castelá.

A efémera voda de Pedro I con Xoana de Castro en 1355 sancionaba os lazos entre Fernando de Castro [ou entre os Castro en xeral] e o monarca. Mais a aproximación viña de moito antes, dos propios inicios da vida política de Fernando de Castro e do reinado de Pedro. [imaxe 2]

Houbo tamén desencontros, certamente breves. O repudio de Branca de Borbón por parte de Pedro I, que desatou o conflito sucesorio, aproximou inicialmente a Fernando de Castro cara aos rebeldes contra o rei[9], provocando que este abandonase entón a Xoana Castro e a súa solemne

9 López de Ayala, *Crónica del rey don Pedro*, ano 1354, cap. XXXVI [Rosell, 1919, p. 506].

ruptura co monarca, mais o afastamento resolveuse xa no mesmo ano 1355; en adiante o conde participará nas accións militares contra Henrique de Trastámara e participará activamente na organización da alianza con Inglaterra.

En 1366 Henrique, con auxilio francés e o concurso da maior parte nobreza castelá e o da Igrexa irrompe en Castela, facéndose co dominio de toda a Coroa, «salvo don Fernando de Castro, que estava en Galizia»[10]. Por iso, véndose forzado a dirixirse a Inglaterra, Pedro I, atravesando Portugal desde Sevilla, recala en Galicia. Chega acompañado por Álvaro Pérez de Castro e continúa o camiño con Fernando Ruíz. No mes de xuño están ambos en Santiago, e teñen entón lugar os dramáticos acontecementos acaecidos na procesión de Corpus. Cando esta discorría pola Rúa da Balconada [segundo lembra a cantiga popular] saíron ao paso uns cabaleiros e, alí mesmo, mataron ao arcebispo Suero Gómez de Toledo, e a continuación ao deán [Pedro Álvarez], que dera chegado á catedral na procura de seguro, mais foi fatalmente alcanzado no altar[11]. O arcebispo militaba no bando henriqueño e enviara representantes á coroación de Burgos, recoñecendo a Henrique como rei [López Ferreiro, 1903, p. 170].

É evidente que os feitos obedecían ás circunstancias do momento, mais tamén pesaban poderosos precedentes. Tanto Fernando Ruíz como o rei, ademais de espectadores, foron os indutores, mais os directos executores foron os cabaleiros Fernando Pérez de Deza *Churrichao* e Gonzalo Gómez Galiñato. Naturalmente non tivo nada que ver ningunha *madama*, tal como rima a cantiga popular; Vasco da Ponte, que sitúa a morte do arcebispo en Porta Faxeira, explica que «todo se levantó por lo que hizo el arçobispo fray Berenguel», a saber, o asasinato dos membros do concello compostelán o 16 de setembro de 1320, cando «degolló por traición» na fortaleza da Rocha ao cabaleiro Afonso Suárez de Deza, que «era dos Churricháns»[12], e a outros moitos rexedores, cando acudiran a negociar as condicións da aceptación do arcebispo na cidade. A parcialidade dos Churricháns en favor da causa petrista manterase ata a intervención do duque de Láncaster, en 1386.

Tras confirmar a Fernando de Castro todos os títulos e deixalo como Adiantado de Galicia, Pedro I embarcou na Coruña cara a Baiona de Aquitania, dominada por Inglaterra, en demanda do auxilio militar inglés[13], que negociou na localidade de Libourne [preto de Burdeos] en

10 *Ibidem*, ano 1366, cap. xii [p. 541].
11 *Ibidem*, ano 1366, cap. xii [p. 544].
12 Vasco da Ponte [Díaz y Díaz e García Oro, 1986, p. 163].
13 López de Ayala, *Crónica del rey don Pedro*, ano 1366, caps. XIII, XXIII e XXIV [Rosell, 1919, pp. 544, 548 e 549].

setembro dese ano. Froissart narra a suposta promesa por parte de Pedro I de facer rei de Galicia ao Príncipe de Gales, Eduardo de Woodstock, fillo do monarca inglés Eduardo III[14], algo altamente improbable[15], pois nos ditos acordos de Libourne o que expresamente lle concede Pedro I é o señorío de Vizcaia [Rymer, 1790, pp. 115-123]. O ano seguinte, 1367, con tropas comandadas polo dito *Príncipe Negro*, Pedro I entraba en Castela e obtiña a resoante vitoria de Náxera, de onde Henrique a duras penas logrou fuxir.

Mentres tanto, desde 1366, en Galicia Fernando Ruíz hostilizaba aos trastamaristas. O propio Henrique acudiu contra el, pero tivo que retirarse ante a imposibilidade de tomar Lugo[16].

Aínda así, Pedro I non logrou resolver favorablemente a situación militar. En 1369 tivo que refuxiarse no castelo de Montiel; Fernando de Castro e Men Rodríguez de Seabra estaban con el. A capitulación tratada con Duguesclin rematou coa coñecida traizón e asasinato de Pedro polo seu propio medio irmán, Henrique, axudado por non se sabe quen [ninguén quixo cargar coa deshonra do célebre «ni quito ni pongo rey»]. Fernando Ruíz e Men Rodríguez caeron presos.

Era o final da guerra e do debate sucesorio en Castela, con Henrique II asegurado no trono e iniciando a nova dinastía, erroneamente denominada Trastámara, mais en Galicia os petristas, dirixidos agora por Álvaro Pérez de Castro, demandan a intervención de Fernando I de Portugal.

OS CASTRO EN PORTUGAL

Pedro Fernández de Castro [*o da Guerra*] foi levado a Portugal e criouse na Corte do rei Denís. Do seu primeiro matrimonio, con Beatriz, «segundo todos os indicios» non houbo descendencia [Pardo de Guevara, 2008, p. 32], polo que esa estancia non tivo continuidade inmediata. El mesmo pasou a Castela cando accedeu ao trono Afonso XI, desenvolvendo ao seu carón un próspera carreira e recuperando os vellos títulos confiscados. Non por iso deixou nunca de observar a lealdade contraída co rei de Portugal, Afonso IV, mesmo declinando nun par de ocasións combater contra el, unha delas nunha entrada dos portugueses por Galicia, escusa que o propio Afonso XI considerou convincente.

14 Froissart [*Chroniques de sire Jehan Froissart*, BnF, Français, 2643] sitúa o suposto compromiso na cidade de Burdeos: «li dis rois dans Piètres ... en la cité de Bourdiaus ... li offroit et prommetoit ... que el feroit Edowart ... roy de Galisse» [na edción de Siméon Luce, t. VI, Paris: Chez Mme Ve Jules Renourd, 1876, pp. e 365].

15 Aínda que P. Ainsworth [«Collationnement, montage et *jeu parti*: le début de la campagne espagnole du Prince Noir [1366-1367] dans les *Chroniques de Jean Froissart*», *Le Moyen Âge*, 3-4, 1944] chamou a atención sobre iso, xa o propio S. Luce supuxo a existencia de erro, que el quixo resolver supoñendo que en vez de Galicia debería dicir Castela [op. cit., p. lxxxviii], cousa imposible, posto que Pedro I era o rei de Castela e acudía a Inglaterra precisamente para seguir séndoo, e de feito xa tres anos antes designara sucesora á súa filla Constanza. Porén, a afirmación de Froissart non carece de valor na medida en que tal eventudalidade resultase admisible a un autor do século XIV.

16 López de Ayala, *Crónica del rey don Pedro*, ano 1366, caps. XVII e XVIII [Rosell, 1919, p. 546].

En 1340 chegaba a Portugal a súa filla Inés, formando parte do séquito da castelá Constanza Manuel, que viña para casar co infante Pedro [fillo do rei Afonso IV]. Obnubilado pola beleza de Inés, o infante iniciou axiña unha apaixonada relación amorosa con ela, normalizada a partir do falecemento de Constanza en 1345: «e teníala el infante don Pedro por quanto era muy fermosa» [López de Ayala][17] e «della namorou, seemdo casado e aimda Iffante, de guisa que ... perdesse vista e falla seemdo allomgado» [Fernão Lopes][18]. As circunstancias políticas que disto derivaban recomendaron non facer de momento publica a voda, cousa que Pedro fará bastante despois, en 1361, declarando entón ante notario e testemuñas terse casado con ela en 1354[19]. O ano seguinte, 1355, foi asasinada por orde de Afonso IV.

En 1362 os restos de Inés foron solemnemente trasladados desde Santa Clara de Coimbra ata o máis importante mosteiro daquela existente en Portugal, o de Alcobaça, onde recibiu sepultura no admirable monumento erixido a tal efecto, onde ela luce coroa rexia e campan os escudos heráldicos dos Castro [seis roeis] e de Portugal. [IMAXE 3]

3. [Ver pp. 490 / 491] Sepultura de Inés de Castro no mosteiro de Alcobaça [Portugal] [Fotos: X.L. Vázquez]

Da vida en común de Inés e Pedro naceran catro fillos: Afonso [falecido de neno], Xoán, Denís e Beatriz. O recoñecemento do matrimonio e, por tanto, dos seus dereitos hereditarios ao trono portugués, garda relación directa co asasinato de Inés e foi un factor da máxima importancia na revolución portuguesa de 1383.

Álvaro Pérez, o irmán de Inés, pasou precipitadamente a Portugal en 1354, cando tanto el como o seu irmán Fernando Ruíz romperan momentaneamente con Pedro. Confabulados con Fadrique e Henrique de Trastámara concibiron a idea de propoñerlle ao infante Pedro de Portugal a coroa de Castela; «e el infante oyó de buen talante... e quisiéralo facer»[20], pero Afonso IV [pai do infante] desbaratou a idea, que sumou motivos para o asasinato de Inés.

A moderna historiografía portuguesa móstrase moi crítica coa manobra e, por ende, coa propia Inés, a quen F. Regina Fernandes considera «potencial elo de ligação do trono português com os interesses dos Castro em Castela» [Fernandes, 2006, p. 275]. Outras opinións son aínda máis parciais: para A. Sérgio os Castro «serviram de cúmplices da conjura», alarmando aos defensores da independencia, polo que Inés foi «julgada e condenada por uma espécie de conselho de Estado» [Sérgio, 1981, p. 25]; ou

17 López de Ayala, *Crónica del rey don Pedro*, ano 1360, cap. XIV [Rosell, 1919, p. 506].
18 Fernão Lopes, *Crónica de D. Pedro I*, cap. XLIV [Peres, 1979, p. 201].
19 *Ibidem*, cap. XXVII [p. 125].
20 López de Ayala, *Crónica del rey don Pedro*, ano 1354, cap. VIII [Rosell, 1919, p. 443].

sexa, unha «especie» de execución legal máis que un asasinato. Para A. H. de Oliveira Marques [representante da historiografía oficial portuguesa] todo o que rodea a Inés [pertencente, por certo, «a uma poderosa familia de terratenentes de Castela»] era «pretexto para a influéncia castelhana em Portugal», e incluso especula con que «ao que parece D. Pedro converteu-se em joguete nas suas mãos» [Oliveira, 2003, p. 113], xustificando tacitamente o asasinato e explicando o conflito no estreito marco do bipolarismo Portugal-Castela.

Sen perdermos de vista as propias expectativas dos Castro e do seu círculo nobiliario, que alzando o infante Pedro ao trono de Castela se vían «sentados no trono dunha unión dinástica con Portugal e ocupando cargos e títulos de enorme influencia» [Duarte, 2008, p. 147], o episodio debe ser contemplado tamén en sintonía cos propios intereses dun importante sector da nobreza portuguesa, como se demostrará na revolución de 1383 e no seu cénit, a batalla de Aljubarrota [1385], onde moitos engrosarán o exército castelán [e perecerán en elevado número].

O asasinato de Inés semellaba frustrar as esperanzas dos Castro en Portugal. O autores materiais foron os cabaleiros Álvaro Gonçalves e Pedro Coelho, contra os que Pedro descargou a súa dura venganza, cunha crueldade que Fernão Lopes non deixa de desaprobar [«Muito perdeo el-Rei de sua boa fama»]: a ambos lles foi arrincado en vida o corazón; a Pedro Coelho polo peito, a Álvaro Gonçalves polas costas. E todo contemplándoo o rei mentres comía[21]. Mais as posibilidades dos fillos de Inés de acceder ao trono portugués volverán a estar sobre a mesa no seu momento. En todo caso cumpríalles agardar, pois falecido Pedro en 1367, a coroa pertencía ao seu primoxénito, Fernando, nacido do breve matrimonio con Constanza Manuel.

A raíz da guerra polo trono de Castela, que conclúe coa morte de Pedro I e o triunfo de Henrique II de Trastámara en 1369 e, sobre todo, con motivo da expedición a Galicia de Fernando I de Portugal ese mesmo ano, moitos nobres petristas galegos, ademais dos Castro, afincarán en Portugal, onde dous deles, Nuño Freire de Andrade e Xoán Fernández de Andeiro, farán tamén unha brillante carreira. O primeiro chegará a ser mestre da Orde de Cristo e o segundo, artífice da alianza con Inglaterra, recibirá o título de conde de Ourém e acadará enorme influencia na Corte, á beira de Fernando I e da súa muller Leonor [tal vez demasiado próximo a ela].

21 Fernão Lopes, *Crónica de D. Pedro I*, cap. XXXI [Peres, 1979, pp. 148-149].

A INTERVENCIÓN DE FERNANDO I DE PORTUGAL EN GALICIA [1369-1370]

Preso en Montiel en 1369 [cando morre Pedro I], Fernando Ruíz de Castro permaneceu por forza alleo a este episodio. Cando recuperou a liberdade xa Fernando I se retirara de Galicia. No entanto, vai ser o seu irmán Álvaro Pérez que asuma a dirección do anti-trastamarismo e anime a intervención do monarca portugués, para o que este contaba cos oportunos argumentos xenealóxicos, pois era bisneto de Sancho IV de Castela, e a súa lexitimidade podía ser favorablemente contrastada coa ilexitimidade de Henrique de Trastámara, fillo natural de Afonso XI e, ademais, rexicida.

A morte de Pedro I permitiu a entronización de Henrique II en Castela, mais non en Galicia, onde, malia a prisión de Fernando de Castro, predominaba o partido lexitimista, e onde seguramente [suxíreno os feitos inminentes] os concellos urbanos se impuñan neses momentos aos prelados trastamaristas.

4. [Ver p. 492] Campaña de Fernando I de Portugal en Galicia

Ese mesmo Fernando I de Portugal inicia a expedición, asegurado polos seus promotores galegos de que «que levantariam voz por elle [...] e que lhe dariam as villas e o reçeberiam por senhor fazémdolhe dellas menagem»[22]. Acompañábano Álvaro Pérez de Castro e Nuño Freire de Andrade. Fernão Lopes cita tamén aos destacados cabaleiros Sueiro Anes de Parada, Men Rodríguez de Seabra e Afonso Gómez Churrichao.

No seu percorrido, por mar e por terra, foi pasando por Tui, Salvaterra, Redondela, Baiona, tal vez Pontevedra, Ribadavia, Ourense, Allariz, Lugo, Padrón e Santiago, ata acadar por fin A Coruña.

Un paseo militar, segundo se desprende da crónica: «chegou el-Rey a Tui, foi hi mui bem reçebido», e así de fácil debeu ser o resto do camiño, porque «os logares se lhe derom de seu grado». Na Coruña «os da villa o sairom todos a reçeber»[23], co tenente da cidade, Xoán Fernández de Andeiro, á cabeza. Porén, a documentación notarial galega tamén rexistra episodios violentos, que acreditan asaltos, estragos e, literalmente, guerra: a iso se refería precisamente aquela ourensá, citada ao principios destas páxinas, que en 1372 se queixaba das «guerras e tenpos que foron e son mal parados»[24], ao que podemos aínda engadir testemuños máis explícitos[25]. [IMAXE 4]

Malia o innegable consenso atopado no país, a aventura foi breve e insatisfactoria. A rápida chegada das tropas ao servizo de Henrique de Trastá-

22 Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando*, cap. XXV [Dias Arnaut, s/d, p. 75].
23 *Ibidem*, cap. XXX [p. 86].
24 ACOu, *Escrituras* X, 35.
25 Un documento de 1370 acusa a perda de documentación catedralicia «*in istes guerris, capcionibus, depredacionibus, combustionibus et rapinis que [...] fuerant in ista civitate et ecclesie*» [ACOu, *Escrituras* XIV, 73], e outro, de 1380, lembra o asalto á cidade: «guerras e destruymento e roubos que se feseron en esta vila quando foi entrada per força» [ACOu, *Escrituras* XIII, 21].

mara provocou a retirada portuguesa sen precisión de batalla, e na súa ofensiva o castelán penetrou ata Braga e Guimerães. Foi durante o cerco posto a esta poboación cando Fernando Ruíz de Castro atopou ocasión de fuxir, e regresando a Galicia, pronunciáronse por el as cidades de Santiago, Lugo e Tui, ademais de permanecer aínda A Coruña fiel ao rei portugués. Nesas circunstancias reavivouse a resistencia urbana fronte ao Trastámara e os prelados. Na primavera de 1371 producíase o levantamento da cidade de Santiago contra o arcebispo Rodrigo de Moscoso, o cal se facía explicitamente en nome de Fernando de Castro e do rei de Portugal[26]. Henrique II reacciona de novo axiña e envía un exército comandado polos seus adiantados Pedro Ruíz Sarmento e Pedro Manrique, que derrotan a Fernando de Castro en Porto de Bois [1371], obrigándoo a retirarse a Portugal. Non voltaría a Galicia.

Algunhas medidas adoptadas por Fernando I durante a súa estancia en Galicia confirman que «entendía de possuir longamente»[27] as prazas galegas. Suprimiu as aduanas entre ambos reinos e asegurou o abastecemento das cidades, restaurou murallas e cuñou moeda en Tui e na Coruña. O elevado volume da emisión desta moeda fernandina en Galicia fica de manifesto na disposición das Cortes de Lisboa de 1371, ampliando o prazo para o seu cambio pola de curso en Portugal[28].

Na paz de Alcoutim [1371] Fernando I recoñecía o fracaso da súa pretensión. Tui aínda tivo que ser tomada ao asalto por Pedro Ruíz Sarmento en 1372 e A Coruña, abastecida por mar desde Portugal e defendida por Nuño Freire de Andrade, só acatou ao Trastámara tras a paz de Santarém, en 1373, na que ademais se estipulaba a expulsión de Portugal de Fernando de Castro, Xoán de Andeiro e outros destacados lexitimistas. Fernando de Castro dirixiuse ás posesións inglesas de Aquitania, onde faleceu un par de anos despois.

A REVOLUCIÓN PORTUGUESA DE 1383 E O FIN DA INFLUENCIA GALEGA EN PORTUGAL

A crise sucesoria que se produce en Portugal cando en 1383 falece Fernando I desencadea a revolución. O reino quedaba a cargo da súa viúva, Leonor Teles, e xa inmediatamente representantes da cidade de Lisboa solicítanlle «que ajaaes en vosso conselho naturaes destes regnos, e nom Ga-

26 ACS, *Tombo C-2*, 341.
27 Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando*, cap. XXXI [Dias Arnaut, s/d, p. 87].
28 Art. 34º, *Cortes Portuguesas. Reinado de D. Fernando I [1367-1383]*, Lisboa: Universidade Nova, 1990, v. I, p. 31.

llegos nem Castellaãos»[29], pois temíase unha posible [ou xa inminente] unión a Castela, posto que a filla e herdeira, Beatriz, estaba casada con Xoán I de Castela [1379-1390], sucesor de Henrique de Trastámara.



Tres partidos saltan entón ao escenario. Ao lado da rexente, Leonor Teles, destacaba como figura principal Xoán Fernández de Andeiro. Representaban a opción da alta nobreza [Duarte, 2008, p. 142], pero a candidatura para o trono que propoñen divídese axiña entre o propio Xoán I de Castela e a súa muller Beatriz e Xoán de Castro, o fillo de Inés, quen contaba coa maior lexitimidade, pois falecido Fernando I era el o segundoxénito, o cal outorgaba moitas probabilidades. E despois del aínda estaría o seu irmán Denís.

Porén, cando os acontecementos se precipiten, un amplo sector da nobreza tradicional portuguesa integrará o bando favorable ao monarca castelán, en tanto que outra parte, descendente das familias máis antigas, contraria a Castela, será a que defenda os dereitos da sucesión de Inés [Mattoso, 1987, p. 291].

Fronte a uns e outros presentábase o grupo máis nutrido da poboación, no se contaba a burguesía cidadá [sobre todo de Lisboa e Porto], así como a pequena e mediana nobreza, que nin querían o dominio castelán nin ao

29 Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando*, cap. CLXXIII; ed. Dias Arnaut: s/d, p. 479.

propio grupo aristocrático dos Teles [Mattoso, 1987, p. 293], e que se viran marxinados durante os últimos anos do reinado de Fernando I, cando, en cambio, ascenderan ata o cumio Andeiro e o propio Álvaro Pérez de Castro.

Andeiro tivo parte destacada na realización do matrimonio de Beatriz con Xoán I de Castela e nos acordos que regularían a sucesión portuguesa[30]. En canto a Álvaro Pérez, fiel a Portugal ata a súa morte en 1384 defendendo Lisboa contra os casteláns, pronunciábase en favor dos seus sobriños [os fillos de Inés], pero estes, así como os propios fillos de Ávaro Pérez, sospeitosos de conspiración, aproximaranse ao castelán e de feito acabarán os seus días folgadamente en Castela. Así, o bloque galego, aínda tendo tan importantes representantes, vai escorando cara a posicións que suscitaban crecente hostilidade.

A entrada *manu militari* de Xoán I de Castela en Portugal desencadea a revolución. Con el estaba, por tanto, un amplo sector da nobreza portuguesa, así como gran parte dos antigos lexitimistas galegos residentes en Portugal, o cal se explica, desde logo, polos seus intereses de clase, mais tamén, segundo propón Jose Mattoso, porque despois da morte de Henrique II, contra o que todos combateran, agora «as oposições tinham-se ja atenuado» [Mattoso, 1987, p. 280].

5. [Ver p. 493] *Morte do conde de Andeiro* [José de Sousa Azevedo, ca. 1860, Museu Nacional de Soares dos Reis, Porto]

En decembro de 1383 Xoán de Andeiro, a quen se acusa de complicidade co castelán e de ilícitas relacións coa raíña viúva, é asasinado por Xoán, mestre de Avís, e acto seguido, convenientemente orquestado, ten lugar levantamento da cidade de Lisboa. [IMAXE 5]

De momento, descartada Beatriz e Xoán I de Castela, todos semellaban aceptar que a coroa recaería en Xoán de Castro, en quen vían a alternativa máis plausible «por que o Regno de Portugal sempre fosse Regno sobre si apartado», de maneira que, como testemuña Fernão Lopes, eran moitos os que dicían «que o iffante Dom Joham queriam aver por seu Rei»[31], pois Xoán de Avís tiña dous obstáculos a falta de un: o de ser fillo da terceira muller de Pedro [os Castro érano da segunda, Inés] e o da ilexitimidade, pois Pedro non casara con Tareixa Lourenzo. Por iso, nun principio Xoán de Avís non se presenta como aspirante á coroa, senón que dí actuar en nome de Xoán de Castro [Mattoso, 1987, p. 291], quen o proclama «Rexedor e Defensor do reino» [Borges, 1981, p. 204], xa que el estaba en Castela retido en prisión por Xoán I de Trastámara, temeroso da súa posible compe-

30 Ibid., caps. CLVII, CLIX, CLXI; pp. 437, 443 446, 447.
31 Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando*, cap. CLXXV; ed. Dias Arnaut: s/d, p. 484.

tencia. Esa ausencia imposibilitou na práctica a identificación do seu partido co de Xoán de Avís.

En 1384, estando cercada Lisboa, o arcebispo de Santiago, Xoán García Manrique [que logo acabará refuxiándose en Portugal], corría a comarca entre Miño e Douro, portando «bamdeira temdida dos sinaes de Samtiago»[32], e os habitantes de Porto «sahirom fora da çidade pera pellejar com os Gallegos»[33], de maneira que, fronte aos que o cronista denomina «verdadeiros portugueses», os galegos son vistos como estranxeiros e inimigos, e unha vez que o mestre de Avís se faga co trono portugués, desprazando aos fillos de Inés, a deserción dos nobres galegos parece ter sido xeneralizada.

O tema sucesorio resólvese nas Cortes reunidas en Coímbra en 1385. Os partidarios de Xoán de Castro presentaban aínda un bando dotado de gran solidez, pero a ausencia do infante e a marcha dos acontecementos obraban en favor de Xoán de Avís, cuxa argumentación lexitimadora correu a cargo do *doutor* Xoán das Regras, dirixida a demostrar a ilexitimidade dos fillos de Inés, negando a existencia de matrimonio co rei Pedro. Porén, Pedro xurara sobre os evanxelios ante notario e numerosas testemuñas que casara con Inés en 1354, «fazemdosse maridança qual deviam»[34]. O bispo da Guarda aseguraba que el mesmo «os reçebera ambos de palavras de presente como manda a samta egreja». Nesa mesma ocasión presentárase tamén bula do papa Xoán XXII, datada en 1325, de dispensa xeral de consanguinidade, no que de feito se podería incorrer[35]. Sobre o ano 1352 o rei Afonso IV [o pai do infante Pedro], oposto á lexitimación dos fillos de Inés, informado da devandita dispensa, atribuíuna a conspiración, declarando que o infante actuara inducido «por pallavras dalguuns», e diso seguiuse o asasinato de Inés tres anos despois.

Aínda que Fernão Lopes, panexirista da casa de Avís, concede moita importancia a argumentación de Xoán das Regras, esta non é convincente e non hai dúbida de que foi o peso dos maioritarios apoios con que contou Xoán de Avís entre a poboación o que o elevou a el ao trono.

No mesmo ano 1385 a vitoria portuguesa de Aljubarrota puxo fin ao tema, asegurando o triunfo da revolución e despexando incluso fisicamente o panorama social do país coa aniquilación de moitos membros da gran nobreza, ademais de liquidar toda pretensión de Xoán I de Castela e poñer a

32 Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*, cap. CXXI; ed. Baquero/Sérgio: 1991, I, p. 235.
33 *Ibidem*, cap. CXIX; I, p. 232; expresións semellantes en caps. CXX [I, 233], e CXXI [I, 235].
34 Fernão Lopes, *Crónica de D. Pedro I*, cap. XXVII; ed. Peres: 1979, pp. 125-127: «Como elRei Dom Pedro de Purtugal disse por Dona Enes que fora sua molher reçebida, e da maneira que em ello teve». Ao día 1 de xaneiro faise referencia no cap. XXVIII, p. 130.
35 *Ibidem*, cap. XXVIII; pp. 129-134: «Do testemunho que alguuns derom no casamento de Dona Enes».

súa coroa nun perigoso transo. Ao mesmo tempo, falecidos os máis importantes [Nuño Freire en 1373, Fernando de Castro en 1375, Xoán de Andeiro en 1383, Álvaro de Castro en 1384] e retirados outros a Castela [entre eles os fillos de Inés e os de Álvaro de Castro], a presenza da nobreza galega en Portugal chegou ao seu fin.

A EXPEDICIÓN DO DUQUE DE LÁNCASTER

A implicación de Inglaterra nos asuntos concernentes a Galicia remontan á guerra civil que enfrontou a Pedro I con Henrique de Trastámara. Despois da morte de Pedro I en 1369 e prisión temporal de Fernando de Castro, a alianza anti-trastamarista con Inglaterra foi urdida por Álvaro Pérez e os exiliados galegos en Portugal. Tiña por obxectivo procurarlle auxilio a Portugal fronte a Castela e destronar a Henrique II e logo ao seu fillo Xoán I, mediante a presentación da candidatura do duque de Láncaster, cuxa lexitimidade radicaba no matrimonio contraído en 1371 con Constanza, filla de Pedro I, nomeada herdeira en 1363.



O 30 de xaneiro de 1372 o *Council* inglés outorgaba o seu beneplácito ao plan, recoñecendo o título rexio de Constanza; a campaña militar estaba prevista para ese mesmo ano. Aínda que a maior responsabilidade semella recaer sobre Andeiro, que se move como embaixador entre Inglaterra e Portugal, xa a principios de 1373 a documentación inglesa revela a influen-

cia que na corte inglesa ten Fernando de Castro[36], a quen o duque de Láncaster trata con gran familiaridade [«tres amé cosyn»]. En 1374 emite un documento de nomeamento de alcaldes de Vilalba e Outeiro de Rei desde a cidade vasco-aquitana de Baiona[37], e alí falece en 1375[38]. [IMAXE 6]

6. [Ver p. 491] Fernando de Castro nomea alcaldes [Archivo de la Casa Ducal de Alba, Madrid] [Foto: Alba Vázquez Carpentier]

A referencia máis antiga ao seu falecemento e enterramento na catedral da dita cidade débese a Argote de Molina [1548-1596] e cópiaa Gándara no s. XVII[39]. As sepulturas da catedral de Baiona foron saqueadas durante a revolución francesa, pero consérvanse descricións pormenorizadas das mesmas, así como detalladas relacións dos personaxes lembrados nos oficios da catedral, mais en ningún caso aparece o nome de Fernando de Castro, malia a súa notoriedade social e política.

Múltipes circunstancias, como as propias mortes de Henrique de Trastámara en 1379 e do monarca portugués Fernando I en 1383, o decurso dos acontecementos bélicos en Francia ou a revolución portuguesa, foron adiando a empresa. A supervivencia da idea debeuse a Xoán Fernández de Andeiro, «natural da Crunha», quen reorganizou a alianza lexitimista e fixo realidade o plan de intervención do duque de Láncaster en Galicia. A súa actividade diplomática culminou no envío dunha infeliz expedición inglesa a Portugal en 1381, comandada por Edmundo de Langley, irmán do duque de Láncaster, e co propio Andeiro a bordo, que provocou serios problemas coa poboación e retirouse con máis pena que gloria.

A vitoria portuguesa de Aljubarrota sobre Xoán I de Castela en 1385 creou a situación propicia para a intervención. Cos pretrechos fornecidos por Inglaterra, a benzón do papa romano Urbano IV para combater os cismáticos casteláns [partidarios do pontífice de Aviñón, Clemente VII], os atributos de rei «de Castella e de Leom e de Tolledo e de Gallizia»[40], un bo exército de mil cin-

36 En febreiro dese ano Eduardo III ordena liberar uns barcos vascos, atendendo a unha carta remitida polo rei de Portugal e o conde Fernando de Castro [*Calendar of the Close Rolls. Edward III*, v. XIII, 1369-1374, p. 488].

37 ADA, Cª 344-1.Emitido nesas circunstancias, tales credenciais carecían de efecto práctico, polo que podería interpretarse como confirmación do seu señorío ante a esperada inminencia da expedición do duque a Galicia. É digno de anotarse que, aínda estando redactado en castelán [segura-mente pola carencia de notario galego], o conde asina da súa man *Eu o conde don Fernando de Castro*.

38 En xaneiro de 1375 o duque libra un pago «a nostre tres cher et tres amé cosyn don Fernand de Castre» [Armitage-Smith: 1911: 1661, pp. 298-299]. En maio de 1375 Henrique II recibe a noticia da morte de Fernando de Castro, «que estava en Inglaterra» [López de Ayala, *Crónica del rey don Enrique, segundo de Castilla*, 1375, cap. ii; ed. Rosell: 1914, p. 28]. A principios dese ano a peste asolou a cidade de Baiona, provocando «grant mortandat de gens menuda» [Lefèvre-Pontalis: 1886, p. 65], deixando desertos barrios enteiros [Baïlac: 1827, p. 76].

39 A suposta inscripción da sepultura de Fernando de Castro na catedral de Baiona [«Aquí yace toda la lealtad de España»] ten trazas de ser unha transposición posterior desa frase, coa que se adornaba outro Fernando Ruíz de Castro, VI conde de Lemos, na segunda metade do s. XVI [vid. Pardo de Guevara: 2012, p. 244].

40 Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando*, cap. LXVII; ed. Dias Arnaut, s/d, p. 178.

7. [Ver p. 494] Expedición do duque de Láncaster

cocentas lanzas e outros tantos arqueiros[41], e acompañado pola súa esposa e fillas, en xullo de 1386 desembarcaba na Coruña o duque de Láncaster. [imaxe 7]

Ocupou Galicia con facilidade, para o que contou cunha participación dos Churricháns que Vasco da Ponte non deixa de consignar[42]. A Coruña e Santiago entregáronse mediante capitulación [imaxe 8] e outro tanto aconteceu algo despois en Pontevedra, onde o comandante inglés enviou para parlamentar a un inglés que «bien sçavoit entendre le langaige gallicien». En Ourense rexistrouse algún combate e houbo destrucións[43], e en Ribadavia produciuse o célebre asalto relatado polo cronista francés Froissart con evidente esaxeración. [imaxe 9]

Instalou a súa Corte en Compostela, cesando ao ausente arcebispo, seguidor do papa de Aviñón, e nomeando outro obediente a Roma[44], do que non temos coñecemento seguro, probablemente Xoán Gutiérrez, antigo deán de Segovia, comprometido coa causa inglesa desde había tempo e home de confianza do duque [Russell, 1955, p. 431].

A continuación, tras reforzar a alianza portuguesa coa voda da súa filla Filipa con Xoán de Avís, inicia coa súa axuda a invasión de Castela, pero diversos contratempos [Froissart alude ao abuso do viño, ao calor e á peste] frustraron a campaña e recomendaron o establecemento de capitulacións.

En xuño-xullo de 1387 teñen lugar as negociacións de Trancoso[45], ratificadas o ano seguinte no Tratado de Baiona [Aquitania][46]. En virtude deses acordos os duques regresaban a Inglaterra e súa filla Caterina casaba co herdeiro da coroa castelá, o futuro Henrique III.

Antes de reembarcaren no Porto cara a Inglaterra traspasoulle ao rei de Portugal os dominios que mantiña en Galicia, pero unha vez que marchou, toda Galicia optou por acatar a Xoán I. Segundo Froissart contemplouse a idea de crear un título de *Príncipes de Galicia*[47] para os herdeiros da Coroa de

41 López de Ayala, *Crónica del rey don Juan, primeiro de Castilla e de León*, cap. VI; ed. Rosell, 1914, 1386, p. 109.

42 «Lo metieron en Santiago y ayudáronle a lo meter en Orense y en Tuy» [Vasco da Ponte, 1986, p. 130].

43 Nunha petición elevada polo cabido ourensán a Henrique III en 1394 infórmase da perda de «moitos privilegios et cartas et scripturas ... por la cisma et guerra et males et destruymentos que oubo esta vosa egleia et çidade, asi dos ingreses como de outras gentes» [ACOu, *Notas de Estevo Pérez* IV, 52], e nun foro do ano 1399 indícase que certas «casas estavan mal apostadas e danifycadas e queymadas e destruydas da viinda que os yngreses fesеron a esta çibdade» [ACOu, *Fábrica e Capelas do Santísimo* I, 36].

44 Fernão Lopes, *Crónica de D. João i*; ed. Baquero/Sérgio, 1991, cap. 88, II, 212.

45 Goodman: 1992, pp. 127-128.

46 Archivo General de Simancas, Patronato Real, *Tratados con Portugal*, 4030 e *Capitulaciones con Inglaterra*, 4283.

47 Froissart [ed. Kervyn, t. 13, p. 199]: «le roy de Castille ... traittoit fort pour son fils le prince de Galice de parvenir à ce mariage». «... et sa fille et le filz du roy viuant tout le pays de Gallice et se deuoit le ieune filz nommer prince de Galles [*Gallice*] ... le roy Iehan de Castille e son filz le ieune prince de Gallice» [Jehan Froissart, *Chroniques*, BnF, Français 2645, ff. 375v-376r].

Castela, pero acabouse escollendo o de *Príncipes de Asturias*, creado nese momento.

O fracaso da expedición inglesa clausuraba en Galicia un capítulo histórico no que a confluencia de intereses entre nobreza condal e burguesía comercial apuntaban cara ao establecemento dun modelo político alternativo ao señorial eclesiástico e favorable á proxección atllántica. En palabras de López Ferreiro «coa desaparición desta rama da poderosa familia dos Castro fundiuse tamén a preponderancia política de Galicia»[48].

8. [Ver p. 495] Entrega das chaves de Santiago [Jehan Froissart, *Chroniques*, BnF, París]

9. [Ver p. 496] Asalto a Ribadavia polas tropas do duque de Láncaster [*Anciennes et nouvelles chroniques d'Anglaterre*, British Library, Londres]

48 A. López Ferreiro, *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, Madrid, 1895, p. 550.

Referencias bibliográficas

Argote de Molina, Gonzalo [1866], *Nobleza de Andalucía* [1588], Jaén: Tip. de Francisco López Vizcaíno.

Armitage-Smith, Sydney [1905], *John of Gaunt*, New York/London: Charles Scribner's sons/Archibald Constable & Co.

Armitage-Smith, Sydney [1911], *John of Gaunt's Register*, London: The Royal historical Society.

Baïlac, Jean-Baptiste [1827] ed., *Nouvelle chronique de la ville de Bayonne*, Bayonne: Imprimerie de Duhart-Fauvet.

Borges Coelho, António [1981], *A revolução de 1383*, Lisboa: Caminho.

Duarte, Luis Miguel [2008], «Lealdade, pero a quen?. A nobreza galega en Portugal no século XIV», *O condado de Lemos na Idade Media*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 131-152.

Fernandes, Fátima Regina [1999] «Os Castro galegos em Portugal: um perfil de nobreza itinerante», *Fundación*, 2, 135-154.

Fernandes, Fátima Regina. [2006], «Estrategias de legitimação linhagística em Portugal nos séculos XIV e XV», *Rev. da Faculdade de Letras*, Porto, vol. 7, 263-284.

Fernão Lopes, *Crónica de D. Pedro I*; ed. Peres, D. [1979], Porto: Livraria Civiliçação.

Fernão Lopes, *Crónica do senhor rei Dom Fernando, nono rei destes regnos*; ed. Dias Arnaut, S. [s/d], Porto: Livraria Civiliçação.

Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*; ed. Baquero Moreno, H. e Sérgio, A. [1991], Porto: Livraria Civiliçação.

González López, Emilio [1980], *Historia de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia.

Goodman, Anthony [1992], *John of Gaunt. The exercise of princely power in fouteenth-century Europe*, Harlow: Longman.

Lefèvre-Pontalis, Germain [1886] ed., *Petite chronique de Guyenne jusqu'à l'an 1442*, [Paris]: Bib. de l'École des Chartes.

López de Ayala, *Crónica del rey don Pedro*; ed. Rosell [1919], *Crónicas de los reyes de Castilla*, t. I, Madrid: Imprenta de los sucesores de Hernando.

López de Ayala, *Crónica del rey don Enrique, segundo de Castilla*; ed. Rosell [1914], *Crónicas de los reyes de Castilla*, t. II, Madrid: Imprenta de los sucesores de Hernando.

López de Ayala, *Crónica del rey don Juan, primeiro de Castilla e de León*; ed. Rosell [1914], *Crónicas de los reyes de Castilla*, t. II, Madrid: Imprenta de los sucesores de Hernando.

López Carreira, A. [2005], *O reino medieval de Galicia*, Vigo: A Nosa Terra.

López Ferreiro, Anselmo [1903], *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VI, Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central.

Mattoso, Jose [1987], *Fragmentos de uma composição medieval*, Lisboa: Estampa.

O condado de Lemos na Idade Media [2008], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Oliveira Marques, A. H. [2003], *Breve história de Portugal*, Lisboa: Presença.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2000], *Los señores de Galicia*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2008], «Dos Castro aos Henríquez e os Osorio. Prestixio, poder e memoria xenealóxica», *O condado de Lemos na Idade Media*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2012], *De linajes, parentelas y grupos de poder*, Madrid: CSIC.

Pichel Gotérrez, Ricardo [2014], «Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués», *Madrygal*, 17, 99-113.

Portela Silva, Ermelindo [2001], *García II de Galicia. El rey y el reino*, Burgos: La Olmeda.

Risco, Manuel [1798], *España Sagrada*, t. 41, Madrid: Viuda e Hijo de Marín.

Risco, Vicente [1952], *Historia de Galicia*, Vigo: Galaxia.

Rodríguez González, Ángel [1956], «Pedro I de Castilla y Galicia», *Boletín de la Universidad de Santiago*, 64, 241-276.

Russell, P. Edward [1942-1943], «Juán de Andeiro en la corte de Juán de Láncaster [1371-1381]», *BRAG*, 23, 359-375.

Russell, P. Edward [1955], *The english intervention in Spais and Portugal in the time of Edward III and Richard II*, Oxford: Clarendon Press.

Rymer, Thomas [1790; 3ª ed.], *Foedera, conventiones, littera et acta publica*, t. III, London: Joannem Neaulme.

Sérgio, António [1981], *Breve interpretação da história de Portugal*, Lisboa: Livraria Sá da Costa ed.

Trevín Pita, Vanesa [2014], «El desembarco de Juan de Lancaster en A Coruña [1386-1390]: un conflicto de solución diplomática», *Roda da Fortuna [revista electrónica sobre Antigüidade e Medievo]*, vol. 3, nº 1-1, 257-284.

Vasco da Ponte [ed. Díaz y Díaz, M. C., García Oro, J. e outros [1986], *Recuento de las casas antiguas del reino de Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Vicetto, Benito [1872], *Historia de Galicia*, t. V, Ferrol: Establecimiento lito-tipográfico de Taxonera.

Villar Ponte, Ramón [1932], *Historia sintética de Galicia*, Santiago de Compostela: Nós.







Para utilizar só un exemplo dos recursos dos que se podía botar man, podemos comprobar o que acontece cunha cantiga de Vasco Rodriguez de Calvelo transmitida por A298, B992 e V580 [Brea – Lorenzo Gradín, 2020, pp. 130-131]:

O primeiro verso do refrán, no máis antigo testemuño [A], dicía: «Que nunca Deus gran coyta **quiso** dar». A substitución desa P3 do perfecto de querer por unha forma portuguesa quis provoca un verso hipómetro, polo que os responsables da organización do Libro di portughesi recorren a compensar a sílaba que falta introducindo un adverbio de cantidade: «Que nunca Deus **muy** gran coyta **quis** dar».



Mapa de localización de Mondoñedo.
Alyssalover, CC BY-SA 3.0.

obpado de Asturedo
Mondonedo
arcedianazgo de viuero
Villalua arcedianazgo de
Ferrol
Arcobpado dts Jacobo

Portulano.
Angelino Dulcert, século XIV,
British Library, Additional MS. 25691.





Portulano. Pietro Vesconte, 1310-1330, British Library, Additional MS. 27376, fols. 180v-181r.

Dominios de Fernando Ruíz de Castro
[Anselmo López Carreira]



Xoana de Castro
[Panteón Real
da Catedral de Santiago]
[Foto: X. L. Vázquez]

PÁXINA DA ESQUERDA
[ABAIXO]

**Sepultura de
Xoana de Castro**
[Panteón Real
da Catedral de Santiago]
[Fundación Catedral
de Santiago. 3D]

Esta páxina e páxina da dereita [abaixo]
Sepultura de Inés de Castro no mosteiro de Alcobaça [Portugal]
[Foto: X. L. Vázquez]

Fernando de Castro nomea alcaldes
[Archivo de la Casa Ducal de Alba, Madrid]
[Foto: Alba Vázquez Carpentier]

Campaña de Fernando I de Portugal en Galicia
[Anselmo López Carreira]



Morte do conde de Andeiro [José de Sousa Azevedo, ca. 1860, Museu Nacional de Soares dos Reis, Porto]



Expedición do duque de Láncaster
[Anselmo López Carreira]

Entrega das chaves de Santiago [Jehan Froissart, *Chroniques*, BnF, París]

Asalto a Ribadavia polas tropas do duque de Láncaster
[*Anciennes et nouvelles chroniques d'Anglaterre*, British Library, Londres]

Pardo de Cela
e o Estado Moderno

Antón Xosé Meilán García

RESUMO. Varias claves explican a execución do mariscal Pedro Pardo de Cela: a reclamación de certos bens por parte do Bispado mindoniense, así como o desexo de desfacerse del como Encomendeiro; o seu enfrontamento con outros membros da nobreza local, concretamente con Xoán de Viveiro, parcial dos Reis Católicos e parente de Fernando de Acuña, e o seu cese en 1478 por parte dos ditos monarcas, como alcalde de Viveiro.

Tras a chegada a Galicia dos Comisionados reais en 1480 e a caída da Frouseira, o Mariscal é apresado na casa de Afonso Yáñez, secretario do bispo mindoniense, en setembro de 1483 en Castrodouro (O Valadouro).

O 1 de outubro dese ano asina o seu testamento, ao que engade un codicilo dous días despois, na casa dun cóengo da catedral, Fernán Balea, de onde sae para ser executado, xunto co fillo, ese mesmo día.

Degolados pai e fillo e incautado todo o seu patrimonio, a súa filla e home, dona Constanza de Castro e Fernán Ares de Saavedra, fanse fortes e resisten máis dun ano na torre de Vilaxoán-Caldaloba (Cospeito), onde morre dona Constanza envelenada polas augas do pozo. Mentras a viúva, dona Isabel de Castro, morría pobre e soa nunha fortaleciña en Castromaior (Abadín).

Da familia, só quedaban a súa filla e home, dona Beatriz de Castro e Pedro Bolaño de Ribadeneira, que foron duramente perseguidos e castigados, mais debido á tenacidade de dona Beatriz, conseguíu recuperar algúns bens do pai e manter os dela.

RESUMEN. En la degollación del mariscal Pardo de Cela concurrieron varios factores entre los que se cuentan los intereses del Obispado mindoniense por recuperar una serie de propiedades que eran suyas, así como el deseo de prescindir del cargo de Encomendero, que sustentaba; el enfrentamiento con los Pérez de Viveiro, de los que Fernando de Acuña era su cuñado y la pérdida de confianza de los Reyes Católicos, que lo habían cesado como alcalde de Viveiro y le habían prohibido entrar en los concejos de Santa Marta de Ortigueira, Viveiro y Mondoñedo.

En 1480 llegan a Galicia los Comisionados reales con la orden de pacificarla estando al mando de la operación don Fernando de Acuña, que somete a un duro cerco la fortaleza de la Frouseira, donde Pardo de Cela se había hecho fuerte. Caída la Frouseira por la traición de sus criados, es apresado en la casa de Alfonso Yáñez, secretario del obispo de Mondoñedo, en setiembre del 1483 en Castrodouro (O Valadouro).

El 1 de octubre de ese año firma el testamento, al que se le añade un codicilo dos días después, en la casa de un canónigo de la catedral, Fernán Balea, y de ella sale para ser degollado, juntamente con su hijo.

Degollados padre e hijo e incautados todos sus bienes, su hija y marido, doña Constanza de Castro y Fer-

nán Ares de Saavedra, se hacen fuertes y resisten más de un año en la torre de Vilaxoán-Caldaloba (Cospeito). Muerta doña Constanza por la ingesta del agua podre del pozo, se depone la lucha. Mientras su viuda, doña Isabel de Castro moría pobre y sola en una fortaleza de Castromayor (Abadín).

De la familia de los Pardo de Cela, solo quedaban su hija doña Beatriz y su marido, Pedro Bolaño de Ribadeneira, que fueron duramente perseguidos y castigados, pero debido a la tenacidad de doña Beatriz, consiguió recuperar alguna propiedad de sus padres y mantener parte de la suya.

ABSTRACT. A number of circumstances concurred on the beheading of marshall Pardo de Cela, among which are the interests of the bishopric of Mondoñedo, in order to retrieve a series of properties which belonged to that bishopric, as well as the intention of getting rid of the charge of encomendero[1] , which the marshall held; the confrontation with the Pérez de Viveiros, of whom Fernando de Acuña was their brother in law, together with the Catholic kings' loss of confidence, who had dismissed him as Mayor of Viveiro and had therefore prohibited him to enter the councils of Santa María de Ortigueira, Viveiro and Mondoñedo.

In 1480, the Royal Commissioned arrived in Galicia with the command of pacifying it. Don Fernando de Acuña was in charge of this operation, who established a hard besiege on the fortress of La Frouseira, in which Pardo de Cela had got strong. Once the fortress of La Frouseira fell, due to the servants' treason, Pardo de Cela was captured on september, 1483, in Castrodouro (O Valadouro), at the house of Alfonso Yáñez, who was the secretary of the bishop of Mondoñedo.

On the first day of October, that same year, the will was signed and a codacil was added two days later, at the house of one of the canons from the cathedral, Fernán Balea. From this house, Pardo de Cela came out to be beheaded, together with his son.

Once both were beheaded and their properties confiscated, his daughter and her husband, Constanza de Castro and Fernán Ares de Saavedra, got strong and resisted at the tower of Vilaxoán- Caldaloba (Cospeito) for over a year. Doña Constanza died, after drinking rotten water from a well, and the fight was stopped. In the meanwhile, his widow, doña Isabel de Castro, died poor and lonely in a fortress in Castromayor (Abadín).

Only his daughter doña Beatriz and her husband, Pedro Bolaño de Ribadeneira, were left from his family and they were also persecuted and punished. However, due to doña Beatriz's tenacity, she was able to retrieve some of her parents' properties and some parts of hers.

1. encomendero = Person holding an encomienda. The encomienda was a repressive system fixing the Spanish conquistadors' entitlement to labor and tribute from Indian communities.

A aparición do testamento de Pardo de Cela en medio dun longo proceso xudicial que lle puxo unha neta ao Bispado mindoniense por unhas terras que eran deles e que o Bispado, unha vez degolado, apropiouse delas [Pardo de Guevara, 2013, pp. 171-223], ven clarexar aspectos sobre a súa vida e degolación. Este achado supón un avance máis no estudo sobre o tan controvertido Mariscal. Entre outras cuestións, agora sabemos onde estivo os 3 últimos días da súa vida; que nada máis de asinar o codicilo, foi degolado; a confirmación de quen era Afonso Yáñez; a existencia dun fillo e tamén a filiación de dona Isabel de Castro coa familia dos Lemos[1]; a confirmación de toda unha serie de bens que levaba da igrexa, así como certas relacións sociais e de amizade como a de Afonso de Santa Marina que manda que lle paguen «o que el probare e xurare», o que demostra que non foi o traidor da Frouseira, pois seguía mantendo confianza nel. Mais tan importante como o anterior, a documentación deste xuízo confirma o porqué da ausencia documental sobre O Mariscal no Arquivo catedralicio mindoniense que non é outra que a implicación directa do Bispado na degolación. Os membros da igrexa, conscientes destas vergoñosas actuacións e sobrecargados pola mala conciencia dos seus actos, foron facendo desaparecer toda documentación que os implicaba no tráxico final do Mariscal. Cada vez que se lles presenta unha oportunidade, non dubidan en facelo, como sucedeu hai poucos anos co traslado da lápida funeraria de sitio. Unha mostra do que afirmo é a desaparición da documentación deste xuízo, que ten máis de 1000 páxinas, que durou 32 anos [1510-1542] e polo que pasaron sete bispos, tamén explicable pola mafiosa actuación do Bispado ao presentar un testamento falso do Mariscal.

O devir do Mariscal e da súa familia é un exemplo paradigmático da vida en Galicia no último terzo do século xv, que semellante a unha parte da nobreza galega, por unha banda, opuxéronse á política centralizadora e

1 Esta observación débolla a Carlos López, estudoso ferrolán de raíces chairegas e mariscaliano, que ten un longo poema dedicado ao Mariscal co título de «*Suite para don Pedro*».

opresora dos Reis Católicos, e por outra, mantiveron continuos enfrontamentos polos bens da igrexa, neste caso, a mindoniense.

1. Claves na degolación do Mariscal.- O primeiro dato que temos de Pardo de Cela en Mondoñedo é do 9 de agosto do 1437, pois un tal Jacome Maseda asina un documento catedralicio como escudeiro de Pedro Pardo [Cal Pardo 1999: doc. 156]. Casa con Isabel de Castro no 1441 [Vázquez Seijas, 1959, p. 98], parente do conde de Lemos[2] e prima do bispo mindoniense D. Pedro Henríquez de Castro [1427-1445], que segundo a *Relaçon da carta xecutoria* deulle «en dote a renta do seo Obispado por días de sua vida, salvo un tanto que tomou pra seo sustento» [Meilán García 2004: 150], mais desde que morre, os sucesivos bispos empezan a reclamarlle eses bens [ano 1449 [Cal Pardo, 1999, II B.P., n.º 21, pp. 477-478]; ano 1450 [Cal Pardo, 1999, II B.P., n.º 22, pp. 478-482 e II B.P., n.º 23, pp. 482-486], ano 1477 [Lence-Santar, 1930, p. 20-21] ao que o Mariscal sempre se negou. Foi moi discutida esta dote, mais despois da publicación do seu testamento onde a maioría dos bens desembargados eran do bispado mindoniense [Pardo de Guevara, 2013, pp. 198-205], ven confirmala, senón, de onde lle ven ao Mariscal todo ese patrimonio? Convén lembrar que nesta época medieval era normal na igrexa favorecer aos familiares con bens, como mostra, véxase o que di o bispo de Lugo, Juan do Freixo:

> *dieron muchos de los bienes de la dicha iglesia e mesa bispal e los enfeudaron e fezeron fueros dellos asi a vos [= los caballeros de Galicia] como a otras personas sus criados e parientes en muy grand daño e prejuicio suyo…por ser fechos en vida de omes e tiempos prolongados, ca de derecho non los podían faser nin dar, ni enajenar, salvo en sus tiempos e vidas dellos, e después de sus finamientos que devían ser tornados a la dicha iglesia e mesa episcopal.* [García Oro, 1999, p. 76; Villamil y Castro, 1901, pp. 92-93].

Polo testamento vese que algúns deles levounos pola forza «dexo et desembargo todos los beneficios que levaba fasta aquí a los clerigos en que estaban puestos et a los que a ellos tenian derecho […] et pidoles perdon por lo pasado que lleve» [Pardo de Guevara, 2013, p.199], pero os máis tiñan dono e nome de cóengos. En calquera caso, esta serie de bens como outros que obtén posteriormente na zona de Viveiro fano dono e señor dunha boa parte do bispado mindoniense, que veñen a confirmar o que pon Vasco de Aponte cando di a propósito da casa do conde de Monterrei

2 No testamento o Mariscal manda «me enbien otro romero a Santa María de Vilavade, et digan ende una misa cantada et doscientos maravedis para la obra», por que manda un romeiro a esta igrexa? Probablemente a súa muller, dona Isabel de Castro, proviña da familia dos Enríquez de Castro de Castroverde, que crearon o señorío de Castroverde e Luaces o 25 de xaneiro do 1418. En Castroverde asentouse Alonso de Castro, sobriño do duque de Arjona e primeiro señor de Castroverde, e un descendente del, don Fernando de Castro, terceiro señor de Castroverde, reconstrúe a igrexa de Vilabade no 1457.

que: «Estaba confradado con Pedro Pardo mariscal, cuya casa era de muy buenas cinquenta lanças, y que ajuntaba quatro o çinco mil peones. No comía dinero dél, porque comía todo el obispado de Mondoñedo» [Vasco de Aponte, 1986, p. 167], opinión semellante, mais desde outra perspectiva histórica social, é a do historiador Carlos Barros: «Na segunda metade da década dos 60, os catro bispados [Lugo, Ourense, Tui e Mondoñedo] estaban baixo control señorial» [Barros, 1988, p. 68-69]. Aquí está a primeira clave da súa degolación. A igrexa mindoniense, por enriba da vida de Pardo de Cela, quería recuperar eses bens, que recobra nada máis ser degolado, inmediatamente despois de facer o testamento nunha cámara da casa do cóengo Fernán Balea. Non obstante, o axustizamento do Mariscal non é algo estraño na Galicia do último terzo do xv, mais si un feito rechamante e peculiar por outras implicacións que ten. En efecto, os nobres mantiñan continuos e permanentes enfrontamentos polos bens e privilexios das igrexas: unha boa mostra son as mortes do bispo de Ourense don Francisco Alfonso [García Oro, 1999, cap. VI], a do bispo de Lugo, don Lope, e a do seu mordomo, Francisco Fernández [García Oro, 1999, cap. VII], como consecuencia de ditos enfrontamentos. Aínda que con menos virulencia, nada distinto sucedía no Bispado mindoniense, fidalgos como Fernán Rodríguez de Aguilar, Lopo Díaz Teixeiro, Ares Fernández de Miranda [García Oro, 1999, cap. IV], e os mariscais Pardo de Cela e Álvaro González de Ribadeneira [González Paz, 2003] mantiveron continuas disputas por bens da igrexa mindoniense. A isto hai que engadir que os bispados querían desfacerse dos encomendeiros polo custo que lles supoñía [Villamil y Castro, 1901, pp. 83-91; Mayán Fernández, 1962, pp. 31-33]. No caso da igrexa mindoniense, a Encomenda pertencíalles aos Enríquez de Castro, e do duque de Arjona pasa a súa irmá Beatriz, muller do conde de Lemos, os que delegan no pai de Pardo de Cela, que con posterioridade recaería no fillo, cargo que non era hereditario pois no 1435 era encomendeiro Galaor Mosquera [García Oro, 1988, p. 159, nota 47]. O máis importante na sé mindoniense nestes momentos cruciais para o Mariscal, é que o bispo don Fadrique de Guzmán[3] renova o título de Comendeiro o 6 de maio do 1461 ao conde de Lemos, título que xa viña rexentando Pardo de Cela [García Oro, 1999, p. 70], e que, segundo o testamento, morrería con el [Pardo de Guevara, 2013, p.199]. Por tanto, casado en Mondoñedo, aínda que non era «gran señor», xa se sente e actúa como dono e señor no contorno mindoniense, mais unha vez que morre o seu parente bispal, D. Pedro Henríquez de Castro, busca expandirse pola Mariña lucense e marcha para Viveiro –que era señorío

3 Baixo o seu mandato foi degolado O Mariscal.

dos Pérez de Viveiro[4]–, habida conta que xa se beneficiaba dos portos de Masma, Vares e O Barqueiro, e, ademais, os terreos comprendidos desde a ponte da Espiñeira ata Viveiro estaban en poder da filla dona Beatriz de Castro e de Pedro de Bolaño, que os levaban en arrendo ao Bispado, o que se coñece como a *Sucesión de Burela*. En Viveiro chega a «gran señor» e é cando Henrique IV lle dá o título de mariscal e o nomea alcalde de Viveiro [1465] destituíndo a Xoán de Viveiro[5] por apoiar ao príncipe Afonso e a Isabel á coroa de Castela. Se entre os anos 1451 e 1465 os Viveiro foron señores da vila e protectores do Mariscal, pois moito do seu patrimonio fíxoo a expensas deles, incluíndo castelos como o de Muras e o de Vilaxoán –recórdese ademais que no 1453 Pardo de Cela faille un pleito homenaxe á nai de Xoán de Viveiro–, na década seguinte [1465-1475], ao ser rexedor da vila, ocupa posesións e ataca a xente dos Viveiro, apoiado por Henrique IV [Rubio Martínez, 2012, pp. 97 e ss.], en definitiva, neste tempo as relacións entre os Pérez de Viveiro e o Mariscal móvense entre amizades, alianzas, sometementos e roubos. En cambio, estas relacións vólvense abertamente enfrontadas na etapa do II vizconde, Alonso Pérez de Viveiro [1478?-1509] [García Oro, 1988, p. 163]. Por tanto, a primeira guerra civil castelá [1465-1468], onde se comezaron a dirimir os apoios á coroa de Castela, vai ter funestas consecuencias para Pardo de Cela, porque saen reforzados os Viveiro por apoiar a dona Isabel, futura raíña de Castela, relacións e consecuencias que se van ver agravadas a partir da boda dos Reis Católicos no 1469. Aquí estivo o gran tropezo do Mariscal porque, en principio, unha cuestión política de apoios á coroa, mistúrase cunha de amizade dos Pérez de Viveiro cos reis e, a súa vez, familiar con F. de Acuña, cuñado dos Viveiro, quen vai estar ao mando da campaña militar en Galicia no 1480. Nada que ver, por tanto, con outros nobres galegos, que apoiaron a Xoana *a Beltranexa* e defenderon a causa portuguesa, como o conde de Camiña. Non opina así Francisco Rodríguez [2022, pp. 109-113]. Se así fora, a raíña dona Isabel houbera sido implacable co Mariscal dende a morte de Henrique IV. Aos futuros reis de Castela desde este intre ábrenselle, pois, dúas frontes que van ter que solucionar: os partidarios de unirse a Portugal e os que se van a rebelar contra a política que levaron a termo os reis casteláns en Galicia, como foi o caso do Mariscal.

Sendo alcalde de Viveiro, entre os anos 1467-1469, ten que fuxir de Galicia pola guerra irmandiña, mais antes aínda tivo tempo de ir con outros nobres detrás de Afonso de Lanzós [García Oro, 1999, p. 184, nota 4]. Refúxiase e volve de Ponferrada co conde de Lemos, compaña na que

4 En principio eran «señores de Galdo», mais en 1452 xa o eran de Viveiro.

5 Foi contador do príncipe e sempre se mostrou defensor de dona Isabel.

hai que ver novamente un fío de amizade ou familiaridade entre eles, volta na que tivo que ter coñecemento das moitas mortes e dos castelos derrubados. Nin a Fusquenlla [1431], que viviu moi de preto, nin a revolta irmandiña lle fixeron cambiar de actitude, o que demostra que estaba convencido da súa forza e dos seus ideais de señor feudal. O 19 de outubro do 1469 os Reis Católicos casan en Valladolid no pazo dos Pérez de Viveiro sendo a madriña de voda María de Acuña, que casara con Xoán de Viveiro [1456], a que era irmá de Fernando de Acuña, que será Xustiza Maior de Galicia entre os anos de 1480-1483. É máis, os Reis Católicos viven seis meses nese pazo dos Viveiro. Nesta relación de amizade e familiaridade a tres bandas: os Reis Católicos, os Pérez de Viveiro e os Acuña hai que ver a segunda clave da súa degolación, que pode estar ao mesmo nivel de interese co da igrexa mindoniense, xa que supoñía eliminar a un inimigo dos Viveiro [López Carreira, 2021, pp. 196-200]. A actuación militar, implacable e decisiva de Acuña contra o Mariscal no 1483 así o demostra [§ 1.1].

En 1470 e 1471 Henrique IV mándalle varias cartas prohibíndolle construír casas fortes, asaltar a vila e roubar aos veciños [García Oro, 1988, p. 163], o que confirma dous feitos: a] que despois da guerra irmandiña, trataba de facerse máis forte erguendo fortalezas en Viveiro, e b] que seguía sendo un señor *de forca e coitelo* cos veciños da vila polo que se ve claramente que non reparou nas consecuencias da guerra irmandiña. En maio do 1473 Xoán de Viveiro dáballe un xuro de herdade de 50.000 maravedís «por los muchos cargos que del tengo» [Villamil y Castro, 1901, p. 98; Mayán Fernández, 1962, p. 34-35], o que demostra que a guerra irmandiña converteunos en aliados estes anos. Morto Henrique IV [1474], os Reis Católicos dous anos máis tarde, en setembro do 1476, confírmanlle 40.000 mrs. que lle concedera Henrique IV, mais ao mes seguinte, despois da batalla de Toro, en outubro do 1476, na que afianzan o seu reinado, césano como alcalde de Viveiro e nomean como Gobernador da vila a Tristán de Leguízamo e, posteriormente, como Correxedor, a Fernando Cerón, inimigos do Mariscal, que con cédulas reais na man, vano perseguir por aquelas freguesías, lugares e coutos que tiña ocupados. Os enfrontamentos entre eles son fortes e graves [García Oro, 1987, pp. 358-359], mais Pardo de Cela segue exercendo de señor feudal pelexando cos veciños, tratando de construír portos e erguer fortalezas en Viveiro e Sta. Marta de Ortigueira. Non tardan dous anos os reis [xuño, 1478] en darlle un forte e dobre aviso, por unha banda, afogándoo economicamente, ao esixirlle o pago inmediato dunha

considerable débeda que tiña co Fisco e, por outra, desterrándoo ao prohibirlle a entrada nos concellos de Sta. Marta de Ortigueira, Viveiro e Mondoñedo. Quedaba, pois, moi minguada a súa economía e confinado a vivir nun espazo moi concreto e limitado: a zona do Valadouro e a franxa da Mariña correspondente. Vemos polo testamento que a gran maioría do seu patrimonio estaba nesta zona, onde pasa a vivir no pazo da Regueira de Xove. Por tanto, xa, sen poder político e sen a liberdade de movementos que tiña, será detido, xustamente, no Castrodouro [Valadouro]. Mais neste mes funesto para Pardo de Cela, aínda vai recibir unha carta do rei para que se presente na Corte a dar conta das súas actuacións, comparecencia á que non vai pois segundo a *Relaçon,* temía que o desterrasen de Galicia. A partir deste momento, O Mariscal queda no punto de mira dos soberanos, que son os que xa mandan e lexislan en Galicia, e nos que hai que ver a terceira clave da súa degolación. Ante este acoso rexio, pide a primeira *Carta de Seguro e Amparo*, que usará dous anos máis tarde nun ataque que lle fai Fernando de Cerón a bens e lugares seus, e que Cerón menosprezará [Meilán García, 2004, p. 66 e ss.]. E tan importante como o anterior, neste mes fatídico para O Mariscal, é que o II vizconde de Altamira, Alonso Pérez de Viveiro, lle presenta unha querela nos tribunais por roubarlle bens [García Oro, 1988, p. 163], é dicir, a partir de agora ata a degolación, vai estar enfrontado cos Pérez de Viveiro, amigos dos monarcas e cuñados de F. de Acuña, que cando chegue a Galicia, un dos seus primeiros obxectivos militares será a Frouseira. O 18 de febreiro do 1480, os reis impoñen a creación da Santa Hermandad, despois dun intento falido de creala no outono do 1477, pola frontal oposición da nobreza galega con escritos e propostas alternativas, entre os que estaba Pardo de Cela, e os reis dando pasos moi seguros para non inquietalos, agardaron uns anos máis para activala.

O 3 de Agosto do 1480 os monarcas expiden unha Cédula en Toledo co mandato de crear a Audiencia territorial e pacificar o reino de Galicia [Couselo Bouzas, 1926, pp. 118-123]. Nela nomean a F. de Acuña, Xustiza Maior e ao licenciado López de Chinchilla, Oidor da nosa Audiencia, aos que se lles xuntará o capitán Luís de Mudarra cun exército de 300 xinetes, escollidos e casteláns, para levar a termo as ordes reais. Chegan a Galicia no outono con plenos poderes civís e criminais, entre outros, podían encarcerar, desterrar, axustizar, etc., así como derrubar castelos desde onde se facían «moitos danos» [López Ferreiro, 1968, p. 97; Villares, 2020, t. i, p. 200], e en caso de que necesitasen axuda, podían pedila a condes, ricos-homes, concellos, xustizas, rexedores, vilas… so pena de privación

dos oficios, confiscación de bens, etc. [Couselo Bouzas, 1926, pp. 118-123]. O 11 de setembro xa hai constancia documental de que Acuña imparte xustiza en Galicia, pois nesa data recibe orde de intervir nun enfrontamento entre Fernando de Cerón e Pardo de Cela [García Oro, 1988; pp. 185-186], mes no que tamén a Santa Hermandad toma as fortalezas de Sueiro Gómez de Soutomaior e de Fernán Parragués [García Oro, 1999, p. 162], polo que hai que deducir que xa estaba en marcha a pacificación do noso reino. E o 25 de outubro os reis vólvenlle a escribir para que interveña sobre un roubo que houbo no Barqueiro por «homes» de Pardo de Cela [Mayán Fernández, 1962, p. 52] polo que se pode pensar que O Mariscal estaba sendo cercado na Frouseira, pois é por esas datas cando solicita a segunda *Carta de Seguro e Amparo*. Así foi, o 4 de novembro desde Medina do Campo, os reis expídenlle a segunda *Carta de Seguro e Amparo* [Mayán Fernández, 1962, pp. 54-55][6], o que nos fai supoñer que en outubro empezou o cerco á Frouseira, de aí que pedira protección. E en decembro a F. de Acuña xa se lle encomenda a execución dunha sentencia en Santiago [López Ferreiro, 1968, p. 94; Villamil y Castro, 1901, p. 155]. Hai, pois, testemuño documental de que Fernando de Acuña en setembro xa estaba en Galicia ao tanto de accións do Mariscal, así como todo apunta a que en outubro comezou o asedio á Frouseira.

A Frouseira, polas súas condicións orográficas, foi unha fortaleza inexpugnable. Temos tres testemuñas que así nolo confirman: a] a que nos da Vasco de Aponte sobre Fernando de Acuña cando levaba ano e medio en Galicia e o conde de Camiña lle pide protección, mais «Don Fernando de Acuña arto tenía que haçer, porque tenía çercado a Pedro Pardo en Peña Frouseira» [Vasco de Aponte, 1986, p. 253], isto é, estaba «arto» de loitar e non a daba conquistada; b] por un documento do 1540, no que figura a declaración de Roi Pérez, que vivira no mosteiro de San Martiño e que recordaba que o capitán Luís de Mudarra dera 24000 maravedís para facer un altar a San Bras e a Santa Catarina no que se celebrara os primeiros luns de cada mes unha misa «por las ánimas de cuantos murieron y se enterraron sobre el cerco del mencionado fuerte» [Lence Santar, 1930, p. 40; Mayán Fernández, 1962, pp. 55-56]. Para que o capitán Luís de Mudarra, que derrubou máis de 50 castelos e axusticiou a moita xente, fixera esa doazón polas mortes da Frouseira, como dixo Cal Pardo «en verdade tiveron que ser moitas mortes» [Meilán García, 2004, pp. 20-22]. No Valadouro aínda se fala dos «mártires da Frouseira», e c] *O Romance da Frouseira*, onde unha estrofa de catro versos di «Da miña triste Frouseira / Que por traición foi

6 O máis importante destas Cartas non é a eficacia delas, senón as datas en que as pide, datas nas que se víu directamente acosado polos Reis e por F. de Acuña.

vendida / Derrubada na riveira / Que jamáis se veu vencida»[7], é dicir, Acuña e Mudarra non foron capaces de conquistala polo que hai que supoñer que a loita foi moi cruenta dadas as súas características defensivas.

Polo tanto, se en outubro do 1480 xa empezou o cerco á Frouseira, o ano e medio, que nos di Vasco de Aponte, cúmprese en marzo do 1482. En plena loita, pois, na Frouseira, en marzo do 1482 o Cabido mindoniense trata de quitarlle a *Sucesión de Burela* a dona Beatriz de Castro e a Pedro de Bolaño alegando que o único e legal arrendatario fora o primeiro foreiro, Ares Vázquez, cando, a partir del, os sucesivos arrendamentos estiveron confirmados polo Cabido [Pena Domínguez, 2004, pp. 51-58]. Sete meses máis tarde, o 30 de outubro, emiten a sentencia condenándoos a desocupar a *Sucesión de Burela* dándolles 9 días para facelo e impoñéndolles as costas. E entre outros, asinan a sentencia García de la Parra, Alcalde maior do bispado mindoniense por Fernando de Acuña, Xustiza Maior do Reino de Galicia, o que demostra a confabulación que había entre Acuña e o dito bispado. Recorren á Chancelería de Valladolid, que falla o 14 de febreiro do 1485.

No mes de decembro deste 1482, reúnense todos os procuradores galegos da Santa Hermandad nas Cortes de Madrid, e o de Mondoñedo pide unha feira polo despoboada que quedou Vilamaior pola guerra que «se hace» en pena Frouseira. Véxase o documento:

> *Otrosy suplicamos a vra. alteza porque la cibdad de villa mayor de mondonedo quedo muy despoblada con la guerra que en el obispado de mondonedo se hace..... servido bien los vecinos della e han fecho.....es gastos en la .....de pena frosera.... mandar dar.....feria o mercado..... a la dha. cibdad..... os que viuen en ella gozen dello para que se poble* [López Ferreiro 1975: 719];

do que cómpre deducir o gran cerco ao que estaba sometida e o número de baixas que se producían pola guerra que se estaba levando na Frouseira, documento que ven a confirmar o gran número de mortes que se produciron no cerco á fortaleza.

É tamén, a finais do 1482 ou por xaneiro do 1483, cando Fernando de Acuña toma a fortaleza de Lugo que rexentaba frei Afonso Henríquez Osorio, irmán do conde de Lemos, o que acude con outros nobres na súa axuda, e que Acuña non puido contrarrestar. Despois de cruzarse cartas cos reis

7 Por iso, os nacionalistas consideran a Frouseira a única fortaleza que os Reis Católicos non deron conquistada e polo tanto sometida ao seu Reino.

explicando o motivo da súa intervención, non ergue o cerco, polo que os monarcas emprenden unha viaxe a Lugo para pedir explicacións ao conde de Lemos sobre a súa intervención. E estando de camiño, en Astorga, reciben a noticia da morte de Pedro Álvarez Osorio [López Ferreiro, 1968, pp. 101-102], morte que vai a repercutir no desenvolvemento desta situación bélica e de confrontación social tan crítica pola que estaba pasando o noso reino, así, por unha banda, non só o Condado de Lemos quedou por un tempo sen sucesor, que se opoñía á política dos monarcas casteláns, senón que Galicia quedou sen un dirixente respetable [«lumbre y luz de los cavalleros de Galiçia» / «que aunque éste disimulaba de allá les venía el consejo a todos porque lo tenían por padre» [Vasco de Aponte, 1986, p. 253], que aglutinaba a moitos nobres canda el, e que dada a situación tan tensa que había cos Comisionados neste momento, podían terminar por expulsalos. Recórdese a reunión dos nobres en Santiago en xaneiro do 1484 que o mencionan con nostalxia «Viendo los señores fallecido al Conde de Lemos y muerto a Pedro Pardo, acordaron todos de ser a una [...] haciendo los unos a los otros pleito y homenaje [...] de se ayudar e bandexar contra todo el mundo obedeciendo al Rey en caso de lealtad y de no consentir a los gobernadores todo lo que quisiesen facer [...]» [Vasco de Aponte, 1986, p. 254] e, por outra, Pardo de Cela, que levaba catro anos de enfrontamento cos reis e dous deles de loita na Frouseira, quedaba sen un valedor, tanto, que aos sete meses da morte do conde, córtanlle a cabeza.

1.1 As cinco «voltas de rosca» no axustizamento do Mariscal

Morto o conde de Lemos a finais de febreiro do 1483 e ante o ambiente tan tenso que había en Galicia, desde a cidade de León, o 31 de Marzo do 1483, ordénaselle a Acuña e a López de Cinchilla que regresen a Galicia [estaban en Ponferrada] co encargo de obrigar «al conde de Monterrei, e al conde de Altamira, e a Diego de Andrade, e a don Fernando de Castro, e a Pedro de Bolaño e a outros algunos cavalleros e a otras personas a abandonar Galicia e acudir diante do monarca tal e como se lles tiña ordenado» [González Paz, 2005, p. 49]. Nesta orde aparecen unha serie de condes díscolos, entre os que está Pedro de Bolaño, mais non se di nada de Pardo de Cela. Para O Mariscal había sen dúbida outros plans porque nin os mandatos de presentarse ante a Corte para explicar o seu comportamento nin a loita na Frouseira foron capaces de dobregalo. Por iso, todo apunta a que cando F. de Acuña volve neste abril do 1483 ven decidido a acabar con Pardo de Cela por

dúas razóns fundamentais: 1.º, sabía que despois de 2 anos longos de loita e mortes na Frouseira, era imposible de tomala polas armas, e 2.º, era cuñado dos Pérez de Viveiro e traía con el toda a animadversión que lle tiñan ao Mariscal. Viña a acabar cun inimigo dos Pérez de Viveiro co que nestes momentos estaba enfrontado. Xa non se loita na Frouseira senón que buscan a maneira de conquistala desde dentro polo que traman a traizón dos criados e danlle a primeira «volta de rosca» ao Mariscal. Traizóano os criados «nos que máis confiaba». Entran, derrúbana, como estaba lexislado, mais non deixan pedra sobre pedra –segunda «volta de rosca» – porque sabían que Pardo de Cela, podía reconstruíla e voltarían a ser invencíbeis. A Frouseira traizoase entre os meses de xuño-xullo. Agora había que tratar de coller a Pardo de Cela no concello do Valadouro, onde o confinaran os reis no 1478. E Acuña en conivencia cos cregos mindonienses –cos que viña colaborando en xuízos eclesiásticos e que un ano máis tarde lle entrega a López de Haro as fortalezas de Lugo e Mondoñedo [García Oro, 1999, p. 202]–, buscan unha persoa de confianza no seo da igrexa e, ademais, amiga do Mariscal, que non foi outra que o Secretario do bispo don Henríquez de Castro, Afonso Iáñez, que polo testamento vemos que levaba boa relación con Pardo de Cela [Meilán García, 2019, pp. 8-12]. Se saíra ben a traizón da Frouseira, por que non recorrer de novo a ela? Así foi. Na última quincena de setembro, é novamente traizoado é collido en Castrodouro, terceira «volta de rosca». Diante da casa de Afonso Iáñez, segundo os cronistas reais, houbo loita e mortes. Son levados presos para Mondoñedo, entre os que estaban o fillo, Xoán Núñez Pardo, e Pedro de Miranda, o que demostra o que di a *Relaçon* do fillo «que andaba con el para defendelo», e Vasco de Aponte, dos Pedros, que sempre ían xuntos. Por tanto, o que xa sabemos con certeza histórica polas testemuñas do xuízo e polo testamento, é que o día 1 de outubro asínao e o 3, o codicilo, nunha cámara da casa do cóengo Fernán Balea, e dela sae para ser degolado xunto co fillo, Pedro de Miranda e outros. Por que degolan ao fillo? Só ten unha explicación: porque nin a igrexa mindoniense nin Acuña querían que seguise os pasos do pai. Degolan un sucesor do Mariscal; velaí a cuarta «volta de rosca». A igrexa mindoniense quería asegurar os seus bens, que levaba o Mariscal e non había outra maneira de recuperalos que eliminándoo, e Acuña axustizou un inimigo da política dos Reis Católicos e, amparado no cargo, a un rival dos Pérez de Viveiro. Os Pérez de Viveiro, amigos dos monarcas, ese 3 de outubro en Mondoñedo estaban moi ben representados por Fernando de Acuña, cuñado deles. Xa ninguén lles vai roubar lugares nin atacar á súa xente. E nada máis ser axustizado, confíscanlle todo o patrimonio, que non

o poñen á venda, como noutros casos de rebelións, e danlle a quinta e última gran «volta de rosca», bloqueando todos os bens, agás os da Igrexa, que llos fixeron testar, preso, na casa dun cóengo. Pagou coa vida e a facenda a insubmisión, a rebelión na Frouseira e os enfrontamentos cos Pérez de Viveiro. Á viúva e fillas non lles quedou nada. Foron herdeiras de nada. A viúva «pobre como por se poder mantener e sostener» [García Oro, 1988, doc. 10, p. 190] tivo que ir morrer a unha fortaleciña en Castromaoir [Abadín], que pertencía aos Lemos, novo fío dos Cela cos Lemos. E Acuña, ao degolar a Pardo de Cela e o fillo, acababa de dar un gran paso na pacificación: abortou tres perigosas frontes que se avistaban nestes momentos nesta Galicia tomada polos Comisionados: a] os nobres «dende a seis meses [da morte do conde de Lemos] cortaron la cabeça a Pedro Pardo o mariscal. **Y todos los señores se reçelaban**» [Vasco de Aponte, 1986, p. 253], isto é, viron que podían acabar como O Mariscal e non había que correr riscos, de aí que, por exemplo, Diego de Andrade, que en marzo do 1483 fora amoestado polos reis, despois da degolación do Mariscal, uniuse ás tropas de López de Haro para combater a dona Constanza en Vilaxoán, malia que foi o salvador de Fernán Ares ao final do cerco [§ 1.2]; b] axustizaron uns homes que podían desencadear unha revolta, porque eran contrarios á política da Coroa; e c] Fernando de Acuña, no punto de mira dos nobres, debido á súa acción xusticeira, máis criminal e represora durante tres anos, non lle ían consentir máis atropelos, foi relevado do posto co obxectivo cumprido de acabar con Pardo de Cela e o fillo, e deixar a casa dos Cela a piques de desaparecer.

1.2 Dona Constanza de Castro toma a fortaleza de Vilaxoán

A Igrexa e Acuña atinaron axustizando o fillo, porque, nada máis ser degolado, a filla dona Constanza de Castro xunto co home, Fernán Ares de Saavedra, deciden meterse na fortaleza de Vilaxoán-Caldaloba [Cospeito] para vingar as mortes do pai e curmán e tratar de derrotar as tropas de López de Haro, e así recuperar os bens confiscados por Acuña. E mentres dona Constanza se acollía a Vilaxoán, a súa irmá dona Beatriz preiteaba co Bispado pola *Sucesión de Burela*. En Caldaloba estiveron cando menos catorce meses [novembro 1483 - xaneiro? 1485] loitando contra tres grupos de tropas: as de López de Haro[8], ás que se xuntaron as de Álvaro González de Ribadeneira e as de Diego de Andrade [Meilán García 2021-A: 10-12]. Morta dona Constanza polo envelenamento da auga, deponse o cerco. E polos

8 Estaban acuarteladas en Vilaxoán.

documentos sabemos que a torre estivo cercada por moita xente a pé e a cabalo e que no final do cerco, dos que había dentro, só se salvaron catro, entre eles, Fernán Ares que estaba ferido pola pedra dun trabuco, e os demais «adolescieron» ben sexa polas setas ou polas pedras dos trabucos ou ben pola inxesta da auga podre, como lle pasou a dona Constanza. Quedaron catro, o que demostra que foron meses de forte loita, e aínda, ademais, na cara sur da torre poden verse varios furados feitos polas pedras lanzadas polos trabucos. E somos da opinión que o fin do cerco foi semellante ao da Frouseira pois visto que non a daban conquistada [catorce meses xa eran moitos], cegaron ou desviaron as augas do pozo e tiveron que beber auga do alxibe, que é da choiva, produce gastroenterite e pode levar á morte, como lle pasou a dona Constanza. Non cremos que se secara o pozo como pon Vasco de Aponte. Nos meses de decembro, xaneiro ou febreiro non se seca ningún pozo na zona de Vilalba. Foi, pois, un final «provocado» e non gañado polas armas, como na Frouseira. E o remate do cerco móstrase moi interesante se o comparamos co do Mariscal. Así, a] en Caldaloba non se derruba a torre porque o pide Afonso Pérez de Viveiro aos reis [novamente o vencello da amizade]; na Frouseira non deixaron pedra sobre pedra; b] López de Haro ía axustizar a Fernán Ares, mais sálvalle a vida porque Diego de Andrade pide por el ao soberano; por Pardo de Cela ninguén moveu un dedo, nin o bispo, do que din algúns historiadores que eran amigos [Mayán Fernández, 1962, p. 50; Pardo de Guevara, 2005, pp. 92 e ss.] c] asimesmo ían axustizar os tres criados que quedaban na torre, mais pola intervención de Diego de Andrade sálvaselles a vida; os vintetres criados da Frouseira quedaron ceibes porque pactaron con Acuña a súa liberdade a cambio da traizón; d] a Fernán Ares véndeselle todo o morgado en xuño do 1485 en Lugo; a Pardo de Cela, agás os bens da igrexa mindoniense e outros que lle roubaron, que se fixeron con eles polo testamento nada máis ser degolado, os demais quedaron para os levadores [Meilán García, 2021b, pp. 142-151]. Degolados pai e fillo; morta dona Constanza por envelenamento; dona Isabel pobre, sen recursos e cos bens secuestrados; Fernán Ares expulsado á guerra de Granada, só quedaba dona Beatriz de Castro e Pedro de Bolaño para manter o que puideran do patrimonio familiar, que ademais, nestes momentos, dona Beatriz estaba rebelándose en Portocelo contra a sentenza da *Sucesión de Burela* [§ 2] e Pedro de Bolaño co conde de Lemos na toma de Ponferrada. Esta era a situación da familia do Mariscal na primavera do 1485. Vese, por tanto, que Acuña non só foi eliminar a Pardo de Cela, senón a desfacerlle todo o patrimonio, había moitas contas pendentes: o enfrontamento cos monarcas,

a sanguenta loita na Frouseira e as hostilidades cos Pérez de Viveiro, dos que era cuñado, pasáronlle factura ao Mariscal. A familia e o patrimonio quedaron esmoucados. A fronte norte liderada polos Pardo de Cela acababa de ser vencida. Só o tesón da filla, dona Beatriz, logrou recuperar algúns dos bens da casa dos Cela-Castro a través dos tribunais: Audiencia de Galicia, Chancelería de Valladolid e o Consello Real [García Oro, 1999, pp. 195-198]. A partir de agora, a estirpe dos Cela vai estar baixo o apelido dos Ribadeneira [García Oro, 1988, pp. 172-175].

2. Dona Beatriz de Castro, Pedro de Bolaño, o II conde de Lemos e o de Camiña

Pedro de Bolaño non só era xenro de Pardo de Cela senón que, segundo Vasco de Aponte, «iba por doquiera que iba su suegro» [Vasco de Aponte, 1986, p. 180], e igual có Mariscal, apoiaba o conde de Lemos, de aí o acoso ao que se veu sometido pola igrexa mindoniense e os Comisionados. Ao tempo que Acuña regresa a Galicia en abril do 1483, comínaselle a Pedro de Bolaño «a abandonar o reino de Galicia e acudir diante do monarca tal e como se lle tiña ordenado» [§ supra]. Acepta o mandato de ir velos e os reis ordénanlle quedar en Astorga ata novo aviso, orde que incumpre e volve ao Bierzo e a Galicia cando lle convén. En febreiro do 1485 reciben a sentenza da Chancelería de Valladolid sobre a *Sucesión de Burela,* que falla a favor do Cabido mindoniense obrigándoos a devolver os bens e a pagar 51.800 maravedís polos froitos e taxas do xuízo. Non tarda un mes o Cabido en facerse cargo de todas as freguesías pertencentes a Burela, mais dona Beatriz négase a admitila e ocupa unhas posesións en san Cristobo e en Portocelo, lugar este onde tiña «un paaço, con sus cortiñas, un molino, con ciertas heredades, un terreno al lado do Rego…», é dicir, parecía un sitio adecuado para facerse forte lonxe dun núcleo urbán como Burela, onde sería máis doado reducila. O Cabido mindoniense, pola súa parte, nos tres anos seguintes arrenda dita *Sucesión* a outros rendeiros, mais sábese polo testamento de Pedro de Bolaño, que fixo o 20 de agosto do 1491 en Lugo, que seguía con herdades en Burela, xa que lle deixa á filla, dona Maior, «la mi casa e porto de Burela con todas mis heredades e rentas» e, segundo Pena Domínguez, os seus descendentes mantivéronas ata o século XIX [Pena Domínguez, 2004, pp. 60-61], dito doutra maneira, ganáronlle o envite ao Cabido. Mentres estaban neste litixio coa igrexa mindoniense, Rodrigo Osorio a primeiros do 1485 toma polas armas a for-

taleza de Ponferrada e Pedro de Bolaño vai na súa axuda. Na viaxe que fan os reis a Galicia, no 1486, este último volve a ser citado para que vaia onde eles «so pena de nuestra merced e de confiscación de sus bienes, e tierras e vasallos»; acude á cita mais non cumpre a orde de desterro polo que o fiscal da Audiencia aplícalle as penas máis duras por desacato. Pola súa parte, o conde de Lemos mantén a vila no seu poder por máis de ano e medio, mais a finais de xullo do 1486 claudica, asina unha serie de condicións moi duras impoñéndolle unhas penas moi severas, e xa o día 3 de agosto entrega as fortalezas de Sarria, Balboa e Ponferrada [García Oro 1981: 319 e sgtes.]. De resultas, por mandato rexio, López de Haro confíscalle todos os bens a Pedro de Bolaño, que pasan a estar baixo o control do contador real, Juan de Arévalo [que os arrenda a un veciño de Lugo, Pedro Gayoso], e leva ao cárcere dez dos seus criados [García Oro, 1981, p. 327]. Tomada Ponferrada, decrétase unha orde de perdón ao conde e aos seus achegados, mais aínda o 29 de xaneiro do 1487, seguían no cárcere dous dos criados de Pedro de Bolaño, porque López de Haro defendía que o perdón non lles alcanzaba aos achegados de Pardo de Cela [García Oro, 1988, p. 174]. Parece tamén que Pedro de Bolaño estivo no cárcere, pois nun xuízo que tivo no Consello Real, alega non poderse defender porque «había estado preso y enfermo de gravedad y se había visto en tal penuria que no tenía «bienes algunos para poder gastar ni para se alimentar»» [García Oro, 1987, p. 386]. Despois da orde de perdón real, Pedro de Bolaño non puido recobrar tódolos bens pola resistencia dos levadores e porque os reis anularon posteriormente a orde. Entre recursos e alegacións, morre no 1491. Pedro de Bolaño viviu rebelde e morreu sendo rebelde, a diferenza do Mariscal, que viviu rebelde e morreu coma un rebelde, polo que se converteu en mito, e destacou, coma el, por opoñerse aos mandatos dos Reis Católicos, así como no eido das armas pois participou na toma de Pontevedra e na de Ponferrada. E xunto coa súa muller, dona Beatriz, foi aínda máis destro na política, pois de xulgado en xulgado, e sen obedecer as sentenzas nin os mandatos rexios, conseguiu manter a vida e a casa de Torés. Despois de morrer, será dona Beatriz a que reclame ante o Consello Real, e en novembro de 1507 a raíña dona Xoana restitúelle todo o patrimonio, grazas á xestión do fillo, Fernán Díaz de Ribadeneira, que estaba instalado na Corte e gozaba da protección do cardeal Cisneros. E aínda tardou uns anos en recibir os bens pois no 1512, volve reclamalos.

Con Pardo de Cela xa nas redes de Acuña na primavera do 1483, faltaba por resolver o gran problema da fronte portuguesa liderada polo conde de

Camiña. E son os propios reis os que deciden intervir esixíndolle ao seu fillo, don Álvaro de Soutomaior, coa complicidade da mai dona Tareixa de Távora, que se faga cargo do título e do señorío. E así foi; coa axuda dos homes de confianza do conde toma o castelo de Soutomaior e sempre ben axudado por Castela, en xaneiro do 1486 faise o traspaso do señorío pasando, xa, en febreiro, Salvaterra e Fornelos a poder dos monarcas. O conde de Camiña, só e desesperado, vai a Alba de Tormes a pedir perdón e encontrouse coa morte. A Pardo de Cela fóronlle pola Frouseira, onde era invencible, ao conde de Camiña polo señorío, que ademais de ser moi forte o compartía con Portugal e coa axuda dos seus reis [García Oro, 1981, pp. 240 e ss.]. As dúas grandes frontes que tiñan os Reis Católicos, Pardo de Cela e o conde de Camiña, acababan de ser vencidas e anuladas, ao tempo que tamén os nobres perdían os seus privilexios territoriais e rentistas.

3. De Pardo de Cela ao Estado Moderno

Esta cruel e sanguenta historia da familia de Pardo de Cela é un exemplo paradigmático do que pasou en Galicia na chamada «pacificación» deste reino, levada a termo por orde dos Reis Católicos. O balance final fala por si mesmo: dous degolamentos; unha morte por envelenamento; 4 anos de loita e moitas mortes entre a Frouseira e Caldaloba; desterros; unha fortaleza e un patrimonio destruídos, e o de Fernán Ares e o de Pedro de Bolaño, confiscados. Esta familia foi das últimas resistentes á política anexionista e de terror da Coroa, que se foi impoñendo desde 1480 *manu militari* polos Comisionados. O éxito non estivo tanto na operación militar, que foi de espanto, terror e sangue, como na implantación da xustiza. Aquel pobo que facía 15 anos aclamaba aos irmandiños porque os viron como liberadores dos seus males, agora recorre e confía na Audiencia porque os defende das accións inxustas e tiranas dos nobres, a diferenza destes, que a principios do 1484 firmaron un documento «de no consentir a los gobernadores todo lo que quisiesen facer», isto é, estaban inquietados pola súa actuación, mais todo quedou nun manifesto. Chegaron tarde, estaban descabezados, unha vez máis adiantáronselles os Reis Católicos. A chamada «pacificación» foi unha invasión de Galicia en toda regra e os monarcas foron dando pasos moi firmes coas súas ordes, mandatos e intervencións. Galicia, definitivamente, a finais do século xv, perdeu o seu estatus de gobernanza e desaparece como entidade política, que viña

exercendo desde o século VII desde a monarquía goda, se ben desde mediados do XIII comeza un declive como reino de seu, debido á presión anexionista de Castela [Andrade Cernadas & López Carreira, 2021]. Agora todas as ordes virán desde este reino. É máis, xa desde o 1483, Isabel de Castro, a viúva do Mariscal, a súa filla Beatriz e os Ribadeneira resolveron os seus litixios, que aínda eran moitos, non polas armas, como farían uns anos antes, senón nas Institucións de xustiza, que implantaron os Reis Católicos, que coa axuda doutras reformas como a dos mosteiros, da propia igrexa e das estruturas administrativas, acababan de poñer os cimentos e en camiño o Estado Moderno.

BIBLIOGRAFÍA

Andrade Cernadas, X. Muiguel & López Carreira, Anselmo [2021], *O Reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria*, Vigo: Xerais.

Barros, Carlos [1988], *A mentalidade xusticieira dos irmandiños*, Vigo: Xerais.

Cal Pardo, Enrique [1999], *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Transcripción íntegra dos documentos, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Couselo Bouzas, José [1926], *La Guerra Hermandina*, Santiago de Compostela: Tip. El Eco Franciscano.

García Oro, José [1981], *La nobleza gallega en la Baja Edad Media.Las Casas nobles y sus relaciones estamentales.* Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.

García Oro, José [1987], *Galicia en los siglos XII y XV*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

García Oro, José [1988], «Vivero y la familia de los Pardo de Cela» en *Estudios Mindonienses,* 4, 151-232.

García Oro, José [1999], *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza,* Noia: Toxosoutos [2ª ed.].

González Paz, C. Andrés [2003], «El castillo de Peñaflor [Riotorto-Lugo]: Iglesia y nobleza en la Mariña lucense» en Boletín *do Museo Provincial de Lugo*, nº 11 [2], 19-52.

González Paz, C. Andrés [2005], «Unha posible relectura da traxedia mariscaliana: Os últimos anos de Pedro Pardo de Cela», *Búsola,* Revista editada pola Casa da Cultura do Concello do Valadouro, 1, 43-51.

Lence-Santar y Guitián, E. [1930], *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad,* Tomo I, Mondoñedo: Tip. De Centro de Acción Social Católica.

López Carreira, Anselmo [2021], *Historia de Galicia*, Vigo: Xerais.

López Ferreiro, Antonio [1968], *Galicia en el último tercio del siglo XV,* Vigo: Ed. Compostela / Faro de Vigo.

López Ferreiro, Antonio [1975], *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, Madrid: Castilla S.A..

Mayán Fernández, Francisco [1962], *El Mariscal Pedro Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica,* Viveiro: Gráficas A. Santiago.

Meilán García, Antón X. [2004], *O «Mito» do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura,* Alfoz: Asociación Cultural «O Mundo de Galea».

Meilán García, Antón X. [2019], *Os últimos días do Mariscal [O testamento e a Igrexa mindoniense]*, Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro, 9.

Meilán García, Antón X. [2021a], *Dona Constanza de Castro toma a Fortaleza de Vilaxoán. Loita, resistencia e morte*, Lugo: Deputación Provincial.

Meilán García, Antón X. [2021b], «O cerco á fortaleza de Vilaxoán: a toma e resistencia de dona Constanza de Castro e Fernán Ares despois de Pardo de Cela», *Murguía*, Revista Galega de Historia, 43-44.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2005], «El Mariscal Pardo de Cela. Una injusticia ejemplar», *Torre de los Lujanes, Revista de la Real Sociedad Económica Matritense,* 55.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [2013], «El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento», *Cuadernos de Estudios Gallegos,* lx [126], 171-223.

Pena Domínguez, R. [2004], *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del siglo XX*. Lugo: Deputación Provincial.

Rodríguez, Francisco [2022], *Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza [a segunda metade do século XIV]. A relevancia do Reino Galego Medieval*, T. I, Santiago de Compostela: ASPG.

Rubio Martínez, Amparo [2012], «Los primeros Vizcondes de Altamira en la villa de Vivero: adquisición y pérdida de un señorío en el Reino de Galicia», *Cuadernos de Estudios Gallegos,* lix [125], 95-114.

Vasco de Aponte [1986], *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia,* intr. y ed. crítica de Manuel C. Díaz y Díaz et alii, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Vázquez Seijas, Manuel [1959], *Fortalezas de Lugo y su provincia,* Lugo: La Voz de la Verdad.

Villamil y Castro, J. [1901], «El Mariscal Pardo de Cela» en *Galicia Histórica,* Revista bimestral*,* Santiago de Compostela.

Villares, Ramón [2020], *Historia de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia.

6

Fin do Reino

As Xuntas de Galicia e o final do Reino. Do século XVI á década de 1830

Pegerto Saavedra

RESUMO. Podería chamar a atención que, xusto despois da afirmación do poder real en Galicia nos comezos da Idade Moderna, aparecese unha institución nova, que daba personalidade política ao Reino: as Xuntas do Reino Galicia. Trátase dunha asemblea que a monarquía utiliza como intermediaria para levar a bo termo as peticións fiscais e militares, pero tamén procurou negociar asuntos que resultaban de interese para o Reino, tal como a defensa das súas costas e, por riba de todo, a recuperación do voto en Cortes.

A recuperación do voto en Cortes en 1623, a cambio dun donativo, foi un éxito político, pois as cidades cabezas de provincia pasaron a controlar a recadación do servizo de «millones», de modo que Galicia deixaba de formar parte do espazo fiscal de Zamora.

As Xuntas de Reino tiñan sen dúbida debilidades, pero conseguiron que durante toda a Idade Moderna Galicia mantivese unha personalidade política que daba visibilidade institucional e sentido identitario ao Reino.

Coa división provincial de 1833 desaparecerá o Reino unitario, dando orixe unha situación político-administrativa nova, da que axiña tomaron conciencia algúns intelectuais da década de 1840.

RESUMEN. Podría llamar la atención que, justo después de la afirmación del poder real en Galicia a comienzos de la Edad Moderna, aparezca una institución nueva, que otorgaba personalidad política al Reino: las Juntas del Reino de Galicia. Se trata de una asamblea parlamentaria que la monarquía utiliza como intermediaria para llevar a buen término las peticiones fiscales y militares, pero sus miembros también procuraron negociar asuntos que resultaban de interés para el Reino, tal como la defensa de sus costas y, por encima de todo, la recuperación del voto en Cortes.

La recuperación del voto en Cortes en 1623, a cambio de un donativo, constituyó un éxito político, pues las ciudades cabezas de provincia pasaron a recaudar, a partir de entonces, el servicio de millones, de modo que Galicia dejaba de formar parte del espacio fiscal de Zamora.

Las Juntas del Reino tenían sin duda debilidades, pero consiguieron que a lo largo de la Edad Moderna Galicia mantuviese una personalidad política que daba visibilidad institucional y sentido identitario al Reino.

Con la división provincial de 1833 desaparecerá precisamente el Reino unitario, lo que dio origen a una situación políticas nueva, de la que pronto tomaron conciencia algunos intelectuales a partir de 1840.

ABSTRACT. It might be surprising that, just after the affirmation of royal power in Galicia at the beginning of the Modern Age, a new institution appeared that gave political personality to the Kingdom: the *Xuntas* of the Kingdom of Galicia. This is an assembly that the monarchy used as an intermediary to successfully carry out fiscal and military requests, but which also tried to negotiate matters that were important for the kingdom, such as the defense of its coasts and, above all, the recovery of the vote in the Cortes.

The recovery of the vote in the Cortes in 1623, in exchange for a donation, was a political success, since the cities at the head of the province took control of the collection of the service of "millions", so that Galicia ceased to be part of the fiscal space of Zamora.

The *Xuntas* of the Kingdom certainly had weaknesses, but they ensured that throughout the Modern Age Galicia maintained a political personality that gave institutional visibility and a sense of identity to the Kingdom.

With the provincial division of 1833, the unitary Kingdom disappeared, leading to a new political-administrative situation, of which some intellectuals of the 1840s soon became aware.

1. Orixe e consolidación das Xuntas do Reino

Pode parecer ben estraño que xustamente cando o poder monárquico se afirma en Galicia despois de 1480, e de xeito xa definitivo desde 1522, o Reino acade una entidade institucional que non tiña no século XV, cando rematou asimilado no plano político e fiscal aos outros territorios da chamada na Idade Moderna coroa de Castela.

No tocante a esta cuestión hai que reparar ou lembrar que os Reis Católicos non suprimiron en Galicia ningunha institución de autogoberno, porque non había tal cousa cando eles ocupan o trono; a tal suposta autonomía de Galicia non consistía nunha realidade xurídico-política, senón nun feito orixinado pola incapacidade de varios monarcas para facerse obedecer polos señores e tamén polas comunidades locais, que se negaban teimosamente a pagar certas cargas fiscais. Mesmo o exercicio do voto en Cortes por parte de varias cidades e vilas ata fins do século XIV [Betanzos aínda envía procuradores en 1465] e logo a prolongada loita para recuperalo acredita o que sinalamos, pois a participación na asemblea vai unida a uniformidade, en particular no terreo fiscal, e así se explica que durante os séculos da Idade Moderna nin as provincias vascas nin o reino de Navarra manifestasen intención –máis ben ao contrario– de mandar procuradores ás Cortes de Castela, aínda que pertencían formalmente a esta coroa.

Pero, ben mirado, non hai contradición entre a existencia dun poder real forte e a creación e funcionamento ata 1834 das chamadas Xuntas do Reino, unha asemblea parlamentaria ou cortes que representan, de acordo cos criterios do Antigo Réxime, ao conxunto de Galicia e aseguran no plano político, a súa personalidade ou particularismo institucional. Pois as Xuntas, formadas por procuradores das cidades cabezas de provincia, apare-

cen no primeiro terzo do século XVI, debido por riba de todo á necesidade que teñen os representantes do poder monárquico [gobernador ou vicerrei, Audiencia] de contar coa colaboración dos gobernos urbanos para repartir cargas ordinarias e lograr a concesión de subsidios e outros pedidos extraordinarios [Artaza, 1998].

A documentación fragmentaria non permite aclarar por completo o nacemento e consolidación das Xuntas, proceso que vai unido á afirmación da división provincial interna, pero si hai constancia de reunións nos anos 1500, 1515, 1520,1526, 1528, 1533, 1535, 1549..., segundo teñen indicado Laura Fernández Vega, Antonio Eiras Roel e Manuel Mª de Artaza en diversos traballos, que se citan na bibliografía final. Na primeira dise que se axuntaron «*los procuradores de las cinco provincias deste [...] Reino, de las cibdades, villas e lugares, cotos y feligresías*»; con todo, ocasionalmente tamén asisten representantes de vilas como Baiona, Noia ou Viveiro, proba de que os marcos provinciais aínda non estaban por completo afirmados, nin sequera en 1528, cando concorren a Compostela os procuradores de Santiago, Betanzos, Lugo, Mondoñedo e Ourense, que tomaron un importante acordo, dado a coñecer no seu día por Pablo Pérez Costanti:

> «*después de platicado en que se cumpla con toda brevedad lo que su Magestad manda por sus provisiones y cédulas reales, sobre que han sido llamados e ayuntados, ordenaron e otorgaron que que de aquí en adelante se tenga e guarde entre ellos y entre los otros procuradores que por tiempo fuesen de las dichas cinco provincias deste Reino de Galicia lo siguiente: que por lo que conviene al servicio de Su Magestad y al bien de la república, se hayan de juntar e junten a quince días de mes de marzo de cada un año, con poder que para dello tengan de las dichas cidades cabeças de provincia; y el año primero venidero se ayunten donde por todos ellos sea concertado en el dicho primero ayuntamiento, e que hayan de estar e estén residentes a platicar y entender en lo susodicho seis días y no más, salvo que siendo necesario e siendo en conformidad de todos puedan estar lo que más les pareciere*» [Pérez Costanti, 1993].

Todo indica que este acordo non se levou á práctica, pero pon de manifesto a intención dos persoeiros de institucionalizar as Xuntas, mediante reunións periódicas celebradas sen convocatoria previa das autoridades reais. O certo é que a convocatoria do gobernador ou do Real Acordo foi

necesaria para a celebración dos diversos congresos dos procuradores, e a exclusión definitiva das vilas, que participaran nas xuntas da Irmandade, hai que relacionala coa vontade das autoridades monárquicas de limitar o número de participantes nas asembleas, como se observa na evolución das Cortes de Castela; en Galicia, a representación do reino acabou monopolizada polas poboacións que tiñan rango de cidade, as sete cabezas de provincia, despois de que na década de 1540 Betanzos e Tui acadasen a condición provincial, separándose da Coruña e de Santiago. Nun documento de 1552 queda claro que o que acordan os procuradores das provincias obriga a todo o Reino, que eles representan: cando Baiona e Viveiro quixeron anular unha contribución votada para a fortificación da Coruña, os deputados que formaban a Xunta reclamaron a súa competencia exclusiva no asunto:

> *«Hemos sabido que por parte de la villa de Vivero y de Bayona, siendo lugares privados, por inducimiento o persuasión de algunos particulares que desean poco el servicio de su Magestad y el bien general del Reino, han tentado y tientan, por la vía del Consejo Real, de contradicir e impedir dicha sisa, no siendo partes, porque en esto lo son tan solo los procuradores de las siete provinçias deste Reino, que lo consintieron en servicio de su Magestad y beneficio del Reino, como en semejantes casos siempre se ha hecho y debe hacer*» [Fernández Vega, 1982, III, pp. 338-350].

A relación que hai entre a consolidación das Xuntas e o reforzamento do poder real tamén queda acreditada polo acontecido ao comezo da década de 1520, con ocasión da guerra das Comunidades. Como é sabido, o 4 de decembro de 1520 celebrouse na vila de Melide unha asemblea de señores leigos e eclesiásticos, ou sexa, de feudais, dirixidos polo arcebispo Alonso de Fonseca III e por don Fernando de Andrade, conde de Vilalba, quen, co segundo conde de Lemos don Rodrigo, tiveran o control de Galicia despois da crise política provocada pola morta da raíña Isabel en 1504. Os persoeiros que participaron na reunión de Melide, de modo presencial ou por medio de apoderados, proclamaron que actuaban no nome do Reino, que eles representarían, e entre os acordos que tomaron figura o da reclamación do voto en Cortes para Galicia, daquela en poder da cidade de Zamora, pero a finalidade principal da asemblea era poñer en pé unha confederación de feudais, que lembraban ben o levantamento Irmandiño, para impedir que o movemento comuneiro prendese no Reino, cousa que efec-

tivamente evitaron. Cando no verán de 1522 Carlos v regresa de Alemaña mandará para fóra a Fonseca e a Andrade, e non haberá máis asembleas de señores: o interlocutor das autoridades reais vai ser desde entón a Xunta formada polos procuradores das cidades cabezas de provincia, que serán os que se encarguen, entre outras cousas, de negociar a recuperación do voto en Cortes. Ademais, Carlos v reforzou a Real Audiencia, mediante unhas ordenanzas, que regularon a súa composición e funcionamento, e mandou facer unha veciñanza de todo o Reino, tratando do mesmo xeito aos territorios de reguengo e os de señorío, que non quedaron libres dunha enquisa que pon manifesto a capacidade do poder para conseguir información con fines fiscais [Saavedra, ed., 2021].

É lóxico que as autoridades monárquicas buscasen a colaboración das elites locais no goberno do Reino. A monarquía creou unha administración periférica, formada polo gobernador e a Audiencia, con apousentamento na Coruña desde 1563, pero nunca tivo unha infraestrutura administrativa no ámbito local, en particular para a xestión fiscal. E Galicia era un territorio que ofrecía serias resistencias ao exercicio do poder real no mundo rural: a división do territorio en centos de xurisdicións e coutos de tamaño e configuración moi desigual, que no 90 por cen dos casos pertencían a casas nobres, bispos e mosteiros; un hábitat formado por miles de pequenos asentamentos mal comunicados e escondidos entre os montes; unha lingua comunal que non era a utilizada pola administración, descoñecida pola inmensa maioría da poboación. Estas e outras realidades, que constituían barreiras que se levantaban fronte aos poderes externos ás aldeas e parroquias, obrigaban aos empregados ao servizo do rei a contar coa axuda das persoas que gobernaban as cabezas de provincia, encargadas de que as ordes e pedidos se cumprisen nas diversas demarcacións [Saavedra, 2013]. Así o recoñecía o gobernador en 1552, cando expoñía que en Galicia a maneira de repartir os trabucos era moi diferente á que se estilaba en Castela:

> *«En este /Reino/ es muy diferente la orden y repartimiento que, en semejantes casos, suele haber de lo que en otros pueblos de Castilla se hace, porque en este Reino hay muy pocos pueblos que sean de la corona real, que los más son de prelados y hombres de estado, caballeros y órdenes, y todo está repartido en siete provincias, que son Santiago, la Coruña, Betanços, Lugo Mondoñedo, Orense y Tuy, de las cuales solas Coruña y Betanços son de la corona real de Vuestra Alte-*

za, y en semejantesrepartimientos se juntan estas siete provincias y otorgan y reparten entre sí, y todos los que caen y están debajo de cada provincia pagan y contribuyen, quier sean de vuestra corona real, quier de los dichos prelados, caballeros y órdenes, porque de otra manera no se podría dar orden en ello, y si se hiciese por la orden que Vuestra Alteza envía a mandar, no se podría hacer, por ser tan diversas las tierras y jurisdicciones..» [Fernández Vega, 1982, III, pp. 350-351].

Na carta do gobernador ou vicerrei, queda ben claro cales eran os motivos para que as Xuntas participasen no reparto interno dos servizos e de outras contribucións: nun territorio ruralizado, no que a poboación de cidades e vilas non representaba o 10 por cen da total, co hábitat esfarelado e con centos de xurisdicións e coutos nos que os xuíces ordinarios e escribáns eran nomeados polos señores, resultaba preciso acudir á axuda das cidades cabezas de provincia, para que circulasen as ordes reais [valéndose do sistema de vereas] e se encargasen de que se lles desen cumprimento por parte das autoridades concellís. Nesta estrutura territorial e contexto cultural non era posible que houbera un «centralismo» eficaz, pois segundo quedou indicado, a monarquía dependía da colaboración de persoas que ocupaban cargos por designación dos señores, incluídos os rexedores das cinco cidades que estaban baixo a xurisdición episcopal [Santiago, Lugo, Mondoñedo, Tui, e Ourense ata 1570-1628, cando pasou ao reguengo]. É certo que a Real Audiencia chegaba, en palabras de Otero Pedrayo, ao último recuncho do país, pero iso era debido ao seu prestixio como tribunal de xustiza formado por letrados independentes dos señores e que vía as apelacións procedentes de todos os xulgados do Reino, e entendía en primeira instancia en numerosos asuntos, que escapaban así ao control dos xuíces ordinarios electos polos señores. Non é casualidade que os labregos lle chamasen á Real Audiencia a «fonte limpa», sinal da confianza que tiñan nela.

Realmente, só a Igrexa contaba con unha infraestrutura administrativa que cubría por completo todo o territorio: trátase da rede parroquial, con 3.500-3.700 circunscricións durante a Idade Moderna, unha cifra que apenas cambiou a pesar do incremento do número de veciños, que se multiplicou por 5 desde 1500 a 1800. Unha rede moi densa, pois cada freguesía tiña de media 8,5 kilómetros cadrados e 8 aldeas, e estable, pero a estabilidade é máis formal que real, pois a fortaleza da parroquia como territorio

e grupo humano non deixou aumentar despois do concilio de Trento, coa residencia dos reitores, con xurisdición e control sobre o rabaño, coa reforma ou renovación católica, que obrigou aos veciños a concorrer uns 80-90 días ao ano ao templo parroquial, e co propio incremento demográfico, que impulsou unha sociabilidade, sacra e profana, moi intensa. De resultas destes cambios, a parroquia vai ser unha institución cada vez máis visible nas fontes documentais, inclusive nas de tipo civil, como catastros e censos de poboación [García Pazos, coord., 2009].

2. A recuperación do voto en Cortes

As Xuntas operan desde comezos do XVI, como sabemos por noticias documentais non sistemáticas de reunións. Ata 1599 os cabaleiros deputados non se preocuparon de conservar as actas, e facer copias para gardalas nos arquivos municipais de cada cidade cabeza de provincia. E esta novidade, feliz para a investigación histórica, non é froito da casualidade: na década de 1590 ábrese unha nova etapa para as Xuntas e para a visibilidade, tamén no plano ideolóxico e cultural [na publicística], do Reino. Para que tal acontecese tiveron que concorrer varias circunstancias ou cambios sociais e políticos: a consolidación da fidalguía ou nobreza territorial, que controla o goberno de cidades e vilas en ausencia da aristocracia cortesán; a existencia no goberno da monarquía do que podemos chamar, con certa licenza, un loby galego, formado polo gran conde de Lemos, o conde [desde 1617] de Gondomar, o valdeorrés Andrés de Prada [fundador da casa de Outarelo], o conde de Monterrei [menos activo] e xa con Felipe IV o confesor real frei Antonio de Soutomaior, dominico]. Nunha monarquía de «nacións», as disputas polo poder no centro con facilidade se convertían en polémicas sobre a maior ou menor dignidade e preeminencia de cada unha delas e os condes de Lemos e Gondomar participaron activamente nestas disputas, para defender as calidades do reino de Galicia. Finalmente, foi moi importante para actividade das Xuntas a concesión por parte das Cortes de Castela do chamado servizo de millóns, unha contribución que en principio ía durar seis anos e que comezou a cobrarse en 1591, pero que logo se foi prorrogando durante toda a Idade Moderna, e estivo en vigor ata a creación da facenda liberal na década de 1840. A novidade dos servizos de millóns estaba en que nas sucesivas negociacións para a súa concesión ás cidades con voto en Cortes conseguiron da monarquía a capacidade de decidir a forma de recadación e a xestión da cobranza, e Galicia atopouse con que

todas estas novas competencias eran desempeñadas por Zamora, a cuxo territorio fiscal pertencía, e agora esa dependencia facíase moi gravosa. A única solución para librase do dominio zamorano pasaba por recuperar o voto en Cortes, que significaba controlar a xestión dos millóns, unha renda cada vez máis importante. E aínda hai que engadir que as necesidades militares e fiscais de monarquía obrigárona a contar de modo continuo coas elites territoriais e coa alta nobreza, que continuaba tendo influenza local, ao dispor de señoríos e polo mesmo de vasalos que podían ser recrutados [Saavedra Vázquez, 1996; Eiras Roel, ed., 1994 ss.].

A conxuntura mencionada, na que se mesturan os cambios sociais, culturais e político-fiscais, deu orixe a una intensa actividade das Xuntas, que buscaron o apoio na corte dos caporais da nobreza, comezando polos condes de Lemos. Antonio Eiras Roel, editor das Actas das Xuntas celebradas entre 1599 e 1712 [15 tomos], ten sinalado que desde a primeira data parece que comeza unha nova etapa na historia da institución, como proba a coidadosa conservación das actas [ou a memoria escrita da corporación], a maior frecuencia das reunións, e o uso habitual de expresión antes pouco frecuentes, coma «negocios do Reino», «falar ao Reino», «Xuntas en forma de Reino». Faise tamén máis solemne o cerimonial, coa recepción dos procuradores polo gobernador e coa asistencia do oidor máis antigo da Audiencia [circunstancia que logo se utilizará para controlar os debates]. O proceso de institucionalización remata, en opinión do autor mencionado, en 1621, cando os procuradores foran convocados polo rei e votaron un servizo de 100.000 ducados [que irían destinados a construír a escuadra de Galicia] para recuperar o voto en Cortes, confirmado en 1623. Esa reunión inaugurou un «ritual formalista hasta entonces no conocido en el desenvolvimiento de las Juntas», que inclúe desde a forma en que o gobernador debía recibir aos cabaleiros deputados ata a novidade protocolaria de permitirlles cubrirse diante dos representantes do rei: «sintetizando, basta con dicir que las Juntas del Reino de Galicia adquirieron su mayoría de edad el mismo día [9-X-1621] que los procuradores de las siete ciudades se cubrieron con sus gorras para hablar al gobernador» [Eiras Roel, 1995]. Para este autor as Xuntas do século XVI serían antes que Xuntas do Reino Xuntas de Provincias, pero está claro que os seus acordos sempre obrigaban a toda Galicia, con independencia de que a conciencia de reino se fose asentando, e de feito a palabra Reino é polisémica, pois tanto pode aplicarse ao territorio como á institución que o representa [«juntose el Reino…», «acordó el Reino…»].

A recuperación do voto foi un triunfo das Xuntas e dos nobres que apoiaron as negociacións na corte e remataba unha loita xa secular, que se intensificara desde 1518, para evitar que Zamora falara e tomara nas Cortes acordos por Galicia. Ben é verdade que esa loita chegou a provocar divisións entre las sete cidades, porque algunhas aspiraron a monopolizar o exercicio do voto, caso de Santiago en 1573. En 1621 os procuradores superaron os enfrontamentos e voto foi concedido ao Reino, de maneira que en cada reunión de Cortes dúas cidades, por quenda, mandarían procuradores, pero, como eran sete, Santiago acadou a vantaxe de entrar na primeira quenda e na última [Santiago-Betanzos, A Coruña-Lugo; Mondoñedo-Ourense; Tui-Santiago]. Na real cédula de Felipe IV de 13 de outubro de 1623 «para que Galicia tenga voto en Cortes», queda constancia da vella aspiración do Reino e da oposición de Zamora e de outras cidades, que atrasara o logro dun privilexio merecido: *«teniendo consideración a lo que está referido y a que el dicho reino es muy extendido y sus naturales han hecho muchos y grandes servicios a nuestra real corona y a que en él está el cuerpo del glorioso apóstol Santiago, a quien tengo particular devoción y por patrón y abogado, tuvimos por bien concederle dicho voto en cortes, de lo cual la parte de la ciudad de Çamora y de las demás ciudades y villas destos reinos que tienen voto en dichas cortes se agraviaron y llevaron papeles al nuestro Consejo de Justicia…»* [Fernández Vega, 1980; Artaza, 1998]. A concesión do voto a todo un reino non deixaba de ser unha novidade, pois ata entón era prerrogativa particular de 18 cidades e vilas reguengas; no caso de Galicia, catro das sete cidades pertencían ao señorío episcopal [«abadengas»], pero a efectos de participar nas Cortes quedaron igualadas ás reguengas, para evitar os desacordos pasados, pois había sospeitas de que ás primeiras [Santiago, Lugo, Mondoñedo e Tui] parecíalles que non había diferenzas entre estar sometidas a Zamora ou a Betanzos e A Coruña, entón as únicas reguengas [Artaza, 2020].

A principal vantaxe do voto en Cortes para as cidades foi a xestión dos servizos de millóns e, de momento, a participación do Reino na construción e actividade da «escuadra de Galicia», financiado con un imposto sobre o sal, aínda que este proxecto rematou mal, pois os barcos foron enviados a Flandres, cando o acordado era que servirían para defender as costas de Galicia. A intervención nas Cortes de Castela tivo de momento pouco percorrido, pois desde 1665 ata principios do XVIII non se convocaron, e nalgunhas interviñeron de procuradores os nobres cortesáns galegos, aos que se lles concedera unha rexeduría nas cidades cabeza de provincia.

3. A conciencia do Reino na escrita

A institucionalización plena das Xuntas e a recuperación do voto son feitos que coinciden, e non por casualidade, cunha meirande conciencia de pertenza a un Reino antigo e nobre entre as elites locais e a aristocracia da corte. Unha proba disto está na escrita de historias de Galicia e de outros textos de carácter apoloxético [*Laudes Gallaeciae*], que tamén tiñan a finalidade de combater os tópicos denigrativos que corrían sobre o noso país e os seus habitantes desde mediados do XVI e en ocasións xa dende antes. Non me pararei a comentar esta cuestión, ben coñecida, pois na literatura do século de Ouro hai mostras abundantes da visión negativa de Galicia e dos galegos, con composicións por exemplo sobre as mulleres que servían en Madrid que hoxe parecen noxentas [Rey Castelao, 2021]. Si debo indicar que esta corrente denigrativa está, na miña opinión, motivada en boa medida por cambios culturais que ocasionaron a aparición de novos modelos sociais, en concreto o do chamado «home moderno», caracterizado pola asunción de crenzas e prácticas relixiosas concordantes coa ortodoxia postridentina, polo dominio da lectura e da escritura, polo aprezo da privacidade fronte a unha torpe promiscuidade na vida doméstica, polo control do corpo e das súas paixóns fronte á descompostura e brincadeiras lúbricas, en resumo, polo ideal –non sempre real– dunha nova civilidade que se afastaba moito da cultura campesiña, comunitaria, inzada de supersticións, bárbara, baseada na oralidade… Galicia, un país rural, descoñecedor do castelán, no que as xentes andaban case en coiros, non sabían a doutrina, durmían todas xuntas nun cuarto ou na lareira e comían centeo e porco, tiña todos os trunfos para converterse no contrario dese modelo. E a todo isto engadíase que, deixando á parte a nobreza, os homes e mulleres emigrados ás poboacións de Castela e Andalucía, en especial á corte madrileña, adoitaban traballar nos oficios de menos estima. A principios do XIX o crego Santiago Pastoriza, reitor de Urdilde, escribía sobre as consecuencias que a emigración tivera e tiña na visión de Galicia:

> *«¿Cuánto no ha padecido antes de ahora el alto honor y gloria inmortal de este esclarecido reino en Cádiz, Madrid, Lisboa y ambas Castillas, solo por la rusticidad y embrutecimiento de los que emigran para cargar en dichos pueblos con la expuesta botija de agua y con los haces de trigo y cebada en el campo? ¿Negarán los tales que por su barbarie, ninguna educación y menos política han sido tratados*

> *con el mayor desprecio y abatimiento, hasta usar con ellos del glorioso epíteto de ´gallego` como por befa, burla y escarnio?»* [Saavedra, 1994, p. 378].

Era preciso volver polo honor de Galicia, cousa que para a nobreza de corte implicaba tamén loitar no centro do poder con outras faccións, formadas a miúdo por relacións de «paisanaxe». A historia, tal como se practicaba entón [xenealoxías individuais ou colectivas, descricións, historia urbana, historia eclesiástica, historias de Galicia que inclúen algo de todo…], tivo ao respecto un papel importante para tratar de asentar, de acordo cos tópicos e valores da época, que Galicia era un reino que estaba por diante de calquera outro en antigüidade, nobreza e apego á fe católica [Rey Castelao, 2016]. Como dicía o señor de Gondomar nunha coñecida carta que escribe en 1614 ao valdeorrés Andrés de Prada, e da que se conserva unha copia na Biblioteca da USC, poderíase falar de Galicia como dunha persoa que reunía virtudes que moi poucos tiñan:

> «*hallarémosle de raza antiquísimamente noble, de clara y limpia sangre, sin ninguna mezcla de judío, moro ni penitenciado; leal, sin mancha, firme y religioso católico; valeroso, sabio y prudente con eminencia, probado y experimentado en los mayores cargos y oficios […]. Esta es la parte del gallego para honra y gloria de la Monarquía, veamos si hayotro reino que pueda decir de estas cualidades. Fue Galicia reino y reyes tuvieron este título primero que ninguno otro en España, pues ya en tiempo de Santiago sabemos que reinaba en Galicia la reina Loba*».

En opinión de don Diego Sarmiento «*no se hallará, ni por tradición ni por escritura, que gallego ninguno haya sido traidor a Dios, ni a su señor, ni se haya visto gallego hereje, ni judaizante, ni matador alevoso, ni pueblo debelado /rendido ao nimigo/ […] ¿Qué nación en el mundo puede decir esto*?». Non se esquece de mencionar a participación da nobreza galega na reconquista e noutras empresas da monarquía, e ata afirma que na batalla de Clavijo o apóstolo Santiago quixo loitar a carón de don Luís Osorio, señor de Chantada: «*Y así gallego estará también Santiago, soldado defensor y patrón de las Españas*». Pero na vellez recoñece que se atopa canso e desanimado, vendo o cativo resultado dos seus esforzos en favor do Reino, e só agarda «**morir como cristiano y como fidalgo gallego**».

Gondomar desempeñou un importante labor de mecenado. Tiña na súa casa de Valladolid *«mis libros y papeles, de que me atreviera a sacar mayores volúmenes de heroicos y valerosos hechos y virtudes de solos los gallegos que de todas las naciones juntas»*. Dos que traballaron no seu círculo merecen citarse dous eclesiásticos: o dominico frei Hernando de Oxea e o monxe bernardo Atanasio de Lobera. O primeiro é o autor do coñecido mapa de Galicia publicado en 1603 por Adrian Ortellius en Amberes no *Theatrum orbis terrarum* e que ten coma valor principal ser a primeira representación cartográfica independente do Reino, á marxe das limitacións e erros técnicos, pois Oxea non era cartógrafo e elaborou o mapa en México. A lámina debía ir acompañada dunha *Verdadera descripción del Reyno de Galicia*, entón non publicada, pero que hoxe coñecemos grazas ás pescudas de Fernando Bouza [2009]. Na mesma época, Oxea traballaba na composición dunha «*historia general desta tierra /Galicia/, que vamos acavando de poner en orden»*, e que nunca chegou a publicarse, aínda que si imprentou unha historia do apóstolo Santiago. Tampouco saíu do prelo a *Corónica Grande del Reino de Galicia*, de Lobera, da que se garda un borrador nos fondos de Gondomar da Real Biblioteca de Madrid, editado hai uns anos por José Luís Rodríguez Montederramo [2004].

O texto de Lobera ten especial interese, porque nel o autor, rioxano e monxe durante algún tempo en Montederramo, elabora un discurso ben argumentado de acordo cos criterios da época, e trata de combater os tópicos que na literatura corrían sobre Galicia, recoñecendo en ocasións os condicionamentos que impón a estrutura territorial do Reino. Así, afirma que se hai poucos galegos que destaquen no cultivo das letras non é por falta de aptitude:

> «*Porque, supuesto el buen temperamento y que el más ordinario sustento es leche, manteca, miel y fruta, naturalmente han de salir grandes ingenios, y el florecer y campear pocos topa con la falta que hay de piedras a propósito de darles filo. Que como la gente vive por los campos, retirado un vecino de otro, las casas malas, el exercicio andar con el ganado por los montes, el niño mama lo que vee y abraça aquello en que cría. Este, pues, es el tropiezo donde caen y se mancan las habilidades gallegas. Que si vivieran en comunidades donde hay escuelas, hay urbanidad en el vestir, en el hablar, en comer y beber y en todas las acciones naturales y artificiales, donde comunican los hombres y se comunican las cosas, hay quien alabe y vitupere, casti-*

go y premio, honra y menosprecio, y visto uno y otro, tiene ocasión la naturaleza de echar mano de aquello a que es inclina, corrieran los ingenios por diverso camino».

Dito doutro xeito, as condición nas que se crían os nenos nas aldeas non favorecen o desenvolvemento das súas capacidades intelectuais. Pero aínda así, vivindo «entre rocas y carballos», os labregos non deben ser cualificados de «*villanos, cabeçudos, duros, adobes y otras cosas a este modo*», pois a xente común de Galicia «*llevada con bien y tratada con blandura es blandísima, sencilla, confiada, comedida, caritativa, liberal, dadivosa, amiga de amigos y, sobre todo, obedientísima y sujeta a la iglesia ya la justicia y a sus ministros y señores temporales*». Lobera ennobrece tamén os alimentos comúns en Galicia: o viño é de gran calidade, o centeo é tan branco coma o trigo e a manteiga gánalle ao aceite á hora de preparar as comidas.

Da firmeza dos galegos na profesión da verdadeira relixión non pode dubidarse, segundo o monxe Bernardo.

«*En ninguna tierra ni nación de cuantas hoy se hallan [...], se puede afirmar ni aun presumir haberse plantado y conservado, si no en esta y en las demás montañas sus colaterales, el conocimiento y culto de un verdadero Dios [...]. Y siendo, como es cierto, que ninguna obra buena, aunque sea moral, deja Dios sin premio, como ningún vicio sin castigo, no sería arrojamiento entender y decir que el haber la providencia del cielo ordenado que luego, al amanecer de la ley de gracia y nueva luz del evangelio, lo viniese a predicar al reino de Galicia por tantas tierras y mares [mies toda sin obreros] un ministro tan grande como Santiago, y que justamente lo escogiese como depositario perpetuo de su sagrado cuerpo, que premió las virtudes y méritos de susnaturales. Digo más, que si en alguna tierra de las que hoy conocemos los hombres se conservó el culto de un solo y verdadero Dios fue Galicia. Mi fundamento es haberlo los primeros habitadores recibido de los sanctos patriarcas, sus fundadores, que lo dexaron enseñado y entablado a sus sucesores*». E é que, despois do diluvio universal, Galicia foi poboada nada menos que polo patriarca Noé, a quen se debe a orixe do poboacións como Noia ou Navia, «*dexando asimismo a los suyos por principal y esencial fundamento y firmeza de sus fundaciones el conocimiento y culto de un solo Dios*...».

Pero Lobera non se quedaba nos tópicos da época relativos aos poboadores orixinarios dos diferentes territorios, fosen Noé ou algún dos seus descendentes, en especial Túbal. Cando o galego apenas se escribía e para algúns autores non pasaba de ser unha deturpación ou corrupción do castelán, el afirmaba, con afouteza, que pertencía ao selecto grupo das linguas babélicas:

> *«Que pues algunos autores no sólo dicen, sino que prueban con muchas razones, que la primera lengua de España fue la que habló Adán y sus descendientes, que la conservó Noé y los que de los suyos dexaron de asistir en el edificio de la torre de Babilonia, donde sucedió la confusión de las lenguas, sin escrúpulos se puede decir que quedó en Galicia, a donde vivió el mesmo Noé, y se conservó por muchos siglos juntamente con las demás cosas que ordenó y enseñó. Y no dudo sino que mucha parte de la que hoy está en uso es della. Porque bien hablada es graciosa, suave, elegante, sentenciosa y que en pocas palabras compreende mucho, y mejor que otra la esencia de lo que va tratando»* [Rodríguez Montederramo, 2004, p. 332].

En definitiva, Noé, acompañantes e descendentes instaláronse en Galicia porque ao existir abundancia de leite, manteiga, peixe, froitas e hortalizas: *«ninguna tierra en España ni, por dicha, en el mundo, se podía hallar para vivir los hombres más acomodada que ésta. Y no va fuera de propósito entender que jamás con estos primeros habitadores se mezcló alguna otra gente, así por estar retirada cada casa por sí y muy distante, sin necesidad de correspondencia unas de otras por tener lo necesario todas, y ser la tierra montuosa*», ao que se engadía a «*natural e indómita braveza*» dos nativos, *«acompañada de fuerças corporales y de ligereza grande*». Houbo, por outra banda, unha continuidade notable da poboación orixinaria, pois se chegaron a Galicia algúns gregos, cartaxineses, romanos e suevos asentáronse máis ben na costa e nas vilas e non contaminaron a fe e as outras grandes virtudes dos naturais, e ata o rei Paio, vencedor en Covadonga, tería nado en Tui: «*desde sus primeros principios hasta la venida del hijo de Dios al mundo y predicación del Santo Evangelio. Y sucesivamente, desde aquel tiempo al presente, sin que haya habido quiebra en la fe que recibieron, ni en sus tierras mezcla de moros e judíos, sinagogas e mezquitas*».

A obra proxectada por Atanasio de Lobera tiña, como sinala José Luis Rodríguez Montederramo, unha parte de corografía; pero por riba de todo respon-

día aos desexos de don Diego Sarmiento de Acuña de reclamar para Galicia a condición de territorio matriz das Españas, e por iso o máis nobre. En diversos puntos, Lobera trasladaba a Galicia os trazos de nobreza que Esteban de Garibay predicara de Cantabria no seu *Compendio Historial* da década de 1570 [no que convertía aos vascos en herdeiros do patrimonio cántabro], e insiste a maiores no singular privilexio de ser o lugar elixido polo apóstolo Santiago para descansar [para Garibay este feito significaba a predilección do apóstolo por España, antes que por Galicia en particular].

As Xuntas nomearon ao primeiro cronista do Reino en data tardía, en 1654, sendo elixido para o cargo o frade agostiño Felipe de la Gándara, autor de *Armas y triunfos de los hijos de Galicia* [1662] e *Nobiliario, Armas y triunfos* [1677], obras que conteñen unha apoloxía da nobreza galega, incluída a que loitou contra Portugal na guerra da Restauración [1640-1668]. Xa no século XVIII, outro cronista, Huerta y Vega, crego que non era galego, imprentará en 1734 e 1736 os *Anales del Reyno de Galicia*, obra que non foi recibida pola crítica [Barreiro Fernández, 1988; Rey Castelao, 2003]. A designación dun cronista non deixa de ser proba do interese dos membros da Xunta por promover a historia do Reino, desde a perspectiva das aspiracións hexemónicas da nobreza; non obstante, na década de 1640 os deputados da asemblea non apoiaron con medios económicos a publicación da *Historia de Galicia* do crego Pedro Fernández de Boán. E non foi a única que quedou inédita: a mesma sorte tiveron a redactada polo dominico frei Hernando de Oxea, a *Nobleça de Galicia*, composta polo portugués João Salgado de Araujo, e *As galegadas* e *A história de Galicia*, do prebendado tudense Gregorio de Loubariñas, quen as escribiu en galego, segundo demostrou nun luminoso traballo Fernando Bouza [2009]. As comezadas por Atanasio de Lobera e polo xesuíta Juan Álvarez de Sotelo nen sequera chegaron a concluírse.

Aínda que entón non se imprentou, tivo certo impacto o texto titulado *El Búho Gallego con las demás de España haciendo Cortes,* atribuído ao gran conde de Lemos e Andrade don Pedro Fernández e escrito cara a 1620, do que se garda unha copia na Biblioteca da USC. Nel relata a celebración dun «parlamento avícola», no que cada territorio da Península aparece representado por unha ave, que defende a súa patria fronte ás demais. Aínda que a miúdo a elaboración do texto se atribuíu ao desexo de Galicia de recuperar o voto en Cortes, esta non é a súa única finalidade nin talvez a principal, pois na asemblea participan os territorios que non mandaban procuradores ás Cortes de Castela, por ter as súas propias asembleas,

caso dos biscaíños, navarros, cataláns, valencianos e portugueses. E xustamente o principal inimigo do moucho [ou bufo], non é o ganso castelán ou a avetarda manchega, senón o tordo biscaiño, que se consideraba descendente dos cántabros e polo mesmo dos primeiros poboadores de Hispania, que non serían outros que Túbal e a familia, unha condición que reclama para Galicia e para Asturias e as montañas limítrofes o moucho galego, pois estes territorios foron os únicos que se libraron da invasión musulmá ou «*diluvio de árabes y africanas aves*».

Con toda a intención, o conde de Lemos elexía o moucho, unha ave fea e porcallenta, para representar a Galicia, do mesmo xeito que os galegos eran notados na literatura da época de pobres, sucios e case sen civilizar: «*como criado en pantanos y cenegales de su tierra [...], cada día exercita oficios indecentes, limpiando campos, limpiando zentinas y otras cosas asquerosas por cobdicia de un real que se le da*». Non outra cousa se podía esperar dunha «*ave nocturna de abominable pluma y traxe*», indigna de tomar asento «*en parte que las aves diurnas, de rico y cortesano traje, de suave y agradable vista, limpias y apacibles, que se sustentan de granos puros y públicamente festejan y acompañan a Vuestra Magestad, adornadas de lucidas plumas que más pregonan su grandeza [...], cosas todas de que carece el búho, criado en las montañas y cavernas de Galicia, tan tosco en su modo de hablar que no tiene palabra biensonante ni pensamiento que a cosa de valor aspire*». Con argumentos contundentes, o moucho conseguía reducir a perpetuo silencio as demais presumidas aves, e destacar sobre todas, pola súa nobreza de orixe e o seu catolicismo tan antigo como firme. Pola contra, o tordo biscaíño non tiña nada que ver cos cántabros, senón que era descendente de escravos xudeus, o meirande insulto que se podía dicir no tocante á raza. De sentimento galego do gran conde de Lemos non hai dúbidas: «*Por vuestra merced he hecho lo que he podido, como galego e home de pro...*», escribe desde Nápoles a don Fernando de Boán, un letrado que ocupou altos cargos gracias ao seu apoio. Despois dunha carreira política extraordinaria, caeu en desgraza en 1618, seguindo a sorte do duque de Lerma, e retirouse a Monforte [unha estadía que esconde un desterro]; aproveitou entón para visitar algunhas cidades e vilas de Galicia nas que foi recibido como un vicerrei.

En resumo, as historias de Galicia e outros textos insistiron en tres ideas que podemos considerar tópicas durante o barroco: un Reino antiquísimo, un Reino cristianísimo, un Reino nobilísimo. Estes eran os alicerces da

identidade, xunto coa lingua e con certas características dos seus moradores [valentes, de boa condición, etc.]. Trátase dunha identidade construída sobre todo dende círculos relacionados coa nobreza [Gondomar, Lemos...], e que pretende diferenciar positivamente a Galicia dos outros reinos peninsulares, incluído Portugal, fronte ao que hai unha clara afirmación xa en Gondomar, pero sobre todo en frei Felipe de la Gándara, quen recolle o sentimento dunha fidalguía mobilizada para loitar na guerra de Restauración.Terá que pasar tempo para que os fundamentos da identidade se asenten no celtismo, e menos en tópicos transmitidos polos falsos cronicóns, dos que formaba parte o mito xacobeo.

En certo modo, esa historiografía, que ten moito de laudes destinadas a rematar coas visións negativas de Galicia, atopa o seu colofón na inacabada *Historia General del Reino de Galicia*, do xesuíta ourensán Juan Álvarez de Sotelo [1648-1712]. O texto insiste na antigüidade, fidelidade relixiosa e nobreza do Reino, así como na fertilidade do terreo e no valor dos galegos, e reclama para a fidalguía o monopolio do goberno temporal e espiritual, para evitar o espolio dos seus recursos. A *Historia* de Álvarez de Sotelo estaba movida polo desexo de converter o Reino de Galicia nunha «república de fidalgos», segundo Antonio Eiras Roel [2003]. As causas de pobreza dos galegos procedían de que os oficios civís e os beneficios eclesiásticos eran monopolizados por non naturais aproveitados:

> «*la cuarta [*causa*] y más grave de todas, que hace también a los hijodalgos y caballeros muchísimo daño, es estar Galicia desde los años 1500 gobernada y tiranizada, así en lo espiritual como en lo temporal por extraños, de los que trae la mala ventura de este Reino, a unos con nombre de militares, a otros con título de ministros de Justicia, a otros con administraciones de rentas del Rey y de Príncipes, y a otros de servicio de obispos y abades monacales y de otras personas principales, las que recogen inmensos tesoros de los trabajos y sudores de los gallegos y enriquecen con ellos a sus deudos y parientes, quedando Galicia exhausta y aniquilada*».

4. A actividade das Xuntas

As Xuntas do Reino tiveron un protagonismo notable, non sempre recoñecido pola historiografía, desde fins do século XVI ata o remate da guerra de

Sucesión á coroa española. Chegará con dicir que desde 1599 a 1834 celebraron 113 reunións, algunhas moi longas, como a que tivo lugar en 1673-1676. O século XVII, debido ás necesidades da monarquía de conseguir diñeiro e soldados, é a época na que as Xuntas viviron, por así dicilo, a súa idade de ouro: durante o reinado de Felipe IV [1621-1665] celebraron alomenos 56 reunións, máis de unha por ano, convocadas moitas delas pola nova situación militar creada pola guerra de Restauración, que converteu a raia en fronte de combate e obrigou ao gobernador a celebrar as asembleas en Ourense, Pontevedra e Tui. Con Carlos II [1665-1700], non se reuniron as Cortes de Castela, pero houbo 29 Xuntas do Reino, nas que se negociaron subsidios de diñeiro e principalmente levas masivas de soldados para mandar a Flandes. A principios do século XVIII, durante a guerra de Sucesión, tamén abundaron as reunións, pois hai documentadas nove entre 1701 e 1712 [Eiras Roel, 1995 e ss.].

A intensa actividade das Xuntas desde 1621 a 1712 está relaciona coas necesidades fiscais e militares da monarquía, que pediu continuamente, por vía extraordinaria, diñeiro e homes. Os procuradores concederon a maioría das demandas, pero conseguiron rebaixas, atrasaron as decisións, negociaron contrapartidas [como o mando para a fidalguía das compañías de soldados] e nalgunhas ocasións negáronse a aprobar os servizos solicitados. Os fidalgos que foran mobilizados para combater aos portugueses manifestaron en 1665 a desconformidade coa actitude da Xuntas, que lles parecía pouco resistente fronte ás peticións das autoridades reais. A «*muy noble caballería del muy noble y leal reino de Galicia*» viña así a se enfrontar con unha institución composta por procuradores vilegos que non sufrían directamente os custos da guerra.

A comezos do século XVIII, con motivo da guerra de Sucesión, as Xuntas van facer un último esforzo para manter as súas facultades á hora de conceder servizos e levas no contexto dunha teoría política pactista, como defendía un manifesto redactado en 1706, titulado «***Respuesta del nobilísimo reino de Galicia al Archiduque de Austria, al pedirle que le entregue las llaves de las ciudades y le jure y reconozca por rey***». O texto foi escrito, non por casualidade, cando, despois da entrada en Madrid do Arquiduque, Felipe V quedara nunha posición de gran debilidade, e o autor aproveita para lembrarlle que non podía innovar na forma de gobernar, pois fora xurado como rei coa condición de que se conduciría como Carlos II, sen introducir cambios sen o consentimento do Reino, en particular en

materia fiscal, algo que non respectara, pois en 1705 impuxera un donativo forzoso que tiveran que pagar tamén os fidalgos en proporción aos seus patrimonios, cousa que dera motivo ás protestas das Xuntas, que tamén atrasaran a concesión de levas, condicionándoas a que os soldados non saísen de Galicia [acordo que o gobernador non respectou]. Namentres durou a guerra a actitude da asemblea foi bastante combativa, aínda que xa en 1701 o gobernador avisara aos cabaleiros deputados que se ía establecer unha monarquía absoluta, segundo o modelo francés: *«hago presente a vuestras señorías cuánto se han mudado los tiempos y que en la monarquía de Francia es ley inviolable en todo lo justo lo que quieren los reyes. Esta hoy se mueve por aquel impulso...»*. Fronte a esta posición, o memorial de 1706 dicía:

> «*No haga caso su sacra real Magestad, que no ha de mandar según leyes y contribuciones de Francia, sino de España*», e a propia Xunta lle solicitou ao monarca «*guardar las Leyes reales de Hespaña por las cuales está establecido no se impongan nuevos tributos a los pueblos sin que sean otorgados por los procuradores en Cortes*». A solicitude, aínda que censurada parcialmente polo gobernador, foi cualificada na corte de «*irreverente representación»,* e en enfadou a Felipe V, xa molesto pola pouco disposición da asemblea a aprobar levas e subsidios: os deputados foron chamados a Madrid, para seren amoestados con severidade; o presidente do Consello de Castela manifestouse partidario inclusive de castigalos con dureza, para dar un escarmento a «*los omisos gallegos*», pois se quedasen «*consentidos sería dificultoso manejarlos a la razón*» [Artaza, 2016, pp. 30-48; Eiras Roel, 2006].

Rematada a guerra e asegurado no trono Felipe V, o papel político das Xuntas viuse moi reducido, pois o monarca deixou de pedirlles diñeiro e soldados, e desde 1739 as reunións van celebrarse de modo rutineiro cada seis anos para renovar os servizos de millóns e sortear os comisarios encargados desta renda. Pero as asembleas non deixaron de negociar asuntos de interese, caso da renovación dos foros a mediados do XVIII, da construción de camiños, do fomento do comercio ou dos novos encabezamentos das rendas provinciais desde 1788, cando as reformas fiscais de López de Lerena ocasionaron en 1790 uns motíns nas feiras de varias localidades que causaron gran preocupación nos ministros de Carlos IV, que pensaron que todo o reino de Galicia estaba sublevado, e que xa non merecía o «timbre»

de «fidelísimo» [Saavedra, 1993]. As Xuntas perden, polo tanto, importancia cando o Reino acada un maior peso demográfico, agrario, industrial e mesmo artístico [co apoxeo do Barroco] dentro da monarquía.

5. As debilidades das Xuntas e o final do Reino

En comparanza con outras asembleas representativas da época, caso das cortes de Aragón, Cataluña e Valencia ata principios do XVIII, das de Navarra, das Xuntas de Bizkaia e Gipúzkoa, dos Estados Xerais de Bretaña, as Xuntas do Reino tiñan varias debilidades estruturais que limitaban a súa capacidade política. Podían, en principio, conceder ou non determinados servizos ao rei, pero carecían de facultades de goberno [aínda que puidesen participar na administración de cargas fiscais] e só por vía de petición –igual que as Cortes de Castela– estaban en condicións de acadar medidas lexislativas concretas. Precisaban autorización real para reunirse, e unha vez disoltas non dispoñían dunha deputación permanente que vixíase o cumprimento das resolucións aprobadas; na década de 1640, con motivo da construción da escuadra de Galicia, funcionou unha comisión formada por dous deputados e desde fins do século XVII as cidades nomeaban por quenda un deputado xeral do Reino que residía na corte, ás veces apoiado por un axente, para realizar as xestións que se lle encomendasen. En ocasións, fixo xestións no nome do Reino a Congregación de Naturales del Reino de Galicia, fundada en Madrid na década de 1740 e posta, como non podía ser doutro xeito, baixo o amparo do apóstolo Santiago. As Xuntas tampouco tiñan facenda propia, ou sexa uns recursos estables para custear as reunións e outros proxectos, de modo que os gastos das conferencias repartíanse logo polo sistema de terzas e sextas entre os veciños das sete provincias: a de Santiago pagaba un terzo, as de Lugo e Ourense outro e as catro máis pequenas outro. Hai que engadir aínda que a institución era unha asemblea reducida, formada por sete deputados elixidos entre os rexedores das cabezas de provincia que socialmente pertencían a fidalguía, aínda que ocasionalmente houbese algún comerciante [os militares e letrados tamén adoitaban ser fidalgos]. Claro que non se deben valorar as asembleas do Antigo Réxime cos criterios do parlamentarismo democrático, pois entón admitíase que lle correspondía á *saniorpars* a representación da comunidade, entendida como delegación sometida a un mandato imperativo, neste caso das respectivas cidades. E por outra parte, aceptábase que, en xeral, os intereses do rei e os do reino

concordaban e os da nobreza podían confundirse cos do reino, pois este non se concibía sen ese estamento. De calquera xeito, as Xuntas non podían defender inexistentes «foros», «liberdades» ou «franquezas», sobre todo de tipo fiscal, que si tiñan outros territorios nos que estaba vixente o pactismo e nos que a poboación podía identificarse coas institucións que garantían as constitucións ou foros, dos que se beneficiaban pois limitaban as cargas fiscais e militares.

As Xuntas non manifestaron ningún compromiso coa lingua do Reino [igual pasou con outras asembleas]. É certo que solicitaron varias veces que os empregos civís e eclesiásticos fosen ocupados polos naturais e non por estraños, pero esa reclamación obedece ao desexo da fidalguía de monopolizar o goberno local, as prebendas das catedrais e os curatos parroquiais. Contrasta a actitude dos cabaleiros deputados coa de algúns monxes e cregos, como os bieitos Sarmiento e Sobreira, o sacerdote Miguel Arias Losada ou un monxe de San Martiño Pinario que, para axudar aos curas foráneos a coñecer o galego, escribiu na década de 1790 un texto no que reclama a elaboración dun dicionario do galego, lingua falada, pero abandonada no tocante ao seu estudo: «*En todas las lenguas, de que tenemos noticia, no hay otra menos atendida que la gallega […]. Y a la lengua gallega, que es el idioma familiar de todo un país dilatado, populoso, culto y noble, cual es el Reino de Galicia, todo le falta. Fáltale historia, no tiene arte de su gramática, y no hay el menor dicionario de sus voces*». O autor fai referencia aos esforzos de Sarmiento e de Arias Losada, natural de Valgarreiro e reitor das parroquias de Camanzo e Añobre e que escribiu un breve vocabulario castelán-galego e galego-castelán, «*en que advierte ser obra muy necesaria para los señores sacerdotes castellanos que tienen cargo de almas en el Reino de Galicia»* [Barreiro Fernández e Axeitos, 2015].

A eficacia da Xunta tamén quedou limitada polos frecuentes desacordos entre as sete cidades. O más coñecido, pero non o único, é o motivado polas pretensións de Santiago de ser admitida como «cabeza» do Reino. Ao respecto, o prof. Artaza publicou en 2020 un artigo titulado «Galicia en la Edad Moderna: un reino sin cabeza», no que estuda os enfrontamentos pola cuestión mencionada, que obrigaron ao Consello de Castela a principios do XVIII a ordenarlle a Santiago «perpetuo silencio»,ou sexa, que non continuase reclamando ou intitulándose cabeza do reino de Galicia. Para Artaza, este policentrismo urbano tivo como consecuencia que no estatuto

de 1982 a cuestión da capitalidade quedase sen revolver, e deberon pasar vinte anos para que houbese unha lei específica. Os asuntos tratados nas Xuntas aprobábanse por maioría de votos, e todos valían o mesmo, aínda que Santiago pagase un terzo dos servizos concedidos e A Coruña ou Mondoñedo moito menos. Pero as cidades estaban xerarquizada e nas actas das Xuntas e noutros documentos sempre se nomean pola mesma orde: Santiago, A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui, e os deputados ocupaban os asentos, falaban e votaban de acordo con esa listaxe. En teoría, séguese o criterio de antigüidade, pero tamén contaban outros méritos, como ter arcebispo, gardar o corpo do apóstolo. Ourense tentou en varias ocasións que Betanzos ocupase o último lugar, pois acadara o título de cidade en 1465, e aproveitábase de que durante un tempo a súa provincia estivera unida á da Coruña. Tamén os reinos e territorios que compoñían a monarquía aparecen nos documentos reais sempre na mesma orde e Galicia figura, no tempo da incorporación de Portugal, no décimo lugar, despois de Castela, León Aragón, as dúas Sicilias, Xerusalén,Portugal, Navarra, Granada, Toledo e Valencia, e por diante de Mallorca, Sevilla, Cerdeña, Córdoba, Córcega...

As Xuntas e o seu deputado xeral desapareceron en 1834, unha vez que Galicia foi dividida en catro provincias, que enviaron deputados ás novas Cortes. Pero antes tiveron, de novo en palabras de Manuel Mª de Artaza, o seu momento de «fulgor», de xuño a outubro de 1808, cando a asemblea reunida na Coruña asume a soberanía no nome do rei ausente. O bando do reino de Galicia, do 5 de xuño así o daba a coñecer:

> *«Vuestro Reyno se ha juntado en Cortes, reasumió la autoridad Soberana que en tales circunstancias le compete por derecho, y hace de ella el primer ejercicio, condescendiendo a vuestros deseos tan ruidosamente declarados; tenéis ya Caudillo, se toman las disposiciones más vigorosas, corred pues a las Armas, vamos a defender la causa de Dios, el honor de nuestra Patria, nuestras vidas y haciendas».*

No mes de outubro, a Xunta cedeu as súas competencias á Junta Central reunida en Aranjuez, pero ata ese momento reuniu tropas, cobrou novas cargas fiscais, acuñou moeda, lexislou e estableceu alianzas con patriotas portugueses e con Gran Bretaña, de modo que a Xunta de 1808 «dio una entidad política efectiva al antiguo reino, objetivo que la misma asamblea persiguió sin éxito durante la Edad Moderna, pues todos sus intentos ha-

bían sido frustrados por el absolutismo real o por el particularismo de las siete capitales de provincia, contrarias a fortalecer una institución que menguase su protagonismo» [Artaza, 2012, pp. 21-25].

Despois de 1814 a Xunta celebrou algunha reunión máis, pero só para sortear aos comisarios de millóns, en 1818, 1827 e 1834. Aínda neste ano, coas novas provincias establecidas, o deputado xeral, marqués de San Martín de Hombreiro, tentou que o cargo se mantivese para defender os intereses de Galicia en Madrid, para evitar *«despojar a Galicia de las únicas prerrogativas que conservaba de sus antiguos fueros, menoscabados hasta el infinito»*. Pero a Xunta non logrou sequera o apoio de todas as cidades, coñecedoras de que había unha nova división administrativa, novos cargos e unha situación política distinta. De modo que tanto a asemblea como o deputado desapareceron, todo indica que entre a indiferenza da xente. Iso si, como adoita acontecer, no momento da súa morte as Xuntas decatáronse de que non había unha historia do «goberno político de Galicia»:

> «*De inmemorial tiempo conservaron las siete ciudades que le componen el privilegio de reunirse en ciertas épocas en Junta [titulada del Reyno], compuesta de diputados nombrados por cada una de aquellas. En estas reuniones trataban del bien procomunal y se discutían los puntos sobre los que hubiese que hacer peticiones al Rey; y así es como el gran número de códices y actas antiguas y aun modernas que se custodian en su archivo atestiguan el infatigable celo con que el Reyno así reunido se esmeraba, tanto por el mismo servicio real como el público, y en ellas se hallan consignados los importantísimos objetos que promovieron sus representantes sobre todos los ramos de la prosperidad general»,* escribe o último deputado xeral.

Con independencia da valoración que se faga da actuación das Xuntas, está claro que lle outorgaron unha personalidade política a un Reino unitario, que finou como tal coa nova división administrativa liberal, que, entre outras cousas, degradou a súa primeira cidade á condición de cabeza de partido xudicial. Pero como é ben sabido, a memoria dun Reino ou dunha Galicia unitaria non se perdeu, pois, á marxe de que en certos textos se continuase falando do «reino de Galicia», reviviu politicamente primeiro baixo o nome de «provincia» e logo de «nación», como ten estudado Xusto Beramendi. Do vello Reino queda o nome do actual goberno autónomo e a

cerimonia de ofrenda que se celebra na catedral de Lugo o domingo da infraoitava de Corpus, un cerimonial algo modificado no século XX, pois en orixe a ofrenda facíaa un rexedor de Lugo ou outro de calquera das cidades restantes se por casualidade se atopase no lugar . A ofrenda do 25 de xullo nada ten que ver co Reino, como é sabido, pois o oferente representa ao rei de España, que non desde logo ao pobo galego.

BIBLIOGRAFÍA

Artaza Montero, Manuel Mª. [1993], *A Xunta do Reino de Galicia no final do Antigo Réxime*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza .

Artaza Montero, Manuel Mª. [1998], *Rey, Reino y representación: la Junta General del Reino de Galicia[1599-1834]*, Madrid: CSIC.

Artaza Montero, Manuel Mª. [2011], «Betanzos: la agonía de una capital del Antiguo Régimen», *Anuario brigantino*, 43, 237-268.

Artaza Montero, Manuel Mª. [2012], «Fulgor y muerte del Reino de Galicia», en Manuel M. Artaza Montero e Manuel Estrada Sánchez [eds.], *Entre Monarquía y nación. Galicia, Asturias y Cantabria [1700-1833],* Santander: Universidad de Cantabria, 11-32.

Artaza Montero, Manuel Mª. [2016], «Coyuntura crítica y cambio institucional Felipe V y Galicia», en María López Díaz [ed.], *Galicia y la instauración de la monarquía borbónica*, Madrid: Sílex, 21-52.

Artaza Montero, Manuel Mª. [2017], «De reino a región: el caso de Galicia en perspectiva institucional», en Juan Baró Pazos [ed.], *Repensando la articulación institucional de los territorios sin representación en cortes del Antiguo Régimen en la Monarquía Hispánica*, Madrid: Marcial Pons, 2017, 195-238.

Artza Montero, Manuel Mª. [2020], «Galicia en la Edad Moderna, un Reino sin cabeza», *Estudis,* 46, 119-144.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón [1988], «A Historia da Historia. Aproximación a unha Historiografía galega», en Xavier Castro e Jesús de Juana, *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historia de Galicia. Historiografía galega,* Ourense: Deputación Provincial, 17-78.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón [1991], *A Galicia do AntigoRéxime. Ensino, Ilustración e Política*, A Coruña: Hércules de Ediciones.

Beramendi, Justo [2007], *De provincia a nación: historia do galleguismo político*, Vigo: Xerais.

Bouza Álvarez, Fernando J. [2009], «Dar Galicia y el gallego a la imprenta: *As Galegadas* y *A história de Galicia* de Lobariñas Feijoo, *La Verdadera Descripción* de Ojea y algunas iniciativas historiográficas de la primera mitad del siglo XVII», *Obradoiro de Historia Moderna,* 18, 9-44.

Cores Trasmonte, Baldomero [1981], *La sociedad incompleta: el drama de la capitalidad de Galicia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

Eiras Roel, Antonio, ed. [1994 e ss.], *Actas de la Juntas del Reino de Galicia*, vols. i-xv [de 1599 a 1712], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Eiras Roel, Antonio [1995], «Las Juntas del Reino de Galicia: orígenes y proceso de institucionalización», *Obradoiro de Historia Moderna*, 4, 115-182.

Eiras Roel, Antonio [2003], «De historia erudita a historia fabulada: sobre un texto del jesuita orensano Juan Álvarez de Sotelo», en María del C. Folgar et al. [eds], *Memoria Artis: studia in memoriam Mª Dolores Vila Jato*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. 2, 389-418.

Eiras Roel, Antonio [2006], «La instauración borbónica en el Antiguo Reino de Galicia. ¿Modelo nacional castellano o particularismo abortado?», en *El Estado-Nación en dos encrucijadas históricas*, José M. de Bernardo Ares e Santiago Muñoz Machado [drs.], Madrid: Iustel, 29-73

Fernández Albaladejo, Pablo [2005], «Entre godos y montañeses: avatares de una primera identidad española», *Cuadernos de Alzate*, 33, 19-53.

Fernández Vega, Laura [1980], «Las Juntas del Reino de Galicia y la recuperación del voto en Cortes», *Compostellanum*, XXV, 67-118.

Fernández Vega, Laura [1982], *La Real Audiencia de Galicia, órgano de gobierno durante el Antiguo Régimen [1480-1808]*, A Coruña: Deputación Provincial.

Fernández Villamil y Alegre, Enrique [1962], *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su nacimiento, actuaciones y extinción*, Madrid: Instituto de Estudios Políticos.

Ferro Couselo, Jesús [1972], «Gente llana con ventura: los Boanes», *Boletín Auriense*, 2, 7-73.

García Oro, José [1997], *Don Diego Sarmiento de Acuña. Conde de Gondomar y embajador de España [1567-1626]*, Santiago Compostela: Xunta de Galicia.

González López, Emilio [1969], *Los políticos gallegos en la corte de España y la convivencia europea. Galicia en los reinados de Felipe III y Felipe IV*, Vigo: Galaxia.

López Díaz, María [1997], *Señorío y municipalidad: concurrencia y conflicto de poderes en la ciudad de Santiago [siglos XVI-XVII]*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

López Díaz, María [ed] [2016], *Galicia y la instauración dela Monarquía borbónica*, Madrid: Sílex.

Manso Porto, Carmen [1996], *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde Gondomar, 1567-1626]: erudito, mecenas y bibliófilo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Mañaricúa, Andrés E. de [1976] *Polémica sobre Vizcaya en el siglo XVII: El Buho Gallego y el Tordo Vizcaíno*, Bilbao: La Gran Enciclopedia Vasca.

Mariño Paz, Ramón [1998], *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Murguía, Manuel [1982], *Galicia*, ed. de Justo. G. Beramendi, Vigo: Galaxia.

Nogueira, Camilo [2019], *Unha nación no mundo: a razón resistente [1480-2010*], Vigo: Xerais.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo [1997], *Don Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos [1576-1622*], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Pérez Costanti, Pablo [1993], *Notas viejas galicianas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia [ed. orixinal de 1925-1927].

Rey Castelao, Ofelia [2003], *Libros y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Rey Castelao, Ofelia [2006], *Los mitos del Apóstol Santiago*, Vigo: Nigra-Trea.

Rey Castelao, Ofelia [2016], «As Historias de Galicia na Idade Moderna», en Isidro Dubert [ed.], *Historia das historias de Galicia*, Vigo: Xerais, 241-270.

Rodríguez Hernández, Antonio José [2007], «De Galicia a Flandes: reclutamiento y servicio de soldados gallegos en el ejército de Flandes», *Obradoiro de Historia Moderna*, 16, 213-251.

Rodríguez Montederramo, José Luis [2002], «Gondomar y la Historia de reino de Galicia: estudio y edición de la Corónica Grande del reino de Galicia de Atanasio de Lobera», en Pedro M. Cátedra, e Mª Luisa López-Vidriero, *De libros, librerías, imprentas y lectores,* Salamanca: Universidad de Salamanca, 321-363.

Romaní Martínez, Miguel [dir.], [2008 e ss.], *Actas de las Juntas del reino de Galicia*, vols. xvi a xxvii [1712-1834], Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Saavedra, Pegerto [1993], *A Facenda real na Galicia do AntigoRéxime*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Saavedra, Pegerto [2007], *A Galicia do Antigo Réxime [ca. 1480-c.1835]. Política e cultura*. Volume 1: *Os diversos poderes e o seu equilibrio cambiante*, vol. 15 da Gran Historia de Galicia, A Coruña: Arrecife Edicións Galegas.

Saavedra, Pegerto [2016], «A Historia e a Corografía na conformación da identidade de Galicia nos séculos XVI e XVII», en Agustí Alcoberro e Giovanni C. Cattini [eds], *Entre la Construcció Nacional i la Represió Identitària*, Barcelona: Museu d`Història de Catalunya, 33-51.

Saavedra, Pegerto [ed.] [2021], *A unha voz na metade do reino. Cincocentos anos da Xunta de Melide*, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/Consello da Cultura Galega.

Saavedra Vázquez, Mª Carmen [1996], *Galicia en el camino de Flandes. Actividad militar, economía y sociedad en la España noratlántica*, Sada: Eds. do Castro.

Saavedra Vázquez, Mª Carmen [2004], «La contribución de Galicia a la política militar de los Austrias y sus repercusiones políticas», en Antonio Álvarez-Ossorio Alvariño e Bernardo J. García García, *La monarquía de las naciones: patria, nación y naturaleza de la monarquía de España,* Madrid: Fundación Carlos de Amberes, 2004, 679-700.

Saavedra Vázquez, Mª. Carmen [2021], «Las contribuciones militares del reino de Galicia durante la guerra de Portugal», *Obradoiro de Historia Moderna*, 30, 187-218.

Souto Cabo, José António [2007*], A história de don Servando*, Sada: Eds. do Castro.

Tejada Spínola, Francisco Elías de [1966], *El reino de Galicia. I. Hasta 1700*, Vigo: Galaxia.

7

Unha reflexión final

Unha modesta proposición: transcribir mil documentos medievais galegos*

Alexandra Cabana Outeiro

*Intervención prevista para a última mañá do Congreso, que por cuestións de tempo non se chegou a ler e que pasa directamente ás Actas. Porén, prefiro manter o ton oral co que a redactara. Engádolle ó final unha coda sobre a transmisión do coñecemento historiográfico ás aulas, resultado da miña intervención na mesa de debate e das intervencións que desde o público se fixeron no mesmo sentido.

RESUMO. Nesta intervención faise a proposta de editar mil documentos medievais galegos transcribíndoos dende a interdisciplinariedade e a colaboración entre a historiografía, a paleografía e a filoloxía, para así obter edicións plenas de valor para as distintas disciplinas e en concordanciaa coa realidade histórica, da que o respecto pola lingua non se pode desligar. Ademais, achéganse uns puntos clave para a praxe da transcrición e edición de textos medievais e unhas consideracións complementarias a esa proposta inicial. Finalmente, inclúese unha coda sobre a transmisión do coñecemento historiográfico ás aulas, resultado das intervencións na mesa de debate.

RESUMEN. En esta intervención se hace la propuesta de editar mil documentos medievales gallegos transcribiéndolos desde la interdisciplinaridad y la colaboración entre la historiografía, la paleografía y la filología, para así obtener ediciones plenas de valor para las distintas disciplinas y en concordancia con la realidad histórica, de la que el respeto por la lengua no se puede desligar. Además, se aportan unos puntos clave para la praxis de la transcripción y edición de textos medievales y unas consideraciones complementarias a esa propuesta inicial. Finalmente, se incluye una coda sobre la transmisión del conocimiento historiográfico a las aulas, resultado de las intervenciones en la mesa de debate.

ABSTRACT. In this intervention, we propose to edit a thousand Galician medieval documents, transcribing them from an interdisciplinary and collaborative perspective between historiography, paleography and philology, in order to obtain valuable publications for each discipline and consistent with the historical reality, from which respect for the language cannot be separated. In addition, some key points for the praxis of transcription and edition of medieval texts and some complementary considerations to this initial proposal are provided. Finally, there is a coda on the transmission of historiographical knowledge to the classroom, as a result of the interventions in the debate table.

Moito porfiou o Anselmo López Carreira para que hoxe estivese aquí e a verdade é que llo agradezo aínda que me custase ben, porque estes tempos son para min de recollemento e dó. Hai uns días pediume que, ademais de moderar algunha sesión, falase un pouco da documentación medieval galega, que é ao que máis me dediquei na miña etapa de investigadora. Tentarei facelo e para iso vouvos ler algo que tracei onte.

Cúmprense trinta e dous anos de que meu pai, Darío Xohán Cabana, publicase no nº 1 d'*A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico* a súa «Modesta proposición: traducir mil libros ó galego». Pode semellar que traio unha referencia que pouco ou nada ten que ver co tema que nos xunta aquí estes días, mais non é así se me seguides no que vou dicir. Ademais, quero traer o seu nome canda min porque foi o meu mestre, entre moitas outras cousas, de Historia, e porque tivo a historia do noso país, do Reino de Galicia que hoxe nos reúne, como motivo e obxecto da súa obra, destacando a súa novela *Morte de rei* sobre don García, para a que fixo unha grande investigación previa, como nel era habitual.

A proposta do Darío precisaba dun orzamento e dunha vontade política; era un plan nacional para o que se precisaba o compromiso da Xunta e do Consello da Cultura Galega. O que andamos nestes trinta e dous anos pouco tivo que ver co que el propoñía e, aínda avanzado, dependeu demasiado do labor privado, das editoras, e por iso temos ausencias enormes no catálogo das obras universais traducidas ao galego. Non houbo unha planificación, non houbo criterios unificados nin obxectivos comúns. Mais non me estendo niso; só quería establecer un correlato e propoñer neste foro a miña modesta proposición: transcribir 1.000 documentos medievais galegos. E transcribilos dunha outra maneira.

Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma, dixo Castelao, e non pode ser que aínda hoxe moitas das testemuñas escritas de cando o noso idioma non precisaba ser normalizado nin dinamizado nin protexido, fiquen aínda sen ver a luz. Se os documentos se editan, xa se estudarán e agromará un maior coñecemento da historia do país nas súas variadas facetas, mais sen eles non sairemos do coñecemento entrefebrado.

Ora ben, desde o meu traballo de doutoramento, que fixen coa edición do *Tombo H* da Catedral de Santiago, tiven clara unha cousa: a historia é tamén a historia da lingua na que están escritos os documentos, os seus termos, os seus conceptos. Darme conta de que as edicións feitas por filólogos (por moi «incómodas» que ás veces puidesen ser) sempre lles valían aos historiadores, mais que moitas das feitas por historiadores ou/e paleógrafos non lle valían aos filólogos deume ben que pensar. Algo debiamos estar facendo mal. Non falo tanto dos últimos tempos, nos que se ten mellorado, mais si do que ten pasado e das eivas que en parte permanecen.

Traballei entre dúas augas nun intento de conciliación entre ambas perspectivas, e no 2003 a miña tese obtivo un sobresaliente sen o *cum laude* habitual por boicot e crítica furibunda (e chavacana) do profesor Miguel Romaní (que chegou a ser catedrático) polos meus criterios de edición e transcrición, que pretendían ter un coidado exquisito cos documentos e a lingua na que estaban redactados.

Malia este desafortunado incidente, a miña maneira de editar levoume a traballar no Instituto da Lingua Galega dentro do equipo do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), fundamentalmente filolóxico pero no que eu estaba como historiadora e paleógrafa. Naquel tempo, ao integrar os documentos xa editados na base de datos, reparei aínda máis nos grandes erros dalgunhas edicións (castelanización de onomástica, desenvolvemento de abreviaturas con formas plenas en castelán dentro de documentos en galego...).

Anos máis tarde participei no intento de integración de posturas de cara ao establecemento dunhas normas que servisen para tódalas disciplinas que se dedican á edición de textos: foi dentro do proxecto *Gallaecia Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega, e as normas resultado poden consultarse na web do proxecto, que ademais integra

unha serie de publicacións para a consulta online e algúns traballos complementarios coma o meu «Fontes editadas para a Historia Medieval de Galicia. Os últimos 25 anos (1986-2011)», cun rexistro exhaustivo de todo o publicado durante ese tempo. Foi un labor importante de busca de entendemento, mais non ten, para min, o pulo que precisa a realización da miña proposta.

Para min, a interdisciplinariedade é clave e é o camiño, porque a vida tamén é interdisciplinar e a historia ten mil facetas que debemos atinxir conxuntamente desde o traballo de cadaquén. Por iso, eses 1.000 documentos transcritos terían que ser mostra desa colaboración e dunha nova maneira de facer inclusiva e plena no tocante á realidade documental amosada. E cun plan, como achegarei máis adiante, cunha orde e uns obxectivos claros.

Antes de rematar, e deixándome de tanta divagación, gustaríame achegar uns puntos clave para a praxe da transcrición e edición de textos medievais, que se cadra teñen o seu interese no noso contexto:

1. Coñecer o idioma dos documentos. Parece unha obviedade pero non o é. É clave coñecer a lingua do momento, o galego de ser o caso, e tamén estar disposto á dúbida e á consulta cando unha palabra non nos cadra por descoñecida.

2. Ir transcribindo sen desenvolver as abreviaturas de palabras que poden ter formas plenas diversas e da que o propio documento pode darnos máis adiante unha opción plena. Ao final do noso traballo de transcrición será o momento de escoller as opcións de desenvolvemento, aboadas polo propio documento (ou por outros achegados en tempo e lugar).

3. Ter en conta que as abreviaturas tenden a fosilizarse pero hai que desenvolvelas coa forma plena romance, galega de ser o caso. Dous exemplos cos que me teño atopado en edicións erradas: *f^{uo}* = *fevereiro*/*fevreiro*, en galego nunca *fevrero*, *mon* = *moeda* e nunca *moneda* en galego.

4. Facer conversión e unificación de dígrafos conforme a criterios paleográficos e filolóxicos, non ideolóxicos (penso no «y» especialmente).

5. Tentar incluír unha listaxe de abreviaturas usadas nos documentos (aclaran dúbidas que poidan ter as persoas que consultan a nosa edición, ademais do seu valor intrínseco a nivel paleográfico) e un glosario (teñen moita utilidade para os estudos históricos e tamén filolóxicos).

6. Comprender que a historia éo todo, tamén a historia da lingua, dos termos e dos conceptos, que ás veces ata nos poden advertir de falsificacións documentais, e que sempre nos falan do seu tempo histórico.

E para rematar e concretar a miña modesta proposición, propoño entón:

1. A creación dun proxecto nacional de edición de fontes documentais medievais, coa presenza de distintas disciplinas, coordinado e sostido con fondos públicos; proxecto que editaría a documentación como traballos específicos, non como apéndices documentais.

2. A dixitalización, conservación e acceso público garantido ás fontes documentais galegas.

3. A potenciación na formación específica en paleografía, diplomática e documentación nos estudos universitarios. A inclusión, ademais, dunha materia de lingua galega medieval dentro da formación en Historia medieval.

4. A liberación da documentación da súa xestión polas institucións privadas, moitas delas relixiosas, que se benefician das axudas públicas mais non funcionan coa apertura necesaria. Os documentos son do pobo que os fixo, do pobo que pagaba as rendas, do pobo que agora subvenciona cos seus impostos estas institucións. Se as institucións manteñen os documentos, cando menos teñen que garantir un acceso público aberto e áxil a eles.

5. A xestión nacional galega da documentación nosa que está fóra do noso territorio, nomeadamente no Archivo Histórico Nacional. O ideal sería o traslado, o mínimo é a xestión desde aquí da documentación dixitalizada en repositorios propios.

6. A xestión unificada dos diferentes fondos ou cando menos a existencia dun espazo onde se recollan e refiran todos, que axudaría a ter unha

idea clara da súa dimensión e magnitude, ademais de poder cubrir de maneira máis homoxénea o territorio atinxido polas edicións documentais e a súa tipoloxía.

7. En relación con todo isto, e coa necesaria colaboración entre disciplinas, propoño comezar pola edición de 1.000 documentos medievais en galego, de distintos espazos territoriais, ámbitos e tipoloxía, que representen e dean mostra dun novo tempo na edición documental galega.

En fin, agora que remato, penso que a miña proposta (ao igual que a do meu pai) non é tan modesta. Ogallá sexamos quen de ser a nación que a faga realidade.

Beizón.

Coda. Do coñecemento científico ao coñecemento pedagóxico.

Durante o desenvolvemento das mesas de debate do día 22 de setembro, acheguei a miña perspectiva non só como historiadora/paleógrafa senón como docente de ensino secundario, profesión á que me dedico desde hai xa ben anos. Durante o Congreso fixéronse importantes achegas sobre o noso pasado, mais... como podemos chegar á divulgación destes coñecementos? A nobreza, a participación de Galicia nos acontecementos clave do medievo, as relacións internacionais, figuras como Inés de Castro... como facer que estas cuestións cheguen ao ensino?

As preguntas quedan no aire. A achega dalgunhas publicacións periódicas ou dalgún xornal son importantes mais non resolven todo o problema. As referencias doutros países nos que a divulgación científica está máis desenvolvida, e a miúdo feita por persoas directamente vinculadas á investigación, pode achegar parte da resposta. Non debe entenderse como un demérito facer divulgación, senón como un labor imprescindible para sobrevivirmos como pobo.

Cómpre poñer o acento no feito de que apenas hai coñecementos históricos sobre a Galicia medieval no ensino secundario e no bacharelato. Quitado o camiño de Santiago, as cantigas e, se acaso, a «doma e castración» e o cartel dos Reis de Galicia que adorna algún centro escolar galego. As Xuntas do Reino de Galicia son un concepto a definir nas probas de acceso á universidade dentro da materia de Historia de España. Tanto a introdución deste termo coma a dun par de preguntas-tema nas que se fai referencia a Galicia (escollidas pola CIUG, é dicir, a Universidade) tivo que mover o profesorado a buscar unha información que non aparecía nos libros de texto. Urxe facer estes libros desde a perspectiva propia e potenciar os que hai, urxe termos libros de divulgación histórica que axuden ao profesorado a facelo, urxe esa canle de relación da Universidade e outros centros de investigación co ensino primario e secundario a través do seu profesorado. Cómpre facer divulgación científica, de historia, xeografía, arte de Galicia, pois non se pode agardar a que este coñecemento vaia trasladándose aos poucos e con excesiva dependencia na especial implicación e vontade do profesorado. Corre présa porque ao igual que a lingua, a nosa historia escápasenos entre os dedos se non lla podemos contar á xente nova, que será a nosa memoria no futuro.

Desde o público pediuse o compromiso e a defensa por parte do Congreso da materia optativa *Historia e Xeografía de Galicia* de de 2º de Bacharelato, afectada pola aplicación do cambio de lei educativa. O compromiso é claro non só niso, senón na presenza da nosa historia no currículo do alumnado galego. Espazos e iniciativas coma a deste congreso sobre o Reino medieval de Galicia supoñen un paso adiante no noso camiño.

Curricula Vitae

X. M. Andrade Cernadas

Doutor en Historia. Profesor Titular de Historia Medieval na Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1995, acreditado a Catedrático dende 2015.

Boa parte das súas investigacións están relacionadas co mundo do monacato medieval galego e o seu impacto na sociedade, sobre o que publicou os libros *Monxes e mosteiros na Galicia medieval* (Santiago de Compostela, 1995) e *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval. Siglos X al XIII* (A Coruña, 1997), os artigos «San Rosendo e o monacato auriense do século X» en *Rudesindus. O legado do santo* (Santiago de Compostela, 2007) e «San Rosendo e Celanova», en *Rudesindus. San Rosendo. O seu tempo e o seu legado* (Santiago de Compostela, 2009), así como a edición de fontes documentais *O tombo de Celanova* (Santiago de Compostela, 1995).

No mesmo campo de traballo sobre fontes documentais cóntanse «Fuentes documentales para el estudio del Rey García de Galicia", *Minius* 6 (Ourense, 1997) e "El rey García de Galicia en las fuentes historiográficas medievales», *II Congreso Hispánico de Latín Medieval* (León, 1998).

En colaboración con F. J. Pérez Rodríguez publicou *Galicia medieval* (Oleiros, 1995). Entre outras achegas cabe citar tamén «Lo imaginario de la muerte en la documentación gallega de los siglos IX al XI», *El Museo de Pontevedra*, 43 (1988), «Compostela e o fenómeno xacobeo: o estado da cuestión dos estudios históricos», *A Trabe de Ouro*, 38 (Vigo, 1999), ou «Algunhas historias por tratar da Historia Medieval de Galicia», *Historia das historias de Galicia*; ed. Isidro Dubert (Vigo, 2016).

É co-autor, con A. López Carreira, do libro *O reino medieval de Galicia: crónica dunha desmemoria*, Premio Losada Diéguez de Ensaio no 2020.

Carlos Baliñas Pérez

Nacido en León en 1961.

Licenciado en Xeografía e Historia (1984) e Doutor en Historia (1990) pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou estudos posdoutorais no Reino Unido e foi *British Academy Visiting Professor* na Universidade de Birmingham. Dende 1999 é Profesor Titular de Historia Medieval da USC, con destino na Facultade de Humanidades de Lugo.

O seu campo de investigación prioritario é a Historia Social da Galicia Altomedieval (anos 700-1100), tendo como liñas subsidiarias o estudo da paisaxe histórica, a proxección social do urbanismo medieval na cidade de Lugo e as orixes do artellamento territorial de Galicia.

É autor dos libros *Defensores e Traditores: un modelo de relación entre poder monárquico e oligarquía na Galicia altomedieval (718-1037)*(1988); *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII e IX)* (1992); e *Gallegos del año Mil* (1998).

Así mesmo, é co-editor da colección de estudos *SubUrbem: Historia, sociedade e cultura da cidade* (2012).

Ten publicados preto de trinta artigos sobre temas da súa investigación en galego, castelán e inglés en revistas e obras de conxunto nacionais e internacionais, así como traducións de obras históricas do inglés ao español.

É *Corresponding Editor* para a Península Ibérica da revista especializada *Early Medieval Europe* e asesor científico para diversas publicacións académicas. É Socio de Número da «Sociedad Española de Estudios Medievales». Entre os anos 2007 e 2017 foi vogal da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico de Lugo da Xunta de Galicia en representación da USC.

Mariña Bermúdez Beloso

Licenciada en Historia Medieval, foi investigadora posdoutoral na USC. Actualmente é profesora na Universidad de Valladolid. A súa tese de doutoramento, defendida no ano 2017 na USC e co título *O espazo do occidente peninsular e a súa organización territorial (ca. 700-ca.1250)*, céntrase no estudo do territorio do noroccidente peninsular, principalmente o galego, durante os séculos centrais da Idade Media. Continuou con esta liña de investigación no seu proceso posdoutoral, con especial atención á cartografía.

É membro do grupo de investigación «Scripta. Escritura, pensamento e sociedade» da USC, e colaboradora externa do proxecto CODOLGA (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Ten participado en distintos proxectos tanto do ámbito autonómico como nacional, e realizou estadías de investigación en Portugal (Universidade do Porto), Austria (Institute for Medieval Research, Austrian Academy of Sciences) e en Inglaterra (University of Birmingham).

Entre as súas publicación destaca a monografía '*Ad tudensem ecclesias que in vicio sunt*': *a organización do espazo da antiga diocese de Tui ao Norte do Miño* (Valga, 2018) e os artigos «Presares: comitatum, commisso, territorio? Dimensión documental e espacial dun topónimo abandonado» (2019), «Una cartografía para los once condados de la diócesis de Lugo: hacia una nueva aproximación al 'Parrochiale Suevum'» (2020, coautoría con Luis M. Ibáñez Beltrán) e «Alfonso X e a organización do espazo galego: o final dos tenentes?» (2021).

No ano 2022 creou a páxina web *Cartografando a Galiza medieval*, na que presenta un mapa interactivo cos resultados provisionais da reconstrución da organización do territorio galego na Idade Media (https://mapagaliza-medieval.wixsite.com/cartografando-a-gali).

Mercedes Brea

Doutora e catedrática xubilada de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Desempeñou varios cargos académicos nesta universidade, entre eles os de Directora do Servizo de Publicacións, Vicerreitora de Profesorado e Decana da Facultade de Filoloxía. Coordinou o Máster e o Programa de Doutoramento en *Estudos Medievais*. Dirixiu a Escola de Doutoramento en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, e coordinou o grupo de investigación GI-1350 da USC, ademais da *Rede de estudos medievais interdisciplinares,* subvencionados ambos pola Xunta de Galicia.

Dirixiu unha decena de proxectos de investigación do Plan Nacional, e varios de carácter autonómico, ademais do proxecto *Lírica galego-portuguesa,* que se desenvolve no CRPIH (codirixido desde 2014 pola Prof.ª Pilar Lorenzo Gradín) e cuxos principais resultados son as bases de datos *MedDB, BiRMED* e *PalMed*, que poden ser consultadas libremente en www.cirp.gal.

Organizou varios congresos internacionais e dirixiu (ou codirixiu) máis de quince teses doutorais. Tamén editou ou coeditou varios volumes misceláneos sobre temas diversos de literatura medieval.

Formou parte de numerosos comités de avaliación (de docencia e de investigación) nacionais e autonómicos, e presidiu algúns deles. Colaborou tamén con axencias de avaliación doutras comunidades autónomas e doutros países, e forma parte do comité científico de moitas revistas da súa especialidade.

As súas liñas de investigación máis destacadas son, por orde cronolóxica: a) procedementos de formación de palabras, b) morfosintaxe románica, c) literatura románica medieval. Esta ocupa un lugar prioritario nas últimas décadas, nas que se ocupou, de maneira particular, de lírica trovado-

resca, e, en menor medida, das *CSM*, narrativa breve…
A curto e medio prazo, os seus obxectivos están relacionados coas bases de datos da lírica galego-portuguesa. Entre as súas publicacións máis recentes cómpre destacar, en coautoría con A. Fdez. Guiadanes e G. Pérez Barcala, *As anotacións de Angelo Colocci nos cancioneiros galego-portugueses* (http://www.cirp.gal/publicacions/pub-0552.html).

Alexandra Cabana Outeiro

Nacida en Cangas de Morrazo en 1975, é luguesa de crianza e no rural de Lugo segue vivindo actualmente.
Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde tamén se doutorou en 2003, é especialista en paleografía e historia medieval.
A súa tese de doutoramento centrouse na edición do *Tombo H* da Catedral de Santiago, da que unha primeira parte obtivo o Premio Ferro Couselo de Investigación en 2001.
A focalización a prol do encontro entre as perspectivas historiográficas e filolóxicas levouna a formar parte do equipo do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) de 2003 a 2006, e da Comisión Técnica de Gallaeciae Monumenta Historica (CCG) desde 2019, dentro da que elaborou a compilación *Fontes editadas para a Historia Medieval de Galicia. Os últimos vinte e cinco anos (1986-2011)*.
Implicada activamente na divulgación da historia e do patrimonio cultural, foi vicepresidenta da Asociación Galega de Historiadores (AGH) e fundadora e coordinadora de *Murguía. Revista Galega de Historia*, na que ten publicado varios artigos sobre patrimonio e lingua galega na Idade Media, ademais doutras achegas. Colaborou con distintas empresas e organismos na organización de exposicións, elaboración de guías e roteiros, destacando a súa *Guía da Provincia de Lugo* en coautoría con Darío Xohán Cabana ou a exposición e publicación *250 anos das Feiras do San Froilán* coa empresa DeHistoria.
Catedrática de Ensino Secundario, exerce como profesora de Xeografía, Historia e Arte no IES da Terra Chá (Castro Ribeiras de Lea), facendo fincapé na dinamización lingüística e na interdisciplinariedade e transversalidade, ademais de na divulgación e conservación do patrimonio. Destaca tamén a súa experiencia na xestión de centros educativos e bibliotecas escolares, sobre o que ten tratado en distintos artigos e relatorios en encontros, congresos e actividades de formación do profesorado.

Pablo C. Díaz

Doutor e Catedrático de Historia Antiga na Universidade de Salamanca, centrou as súas investigacións no ámbito do período tardo-antigo. As súas investigacións máis recentes dirixíronse aos procesos de adaptabilidade institucional de suevos e visigodos, a continuidade ou ruptura nas formas de explotación do territorio, o papel social e institucional das distintas formas do monacato peninsular, ou a resposta das comunidades campesiñas fronte ás formas dominantes no contorno.
Coordinador do grupo de investigación *Antigüedad Tardía y Alta Edad Media en Hispania (ATAHEMIS)*, participou en numerosos proxectos que centraron a súa antención no noroeste ibérico. Froito dese traballo son numerosos estudos en relación coa *Gallaecia* tardo-antiga, entre os máis recentes: «Bárbaros, romanos y la conformación de identidades provinciales en el siglo V: el caso de *Gallaecia*» (in *Le identità regionali nell'impero tardoantico*, Milano, 2019) ou «Toribio de Astorga y sus corresponsales. Argumentos dogmáticos y control jerárquico», *Gerion* 39-2 (2021), así como o traballo de conxunto *El reino suevo (411-585)*, Madrid, 2011.

Simon R. Doubleday

É profesor de historia na Universidade Hofstra, en Nova York. Licenciouse na Universidade de Cambridge (Inglaterra) e doutorouse na Universidade de Harvard (Estados Unidos), onde estudou co profesor Thomas Bisson. Entre os seus libros destacan *The Lara Family: Crown and Nobility in Medieval Spain* (2001), traducido ao castelán co título *Los Lara: nobleza y monarquía en la España Medieval* (2004), e unha biografía cultural de Afonso X, titulada *The Wise King: A Christian Prince, Muslim Spain and the Birth of the Renaissance* (2015). As súas investigacións enfócanse cada vez máis na importancia da Galicia medieval, dentro e fóra da península ibérica, e nestes momentos está a rematar (en colaboración co historiador Bernard F. Reilly) un libro titulado *The Kingdom of León-Galicia in the reigns of King Fernando I and Queen Sancha*, que se vai publicar na University of Pennsylvania Press. Co profesor José Miguel Andrade Cernadas coeditou o libro *Galicia no tempo de Afonso X* (Consello da Cultura Galega, 2021), e co profesor Henrique Monteagudo está a editar un número especial do *Journal of Medieval Iberian Studies* sobre o tema «Galicia Medieval: beyond the Camiño» (2022). Cabe citar tamén os libros *Why the Middle Ages Matter: Medieval Light on Modern Injustice*; *In the Light of Medieval Spain: Islam, the West, and the Relevance of the Past;* e *Border Interrogations: Questioning Spanish Frontiers*. Foi o fundador da revista académica *Journal of Medieval Iberian Studies*, e presidente da Academia Americana de Historiadores de Investigación da España Medieval. Recibiu subvencións de organizacións tales coma a National Endowment for the Humanities, e da John Simon Guggenheim.

Martín Fernández Calo

Licenciado e doutor en Historia, autor de varios libros e numerosos artigos centrados sobre todo na historia antiga galega e nas súas institucións socio-políticas. Desenvolveu a súa actividade profesional relacionada coa súa formación como bolseiro do Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra e no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, así como de profesor de Ensino Secundario en varios institutos públicos galegos. Entre a súa obra académica destaca a monografía *Callaici principes: os soberanos da Galiza castrexa*, galardoada no 2019 co XII Premio de Ensaio «Manuel Murguía» e a súa tese de doutoramento *Xenealoxía do poder local galaio na Antigüidade*, lida e cualificada con sobresaliente *cum laude* na Universidade de Santiago de Compostela no 2020.

Carlos Andrés González Paz

Alcanzou o grao académico de especialista en Historia Medieval na Universidade do Porto e o de doutor en Historia Medieval na Universidade de Santiago de Compostela. É investigador no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, centro mixto do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e da Xunta de Galicia. Ademais, é investigador asociado do Centro de Estudos de Historia da Cidade da Universidade de Santiago de Compostela, así como investigador colaborador do Centro de Investigação Transdisciplinar «Cultura, Espaço e Memória» da Universidade do Porto.

As súas liñas de investigación céntranse na organización socioeconómica da paisaxe medieval do antigo reino de Galicia, na historia social das mulleres na Galicia medieval e no fenómeno histórico da peregrinación, con especial atención ao Camiño de Santiago. Neste sentido, entre as súas últimas achegas, poderían relacionarse *O bispado de Mondoñedo na Idade Media: territorio, comunidade e poder*, 2 vols., Santiago de Compostela: CSIC, 2020, ou

Alberto Lago Villaverde

Redondelán transplantado a Pontevedra. Nacido en 1964.

Diplomado en Maxisterio na Escola de Pontevedra e Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, na especialidade de Historia Medieval.

Profesor de Ensino Secundario, actualmente no IES Xunqueira I de Pontevedra.

Membro da asociación cultural Maio Longo e da Asociación Galega de Historiadores.

Membro fundador de *Murguía, Revista Galega de Historia*, na que colaborou principalmente con recensions de libros.

Autor, xunto con Henrique Egea, da columna «A Torre de Trezenzonio», que se publicou en *Sermos Galiza* de 2015 a primeiros de 2017. Tamén con Henrique Egea, a parte de historia medieval do libro *40 datas que fizeram a história da Galiza* (Ed. Através, 2019). Ten publicados dous papeis de investigación sobre os celtas en Galicia, na revista *Murguía*, así como o ensaio «Uma fundação exitosa» no libro colectivo: *Estudos sobre o foro de Pontevedra* (Concello de Pontevedra, 2019).

Xosé Carlos López Bernárdez

Nacido en Vigo en 1958, é historiador da arte, ensaísta de temas artísticos e literarios e comisario de exposicións. Desenvolve a crítica de arte nos suplementos «Faro da cultura» do *Faro de Vigo* e en *Sermos* de *Nós Diario*.

No ámbito da análise cultural mantén dúas liñas de traballo, unha dedicada á literatura galega e outra centrada na historia da arte, orientada á construción de análises sobre arte galega que supoñan unha descentralización dos relatos-ruptura do esquema centro/periferia.

Entre os seus libros están *Bestiario en pedra. Animais fantásticos na arte medieval galega*, en colaboración con X. R. Mariño Ferro (NigraTrea, 2004); *Breve historia da arte galega* (NigraTrea, 2005); *Maruja Mallo, a pintura da nova muller* (NigraTrea, 2010); *Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane* (Ed. NigraTrea, Vigo, 2011); *Un pintor que sabía o que facía. Achegas á obra pictórica de Luís Seoane* (Laiovento, 2016), *Identidade e universalidade. Lecturas de pintura galega* (Laiovento, 2018); *Fronte da arte. A arte galega no contexto europeo dos anos trinta* (Laiovento, 2020); e *Unha historia da arte galega* (Laiovento, 2023).

No ámbito dos estudos literarios publicou *De catro a catro de Manuel Antonio* (Do Cumio, 1991); *A emoción da Terra. Poesía de Vicente Risco* (Espiral Maior, 1994); *Cincuenta anos de poesía galega II* (Penta, 1994); *Romanceiro en lingua galega*, con X. R. Mariño (Xerais, 2002); *Lorenzo Varela, vida e obra* (Xerais, 2005)

e as edicións da *Poesía galega* de Lorenzo Varela (Xerais, 1990); *Fírgoas* de Manuel Luís Acuña, en colaboración con R. Nicolás (Xerais, 1992); *Obra dramática* de Ramón Cabanillas, con M. Vieites (Xerais, 1996); *A pega rabilonga. Os ruíns* de X. M. Álvarez Blázquez (Galaxia, 2008) e *Samos* de Ramón Cabanillas (Xerais, 2009). É coautor do volume *Literatura galega. Século XX* (A Nosa Terra, 2001).

Anselmo López Carreira

Nacido en Vigo en 1951, licenciouse en Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela en 1976 e doutorouse na mesma Universidade en 1994. Foi Catedrático de Ensino Secundario en varios institutos e Profesor-Titor na UNED-Ourense, así como "Doutor Vinculado" ao Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento»-CSIC.

Campos de investigación e publicacións:

- **sociedade urbana baixomedieval**: *A cidade de Ourense no século XV*, Ourense, 1998; *A cidade medieval galega*, Vigo, 1999; *Cangas na Idade Media. Estudio e documentación*, Cangas, 1999.
- **edición de fontes documentais**: *Os Irmandiños: textos, documentos e bibliografía*, Vigo, 1991; *Padróns de Ourense do século XV*, Santiago, 1995; *O pleito das fortalezas de Ourense, 1455-1456*, Ourense, 1998; *Libro de Notas de Álvaro Afonso. Ourense, 1434*, Santiago, 2000; *Libro de protocolos de Xoán García, notario de Ourense*, Madrid, 2007; *Documentos do Arquivo da Catedral de Ourense (1289-1399)*, Santiago, 2017.
- **reino medieval de Galicia**: *Os reis de Galicia*, Vigo, 2003; *O reino medieval de Galicia*, Vigo, 2005; *O Reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria*, Vigo, 2020 (en colaboración con X. M. Andrade), distinguido co Premio Losada Diéguez.
- **manuais de historia de Galicia**: *Historia de Galicia*, Vigo, 2013) e participación nas obras colectivas *Historia de Galicia*, 1979 e 1991.
- outras: *O Miño, un caudal de historia*, Vigo, 2015; *Arte e escritura na Galicia medieval*, Vigo, 2019.

Ademais de numerosos artigos, capítulos en obras colectivas, relatorios en revistas, cursos e congresos, e colaboración en programas divulgativos da radio e televisión galegas, coordinou cursos universitarios da UNED e da Universidade de Vigo, o Iº e o IIº Simposio de Historia en Terra de Lemos (Monforte de Lemos, 2007 e 2008), e comisariou a exposición *Da Terra de Lemos ao Reino de Galicia*, inaugurada en Ourense en febreiro de 2009.

Antón Xosé Meilán García

Nacido en Mondoñedo en 1950, é profesor emérito da Universidad de Oviedo, onde se licenciou coa tesina *Arcaísmo y conservadurismo lingüístico en el Concejo de Castropol* (1980) e se doutorou coa tese *La oración simple y compleja en la prosa castellana del siglo XV* (1989).

Entre outros traballos ten publicado: *O «mito» do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura* (Asociación Cultural «O mundo de Galea», A Mariña Lucense, El Progreso, 2004), «A orixe e o desenvolvemento do mito de Pardo de Cela ata o século XX», en *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo* (Deputación de Lugo, 2006); «O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira» (*Murguía*, *Revista Galega de Historia*, Santiago de Compostela, XIII, 2007), *Os últimos días do Mariscal. O testamento e a Igrexa mindoniense* (Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro, 9, 2019), «Anos de loita na Frouseira e en Caldaloba contra os Reis do Reino de Castela» (*Gaudeamus*, Seniors UVigo-Campus de Pontevedra. Edc. 8.ª, Inverno 2021), *Dona Constanza de Castro toma a fortaleza de Vilaxoán. Loita, resistencia e morte* (Deputación de Lugo, 2021), «O cerco á fortaleza de Vilaxoán: a toma e resistencia de dona Constanza de Castro e Fernán Ares despois de Pardo de

Cela» (*Murguía, Revista Galega de Historia*. Vol. 43-44, 2021).
Participou no ciclo de conferencias *As outras linguas de España e Portugal* coa comunicación «A situación do galego en Asturias» na Universidade de Vigo no 2006, e na de Santiago de Compostela no 2011co traballo «Pardo de Cela: da historia ao mito».

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

Ponteceso (A Coruña), 1952.
Doutor en Historia Medieval pola Universidad Complutense de Madrid (1984), onde exerceu docencia na cátedra de Paleografía e Diplomática. En 1988 ingresou no CSIC e estivo destinado na Institución «Milá i Fontanals» (Barcelona) e máis tarde no Instituto de Historia (Madrid). En 1994 incorporouse como *Científico titular* ao Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS), onde ascendeu sucesivamente a *Investigador científico* (en 2002) e xa por fin a *Profesor de investigación* (en 2008).
As súas liñas de investigación céntranse no ámbito da Historia da Idade Media, particularmente entre os séculos XIII e XV, prestando unha atención específica á historia social do poder (historia política e social dos grupos de poder en Galicia). Cultiva tamén os estudos de Xenealoxía e Heráldica medievais.
Foi investigador principal de preto dunha trintena de proxectos competitivos nacionais e autonómicos, así como de numerosos contratos de investigación.
É autor de máis dun centenar de artigos e dunha vintena de libros e edicións. Entre as súas obras máis coñecidas destaca o *Manual de heráldica española* (1987, Aldaba Ediciones, e 2000, Edimat) e, en relación con Galicia, *Don Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos* (1996, Xunta de Galicia), *Palos, fajas y jaqueles. La fusión de armerías en Galicia durante los siglos XIII al XVI* (1997, Deputación Provincial de Lugo), *Los señores de Galicia* (2000, Fundación Barrié de la Maza), *Don Pedro Álvarez Osorio. Un noble berciano del siglo XV* (2008, Fundación Pedro Álvarez Osorio), *De linajes, parentelas y grupos de poder. Aportaciones a la historia social de la nobleza bajomedieval gallega* (2012, Fundación Cultural de la Nobleza Española) o *Parentesco e identidad en la Galicia medieval* (2016, Cuerpo de la Nobleza del Antiguo Reino de Galicia) e a edición do volume *Mujeres con poder en la Galicia medieval (Siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos* (2017, Anexo 44 de CEG, Editorial CSIC), onde inclúe sesenta biografías da súa autoría. A súa última publicación é *Linajes y armerías en el reino de Galicia (Siglos XIII-XVI)*, Xunta de Galicia, 2022 (edicións en francés, alemán, inglés, español, portugués e galego).
É director do IEGPS, así como vicepresidente do *Comité Español de Ciencias Históricas*, presidente do *Instituto Internacional de Genealogía y Heráldica* e vicepresidente académico da *Confederación Iberoamericana de Genealogía*. É, ademais, membro do *Consello da Cultura Galega* e de diversas comisións asesoras da administración autonómica galega, como a «Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia», da que é vicepresidente.
Por outra parte, é académico de número, entre outras, da *Académie Internationale d'Héraldique,* a *Académie Internationale de Généalogie e* a Real Academia Matritense de Heráldica y Genealogía, así como correspondente en Lugo da Real Academia da Historia e académico de honor ou correspondente en España de máis dunha vintena de institutos e corporacións académicas europeas e americanas.
Foi delegado institucional do CSIC en Galicia (2012-2019) e director da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* e das súas dúas series bibliográficas, «Anejos» y «Monografías», así como responsable da colección «Galicia Histórica», editada pola Fundación Barrié (na actualidade é o responsable da serie bibliográfica *Anejos de Cuadernos Gallegos* e membro dos comités asesores de varias revistas científicas españolas).

Xosé Ramón Pena

Nacido en Betanzos en 1956, se ben desde hai moitos anos ten a súa residencia en Vigo. Licenciado en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutor en Filoloxía Románica pola referida institución.

Foi, ata a súa xubilación, catedrático de Lingua e Literatura galegas no IES «Sta. Irene», Vigo. Igualmente foi profesor na Universidade de Vigo e profesor visitante na Universidade de California (Sta. Barbara). Na actualidade -e desde hai anos- continúa a impartir cursos na UNED.

O seu labor ocupa os espazos do ensaio, a historia da literatura, a prosa de ficción e o xornalismo. No primeiro deles é autor de títulos como *Manuel Antonio e a vangarda* (1996), *Historia da literatura medieval galego-portuguesa* (2002), os catro volumes (2013-2019) da *Historia da literatura galega* ou *Martín Codax e os xograres do mar de Vigo* (2017). Asemade levou a cabo as edicións de *Na noite estrelecida* (1988), *Da terra asoba*llada (1994), *A esmorga* (2001), *No desterro* (2010) e a *Obra poética* de F. Delgado Gurriarán (2022). En colaboración con Manuel Forcadela é autor de *Estudos sobre Os Eoas* (2005) e con X. Mª Dobarro, da edición da *Poesía completa* de R. Cabanillas (2009).

Como narrador, a súa obra comprende, entre outros títulos: *Para despois do adeus* (1987), *A era de Acuario* (1997), *Fado de princesa* (2004), *A batalla do paraíso triste* (2008), *Como en Alxeria* (2012), *Todas as vidas* (2020) e *En tempo de desconto* (2022).

No eido do xornalismo, é colaborador habitual nas páxinas de *Faro de Vigo*, xornal onde dirixiu (2002-2016) o suplemento «Faro da Cultura», no cal segue exercendo como asesor literario.

Ten no seu haber o premio Xerais (1997), o Losada Diéguez (1998 e 2017), o da Crítica Galicia (2015) e o Ramón Cabanillas (2017).

Héitor Picallo

Nado en Cuntis, o 18 de outubro de 1974, é enxeñeiro técnico naval pola UDC, aínda que tamén se dedica á escrita e á ilustración.

Publica en revistas científicas como *Anuarium Sancti Iacobi*, *Boletín de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia*; *Compostellanum*, *Conimbriga*, *Murguía, Museo de Pontevedra*, *Tapa*... Artigos xornalísticos ven a luz n'*A Nosa Terra, Diario de Arousa, Diario de Pontevedra*, *Galicia Confidencial*, *Galicia Hoxe*, *Luzes*, *Nós Diario*, *Sermos Galiza*, *Terra e Tempo*... Por algúns deles é recoñecido cos premios de xornalismo Máximo Sar (2005) e Reimóndez Portela (2012).

Ademais de inmiscirse na literatura infantil, é autor dos ensaios: *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo Galego* (2008), *Coa lingua na terra* (2013), *Cuntis na época romana* (2016), *No medievo, castañas e castiñeiros como recursos económicos* (2018), *As Letras Galegas en Caricatura* (2020) e *O escudo do Reino da Galiza: unha (re)visión (inter) nacional* (2021). Foi comisario de *O Castro tamén na orixe da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (2020).

No eido das artes plásticas, expón en institucións como o Museo de Pontevedra, San Martiño Pinario e o MUPEGA (ambos en Compostela), o MOME (A Estrada), o Museo Valle-Inclán (A Pobra), os Museos de Artes do Gravado e Lustres Rivas (ambos en Ribeira), Museo da Guarda (Portugal), Museo Manuel Torres (Marín), Museo do Mar de Galicia (Vigo), etc. Neste último colabora na mostra *O Pergamiño Vindel* (outubro 2017 – marzo 2018).

Debuxos arqueolóxicos seus aparecen en publicacións como *Románico: Revista de Arte de Amigos del Románico*, obras internacionais como *Priscillians Vermächtnis auf dem Sternenweg* (2017) de Ralf Pochadt e en libros específicos do Museo Valle-Inclán (A Pobra), institución que conserva 44 pezas orixinais del.

Algunhas das súas composicións sobre autores das Letras Galegas foron portada nos xornais *Galicia Hoxe* e *El Correo Gallego*.

Pegerto Saavedra

Doutor e Catedrático de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela.

Principais liñas de investigación: O mundo rural galego, 1480-1860. Demografía, economía, sociedade, cultura.

Ducia e media de libros, entre eles *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo* (Madrid, 1985); *A Facenda real na Galicia do Antigo Réxime* (Santiago, 1993); *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen* (Barcelona, 1994; versión máis breve en galego de 1992); *Das casas de morada ó monte comunal* (Santiago 1998); *Señoríos y comunidades campesinas en la España del Antiguo Régimen* (A Coruña, 2003); *O Antigo Réxime. Sociedade, Política e Cultura* (5 vols. dentro de la colección *A Gran Historia de Galicia,* La Voz de Galicia, 2007); *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e control do territorio na Galicia Moderna* (A Coruña, Real Academia Galega, 2013); *La opulencia de los hijos de san Berndardo. El Císter en Galicia, c. 1480-1835* (Zaragoza, 2021). É tamén editor (ou coeditor) de varias obras, por exemplo *Señores y campesinos en la península Ibérica, siglos XVIII-XX* (Barcelona, Crítica, 1991, 2 vols., con Ramón Villares), e autor de numerosos artigos en revistas especializadas de varios países e colaboracións en obras colectivas.

Investigador Principal en catorce proxectos e contratos, e director ou codirector dunha ducia de **Teses de doutoramento**. Pertence a varias institucións culturais, entre elas á **Real Academia Galega**.

Jaume Sobrequés i Callicó

Nacido en Girona en 1943, é fillo do tamén historiador Santiago Sobrequés i Vidal.

Licenciado (1965) e doutorado (1970) en Historia na Universitat de Barcelona, na que foi profesor de Historia Medieval desde 1966, pasou posteriormente á Universitat Autònoma de Barcelona, onde é catedrático de Història de Catalunya.

Desde 1969 foi conservador do Institut Municipal d'Història de Barcelona, director (1981-84) e coordinador do Plan de Museus de l'Ajuntament de Barcelona (1984-87). En 2000 foi nomeado director do Museu d'Història de Catalunya, no 2009 reitor da Universitat Catalana d'Estiu, no 2012 director do Centre d'Història Contemporània de Catalunya, e forma parte da xunta directiva do Institut Català de Cooperació Iberoamericana.

Entre os seus libros pódense citar: *La Revolució de Setembre i la premsa humorística catalana* (1965), *La guerra civil catalana del segle XV* (1973, en colaboración co seu pai), *El rei Jaume I i la Renaixença als Països Catalans* (1981), *Catalunya* (1981, en colaboración con L.M. de Puig), *El pacticisme a Catalunya (1982),* o estudo documental en tres volumes *L'Estatut de Catalunya 1979* (1982, en colaboración con Sebastià Riera), *Els catalans en els orígens històrics de Califòrnia* (1991), *Cartes creuades* (1998, con Jaume Camps), *Antoni Rovira i Virgili. Història i pensament* (premio de ensaio Carles Rahola 2000), a edición das cartas do seu pai *Itinerari de guerra i de postguerra d'un soldat republicà d'un exèrcit vençut. Epistolari de Santiago Sobrequés i Vidal des del front de l'est i des del camp de concentració de Santander*, 1938-1939 (2000), *La fi del silenci. La recuperació de la Generalitat i el retorn de Tarradellas* (2002), *1941. Un opositor català durant el franquisme* (2004), *Manual d'autonomia. Textos per a la reforma de l'Estatut de Catalunya* (2003, con Mercè Morales), *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo* (2003, con Carme Molinero e Margarida Sala), *Joan Margarit i Pau. La tràgica fi de l'Edat Mitjana a Catalunya* (2006),

Història de Catalunya (2007), *Història de Barcelona* (2008), *La Generalitat a l'exili* (2008, con Mercè Morales), *Hug Roger III. Epistolari de guerra i exili del darrer Comte de Pallars 1451-1500* (2008, con Ramon Sarobe), *L'Estatut de la Transició* (2010) e *Catalunya, un país modern. Quan s'afermà la identitat nacional al segle XV* (2019). Tamén realizou varios traballos sobre a historia do FC Barcelona.

Dirixiu a parte da *Història nacional de Catalunya (1976-84)* de Rovira i Virgili e a *Història de Barcelona*, en oito volumes, publicada en 1991-2001 pola Enciclopèdia Catalana. Funda as editoriais Base (1973), que ten editado importantes obras históricas catalás en facsímile, e Undarius (1976), que publicou libros de historia contemporánea de Cataluña.

É membro da xunta directiva do Futbol Club Barcelona (1993-2000), na que foi vicepresidente da Comissió de Cultura i Museu (1993-98) e presidente da Comissió de Cultura (1998-2000).

Electo senador por Girona por l'Entesa dels Catalans (1977) e por Nova Entesa (1979); foi deputado (1988-95) no Parlament de Catalunya polo Partit dels Socialistes de Catalunya, partido do que se desliga en 2010 e do que formaba parte da comisión executiva dende 1984. Decantándose polo independentismo, publicou o ensaio político *Cap a la llibertat. La llarga marxa de Catalunya cap a la independència* (2013).

En 2008 recibiu a Creu de Sant Jordi.

Ramón Yzquierdo Peiró

Nacido en Santiago de Compostela en 1972.

No ano 2009 foi designado Director Técnico do Museo Catedral de Santiago, cargo que desenvolve na actualidade. Previamente, desde 2004, era Conservador desta mesma institución, hoxe xestionada pola Fundación Catedral de Santiago, coa que levaba colaborando de maneira estreita desde tempo antes.

É Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, cunha tese centrada no estudo das coleccións artísticas da catedral de Santiago, dirixida polo Catedrático José Manuel García Iglesias, que obtivo a máxima cualificación por parte do tribunal. Así mesmo, é Licenciado en Xeografía e Historia, na especialidade de Historia da Arte, pola mesma Universidade; Máster en Xestión e Conservación de Bens Culturais pola Universidade da Coruña; Experto universitario en Interpretación ambiental e do patrimonio cultural polas Universidades Oberta de Catalunya e das Illes Balears; e Especialista en conservación de Bens Culturais polo Instituto do Patrimonio Histórico Español (Ministerio de Cultura).

Completou a súa formación en museoloxía, xestión e conservación do patrimonio cultural con bolsas de especialización e investigación do Ministerio de Cultura, da Xunta de Galicia e da Deputación provincial da Coruña.

Realiza boa parte do seu traballo no ámbito do desenvolvemento de proxectos museísticos e exposicións temporais. Neste apartado, entre outras mostras destacadas, foi Comisario e director de edición do catálogo da exposición *Mestre Mateo*, celebrada entre os anos 2016 e 2018 no Museo Nacional do Prado e no Museo Catedral de Santiago.

A súa actividade investigadora céntrase fundamentalmente no estudo dos fondos artísticos da catedral, en particular do proxecto mateano e da colección de tapices, sendo autor de numerosas publicacións, artigos científicos e divulgativos, capítulos de libros e monografías

Deputación
DA CORUÑA